ORZAMENTOS 2022

MEMORIA **TOMO II**

VOLUME 1

XUNTA DE GALICIA

MEMORIA

TOMO II VOLUME 1

Contido

I. PRESIDENCIA DA XUNTA DE GALICIA 7

II. VICEPRESIDENCIA 1ª E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO 99

III. VICEPRESIDENCIA 2ª E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN 297

IV. CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA 441

PRESIDENCIA DA XUNTA DE GALICIA

SECCIÓN 04

I. ESTRUTURA ORGÁNICA E COMPETENCIAS

I.1. ESTRUTURA ORGÁNICA

O Decreto 129/2020, do 17 de decembro, establece os órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia.

No seu artigo único disponse que dependerán funcionalmente da Presidencia da Xunta de Galicia e organicamente da Vicepresidencia primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo os seguintes órganos superiores:

- Secretaría Xeral da Presidencia, á que está adscrita a Dirección Xeral do Gabinete da Presidencia.
- Secretaría Xeral de Medios, á que está adscrita a Dirección Xeral de Comunicación.
- Secretaría Xeral da Emigración.
- Secretaría Xeral para o Deporte.

Queda adscrita á Presidencia da Xunta de Galicia a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, de conformidade co disposto no Decreto 252/2011, do 15 de decembro.

O desenvolvemento desta estrutura orgánica lévase a cabo a través do Decreto 109/2021, do 15 de xullo, publicado no Diario Oficial de Galicia, núm. 135, do 16 de xullo de 2021.

Tamén están adscritas aos órganos superiores dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia, as seguintes entidades do sector público: a Sociedade Anónima Redes de Telecomunicacións Galegas - Retegal (adscrita á Amtega) e a Fundación Deporte Galego (adscrita á Secretaría Xeral para o Deporte); e os seguintes órganos colexiados:

- O Consello Asesor de Telecomunicacións e Audiovisual de Galicia, adscrito á Secretaría Xeral de Medios.
- O Consello de Comunidades Galegas, adscrito á Secretaría Xeral da Emigración.
- O Comité Galego de Xustiza Deportiva, a Comisión Galega de Control da Violencia, a Comisión Galega de Prevención e Represión da Dopaxe e a Comisión Galega de Avaliación do Alto Nivel Deportivo, do Alto Rendemento Deportivo e do Rendemento Deportivo de Base, adscritos á Secretaría Xeral para o Deporte.

I.2. COMPETENCIAS

I.2.1. DA CONSELLERÍA

As funcións dos órganos superiores da Presidencia da Xunta de Galicia, segundo o establecido no Decreto 109/2021, do 15 de xullo, son as que se indican a seguir:

SECRETARÍA XERAL DE PRESIDENCIA

Correspóndelle o apoio e asesoramento técnico á Presidencia da Xunta de Galicia, para o que, nos asuntos xerais, actuará como órgano de comunicación coas consellerías, entidades e organismos que teñan relación coa Presidencia.

Asume, igualmente, funcións de coordinación dos órganos adscritos á Secretaría Xeral da Presidencia, sinalados no artigo único, letra a), punto 1 do Decreto 129/2020, do 17 de decembro, das actividades do Departamento de Protocolo e Relacións Públicas da Presidencia da Xunta e da Casa de Galicia en Madrid, dos asuntos administrativos xerais da Presidencia da Xunta e da elaboración dos seus orzamentos.

A esta secretaría xeral está adscrita a Dirección Xeral do Gabinete da Presidencia, que exercerá funcións de asesoramento, asistencia e apoio directo á persoa titular da Presidencia, tanto de índole política, destacando a preparación das súas intervencións no Parlamento de Galicia, como de índole técnica, para o que poderá solicitar e sistematizar información acerca das iniciativas, programas, plans e actividades das consellerías para facilitar a coordinación da acción do goberno.

SECRETARÍA XERAL DE MEDIOS

É o órgano superior encargado de executar a política xeral da Xunta de Galicia en materia de medios de comunicación e audiovisual. No marco desa competencia xeral exercerá as funcións de divulgación da acción institucional da Xunta de Galicia e da Presidencia; a xestión das competencias da Xunta de Galicia en materia de medios de comunicación social, comunicación audiovisual e as referidas á publicidade recollidas no Estatuto de Autonomía de Galicia; a coordinación da política de imaxe e publicidade institucional da Xunta de Galicia; a dotación de infraestruturas no ámbito da comunicación e a implantación de redes propias de comunicación audiovisual, radiofónica e televisiva para a prestación de servizos que sexan competencia da comunidade autónoma e o desenvolvemento da normativa referente á comunicación social e á publicidade.

A esta secretaría xeral está adscrita a Dirección Xeral de Comunicación, á que lle corresponde a supervisión e coordinación da política informativa e de comunicación da Xunta de Galicia; a relación cos medios informativos en todas as materias de comunicación que afecten á Presidencia da Xunta de Galicia, así como a coordinación da comunicación interdepartamental

da Administración xeral da Comunidade Autónoma e das entidades instrumentais integrantes do sector público autonómico.

SECRETARÍA XERAL DA EMIGRACIÓN

Correspóndenlle as competencias en materia de relacións coas comunidades galegas no exterior; as políticas de emigración e retorno a Galicia, a representación e participación nos órganos e foros relacionados coas políticas migratorias, a execución das previsións contidas no capítulo V do título II da lei 5/2021, do 2 de febreiro, de impulso demográfico de Galicia, e as previstas na lei 10/2021, do 9 de marzo, reguladora da acción exterior e cooperación para o desenvolvemento de Galicia.

Igualmente, asume as competencias que atribúe ás comunidades autónomas a Lei 40/2006, do 14 de decembro, do Estatuto da cidadanía española no exterior e en xeral, e como órgano superior da Administración da Comunidade Autónoma no ámbito da emigración e do retorno, as recollidas na Lei 7/2013, do 13 de xuño, da galeguidade.

SECRETARÍA XERAL PARA O DEPORTE

Correspóndelle a elaboración, proposta e execución da política do goberno galego en materia de deportes. En particular, ten atribuída a promoción e difusión da actividade física e do deporte, con especial atención á promoción da igualdade entre homes e mulleres; o apoio e promoción das asociacións deportivas galegas; o estudo e planificación das liñas de actuación no ámbito das infraestruturas deportivas, incluíndo a promoción e a posible execución de infraestruturas de titularidade municipal; a colaboración coas administracións locais e coas entidades deportivas nos ámbitos das infraestruturas e da adquisición de equipamentos; así como a promoción e difusión do deporte galego nos ámbitos supra-autonómicos.

En xeral, e como órgano superior da Administración da comunidade autónoma no ámbito deportivo, correspóndenlle as funcións recollidas na Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia.

I.2.2. DAS AXENCIAS PÚBLICAS AUTONÓMICAS

AXENCIA PARA A MODERNIZACIÓN TECNOLÓXICA DE GALICIA

De acordo co previsto no Decreto 252/2011, do 15 de decembro, ten por obxecto a definición, desenvolvemento e execución dos instrumentos da política da Xunta de Galicia relativa a tecnoloxías da información e comunicacións, así como innovación e desenvolvemento tecnolóxico.

De xeito máis concreto, a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia asume a dirección e xestión de todas as actuacións da Xunta en materia de tecnoloxías da información e as comunicacións; a elaboración, desenvolvemento e execución da estratexia tecnolóxica global do sector público autonómico de Galicia; a promoción da inclusión e execución do despregue das TIC no ámbito da prestación dos servizos públicos; o impulso do desenvolvemento da sociedade da información en Galicia; a planificación e proposta da normativa en materia de tecnoloxías da información e as telecomunicacións; o impulso, xestión e coordinación da Administración electrónica; a consolidación e modernización da infraestrutura TIC da Xunta de Galicia e a planificación e ordenación do mapa de infraestruturas de telecomunicacións de Galicia.

Por outra banda, mediante o Decreto 9/2021, do 21 de xaneiro, que entrou en vigor o día 1 de febreiro de 2021, suprímese o Centro Informático para a Xestión Tributaria, Económico-Financeira e Contable (Cixtec) e modifícase o Decreto 252/2011, do 15 de decembro, polo que se crea a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e se aproban os seus estatutos. Desde a dita data a Amtega asumiu as competencias, as obrigas, os medios persoais e materiais, así como as funcións que correspondían ao Cixtec.

I.2.3. DAS SOCIEDADES MERCANTÍS PÚBLICAS AUTONÓMICAS

CORPORACIÓN RADIO E TELEVISIÓN DE GALICIA, S.A.

A Lei 9/2011, do 9 de novembro, dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia, no seu artigo 2, encomenda á Corporación Radio e Televisión de Galicia, S.A, (en diante Corporación RTVG), a xestión do servizo público de comunicación audiovisual de competencia da Comunidade Autónoma de Galicia.

A Corporación RTVG é unha sociedade mercantil pública autonómica integrada no sector público autonómico con forma de sociedade anónima e con capital participado na súa totalidade pola Comunidade Autónoma de Galicia. A Corporación RTVG goza de autonomía na súa xestión e actúa con independencia funcional respecto do Goberno e da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia.

O servizo público de comunicación audiovisual é un servizo esencial de interese económico xeral que ten por obxecto a produción, edición e difusión dun conxunto posible de canais de radio, de televisión e de servizos de información en liña con programacións diversas e equilibradas para todo tipo de público, que cubrirán os distintos xéneros, destinados a satisfacer as necesidades de información, cultura, educación e entretemento da sociedade, a preservar o pluralismo nos medios de comunicación e a promover o emprego da lingua galega.

Esa función de servizo público comprende a produción de contidos e a edición e difusión de canais xeneralistas e temáticos, así como a oferta de servizos conexos e interactivos.

SOCIEDADE ANÓNIMA REDES DE TELECOMUNICACIÓNS GALEGAS, RETEGAL S.A.

Os estatutos de Retegal, S.A. foron aprobados polo Decreto 58/1997, do 20 de febreiro, que foron modificados posteriormente en diversas ocasiones, publicándose o texto refundido mediante Resolución do 9 de abril de 2013, da Secretaría Xeral Técnica e do Patrimonio da Consellería de Facenda (DOG 78, do 23 de abril de 2013), e modificados finalmente polo acordo do Consello da Xunta de Galicia do 28 de maio de 2015 (DOG 215, do 11 de novembro de 2015).

Segundo estes estatutos, Retegal é unha sociedade mercantil pública autonómica, que ten a consideración de medio propio e servizo técnico da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e das entidades instrumentais do sector público autonómico que teñan así mesmo a consideración de medios propios polo que está obrigada a executar as encomendas ou encargos que aquela e máis estas lle realicen dentro do ámbito do seu obxecto social.

O artigo 2 dos seus estatutos sinala que ten por obxecto a realización de actividades dirixidas á prestación de servizos en materia de telecomunicacións na Comunidade Autónoma de Galicia, para as que obterá os títulos habilitantes que sexan necesarios en cada caso.

En particular, constituirán parte do obxecto social as actividades de promoción, planificación, deseño, construción, conservación, mantemento, dotación de equipamento e explotación, por si mesma ou mediante terceiros, de toda clase de infraestruturas e servizos de telecomunicacións que sexan promovidas pola Comunidade Autónoma de Galicia ou en que esta participe, vinculadas ao ámbito das telecomunicacións. Igualmente, forma parte dese obxecto social a prestación de actividades de consultaría en materia de avaliación, planificación, promoción, adquisición, organización, mantemento, formación, xestión, investigación, control de calidade e, en xeral, calquera materia relacionada co sector das telecomunicacións, especialmente no eido da tecnoloxía das telecomunicacións.

I.2.4. DAS FUNDACIÓNS DO SECTOR PÚBLICO AUTONÓMICO

FUNDACIÓN DEPORTE GALEGO

A Fundación Deporte Galego constituíuse pola Administración autonómica mediante escritura do 5 de maio de 2001, estando clasificada e inscrita no Rexistro Único de Fundacións de Interese Galego.

Segundo o previsto nos seus estatutos, a fundación ten por finalidade a promoción e incentivo do deporte e da actividade física en Galicia, comprendéndose nestes ámbitos tanto as actividades deportivas competitivas, como calquera outras vertentes do eido deportivo e da actividade física, como son o ámbito educacional, a saúde ou, entre outros, os ligados á vertente económica do deporte e ás súas funcións sociais.

Para este desenvolvemento, a fundación poderá levar a cabo, entre outras, actividades de colaboración coas administracións e con institucións e entidades, públicas e privadas; organización e/ou apoio de eventos deportivos e outras actividades e accións relacionadas cos seus fins; fomento da actividade física e do deporte base e de alta competición en Galicia; actividades encamiñadas á captación de recursos e ao estímulo do mecenado das entidades e institucións para o apoio do deporte e dos/as deportistas galegos/as; actividades formativas e divulgativas, así como a edición de publicacións e outros soportes informativos, relacionados cos fins fundacionais; patrocinios, outorgamento de becas e concesión de axudas no ámbito dos seus fins; construción e/ou xestión, directa ou indirecta, de instalacións deportivas, públicas e privadas; xestión de instalacións deportivas pertencentes á administración autonómica; así como calquera outra actuación que, directa ou indirectamente, contribúa á mellora da actividade física e do deporte na comunidade autónoma de Galicia.

II. PRINCIPAIS LIÑAS DE ACCIÓN

II.1. DA CONSELLERÍA

1. SECRETARÍA XERAL DA PRESIDENCIA

Como órgano superior de apoio técnico á Presidencia da Xunta de Galicia, correspóndelle, ademais de prestar asistencia e asesoramento técnico á persoa titular da Presidencia da Xunta de Galicia, actuar como órgano de coordinación e comunicación cos órganos adscritos á Presidencia e co resto do sector público autonómico nas materias e asuntos relacionados coa Presidencia, co fin de reforzar a acción coordinada do goberno galego.

2.- SECRETARÍA XERAL DE MEDIOS

A Secretaría Xeral de Medios, durante o ano 2022, en materia de cobertura informativa e apoio á comunicación social (programa de gasto 461A) levará a cabo actuacións referidas aos medios de comunicación social, comunicación audiovisual e publicidade, así como de divulgación da acción institucional da Xunta de Galicia, coordinación e seguimento da identificación corporativa e de coordinación operativa da comunicación interdepartamental.

Como consecuencia da situación provocada pola Covid-19, durante o ano 2021 desenvolveu campañas informativas e de concienciación específicas dirixidas á cidadanía galega. No ano 2022 realizará máis campañas neste ámbito, se fose necesario, sempre en función da evolución e da incidencia da pandemia na comunidade autónoma.

En materia de radiodifusión (programa 461B), levará a cabo actuacións de xestión, planificación, coordinación e asesoramento técnico dos servizos e infraestruturas de telecomunicación da Xunta de Galicia, ampliará e mellorará a infraestrutura de radio e televisión mediante novos investimentos, realizará estudos técnicos e de planificación para obter unha cobertura o máis ampla posible na emisión e recepción de programas de radio e televisión que dependen da Xunta de Galicia, así como aqueles estudos necesarios para o mantemento e a mellora das infraestruturas existentes.

3.- SECRETARÍA XERAL DA EMIGRACIÓN

As atribucións da Secretaría Xeral da Emigración abranguen a atención de persoas e comunidades galegas no exterior e a atención das persoas galegas que retornan a Galicia.

No ano 2022 daráselle prioridade á asistencia sociosanitaria ás persoas galegas residentes no exterior que se atopan en situación de precariedade, dependencia ou risco de exclusión social, especialmente nos países cunha situación de crise agravada pola pandemia do COVID-19. Incidirase no pulo aos programas relacionados coas entidades galegas asentadas fóra de Galicia,

fundamentalmente no relacionado aos gastos de funcionamento que permitan a súa subsistencia, xa que sofren unha importante baixada de ingresos, ao verse forzadas a cesar todas as actividades e tamén as que lles xeraban recursos. Seguiranse apoiando aqueles programas destinados ao desenvolvemento de actividades que lles permiten compartir a vida social, cultural e económica da Comunidade Autónoma de Galicia e facilitar a súa proxección exterior, con especial atención a facilitar o desenvolvemento das actividades telemáticas. Por outra banda, os programas dirixidos á xuventude galega servirán para fortalecer os seus vínculos con Galicia e favorecer a súa incorporación ao tecido asociativo das entidades galegas no exterior. O pulo á participación igualitaria das mulleres na galeguidade tamén segue a ser unha prioridade de actuación.

En canto ao retorno, manterase a liña de bolsas dirixida ás persoas galegas que cursan estudos universitarios, residentes no estranxeiro, ofrecéndolles a posibilidade de adquirir unha especialización académica de máster nunha universidade galega, para ampliar a súa formación e adquirir competencias e habilidades que favorezan a súa inserción laboral e futuro profesional en Galicia. Así mesmo, intensificarase o apoio socio-económico aos retornados a través de axudas económicas que proporcionan un soporte económico no momento da chegada e que se fan aínda máis imprescindibles no momento actual así como as axudas para o fomento do autoemprego e a actividade emprendedora, para contribuír á súa incorporación socio laboral en Galicia. No mesmo eido, a través do desenvolvemento da Oficina Integral de Asesoramento e Seguimento ao Retorno, prestarase unha atención global e unificada ás persoas galegas retornadas e ás súas familias de cara á súa efectiva integración.

4.- SECRETARÍA XERAL PARA O DEPORTE

Seguindo coas liñas marcadas nos últimos exercicios, durante o 2022, as principais liñas de acción da Secretaría Xeral para o Deporte agruparanse en catro grandes áreas.

En primeiro lugar, a explotación das distintas funcionalidades do feito deportivo, con especial referencia á función sanitaria, á educativa e á económica do deporte. Neste contexto, e dende a perspectiva da promoción da saúde, continuarase co desenvolvemento do Plan Galicia Saudable a través de actuacións que dinamicen a práctica da actividade física entre toda a poboación galega, en especial a actividade deportiva na idade escolar. Ademais, fomentarase a actividade física dende un punto de vista sanitario, como elemento preventivo nas enfermidades non transmisibles facilitando a práctica a toda a cidadanía, consolidando as ferramentas TIC.

No ámbito educativo, de forma directa e en colaboración coas entidades deportivas de Galicia, continuarase cos programas de actuación destinados á consolidación da actividade física e o deporte entre os nosos escolares a través das actuacións encadradas na actividade física e deportiva na idade escolar: entre outros, XOGADE ou o Proxecto de Vida Activa e Deportiva (modalidades DAFIS, Milla diaria, Camiña/en bici a escola, Mais e mellor actividade física, etc.).

Na funcionalidade económica do deporte, a Secretaría Xeral para o Deporte potenciará, entre outras, actuacións encamiñadas ao impulso da achega económica do noso sector deporti-

vo á economía galega, especialmente no ámbito do turismo, como son a organización de eventos deportivos.

En segundo lugar, o apoio ao tecido asociativo deportivo galego e aos deportistas. Neste ámbito, destácanse como accións principais o plan de axudas ás federacións, mediante a subscrición de convenios de colaboración, así como o perfeccionamento no control do seu funcionamento; o plan de axudas aos clubs e outras entidades deportivas; o desenvolvemento do deporte de alto nivel e o apoio ou organización de eventos deportivos.

Continuarase coa aposta polos centros deportivos de tecnificación e alto nivel en Galicia -Centro Galego de Tecnificación Deportiva, o Centro de Vela de Vilagarcía e a Pista de Piragüismo de Verducido Complexo Náutico e Campo de Regatas de Verducido-David Cal-, como pezas claves no crecemento da alta competición do deporte de Galicia. Neste punto, desenvolverase o apoio aos núcleos de adestramento deportivo especializado (NADE), elementos novidosos da tecnificación deportiva na Comunidade Autónoma logo da súa creación polo decreto 165/2020, do 17 de setembro, polo que se regula o deporte de alto nivel, de alto rendemento e de rendemento deportivo de base de Galicia.

En terceiro lugar, seguirase co desenvolvemento normativo da Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia.

En cuarto lugar, a mellora da dotación de equipamentos e do mapa de infraestruturas deportivas de Galicia, tanto propias como de terceiros.

Todas estas actuacións serán abordadas dende unha perspectiva que afonde na mellora e optimización da calidade do eido deportivo galego.

II.2. DAS AXENCIAS PÚBLICAS AUTONÓMICAS

AXENCIA PARA A MODERNIZACIÓN TECNOLÓXICA DE GALICIA

A Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, como entidade encargada da definición, desenvolvemento e execución da política tecnolóxica da Xunta de Galicia, exercerá o liderado das funcións de seguimento e avaliación da Estratexia Galicia Dixital 2030, aprobada no Consello da Xunta.

A dita estratexia contempla 7 eixos estratéxicos e un eixo transversal:

E1. GOBERNO E ADMINISTRACIÓN INTELIXENTE: consolidando un goberno dixital, máis eficaz e eficiente que ofreza máis e mellores servizos, baseándose na xeración de valor mediante a xestión intelixente dos datos. Informando e comunicando as súas decisións e actuacións baixo un enfoque centrado na cidadanía.

No ámbito da seguridade da información, as liñas de traballo a desenvolver en 2022 estarán aliñadas coa nova Estratexia galega de ciberseguridade 2022-2026, que está actualmente en elaboración, destacando o inicio de prestación de servizos de ciberseguridade máis aló do ámbito autonómico, estendendo un servizo básico ao ámbito da administración local e asesoramento a cidadanía e empresas. Tamén se iniciará a obra do novo Centro de Ciberseguridade de Galicia.

Durante o ano 2022 levarase a cabo un servizo de enxeñería especializada en centros de procesamento de datos, para a redacción do proxecto básico e de execución da obra dun novo CPD corporativo da Xunta de Galicia que permitirá dotar de redundancia aos servizos críticos da Xunta de Galicia.

A modernización dos sistemas que dan soporte ao Sistema Público de Emprego de Galicia coa posta en funcionamento de novas canles de intermediación entre cidadáns, administración e o sector empresarial.

E2. SOCIEDADE DIXITAL E INCLUSIVA: dotando ao conxunto da cidadanía da capacitación dixital necesaria para desenvolverse plenamente con confianza e seguridade no contexto dixital, apoiando a adquisición das competencias dixitais básicas.

Impulsar a transformación do sistema educativo galego a través das TIC, coa consolidación e ampliación do modelo de Educación Dixital galego que permite ao alumnado e profesorado dos centros sostidos con públicos de Galicia aproveitar as posibilidades dun ensino completamente dixital.

E3. ENTORNO DIXITAL PARA A SAÚDE E O BENESTAR SOCIAL: traballando por un entorno intelixente centrado nas persoas e no seu benestar ao longo de todo o ciclo vital a través do uso eficiente das tecnoloxías dixitais para mellorar a saúde e a autonomía persoal, mitigando os riscos para a saúde e a protección da poboación, e reforzando a robustez e sostibilidade dos sistemas e servizos sociosanitarios.

Transformar o modelo de atención sociosanitaria nas residencias de maiores e discapacitados, baseándonos na tecnoloxía e poñendo en valor as lecciónns aprendidas durante o período de pandemia.

E4. TERRITORIO INTELIXENTE, VERDE E RESILIENTE: avanzando cara a un territorio máis sostible, máis verde e resiliente, mellorando a xestión e o coñecemento do territorio para fortalecer a cohesión territorial, a preservación medio ambiental e a acción polo clima, a sostibilidade dos recursos e ecosistemas naturais, a seguridade e a prevención de riscos sociais e ecolóxicos.

Contribuír á dixitalización dos sectores primarios, especialmente o agrogandeiro, o forestal e o pesqueiro potenciando o uso de plataformas dixitais de xestión, venda e trazabilidade dos produtos.

E5. CONECTIVIDADE DIXITAL DO TERRITORIO: asegurando o acceso á conectividade dixital para todos e avanzando na transición cara a un sistema intelixente de transporte e mobilidade conectado, sostible e seguro como factores esenciais para garantir a vertebración económica, social e territorial.

Acadar un transporte público moderno e tecnolóxicamente avanzado, partindo do conseguido co plan eMobility para ofrecer mellores servicios a cidadanía, maior control e información para administración e facilitar a xestión e a eficiencia ás empresas.

Dixitalización do proceso de planeamento urbanístico para convertelo nun proceso normalizado, estruturado, transparente e simplificado.

E6. CULTURA E TURISMO INTELIXENTE: impulsando o uso de tecnoloxías dixitais para o fomento da competitividade do turismo, a dinamización do patrimonio e a produción cultural e a construción dunha identidade cultural máis aló dun ámbito territorial ou temporal determinado.

E7. ECONOMÍA DIXITAL E SOSTIBLE: permitindo mellorar a produtividade, a xeración de novos produtos, servizos e modelos de negocio, e facilitar o cambio cara a unha economía circular, eficiente no uso de recursos e de baixa emisión de carbono.

EIXO TRANSVERSAL: ESPECIALIZACIÓN TECNOLÓXICA: centrándose en reforzar as capacidades e infraestruturas dixitais de Galicia en tecnoloxías disxuntivas (IA, ciberseguridade, intelixencia do dato e 5G) e en garantir o seu amplo uso na economía e a sociedade.

Estas liñas de traballo están en directa relación coa execución do Plan 2021-2023 de posto dixital avanzado do persoal empregado público; co deseño do Plan de Administración e Goberno Dixital: Horizonte2025; co III Plan de Sistemas TIC da Administración de Xustiza en Galicia: Senda2025; co programa de mellora das capacidades e infraestruturas dixitais da AAPP; co Plan de Infraestruturas Dixitais Educativas 21-23 (EDU100); co Modelo dixital de Atención Sociosanitaria Para Residencias de Maiores e Discapacidade en relación ó Plan de Acción 21-23; co Plan de Transporte e Mobilidade dixital e sostible (Plan E-Mobility); coa Estratexia Galega de Intelixencia Artificial 2030; coa posta en marcha do ecosistema GobTech; co Plan para o impulso da Inclusión, Participación e Talento Dixital en Galicia; co Programa de Modernización da Rede CeMIT, co Plan SmartTurismo; coa iniciativa do catálogo colectivo e dixitalización das bibliotecas; co proxecto para a difusión do patrimonio cultural de Galicia Memoria Dixital de Galicia; co desenvolvemento da Plataforma de Territorio Intelixente; e co desenvolvemento do marco galego de competencias dixitais.

II.3. DAS SOCIEDADES MERCANTÍS PÚBLICAS AUTONÓMICAS

SOCIEDADE ANÓNIMA REDES DE TELECOMUNICACIÓN GALEGAS, RETEGAL S.A.

Con carácter xeral e segundo o establecido nos seus Estatutos, os obxectivos xerais de Retegal no ano 2022 tenderán a:

- Manter, ampliar e consolidar a súa posición no mercado nacional e autonómico como operador neutro de servizos de radiodifusión e de infraestruturas (distribución, contribución, aloxamento, planificación, mantementos, etc.).
- Manter, ampliar, renovar e mellorar as infraestruturas existentes, tanto activas como pasivas, para facilitar o acceso á sociedade da información de toda a cidadanía de Galicia, o que tamén redundará nunha mellora, tanto da calidade e continuidade dos servizos que xa vén prestando Retegal, como da eficiencia enerxética co uso de infraestruturas de comunicacións máis eficientes.
- Administrar con eficiencia os recursos xestionados desenvolvendo actuacións que incrementen a eficiencia co obxectivo de chegar a ofrecer servizos máis competitivos, con tarifas transparentes e orientación a custes que derivarán nunha mellora da calidade e accesibilidade dos servizos que se prestan á toda a sociedade galega.
- Na súa condición de medio propio, planificar, executar e operar os encargos previstos así como os que se lle poidan encargar pola Xunta de Galicia, e seguir xestionando servizos en réxime de autoprestación.
- Definir un plan de cambio organizacional que permita adaptar a actual estrutura organizativa ao contexto tecnolóxico actual, e garanta os niveis de calidade e servizo comprometidos cos clientes.

Con carácter máis específico, os obxectivos de Retegal no ano 2022, serán:

1. Servizos de operador neutro de telecomunicacións.

   O posicionamento de Retegal como operador neutro de infraestruturas é acorde coas tendencias de mercado, nas que as estratexias dos operadores de servizos de telecomunicación se orientan ao núcleo do negocio evitando no posible, investimentos en infraestruturas e realizando acordos marcos con operadores de telecomunicacións xestores das mesmas. As infraestruturas e redes que xestiona Retegal, especialmente no eido rural, facilitan a prestación de futuros servizos, reducindo os tempos de implantación, investimentos e custos recorrentes de mantemento e explotación a outros operadores.

   A xestión de infraestruturas de telecomunicación como operador neutro, facilita a implantación de servizos baseados en tecnoloxías móbiles de quinta xeración.

2. Servizos de TDT.

   2.1.- CRTVG.

O obxectivo fundamental de Retegal para o ano 2022, é manter as porcentaxes de cobertura de difusión do sinal do múltiple autonómico de TDT, no que están presentes as dúas canles de TVG, mantendo ademais os actuais niveis de calidade e dispoñibilidade na prestación do servizo.

O Real Decreto 391/2019, do 21 de xuño, polo que se aproba o Plan Técnico Nacional da Televisión Dixital Terrestre e regúlanse determinados aspectos para a liberación do segundo dividendo dixital sendo parte das obrigas da administración estatal, derivadas da Decisión (UE) 2017/899 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de maio de 2017, sobre o uso da banda de frecuencias de 470-790 MHz na Unión, pola que se prevé finalizar o proceso de liberación da banda de 700MHz antes do 30 de xuño de 2020, establece a replanificación das bandas de frecuencias empregadas para as emisións de TDT co obxecto de liberar a banda de 700 Mhz para a prestación de servizos de comunicacións electrónicas de banda larga sen fíos. A devandita replanificación supón que Retegal deba adecuar as canles de emisión do Múltiplex Autonómico de TDT (MAUT) nas provincias de Lugo, Ourense e Pontevedra, cun mínimo de 101 (de 148) centros oficiais de titularidade autonómica afectados.

Estas actuacións non so comprenderon o reaxuste do equipamento de emisión ás novas canles establecidas polo Ministerio, senón tamén se así é requirido polo radiodifusor e coa finalidade de garantir a continuidade da recepción dos servizos á poboación naqueles centros dende os que se preste servizo a máis de cen instalacións de recepción colectiva, emitirase de xeito simultáneo a programación do MAUT polas canles actual e reaxustada.

A devandita emisión simultánea por mor do impacto da COVID-19 na actividade económica, prorrogouse nas provincias de Ourense e Pontevedra por parte do Ministerio ata o 30 de setembro de 2020.

Retegal ao longo do ano 2022 continuará analizando as novas tecnoloxías e funcionalidades neste eido para garantir o acceso por parte da cidadanía aos novos servizos de TV e dotar dunha maior redundancia á rede actual de difusión e servizos asociados.

2.2.- Concesionarios autonómicos.

Retegal presta servizo de difusión ao múltiple autonómico, que está integrado pola TVG (con dúas canles dixitais que emiten en simultaneidade en formatos de alta definición e definición estándar) e por dous concesionarios de xestión privada.

Retegal continuará prestando o servizo de difusión do múltiple con normalidade mantendo a súa responsabilidade na dispoñibilidade dos servizos de difusión.

2.3.- Concesionarios locais.

Prestación dos servizos de difusión a varios múltiples de TDT Local con índices de calidade e continuidade do servizo comprometidos.

2.4.- Cadeas estatais.

Prestación do servizo de transporte e difusión do sinal do múltiple de TVE nos centros contratados pola adxudicataria do contrato. Como consecuencia das actuacións do 2º Dividendo Dixital Retegal acometeu cambios na canle de emisión en 5 dos centros nos que presta servizo e adicionalmente, se así se require polo radiodifusor, emisión simultánea en dous deles.

3. Servizo da Rede Dixital de Emerxencias e Seguridade da Xunta de Galicia (Resgal).

En virtude das encomendas de xestión da Amtega a Retegal, durante o ano 2022 realizaranse as seguintes accións:

- Mantemento e xestión da Rede de comunicacións móbiles dixitais de emerxencia e seguridade de Galicia (Resgal).
- A infraestrutura actual da Resgal foi despregada en varias fases o que obriga a asumir o mantemento da mesma de xeito progresivo e suporá un notable incremento nos custes de mantemento.
- Mellorar e facilitar, no seu caso, as coberturas naquelas micro-áreas nas que sexa preciso, mediante estudos exhaustivos das pegadas de cobertura.
- Mellorar e facilitar, no seu caso, as pegadas de cobertura mediante a execución dos eventuais encargos que se reciban.
- Implantación de novos servizos aos usuarios, que permitirán manter e mellorar o aseguramento de continuidade do servizo e actualizar, ampliar e mellorar as capacidades dos servizos e aplicacións actuais. Entre os servizos de maior valor engadido, destaca a integración de móbiles intelixentes, que permite o acceso de terminais convencionais para o acceso do servizos da rede e integración de conversacións sen necesidade de pasarelas inter-sistema.

Este servizo ten a consideración de fundamental de cara aos vindeiros anos entre todos os prestados por Retegal. Con tal motivo, ao longo do ano 2017 iniciouse unha campaña de potenciación e fomento do coñecemento da Resgal coa finalidade de difundir os seus beneficios entre todas as entidades prestadoras de servizos de emerxencia e de fomentar o coñecemento da mesma por parte da poboación galega. Actuacións que será necesario manter ao longo do ano 2022 entre as entidades prestadoras de servizos de emerxencias que aínda non estean adheridas á rede, así como entre a cidadanía, que debe estar informada das súas vantaxes en materia de seguridade cidadá e por razóns de transparencia.

Retegal, como xestor da rede, deberá seguir fomentando a adhesión de novos organismos á Resgal, todo elo coa finalidade de potenciar e facilitar a coordinación entre os diferentes efectivos de emerxencias que operan en Galicia. A Resgal dispón na actualidade das características técnicas que permiten a devandita coordinación, que require tamén da continua evolución na definición dos procedementos de comunicación, sobre os que Retegal non dispón de competencias.

Tras a posta en servizo e operación das diferentes fases da Rede de Videovixilancia forestal de Galicia, cun total de 60 centros destinados á detección e control da actividade incendiaria, Retegal continuará durante o ano 2022 o despregue e adecuación de 10 novos centros

para continuar incrementando a cobertura do territorio, coa prestación dos servizos de operación en mantemento da Rede que comprende servizos de coubicación, conectividade e xestión da plataforma de control e almacenamento acadando un total de 142 cámaras de videovixilancia.

Adicionalmente e dentro da Rede de Videovixilancia forestal, para mellorar a dispoñibilidade de datos que permitan optimizar a toma de decisións, instalarase unha cámara térmica para acadar a detección de anomalías de temperatura e a detección dinámica de incendios.

De cara a mellorar os procesos operativos asociados a extinción de incendios, ampliarase o piloto de sensorización utilizando novos dispositivos IoT (Internet das Cousas). Os dispositivos actuais que permiten a detección, análise e envío de parámetros atmosféricos que poidan ter afección no desenvolvemento dos incendios forestais (humidade, pluviometría, temperatura, dirección e forza do vento, ...), engadiranse novos sensores para controlar o aforo dos depósitos de auga utilizados no proceso de extinción e para xeoposicionar e identificar movementos anormais do persoal de extinción, para garantir a súa seguridade e integridade en todo o proceso.

4. Servizos de Radiodifusión.
   - Radio Galega. Tras a dixitalización da rede de transporte das catro delegacións e dun 92% dos centros emisores, así como a instalación de sistemas de supervisión, no ano 2022 continuarase co plan de renovación de equipamento de difusión, substituíndo os equipos mais antigos por outros de maior eficiencia enerxética, o que permitirá mellorar os custes de explotación de Retegal.
   - Prestación de servizos a operadores de radiodifusión privados. Retegal dispón das infraestruturas idóneas para cumprir uns elevados obxectivos de cobertura para servizos de Radiodifusión. É previsible que no ano 2022 se poida recibir algunha solicitude por parte dalgún novo cliente adicional.
5. Servizo de transporte e conectividade.

   No ano 2014 Retegal, realizou unha oferta pública para que os operadores que fosen licitadores no concurso público para a prestación dos servizos da Rede Corporativa Xunta de Galicia (RCXG) puidesen empregar as súas infraestruturas e servizos de transporte, oferta que foi subscrita polo adxudicatario da licitación.

   Como consecuencia da nova licitación de servizos de telecomunicacións da Xunta de Galicia e a súa adxudicación a un novo contratista, para o ano 2022 non se prevé a continuidade da meirande parte dos servizos, manténdose parcialmente aqueles servizos albergados nas mesmas instalacións vinculados a outros proxectos, tales como o plan de polígonos empresariais.
6. Adecuación Operativa de Retegal.

   Debe considerarse este un proceso en continuo ciclo de mellora, polo que no ano 2022 Retegal deberá tanto implantar novos procesos e sistemas, como continuar mellorando a súa operativa de xeito permanente coa execución dos proxectos xa iniciados en anos anteriores relativos ao plan de sistemas, e a adecuación de procedementos, indicadores e políticas aos

estándares existentes no mercado en relación a calidade, medio ambiente, prevención de riscos laborais e penais entre outros.

Neste sentido, durante o ano 2022, iniciaranse os traballos para a implantación dunha nova ferramenta de xestión de incidencias da rede que permita optimizar e mellorar os indicadores de calidade comprometidos cos clientes. E no eido financeiro, está previsto implementar un novo sistema de xestión contable e analítica que vai permitir transformar, automatizar e axilizar os procesos contables e financeiros e dispoñer dunha maior información para a toma de decisións estratéxicas e operativas.

Derivado dos traballos de continua adecuación operativa e no marco da mellora continua, Retegal conseguiu entre finais de 2018 e principios de 2019, a ampliación do alcance da ISO9001:2015, así como as ISO14001:2015 de Medio Ambiente e OHSAS18001 de Prevención de Riscos Laborais, certificacións das que non dispoñía ata o ano 2019. Ao longo do ano 2020, foi actualizada a OHSAS18001 á ISO45001:2019.

En 2022 está previsto iniciar os traballos internos necesarios para acadar a Certificación do Esquema Nacional de Seguridade (ENS). Esta certificación resulta necesaria para especificar as medidas de seguridade necesarias para salvagardar os distintos eidos da organización susceptibles de ser atacados. No contexto actual, é imprescindible protexer a información e os datos da organización, de forma que non poida ser interceptada por terceiros, manipulada, inaccesible ou eliminada, entre outras posibles ameazas.

Durante o ano 2022, deberá continuarse coa mellora na eficiencia operativa.

7. Innovación tecnolóxica.

Ao longo do 2022, Retegal continuará colaborando coa Amtega e as diferentes consellerías na implementación de novos servizos e funcionalidades baseadas nas novas tecnoloxías emerxentes, tales como o Internet das Cousas (IoT), Big Data ou a intelixencia artificial.

No eido da Rede de Videovixilancia Forestal de Galicia, derivado da formalización dun convenio de colaboración entre a Consellería do Medio Rural, a Amtega e Retegal, ampliaranse os proxectos piloto iniciados para incorporar novas funcionalidades dixitais ao proceso de vixilancia, tales como a detección temperá de incendios ou a sensorización con novos dispositivos IoT para o control de aforos dos depósitos de auga utilizados no proceso de extinción de incendios ou o xeoposicionamento dos brigadistas que participan nas tarefas de extinción.

O despregue de redes de sensorización avaliarase tamén na contorna urbana, onde se prevé despregar e avaliar ao longo do ano 2022 un piloto baseado na tecnoloxía LoRaWan que permita o despregue de novos servizos IoT nas cidades, tales como os sistemas de detección de intrusión ou a medición e seguimento das condicións de calidade das vivendas.

Ademais da extensión de redes de sensorización, analizarase a aplicabilidade das tecnoloxías de Big Data e Intelixencia Artificial para o procesamento dos datos recollidos polos sensores.

Durante o ano 2016 constituíuse un consorcio entre Amtega, a Universidade de Vigo, a Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental (SXCAA) o Instituto Portugués do Mar e da Atmosfera (IPMA) e Retegal para presentar o proxecto "Fighting Forest Fires Using

Electronic Communication Technologies" ante a Comisión Europea a través da súa Axencia "Executive Agency for Small and Medium-sized Enterprises", para a detección temperá de incendios co emprego de radares meteorolóxicos. Ao longo do trienio 2019-2021, Retegal participou activamente nas diferentes xornadas de difusión e investigación promovidas no ámbito do proxecto conseguido e que lidera a Universidade de Vigo. Entre os resultados derivados do proxecto destaca, entre outros, o desenvolvemento e implantación dunha ferramenta de medida de calidade de rede, e a integración dos diversos dispositivos utilizados na Resgal e probas operativas da ferramenta coa finalidade de caracterizar a cobertura da rede.

Ao longo do 2022 analizarase a aplicabilidade dos resultados obtidos no proxecto no eido do despregue de servizos de IoT.

8. Redes de quinta xeración:

   Coa finalidade de contribuír á implantación e extensión das novas tecnoloxías na Comunidade Autónoma, especialmente no que atinxe ao 5G, Retegal na súa condición de medio propio da Administración Autonómica, seguirá participando activamente nos plans institucionais para o desenvolvemento de novas tecnoloxías.

   A Xunta de Galicia, a través da Amtega, publicou no ano 2018 o Plan Galicia 5G, no que se definen unha serie de medidas (4) para impulsar a implantación das 5G en Galicia. Dentro das medidas 2 e 3 defínese a implantación do Nodo de Cooperación 5G de Galicia que Retegal deberá seguir coordinando ao longo de 2022 e que actúa como punto de confluencia de desenvolvedores e demandantes de solucións 5G. Por outra banda, Retegal ten que seguir coordinando a execución das distintas probas de concepto que se definen no seno do Convenio asinado coa Amtega, Orange, Telefónica e Vodafone.

   Independentemente do anterior, promoverá a participación dos diferentes axentes do sector na elaboración de proxectos piloto para a extensión dos novos servizos da sociedade da información en Galicia.

9. Plan de cambio organizacional:

   Durante o ano 2022, definirase un plan de cambio organizacional para adaptar a estrutura organizativa ao contexto tecnolóxico actual e garantir a continuidade e calidade do servizo, así como a planificación dos recursos necesarios para cubrir as xubilacións do persoal previstas a corto e medio prazo. Ademais de xestionar o coñecemento especializado do persoal de Retegal nos procesos de despregue e explotación de redes de telecomunicacións.

CORPORACIÓN RTVG

A Lei 9/2011, do 9 de novembro, dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia encoméndalle a xestión do servizo público de comunicación audiovisual de competencia da Comunidade Autónoma á Corporación Radio e Televisión de Galicia, S.A.U. (Corporación RTVG).

A provisión do servizo céntrase, entre outros, en cinco grandes eixes da súa misión e funcións que son: a preservación da esencia dos valores fundacionais e o seu acoplamento ás necesidades emerxentes da sociedade actual; a adaptación ás novas demandas e formas de consumo dos cidadáns; a reconversión tecnolóxica e organizativa para atender á converxencia de usos; as necesidades de financiamento e as formas máis eficientes de gobernanza en clave de sostibilidade; e a transparencia na rendición de contas para incrementar a confianza e a credibilidade social dos medios de comunicación audiovisual de Galicia.

En definitiva, trátase de atender, baixo entornos de eficiencia, as áreas seguintes: regulamentación, gobernanza, transparencia, financiamento e innovación, como aspectos fundamentais que caracterizan os retos no ámbito regulamentario, no financiamento, nos modelos de gobernanza, na rendición de contas e a transparencia, na innovación ou na confianza dos cidadáns no servizo audiovisual público.

Para conseguir os fins e ofrecer unha programación que garanta o cumprimento dos obxectivos recollidos na Lei 9/2011, a Corporación RTVG actuará conforme ás liñas estratéxicas de contidos, emisión e produción que se determinan no mandato marco.

a) Liñas de acción en materia de contidos.

A Corporación RTVG mediante a súa identidade Radio Galega e Televisión de Galicia, ofertará aos cidadáns, a través dos distintos medios e soportes tecnolóxicamente adecuados, un número suficiente de canles que diferencien e identifiquen os contidos e o público obxecto ao que se dirixe, en función da dispoñibilidade orzamentaria.

O acceso a esta oferta terá carácter universal e estará presente nos medios ou soportes tecnolóxicos derivados do desenvolvemento da Sociedade da Información.

A Corporación RTVG avanzará cara a unha plataforma que dea servizo á audiencia, ofertando progresivamente contidos interactivos, con especial interese nos protocolos das redes IP, Internet e o uso a través de dispositivos de mobilidade. Esta plataforma actuará como punto de encontro para o intercambio, distribución e difusión de contidos.

Ao fío do exposto, as actuacións a realizar centraranse, entre outras, nas accións seguintes:

- Implantar o proxecto G24, sustentado nunha plataforma de xestión de contidos (CMS) capaz de satisfacer as necesidades informativas da cidadanía.
- Implantar un servizo de plataforma OTT innovador que integre as variables de fidelización, de aumento de cobertura e de negocio como parte dun novo modelo de transformación dixital para a Corporación RTVG.

b) Liñas de acción na área de emisión.

Con soporte nas súas dispoñibilidades orzamentarias, manterá unha emisión de radio e televisión, ademais dun servizo de información en liña, que deberá obedecer ás seguintes liñas estratéxicas:

- As emisións de radio e televisión terán o maior ámbito de cobertura posible dentro do territorio autonómico.
- A Corporación RTVG manterá unha estratexia de presenza de marca nos sistemas de transporte de sinal legalmente previstos para os dispositivos de televisión e radio en mobilidade.

c) Liñas estratéxicas e obxectivos de produción.

A Corporación RTVG fixará os seus obxectivos de produción en atención aos principios de eficiencia, calidade e rendibilidade do servizo prestado, debendo atender, sempre que a dispoñibilidade orzamentaria o permita, as seguintes políticas en materia de contratación de dereitos:

- A programación informativa dos diversos medios e os programas de carácter institucional será realizada e executada cumprindo as liñas estratéxicas de produción, programación e emisión.
- Manterase o nivel de colaboración en aspectos de carácter material ou técnico da cadea de produción co fin de contribuír ao desenvolvemento, dinamización e colaboración co sector audiovisual de Galicia, como establecen e aconsellan as políticas audiovisuais europeas.

A Corporación RTVG para o desenvolvemento e consecución destes obxectivos estratéxicos e da misión de servizo público que ten encomendadas na actualidade, actuando baixo o obxectivo de rendibilidade social e eficiencia económica, pretende desenvolver para o ano 2022 as seguintes actuacións:

- Promover os principios inspiradores da programación sinalados na Lei 9/2011, nomeadamente a promoción e difusión da cultura e lingua galega, así como a defensa da identidade de Galicia.
- Execución operativa das actuacións acollidas no Plan Xeral de Actuación da Corporación.
- Favorecer o desenvolvemento da sociedade da información, participando no progreso tecnolóxico e estendendo o uso das novas tecnoloxías na produción e difusión de programas de comunicación audiovisual.
- Contribuír na proxección de Galicia cara ao exterior ofrecendo programación, emisións e información de calidade que contribúan a esta proxección.
- Dinamizar a produción audiovisual propia de Galicia.
- Establecer un modelo de produción, multiplataforma, multimedia e multicanle, tendente a colocar a audiencia no centro da estratexia da CRTVG. En clave de resultado, a Corporación RTVG pretende avanzar na liña de:

  Perfeccionamento da administración e mellora de eficacia.

  Implantaranse medidas tendentes a favorecer a evolución do actual modelo cara a unha organización cunha árbore de xestión ampla, flexible, horizontal e non xe-

rárquica que conte con novos perfís. A nova organización produtiva asentada no sistema de produción dixital e enfocada en colocar a audiencia no centro da actividade da CRTVG, abre paso a cambios no modelo de xestión e a estratexia de produción cara a definir, organizar e racionalizar o tráfico dos contidos que produce a Corporación con destino ás distintas canles e formatos.

A xerencia orzamentaria contribuirá ao establecemento dunha dirección estratéxica para apoiar os sistemas de dirección e xestión orzamentaria en clave de flexibilidade e adaptación ao entorno, superando así a mera planificación, favorecendo a percepción subxectiva e a intuición como instrumentos que complementan o cálculo e a proxección de futuro, baixo o obxectivo de acompasar a administración orzamentaria coa financeira.

Do lado das aplicacións, os retos da xestión sitúanse en acadar unha posición de equilibrio na execución, establecer actuacións de control do gasto: adaptación ao contorno, caracterizado pola restrición no acceso aos recursos. Do lado dos recursos, os retos sitúanse en avanzar cara a un modelo de eficiencia na xestión orientado á optimización dos ingresos.

Ao fío do exposto, a CRTVG desenvolverá, entre outros, os seguintes obxectivos:

- Realizar unha provisión do servizo de radiotelevisión baixo criterios de eficiencia favorecendo a visión integral da oferta de servizo público, mesmo colocando a audiencia no centro da estratexia corporativa. Esta actuación está asociada a unha redución dos custos variables e unha contención dos custos fixos, compatible con manter o pulso da competitividade. Avanzar na creación de entornos tendentes a dotar á organización dun centro de xestión de todos os contidos para a súa utilización multisoporte nunha estrutura cada vez máis especializada e bidireccional na relación coa audiencia.
- Dotar á organización dunha maior capacidade de xestión estratéxica.
- Medidas relacionadas coa flexibilidade e a adaptación como elementos clave sobre os que se articula a xestión operativa ordinaria da Corporación, as cales asociadas a un control sostido do gasto, sitúanos nunha posición para acadar unha administración axeitada e rigorosa.
- Integración e optimización da xestión de medios e adaptación selectiva dos custes da actividade, de xeito que facilite o cumprimento dos obxectivos para propiciar unha axeitada posición do resultado en clave de sostibilidade e equilibrio na execución orzamentaria.
- Na área de xestión das persoas e organización, a Corporación está a propiciar entornos que contribúan a favorecer a estabilización no emprego, o desenvolvemento profesional, a iniciativa e unha maior satisfacción laboral baixo criterios de manter a estabilidade da Corporación. Mesmo continuar a mellorar a xestión operativa de recursos humanos, en relación coa nova organización produtiva, dotándoa dun sistema de xestión integral que impulse avances en clave de rendemento operacional e estratéxico.

En síntese trátase de establecer un conxunto de medidas que xunto coa actualización do cadro faciliten unha contribución activa cara a:

- Mellorar a xestión en clave de seguridade xurídica e sentar unha base axeitada para xestionar de xeito profesional a área laboral, baixo o obxectivo de completar a estabilización no emprego.
- Proporcionar transparencia externa e interna plenamente coherente coa reformulación da cultura corporativa.
- Ter un decisivo valor instrumental inmediato en clave de xestión, na medida en que o cadro de persoal identifica con claridade o conxunto de postos de traballo da Corporación.
- Mellorar así a capacidade de gobernanza na proxección estratéxica da xestión que se refire aos recursos humanos, facilitando aos supervisores e aos órganos de gobierno da Corporación a toma de decisións.
- Mellora das plataformas tecnolóxicas de soporte, nomeadamente dos procesos de contidos favorecendo avances que faciliten un maior dinamismo do sistema de produción dixital. Contribuír a unha clasificación clara e ordenada da información, unha mellor xestión dos contidos e a opción de novas vías de acceso e uso do material audiovisual. Preténdese deste xeito mellorar a formación, a produtividade, os fluxos e procesos de traballo e a eficiencia na xestión.
- A Corporación RTVG seguirá a cumprir coa tarefa de apoio e promoción da industria audiovisual galega, en termos de capacidade dispoñible, consciente do seu importante papel como demandante de servizos audiovisuais, en especial da industria do entretemento e a ficción.

En canto ás iniciativas en materia de RSC e igualdade, a Corporación RTVG amosa un renovado compromiso empresarial na implicación e desenvolvemento de políticas que integren a igualdade de trato e oportunidades entre mulleres e homes, sen discriminación indirecta por razón de sexo, así como no impulso e fomento de medidas para conseguir a igualdade real no seo da organización, establecendo a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes como un principio estratéxico da política corporativa

II.4. DAS FUNDACIÓNS DO SECTOR PÚBLICO AUTONÓMICO

FUNDACIÓN DEPORTE GALEGO

A misión da Fundación Deporte Galego é fomentar e incrementar a práctica deportiva e a actividade física na poboación galega, buscando os seus beneficios máis alá dá mera competición, no ámbito da saúde e da economía, e aproveitando as súas funcións educativa e social. Con este fin deséñanse as tres grandes liñas de actuación para o ano 2022.

A primeira liña de actuación centrarase no apoio ao deporte de alto nivel. O obxectivo fundamental nesta liña é incrementar o número de entidades e dos recursos para as mesmas. Asemade, desenvolver actuacións que favorezan compaxinar estudos ou traballo e competición ase como co obxectivo de facilitarlles a incorporación ao mundo laboral unha vez finalizada a súa carreira deportiva. Levaranse a cabo convenios de patrocinio cos clubs galegos de alta competición, a convocatoria de axudas aos deportistas galegos de alto nivel e a posta en marcha da oficina de atención ao deportista.

A segunda liña céntrase no desenvolvemento do Plan Galicia Saudable. Preténdese o fomento da práctica de actividade física e a mellora da condición física en toda a poboación co obxectivo de reducir o risco de padecer enfermidades non transmisibles. As actuacións coordinadas coas diferentes Consellerías será o eido principal na consecución deste obxectivo, colaborando coa comunidade científica na fundamentación das mesmas e consolidando as TIC como ferramentas imprescindibles.

A terceira liña de actuación abordará o deseño de programas físico-deportivos nas instalacións xestionadas directamente pola Fundación, así como a supervisión e control das realizadas polas empresas concesionarias nas xestións indirectas.

Finalmente, preténdese integrar os principios de igualdade e inclusión de maneira transversal nas actuacións da Fundación, na práctica deportiva en xeral e na de alto nivel en particular.

III. ORZAMENTO DE GASTOS POR PROGRAMA

III.1. PROGRAMAS DE GASTO

III.1.1. PROGRAMA 111A - PRESIDENCIA DA XUNTA DE GALICIA:

A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

Con este programa preténdese garantir que a actividade singular da Presidencia da Xunta de Galicia préstese en condicións eficientes, asegurando a coordinación e a execución dos compromisos cos distintos axentes cos que se establecen relacións de interacción.

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

Este programa ten un importante carácter intrínseco á propia actividade da persoa titular da Presidencia da Xunta, no que se refire ás súas relacións institucionais e protocolarias, e ao funcionamento normal e diario das unidades administrativas adscritas.

DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

Como xa se indicou, este programa ten un marcado carácter de apoio á actividade do Presidente da Xunta de Galicia, polo que nel se recollen basicamente gastos de funcionamento que sustentan esa actividade. Paulatinamente, na senda da contención do gasto corrente que marca a actuación do goberno galego, nos últimos anos este programa ten visto minoradas as súas consignacións orzamentarias, sen que isto teña interferido no normal funcionamento das unidades administrativas ás que lles dá soporte orzamentario.

DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

O desenvolvemento deste programa ten a súa base, primeiramente, na Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e a súa Presidencia.

En desenvolvemento das previsións contidas nesa lei, dítanse os oportunos decretos de estrutura. Na actualidade está vixente o Decreto 129/2020, do 17 de decembro, polo que se establecen os órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia.

Igualmente, debe sinalarse o Decreto 109/2021, do 15 de xullo, de estrutura orgánica dos órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia.

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

A finalidade deste programa é actuar como soporte orzamentario da actividade singular da persoa titular da Presidencia da Xunta de Galicia, así como das unidades administrativas que apoian directamente esa actividade, dun xeito eficiente e menos gravoso para as finanzas autonómicas, asegurando tamén a coordinación e comunicación co resto de órganos do sector público autonómico e reforzando a acción coordinada do goberno galego.

B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres	
Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa con actividades non dirixidas especificamente ás persoas, aínda que teñen impacto sobre elas como beneficiarias indirectas das accións (programas que actúan sobre o territorio, o medioambiente, a sociedade no seu conxunto, etc)	
Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión	X

C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Secretaría Xeral da Presidencia

III.1.2. PROGRAMA 312C - SERVIZOS SOCIAIS RELATIVOS ÁS MIGRACIÓNS

A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

O programa 312C, servizos sociais relativos ás migracións, atende ao obxectivo estratéxico do PEG 2015-2020 "Impulsar os servizos e prestacións á emigración galega e ás súas entidades, así como ás persoas retornadas, para garantir o seu benestar", (OE 2.4.02), na súa vertente da emigración e retorno. O seu indicador de resultado é a porcentaxe de solicitudes atendidas sobre as que se acredite unha situación de necesidade.

NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

Este programa inclúe actuacións de apoio ás persoas galegas residentes no exterior e ás entidades galegas asentadas fóra da nosa comunidade autónoma, para que estes participen e compartan a vida social e cultural e económica de Galicia, e contribuír á mellora do seu benestar e calidade de vida, minguada pola actual contorna de crise económica e sanitaria derivada da pandemia da COVID-19. Así mesmo, a través deste programa desenvólvense accións encamiñadas á procura da integración social e á inserción laboral do colectivo de persoas emigrantes retornadas na nosa sociedade.

O principal obxectivo é asegurar unha vida digna ás persoas galegas que residen no exterior, e á súa descendencia con nacionalidade española, que teñan vinculación con algún concello de Galicia. A maior parte deste colectivo reside nos países latinoamericanos, cuxa situación socioeconómica tomou nas últimas décadas cara unha senda de carácter negativo, o que deu lugar a unha grande inseguridade e ausencia de sistemas de protección social, en xeral, e para os colectivos máis desfavorecidos en particular. Esta situación ven de agravarse coa situación provocada pola COVID-19, que demanda accións estratéxicas de protección e auxilio a este colectivo.

Polo que se refire ás comunidades galegas como entidades asociativas asentadas fóra do territorio de Galicia, a Secretaría Xeral da Emigración ten como tarefa fundamental a súa preservación. É necesario prestar apoio neste momento en que a crise derivada da pandemia de COVID-19 mermou de forma moi significativa os seus ingresos, redobrando os esforzos en todas aquelas que desenvolven actividades de carácter social, asistencial e sanitario. Tamén seguiremos apoiando ás actuacións que realizan estas entidades nas áreas formativas, culturais, informativas, de xuventude e contribuír á promoción e sostibilidade do patrimonio histórico, documental, cultural, artístico e arquitectónico creado por elas ao longo da súa historia.

No eido do retorno, cómpre promover medidas educativas, laborais e sociais que favorezan o retorno a Galicia das persoas galegas residentes no exterior e facilitar a súa integración na sociedade galega. A Secretaría Xeral da Emigración considera de carácter esencial as axudas económicas para aquelas persoas galegas que no momento da súa chegada precisan un soporte

facilitador da súa integración na sociedade galega. Tamén resulta de especial interese reforzar a liña de bolsas BEME para ofertar ás persoas galegas universitarias residentes no estranxeiro a posibilidade de adquirir unha especialización académica de máster nunha universidade galega, coa finalidade de ampliar a súa formación e adquirir competencias e habilidades que favorezan a súa inserción e futuro profesional en Galicia. Igualmente, é primordial apoiar o autoemprego e a actividade emprendedora das persoas emigrantes retornadas.

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

A actuación da Secretaría Xeral da Emigración diríxese ao colectivo de persoas residentes fóra de Galicia e á súa descendencia, así como ás entidades galegas asentadas fóra de Galicia e recoñecidas nalgunha das categorías da Lei 7/2013, do 13 de xuño, da galeguidade.

A nosa comunidade autónoma segue a ocupar un lugar destacado a nivel estatal en canto ao volume de persoas retornadas, situándose como a quinta comunidade de España en retorno en termos absolutos en 2020 con máis de 3.835 persoas retornadas, e a segunda se nos referimos ao porcentaxe de persoas emigrantes retornadas. Así mesmo, destas estatísticas despréndese que, en canto á idade, o grupo maioritario de persoas retornadas sitúase dentro do tramo en idade laboral. No 2020, último ano do que se dispón de datos, máis do 83,36% das persoas retornadas tiñan menos de 65 anos.

DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

A análise de datos da presenza da cidadanía galega no exterior que achegan os sistemas estatísticos español, a través do INE, e o galego, a través do Instituto Galego de Estatística (IGE), sinalan un incremento progresivo de persoas galegas residentes no exterior (é dicir, a suma das persoas emigrantes que naceron en Galicia e a da súa descendencia, xa nada no estranxeiro) nos últimos anos, mentres diminúe o número de persoas emigrantes residentes no exterior. O número total de persoas galegas residentes no exterior -tanto emigrantes como a súa descendencia- é de 523.856 persoas a 1 de xaneiro de 2021, 140.257 máis que en 2009 e 150.337 máis que en 2007, cando entrou en vigor a Lei da Memoria Histórica, principal causa do aumento do número de persoas que accederon ou recuperaron a nacionalidade española nos últimos anos. Pola contra, o número de persoas emigrantes galegas nadas en Galicia descendeu desde 2009 en 15.758 persoas. Só no último ano esta cifra baixou en 2.362 persoas, mentres o total de persoas galegas residentes no exterior (emigrantes mais a súa descendencia) subiu neste mesmo período en 184, do que tamén se pode deducir que se incorporaron 2.546 novas persoas descendentes de persoas galegas ao PERE.

Os estados con maior presenza de cidadanía galega son os do continente americano, o que, tanto en cifras totais como proporcionalmente, tamén amosa un maior incremento da cidadanía

galega (119.027 novos/as cidadáns/ás) fronte a Europa (19.309 novos/as cidadáns/ás). A análise comparativa deste incremento entre a poboación galega residente e nacida en Galicia e a nacida no estranxeiro, é unha mostra clara de que estes incrementos non son consecuencia da saída de persoas galegas desde a nosa comunidade autónoma con destino a América, senón do aumento natural da poboación, do acceso á cidadanía por lei e das transmisións posteriores da cidadanía de pais a fillos/as.

Outro dato da presenza en América da cidadanía galega nacida en Galicia é o envellecemento da poboación, xa que a porcentaxe de persoas galegas maiores de 65 anos residentes neste continente vai dende máis do 96% de Arxentina, máis do 95% de Uruguai, o 91% de Cuba, o 91,55% de Brasil ao 40% dos Estados Unidos de América. Pola contra, a pirámide de idade dos galegos nacidos no estranxeiro e residentes en América é inversa: rexuvenece, contraste especialmente chamativo no caso de países como Venezuela ou México, onde unha importante porcentaxe de poboación galega (nacida no estranxeiro) é menor de 16 anos.

No caso europeo, o incremento da poboación galega residente en Europa prodúcese entre persoas galegas nacidas no estranxeiro, cun crecemento sostido dende o ano 2009, derivado de nacementos de familias emigrantes neste continente e por outra banda de persoas galegas nacidas noutros países -esencialmente de América- que emigraron a Europa.

Estes datos obrigan a manter os programas destinados aos galegos na diáspora, así como intensificar todos aqueles que favorezan o retorno á nosa terra, non só das persoas galegas emigradas, senón tamén da súa descendencia.

Nas últimas décadas os países da área de Iberoamérica iniciaron un camiño de deterioro dos seus sectores produtivos ocasionado por distintos factores políticos, sociais e económicos, que deixou como consecuencia o paulatino empobrecemento de amplas capas sociais e a diminución dos sistemas de protección social naqueles países nos que estaban desenvolvidos.

Esta situación de precariedade socioasistencial das persoas emigrantes galegas e da súa descendencia directa vén sendo paliada por distintos programas de axudas dende a Secretaría Xeral da Emigración, executado en dúas grandes liñas: axudas directas para atender a persoas con carencia de medios que dean lugar a situación de exclusión social e axudas ás entidades galegas que dispoñen de centros de atención para os colectivos de persoas galegas, co obxectivo de protección socio sanitaria e con carácter de beneficencia.

A necesidade de dedicar maiores esforzos a este programa ven xerada, por unha banda, polo contexto no que se vive nalgúns países de acollida da emigración galega, que derivan nunha situación de precariedade socio asistencial. Cómpre destacar a especial situación de vulnerabilidade que está a atravesar a poboación galega residente en Venezuela. Pero agora cómpre engadir a crise económica e sanitaria provocada pola pandemia COVID-19 que agrava esta situación de dito colectivo.

En canto ás entidades galegas no exterior, son preto de 200 que desde case cada recuncho do mundo, colaboran co Goberno galego na labor de preservación e difusión da cultura e o patrimonio de Galicia por todo o planeta. América concentra o maior número de entidades seguido de Europa. Con todo, España é, de lonxe, o país que máis entidades ten inscritas no Rexistro da Galeguidade.

A Galicia exterior actual é multicultural: a integración social das primeiras xeracións, sumada á formación e educación das segundas e terceiras xeracións plenamente integradas nas sociedades de acollida, achéganos unha base demográfica de poboación galega e descendentes con contribucións culturais de países moi variados. Esta riqueza cultural, social e económica é un valor que é necesario incorporar ás entidades galegas do exterior, como vínculo que fortaleza os lazos vitais, culturais e sociais coa Galicia territorial.

A fortaleza deste programa é a grande vinculación afectiva que manteñen as persoas emigrantes con Galicia: unha rede de sociedades e entidades espalladas por todo o mundo, fundamentalmente en América, que contan a maior parte deles con servizos de protección (sanitarios, residencias de anciáns, centros de día …) e o carácter de solidariedade e beneficencia cos seus paisanos máis desfavorecidos dos seus fundadores, que aínda perdura. A Secretaría Xeral da Emigración actúa complementando a tarefa que elas mesmas desenvolven.

Un factor que incide positivamente neste programa de gasto é a globalización que nos ofrece a realidade actual da sociedade, a través da poboación galega residente en todos os países que conforman a Galicia exterior, que permite o impulso de actividades de carácter económico e empresarial que fomenten o desenvolvemento e a proxección económica de Galicia no ámbito internacional.

Outra característica apreciable da emigración galega é a súa vontade de retorno. Este feito condiciona que grande parte deste colectivo manteña os vínculos sociais e culturais con Galicia, e demande un apoio por parte da nosa comunidade autónoma á hora de planificar o seu retorno, nunha situación de epidemia global que esixe dun esforzo por parte da Xunta de Galicia para apoiar o retorno daquelas persoas galegas que así o precisen. O Goberno galego é consciente que o noso país dispón dun activo que pode converterse nun dos piares fundamentais para atallar o importante reto demográfico ao que se enfronta a nosa Comunidade: os milleiros de persoas galegas de segundas e terceiras xeracións que residen fóra da Galicia territorial. A Xunta de Galicia vén desenvolvendo de forma transversal, a través das súas consellerías e organismos, políticas destinadas a fomentar o retorno das persoas galegas emigrantes.

Neste sentido, a Secretaría Xeral da Emigración trata de captar para Galicia un retorno emprendedor e de talento entre as primeiras e seguintes xeracións de persoas emigrantes galegas, con vistas a que o retorno da poboación tamén supoña un retorno de capitais en forma de investimento, de riqueza, coñecemento e emprego.

DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

- Lei 5/2021, do 2 de febreiro, de impulso demográfico de Galicia.
- Lei 10/2021, do 9 de marzo, reguladora da acción exterior e da cooperación para o desenvolvemento de Galicia.
- Lei 7/2013, do 13 de xuño, da galeguidade, Decreto 66/2014, do 23 de maio de regulación da condición de comunidade galega e de centro colaborador da galeguidade e do Rexistro da Galeguidade e Decreto 111/2015, do 6 de agosto, polo que se aproba o Regulamento de organización e funcionamento do Consello de Comunidades Galegas.
- Lei 40/2006, do 14 de decembro, do estatuto da cidadanía española no exterior.
- Lei 52/2007, do 26 de decembro, pola que se recoñecen e amplían dereitos e se establecen medidas a favor de quen padeceu persecución ou violencia durante a guerra civil e ditadura.
- Estratexia Retorna.
- Estratexia Emigración.

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

Para o desenvolvemento deste programa, actuarase en base as liñas implementadas na Estratexia Emigración 2020, reforzando as axudas económicas, co obxectivo de paliar as situacións graves de carencia e desprotección en amplos sectores da poboación galega residente no exterior, en especial nos máis sensíbeis a este tipo de situacións como o conformado por persoas maiores, cunha demanda de atención específica de carácter sanitario, farmacéutico e de asistencia social cada vez maior; ou naqueles países que están a atravesar unha difícil situación socioeconómica, como Venezuela ou Cuba, e agora tamén Arxentina e Brasil, cuxa situación económica, social e sanitaria estase a ver moi prexudicada pola crise provocada pola pandemia COVID-19.

Polo que se refire ás entidades galegas como entidades asociativas, asentadas fóra do territorio de Galicia, que teñen como unha das súas necesidades a súa preservación, é necesario neste próximo ano facer un esforzo especial para a súa supervivencia, xa que a maioría están pechadas e realizan escasas actividades (na súa maioría telemáticas), o que deriva nun descenso moi relevante dos seus ingresos. Debemos ademais seguir prestando apoio ás actuacións que realizan estas nas áreas sociais, asistenciais, formativas, culturais, informativas, de xuventude, así como contribuír á promoción e sostibilidade do seu patrimonio de valor histórico, documental, cultural, artístico e arquitectónico, incentivando no actual contexto os de tipo telemático.

A Estratexia Retorna recolle as accións transversais de apoio ao retorno por parte do Goberno galego, que neste programa en concreto céntranse na contribución a paliar as situacións de necesidade económica derivadas do proceso de retorno das persoas galegas retornadas e das súas familias, así como fomentar á súa integración socio laboral na comunidade autónoma,

facilitando instrumentos de atracción profesional de poboación galega residente no exterior, así como información e asesoramento técnico a través dunha plataforma única.

Resulta fundamental colaborar no retorno da mocidade do exterior, mediante as axudas no eido académico, co obxectivo de que a sociedade galega se enriqueza cos coñecementos e experiencias profesionais internacionais que acheguen as persoas galegas con formación universitaria, que residen ou naceron no estranxeiro, e que agora retornan a Galicia, ao mesmo tempo que se reforza a súa vinculación coa comunidade autónoma

B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres	
Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres	X
Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa con actividades non dirixidas especificamente ás persoas, aínda que teñen impacto sobre elas como beneficiarias indirectas das accións (programas que actúan sobre o territorio, o medioambiente, a sociedade no seu conxunto, etc)	
Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión	

BREVE DESCRICIÓN DO PROGRAMA DENDE A PERSPECTIVA DE XÉNERO

As actividades propias do programa están dirixidas á procurar o benestar e calidade de vida da cidadanía galega no exterior, das entidades galegas asentadas fóra de Galicia e o apoio ás persoas que retornen á nosa comunidade autónoma.

Das cifras do Instituto Nacional de Estatística (INE) relativas ao Padrón de Españois Residentes no Estranxeiro (PERE) –datos a 1 de xaneiro de 2021- extráese que este colectivo está integrado por un 51,41% de mulleres polo que os programas da Secretaría Xeral da Emigración están destinados a máis beneficiarios potenciais mulleres ca homes.

Polo que se refire ao ámbito do retorno, a estatística de variacións residenciais de 2021, segundo as fontes do INE, indica que retornaron a Galicia un 46,47% de mulleres sobre a cifra total de poboación emigrante retornada á nosa comunidade autónoma.

O programa inclúe actuacións específicas dirixidas a persoas emigrantes galegas e retornadas para atender ás mulleres vítimas de violencia de xénero e á súa familia, así como un incentivo especial de apoio ás mulleres galegas que retornen a Galicia para a súa iniciativa emprendedora no mercado laboral, que faciliten a súa integración socio-laboral.

En canto ao papel da muller tanto na Galicia territorial como na exterior está a cobrar un peso cada día maior, que precisa dun apoio firme e constante por parte da Administración, polo que un dos principais obxectivos desta secretaría xeral e promover a integración e participación efectiva das mulleres na vida asociativa e directiva das entidades galegas no exterior especialmente no que fai referencia aos seus órganos de dirección; se ben estes potenciais axentes son soberanos nas súas decisións e independentes do poder público á hora de orientar as súas políticas a través de campañas de concienciación co compromiso de igualdade nos espazos de representación da galeguidade e nas colectividades do exterior.

A Lei 7/2013, do 13 de xuño, da galeguidade, recolle expresamente as actuacións no ámbito da igualdade de xénero entre as mulleres e os homes galegos residente no exterior, e instrumentará as medidas de apoio ás entidades galegas para este fin.

A Estratexia Emigración inclúe nas súas liñas de actuación unha área específica destinada á muller, co obxectivo de promover en coordinación coas entidades galegas no exterior, a realización de foros de debate e outras accións semellantes nas áreas xeográficas de residencia de poboación galega no exterior, e utilizar as conclusións destes congresos para a aplicación de políticas de igualdade e participación da muller no ámbito da galeguidade.

No que se refire ao órgano colexiado de representación e de participación das comunidades galegas asentadas fóra de Galicia, na actualidade inclúese un representante do sector público autonómico de Galicia con competencias en materia de muller e igualdade.

As actuacións do programa orzamentario mediranse con indicadores asociados desagregados por sexo, e aqueles que incorporan a perspectiva de xénero: número de congresos, número de obradoiros con contidos de igualdade; número de mulleres vítimas beneficiarias das axudas; porcentaxe de mulleres e homes nos órganos de decisión das comunidades galegas no mundo e porcentaxe de mulleres e homes que participan nas accións formativas, culturais e de reencontros no ámbito da emigración galega.

IDENTIFICACIÓN DUN OU VARIOS OBXECTIVOS EN MATERIA DE IGUALDADE PRESENTES NA NORMATIVA E PLANS VIXENTES E QUE SON DE

APLICACIÓN NO DESENVOLVEMENTO DAS ACCIÓN CONTEMPLADAS NESTE PROGRAMA

Incorporación da transversalidade de xénero na actuación xeral do departamento	
Información, sensibilización e educación para a igualdade de mulleres e homes	X
Transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade	
Igualdade no acceso ao emprego, na formación e na promoción profesionais e nas condicións de traballo	
Fomento, directa ou indirectamente, da iniciativa empresarial das mulleres	X
Promoción da plena incorporación das mulleres á Sociedade da Información	
Incorporación do principio de igualdade nas políticas urbanas, de ordenación territorial e vivenda	
Promoción do reparto equitativo dos tempos entre mulleres e homes que facilite a conciliación e a corresponsabilidade	
Promoción da igualdade e da participación activa das mulleres en todos os ámbitos da sociedade (cultura, educación, política, economía, deporte, saúde, etc.)	X
Participación das mulleres no desenvolvemento rural	
Accións dirixidas á integración de mulleres en risco ou en situación de pobreza ou exclusión social	
Accións dirixidas á prevención e á loita contra a violencia de xénero	X
Outros (especificar)	

IDENTIFICACIÓN DAS ACTIVIDADES PREVISTAS DIRECTAMENTE RELACIONADAS COA PROMOCIÓN DA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES, INDICANDO PARA CADA UNHA, AS PERSOAS ÁS QUE ESTÁ DIRIXIDA. INDICAR, NO CASO DE DISPOR DESTES DATOS, AS PRINCIPAIS CARACTERÍSTICAS DAS ORGANIZACIÓNS (TIPO, ÁMBITO TERRITORIAL, ETC.) OU PERSOAS (IDADE, NIVEL EDUCATIVO, ETC.), DESTINATARIAS DAS ACCIÓNS.

A Secretaría Xeral da Emigración desenvolverá unha liña de axudas para a promoción do autoemprego e a actividade emprendedora na Comunidade Autónoma de Galicia das persoas galegas retornadas, na que se contribuirá cunha achega económica complementaria para a activi-

dade emprendedora feminina, co obxectivo de impulsar o emprendemento feminino e a mellora do tecido empresarial liderado por mulleres.

- Realización de congresos e seminarios de formación/debate e impulso da participación da muller nas comunidades e entidades galegas do exterior, de cara a fortalecer o movemento asociativo feminino e a presenza, o liderado e a participación das mulleres nas estruturas asociativas en xeral.
- A Secretaría Xeral da Emigración, dentro da convocatoria de axudas económicas individuais para persoas residentes no exterior, contempla unha liña específica de axudas para as mulleres que sufran violencia de xénero, para facilitar unha resposta específica ás mulleres vítimas que se atopen no exterior.
- Outra actuación no ámbito de resposta específica para paliar as situacións de violencia de xénero, desenvólvese a través do programa de axudas extraordinarias a persoas emigrantes galegas retornadas, no que se trata de dar apoio económica ás mulleres vítimas da violencia de xénero incluídas no programa de axudas.

PREVISIÓN E VALORACIÓN DOS POSIBLES EFECTOS DO PROGRAMA SOBRE UN E OUTRO SEXO E SOBRE A IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE MULLERES E HOMES.

Estímase que coas actuacións deseñadas dende a perspectiva de xénero, se avance cara a unha diminución da fenda de xénero na participación das mulleres das entidades galegas no exterior nos órganos de decisión das asociacións deste ámbito e nos lugares nos que residen, así como unha repercusión no retorno das mulleres galegas a través das accións de fomento, información e inserción laboral na nosa comunidade autónoma.

SINALAR OS PRINCIPAIS RESULTADOS DO PROGRAMA, DENDE O PUNTO DE VISTA DO XÉNERO.

O programa 312C –Servizos Sociais relativos ás migracións- no apartado de emigración, executou axudas de carácter socioasistencial e desenvolveu programas sociais e culturais, dos que nunha porcentaxe dun 61% foron mulleres as beneficiarias destas actuacións no ámbito das persoas residentes no exterior.

Na área do retorno, as accións dirixidas ao colectivo en xeral, a porcentaxe de beneficiarias femininas foi dun 56%.

INDICAR SE SE TEÑEN IMPLANTADO NOVAS ESTRATEXIAS PARA UNHA MELLOR INCORPORACIÓN DA PERSPECTIVA DE XÉNERO NA XESTIÓN, DESENVOLVEMENTO E AVALIACIÓN DAS ACCIÓNS QUE FINANCIA O PROGRAMA DE GASTO. EN CASO AFIRMATIVO, FACER UNHA BREVE DESCRICIÓN.EN CASO NEGATIVO INDICAR AS DIFICULTADES ATOPADAS PARA LEVALO A CABO.

A Secretaría Xeral da Emigración non ten previsto implantar ningunha nova acción para a incorporación da perspectiva de xénero na xestión das actuacións que se financian no programa de gasto 312C –Servizos relativos ás migracións-.

Entre as dificultades que se detectan para implantar novas estratexias neste ámbito, a máis significativa é que o colectivo ao que se dirixe á acción do dito programa de gasto é na súa maior parte o de persoas residentes no exterior, polo que radica en numerosos países, coas súas propias leis estatais e regulacións propias nesta materia.

Así mesmo, en canto ao fomento da participación efectiva das mulleres na vida asociativa e directiva das entidades galegas no exterior –especialmente no que fai referencia aos seus órganos de dirección-, detéctanse obstáculos que veñen dados por ser estes órganos colexiados axentes soberanos nas súas decisións e independentes do poder público á hora de orientar as súas políticas directivas.

C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Secretaría Xeral da Emigración.

III.1.3. PROGRAMA 441A - PROMOCIÓN DA ACTIVIDADE DEPORTIVA:

A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

A actuación da Secretaría Xeral para o Deporte diríxese ao fomento da práctica do deporte e da actividade física na Comunidade Autónoma en atención á súa importancia para o fomento da saúde e do benestar, o desenvolvemento, a educación e a inclusión social, ou a propia economía e o emprego, xunto á vertente competitiva deportiva.

A explotación das funcionalidades do deporte, a xeneralización e accesibilidade da práctica do deporte e da actividade física mediante a súa incorporación á vida cotiá da cidadanía; a mello-

ra e dotación de equipamentos e infraestruturas; o apoio aos axentes deportivos na promoción e crecemento do deporte ou o perfeccionamento nas áreas de docencia, formación e tecnificación do deporte son, entre outros, obxectivos prioritarios deste programa.

Os beneficios que se esperan acadar na execución deste programa atópanse ligados ás necesidades existentes no actual ámbito deportivo galego: o aproveitamento das funcionalidades do feito deportivo, a mellora da calidade de vida da cidadanía e o crecemento deportivo de Galicia, mediante o apoio ao tecido deportivo galego e a mellora da dotación de equipamentos e infraestruturas deportivas.

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

O colectivo afectado pola actividade da Secretaría Xeral para o Deporte, e máis en concreto por este programa, é a sociedade galega globalmente considerada (principalmente en canto ao obxectivo prioritario da xeneralización da práctica da actividade física) e o tecido deportivo galego (no tocante á práctica deportiva e ao deporte de competición) sen esquecer, entre outros, ás entidades locais principalmente no referido a infraestruturas deportivas.

DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

Segundo a penúltima enquisa de hábitos deportivos dos españois (CSD 2015) -a última é de 2020 pero por mor da pandemia non hai datos desagregados por Comunidades Autónomas-, practican deporte na nosa comunidade un 37,4% da poboación. Por outra banda, atendendo tamén a última Enquisa Nacional de Saúde -2017-, o 59,75% dos galegos e galegas de 18 e mais anos teñen sobrepeso ou obesidade (fronte ao 54,5% da media nacional), e o 23,29% dos galegos e galegas de entre 2 e 17 anos teñen sobrepeso ou obesidade (fronte ao 28,56% da media nacional).

No ano 2013 realizouse en Galicia a enquisa sobre "Hábitos de actividade física e deportiva da poboación galega" elaborada en colaboración coa Universidade de Santiago de Compostela (USC). Segundo os seus resultados, sete de cada dez galegos maiores de 18 anos practica exercicio habitualmente, nunha porcentaxe case 16 puntos superior á do 2007, ano no que se fixera un estudo de equivalentes características. A porcentaxe de práctica de exercicio físico é bastante similar entre as catro provincias galegas, mentres que se continúa a apreciar unha certa diferenza entre sexos. Así, hai unha maior porcentaxe de homes (74%) que de mulleres (68%) que realiza actividade física, pero esa distancia acurtouse en case dous puntos desde 2007. Desde entón, aumentou nun 14,8% a porcentaxe de homes que fai exercicio e nun 16,8% a de mulleres.

Débese tamén significar que a actividade deportiva ten como elementos básicos para unha axeitada evolución aos clubs e federacións. Na actual conxuntura considérase esencial manter

o apoio a través de liñas de subvención para a actividade tanto dende a perspectiva das persoas xurídicas como dende a perspectiva do deportista persoa física.

As actuacións anteriores compleméntanse coa implantación de equipamentos e infraestruturas deportivas.

DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

A norma pola que se regula a actividade deportiva en Galicia é a Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia, que foi modificada pola Lei 13/2015, do 24 de decembro, de medidas fiscais e administrativas (modificacións dos artigos 22, 60, 116 e da disposición adicional terceira, e engadiuse unha nova disposición adicional -a cuarta-), a Lei 2/2017, do 8 febreiro (modificación do artigo 116), a Lei 3/2018, do 26 de decembro (modificación dos artigos 21, 46, 64, 116, 117, 130 e 133), a Lei 7/2019, de 23 de decembro (modifica os artigos 5.1, 51.5, 56.4 e 130.2, e suprime os artigos 134 a 146) e a Lei 4/2021, do 28 de xaneiro (modifica os artigos 5, 47, 57, 61, 93 e 117).

Complementando as previsións legais, atópase a Orde do 23 de xuño de 2021 pola que se establecen os criterios técnico-deportivos para a obtención das condicións de persoa deportista de alto nivel, alto rendemento deportivo e rendemento deportivo de base, e os criterios deportivos para o recoñecemento dos núcleos de adestramento deportivo especializado, o Decreto 165/2020, do 17 de setembro, polo que se regula o deporte de alto nivel, de alto rendemento e de rendemento deportivo de base de Galicia, o Decreto 78/2018, do 26 de xullo, polo que se regula a composición e funcionamento da Comisión Galega de Prevención e Represión da Dopaxe, o Decreto 63/2018, do 31 de maio, polo que se regula a composición e funcionamento da Comisión Galega de Control da Violencia e o procedemento sancionador na materia, o Decreto 16/2018, do 15 de febreiro, polo que se establecen as bases e os criterios para a elaboración dos regulamentos electorais que deben rexer a realización dos procesos electorais nas federacións deportivas galegas, o Decreto 85/2014, do 3 de xullo, polo que se aproba o Regulamento do Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia, e o Decreto 120/2013, do 24 de xullo, polo que se aproba o Regulamento do Comité Galego de Xustiza Deportiva.

Por último, cómpre indicar o Plan Galego de Fomento da Actividade Física "Galicia Saudable".

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

Para conseguir os obxectivos perseguidos con este programa, actuarase en catro grandes aspectos.

En primeiro lugar, na execución do Plan Galego de Fomento da Actividade Física "Galicia Saudable" continuarase o iniciado en exercicios precedentes, desenvolvendo actuacións que dinamicen a práctica da actividade física entre toda a poboación galega, en especial a actividade deportiva na idade escolar. Ademais, fomentarase a actividade física dende un punto de vista sanitario, como elemento preventivo nas enfermidades non transmisibles facilitando a práctica a toda a cidadanía, consolidando as ferramentas TIC.

En segundo lugar, no apoio ao tecido deportivo galego e aos deportistas, estableceranse plans de axudas económicas ás federacións deportivas, aos clubs e outras entidades deportivas, traballarase en medidas de apoio aos deportistas, na promoción do deporte en idade escolar e no impulso dos programas de tecnificación deportiva. Neste último ámbito, o da tecnificación, debe destacarse para o 2022 o desenvolvemento dos núcleos de adestramento deportivo especializado (NADE), elementos novidosos da tecnificación deportiva na Comunidade Autónoma logo da súa creación polo decreto 165/2020, do 17 de setembro, polo que se regula o deporte de alto nivel, de alto rendemento e de rendemento deportivo de base de Galicia, e da Orde do 23 de xuño de 2021 pola que se establecen os criterios técnico-deportivos para a obtención das condicións de persoa deportista de alto nivel, alto rendemento deportivo e rendemento deportivo de base, e os criterios deportivos para o recoñecemento dos núcleos de adestramento deportivo especializado.

En terceiro lugar, na mellora do mapa de equipamentos e infraestruturas deportivas, continuarase a optimización da rede actual e investirase, de ser o caso, na construción de novas dotacións.

Por último, seguirase traballando na adecuación da normativa actual á realidade do deporte galego, avanzando no desenvolvemento regulamentario da Lei do deporte de Galicia, así como na adecuación do marco normativo á realidade do sector.

B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres	
Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres	X
Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres	

Programa con actividades non dirixidas especificamente ás persoas, aínda que teñen impacto sobre elas como beneficiarias indirectas das accións (programas que actúan sobre o territorio, o medioambiente, a sociedade no seu conxunto, etc)	X
Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión	

BREVE DESCRICIÓN DO PROGRAMA DENDE A PERSPECTIVA DE XÉNERO

Con incidencia no campo da práctica de actividade física e do deporte federado (e de alto nivel), os programas de Galicia Saudable, ou do deporte escolar (XOGADE), os convenios de patrocinio aos clubs de alto nivel, as actuacións de aproveitamento das funcionalidades do feito deportivo, ou as axudas aos deportistas galegos de alto nivel, serven, dende unha perspectiva e deseño mixto, para crecer en igualdade.

Así o amosan os indicadores, especialmente significativos nos convenios de patrocinio e nas axudas a deportistas de alto nivel. Desta forma, pódense apuntar distintos indicadores que amosan unha positiva evolución no ámbito do deporte feminino: máis licenzas femininas (o ano 2020 cerrouse con 62.066, fronte ás 42.090 licenzas do 2009), máis equipos de alto nivel patrocinados (99 femininos na tempada 2020/21 fronte aos 94 da tempada 2019/20) ou o número de mulleres deportistas de alto nivel recoñecidas pola Secretaría Xeral para o Deporte segundo o Decreto 165/2020, do 17 de setembro, polo que se regula o deporte de alto nivel, de alto rendemento e de rendemento deportivo de base de Galicia (181 mulleres segundo o último recoñecemento publicado á presente data).

IDENTIFICACIÓN DUN OU VARIOS OBXECTIVOS EN MATERIA DE IGUALDADE PRESENTES NA NORMATIVA E PLANS VIXENTES E QUE SON DE APLICACIÓN NO DESENVOLVEMENTO DAS ACCIÓN CONTEMPLADAS NESTE PROGRAMA

Incorporación da transversalidade de xénero na actuación xeral do departamento	
Información, sensibilización e educación para a igualdade de mulleres e homes	X
Transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade	X
Igualdade no acceso ao emprego, na formación e na promoción profesionais e nas condicións de traballo	X
Fomento, directa ou indirectamente, da iniciativa empresarial das mulleres	

Promoción da plena incorporación das mulleres á Sociedade da Información	
Incorporación do principio de igualdade nas políticas urbanas, de ordenación territorial e vivenda	
Promoción do reparto equitativo dos tempos entre mulleres e homes que facilite a conciliación e a corresponsabilidade	
Promoción da igualdade e da participación activa das mulleres en todos os ámbitos da sociedade (cultura, educación, política, economía, deporte, saúde, etc.)	X
Participación das mulleres no desenvolvemento rural	
Accións dirixidas á integración de mulleres en risco ou en situación de pobreza ou exclusión social	
Accións dirixidas á prevención e á loita contra a violencia de xénero	X
Outros (especificar)	

IDENTIFICACIÓN DAS ACTIVIDADES PREVISTAS DIRECTAMENTE RELACIONADAS COA PROMOCIÓN DA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES, INDICANDO PARA CADA UNHA, AS PERSOAS ÁS QUE ESTÁ DIRIXIDA. INDICAR, NO CASO DE DISPOR DESTES DATOS, AS PRINCIPAIS CARACTERÍSTICAS DAS ORGANIZACIÓNS (TIPO, ÁMBITO TERRITORIAL, ETC.) OU PERSOAS (IDADE, NIVEL EDUCATIVO, ETC.), DESTINATARIAS DAS ACCIÓNS.

Entre outras actuacións, a Secretaría Xeral para o Deporte e a Fundación Deporte Galego realizan dúas actividades que provocan un importante impacto no deporte desenvolvido polas mulleres:

a) Os convenios de patrocinio aos equipos galegos de alta competición, que seguirán a ser unha das actividades prioritarias deste departamento e da fundación no 2022. Na tempada 2020/21 do total de 231 equipos patrocinados, 99 eran femininos e 7 mixtos (tempada anterior, 2019/20: 209 equipos en total, dos que 94 eran equipos femininos e 6 mixtos.

b) Nas políticas de fomento do deporte de alto nivel e de axuda aos deportistas, o último recoñecemento de deportistas galegos de alto nivel, publicado por resolución do 14 de xullo de 2021, da Secretaría Xeral para o Deporte, pola que se fai pública a lista de deportistas recoñecidos/as como deportistas galegos/as de alto nivel, alto rendemento e rendemento deportivo de base, así como as solicitudes desestimadas e a causa, veu a recoñecer a 182 mulleres deportistas, nun total de 458 persoas deportistas.

Ambas actuacións fomentan a participación activa das mulleres no deporte, fortalecendo a súa imaxe na sociedade.

Asemade, no 2021 estableceuse unha especial colaboración da Secretaría Xeral para o Deporte coa Secretaría Xeral da Igualdade que supuxo unha serie de actuacións de sensibilización e loita contra a violencia de xénero a través do deporte, en concreto a través dos deportistas olímpicos e paralímpicos que asistiron a Toquio 2020 e dun plan de patrocinio a equipos femininos. É intención deste departamento continuar nesta liña de colaboración coa Secretaría Xeral da Igualdade, a través da notoriedade destes deportistas con proxección olímpica e paralímpica en orde á sensibilización da loita a favor da igualdade entre homes e mulleres no eido deportivo.

No ámbito das subvencións a clubs deportivos, valórase a adhesión das entidades deportivas ao Manifesto pola Igualdade e pola Erradicación da Violencia de Xénero no Deporte da Secretaría Xeral de Igualdade e da Secretaría Xeral para o Deporte, o número de licencias femininas e o número de mulleres en postos directivos da entidade.

Pola súa parte os convenios de colaboración que a Secretaría Xeral para o Deporte asina anualmente coas federacións deportivas da Comunidade Autónoma continuarán contemplando actuacións directamente dirixidas á promoción da igualdade: adhesión ao Manifesto pola igualdade no deporte asinado entre a Secretaría Xeral para o Deporte e a Secretaría Xeral de Igualdade, evolución das licenzas femininas, subvención directa de programas de promoción da igualdade no deporte (onde, entre outros extremos, valórase número de mulleres en postos directivos da federación deportiva), a non discriminación retributiva entre homes e mulleres, ou igualdade nas axudas federativas outorgadas a deportistas homes e mulleres nos mesmos niveis deportivos.

No ámbito do deporte en idade escolar, o programa Xogade, que está dirixido á poboación de entre 6-16 anos, deséñase e executase baixo un enfoque inclusivo, de forma que se manteñen a normativa e as actividades onde prevalece unha participación mixta dos equipos nas primeiras idades, dirixido a igualar a participación feminina e masculina no programa. Isto supón que, no conxunto de mutualizados, a participación sexa do 40% de rapazas e 60% rapaces. No curso 2020/21, no que á actividade deportiva escolar se refire, acadouse case o 50%. Asemade, o vindeiro curso 2021/22 plantéxase incluír novas propostas de actividades como o breaking, entre outros deportes urbanos, que atraían ao colectivo feminino así como manter programas como Espazo Lúdico, novo en 2020/21 no que non se diferencia por sexo.

PREVISIÓN E VALORACIÓN DOS POSIBLES EFECTOS DO PROGRAMA SOBRE UN E OUTRO SEXO E SOBRE A IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE MULLERES E HOMES.

No exercicio 2022, prevese seguir incrementando o número de beneficiarias nos programas antes referidos o que, en todo caso, virá supeditado á consecución dos parámetros e resultados obxectivos, de marcas deportivas acadadas. Neste incremento espérase seguir obtendo unha positiva evolución do deporte feminino.

SINALAR OS PRINCIPAIS RESULTADOS DO PROGRAMA, DENDE O PUNTO DE VISTA DO XÉNERO.

Entre outros, compre destacar os parámetros do número de licencias femininas, que cerrou o ano 2020 con 62.066, e dos equipos de alta competición patrocinados que, na tempada 2020/2021, ascenderon a 99.

C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Secretaría Xeral para o Deporte

Fundación Deporte Galego

III.1.4. PROGRAMA 461A - COBERTURA INFORMATIVA E APOIO Á COMUNICACIÓN SOCIAL:

A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

Este programa ten como obxecto a promoción dos valores e a imaxe de Galicia, o apoio a proxectos que estimulen o uso da lingua galega nos medios e a divulgación da acción institucional da Xunta.

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

Este programa está dirixido fundamentalmente ás empresas xornalísticas e de radiodifusión, así como ás universidades galegas.

DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

Os medios de comunicación social constitúen un dos elementos básicos da promoción dos valores e a imaxe de Galicia, das súas institucións e da lingua e cultura galegas.

Considérase fundamental que o sector dos medios informativos e de comunicación teñan a mellor capacidade para desenvolver as súas potencialidades nun sector extremadamente cambiante e dinámico, enormemente influído polo rápido desenvolvemento das novas tecnoloxías.

Polo tanto, as actuacións da Xunta de Galicia van encamiñadas a favorecer un marco xurídico, económico e social que permita aos medios de comunicación exercer as súas actividades eficaz e eficientemente.

DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

- Decreto 109/2021, do 15 de xullo, de estrutura orgánica dos órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia.
- Lei 14/1966, do 18 de marzo, de prensa e imprenta, e as sucesivas modificacións.
- Lei 34/1988, do 11 de novembro, xeral de publicidade, e as sucesivas modificacións.
- Lei 7/2010, do 31 de marzo, xeral da comunicación audiovisual.
- Lei 9/2011, do 9 de novembro, de medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia.
- Decreto 81/2005, do 14 de abril, polo que se regula o réxime xurídico da xestión do servizo público de televisión dixital na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Decreto 102/2012, do 29 de marzo, polo que se desenvolve o servizo de comunicación audiovisual radiofónica no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

A finalidade deste programa é potenciar o coñecemento de Galicia e das súas institucións, así como a promoción dos seus valores e da súa lingua nos medios de comunicación social.

B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres	
Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres	

Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres	X
Programa con actividades non dirixidas especificamente ás persoas, aínda que teñen impacto sobre elas como beneficiarias indirectas das accións (programas que actúan sobre o territorio, o medioambiente, a sociedade no seu conxunto, etc)	
Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión	

BREVE DESCRICIÓN DO PROGRAMA DENDE A PERSPECTIVA DE XÉNERO

Este programa orzamentario basicamente está enfocado á cobertura informativa da actividade institucional da Xunta de Galicia, así como á difusión dos valores e a imaxe de Galicia a través de accións de comunicación institucional de alcance xeral.

Neste senso, a Secretaría Xeral de Medios incorpora a perspectiva de xénero nunha dobre vertinte.

Por un lado, as campañas de comunicación contribúen á igualdade de xénero, fomentando unha imaxe equilibrada e non estereotipada de homes e mulleres. Ademais, realízanse campañas de comunicación que promoven especialmente a aplicación das políticas de igualdade e visibilizan a perspectiva de xénero.

Por outra banda, os procedementos de contratación incorporan nos pregos de cláusulas administrativas particulares o criterio de adxudicación e de desempate para aqueles licitadores que teñan implantado un Plan de Igualdade nas súas empresas, así como para aqueles que obtivesen a Marca galega de excelencia en igualdade.

IDENTIFICACIÓN DUN OU VARIOS OBXECTIVOS EN MATERIA DE IGUALDADE PRESENTES NA NORMATIVA E PLANS VIXENTES E QUE SON DE APLICACIÓN NO DESENVOLVEMENTO DAS ACCIÓN CONTEMPLADAS NESTE PROGRAMA

Incorporación da transversalidade de xénero na actuación xeral do departamento	
Información, sensibilización e educación para a igualdade de mulleres e homes	X

Transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade	X
Igualdade no acceso ao emprego, na formación e na promoción profesionais e nas condicións de traballo	
Fomento, directa ou indirectamente, da iniciativa empresarial das mulleres	
Promoción da plena incorporación das mulleres á Sociedade da Información	
Incorporación do principio de igualdade nas políticas urbanas, de ordenación territorial e vivenda	
Promoción do reparto equitativo dos tempos entre mulleres e homes que facilite a conciliación e a corresponsabilidade	X
Promoción da igualdade e da participación activa das mulleres en todos os ámbitos da sociedade (cultura, educación, política, economía, deporte, saúde, etc.)	X
Participación das mulleres no desenvolvemento rural	
Accións dirixidas á integración de mulleres en risco ou en situación de pobreza ou exclusión social	
Accións dirixidas á prevención e á loita contra a violencia de xénero	X
Outros (especificar)	

IDENTIFICACIÓN DAS ACTIVIDADES PREVISTAS DIRECTAMENTE RELACIONADAS COA PROMOCIÓN DA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES, INDICANDO PARA CADA UNHA, AS PERSOAS ÁS QUE ESTÁ DIRIXIDA. INDICAR, NO CASO DE DISPOR DESTES DATOS, AS PRINCIPAIS CARACTERÍSTICAS DAS ORGANIZACIÓNS (TIPO, ÁMBITO TERRITORIAL, ETC.) OU PERSOAS (IDADE, NIVEL EDUCATIVO, ETC.), DESTINATARIAS DAS ACCIÓNS.

Dentro da programación anual de campañas, cómpre destacar a do 8 de marzo, Día Internacional da muller, que está destinada principalmente á sensibilización e educación co fin de potenciar a igualdade entre mulleres e homes.

Tamén se desenvolve a campaña do 25 de novembro, Día Internacional da Eliminación da Violencia contra a Muller, destinada principalmente á sensibilización e o tratamento integral de cara á erradicación da violencia sexista.

Estas campañas contan cun elevado nivel de difusión, tanto a través da radio como dos xornais escritos e das súas edicións dixitais.

PREVISIÓN E VALORACIÓN DOS POSIBLES EFECTOS DO PROGRAMA SOBRE UN E OUTRO SEXO E SOBRE A IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE MULLERES E HOMES.

As campañas do Día Internacional da Muller e do Día Internacional da Eliminación da Violencia contra a Muller teñen como poboación obxectivo os homes e mulleres de Galicia, sen que exista un tratamento exclusivo ou preferente a persoas dun sexo ou doutro, tendo en conta o obxectivo de reforzar a concienciación social e contribuír a erradicar a violencia de xénero, así como promover actitudes inclusivas e normalizadoras da igualdade entre xéneros.

Estas campañas teñen como público obxectivo a poboación galega maior de 14 anos, cuantificada en aproximadamente 2.407.000 persoas.

SINALAR OS PRINCIPAIS RESULTADOS DO PROGRAMA, DENDE O PUNTO DE VISTA DO XÉNERO.

Todas as campañas previstas inicialmente realizáronse de conformidade, achegando as mensaxes sobre igualdade e de erradicación da violencia sexista aos homes e mulleres de Galicia, mediante a utilización dos soportes de prensa, radio e internet.

Non existe unha valoración cuantitativa dos resultados, tendo en conta a inexistencia de datos numéricos de avaliación das campañas desagregadas por xénero.

INDICAR SE SE TEÑEN IMPLANTADO NOVAS ESTRATEXIAS PARA UNHA MELLOR INCORPORACIÓN DA PERSPECTIVA DE XÉNERO NA XESTIÓN, DESENVOLVEMENTO E AVALIACIÓN DAS ACCIÓNS QUE FINANCIA O PROGRAMA DE GASTO. EN CASO AFIRMATIVO, FACER UNHA BREVE DESCRICIÓN.EN CASO NEGATIVO INDICAR AS DIFICULTADES ATOPADAS PARA LEVALO A CABO.

As campañas de publicidade e comunicación institucional xa incorporan a perspectiva de xénero, polo que poden ser consideradas como actuacións óptimas para reforzar a concienciación social en materia de igualdade e para a erradicación da violencia de xénero.

Tanto a creatividade como a planificación das campañas son fundamentais para mellorar o impacto na poboación das mensaxes sobre a perspectiva de xénero. Neste senso, acadar as mellores ideas creativas e unha óptima planificación da campaña son os mecanismos que permitirán incrementar o impacto das mensaxes sobre xénero entre a poboación galega.

C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Secretaría Xeral de Medios

Dirección Xeral de Comunicación

III.1.5. PROGRAMA 461B - RADIODIFUSIÓN E TVG:

A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

Coa consignación orzamentaria deste programa preténdese continuar coa mellora de infraestruturas, sistemas, equipos e servizos de telecomunicacións para a radiodifusión, a televisión ou outros servizos de comunicacións oficiais, así como os servizos técnicos para o correcto funcionamento dos equipos e sistemas que integran estas infraestruturas de difusión da comunicación audiovisual.

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

Cidadáns galegos ou outros cidadáns residentes en calquera das entidades de poboación de Galicia, concellos, empresas fabricantes ou instaladoras de equipos e infraestruturas de telecomunicacións, empresas públicas de telecomunicacións.

DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

Con base no establecido na Lei 7/2010, do 31 de marzo, Xeral da Comunicación Audiovisual, os servizos públicos de comunicación audiovisual televisiva e radiofónica de ámbito autonómico teñen a consideración de servizo esencial de interese xeral, cuxo custo neto financiarase en base aos orzamentos públicos, así como cos ingresos pola comunicación comercial.

A Lei 9/2011, do 9 de novembro, dos medios públicos de comunicación audiovisual en Galicia, regula a prestación do servizo público de comunicación audiovisual de competencia da Comunidade Autónoma de Galicia, encomendado á Corporación Radio e Televisión de Galicia.

O financiamento basearase nun sistema mixto, mediante a percepción das compensacións polo cumprimento da misión de servizo público, ademais dos ingresos da comunicación comer-

cial. As compensacións polo cumprimento das obrigas do servizo público consignaranse nos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia.

Por outra banda, unha vez rematado o proceso da liberación do segundo dividendo dixital coa reorganización das frecuencias utilizadas para a difusión da televisión dixital, en base á publicación do Real Decreto 391/2019, do 21 de xuño, polo que se aproba o Plan Técnico Nacional da Televisión Dixital Terrestre e regulaméntanse determinados aspectos para a liberación do segundo dividendo dixital, unha parte da poboación galega recibe os múltiplex dixitais a través das redes públicas dos case 300 centros de extensión de cobertura.

Todo isto supón un novo reto para a rede de difusión dos múltiples públicos de televisión dixital, e a necesidade de realizar novos investimentos en equipamento e axustes necesarios para o correcto funcionamento do servizo público de titularidade autonómica, e a garantía da cobertura a poboación, especialmente no eido rural.

DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

- Real decreto 391/2019, do 21 de xuño, polo que se aproba o Plan Técnico Nacional da Televisión Dixital Terrestre e regúlanse determinados aspectos para a liberación do segundo dividendo dixital.
- Decreto 81/2005, do 14 de abril, polo que se regula o réxime xurídico da xestión do servizo público de televisión dixital na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Decreto 109/2021, do 15 de xullo, de estrutura orgánica dos órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia.
- Lei 2/2011, do 4 de marzo, de economía sostible.
- Lei 9/2011, do 9 de novembro, dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia.
- Decreto 102/2012, do 29 de marzo, polo que se desenvolve o servizo de comunicación audiovisual e radiofónica no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Decisión 2017/899 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de maio de 2017, sobre o uso de banda de frecuencias.

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

Unha vez rematada a transición da tecnoloxía analóxica á dixital, completado o proceso de liberación do dividendo dixital, faise necesario investir en novos equipamentos necesarios para o correcto funcionamento dos múltiples dixitais de titularidade pública autonómica, conforme aos plans técnicos aprobados e aos estándares de innovación tecnolóxica no eido da televisión.

A Corporación RTVG mediante a Radio Galega e a Televisión de Galicia, ofertará aos cidadáns, a través dos distintos medios e soportes tecnolóxicamente adecuados, un número suficiente de canles que diferencien e identifiquen os contidos e o público obxecto ao que se dirixe, en función da dispoñibilidade orzamentaria.

O acceso a esta oferta terá carácter universal e estará presente nos medios ou soportes tecnolóxicos derivados do desenvolvemento da Sociedade da Información.

A Corporación RTVG avanzará cara a unha plataforma que dea servizo á audiencia, ofertando progresivamente contidos interactivos, con especial interese nos protocolos das redes IP, Internet e o uso a través de dispositivos de mobilidade. Esta plataforma actuará como punto de encontro para o intercambio, distribución e difusión de contidos.

Ao fío do exposto, as actuacións a realizar centraranse, entre outras, nas accións seguintes:

- Implantar o proxecto G24, sustentado nunha plataforma de xestión de contidos (CMS) capaz de satisfacer as necesidades informativas da cidadanía.
- Implantar un servizo de plataforma OTT innovador que integre as variables de fidelización, de aumento de cobertura e de negocio como parte dun novo modelo de transformación dixital para a Corporación RTVG.

A través deste programa dótase de medios económicos complementarios á Corporación Radio e Televisión de Galicia, S.A. co fin de dar viabilidade ao funcionamento das actividades que lles son propias, así como facilitarlle os medios materiais e técnicos suficientes para manter operativas as redes de televisión e radio institucionais e lograr unha cobertura de recepción que chegue a todo o territorio de Galicia.

B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres	
Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres	X
Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres	

Programa con actividades non dirixidas especificamente ás persoas, aínda que teñen impacto sobre elas como beneficiarias indirectas das accións (programas que actúan sobre o territorio, o medioambiente, a sociedade no seu conxunto, etc)	
Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión	

BREVE DESCRICIÓN DO PROGRAMA DENDE A PERSPECTIVA DE XÉNERO

A Corporación Radio e Televisión de Galicia, S.A.U. (en diante Corporación RTVG) ten un renovado compromiso empresarial na implicación e desenvolvemento de políticas que integren a igualdade de trato e oportunidades entre mulleres e homes, sen discriminación indirecta por razón de sexo, así como no impulso e fomento de medidas para conseguir a igualdade real no seo da organización, establecendo a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes como un principio estratéxico da política corporativa e de recursos humanos, de acordo cos principios que fixan a Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes e o Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade.

A nivel operativo, as actuacións incorporan o enfoque integrado de xénero como unha intervención transversal que pretende transformar o conxunto da organización nunha estrutura máis igualitaria, que en termos de alcance, incide en tódalas áreas: programación e contidos, produción de informativos, comercial e publicidade, recursos humanos e medios.

Neste contexto a Corporación RTVG dispón de procesos, a nivel de soporte, para avanzar nestes obxectivos: nomeadamente a Comisión de Igualdade constituída no seu consello de administración e o proxecto de igualdade corporativo.

Unha das principais características nas relacións laborais da CRTVG baséase na interlocución entre a parte social e a empresa, existindo na actualidade diferentes foros de negociación abertos, relativos a aspectos diversos relacionados coa actividade habitual da empresa e doutras cuestións organizativas e técnicas. A finais de 2018 constituíuse unha Comisión de Igualdade paritaria entre a Corporación e a parte social, a cal se reuniu no 2020 en tres ocasións. Estas xuntanzas versaron sobre o establecemento dun regulamento interno de funcionamento da comisión e sobre as diferentes propostas, e a elaboración dun plan de igualdade empresarial para a Corporación. Os traballos esténdense no 2021 e no vindeiro 2022.

Tamén cabe sinalar que a Corporación RTVG está representada no Observatorio Galego da Violencia de Xénero previsto na Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e tratamento integral da violencia de xénero e regulado no Decreto 157/2012, do 5 de xullo de 2012, polo que se desenvolve a Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e tratamento integral da violencia de xénero no relativo aos órganos consultivos e de participación.

Un dos eixos fundamentais do seu traballo é a prevención de todo tipo de violencia machista e, por iso, ten encomendadas entre outras, a función de vixiar e denunciar que non haxa discriminación sexual na publicidade.

No seo do dito observatorio, creouse unha comisión asesora de publicidade non sexista, que velará pola eliminación dos sexismos nas mensaxes publicitarias e pola incorporación de accións positivas que contribúan, dende un ámbito tan importante como a publicidade, a erradicar todo tipo de discriminación por razón do sexo das persoas. Neste senso, a Corporación RTVG ten un papel destacado.

Por outra banda, a Vicepresidencia primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo e a CRTVG colaboran cun convenio de colaboración en materia de igualdade, dirixido a realizar accións conxuntas dirixidas á promoción da igualdade e da loita contra a violencia de xénero.

Mediante esta colaboración, preténdese contribuír a reforzar a integración do principio de transversalidade de xénero na administración pública galega, de cara a conseguir unha maior eficiencia na intervención a favor da igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, xa que, pola súa implantación en Galicia, este é o medio idóneo para a difusión das accións de información, divulgación e sensibilización dirixidas á sociedade galega en xeral.

A Corporación RTVG potenciará a visibilidade e audibilidade das mulleres dentro da súa programación, empregará unha linguaxe e/ou imaxes non sexistas, especialmente no ámbito da publicidade, prestando atención informativa e dando cobertura a actividades como o Día Internacional para a eliminación da violencia de xénero ou o Día Internacional da Muller. Así mesmo, incluirase o número de teléfono de información ás mulleres nos programas, reportaxes e/ou espazos relacionados co ámbito da promoción da igualdade e da loita contra a violencia de xénero: o 016.

No eido dixital, tamén desde á área de contidos na web e nas redes sociais prestarase unha especial atención arredor destas datas, coa intención de achegar información aos públicos máis novos que consumen contidos da canle galega desde soportes móbiles.

No 2020, todo este labor no eido da igualdade viuse recompensado con varias distincións. En primeiro lugar, e segundo datos dun informe elaborado pola consultora Barlovento Comunicación no que se analizaban as retransmisións deportivas desde o ano 1992 ata este ano, revélase que a Televisión de Galicia, a través da G2, é a segunda canle de televisión xeralista que máis deporte feminino emite, e a primeira de todas as autonómicas de España. Tamén se reflicte o interese da TVG no deporte feminino no programa 'Deporte Extra', que contou no 2020, entre outras, historias sobre a futbolista Peke ("Pekegol"), o nacemento en Galicia da selección española de fútbol-sala feminino ("A primeira vez") ou a temporada histórica do Pescados Rubén Burela ("Título en tempo hostil").

Ademais, en outubro de 2020, a CRTVG obtivo por segundo ano consecutivo o indicador Empresa Igual en Xénero 2020 do Consorcio da Zona Franca de Vigo, que publica anualmente

un informe con resultados sobre a igualdade de xénero nas empresas galegas. Un indicador que só acadan o 6% das empresas de Galicia.

IDENTIFICACIÓN DUN OU VARIOS OBXECTIVOS EN MATERIA DE IGUALDADE PRESENTES NA NORMATIVA E PLANS VIXENTES E QUE SON DE APLICACIÓN NO DESENVOLVEMENTO DAS ACCIÓN CONTEMPLADAS NESTE PROGRAMA

Incorporación da transversalidade de xénero na actuación xeral do departamento	
Información, sensibilización e educación para a igualdade de mulleres e homes	
Transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade	X
Igualdade no acceso ao emprego, na formación e na promoción profesionais e nas condicións de traballo	X
Fomento, directa ou indirectamente, da iniciativa empresarial das mulleres	
Promoción da plena incorporación das mulleres á Sociedade da Información	X
Incorporación do principio de igualdade nas políticas urbanas, de ordenación territorial e vivenda	
Promoción do reparto equitativo dos tempos entre mulleres e homes que facilite a conciliación e a corresponsabilidade	
Promoción da igualdade e da participación activa das mulleres en todos os ámbitos da sociedade (cultura, educación, política, economía, deporte, saúde, etc.)	X
Participación das mulleres no desenvolvemento rural	
Accións dirixidas á integración de mulleres en risco ou en situación de pobreza ou exclusión social	
Accións dirixidas á prevención e á loita contra a violencia de xénero	
Outros (especificar)	

PREVISIÓN E VALORACIÓN DOS POSIBLES EFECTOS DO PROGRAMA SOBRE UN E OUTRO SEXO E SOBRE A IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE MULLERES E HOMES.

O regulador interno sobre o cumprimento das estratexias de Igualdade na CRTVG é o propio Consello de Administración que conta cunha Comisión de Igualdade que vela pola observancia da normativa neste eido nos medios de comunicación dependentes da CRTVG. A Comisión

de Igualdade celebrou catro sesións no 2020, participando nelas os responsables das Áreas de Proxección Social, Innovación e Negocio, Recursos Humanos e Informativos e Documentación.

A CRTVG conta, desde 2017, cunhas "Normas reguladoras de comunicación comercial audiovisual emitida a través das canles e servizos conexos e interactivos da Corporación Radio e Televisión de Galicia, S.A. (Corporación RTVG)" co seu capítulo III dedicado á "Imaxe da Muller":

"Artigo 41. Normativa.

As comunicacións comerciais audiovisuais que se difundan a través das canles e servizos conexos e interactivos da Corporación RTVG nas que apareza a imaxe do home ou da muller deberán realizar unha promoción activa da igualdade entre o home e a muller. Nese senso, non conterán elementos que contraveñan a normativa aplicable, especialmente:

a) Na Lei Orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes.
b) No Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade.

Artigo 42. Imaxe da muller nas comunicacións comerciais audiovisuais.

1. Na Corporación RTVG estará prohibido calquera tipo de sexismo na comunicación comercial audiovisual. Consecuentemente, as comunicacións comerciais audiovisuais serán extremadamente coidadosas coa imaxe da muller.
2. Non se admitirán aquelas comunicacións comerciais audiovisuais que utilicen unha linguaxe ou a imaxe da muller con carácter vexatorio ou discriminatorio, entre elas aquelas que:
   a) Promovan, xustifiquen, banalicen ou inciten á violencia contra as mulleres, ou nas que se conteñan expresa ou implicitamente mensaxes misóxinas ou que atenten contra a dignidade humana.
   b) Presenten ás mulleres ben utilizando particular e directamente o seu corpo ou partes do mesmo como mero obxecto desvinculado do produto ou servizo que se pretende promover, ben na súa imaxe asociada a comportamentos estereotipados que vulneren os fundamentos do ordenamento xurídico coadxuvando a xerar a violencia á que se refire a Lei Orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero, ou norma que a substitúa.
   c) Fomenten un canon de beleza feminino que pode incitar comportamentos lesivos para a súa saúde.

Artigo 43. Campañas institucionais.

A Corporación RTVG apoiará e dará un tratamento preferente no acceso aos seus espazos publicitarios ás campañas institucionais que desenvolvan os organismos públicos co obxectivo de

eliminar as desigualdades e promover a igualdade de mulleres e homes. A tales efectos, estableceranse os oportunos mecanismos ou acordos de colaboración institucional".

Externamente a CRTVG forma parte do Observatorio Galego de Violencia de Xénero constituído en 2014 e que conta con representantes das administracións, da Xustiza, sindicatos, asociacións de mulleres e medios de comunicación coma a CRTVG para traballar coordinadamente para atallar o machismo e as mortes e agresións. A CRTVG participou activamente na comisión específica creada para detectar e retirar os contidos e mensaxes publicitarias sexistas que promovan a discriminación sexual. A CRTVG forma parte desde 2015 da Comisión Asesora de Publicidade non sexista do Observatorio Galego de Violencia de Xénero, e participa activamente neste foro de asesores no que se valoran as denuncias daqueles casos de publicidade que fai un posicionamento non axeitado do papel da muller na sociedade. Informe do que logo se da conta para un control interno na Comisión de Igualdade do Consello de Administración.

A CRTVG está integrada na asociación Autocontrol de Publicidade, organización da que participa todo o sector da publicidade en España. Esta entidade ten vixente un código de conduta ou normas reguladoras da emisión de mensaxes publicitarias e de televenda que atende, entre outros aspectos, o cumprimento dos principios da igualdade de xénero e persegue, de oficio e tamén en resposta a reclamacións, a emisión de contidos sexistas a través das mensaxes comerciais.

A CRTVG estableceu que nas contratacións públicas, no caso de empate entre varios candidatos, un criterio de desempate sería a acreditación por parte do licitador da condición de Marca Galega de Excelencia en Igualdade.

Todas as campañas de Responsabilidade Social Corporativa (RSC) da CRTVG teñen a igualdade coma eixo transversal. O 2020 foi un ano especial, o da explosión da COVID 19, e a pesar de que houbo que mudar a estratexia anual de RSC nunca se perdeu a perspectiva de xénero. A partir de marzo de 2020 a CRTVG asumiu como RSC toda a comunicación tanto interna como externa sobre a COVID 19. Baixo o paraugas de #Coidémonos a corporación lanza a maior campaña de comunicación de servizo público da súa historia, na que a igualdade e a defensa da muller están presentes en todas as accións: desde a paridade de protagonistas nas diferentes campañas de apoio e concienciación, a accións moito máis específicas como os vídeos creados pola CRTVG no confinamento que respondían a preguntas como: "Que facer se estás a ser vítima da violencia de xénero durante o confinamento?".

A CRTVG, como socia do Pacto Mundial das Nacións Unidas, uniuse á celebración tamén prestando especial atención a este eido con reportaxes e entrevistas na súas grellas. Por exemplo, na véspera do 25 novembro a G2 ofreceu o documental "Todas as mulleres que coñezo". O programa "A Revista" do día 25 estivo dedicado a varias iniciativas, como o proxecto "Madejas contra la violencia", ou entrevistas con Marta Rodríguez Engroba, presidenta da asociación "Si hai saída". Desde os deportes na Radio Galega sumáronse á iniciativa do CB Nigrán para loitar con-

tra a violencia machista, entre outras accións. En todo caso o compromiso da CRTVG coas políticas de igualdade é os 365 días do ano máis aló da programación especial nunhas datas específicas.

Por exemplo, entrevistando no 'Galicia por diante' da Radio Galega á coordinadora do colectivo 'Mulleres de seu'; á directora xerente de 'Mar de Frades'; e a unha gandeira de Xunqueira de Ambía. Pola súa parte, na TVG 'A revista' visitou en directo a Asociación de Mulleres Rurais de Portomarín Lugo (O Xaramago).

SINALAR OS PRINCIPAIS RESULTADOS DO PROGRAMA, DENDE O PUNTO DE VISTA DO XÉNERO.

A Corporación é exemplo de igualdade na súa estrutura directiva. Máis concretamente, no 2020, o 48,6% dela son mulleres: 19 homes e 18 mulleres. As áreas de Soporte Tecnolóxico, que engloba toda a xestión dos departamentos técnicos de produción, e a de Información e Documentación, a de maior peso na parte xornalística, están dirixidas por dúas mulleres. En pantalla, a presenza de presentadoras e xornalistas é tamén maioritaria. Son mulleres, ademais, a adxunta ao director xeral, a directora do Departamento Operativo dos Servizos Informativos, a directora de Recursos Humanos, a subdirectora de Contidos, a xefa de Programas da Radio Galega e unha redactora xefa de Informativos, xunto a outras nove xefas de servizo e outras responsables de área. E no Consello de Administración, composto por 7 persoas, incluído o director xeral, hai un 42,8% de mulleres.

Na pantalla, a presenza das mulleres en informativos é maioritaria. E tamén nos deportes temos facianas femininas e non só presentando as noticias, senón tamén narrando os partidos de fútbol e comentando a xornada. E no Departamento de Predición Meteorolóxica hai tres mulleres en pantalla por un só home.

En total, son mulleres o 39,3 % do total do persoal da CRTVG. E no que respecta aos salarios, na CRTVG non é que non haxa fenda salarial entre homes e mulleres: é que a fenda salarial existente é favorable ás traballadoras. Así mesmo, no que respecta á conciliación laboral, a CRTVG implementa distintas medidas para facilitar a compatibilización do traballo e da vida persoal para os empregados e empregadas. A porcentaxe deles que goza no 2020 de medidas de conciliación é do 16,1%, 5,6 puntos máis que no 2019.

Por outra parte, a web da CRTVG dispón desde 2014 dunha canle temática sobre temas de igualdade. Dentro da súa función de servizo público e en consonancia coas súas liñas de acción de responsabilidade social corporativa, creou unha sección específica denominada "CRTVG coa Igualdade", onde se recollen reportaxes, informacións ou entrevistas sobre igualdade, emitidas en distintos espazos da TVG (http://www.crtvg.es/crtvg/canles-tematicas/igualdade).

INDICAR SE SE TEÑEN IMPLANTADO NOVAS ESTRATEXIAS PARA UNHA MELLOR INCORPORACIÓN DA PERSPECTIVA DE XÉNERO NA XESTIÓN, DESENVOLVEMENTO E AVALIACIÓN DAS ACCIÓNS QUE FINANCIA O PROGRAMA DE GASTO. EN CASO AFIRMATIVO, FACER UNHA BREVE DESCRICIÓN.EN CASO NEGATIVO INDICAR AS DIFICULTADES ATOPADAS PARA LEVALO A CABO.

A CRTVG seguirá velando pola transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade, tanto no eido dos contidos da súa programación como no da publicidade.

Nesta liña, e como membro do Observatorio Galego de Violencia de Xénero -constituído en 2014 con representantes das administracións, da Xustiza, sindicatos, asociacións de mulleres e medios de comunicación-, a CRTVG continuará participando activamente na comisión específica creada para detectar e retirar os contidos e mensaxes publicitarias sexistas que promovan a discriminación sexual.

Ademais, a CRTVG seguirá a traballar anualmente no eido da RSC, alineada coa misión e actividade do Pacto Mundial das Nacións Unidas en España e cunha estratexia corporativa propia, #Accións G, coa que se expresa o compromiso cara a acción da CRTVG e os seus traballadores/as, e nesa estratexia contarase cada ano cunha campaña específica de xénero.

C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Secretaría Xeral de Medios

Corporación Radio e Televisión de Galicia, S.A.

III.1.6. PROGRAMA 571A - FOMENTO DA SOCIEDADE DA INFORMACIÓN E DO COÑECEMENTO

A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

O Programa de fomento da sociedade da información e do coñecemento atende ao obxectivo estratéxico do Plan Estratéxico de Galicia 2015-2020 OE 4.1.04 "Mellorar o uso e a calidade das TIC e o acceso as mesmas" incluído no "EIXE 4. SOCIEDADE DIXITAL, CULTURA E REFORZO DO PESO DE GALICIA NO SEU ENTORNO", en concreto na PA.4.1. "Consolidar o modelo de crecemento vinculado á economía dixital. Apoio á industria cultural e de medios como unha fonte de riqueza e impulso ao desenvolvemento da sociedade da Información".

Adicionalmente, as actuacións da Axencia noutras áreas (Xustiza, Política Social e Educación...) aparecen recollidas nos correspondentes programas de gasto:

- 131 A " Administración de Xustiza"
- 311 A " Dirección e Servizos Xerais de Promoción Social"
- 421 A "Dirección e Servizos Xerais de Educación"
- 611 A "Dirección e Servizos Xerais de Facenda"

As necesidades e retos detectados neste eido son os de:

- Desenvolver servizos públicos dixitais en todos os ámbitos de goberno que melloren a calidade de vida dos cidadáns e que garantan a súa autonomía persoal.
- Lograr unha cidadanía altamente competente no ámbito dixital e completamente integrada na sociedade do coñecemento.
- Conformar un sector TIC competitivo e innovador, catalizador doutros sectores estratéxicos da economía a partir da innovación e especialización tecnolóxica.
- Evolucionar cara a un sector empresarial integrado totalmente na economía do coñecemento.
- Dispoñer de infraestruturas de telecomunicacións de última xeración tractoras de novos servizos que posibiliten un maior achegamento da cidadanía á sociedade do coñecemento.

Así, os resultados que se pretende conseguir son os de acadar a modernización tecnolóxica dos servizos públicos mediante proxectos vinculados á Administración electrónica e consolidar o e-Goberno e a incorporación das TIC e as novas posibilidades de xestión que estas ofrecen á Administración Pública para facilitar e facer máis eficientes as relacións coa cidadanía e as empresas.

NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

Galicia suma un amplo percorrido do proceso de transformación dixital nos últimos anos, centrado en promover a conectividade e a dixitalización dos servizos e actividades, construíndo o camiño da transformación dixital de todas as áreas de desenvolvemento da Comunidade.

Actualmente, facilitar a transición cara a unha sociedade máis dixital e ecolóxica constitúe unha prioridade comunitaria fundamental para potenciar a revitalización da economía e asegurar unha senda de crecemento sostible. Un aspecto que cobra aínda máis importancia para apoiar á recuperación dos danos económicos e sociais que está a provocar a pandemia do coronavirus.

Neste contexto, tomando como base os logros acadados no ámbito dixital na Comunidade nos últimos anos e o novo contexto social, económico e tecnolóxico; no 2020 aprobouse a

Estratexia Galicia Dixital 2030 (EGD2030) coa visión posta en situar a Galicia como unha rexión intelixente de referencia en Europa, onde o uso das tecnoloxías dixitais contribúe a aumentar a calidade de vida e o desenvolvemento sostible nas súas tres vertentes: social, económica e medio ambiental.

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

As actuacións previstas dentro deste programa teñen carácter universal, pois están dirixidas a acadar a inclusión no novo contexto dixital da sociedade galega no seu conxunto (cidadanía en xeral, Administracións Públicas, sector empresarial, asociacións sen ánimo de lucro), contribuíndo de xeito decisivo na xeración dunha economía do coñecemento que sirva de base para o progreso económico e social cara uns maiores niveis de benestar para a totalidade da poboación galega, ademais de levar a cabo un proxecto tecnolóxico global na Xunta de Galicia que impulse a modernización da Administración Pública.

DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

Ao longo da historia, os avances tecnolóxicos aumentaron a eficiencia dos medios para producir, mudaron a forma de consumir e diminuíron barreiras de espazo e tempo. Ningún destes avances tivo a capacidade transformadora das tecnoloxías dixitais; a transformación dixital xa non consiste en adaptarse aos cambios, senón en xerar o cambio aproveitando o potencial da tecnoloxía. Neste contexto, xurde o proceso de elaboración da Estratexia Galicia Dixital 2030, co obxectivo de establecer unha estratexia dixital única para Galicia, da que sexan participes a cidadanía, as empresas e as administracións, co fin último de contribuír ao aumento da calidade de vida e ao desenvolvemento sostible nas súas tres vertentes: económica, social e medioambiental.

A Estratexia Galicia Dixital 2030 constitúe unha folla de ruta para apoiar a toma de decisións no ámbito dixital na próxima década que, sobre as bases construídas, contribúa a extrapolar ideas das tendencias globais actuais, explorar algúns dos desafíos clave que darán forma ao futuro de Galicia, e anticipar mellor algunhas das eleccións e decisións que poderemos afrontar nos próximos anos.

En febreiro de 2021 publícase o resultado final, que conta cos ambiciosos obxectivos de situar a Galicia como unha rexión dixital de referencia en Europa, implantar un marco dixital común para todas as administracións públicas galegas, desenvolver un novo marco xurídico que regule a nova realidade dixital e buscar un ecosistema atractivo para facilitar o investimento privado.

No proceso de elaboración, fíxose unha profunda introspección dende o detalle ata o máis alto nivel e levouse a cabo a previsión e elaboración de diferentes actuacións e proxectos que

axudarán á comunidade a alcanzar os obxectivos fixados. Ás fontes de financiación habituais súmanse os recursos de recuperación dispostos pola Unión Europea, que axudarán a dar resposta a esta crise. Os fondos Next Generation UE, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (PRTR), distribuirán un total de 140.000 millóns para España entre 2021 e 2026 a través de dúas liñas principais: o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia (MRR) e o mecanismo de Axuda á Recuperación para a Cohesión e os Territorios de Europa (REACT-UE). Neste contexto, os presentes orzamentos recollen os importes destinados ao financiamento de iniciativas previstas para o 2022 con cargo á dita tipoloxía de fondos.

Dende a aprobación, no ano 2015, do "Plan de Administración e Goberno Dixitais. Horizonte 2020", aliñado coa lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e igualmente aliñado co marco normativo galego de referencia neste ámbito: a Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, leváronse a cabo actuacións para a posta a disposición das ferramentas, sistemas e medios para habilitar a posibilidade de tramitación electrónica no proceso íntegro de relación entre un cidadá e a administración pública. Así, puxéronse en marcha elementos tan salientables como o arquivo electrónico único da administración pública galega; o sistema de notificacións electrónicas; o rexistro electrónico de apoderamentos e outros instrumentos que permitiron acadar medios de tramitación dixital. Todos estes sistemas, xunto con outros xa existentes como a sede electrónica ou a plataforma de intermediación de datos e documentos PasaXe!, acadaron un incremento continuado dos niveis de uso, tanto de xeito directo como integrados cos sistemas de tramitación especializados. Este incremento do uso queda reflexado claramente nos informes obtidos do sistema de indicadores de administración dixital. Igualmente, incrementáronse os servizos dixitais en ámbitos como as oficinas de rexistro, coa incorporación dos procesos de dixitalización, a sistema de cita previa, a notificación por comparecencia, ou a emisión de copias auténticas. Estas actuacións situáronnos nun punto de partida axeitado para abordar unha nova fase do proceso de dixitalización da administración pública, incorporando servicios de carácter máis personalizado e proactivo baseados na calidade da información da administración pública, a consolidación dunha carpeta avanzada da cidadanía, a automatización intelixente de procesos, a xestión de asistentes virtuais ou a incorporación da analítica de procesos.

Dentro das actuacións de ordenación dos medios TIC na Xunta de Galicia, en 2021 continuouse coa extensión dos procesos de racionalización da dotación e xestión dos medios de impresión, así como dos equipos en posto de traballo e do catálogo de software de uso corporativo. Destaca a posta en marcha do "Plan 2021-2023 de posto dixital avanzado de persoal empregado público", que ten como finalidade garantir un escenario seguro e sostible dos medios dixitais no posto de traballo, facendo especial fincapé nos aspectos que permitan a mobilidade das traballadoras e traballadores da administración, incluíndo a posibilidade efectiva do teletraballo, así como os medios para o desenvolvemento ordinario da actividade de xeito remoto.

En 2021 tivo tamén especial relevancia a consolidación das plataformas orientadas as actividades de formación e capacitación en remoto, en especial nos ámbitos da hostalería, a posta

en marcha do campus virtual de emprego, ao ser, cada vez máis, os sectores que utilizan estas plataformas para a relación cos seus colectivos de referencia.

Doutra banda, a aprobación do decreto 123/2021, do 2 de setembro, polo que se regula o Marco galego de competencias dixitais e a certificación galega en competencias dixitais, como desenvolvemento da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de Administración Dixital de Galicia, supuxo a posta en marcha do plan de implantación do marco galego de competencias dixitais, orientado a cidadanía en xeral e ao empregado público en particular, así como a fomentar as capacidades de desenvolvemento nun contexto dixital con criterio, seguridade, e aproveitando as posibilidades que os servizos dixitais ofrecen.

No eido da Administración de Xustiza, neste ano estase a elaborar o III Plan de Sistemas TIC da Administración de Xustiza en Galicia: Senda2025, cuxo principal obxectivo e a consolidación do expediente xudicial electrónico íntegro, e potenciar tamén as relacións dixitais coa cidadanía e profesionais, nunha contorna dixital. Este plan ten como punto de partida un escenario acadado no que a totalidade dos órganos xudiciais dispoñen da sinatura dixital. Incrementáronse os servizos dixitais cara o cidadán e a comunicación electrónica con outras administracións ou colectivos, e abordouse de xeito continuado a dotación de medios dixitais nas salas de vistas, salas de declaracións ou outras salas nas que se celebran actos procesais. Igualmente incrementáronse as actividades de implantación e capacitación no uso dos sistemas e medios dixitais.

Igualmente, no 2021 comezouse co deseño de novas estratexias, como o deseño da Plataforma de Territorio Intelixente como elemento transversal dos sistemas de información da Xunta de Galicia, orientada a permitir o coñecemento e xestión dixital do territorio, imprescindible para o desenvolvemento de servizos dixitais.

Por outra banda, merecen mención tamén:

No eido da empresa, en 2021 destaca a posta en marcha da iniciativa Oficina Virtual Galicia Empresa, dentro das iniciativas vinculadas ao Sistema de atención ao investimento, recollido na LEI 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia e que ampliará o seu alcance en 2022.

No eido da Cultura, e en concreto na iniciativa "Memoria Dixital de Galicia", en 2020 avanzouse na execución de proxectos para o aproveitamento das TIC no eido da dixitalización, xestión e difusión do patrimonio cultural de Galicia. Neste senso, continuouse coa evolución e incremento de fondos en Galiciana.gal, que recolle o patrimonio dixital de Galicia, tanto no relativo a fondos arquivísticos como fondos bibliográficos, e integrado coa rede Europeana. Para acompañar o proceso de dixitalización de fondos patrimoniais, resolveuse unha segunda convocatoria de subvencións para a dixitalización do patrimonio cultural galego e a súa preservación e difusión no recolector de Galiciana-Patrimonio Dixital de Galicia para o período 2020-2021, dirixida a outras administracións ou institucións que custodian patrimonio cultural. Xunto con Galiciana, outras actuacións salientables foron a implantación do sistema de xestión e xeolocalización do

catálogo de bens patrimoniais; ou, no ámbito do sistema galego de bibliotecas, a posta en marcha do sistema de xestión blibliotecario para as bibliotecas especializadas e a posta en marcha da implantación do sistema de xestión en 150 bibliotecas escolares.

No plan SmartTurismo, avanzouse na dixitalización dos procedementos incluídos no sistema de Xestión de Recursos Turísticos de Galicia, así como na presenza en internet do Xacobeo 2021. Abordouse a posta en marcha do programa BonoTurístico e diversas actividades orientadas ao soporte tecnolóxico ás medidas de recuperación do sector, e iniciouse a execución do proxecto de posta en marcha de tecnoloxías tipo bigdata no eido do turismo, tanto no relativo á oferta como á identificación dos usos de turistas e visitantes. Igualmente, levouse a cabo a dotación de sistemas de carteis dixitais en diversas oficinas de turismo dependentes da Xunta de Galicia.

Nos ámbitos sectoriais, a modernización tecnolóxica de distintas áreas: educación, servizos sociais, transporte, vivenda, urbanismo, medio ambiente, emprego, agro-gandería, forestal, mar, turismo, cultura,... implica a necesidade de procesos de transformación e de plataformas e sistemas de información que dean soporte a ditos procesos de modernización e permitan tanto a relación telemática entre os cidadáns e a administración como a xestión dixital desas áreas e a xeración de valor engadido a través da análise da información. Esta necesidade tamén se ve acrecentada pola necesidade de sistemas que permitan a xestión dos instrumentos dispoñibles no novo período de financiamento europeo.

En particular destacar proxectos estratéxicos de transformación nos seguintes ámbitos:

- O impulso ao proxecto de transformación do sistema educativo galego a través das TIC, que acadou ao longo do curso 2020-2021 máis de 34.000 rapaces de preto de 460 centros que recibirán un ensino dixital. Para acompañar este impulso dotouse ao alumnado e profesorado de novos dispositivos (máis de 18.000) no eido do programa EDIXGAL; e tamén distribuíronse máis de 14.000 equipos para reducir a fenda dixital educativa con kits de conexión a internet; proporcionáronse novos contidos educativos dixitais, en especial os fornecidos dentro da iniciativa DIXIT de creación de contidos educativos dixitais innovadoras a través da colaboración entre o profesorado galego e o sector tecnolóxico, que una as capacidades dos docentes e dos sectores TIC e audiovisual; ofreceuse ao alumnado, profesorado e familias un soporte Premium acorde as necesidades dunha educación dixital; e desenvolveuse un plan de capacitación de profesorado no aproveitamento das posibilidades das TIC na transformación do ensino.
- As actuacións do Plan de continxencia para garantir a docencia no sistema educativo, entre as que cómpre destacar iniciativas como o desenvolvemento da plataforma EduCOVID como canle áxil e segura dos centros educativos co centro de rastrexo de contactos covid, o reforzo das ferramentas de teleensino, para o que foi necesario poñer ao dispor da comunidade educativa aulas virtuais, plataformas de videoconferencia e sistemas áxiles de comunicación coas familias, así como a posta a disposición do alum-

nado de máis de 3.000 equipos informáticos e kits de conexión a internet para garantir a igualdade de oportunidades.

- O Modelo Dixital de Atención Sociosanitaria para residencias de maiores e discapacitados - Plan de acción 2021-2023 - no que, ademais de dárselle continuidade a iniciativas desenvoltas a través do Plan Trabe, artéllase o adecuado acompañamento tecnolóxico ao novo modelo de atención socio-sanitaria, co lanzamento de novas actuacións de alto impacto a nivel de transformación dixital deste eido, como son o desenvolvemento do novo sistema de censo global de residentes, ou a implantación do sistema de historia clínica corporativo HCEPRO en todas as residencias con persoal sanitario.
- A modernización tecnolóxica do transporte baseada nos principios dunha xestión integral de todo o transporte e nunha relación telemática co sector que permita proporcionar información dos servizos aos cidadáns e a análise para unha toma de decisións óptima. Con base nestes principios, dende 2017 vense desenvolvendo o Plan de Modernización Tecnolóxica do Transporte en Galicia (e-Mobility), que estableceu as liñas mestras de actuación tecnolóxica neste eido.
- A Xestión e conservación do medio ambiente. A modernización neste ámbito estase a levar a cabo mediante o desenvolvemento de sistemas integrais para a xestión da relación telemática co sector (como e o caso da Plataforma Galega de Xestión de Información Ambiental – GAIA), e a posta en valor da información a través de ferramentas de análise de datos para a toma de decisións.
- Transformación dixital do urbanismo. A modernización neste eido basease no desenvolvemento da plataforma urbanística dixital de Galicia que permitirá a xestión integral dos diferentes instrumentos de planeamento urbanístico para convertelo nun proceso normalizado, estruturado, transparente e simplificado.
- A transformación do sector primario a través das TIC artéllase a través do Programa Primare, que aglutina as actuacións de modernización dos distintos ámbitos do sector primario. Destacan, entre outros, o proxecto de modernización da comercialización e xestión das lonxas (Primare-Lonxas), que permitirá acadar ao remate de 2021 co sistema implantado en 35 rulas e confrarías galegas e o proxecto Agro 4.0 que, aproveitando os resultados obtidos nun anterior proxecto de compra pública de tecnoloxía innovadora, senta as bases da modernización de ferramentas de xestión das explotacións agrarias -Agro 4.0.
- Novas plataformas promocionais e de comercio electrónico para os produtos galegos de calidade diferenciada, que facilite aos produtores con selo de calidade (DOP, IXP, ecolóxicos, artesanais) unha nova plataforma de promoción baixo a imaxe de marca "Experiencias de Calidade", potenciando os aspectos diferenciais dos produtos galegos e aproveitando as tecnoloxías para dotarlles de canles adicionais de publicidade, venda e distribución dos seus produtos.
- No ámbito do Emprego, desenvolvéronse con urxencia sistemas de información para xestión dos ERTEs e un sistema automático para a tramitación das axudas e o adianto do pago.

No eido da Facenda Autonómica, o ano 2021 supuxo a integración do CixTEC na estrutura da Amtega como unha nova área denominada "Area de Transformación Dixital da Facenda Autonómica". Durante este ano, os proxectos máis relevantes foron os seguintes:

- No eido tributario, a implantación dun novo sistema de pagamentos telemáticos que permite o pago con tarxetas de calquera entidade sen ningún tipo de comisións, así como a robotización de principio a fin da xestión do imposto de vehículos.
- No que respecta aos sistemas de control e xestión económico, no 2021 puxéronse en funcionamento o novo sistema para a elaboración dos escenarios orzamentarios plurianuais; o novo sistema de impresión para a Conta Xeral e os Orzamentos; o Sistema de información de edición e maquetación de publicacións para a edición e impresión dos libros dos orzamentos e a Conta Xeral, e o novo XumcoFI, que supón unha profunda evolución tecnolóxica e funcional do módulo de contabilidade financeira de XUMCO.
- No que se refire aos sistemas de nómina e contratación, o máis relevante foi a consolidación do nodo de contratación electrónica de Galicia, co acordo de Consello do plan de implantación de Plation, así como o arranque da propia implantación. A integración coa Tesourería Xeral da Seguridade Social (TGSS) para a comunicación dos movementos de afiliación, enfermidades, certificados de empresa de nacemento e coidado de menor tamén foi unha actuación destacada.

En canto á infraestrutura de telecomunicacións, na actualidade, a rede corporativa da Xunta de Galicia dá servizo a preto de 3.000 centros repartidos por toda a xeografía galega. Esta dispersión fai moi complexo garantir unha equidade no servizo proporcionado, debido a que hai moitas localizacións rurais onde non é tecnoloxicamente posible chegar co mesmo nivel de servizo que nas zonas urbanas.

Así pois, é imprescindible manter e evolucionar o servizo de comunicacións de datos e de telefonía para estes centros, ao mesmo tempo que é preciso mellorar o servizo para os centros onde a día de hoxe se chega con dificultade, o que require importantes investimentos, que son precisos para acadar unha equidade nos servizos, independentemente da situación dos centros galegos.

O CPDi da Amtega é o centro de procesos de datos que ofrece as maiores garantías para o aloxamento de todos os sistemas de información da Xunta de Galicia. Leváronse a cabo obras para a súa ampliación, e en 2022 está previsto o acondicionamento de cableado e racks de comunicacións para a continuación fornecer da infraestrutura necesaria para poder abordar tanto o crecemento dos proxectos dixitais existentes, e que se expandiron a causa da situación COVID vivida a partes de 2020, como para o aloxamento de novos proxectos tecnolóxicos.

En materia de seguridade, en 2021 finaliza a execución do Plan Director de Seguridade TIC 2015-2021, polo que estase a elaborar a nova Estratexia Galega de Ciberseguridade para o período 2022-2027. Continuarán realizándose tarefas de xestión e supervisión da seguridade corporativa da Xunta de Galicia así como de seguimento do cumprimento normativo en materia

de protección de datos persoais e do Esquema Nacional de Seguridade, ademais da promoción e realización de actividades de concienciación e formación.

Continuarase co servizo de xestión da seguridade da información, auditoría e vixilancia da ciberseguridade, para mellorar as capacidades de prevención, detección e reacción ante incidentes de ciberseguridade.

En 2021 licitouse un acordo marco de servizos de ciberseguridade, polo que en 2022 está prevista a execución de contratos derivados dese acordo marco para prestar servizos, fundamentalmente no ámbito da administración local (concellos e deputacións).

En 2021 asinouse un convenio coa Fundación Cidade da Cultura para a construción do edificio que albergará o Centro de Ciberseguridade de Galicia. En 2021 estase traballando no deseño do edificio polo que a previsión é que en 2022 comecen as obras de construción.

Grazas ao primeiro Plan de Banda Larga, a cifra de cobertura de banda larga poboacional aumentou ata acadar un 98% con tecnoloxías cableadas e sen fíos e o 2% restante vía satélite. Así mesmo, acadouse o 99% dos centros de demanda da administración con cobertura. Ademais, Galicia constituíuse nunha das primeiras rexións a nivel nacional e europeo que impulsaron o despregamento de redes de nova xeración (NGA) seguindo as directrices da Axenda Dixital para Europa.

Posteriormente, a través do Plan de Banda Larga 2020, deuse continuidade á extensión de redes ultrarrápidas no territorio galego coa finalidade de avanzar na consecución dos obxectivos establecidos na Axenda Dixital para Europa de garantir unha cobertura de banda larga de cando menos 30Mbps para a totalidade da poboación e impulsar a contratación nos fogares de servizos de banda larga por riba dos 100Mbps.

O Plan 2020 da Xunta complementa ás convocatorias de axudas para o despregamento de redes ultrarrápidas que executa o Estado a través do Programa Nacional de Extensión da Banda Larga de Nova Xeración. Grazas ás actuacións de ambas administracións acadáronse os seguintes obxectivos a mediados de 2020: o 95% dos galegos con cobertura de redes de 30Mbps, 72% con redes de 100Mbps e no que respecta a polígonos industriais, o 77% con redes de 350Mbps xa dende 2018.

Coas subvencións concedidas por ambas administracións ata agora, agárdase que preto do 90% dos galegos conte con cobertura de redes de máis de 100Mbps no ano 2022, o que supón un incremento de 29 puntos porcentuais respecto á cobertura existente antes de que se iniciasen estas actuacións.

Cómpre salientar, igualmente, que de cara ao próximo período, é o Goberno de España o que conta cos principais fondos europeos para continuar coa extensión de redes de moi alta velocidade no territorio do Estado e, por conseguinte, en Galicia. Neste senso, o Goberno central aprobou a finais de 2020 o novo Plan para a Conectividade e as Infraestruturas Dixitais da

sociedade, a economía e os territorios, así como a Estratexia de impulso ao desenvolvemento da tecnoloxía 5G.

Con estes mecanismos, o Goberno de España pretende acadar os novos obxectivos 2025 establecidos por Europa, entre os que se atopa acadar ao 100% da poboación con cobertura de 100Mbps; dotar de 1Gbps ao principais motores socioeconómicos e estender as novas redes 5G en vías de transporte e cidades. Ademais, o Estado contempla o traslado ás CCAA de parte dos fondos europeos enmarcados no Mecanismo de Recuperación e Resiliencia para actuacións relacionadas coa conectividade.

Con todo isto, a Xunta pola súa parte está a definir actualmente unha nova estratexia no ámbito da redes de banda larga ultrarrápida para continuar traballando nesta liña en coordinación e colaboración co Goberno central de cara aos obxectivos 2025 establecidos por Europa.

Concretamente, as actuacións enmarcadas na nova estratexia que se prevén iniciar por parte da Xunta de Galicia no ano 2022 serán as seguintes:

- Medidas destinadas á mellora da conectividade e o reforzo da mesma en polígonos industriais e centros.
- Iniciativa de bonos dixitais para a contratación de servizos de banda larga de mais de 30Mbps destinados a colectivos vulnerables.
- Accións para a mellora da conectividade e reforzo das redes locais dos centros públicos de referencia.
- Actuacións destinadas á mellora das infraestruturas de telecomunicacións en edificios.

Por outra banda, o Goberno galego, consciente da importancia dos servizos de comunicacións en mobilidade, tamén traballará ao longo do no ano 2022 nunha actuación de mellora de cobertura móbil en zonas con deficiencias do rural, actuación actualmente pendente de validación por parte da Comisión Europea, en cumprimento coa normativa de axudas de Estado.

No ámbito das comunicacións en mobilidade, compre recordar tamén o traballo realizado no marco do Plan Galicia 5G aprobado no ano 2018 para posicionar á Comunidade como territorio preferente na fase de pilotaxe de solucións tecnolóxicas baseadas na tecnoloxía 5G, que será o paso previo ao despregamento destas redes.

En concreto, púxose en marcha o Nodo de Cooperación 5G para facilitar o desenvolvemento de solucións baseadas nesta tecnoloxía que dean resposta á necesidades concretas en ámbitos prioritarios para a Comunidade. Constitúese como punto de encontro entre desenvolvedores e demandantes de solucións desta tecnoloxía para actuar como concentrador dos retos derivados das demandas do mercado e as capacidades das empresas do ecosistema 5G de Galicia e que estableceu os cimentos para que Galicia conseguira 1 piloto 5G por cada convocatoria licitada por Red.es a nivel nacional. Actualmente estase a traballar en 30 casos de uso e

pilotos de 5G nas sete principais cidades galegas en ámbitos clave para Galicia como a sanidade, as emerxencias, o turismo ou a loita contra os incendios, entre outras.

Ademais, para permitir que o ecosistema de 5G de Galicia dispoña de capital humano coas capacidades axeitadas, elaborouse un programa formativo no eido da tecnoloxía 5G, o Curso de Especialista en 5G, que tivo dúas edicións no ano 2019 e 2020.

No eido da inclusión dixital da cidadanía, a Rede CeMIT, composta por 97 aulas en 91 concellos e o Programa de Voluntariado Dixital de Galicia, levan traballando desde o seu lanzamento en 2011 e 2012, respectivamente, na promoción do uso das TIC na poboación, proporcionando plans de alfabetización e capacitación dixital á cidadanía en xeral e especialmente entre os colectivos en risco de exclusión dixital. Ambas iniciativas foron os instrumentos clave para desenvolver o Plan de Inclusión Dixital de Galicia 2020, que se centrou na consecución dunha sociedade plenamente dixital, e xerou as bases para que calquera persoa poida evolucionar no seu nivel de madurez dixital, así como o Plan de Promoción do Talento Dixital de Galicia, DigiTalent, orientado á promoción do talento dixital e para asegurar que Galicia compite como rexión de referencia a nivel europeo no ámbito da transformación dixital a través de profesionais que respondan ás necesidades tecnolóxicas actuais e futuras.

En 2021 iniciouse o desenvolvemento dun novo Plan para o impulso da Inclusión e Talento Dixital en Galicia, cunha visión agregada e integrada para asegurar que Galicia conta cunha cidadanía capaz e empoderada dixitalmente e cos profesionais e expertos dixitais para a competitividade sostible, a equidade social e a resiliencia.

Adicionalmente, en 2022, porase en marcha un novo Programa de Modernización da Rede CeMIT, tras máis de dez anos de continuo esforzo, facilitando a alfabetización e capacitación dixital da cidadanía. A modernización da Rede CeMIT permitirá adaptarse ás novas demandas de capacitación dixital e que as aulas continúen sendo unha referencia tecnolóxica e un centro ao que acudir para formarse, asesorarse, acceder a equipamento e a conectividade, etc.

Ao abeiro do Plan de Software Libre, durante o ano 2022 darase continuidade ás actuacións dirixidas tanto á cidadanía en xeral como ao sector empresarial en particular a prol de incrementar o uso e o coñecemento das solucións tecnolóxicas baseadas no software libre.

Así mesmo, dende o ano 2016 estase a desenvolver o programa ReAccionaTIC, orientado a impulsar a modernización tecnolóxica do tecido empresarial galego ofrecendo ás pemes galegas un catálogo unificado de servizos a prezos reducidos orientados a mellorar a súa competitividade a través de aspectos operativos, estratéxicos ou de incorporación de tecnoloxía.

Ademais, co foco posto no impulso da transformación dixital de Galicia, no ano 2020 ponse en marcha o proxecto do centro GaiásTech localizado na Cidade da Cultura, orientado a ofrecer un conxunto coherente e coordinado de servizos necesarios para axudar aos distintos axentes do ecosistema dixital, e especialmente ás pemes e start-ups, a ser máis competitivos.

DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

Este programa orzamentario e os instrumentos de planificación sectoriais que enmarcan as distintas actuacións previstas desenvolveranse, con carácter xeral, dentro do marco establecido pola Estratexia Galicia Dixital 2030 nas súas diferentes liñas estratéxicas.

En concreto, a normativa legal e os instrumentos de planificación máis salientables son os seguintes:

- A lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia.
- O Decreto 252/2011, do 15 de decembro, polo que se crea a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e se aproban os seus estatutos, modificado polo Decreto 9/2021, do 21 de xaneiro, polo que se suprime o Centro Informático para a Xestión Tributaria, Económico-Financeira e Contable (Cixtec) e se modifica o Decreto 252/2011, do 15 de decembro, polo que se crea a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e se aproban os seus estatutos.
- O Decreto 73/2014, do 12 de xuño, polo que se crean e regulan os órganos colexiados con competencias en materia de seguridade da información e goberno electrónico da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.
- A Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- A Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.
- A Lei 18/2011, do 5 de xullo, reguladora do uso das tecnoloxías da información e a comunicación na Administración de xustiza.
- Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.
- A Lei 3/2013, do 20 de maio, de impulso e ordenación das infraestruturas de telecomunicación de Galicia.
- A Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia.
- Decreto 150/2014, do 27 de novembro, polo que se regulan as infraestruturas de soporte e os espazos de reserva para o despregamento de redes de comunicacións electrónicas en estradas promovidas pola Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e as entidades públicas instrumentais integrantes do sector público autonómico.
- Decreto 11/2016, do 28 de xaneiro, polo que se regula a incorporación das infraestruturas de telecomunicacións nos edificios da Administración xeral e das entidades instrumentais do sector público autonómico de Galicia e a súa integración na rede corporativa da Xunta de Galicia.
- Orde do 19 de setembro de 2016 pola que se aproba a Guía de especificacións das infraestruturas de telecomunicacións na Administración xeral e as entidades instrumentais do sector público autonómico de Galicia.

- Decreto 127/2016, do 15 de setembro, polo que se regulan as infraestruturas necesarias para posibilitar as funcionalidades do fogar dixital nas vivendas de nova construción.
- A Estratexia Galicia Dixital 2030, a folla de ruta para a vindeira década destinada a que a Comunidade estea preparada para afrontar os retos da futura dixitalización e poida beneficiarse das oportunidades que ofrecen as novas tecnoloxías.
- O Plan de Administración e Goberno Dixitais: Horizonte 2020, que da continuidade ao Plan de Modernización da Administración Pública, baseado na posta en marcha dunha serie de proxectos destinados a potenciar o desenvolvemento dos servizos de Administración electrónica na propia Xunta e á mellora e modernización dos servizos que ofrece esta de cara ao cidadán.
- O Plan Director de Seguridade 2015-2021, que mellorará a seguridade dos sistemas de información da Xunta de Galicia.
- O II Plan de Sistemas TIC da Administración de Xustiza en Galicia: Senda2020 para o desenvolvemento da Administración xudicial electrónica e o expediente xudicial electrónico. Ademais de dar continuidade ás actuacións de infraestrutura, seguridade, implantación de sistemas de información e formación específica do uso das TIC neste contexto.
- O Plan para o impulso da Inclusión e Talento Dixital en Galicia, para asegurar que Galicia conta cunha cidadanía capaz e empoderada dixitalmente e cos profesionais e expertos dixitais para a competitividade sostible, a equidade social e a resiliencia.
- A Estratexia Galega de Intelixencia Artificial 2030 que ten por obxectivo converter a Galicia nunha rexión intelixente que contribúa á soberanía dixital da Unión Europea.
- A estratexia de Educación Dixital Innovadora para o impulso do uso de contidos dixitais nos centros educativos que imparten educación primaria e secundaria en Galicia.
- O Plan tecnolóxico do Transporte en Galicia.
- O Plan tecnolóxico para a xestión e conservación do Medio Ambiente.
- O Modelo Dixital de Atención Sociosanitaria para residencias de maiores ou discapacidade – Plan de acción 2021-2023.
- O Plan Tecnolóxico de Modernización no eido de Urbanismo.
- O programa Primare, de impulso TIC o sector primario, artellado a través de varios retos.
- O Plan SmartTurismo, para a consolidación das TIC como ferramenta para a xestión, promoción, fidelización e innovación no turismo de Galicia.
- A iniciativa Memoria Dixital de Galicia, para avanzar na dixitalización e difusión do patrimonio cultural de Galicia.
- O Programa TransformaTIC que establece unha política común da Administración autonómica contando cos axentes do sector, coas universidades e co tecido empresarial para o impulso e desenvolvemento do sector TIC en Galicia. Co obxectivo de dinamizar o tecido rexional TIC a través da aplicación de solucións en sectores tradicionais e estra-

téxicos para Galicia. Así como impulsar a produtividade de todos os sectores produtivos e favorecer o emprego e a xeración de riqueza en Galicia.

- O Pacto Dixital de Galicia, un acordo entre a Xunta, o Cluster TIC e 12 grandes empresas tecnolóxicas, no que tanto o Goberno galego como as empresas asinantes asumen un decálogo de compromisos para atraer investimento a Galicia, favorecer a internacionalización das pemes galegas e lograr a colaboración activa entre as grandes e pequenas empresas para conseguir o crecemento do sector.
- Decreto 77/2018, do 26 de xullo, polo que se regulan as infraestruturas de soporte e os espazos de reserva para o despregamento de redes de comunicacións electrónicas en áreas empresariais promovidas polas administracións públicas de Galicia.
- Plan de acción para o impulso aos contidos dixitais en Galicia (DICO Mindset).
- Plan Galicia 5G.

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

No ano 2020, aprobouse a Estratexia Galicia Dixital 2030 que establece a estratexia tecnolóxica global de Galicia para dar unha resposta integral aos retos sociais, económicos e medio ambientais aos que se enfronta Galicia, aproveitando as oportunidades que brindan as tecnoloxías dixitais.

Así, tomando como base os logros acadados no ámbito dixital en Galicia nos últimos anos e o novo contexto social, económico e tecnolóxico, as actuacións da Estratexia Galicia Dixital 2030 encadraranse en 20 programas que operativizan as distintas áreas de actuación para a consecución dos obxectivos. Estes obxectivos establécense en 7 eixos estratéxicos que potenciarán solucións dixitais para contribuír a dar resposta aos novos retos globais, baixo un enfoque integrado de rexión que asegure á cidadanía no centro e se oriente cara á construción dunha Galicia máis sostible nas súas tres vertentes: social, económica e medio ambiental. E hai 1 eixo transversal, que promove a especialización tecnolóxica ao servizo do resto de eixos.

En definitiva, durante o ano 2022:

No ámbito da administración dixital, porase en marcha un novo plan de administración dixital, que se concretará en actuacións en 2022 orientadas a dar continuidade as iniciativas que xa están en marcha e que continuarán consolidando e ampliando a implantación dos sistemas de administración electrónica para acadar una tramitación integramente dixital. Abordarase a posta en marcha da firma en mobilidade ou firma biométrica, así como o desenvolvemento de servizos en mobilidade. Farase especial fincapé na posta en marcha de novas iniciativas vinculadas á integración na administración pública de tecnoloxías que permitirán: á automatización de procesos que reducirán os tempos de tramitación en especial no caso de procesos masivos; o deseño dunha carpeta de cidadán avanzada orienta a prestación de servizos proactivos, ou o desenvolvemento dos sistemas de asistencia virtual para o acompañamento ao cidadán. E en conxunto continua-

rase co desenvolvemento dos principios e instrumentos que quedan recollido na Lei 4/2019, do 17 de xullo, de Administración Dixital de Galicia. Igualmente debe mencionarse a continuidade da posta en marcha dos sistemas vinculados ao expediente dixital do persoal empregado público, ou de xestión dos procesos de emprego público.

Por outra banda, dentro dos sistemas corporativos para o desenvolvemento de servizos dixitais, abordaranse as primeiras iniciativas da "Plataforma de Territorio intelixente", que ten como finalidade garantir a dispoñibilidade e coñecemento de información do territorio a partir da información de fontes diversas tanto de tramitación como de sensorización do territorio.

No relativo a capacitación dixital da cidadanía en xeral, e do persoal empregado público en particular, desenvolveranse os primeiros plans de capacitación e procesos de acreditación da nova certificación en competencias dixitais, regulada no decreto 123/2021, do 2 de setembro, polo que se regula o Marco galego de competencias dixitais e a certificación galega en competencias dixitais.

Darase tamén continuidade á execución do "III Plan de Sistemas TIC da Administración de Xustiza en Galicia: Senda2025". Consolidaranse os medios dixitais para a celebración de actos procesuais de xeito telemático, o que facilita a participación dos profesionais no expediente dixital, e aliña as iniciativas coas de carácter estatal vinculadas á interoperabilidade, orientación ao dato ou inmediación dixital.

Mención especial require tamén a execución do "Plan 2021-2023 de posto dixital avanzado de persoal empregado público", que ten como finalidade garantir un escenario seguro e sostible dos medios dixitais no posto de traballo e que fai especial fincapé nos aspectos que permitan a mobilidade das traballadoras e traballadores da administración, tanto do sector público autonómico como da Administración de Xustiza en Galicia.

Nos ámbitos sectoriais (educación, servizos sociais, medio ambiente, transporte, vivenda, urbanismo, emprego, agrogandeiro, forestal, pesqueiro, consumo, cultura, turismo, ...), desenvolveranse diversos programas de modernización tecnolóxica entre os que destacan:

- O Proxecto Abalar de transformación do sistema educativo galego a través das TIC, coa consolidación e ampliación dun modelo de Educación Dixital que permita ao alumnado e profesorado dos centros sostidos con recursos públicos de Galicia aproveitar as posibilidades dun ensino completamente dixital. No curso 2021-2022, o alumnado con libro dixital incrementarase en máis dun 60 % ata chegar aos 55.000 alumnos entre 5º de primaria e 4º da ESO en 548 centros educativos. Tamén este curso estenderanse as aulas dixitais a todo o alumnado entre primeiro de Primaria e segundo de Bacharelato. No marco deste proxecto impulsaranse, así mesmo, iniciativas como a creación dunha plataforma de intelixencia de negocio do eido educativo, ou os primeiros pasos na aplicación de intelixencia artificial nas plataformas de aprendizaxe corporativas.

- O inicio dos traballos relativos ao Modelo Dixital de Atención Sociosanitaria para residencias de maiores e discapacitados (Plan de acción 2021-2023), no que se lanzan novas actuacións que teñen en conta lecciónns aprendidas durante o escenario de pandemia, coma o proxecto de implantación dun censo global en residencias, ou a implantación neste mesmo contexto do sistema de historia clínica electrónica HCEPRO.
- A modernización tecnolóxica do transporte, con ferramentas para a xestión telemática e integral co sector (oficina virtual do transporte), uso de tecnoloxías big data para a análise intelixente da mobilidade e de axuda na toma de decisións. Mellorarase a información (información en tempo real dos servizos) e ampliaranse as canles de información dos servizos de transporte aos cidadáns (APP, portal bus.gal, Google Maps, Microsoft Bing, paradas intelixentes, etc). Desenvolverase unha nova tarxeta de transporte aberta e propiedade da Xunta e novos medios do pago, como o pago con móbil, QR ou EMV. Por último, porase en marcha a Área Única de Transporte que permitirá estender os descontos das actuais áreas metropolitanas a toda Galicia.
- A modernización tecnolóxica da xestión e conservación do medio ambiente, especialmente coa incorporación á plataforma Gaia de novos procesos para unha xestión telemática da relación co sector.
- O lanzamento do proxecto para a creación da plataforma urbanística dixital de Galicia que permitirá a xestión integral dos diferentes instrumentos de planeamento urbanístico para convertelo nun proceso normalizado, estruturado, transparente e simplificado.
- A modernización dos sistemas que dan soporte ao Sistema Público de Emprego de Galicia coa posta en funcionamento de novas canles de intermediación entre cidadáns, administración e o sector empresarial como o portal para empregadores onde se simplificará a relación do empregador co servizo publico de emprego. Tamén se impulsarán as actividades de formación online a desempregados a través da plataforma de formación da Amtega, e de xeito local co apoio na rede de centros CEMIT.
- No relativo ao Medio Rural, destacan o desenvolvemento de novos instrumentos de soporte á execución dos fondos agrarios europeos así como para impulsar o desenvolvemento rural (novo sistema para a xestión con compoñente xeográfico das distintas figuras de recuperación que propón a nova Lei de Recuperación da Terra Agraria de Galicia - aldeas modelo, polígonos agrorestais...); a modernización das canles de promoción dos produtos agroalimentarios, da man da Axencia Galega de Calidade Alimentaria (AGACAL) co arranque dun novo portal promocional e de venda; ou a posta en marcha dun novo sistema de xestión para as explotacións agrarias (Agro 4.0): xestión das explotacións agrarias por parte dos seus titulares, potenciando a xestión dinámica das parcelas ao redor da figura do Agricultor Activo.
- No eido Forestal potenciarase a realización da poxas de madeira de xeito electrónico, a difusión de información sectorial a través do observatorio forestal, a trazabilidade forestal da madeira e distintos sistemas de xestión e ordenación forestal, incardinados na estratexia de Dixitalización e Descarbonización (D&D). Da man de Retegal ampliarase a

rede de vixilancia forestal con novos emprazamentos; e trabállase en novas ferramentas de simulación e internet das cousas.

- No sector pesqueiro, durante 2022 completarase a posta en marcha de sistemas de información relevantes no apoio da xestión da acuicultura e na xestión e renovación das licencias de pesca deportiva; e iniciase a construción de sistemas de xestión de axudas cara ao período de programación do novo Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e da Acuicultura (FEMPA) do período 2021-2027.
- No eido da empresa, continuarase coas iniciativas vinculadas ao Sistema de atención ao investimento, recollido na LEI 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia, que ampliará o seu alcance en 2022. Adicionalmente, continuarase co proceso de dixitalización do ámbito de consumo, en especial os ámbitos dos procesos de inspección.
- No eido da Cultura, e en concreto na iniciativa "Memoria Dixital de Galicia", continuarase coas mesmas liñas de mellora da difusión dos contidos de galiciana.gal para o seu achegamento á cidadanía, poránse en marcha o modelo de Galiciana Semántica; continuará o incremento de contidos en Galiciana derivado da segunda convocatoria de axudas de dixitalización; estenderánse os arquivos integrados nos sistemas corporativos de xestión de arquivos; continuarase coa ampliación do sistema de xestión do catálogo de patrimonio.
- No relativo ao sistema de bibliotecas de Galicia, continuarase coa extensión nas bibliotecas municipais, escolares e especializadas. E avanzarase na converxencia das bibliotecas físicas e dixitais para a prestación de servizos dixitais que integren ambos contidos, e porase en marcha o carné dixital de bibliotecas.
- No plan SmartTurismo, continuarse coa posta en marcha do sistema de información en base a bigdata, así como a posta en marcha de iniciativas de sensorización en recursos turisticos e o desenvolvemento do medios dixitais para as oficinas de turismo.

No ámbito da Transformación Dixital da Facenda Autonómica, trala integración no 2021 do Cixtec na Amtega estas son as principais iniciativas que se desenvolverán no 2022:

No que respecta a xestión tributaria, as principais liñas de traballo estarán centradas en:

- Mellora da relación co contribuínte: incorporación de novos servizos baseados en asistentes conversacionáis intelixentes para dotar de unha nova canle de atención. Incorporaranse novas canles de pago que faciliten o cumprimento das obrigas e habilitaranse ferramentas que permitan aos servizos de atención telefónica da Atriga incrementar a súa capacidade resolutiva ata equiparalos aos mostradores presenciais.
- Eficiencia na xestión: continuarase co proceso de robotización dos principais procesos de negocio da Axencia, que se centrarán na xestión do Imposto de Transmisións Patrimoniais. Abordarase o desenvolvemento de cadros de mando e indicadores de alto nivel para os niveis directivos e desenvolveranse ferramentas de apoio á xestión por obxectivos e métricas de produtividade. Tamén se implantará a firma biométrica

en mostradores e os acuses de recibo electrónicos para as notificacións emitidas por correo.

- Loita contra o fraude: implantarase unha plataforma de analítica avanzada de datos que permita, mediante técnicas de IA e estatística avanzada, explotar a inxente cantidade de información da que dispón a Amtega para detectar e previr o fraude tributario.
- Abordaranse as evolucións derivadas dos cambios normativos, como por exemplo a implantación de novos tributos (CIDEA e medioambiental sobre residuos) ou as modificacións derivadas da Lei 11/2021, do 9 de xullo, de medidas de prevención e loita contra o fraude fiscal.

No que se refire aos sistemas de nómina e contratación, as principais iniciativas están vencelladas a Implantación do Xestor de Expedientes de Contratación (PLATION) nas entidades do sector público Galego, acordada no Consello da Xunta de Galicia, a posta en funcionamento do Sistema de Chamamentos Electrónicos (EMPRAZA) ou a adaptación do Sistema de Nómina (BREIXO) á desaparición do Convenio de Relación Contable coa TGSS.

No ámbito dos sistemas de xestión e control económico avanzaremos cara ao funcionamento plenamente electrónico do sector público con diversas actuacións entre as que cabe destacar:

- A posta en funcionamento do documento contable electrónico coa integración con Portasinaturas para a firma electrónica de documentos internos e a notificación electrónica a cidadáns e empresas en procesos de auditorías da Intervención Xeral.
- A posta en marcha do novo sistema de información da Caixa Xeral de Depósitos baixo a premisa de permitir a relación coa administración de todos os axentes que interveñen por medios electrónicos.
- A adaptación e incorporación de ferramentas para permitir o cumprimento das obrigas de reporte de información da xestión dos fondos do mecanismo de recuperación e resiliencia cara a Administración Xeral do Estado, así como para facilitar a propia labor dos xestores.
- Dende un punto de vista transversal, a plataforma tecnolóxica empregada pola Área de Transformación Dixital da Facenda Autonómica precisa da modernización da seus elementos para poder seguir prestando os servizos á cidadanía e administración cos parámetros de calidade necesarios. No ano 2022 farase unha importante evolución do sistema de almacenamento, o sistema de salvagarda da información (backup) e na virtualización de servidores e escritorios de usuarios. Outra das iniciativas que se desenvolverá no 2022 será o impluso da ciberseguridade dentro do ámbito financeiro e tributario, coa implantación de solucións que permitan mellorar a seguridade dos postos de usuarios, servicios prestados e mesmo ferramentas de midleware ou interconexión que aliñen as estratexias de defensa e vixilancia coas do resto da Xunta de Galicia.

Con respecto ás telecomunicacións, coa recente adxudicación do novo concurso de telecomunicacións, levarase a cabo unha mellora sen precedentes no ancho de banda e na dispoñibilidade das liñas de comunicacións da rede corporativa, e ademais levaranse a cabo as seguintes actuacións:

- Mellora da conexión a Internet da Rede Corporativa, incorporando unha nova liña redundada de 20Gbps para dar servizo aos centros educativos.
- Renovación das centraliñas telefónicas, actualmente obsoletas e sen soporte do fabricante.
- Mellora da plataforma de videoconferencia, con novas funcionalidades e incremento do número de usuarios tanto no ámbito corporativo como educativo e xudicial.
- Mellora da plataforma de streaming, dotándoa de maior capacidade.

A Xunta de Galicia dispón na actualidade dun CPD de respaldo, que conta cun espazo moi reducido para albergar novos sistemas TIC, así como cun dimensionamento eléctrico e de refrixeración próximo aos valores nominais, con riscos de seguridade elevados. Para poder cubrir as necesidades actuais e futuras da Xunta de Galicia, é necesario construír un novo CPD que permita albergar, xestionar e optimizar a infraestrutura tecnolóxica de comunicacións, de procesamento (servidores, bases de datos, sistemas de almacenamento, etc.) e de seguridade dos sistemas de explotación, nunha localización de alta dispoñibilidade e escalabilidade.

Durante o ano 2022 levarase a cabo un servizo de enxeñería especializada en centros de procesamento de datos para a redacción do proxecto básico e de execución da obra dun novo CPD corporativo da Xunta de Galicia, que permitirá dotar de redundancia aos servizos críticos da Xunta de Galicia.

A evolución tecnolóxica do equipamento de servidor que se iniciou recentemente (2019-2021) continuará coa adquisición de servidores de tecnoloxía hiperconverxente así como da capacitación para ofrecer servizos de Cloud, á par que se inverte en melloras na seguridade da información aloxada neste centro de proceso de datos.

En paralelo ao crecemento dos proxectos tecnolóxicos, tamén se realizarán ampliacións de crecemento e mellora nos sistemas de copias de seguridade, así como na recuperación da información a través de proxectos de Disaster Recovery.

Outro aspecto no que se deberán realizar actuacións de mellora e crecemento está localizada nos servizos da Infraestrutura como Servizo (IaaS) debido ao ritmo de demanda de proxectos para esta contorna.

Por todo o anterior, tamén é necesario seguir crecendo nos sistemas de almacenamento, que se ben se ve reducido en parte pola implantación da tecnoloxía hiperconverxente, aínda segue sendo necesario o provisionamento de grandes cantidades de espazos a través dos volu-

mes servidos desde cabinas debido, como se indicaba, ao crecemento exponencial nos recursos consumidos pola proliferación do uso das tic durante a pandemia COVID vivida desde o 2020.

O Regulamento Xeral de Protección de Datos europeo (RXPD), Regulamento UE 2016/679, introduciu unha serie de importantes cambios no relativo á protección de datos persoais, que a Amtega debe promover no ámbito da Xunta de Galicia. Durante o ano 2022 están previstas unha serie de actuacións encamiñadas a dar cumprimento a este regulamento, que garanten a confidencialidade, autenticidade, integridade e dispoñibilidade da información sensible da cidadanía e das empresas que as administracións públicas e empresas teñen almacenada nos seus sistemas de información. Así mesmos, garantirá o bo funcionamento dos servizos ofrecidos pola Xunta de Galicia, acadando unha protección avanzada, sendo capaces de anticipar, detectar e resistir ciberataques.

Entre as actuacións previstas podemos destacar a progresiva adecuación técnica ao RXPD e ao ENS (Esquema Nacional de Seguridad) dos sistemas de información, o servizo de apoio aos Delegados de Protección de Datos, implantación de novos sistemas de control da información para evitar fugas, así como o impulso da formación e concienciación en seguridade da información.

Especialmente no ámbito da Administración de Xustiza, levaranse a cabo proxectos de mellora da seguridade.

Como novidades máis relevantes para o ano 2022 cómpre destacar o inicio da construción do edificio que albergará o Centro de ciberseguridade de Galicia e tamén a execución de contratos derivados do acordo marco de servizos de ciberseguridade, que permitirán prestar servizos de ciberseguridade no ámbito da administración local.

No ámbito de Xustiza está previsto levar a cabo en 2022 unha serie de proxectos de mellora da seguridade de envergadura (posto cliente, prevención de fugas de información, implantación plataformas CCN).

No ámbito da sociedade dixital, manteranse as iniciativas que se están a levar a cabo e lanzaranse outras orientadas aos colectivos obxectivo, aqueles nos que a fenda dixital é máis evidente: no ámbito empresarial ás pemes, micropemes e autónomos, e no ámbito da cidadanía, facendo foco nos colectivos en risco de exclusión social.

Os obxectivos estratéxicos seguen sendo dotar ao conxunto da cidadanía dos medios, a conectividade e a capacitación dixital necesaria e impulsar un ecosistema de transformación dixital no tecido empresarial galego a través da introdución de solucións avanzadas como a Intelixencia Artificial ou o blockchain en pequenas e medianas empresas. As actuacións máis relevantes son as seguintes:

- No eido da conectividade, resaltamos que de cara ao próximo período, é o Goberno de España o que conta cos principais fondos europeos para continuar coa extensión

de redes de moi alta velocidade no territorio do Estado e, por conseguinte, en Galicia. Neste senso, o Goberno central aprobou a finais de 2020 o novo Plan para a Conectividade e as Infraestruturas Dixitais da Sociedade, a Economía e os Territorios, así como a Estratexia de impulso ao desenvolvemento da tecnoloxía 5G. Con estes mecanismos, o Goberno de España pretende acadar os novos obxectivos 2025 establecidos por Europa, entre os que se atopa: acadar ao 100% da poboación con cobertura de 100Mbps, dotar de 1Gbps ao principais motores socioeconómicos, estender as novas redes 5G en vías de transporte e cidades. A Amtega fará un seguimento dos principais indicadores de cumprimento.

- Actuacións para a incorporación das TIC nas pequenas e medianas empresas de Galicia, xunto co impulso do uso dos servizos TIC por parte de todos os sectores produtivos, a través da continuidade do programa de apoio á transformación dixital das pemes: ReAccionaTIC.
- Proseguirase co desenvolvemento das actuacións de inclusión, alfabetización, capacitación e talento dixital recollidas no Plan de Inclusión Dixital de Galicia 2020, co obxectivo de converter á sociedade galega nunha "Comunidade Dixital" que comparta valores, fomente a igualdade de oportunidades neste eido e sexa participativa e colaborativa, utilizando servizos dixitais para a mellora do seu benestar e a súa calidade de vida. Neste senso, ten lugar a posta en marcha do futuro Plan para o impulso da Inclusión e Talento Dixital en Galicia, que busca reducir a fenda crecente entre a demanda e a dispoñibilidade de talento dixital e promover que a cidadanía conte coas capacidades necesarias para desenvolverse plenamente no ámbito dixital tanto na súa vida persoal como profesional.
- Co foco posto no impulso da transformación dixital de Galicia, en xullo de 2021 inaugurouse o centro GaiásTech, localizado na Cidade da Cultura, que ofrecerá un conxunto coherente e coordinado de servizos necesarios para axudar aos distintos axentes do ecosistema dixital, e especialmente ás pemes e startups, a ser máis competitivos. Ademais, GaiásTech como centro demostrador e de experimentación dixital, exercerá de nodo central asumindo a gobernanza e coordinación dos Nodos de Especialización Tecnolóxica de Galicia que se despregarán no territorio e que estarán ao servizo doutras estratexias e/ou planes de innovación, emprendemento ou desenvolvemento industrial de Galicia.
- No 2022 continuarase co desenvolvemento de actuacións para o fomento e difusión do Software Libre no sector empresarial, a cidadanía e a propia administración pública, a través do novo Plan de Software Libre de 2021, en colaboración cos diferentes axentes do tecido do sector en Galicia. O GaiásTech continuará a ser o elemento central ao redor do que pivotarán as actuacións de fomento das TIC en xeral e do Software Libre en particular.
- Por último, tamén no ano 2022 terá lugar a Posta en marcha do ecosistema GobTech, para a resolución de retos a través do uso de tecnoloxías avanzadas como a Intelixencia Artificial, sendo partícipes de importantes procesos de transformación dixital impulsados

polo sector público á vez que se fomenta o liderado da administración na adopción de tecnoloxías dixitais innovadoras.

No ano 2022, está previsto que se inicie o Programa para a Modernización da Rede CeMIT co fin de transformarla a facela evolucionar, para dar resposta aos novos tempos coa disposición de centros de referencia tecnolóxica e que impacten en todo o territorio con actuacións de alfabetización, capacitación e talento dixital.

A innovación tecnolóxica ten un papel chave á hora de mellorar o desenvolvemento económico, facilitar a inclusión social e permitir unha mellor protección do medio ambiente. Neste senso, continuarase co desenvolvemento da Estratexia Galicia Dixital 2030 para aproveitar o potencial dixital para responder aos novos retos globais co obxectivo de configurar un futuro dixital para todos contribuíndo ao aumento da calidade de vida na Comunidade e ao desenvolvemento sostible nas súas tres vertentes: económica, social e medioambiental. Con esta nova folla de ruta para a vindeira década refórzase o compromiso e aposta pola transformación dixital adquirido en 2009, e que se foi renovando e reforzando cos diferentes obxectivos marcados nas dúas Axendas Dixitais de Galicia.

B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres	
Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres	X
Programa con actividades non dirixidas especificamente ás persoas, aínda que teñen impacto sobre elas como beneficiarias indirectas das accións (programas que actúan sobre o territorio, o medioambiente, a sociedade no seu conxunto, etc)	
Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión	

BREVE DESCRICIÓN DO PROGRAMA DENDE A PERSPECTIVA DE XÉNERO

A pesar de que as actuacións previstas dentro deste programa teñen carácter universal, pois están dirixidas a acadar a inclusión no novo contexto dixital da sociedade galega no seu conxunto (cidadanía en xeral, administracións públicas, sector empresarial, asociacións sen ánimo de lucro), o mesmo ten tamén un impacto positivo na redución da fenda dixital de xénero existente na actualidade.

Cabe salientar que no ano 2020, en Galicia, un 87,8% das mulleres e un 87,5% dos homes fixo uso de Internet. A fenda de xénero, que xa viña sendo mínima, desaparece completamente. Nesta edición obsérvase un crecemento importante do uso de Internet entre as mulleres galegas: un 2,9% no último ano e considerando o período 2017-2020 o aumento foi do 12,4%. No período 2017-2020 a porcentaxe de mulleres galegas que utilizan internet medrou en maior medida que no conxunto do Estado, incrementándose nun 12,4% fronte aos 11,4% da media estatal. Como consecuencia, a fenda de xénero a nivel autonómico reverteuse a favor das mulleres en 0,3 puntos, fronte á fenda no ámbito europeo que continúa a ser negativo en 1 punto porcentual.

Doutra banda, o sector TIC tecnolóxico galego conta con 19.343 traballadores dos que o 30,4% son mulleres. Sen embargo só o 14,7% están dedicadas á funcións TIC fronte ao 49,3% de homes. O 14,3% das empresas TIC galegas contan con mulleres en postos de dirección, unha porcentaxe só testemuñal nun tipo de posto onde predominan os homes.

Do total do persoal dedicado a I+D+i nas empresas TIC galegas, un 80,1% son homes e o restante 19,9% son mulleres, o que amosa unha baixa presenza das mulleres nesta actividades.

O Plan para o impulso da Inclusión e Talento Dixital incluído no presente programa, aínda que non dirixido unicamente a mulleres, si terá un impacto positivo dende a perspectiva de xénero na medida en que contribúe á redución da fenda dixital e a facilitar o acceso á sociedade da información daqueles colectivos máis desfavorecidos (persoas con discapacidade, mulleres, persoas maiores...).

IDENTIFICACIÓN DUN OU VARIOS OBXECTIVOS EN MATERIA DE IGUALDADE PRESENTES NA NORMATIVA E PLANS VIXENTES E QUE SON DE APLICACIÓN NO DESENVOLVEMENTO DAS ACCIÓN CONTEMPLADAS NESTE PROGRAMA

Incorporación da transversalidade de xénero na actuación xeral do departamento	X
Información, sensibilización e educación para a igualdade de mulleres e homes	

Transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade	
Igualdade no acceso ao emprego, na formación e na promoción profesionais e nas condicións de traballo	X
Fomento, directa ou indirectamente, da iniciativa empresarial das mulleres	
Promoción da plena incorporación das mulleres á Sociedade da Información	X
Incorporación do principio de igualdade nas políticas urbanas, de ordenación territorial e vivenda	
Promoción do reparto equitativo dos tempos entre mulleres e homes que facilite a conciliación e a corresponsabilidade	
Promoción da igualdade e da participación activa das mulleres en todos os ámbitos da sociedade (cultura, educación, política, economía, deporte, saúde, etc.)	
Participación das mulleres no desenvolvemento rural	
Accións dirixidas á integración de mulleres en risco ou en situación de pobreza ou exclusión social	
Accións dirixidas á prevención e á loita contra a violencia de xénero	
Outros (especificar)	

IDENTIFICACIÓN DAS ACTIVIDADES PREVISTAS DIRECTAMENTE RELACIONADAS COA PROMOCIÓN DA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES, INDICANDO PARA CADA UNHA, AS PERSOAS ÁS QUE ESTÁ DIRIXIDA. INDICAR, NO CASO DE DISPOR DESTES DATOS, AS PRINCIPAIS CARACTERÍSTICAS DAS ORGANIZACIÓNS (TIPO, ÁMBITO TERRITORIAL, ETC.) OU PERSOAS (IDADE, NIVEL EDUCATIVO, ETC.), DESTINATARIAS DAS ACCIÓNS.

Realización de actividades formativas, de sensibilización e de capacitación co apoio do voluntariado dixital e os aliados dixitais do Plan para a Inclusión e Talento Dixital de Galicia, destinadas á alfabetización dixital, redución da fenda dixital e a facilitar o acceso á sociedade da información daqueles colectivos máis desfavorecidos (persoas con discapacidade, mulleres, persoas maiores...), así como a mellorar a súa calidade de vida e empregabilidade a través da capacitación dixital e a espertar as vocacións tecnolóxicas desde idades temperás e a potenciar a presenza da muller no eido dixital.

PREVISIÓN E VALORACIÓN DOS POSIBLES EFECTOS DO PROGRAMA SOBRE UN E OUTRO SEXO E SOBRE A IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE MULLERES E HOMES.

A priori, as actuacións enmarcadas no Programa de fomento da sociedade da información e do coñecemento destínanse a toda a cidadanía, pero permitirán mellorar a incorporación das mulleres e dos homes á sociedade dixital e mellorar a súa calidade de vida e empregabilidade.

SINALAR OS PRINCIPAIS RESULTADOS DO PROGRAMA, DENDE O PUNTO DE VISTA DO XÉNERO.

No marco do Programa de fomento da sociedade da información e do coñecemento continuouse reducindo a fenda existente entre homes e mulleres no acceso á sociedade da información. Así, planificáronse 4.264 actividades formativas con preto de 41.600 horas de formación en cursos e charlas en alfabetización dixital e capacitación dixital a través da Rede CeMIT onde o 58,96% dos seus usuarios son mulleres (56.970).

INDICAR SE SE TEÑEN IMPLANTADO NOVAS ESTRATEXIAS PARA UNHA MELLOR INCORPORACIÓN DA PERSPECTIVA DE XÉNERO NA XESTIÓN, DESENVOLVEMENTO E AVALIACIÓN DAS ACCIÓNS QUE FINANCIA O PROGRAMA DE GASTO. EN CASO AFIRMATIVO, FACER UNHA BREVE DESCRICIÓN.EN CASO NEGATIVO INDICAR AS DIFICULTADES ATOPADAS PARA LEVALO A CABO.

Na análise previa para a definición do Plan de promoción do Talento dixital de Galicia 2020 – DigiTalent, para o fomento das vocacións tecnolóxicas e novos perfís dixitais, tívose especialmente en conta a perspectiva de xénero, tanto na presenza actual das mulleres nas carreiras do ámbito STEM (Ciencia, Tecnoloxía, Enxeñaría e Matemáticas) como no ámbito profesional, adoptándose iniciativas tendentes a reducir a fenda de xénero identificada.

Así cabe salientar:

- O programa 'GIRL STEAM: derrubando estereotipos', unha actividade desenvolvida ao abeiro do Convenio de Colaboración asinado entre a Asociación Galega de Empresas de Software Libre (Agasol) e a Xunta de Galicia, a través da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega) e enmarcado no Plan de Promoción do Talento Dixital da Amtega, que busca reducir a fenda de xénero que existe entre mulleres e homes nos estudos nos campos STEM (Ciencia, Tecnoloxía, Enxeñería e Matemáticas),

nas que o alumnado feminino representa un 29% 43,4% do total de persoas tituladas e se excluímos ás ciencias, nas que son maioría, a porcentaxe descende ata o 33,3%.

- A iniciativa `Mática: Campamento Tecnolóxico´, desenvolvida baixo o Programa Tech Kids no 2021 é unha iniciativa que busca potenciar as vocacións tecnolóxicas e fomentar o atractivo das profesións dixitais entre as estudantes, a través de talleres dirixidos por profesoras e investigadoras das tres universidades galegas, creando comunidades de mozas con intereses TIC, como creadores e futuras desenvolvedoras de tecnoloxía.

O ano pasado, o programa transformase nunha acción totalmente dixital e pedagóxica para adaptarse ás circunstancias impostas pola covid-19, pero tamén para avanzar cara dinámicas máis eficaces que acheguen recursos cos que traballar de forma transversal nas aulas de todos os centros de ensino de Galicia.

O obxectivo da iniciativa é dar maior visibilidade entre as nenas aos roles das mulleres no sector TIC e motivar as súas vocacións tecnolóxicas a través de talleres formativos presencias prácticos.

C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia

IV. CADROS DE OBXECTIVOS POR PROGRAMA

OBXECTIVOS DE PROGRAMA

Programa: 111A PRESIDENCIA DA XUNTA DE GALICIA

Eixe: E4 - Sociedade dixital, lingua, cultura e reforzo do peso de Galicia no seu entorno

Prioridade de Actuación: PA03 - Impulso das institucións de autogoberno e mellora da súa influencia e colaboración con Europa, a Eurorexión e o resto do Estado

Obxectivo Extratéxico /Obxectivo Instrumental: IO3 - Contribuír a avanzar no autogoberno dunha autonomía histórica que achegue a Galicia ás rexións europeas máis desenvolvidas e con maior calidade de vida.

Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental
OO01 - Contribuír a avanzar no autogoberno dunha autonomía histórica que achegue a Galicia ás rexións europeas máis desenvolvidas e con maior calidade de vida (Presidencia da Xunta)

Programa: 131A ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA

Eixe: E4 - Sociedade dixital, lingua, cultura e reforzo do peso de Galicia no seu entorno

Prioridade de Actuación: PA03 - Impulso das institucións de autogoberno e mellora da súa influencia e colaboración con Europa, a Eurorexión e o resto do Estado

Obxectivo Extratéxico /Obxectivo Instrumental: EO1 - Mellorar a capacidade institucional e a eficiencia da administración de xustiza en Galicia.

Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental
OO07 - Valorización da Administración: avanzar cara a unha Administración dixital innovadora.

Indicador	Valor Previsto
DOE017 - Órganos xudiciais cubertos polo Expediente xudicial electrónico	260

Programa: 311A DIRECCIÓN E SERVIZOS XERAIS DE PROMOCIÓN SOCIAL

Eixe: E2 - Benestar das persoas e as familias e cohesión social

Prioridade de Actuación: PA03 - Mellora dos servizos sociais a familias e á infancia, apoio á conciliación e á promoción da igualdade, servizos e axudas complementarios da educación e políticas de xuventude e cooperación

Obxectivo Extratéxico /Obxectivo Instrumental: IO2 - Contribuír aos servizos sociais a familias e á infancia, apoio á conciliación, servizos e axudas complementarios da educación e políticas de xuventude e cooperación

Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental
OI02 - Actuacións de soporte e apoio (gastos de funcionamento)
OO02 - Valorización da Administración: avanzar cara a unha Administración dixital innovadora.

Programa: 312C SERVIZOS SOCIAIS RELATIVOS ÁS MIGRACIÓNS

Eixe: E2 - Benestar das persoas e as familias e cohesión social

Prioridade de Actuación: PA04 - Deseño dunha estratexia de integración social que mellore o benestar da cidadanía, axude ás persoas máis desfavorecidas a retornar o máis axiña posible a situacións socioeconómicas aceptables e que fomente a igualdade de xénero

Obxectivo Extratéxico /Obxectivo Instrumental: EO2 - Impulsar os servizos e prestacións á emigración galega e ás súas entidades, así como ás persoas retornadas, para garantir o seu benestar. Promover a inclusión social e loitar contra a pobreza das persoas inmigrantes e calquera forma de discriminación.

Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental
OI05 - Actuacións de soporte e apoio (gastos de funcionamento)
OO01 - Atención socioasistencial e sociocultural aos cidadáns galegos do exterior.
OO02 - Atención ás entidades galegas no exterior para desenvolver os seus programas.
OO04 - Apoio ao retorno a través de axudas económicas e de fomento da actividade emprendedora e autoemprego

Indicador	Valor Previsto
PO076D - Entidades galegas do exterior beneficiadas	167
P1027H - Persoas galegas residentes no exterior e retornadas. Homes	4.530
P1027M - Persoas galegas residentes no exterior e retornadas. Mulleres	6.600

Programa: 421A DIRECCIÓN E SERVIZOS XERAIS DE EDUCACIÓN

Eixe: E1 - Empregabilidade e crecemento intelixente

Prioridade de Actuación: PA05 - Consolidar un sistema educativo que minimice o fracaso escolar e se aliñe en resultados coas rexións líderes de Europa en todos os niveis e impulsar o SUG cara á excelencia

Obxectivo Extratéxico /Obxectivo Instrumental: IO1 - Garantir o funcionamento operativo dos servizos administrativos do sistema educativo, así como, os gastos derivados do funcionamento do Museo Pedagóxico de Galicia o do Consello Escolar de Galicia.

Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental
OI04 - Actuacións de soporte e apoio (gastos de funcionamento)
OO04 - Valorización da Administración: avanzar cara a unha Administración dixital innovadora.

OBXECTIVOS DE PROGRAMA

Indicador	Valor Previsto
DOE015 - Poboación escolar que esta cuberta polos servizos públicos electrónicos educativos	350.000

Programa: 441A PROMOCIÓN DA ACTIVIDADE DEPORTIVA

Eixe: E2 - Benestar das persoas e as familias e cohesión social

Prioridade de Actuación: PA01 - Sistema sanitario sustentable e de calidade. Fomento da saúde pública e dos hábitos de vida saudables

Obxectivo Extratéxico /Obxectivo Instrumental: E01 - Consolidar a práctica deportiva e a actividade física, así como desenvolver o conxunto de funcionalidades do feito deportivo, mais alá da mera competición, como a saúde pública, a economía ou as funcións educativa e social

Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental

OI07 - Actuacións de soporte e apoio (gastos de funcionamento)

OO01 - Fomento da actividade física mediante a ampliación do Plan Galicia Saudable.

OO02 - Actuacións de dinamización deportiva mediante a construción ou mellora das infraestruturas deportivas.

OO05 - Axuda á docencia deportiva e promoción activa da investigación no deporte a través de axudas á Facultade de Ciencias do Deporte

OO06 - Fomento do deporte a través de convenios, axudas e patrocinios a entidades deportivas

Indicador	Valor Previsto
PO076C - Entidades deportivas beneficiadas	1.200
PO1011 - Actuacións en infraestruturas e equipamentos deportivos	177
PO80.H - Participantes en idade escolar en programas de promoción deportiva. Homes	80.000
PO80.M - Participantes en idade escolar en programas de promoción deportiva. Mulleres	42.000
P1009H - Número de licenzas federativas. Homes	200.000
P1009M - Número de licenzas federativas. Mulleres	60.000

Programa: 461A COBERTURA INFORMATIVA E APOIO Á COMUNICACIÓN SOCIAL

Eixe: E4 - Sociedade dixital, lingua, cultura e reforzo do peso de Galicia no seu entorno

Prioridade de Actuación: PA01 - Desenvolvemento da economía dixital. Apoio á industria cultural e de medios como unha fonte de riqueza e impulso ao desenvolvemento da sociedade da información

Obxectivo Extratéxico /Obxectivo Instrumental: E02 - Potenciar a comunicación social como instrumento de difusión da información e fomentar o acceso ás novas tecnoloxías dixitais.

Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental

OI05 - Actuacións de soporte e apoio (gastos de funcionamento)

OO01 - Accións de dinamización e consolidación do sector da comunicación.

OO03 - Actuacións de apoio ás políticas educativas.

Indicador	Valor Previsto
PO0044 - Axudas concedidas aos medios de comunicación social	57

Programa: 461B RADIODIFUSIÓN E TVG

Eixe: E4 - Sociedade dixital, lingua, cultura e reforzo do peso de Galicia no seu entorno

Prioridade de Actuación: PA01 - Desenvolvemento da economía dixital. Apoio á industria cultural e de medios como unha fonte de riqueza e impulso ao desenvolvemento da sociedade da información

Obxectivo Extratéxico /Obxectivo Instrumental: E03 - Modernizar os servizos de comunicación e facilitar o acceso da poboación aos mesmos.

Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental

OI03 - Actuacións de soporte e apoio (gastos de funcionamento)

OI04 - Transferencias internas (Actuacións de soporte e apoio)

OO01 - Accións de mellora e ampliación da rede de infraestruturas de comunicación e radiodifusión

OO02 - Emisión e produción de contidos de calidade de radio e televisión en galego

Indicador	Valor Previsto
PO0023 - Actuacións de infraestrutura de comunicación e radiodifusión	478
PO1005 - Visitas ás páxinas web da Corporación RTVG	12.200.000
PO1006 - Emisión de programas de radio producidos en Galicia	7.525
PO1007 - Emisión de programas de televisión producidos en Galicia	6.650

Programa: 571A FOMENTO DA SOCIEDADE DA INFORMACIÓN E DO COÑECEMENTO

Eixe: E4 - Sociedade dixital, lingua, cultura e reforzo do peso de Galicia no seu entorno

OBXECTIVOS DE PROGRAMA

Prioridade de Actuación: PA01 - Desenvolvemento da economía dixital. Apoio á industria cultural e de medios como unha fonte de riqueza e impulso ao desenvolvemento da sociedade da información

Obxectivo Extratéxico /Obxectivo Instrumental: EO4 - Mellorar o uso e a calidade das TIC e o acceso ás mesmas.

Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental
OI06 - Actuacións de soporte e apoio (gastos de funcionamento)
OO01 - Valorización da Administración: avanzar cara a unha Administración dixital innovadora.
OO02 - Accións que potencien o uso das TIC na cidadanía.
OO03 - Aceleración da Economía Dixital promovendo a incorporación das TIC, tanto nos procesos internos como de negocio, nas empresas.
OO04 - Estímulos ao Crecemento do Sector TIC.
OO05 - Articulación dixital do territorio.

Indicador	Valor Previsto
DOEO24 - Usuarios que teñen acceso ou están cubertos polas aplicacións/ servizos de Administración electrónica	2.300.000
DEO24A - Número de procedementos teletramitables que se crean ou melloran coa operación	750

Eixe: E5 - EIXE INSTRUMENTAL. Administración moderna, eficiente e de calidade

Prioridade de Actuación: PA02 - Administración transparente, eficiente e orientada a resultados

Obxectivo Extratéxico /Obxectivo Instrumental: IO3 - Implantar unha xestión financeira orientada a resultados e que avance na eficiencia, transparencia, control e rendición de contas.

Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental
OI06 - Actuacións de soporte e apoio (gastos de funcionamento)

Programa: 611A DIRECCIÓN E SERVIZOS XERAIS DE FACENDA

Eixe: E5 - EIXE INSTRUMENTAL. Administración moderna, eficiente e de calidade

Prioridade de Actuación: PA02 - Administración transparente, eficiente e orientada a resultados

Obxectivo Extratéxico /Obxectivo Instrumental: IO3 - Implantar unha xestión financeira orientada a resultados e que avance na eficiencia, transparencia, control e rendición de contas.

Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental
OO01 - Garantir a tramitación telemática de todos os expedientes e trámites coa administración autonómica.

V. CADROS NUMÉRICOS

Orzamento consolidado. Distribución dos créditos por programas e servizos

Programas	Servizos			
	10	11	20	21
111A-Presidencia da Xunta de Galicia	3.659	103		
461A-Cobertura informativa e apoio á comunicación social			5.656	139
461B-Radiodifusión e TVG			117.385	
Total	**3.659**	**103**	**123.042**	**139**

(Miles de Euros)

Orzamento consolidado. Distribución dos créditos por programas e servizos (continuación)

Programas	Servizos			
	30	40	A1	Total
111A-Presidencia da Xunta de Galicia				3.762
131A-Administración de xustiza			7.058	7.058
311A-Dirección e servizos xerais de promoción social			8.596	8.596
312C-Servizos sociais relativos ás migracións	16.155			16.155
421A-Dirección e servizos xerais de educación			39.667	39.667
441A-Promoción da actividade deportiva		32.489		32.489
461A-Cobertura informativa e apoio á comunicación social				5.795
461B-Radiodifusión e TVG				117.385
571A-Fomento da sociedade da información e do coñecemento			143.302	143.302
611A-Dirección e servizos xerais de facenda			10.965	10.965
Total	**16.155**	**32.489**	**209.587**	**385.174**

(Miles de Euros)

Orzamento consolidado. Distribución dos créditos por programas e capítulos

Programas	Capítulos							
	I	II	IV	VI	VII	VIII	IX	Total
111A-Presidencia da Xunta de Galicia	2.975	772	5	11				3.762
131A-Administración de xustiza		525		6.533				7.058
311A-Dirección e servizos xerais de promoción social		57		8.539				8.596
312C-Servizos sociais relativos ás migracións	2.306	2.243	9.845	1.160	600			16.155
421A-Dirección e servizos xerais de educación		2.531		37.136				39.667
441A-Promoción da actividade deportiva	3.714	4.179	12.322	9.267	3.007			32.489
461A-Cobertura informativa e apoio á comunicación social	1.946	1.060	1.244	1.545				5.795
461B-Radiodifusión e TVG				2.381	250	114.228	526	117.385
571A-Fomento da sociedade da información e do coñecemento	18.801	12.907	813	98.520	4.426		7.836	143.302
611A-Dirección e servizos xerais de facenda		339		10.626				10.965
Total	**29.742**	**24.613**	**24.228**	**175.716**	**8.283**	**114.228**	**8.362**	**385.174**

(Miles de Euros)

DISTRIBUCIÓN ORGÁNICA

10 SECRETARÍA XERAL DA PRESIDENCIA	2021	2021 Consolidable	2022	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	2.845	2.845	2.872	0,9
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	773	772	772	0,0
Cap. IV - Transferencias correntes	5	5	5	0,0
Cap. VI - Investimentos reais	11	11	11	0,0
Total	**3.633**	**3.632**	**3.659**	**0,7**

(Miles de Euros)

11 D.X. DO GABINETE DA PRESIDENCIA	2021	2021 Consolidable	2022	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	101	101	103	2,0
Total	**101**	**101**	**103**	**2,0**

(Miles de Euros)

20 SECRETARÍA XERAL DE MEDIOS	2021	2021 Consolidable	2022	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	1.772	1.772	1.808	2,0
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	1.060	1.060	1.060	0,0
Cap. IV - Transferencias correntes	1.244	1.244	1.244	0,0
Cap. VI - Investimentos reais	4.426	3.926	3.926	0,0
Cap. VII - Transferencias de capital	250	250	250	0,0
Cap. VIII - Activos financeiros	103.228	103.228	114.228	10,7
Cap. IX - Pasivos financeiros	526	526	526	0,0
Total	**112.506**	**112.006**	**123.042**	**9,9**

(Miles de Euros)

21 DIRECCIÓN XERAL DE COMUNICACIÓN	2021	2021 Consolidable	2022	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	136	136	139	2,0
Total	**136**	**136**	**139**	**2,0**

(Miles de Euros)

30 SECRETARÍA XERAL DE EMIGRACIÓN	2021	2021 Consolidable	2022	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	2.321	2.321	2.306	-0,6
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	2.453	2.243	2.243	0,0
Cap. IV - Transferencias correntes	10.209	8.059	9.845	22,2
Cap. VI - Investimentos reais	856	856	1.160	35,5
Cap. VII - Transferencias de capital	600	600	600	0,0
Total	**16.439**	**14.079**	**16.155**	**14,7**

(Miles de Euros)

40 SECRETARIA XERAL PARA O DEPORTE	2021	2021 Consolidable	2022	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	3.641	3.641	3.714	2,0
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	4.294	4.179	4.179	0,0
Cap. IV - Transferencias correntes	14.364	11.864	12.322	3,9
Cap. VI - Investimentos reais	7.267	7.267	9.267	27,5
Cap. VII - Transferencias de capital	2.907	1.407	3.007	113,7
Total	**32.474**	**28.359**	**32.489**	**14,6**

(Miles de Euros)

A1 AXENCIA PARA A MODERNIZACION TECNOLOXICA DE GALICIA	2021	2021 Consolidable	2022	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	18.432	18.432	18.801	2,0
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	14.249	14.249	16.359	14,8
Cap. IV - Transferencias correntes	873	873	813	-6,9
Cap. VI - Investimentos reais	148.612	143.612	161.353	12,4
Cap. VII - Transferencias de capital	4.071	4.071	4.426	8,7
Cap. IX - Pasivos financeiros	7.836	7.836	7.836	0,0
Total	**194.072**	**189.072**	**209.587**	**10,9**

(Miles de Euros)

SERVIZOS	2021	2021 Consolidable	2022	% Var.
10 SECRETARÍA XERAL DA PRESIDENCIA	3.633	3.632	3.659	0,7
11 D.X. DO GABINETE DA PRESIDENCIA	101	101	103	2,0
20 SECRETARÍA XERAL DE MEDIOS	112.506	112.006	123.042	9,9
21 DIRECCIÓN XERAL DE COMUNICACIÓN	136	136	139	2,0
30 SECRETARÍA XERAL DE EMIGRACIÓN	16.439	14.079	16.155	14,7
40 SECRETARIA XERAL PARA O DEPORTE	32.474	28.359	32.489	14,6
A1 AXENCIA PARA A MODERNIZACION TECNOLOXICA DE GALICIA	194.072	189.072	209.587	10,9
Total	**359.363**	**347.386**	**385.174**	**10,9**

(Miles de Euros)

Consellería, Organismos Autónomos, Entidades públicas instrumentais de consulta ou asesoramento e Axencias Públicas Autonómicas

	Consellería		OO.AA , EE.CC.AA. e Axencias		Trans. Internas		Consolidado	
	2021 Consolidable	2022	2021 Consolidable	2022	2021 Consolidable	2022	2021 Consolidable	2022
Cap. I - Gastos de persoal	10.817	10.942	18.432	18.801	0	0	29.248	29.742
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	8.254	8.254	14.249	16.359	0	0	22.503	24.613
Cap. IV - Transferencias correntes	54.643	59.311	873	813	33.471	35.896	22.045	24.228
OPERACIÓNS CORRENTES	**73.713**	**78.507**	**33.554**	**35.973**	**33.471**	**35.896**	**73.796**	**78.584**
Cap. VI - Investimentos reais	12.059	14.363	143.612	161.353	0	0	155.671	175.716
Cap. VII - Transferencias de capital	157.776	177.472	4.071	4.426	155.519	173.615	6.328	8.283
Cap. VIII - Activos financeiros	103.228	114.228	0	0	0	0	103.228	114.228
Cap. IX - Pasivos financeiros	526	526	7.836	7.836	0	0	8.362	8.362
OPERACIÓNS DE CAPITAL	**273.590**	**306.590**	**155.519**	**173.615**	**155.519**	**173.615**	**273.590**	**306.590**
Total	**347.303**	**385.097**	**189.072**	**209.587**	**188.990**	**209.511**	**347.386**	**385.174**

(Miles de Euros)

Medios Persoais

Presidencia da Xunta de Galicia	2022
Altos Cargos	**7**
Persoal Funcionario	**146**
Subgrupo A1	**42**
Subgrupo A2	**33**
Subgrupo C1	**33**
Subgrupo C2	**24**
Agrupacións profesionais	**14**
Persoal Laboral	**48**
Grupo I	**6**
Grupo II	**6**
Grupo III	**5**
Grupo IV	**2**
Grupo V	**29**
TOTAL	**201**

Medios Persoais

Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia	2022
Altos Cargos	**1**
Persoal Funcionario	**228**
Subgrupo A1	**97**
Subgrupo A2	**49**
Subgrupo C1	**81**
Agrupacións profesionais	**1**
Persoal Laboral	**171**
Grupo I	**9**
Grupo II	**72**
Grupo III	**75**
Grupo IV	**13**
Grupo V	**2**
TOTAL	**400**

Entidades Públicas Empresariais, Consorcios, Sociedades Mercantís e Fundacións do Sector Público Autonómico

Fundacións do sector público autonómico	Explotación	Capital
Fundación Deporte Galego	3.399	10
Sociedades mercantís públicas autonómicas	**Explotación**	**Capital**
Redes de Telecomunicación Galegas, S.A.	9.015	385
Corporación Radio e Televisión de Galicia S.A.	112.451	9.109
Total	**124.864**	**9.504**

(Miles de Euros)

VICEPRESIDENCIA 1ª E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO

SECCIÓN 05

I. ESTRUTURA ORGÁNICA E COMPETENCIAS

I.1. ESTRUTURA ORGÁNICA

O Decreto 110/2020, do 6 de setembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, foi aprobado tendo en conta os criterios de eficacia e economía que deben inspirar a actuación e a organización administrativa.

De acordo con estes criterios, foron aprobados os decretos 129/2020 e 130/2020, do 17 de setembro, polos que se establecen os órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia, e a estrutura orgánica das vicepresidencias e das consellerías da Xunta de Galicia, respectivamente, obedecendo aos postulados de racionalización, coordinación das distintas unidades administrativas, calidade na prestación de servizos públicos e mellora continua.

Co obxectivo de manter un marco de estabilidade con respecto á estrutura da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza fixada polo Decreto 74/2018, do 5 de xullo, polo que se establecía a súa estrutura orgánica apróbase o Decreto 214/2020, do 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo.

Mediante a aprobación deste Decreto 2014/2020, do 3 de decembro, suprimíronse da Vicepresidencia primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo as competencias relativas á Administración Pública que, de conformidade co Decreto 130/2020, do 17 de setembro, polo que se fixa a estrutura orgánica das vicepresidencias e das consellerías da Xunta de Galicia, pasaron a ser competencia da Consellería de Facenda e Administración Pública, na cal se integraron a Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa e a Escola Galega de Administración Pública.

Por outra banda, reordenáronse as competencias da Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias, atribuíndolle á subdirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias as funcións de coordinación dos servizos que integran a Dirección Xeral e de apoio e asistencia á persoa titular da Dirección Xeral.

Por último, adscribiuse á Vicepresidencia primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo a Axencia de Turismo de Galicia. En relación co anterior e tendo en conta a función de coordinación interdepartamental establecida no Decreto 233/2012, do 5 de decembro, polo que se determina a organización, funcións e competencias da Vicepresidencia da Xunta de Galicia, incorpóranse as referencias ás funcións de coordinación de todas aquelas accións que, dentro do ámbito cultural, realice a Consellería de Cultura, Educación e Universidade e que estean relacionadas cos obxectivos e fins da Axencia de Turismo de Galicia ou os da S.A. Xestión do Plan Xacobeo, previstos no Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos, coa finalidade de incardinalas nos plans e pro-

gramas que elabore directamente a Axencia de Turismo de Galicia ou a través da S.A. Xestión do Plan Xacobeo, respectando, en todo caso, as competencias propias de cada departamento.

Así pois, a nova estrutura plasmada no decreto 214/2020, do 3 de decembro, xorde como consecuencia da necesidade de afondar na mellora continua das estruturas administrativas iniciada polo actual Goberno, co fin de acadar o máximo nivel de calidade na prestación dos servizos públicos.

Intégrase na Vicepresidencia primeira da Xunta de Galicia, baixo a superior dirección do/a seu/súa titular, para o exercicio das súas funcións, a Asesoría Xurídica Xeral, con nivel orgánico de dirección xeral e que rexerase, en canto á súa estrutura e funcionamento, pola Lei 4/2016, do 4 de abril, de ordenación da asistencia xurídica da Administración xeral e da Comunidade Autónoma de Galicia e do seu sector público, e polo Decreto 343/2003, do 11 de xullo, polo que se aproba o regulamento orgánico da Asesoría Xurídica da Xunta de Galicia.

A Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo, baixo a superior dirección do/a seu/súa titular, contará para o exercicio das súas funcións, coa seguinte estrutura orgánica:

a) A Secretaría Xeral Técnica.
b) A Dirección Xeral de Xustiza.
c) A Dirección Xeral de Administración Local.
d) A Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias.
e) A Dirección Xeral de Emerxencias e Interior.
f) A Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea.

Os órganos superiores previstos no artigo único do Decreto 129/2020, do 17 de setembro, dependerán funcionalmente da Presidencia da Xunta de Galicia e organicamente da Vicepresidencia primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo, nos termos establecidos neste.

As delegacións territoriais da Xunta de Galicia quedan adscritas organicamente á Vicepresidencia primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo, e exercerán as competencias previstas no artigo 7 do Decreto 245/2009, do 30 de abril, polo que se regulan as delegacións territoriais da Xunta de Galicia, así como aqueloutras previstas na normativa aplicable.

Na orde funcional dependerán das directrices, instrucións ou criterios que emanen dos diversos órganos superiores das consellerías que correspondan por razón das distintas competencias materiais.

As secretarías territoriais, con nivel orgánico de subdirección xeral, dependen orgánica e funcionalmente dos delegados ou delegadas territoriais, e exercerán as seguintes funcións:

a) O apoio e asesoramento ao delegado ou delegada territorial no exercicio das súas competencias.

b) A substitución do delegado ou delegada territorial en caso de vacante, ausencia ou enfermidade.
c) A xestión e coordinación dos servizos de automobilismo provinciais e do persoal adscrito a el, así como a utilización das súas dependencias e garaxes.
d) Cantas outras competencias lle sexan atribuídas ou delegadas.

Quedan adscritos á Vicepresidencia primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo, as delegacións da Xunta de Galicia no exterior, reguladas polo Decreto 178/2015, do 26 de novembro, o Instituto de Medicina Legal de Galicia, órgano técnico ao servizo da Administración de xustiza, creado polo Decreto 119/2005, do 6 de maio, e os órganos colexiados que así se determine pola súa normativa reguladora.

Así mesmo, quedan adscritas á Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo, as seguintes entidades:

a) A Axencia de Turismo de Galicia que se axustará nos seus fins, estrutura e funcionamento ao disposto na Lei 7/2011, do 27 de outubro, do turismo de Galicia, o Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos, e demais normas de aplicación.
b) A Academia Galega de Seguridade Pública, que se axustará nos seus fins, estrutura e funcionamento ao disposto na Lei 1/2007, do 15 de xaneiro, da Academia Galega de Seguridade Pública, e demais normas de aplicación.
c) A Axencia Galega de Emerxencias, que se axustará nos seus fins, estrutura e funcionamento ao disposto na Lei 5/2007, do 7 de maio, de emerxencias de Galicia, e demais normas de aplicación.

I.2. COMPETENCIAS

A Vicepresidencia primeira da Xunta de Galicia configúrase como un órgano superior de coordinación da Presidencia da Xunta de Galicia ao cal lle corresponden, ademais das funcións e competencias establecidas no artigo 1 do Decreto 233/2012, do 5 de decembro, a promoción e adopción de medidas encamiñadas á asistencia xurídica da Comunidade Autónoma de Galicia.

2. A Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo, configurada como órgano de apoio e asistencia á Presidencia e á Vicepresidencia primeira da Xunta de Galicia, é o departamento da Xunta de Galicia ao cal lle corresponde a elaboración, proposta e execución da política do Goberno galego en materia de xustiza, administración local, relacións institucionais e parlamentarias, emerxencias e interior, relacións exteriores e coa Unión Europea e turismo, que exercerá no nivel de desenvolvemento que se indica neste decreto para cada un dos órganos que integran este departamento.

I.2.1. DA VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO

ASESORÍA XURÍDICA XERAL

Co rango de dirección xeral, asume a dirección e coordinación dos servizos de asistencia xurídica da Administración da Comunidade Autónoma e da súa Administración institucional, tanto consultiva como contenciosa, nos termos da Lei 4/2016, do 4 de abril, de ordenación da asistencia xurídica da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e do seu sector público, e do artigo 551.3 da Lei orgánica do Poder Xudicial.

SECRETARÍA XERAL TÉCNICA

A Secretaría Xeral Técnica exercerá as competencias e funcións establecidas polo ordenamento xurídico vixente en relación coas diferentes unidades e servizos en que se estrutura a consellería, así como aqueloutras que lle sexan delegadas ou encomendadas polo titular da Vicepresidencia primeira e da Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo.

Correspóndelle en particular:

a) A asistencia técnica, apoio e asesoramento á persoa titular da Vicepresidencia primeira e da Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo.
b) As funcións de réxime interior e os asuntos xerais da Vicepresidencia primeira e da Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo.
c) O secretariado do Goberno da Xunta de Galicia e das súas comisións delegadas, coa excepción da asistencia ás súas sesións, exercendo as competencias que se sinalan nas normas reguladoras de réxime interior da Xunta de Galicia.
d) A vicepresidencia da Comisión de Secretarios Xerais, correspondéndolle redactar a acta das reunións para elevala ao Consello da Xunta de Galicia.

Ademais do anterior e xunto co desenvolvemento de competencias de carácter xenérico, asume a xestión, entre outras, das seguintes materias:

a) A dirección do Rexistro e atención á cidadanía da Xunta de Galicia e a súa coordinación cos demais rexistros oficiais da Administración autonómica.
b) A tradución, revisión lingüística e o asesoramento aos órganos da Administración autonómica que así o soliciten.
c) A edición do Diario Oficial de Galicia (DOG).
d) A xestión e custodia do Rexistro Central de Asociacións da comunidade autónoma.
e) A xestión e custodia do Rexistro Xeral de Academias de Galicia e as demais funcións que na materia lle correspondan.

f) A tramitación das respostas aos requirimentos e peticións formulados á Consellería polos xulgados, tribunais, o Defensor do Pobo, o Valedor do Pobo, a cidadanía e outros órganos e institucións.

g) A xestión de asuntos relativos ás asociacións, fundacións de interese galego, colexios profesionais e academias de Galicia.

h) O seguimento e supervisión das obras e proxectos de competencia da consellería.

i) O impulso, coordinación e xestión das actuacións de carácter transversal que poidan afectar á Xunta de Galicia.

j) A dirección do Parque Móbil da Xunta de Galicia e a coordinación dos parques sectoriais pertencentes a outras consellerías.

k) A coordinación da asistencia médica facultativa ao persoal dos servizos centrais.

As funcións que establece o artigo 31.3º da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, en relación co persoal da Administración da Xunta de Galicia e o da Administración de xustiza.

DIRECCIÓN XERAL DE XUSTIZA

Correspóndelle á Dirección Xeral de Xustiza exercer as competencias atribuídas á Xunta de Galicia estatutariamente ou por transferencia, relativas á promoción e ao desenvolvemento do dereito civil especial, promoción do galego no ámbito da xustiza, propostas de demarcación e planta xudicial, notarial e rexistral, acceso dos cidadáns á xustiza en igualdade de oportunidades a través do sistema de asistencia xurídica gratuíta, as relacións co Poder Xudicial e demais institucións relacionadas coa xustiza, así como as facultades organizativas e de xestión de medios que configuran a denominada administración da Administración de xustiza.

O artigo 20 do Estatuto de Autonomía de Galicia (Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril) recolle unha cláusula subrogatoria que fai relación ao que a sentenza do Tribunal Constitucional 56/1990, do 29 de marzo, denomina "administración da Administración de xustiza", concretamente referíndose ao exercicio de tódalas facultades que as leis orgánicas do Poder Xudicial e do Consello Xeral do Poder Xudicial atribúen ao Goberno do Estado en relación coa Administración de xustiza. Ao abeiro desta cláusula estatutaria apróbase o Real decreto 2166/1994, do 4 de novembro, sobre traspaso de funcións en materia de provisión de medios materiais e económicos para o funcionamento da Administración de xustiza (funcións asumidas a través do Decreto 394/1994, do 29 de decembro), o Real decreto 2397/1996, do 22 de novembro, sobre traspaso de funcións e servizos en materia de medios persoais ao servizo da Administración de xustiza (funcións asumidas a través do Decreto 438/1996, do 20 de decembro), e o Real decreto 233/1998, do 16 de febreiro sobre traspaso das competencias equivalentes relativas ás fiscalías de Galicia e os institutos de medicina legal (funcións asumidas a través do Decreto 82/1998, do 5 de marzo), que completan o proceso de transferencia de medios en materia de xustiza á Comunidade Autónoma de Galicia. O marco das competencias da Comunidade Autónoma nesta

materia resultan da relación das anteditas normas coas previsións da Lei orgánica 19/2003, do 23 de decembro, pola que se modifica a Lei orgánica 6/1985 do Poder Xudicial, que supuxo unha significativa ampliación de competencias da comunidade autónoma en materia de xustiza.

O feixe de facultades e potestades comprendidas no ámbito da actuación da Dirección Xeral de Xustiza poden resumirse en:

- Dotación de medios de soporte da Administración de xustiza, incluíndo recursos humanos así como medios económicos (pagamento de valoracións e peritaxes, transportes e indemnizacións por razóns de servizo) e materiais (parque inmobiliario, mobiliario, instrumental, material e outros subministros) dos xulgados, tribunais, fiscalías, rexistros civís, instituto de medicina legal e demais servizos da Administración de xustiza en Galicia. Neste ámbito, e en virtude do disposto na Lei orgánica 4/2014, do 11 de xullo, complementaria da Lei de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa, pola que se modifica a Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial, transfírense á Comunidade Autónoma a xestión da xubilación do persoal funcionario ao servizo da Administración de Xustiza con destino en Galicia, competencia reservada ata agora ao Ministerio de Xustiza.
- Xestión do sistema de asistencia xurídica gratuíta no relativo á regulamentación administrativa, recoñecemento das prestacións aos cidadáns beneficiarios e indemnización económica á avogacía e a procura polos servizos profesionais.
- Deseño do modelo de implantación da nova organización da Administración de xustiza e das relacións de postos de traballo do persoal ao servizo da Administración de xustiza, cara a racionalización e optimización dos recursos destinados ao seu funcionamento.
- Fomento do coñecemento, investigación e desenvolvemento das ciencias xurídicas e forenses, en especial do dereito galego e na formación dos operadores xurídicos, así como desenvolvemento de proxectos e iniciativas que colaboran cos fins de prevención e solucións dos conflitos, seguridade xurídica e paz social aos que está orientada á xustiza.
- O impulso de medidas alternativas de resolución de conflitos, especialmente a mediación intraxudicial, mediante a colaboración co Consello Xeral do Poder Xudicial, a Fiscalía Xeral do Estado, colexios profesionais e outras entidades ou organismos.
- Promoción do uso do galego no ámbito da xustiza.
- Coordinación das delegacións territoriais en materia de xestión de medios persoais, económicos e materiais da Administración de xustiza.

DIRECCIÓN XERAL DE ADMINISTRACIÓN LOCAL

A Dirección Xeral de Administración Local é o órgano encargado da xestión das competencias que se lle atribúen á Xunta de Galicia en materia de administración local. Correspóndenlle a este órgano as relacións coas entidades locais e coas demais institucións relacionadas co ámbito do poder local.

En particular, son competencias da Dirección Xeral de Administración Local:

- A coordinación das políticas públicas en materia de administración local, xestión en materia de pacto local e cooperación coas asociacións de municipios.
- A proposición das directrices en relación cos programas de cooperación e financiamento local e, en especial, co Fondo de Cooperación Local.
- A elaboración dos programas formativos en materia de administración local.
- O fomento das liñas de colaboración coas entidades locais galegas no referente á convocatoria e execución das subvencións a elas destinadas.
- O fomento e a ordenación dos procesos asociativos e consorciais das entidades locais así como as propostas en materia de organización territorial.
- O fomento do asociacionismo veciñal.
- A execución das competencias que, con respecto aos funcionarios e ás funcionarias con habilitación de carácter nacional, lle correspondan á Comunidade Autónoma de Galicia.
- A elaboración, impulso e xestión de programas con financiamento da Unión Europea e de cooperación transfronteiriza con incidencia no mundo local e no ámbito das competencias da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, facendo especial fincapé nas accións enmarcadas no eido da cooperación Galicia-Norte de Portugal.
- O impulso, estudo e control do cumprimento da Lei de Administración local de Galicia e demais normativa de réxime local, así como o exercicio das competencias que nesa materia lle correspondan á Comunidade Autónoma de Galicia.
- O impulso de incorporación do galego á Administración Local de forma coordinada coa Secretaría Xeral de Política Lingüística.
- A xestión do portal Eido Local, así como o fomento e impulso da incorporación das novas tecnoloxías, en colaboración coa Axencia de Modernización Tecnolóxica de Galicia e de métodos de calidade nas administracións locais galegas.
- A tramitación dos expedientes de declaración de urxente ocupación nas expropiacións forzosas instados polas entidades locais.
- O Rexistro de entidades Locais de Galicia.
- A tramitación dos expedientes de alteración e deslindamento de termos municipais; a tramitación dos expedientes suxeitos a intervención autonómica en materia de patrimonio das entidades locais e a tramitación dos expedientes de solicitude de disolución dos órganos das corporacións locais e de consultas populares en asuntos de competencia municipal.
- Aquelas outras que, dentro do seu ámbito competencial, lle sexan asignadas ou delegadas.

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS

A Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias é o órgano encargado da xestión das competencias que se lle atribúen á Comunidade Autónoma galega nas seguintes materias:

1. Asume a relación entre o Goberno e o Parlamento galego para articular de maneira fluída as comunicacións entre ambos órganos da Comunidade Autónoma, facilitando o control parlamentario sobre o Goberno e as propostas deste ao lexislativo.
2. A representación ordinaria do Goberno na Xunta de Portavoces do Parlamento, sen prexuízo de que a poda asumir outra persoa membro do Goberno cando este o considere oportuno.
3. A asistencia ou representación do/da titular da consellería de Presidencia nas reunións da Xunta de Portavoces da Cámara, cando o Goberno estime oportuno acudir a estas, todo iso de conformidade co previsto no Regulamento.
4. A información e asistencia ao Goberno nas súas relacións co Parlamento de Galicia.
5. O seguimento do programa lexislativo e dos acordos adoptados polo Parlamento de Galicia.
6. A organización e coordinación dos procesos electorais en que sexa competente a Comunidade Autónoma de Galicia, así como a representación da Xunta de Galicia en aqueles procesos electorais aos cales estea invitada como observadora.
7. O seguimento das iniciativas tramitadas nas Cortes Xerais ou noutras Comunidades Autónomas, que puideran ter algunha relación coa Comunidade Autónoma de Galicia.
8. A determinación do departamento da Xunta de Galicia que debe dar resposta ás iniciativas parlamentarias que se presenten na cámara.
9. A representación da Comunidade Autónoma no que atinxe ás relacións institucionais coa Administración e Goberno estatal así como coas restantes administracións e gobernos de outras Comunidades Autónomas.
10. O rexistro dos convenios que sexan autorizados polo Consello da Xunta de Galicia e os que outorguen os departamentos da Xunta, organismos autónomos e entes de dereito público da Administración autonómica.
11. A legalización de sinaturas de documentos da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia que vaian producir efectos no estranxeiro conforme ao establecido no Decreto 351/2009, do 9 de xullo, polo que se regula a legalización de documentos da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia que deban producir efectos no estranxeiro.
12. A representación da Comunidade Autónoma de Galicia na Comisión Mixta de Transferencias e nas comisións bilaterais de cooperación entre a Administración Xeral do Estado e a Administración autonómica, así como naqueles foros en que sexa necesaria a súa presenza, e non estea predeterminado o departamento que deba asistir por razón da materia que se vai a tratar, cando así sexa acordado polo Consello da Xunta de Galicia.

13. O seguimento da participación da Xunta de Galicia nas conferencias sectoriais.
14. A coordinación da actividade da Comisión de seguimento de disposicións normativas do Estado e doutras comunidades autónomas.
15. A representación da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza en aqueles supostos en que lle sexa encomendada polo seu titular.
16. Aquelas outras que, dentro do seu ámbito competencial, lle sexan asignadas ou delegadas

DIRECCIÓN XERAL DE EMERXENCIAS E INTERIOR

A Dirección Xeral de Emerxencias e Interior exercerá as competencias que lle corresponden á Xunta de Galicia, estatutariamente ou por transferencia, relativas ás materias de atención de emerxencias e protección civil, interior e seguridade.

En particular, correspóndelle o exercicio das funcións que derivan das competencias nas seguintes materias:

A. En materia de emerxencias e protección civil:

A dirección e a coordinación das funcións que ten atribuídas a Axencia Galega de Emerxencias nesta materia, conforme ao establecido no Decreto 214/2020, do 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo, entre as que cómpre destacar:

- A coordinación e a execución das atribucións que ten asumidas a consellería en materia de atención de emerxencias e de protección civil, tales como a intervención e a atención das emerxencias e o restablecemento dos servizos esenciais para a cidadanía afectada por unha emerxencia, no marco das funcións atribuídas a esta pola Lei 5/2007, do 7 de maio, de emerxencias de Galicia.
- A planificación da protección civil e a prevención, a previsión e a análise de riscos relacionados con ela.
- A representación da consellería na Comisión Nacional de Protección Civil e noutros organismos de coordinación internacionais, europeos e autonómicos de protección civil.
- O exercicio da planificación e a coordinación dos plans e os programas dos servizos contra incendios e salvamento locais, sen prexuízo das competencias que lle poidan corresponder á Dirección Xeral de Administración Local.
- As relacións da Administración autonómica, en materia de atención de emerxencias, coas administracións locais, coas comunidades autónomas, coa Administración xeral do Estado e cos estados da Unión Europea, tendo unha relación especial con Portugal pola súa proximidade e pola posibilidade e ter que compartir emerxencias comúns.
- O seguimento da encomenda do Consello de Seguridade Nuclear á Xunta de Galicia en materia de vixilancia radiolóxica co exercicio de autoridade competente para a protec-

ción dos traballadores e da poboación fronte á exposición a fontes de radiación natural asociada a actividades laborais, en aplicación da normativa vixente.

B. En materia de seguridade e interior:

- O exercicio da xefatura dos servizos de seguridade baixo a superior autoridade do conselleiro de Presidencia, Xustiza e Turismo.
- A proposta e execución dos plans de seguridade da Comunidade Autónoma de Galicia así como a elaboración e proposta dos plans e proxectos de actuación, xestión e planificación operativa dos servizos policiais adscritos á Dirección Xeral de Emerxencias e Interior.
- A planificación, xestión e distribución dos recursos humanos e materiais destinados á seguridade da Comunidade Autónoma de Galicia e a proposta ou a resolución, se é o caso, das cuestións relativas á selección, formación e perfeccionamento do persoal adscrito aos servizos policiais da Xunta de Galicia.
- As funcións de coordinación das policías locais que lle correspondan á comunidade autónoma.
- O establecemento de mecanismos e fórmulas de cooperación coas forzas e corpos de seguridade do Estado para a coordinación e realización das competencias en materia de prevención e seguridade.
- A elaboración de cantos informes e estudos requira e esixa o exercicio das competencias que lle corresponden á consellería en materia de prevención e seguridade.
- A preparación dos correspondentes estudos e anteproxectos de disposicións xerais.

C. En materia de xogo e espectáculos públicos:

- A tramitación dos expedientes administrativos en materia de casinos, xogos e apostas cuxa autorización corresponda a esta dirección xeral; a execución das directrices que lle sexan indicadas en relación aos distintos sectores do xogo e a elaboración dos correspondentes estudos, informes e anteproxectos de disposicións xerais na materia, así como para a recollida da información estatística das empresas correspondentes en coordinación coa Secretaría Xeral Técnica.
- A tramitación da autorización da celebración de espectáculos públicos e actividades recreativas que se desenvolvan en máis dunha provincia da Comunidade Autónoma de Galicia e non excedan do ámbito territorial da propia Comunidade Autónoma e, en xeral, todos os que sexan de competencia da dirección xeral en materia de espectáculos públicos, así como a elaboración dos correspondentes estudos, informes e anteproxectos de disposicións xerais na materia.
- Aqueloutras que, non estando incluídas nesta relación, lle atribúa a normativa vixente, así como as que dentro do seu ámbito competencial, lle sexan asignadas ou delegadas.

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓN EXTERIORES E COA UNIÓN EUROPEA

Entre as atribucións da Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea destacan as seguintes (Decreto 214/2020, do 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo):

- A execución da actividade europea e da actividade exterior da Xunta de Galicia, sen prexuízo das competencias sectoriais que lle correspondan a cada departamento.
- A cooperación institucional e técnica en relación co proceso de integración europea, especialmente naquelas materias relacionadas coas políticas rexionais e sectoriais, e nas organizacións rexionais europeas non comunitarias.
- A coordinación entre os departamentos da Xunta de Galicia para os asuntos relacionados coa Unión Europea e coa acción e cooperación exteriores.
- A elaboración dos plans e estratexias no marco da Unión Europea, da acción exterior e da cooperación ao desenvolvemento, nos cales se determinarán as prioridades xeográficas e sectoriais de actuación da Xunta de Galicia.
- A representación da Comunidade Autónoma nos órganos que existan entre a Administración xeral do Estado e as comunidades autónomas, sobre acción exterior e cooperación ao desenvolvemento, sen prexuízo das competencias doutros órganos autonómicos.
- A promoción das relacións de cooperación con entidades e institucións non estatais ou subestatais estranxeiras, fomentando especialmente a dimensión de xénero en todas elas, sen prexuízo das funcións doutros departamentos ou centros directivos.
- A elaboración das propostas de desenvolvemento normativo nas materias da súa competencia.
- O fomento da imaxe integral de Galicia no exterior.
- O seguimento das actuacións da Fundación Galicia Europa.
- A tramitación das notificacións oficiais de axudas públicas e das correspondentes ás actuacións inherentes ás queixas e infraccións comunitarias en que o Ministerio de Asuntos Exteriores, Unión Europea e Cooperación ou a Comisión Europea requiran un único centro de notificación e de interlocución.
- O desempeño das tarefas inherentes á súa condición de organismo intermedio para a xestión dos fondos comunitarios destinados á cooperación transfronteiriza, de conformidade co establecido nos regulamentos comunitarios, nas disposicións de aplicación do programa operativo e no acordo que se subscriba coa autoridade de xestión.
- A canalización da información que se xere no ámbito da Unión Europea e que sexa de interese para as distintas consellerías e órganos superiores da Xunta de Galicia, para as entidades integrantes do sector público autonómico e para a sociedade galega en xeral.

- A implementación e supervisión da execución da Estratexia galega de acción exterior (Egaex), así como a prospección do contorno exterior para propor a súa revisión puntual ou actualización integral, sen prexuízo das competencias que lle correspondan a outros centros directivos.
- O impulso da acción de cooperación ao desenvolvemento de conformidade coas prioridades xeográficas e sectoriais de actuación da Xunta de Galicia, e a intervención na determinación dos procedementos económicos e administrativos na materia.
- O fomento da cooperación ao desenvolvemento entre os diferentes axentes de cooperación galegos, promovendo a súa participación a través do Consello Galego de Cooperación para o Desenvolvemento.

DELEGACIÓNS TERRITORIAIS

As delegacións territoriais da Xunta de Galicia, nas cales se integran todos os órganos, unidades e servizos da Administración periférica autonómica sitos no seu respectivo ámbito territorial, foron creadas por Decreto 245/2009, do 30 de abril.

Os delegados ou delegadas territoriais exercen a representación da Xunta de Galicia e a coordinación do exercicio das competencias da Administración xeral da Comunidade Autónoma no seu correspondente ámbito territorial, dependendo funcionalmente das directrices, instrucións ou criterios que emanen dos diversos órganos superiores das consellerías correspondentes, por razón das distintas competencias materiais.

I.2.2. DOS ORGANISMOS AUTÓNOMOS

ACADEMIA GALEGA DE SEGURIDADE PÚBLICA

A Academia Galega de Seguridade Pública (AGASP), foi creada pola Lei 1/2007, do 15 de xaneiro, que regula, entre outros aspectos, os seus fins e as súas funcións:

A. Fins:

A Academia Galega de Seguridade Pública orientará a súa actuación ao:

- Enriquecemento do capital humano dos servizos de seguridade pública mediante a súa capacitación a través da formación, a innovación e a excelencia.
- Compromiso de xerar e transferir as bases de coñecemento para a mellora das políticas en materia de seguridade pública.
- Impulso da calidade nos servizos de seguridade pública para unha mellor atención ao cidadán.

B. Funcións formativas:

As funcións formativas da AGASP son as seguintes:

1. No ámbito da formación xudicial e penitenciaria e da seguridade privada:

   Organizar e realizar nas materias de seguridade pública, en colaboración co Consello Xeral do Poder Xudicial e cos ministerios competentes en materia de xustiza e interior, así como con outros organismos, universidades ou centros de investigación, actividades dirixidas á formación de xuíces e fiscais, dos funcionarios de institucións penitenciarias e dos traballadores da seguridade privada, a través do asinamento dos oportunos convenios.
2. No ámbito da formación policial:
   - Elaborar os programas formativos e impartir os cursos dirixidos ao ingreso e á promoción interna nas distintas escalas dos corpos da policía de Galicia e das policías locais, así como a súa formación continua, perfeccionamento e especialización.
   - Colaborar coas administracións competentes na selección do persoal dos corpos da policía de Galicia e das policías locais.
   - Facilitarlles aos concellos os medios de coñecemento e información precisos para unha mellor execución dos servizos específicos das policías locais.
3. No ámbito da formación de protección civil, bombeiros e axentes forestais:
   - Elaborar os programas formativos e impartir os cursos de formación e perfeccionamento dirixidos aos integrantes dos servizos de protección civil e aos membros dos corpos de bombeiros das entidades locais coas que se formalice o correspondente convenio de colaboración.
   - Impartir os cursos dirixidos aos axentes forestais.
   - Colaborar coas entidades locais na selección e formación continua do persoal integrante dos corpos de bombeiros e de protección civil.
   - Facilitarlles aos concellos os medios de coñecemento e información precisos para unha mellor execución dos servizos específicos de bombeiros e protección civil, establecéndose os convenios oportunos.

C. Outras funcións:

Son tamén funcións da AGASP nas materias que lle son propias:

- Investigar, estudar e divulgar contidos, técnicas e documentación, con especial referencia á realidade galega.
- Promover relacións de intercambio e colaboración coas universidades e institucións de Galicia, así como con outros centros docentes e investigadores de ámbito autonómico, estatal ou internacional.

- Homologar, cando proceda, os títulos correspondentes aos cursos de formación impartidos por outras academias, escolas ou centros.
- Calquera outra que lle poida ser atribuída polas normas, de conformidade coa súa natureza.

I.2.3. DAS AXENCIAS PÚBLICAS AUTONÓMICAS

AXENCIA GALEGA DE EMERXENCIAS

A Axencia Galega de Emerxencias (AXEGA) axustarase nos seus fins, estrutura e funcionamento ao disposto na Lei 5/2007, do 7 de maio, de Emerxencias de Galicia, ao Decreto 292/2008, do 30 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Axencia Galega de Emerxencias, ao Decreto 214/2020, do 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo e no que se establece que as competencias da Subdirección Xeral de Planificación e Protección Civil, ata o de agora dependente da Dirección Xeral de Emerxencias e Interior, pasarán á Axencia Galega de Emerxencias, na cal se integra a Subdirección.

Correspóndelle á AXEGA o exercicio das seguintes funcións:

- A coordinación e a execución das atribucións que ten asumidas a consellería en materia de atención de emerxencias e de protección civil, tales como a intervención e a atención das emerxencias e o restablecemento dos servizos esenciais para a cidadanía afectada por unha emerxencia, no marco das funcións que se lle atribuen a esta pola Lei 5/2007, do 7 de maio, de emerxencias de Galicia.
- Xestionar o Centro de Atención de Emerxencias 112 Galicia e prestar materialmente a asistencia requirida polos cidadáns e polas cidadás a través del, ou dar traslado, segundo se estableza regulamentariamente, daquelas que lles corresponda atender a outros organismos competentes na materia.
- Xestionar os medios e recursos operativos que se poidan incorporar á axencia.
- Analizar os riscos e mais identificalos e localizalos no territorio co fin de elaborar o mapa e o catálogo de riscos de Galicia, así como os catálogos de medios e recursos e o catálogo de servizos.
- Desenvolver programas en materia de protección civil e xestión de riscos e de emerxencias consonte as directrices emanadas da Xunta de Galicia e establecer os medios para fomentar actuacións que contribúan á prevención de riscos, á atenuación dos seus efectos e, en xeral, á toma de conciencia e sensibilización dos cidadáns da importancia de protección civil.

- Levar a cabo os estudos necesarios para a elaboración do Plan territorial de protección civil de Galicia, dos plans especiais e das liñas directrices para a elaboración dos plans territoriais que correspondan.
- Avaliar e cualificar o risco cando lle sexa comunicada unha situación de emerxencia das que poden dar lugar á activación dun plan público de protección civil.
- Por á disposición dos órganos competentes da Xunta de Galicia os medios para a xestión das emerxencias de interese galego baixo a superior dirección da persoa titular da presidencia da Xunta ou da persoa titular da consellería na que esta delegue e mais daqueloutras emerxencias que os plans especiais ou territoriais determinen.
- Estudar as actuacións necesarias para o restablecemento dos servicios esenciais para a comunidade e a restauración, a rehabilitación e o entorno a normalidade en casos de catástrofe ou calamidade.
- Fomentar a vinculación voluntaria e desinteresada dos cidadáns ás actividades de protección civil.
- A planificación da protección civil e a prevención, a previsión e a análise de riscos relacionados con ela.
- A representación da consellería na Comisión Nacional de Protección Civil e noutros organismos de coordinación internacionais, europeos e autonómicos de protección civil.
- O exercicio da planificación e a coordinación dos plans e os programas dos servizos contra incendios e salvamento locais, sen prexuízo das competencias que lle poidan corresponder á Dirección Xeral de Administración Local.
- As relacións da Administración autonómica, en materia de atención de emerxencias, coas administracións locais, coas comunidades autónomas, coa Administración xeral do Estado e cos estados da Unión Europea, tendo unha relación especial con Portugal pola súa proximidade e pola posibilidade e ter que compartir emerxencias comúns.
- O seguimento da encomenda do Consello de Seguridade Nuclear á Xunta de Galicia en materia de vixilancia radiolóxica co exercicio de autoridade competente para a protección dos traballadores e da poboación fronte á exposición a fontes de radiación natural asociada a actividades laborais, en aplicación da normativa vixente.

AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA

A Lei 7/2011, do 27 de outubro, do turismo de Galicia, na súa disposición adicional cuarta, autoriza ao Consello da Xunta de Galicia para a creación da Axencia de Turismo de Galicia, que ten como obxectivo básico impulsar, coordinar e xestionar a política autonómica en materia de turismo e, en especial, a promoción e a ordenación do turismo dentro da comunidade e a conservación e promoción dos camiños de Santiago.

Mediante o Decreto 196/2012, do 27 de setembro, procedeuse ao desenvolvemento da citada disposición adicional, creando a Axencia de Turismo de Galicia e regulando os aspectos

referidos á organización e funcionamento da Axencia, a súa estrutura, o réxime do seu persoal, o seu réxime económico-financeiro e o seu réxime patrimonial e de contratación.

Para o cumprimento dos seus obxectivos, a Axencia de Turismo de Galicia ten as seguintes competencias e funcións sen prexuízo das que correspondan a outras entidades integrantes do sector público autonómico:

a) A planificación da política de ordenación e inspección, fomento e competitividade do turismo dentro da comunidade autónoma, determinando as liñas de actuación de política turística, equilibradas e sustentables, que deben rexer no territorio galego.
b) A elaboración e proposta de normativa nas materias da súa competencia.
c) A dirección e coordinación das actuacións que poidan ter incidencia en materia de turismo que se desenvolvan no ámbito da Administración da Comunidade Autónoma.
d) A instauración de canles efectivas de comunicación con outros organismos locais, provinciais e da Administración central e outras administracións, así como co sector privado.
e) O desenvolvemento e xestión de plans integrais de turismo para aplicar nos xeodestinos e/ou establecementos turísticos, apostando pola innovación, calidade e sustentabilidade dos produtos turísticos que configuren o portafolios de produtos turísticos de Galicia.
f) O aproveitamento e potenciación dos recursos turísticos de Galicia mediante a promoción, publicidade, relacións públicas e outras accións de notoriedade, tanto no interior de Galicia coma no resto de España e no exterior, sen prexuízo das competencias da Administración central do Estado.
g) A coordinación, o impulso, a xestión e a execución das actividades de promoción turística interior e exterior públicas e público-privadas.
h) Os labores de información turística tanto a nivel nacional como internacional, directamente ou a través de convenios e concertos con institucións públicas e privadas para a creación, coordinación e desenvolvemento destas accións de información e promoción turística interior e exterior.
i) Directamente ou a través da S.A. de Xestión do Plan Xacobeo, a dirección e coordinación das actuacións relacionadas coa posta en valor cultural e turístico do Camiño de Santiago, a súa promoción, a xestión da imaxe corporativa do Xacobeo e da rede de albergues, e o mantemento e conservación dos camiños e a súa sinalización, así como calquera outra acción que redunde en beneficio do Camiño de Santiago.
j) A coordinación da participación da Comunidade Autónoma nas exposicións universais.
k) Dirixir e coordinar as actuacións relativas á análise, estudo, coñecemento e estatísticas no eido turístico, así como o desenvolvemento de tarefas de investigación, innovación e desenvolvemento tecnolóxico no eido do turismo, sen prexuízo doutros organismos con competencias nestas materias.
l) O impulso da competitividade do sector turístico privado, fomentando a mellora da xestión interna das empresas turísticas, a I+D+i, a cooperación entre empresas e a formación.

m) A aplicación dos mecanismos necesarios para mellorar as estruturas e os fundamentos da formación profesional turística.

n) A formación de formadoras ou formadores vinculados aos estudos turísticos, tanto desde o punto de vista teórico coma práctico, así como a formación continua dos traballadores do sector turístico, sen prexuízo das competencias que lles poidan corresponder a outros organismos.

o) Calquera outra actividade orientada a mellorar a posición do sector turístico de Galicia no marco español e internacional.

p) O exercicio da función estatística da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de turismo, no marco do previsto no artigo 44 da Lei 9/1988, do 19 de xullo, de estatística de Galicia.

q) Todas as operacións que sexan preparatorias, auxiliares ou complementarias das mencionadas.

I.2.4. DOS CONSORCIOS AUTONÓMICOS

A entrada en vigor da Lei 5/2007, do 7 de maio, de emerxencias de Galicia, supuxo o mandato do Parlamento de Galicia para que se acaden importantes obxectivos no ámbito da protección civil e a xestión de emerxencias, sendo un dos máis destacables a necesidade de acadar a maior homoxeneidade posible da prestación do servizo de extinción de incendios e salvamento en toda Galicia do xeito máis eficaz.

Neste senso a Xunta de Galicia, xunto coas Deputacións provinciais de Galicia, participa na xestión e financiamento dos distintos consorcios contra incendios existentes na nosa comunidade.

A figura do consorcio contra incendios foi posta en marcha pola Xunta de Galicia, ao abeiro da lei de Administración local de Galicia, no ano 1999 coa finalidade de prestar este servizo esencial á poboación galega con independencia do seu lugar de residencia, garantindo a protección das súas vidas e patrimonios mediante a implementación de servizos profesionais de atención ás emerxencias as vinte e catro horas do día os 365 días do ano.

Estes consorcios, que inicialmente foron configurados con carácter comarcal, permitiron pasar dos 7 parques existentes na nosa comunidade no ano 1999 (parques municipais das grandes cidades galegas) á existencia neste intre, xa en funcionamento, de 32 parques en Galicia.

A fórmula de xestión destes servizos é a través dos consorcios contra incendios e de salvamento, que permiten unha xestión áxil e eficaz dos recursos, ao mesmo tempo que unha proximidade ao territorio cuberto polos mesmos e ás administracións implicadas no seu ámbito de actuación.

Estes consorcios que xestionan o servizo de extinción de incendios e salvamento, teñen actualmente todos eles, agás o consorcio comarcal Deza/Tabeirós co parque en Silleda, un carácter provincial nas catro provincias galegas e, sen prexuízo da participación financeira da Xunta de Galicia, adscríbense ás respectivas Deputacións Provinciais de acordo coa Lei 27/2013, do 27 de decembro e a Lei 40/2015, do 1 de outubro.

I.2.5. DAS SOCIEDADES MERCANTÍS PÚBLICAS AUTONÓMICAS

S.A DE XESTIÓN DO PLAN XACOBEO

A S.A. de Xestión do Plan Xacobeo é unha sociedade mercantil anónima que se constituíu o 13 de novembro de 1991.

O Decreto 196/2012, polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia, determina que esta entidade asumirá a tutela funcional da S.A. de Xestión do Plan Xacobeo.

Deste xeito, nos Estatutos da Axencia de Turismo de Galicia disponse que lle corresponde "directamente ou a través da S.A. de Xestión do Plan Xacobeo, a dirección e coordinación das actuación relacionadas coa posta en valor cultural e turístico do Camiño de Santiago, a súa promoción, a xestión da imaxe corporativa do Xacobeo e a rede de albergues, e o mantemento e conservación dos camiños a súa sinalización, así como calquera outra acción que redunde en beneficio do Camiño de Santiago".

No que se refire ao obxecto social da sociedade anónima, tal e como dispoñen os seus estatutos, está constituído do seguinte xeito:

1. A realización de actividades dirixidas a xestión dos servizos comúns da rede de albergues da Comunidade Autónoma de Galicia e do resto do seu patrimonio social, as relacións coas asociacións de amigos do Camiño de Santiago: así como a planificación, programación, proposta e, se é o caso, execución das actuacións para a promoción e organización dos actos que se desenvolvan con motivo dos anos santos Xacobeos, así como apoiar os distintos departamentos, entidades e comisións da Xunta de Galicia para o desenvolvemento das súas funcións neste ámbito.
2. En concreto, constitúe o obxecto da Sociedade a realización das seguintes actividades:
   a) A xestión dos ingresos e gastos derivados do funcionamento da rede pública de albergues e do resto de edificios da entidade.
   b) A contratación, seguimento e xestión dos servizos de mantemento, seguranza, limpeza, atención así como todos aqueles que sexan necesarios para o correcto funcionamento da rede pública de albergues e do resto do patrimonio da entidade.

c) As relacións coas asociacións de amigos do Camiño de Santiago e entidades de promoción da cultura xacobea, así como as propostas de actuacións no ámbito da promoción, mantemento e conservación do Camiño de Santiago.

d) A planificación, programación, proposta e, se é o caso, execución, de actuacións para a promoción e organización dos actos que se desenvolvan con motivo dos Anos Santos Xacobeos.

e) O asesoramento aos distintos departamentos, entidades e comisións da Xunta de Galicia para desenvolvemento das actuacións que leven a cabo con motivo dos Anos Santos Xacobeos.

I.2.6. DAS FUNDACIÓNS DO SECTOR PÚBLICO AUTONÓMICO

FUNDACIÓN GALICIA EUROPA

De acordo co vixente decreto de estrutura orgánica da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo, a Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea ten entre as súas competencias efectuar o seguimento das actuacións da Fundación Galicia Europa (FGE). Por outra parte, as actividades da FGE están reguladas pola Lei 12/2006, do 1 de decembro, de fundacións de interese galego.

A FGE é unha entidade sen ánimo de lucro declarada de interese galego pola Orde de 24 de maio de 1988 da Consellería de Cultura e Deportes adscrita ao Protectorado da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza por Orde do 18 de marzo de 2013. O Decreto 178/2015 de acción exterior da Comunidade Autónoma de Galicia e a Lei 10/2021, do 9 de marzo, reguladora da acción exterior e da cooperación para o desenvolvemento de Galicia define a Fundación Galicia Europa como "unha entidade sen ánimo de lucro e ente instrumental do sector público autonómico galego […] que ten o mandato da Xunta de Galicia para exercer a representación autonómica galega ante as institucións e órganos da Unión Europea seguindo as directrices do Goberno autonómico e respectando os principios de unidade de acción exterior do Estado." A Xunta de Galicia forma parte do padroado da FGE xunto con Abanca, Consorcio da Zona Franca de Vigo, Deputacións de Coruña e Lugo e a Axencia Galega de Innovación. O padroado é o órgano de representación, goberno e administración da FGE.

As funcións da FGE a través das súas oficinas en Santiago de Compostela e en Bruxelas son principalmente as seguintes:

1. Defender os intereses de Galicia ante a Unión Europea

   Co obxectivo de promover os intereses galegos ante as institucións europeas, a FGE realiza un seguimento das políticas comunitarias para informar sobre elas en Galicia, especialmente á administración autonómica. Ao mesmo tempo, presta apoio e asesora aos participantes galegos en foros como o Comité Europeo das Rexións (CdR) e outros entes do ámbito co-

munitario. Complementariamente, a fundación organiza actividades de promoción cultural, económica ou turística para dar a coñecer Galicia en Bruxelas.

2. Informar sobre a Unión Europea en Galicia

   A información constitúe un requisito indispensable para a defensa efectiva dos intereses galegos no proceso comunitario de toma de decisións e para fomentar a participación de entidades galegas en programas de financiamento comunitario. Os boletíns periódicos, as redes sociais, o portal web e os contactos directos con diversos departamentos da Xunta de Galicia son as principais canles utilizadas para a transmisión desta información.

3. Formación e sensibilización en Galicia sobre a realidade europea

   Coa finalidade de facer mais comprensible o funcionamento das institucións comunitarias e achegar a Unión Europea e os restantes países europeos a sociedade galega, a FGE desenvolve importantes actividades de formación (concesión de bolsas e cursos) e sensibilización en Galicia, principalmente a través da oficina de Santiago de Compostela.

4. Promover a participación das entidades galegas en proxectos europeos.

   A FGE fomenta a participación de entidades galegas en proxectos europeos co fin de potenciar a competitividade dos sectores público e privado de Galicia. Esa promoción tradúcese en asesoramento técnico, procura de socios a escala europea, organización de reunións con representantes das institucións ou na mesma participación da FGE en consorcios de proxectos que lle resulten de interese. Por outra banda, a Fundación organiza seminarios de formación sobre este tipo de financiamento.

FUNDACIÓN SEMANA VERDE

A Fundación Semana Verde de Galicia é unha entidade sen ánimo de lucro, constituída mediante escritura pública outorgada o 16 de marzo de 1991. Foi declarada de interese galego por Orde da Consellería de 10 de xullo de 1991 (DOG, núm. 140, do 23 do xullo). Figura inscrita no Rexistro de fundacións de interese galego, Sección da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza con número 1991/5.

A composición do padroado, establecida no artigo 12 dos estatutos (aprobados por acordo da Xunta de Galicia do 13 de decembro de 2018 e formalizados en escritura pública 20 de decembro de 2018) é a seguinte: o presidente e 6 patróns en representación da Xunta de Galicia; dous patróns en representación da Deputación de Pontevedra; dous patróns en representación da Asociación Feiral Semana Verde de Galicia; un patrón en representación do Concello de Silleda e un patrón en representación de Abanca.

Entre os fins da fundación atópanse:

- Contribuír ao desenvolvemento do sector agrario galego, a través de actividades feirais e mercados agropecuarios.

- Promover a cooperación público-privada no desenvolvemento de actividades feirais e promocionais no eido agrario, alimentario, industrial e comercial co obxecto de impulsar a mellora continua dos devanditos sectores.
- Reforzar a posición estratéxica de Galicia como plataforma feiral para o desenvolvemento de grandes eventos sectoriais de ámbito estatal e internacionais.
- O impulso e promoción do Recinto Feiral de Galicia en Silleda como enclave estratéxico para o desenvolvemento socioeconómico de Galicia e, en particular, como infraestrutura de promoción e exposición comercial.

Para a consecución destes fins, a Fundación realiza as seguintes actividades:

- Organización de actividades feirais, expositoras e promocionais relacionadas cos sectores agrario e industrial de Galicia, ben directamente ou ben en colaboración con administracións públicas ou outras entidades públicas ou privadas, con especial mención, neste último caso, á Asociación Feiral Semana Verde de Galicia.
- Colaboración co sector público e privado na realización de eventos sectoriais, exposicións e lonxas de contratación, que contribúan ao cumprimento dos fins fundacionais.
- Facilitar a implantación de actividades económicas públicas, privadas ou mixtas baixo o réxime de concertación, dentro das súas instalacións e terreos, que contribúan de forma significativa á elevación do nivel económico da zona e á viabilidade económica da fundación.
- Prestación de servizos e aportación de medios técnicos e instalacións do Recinto Feiral de Galicia en Silleda en orde ao impulso e mellora da posición estrutural dos sectores agroalimentario e industrial e, así mesmo, en orde á garantía da viabilidade económica da fundación, mediante a posta en valor das instalacións da mesma, para a mellora da xestión económico-administrativa e o mellor aproveitamento do patrimonio da fundación.
- Apoio e difusión de boas prácticas que contribúan a mellorar o dinamismo e rendibilización do sector feiral de Galicia e, en particular, a avaliación e redución do impacto negativo do mesmo no medio ambiente.
- Patrocinio do certame anual "Semana Verde de Galicia" e subscrición de convenios de colaboración e patrocinio con aquelas entidades públicas ou privadas que contribúan de forma significativa ao cumprimento dos fins fundacionais, con especial mención, neste último caso, á Asociación Feiral Semana Verde de Galicia.

Así mesmo, a Fundación Semana Verde de Galicia realiza as tarefas resultantes das encomendas que se lle asignan.

II. PRINCIPAIS LIÑAS DE ACCIÓN

II.1. DA VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO

O papel central da Vicepresidencia primeira da Xunta e da Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo na súa acción para o ano 2022 continuará a ser o de exercer a súa función como o órgano superior de coordinación interdepartamental da Xunta de Galicia, así como o de coordinación da mesma coas administracións locais, coas institucións do Estado e co Parlamento de Galicia. Ademais, a Vicepresidencia primeira exercerá a coordinación da acción exterior do Goberno galego, en todos aqueles ámbitos de interese estratéxico para Galicia e coa interlocución coas distintas institucións e organizacións implicadas.

Esta función de coordinación tradúcese na tarefa de planificación conxunta da acción da Xunta de Galicia, especialmente no referido ao programa lexislativo, á elaboración de normas de carácter xeral, á supervisión de plans e actuacións de carácter transversal ou á coordinación da estrutura periférica da Xunta, a través da adscrición orgánica das delegacións e secretarías territoriais á Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo.

A Vicepresidencia primeira integra na súa estrutura a Asesoría Xurídica Xeral, responsable da asistencia xurídica da administración autonómica. Pola súa banda, intégranse na Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo, a Secretaría Xeral Técnica (con funcións de secretariado do goberno e de coordinación de servizos transversais), a Dirección Xeral de Xustiza, a Dirección Xeral de Administración Local, a Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias, a Dirección Xeral de Emerxencias e Interior, e a Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea.

Así mesmo, e, de conformidade coa estrutura orgánica da Xunta de Galicia, a Vicepresidencia primeira asume as competencias en materia de Turismo, quedando adscrita a esta consellería a Axencia de Turismo de Galicia.

No ano 2022 a Vicepresidencia primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo, en constante adaptación á situación sanitaria, continuará centrando os seus esforzos en mellorar a calidade de vida dos galegos e galegas, contribuíndo a unha xustiza máis eficiente e próxima á cidadanía, atendendo ás demandas das entidades locais, procurando a mellora constante na atención ás emerxencias no territorio galego, dirixindo a acción exterior da Comunidade Autónoma cun esforzo renovado a prol da cooperación ao desenvolvemento e achegando unha administración cada vez máis eficiente á cidadanía.

Ademais, a Consellería encargarase da ordenación e fomento do Turismo en Galicia, cun foco especial na celebración do Ano Santo 2021-2022.

O segundo ano do Xacobeo 21-22 constitúe unha oportunidade fundamental para a recuperación económica e emocional de Galicia, e como tal, debe ser apoiado e promovido por todas as administracións públicas. Neste marco, no ámbito da Xunta de Galicia, a Axencia de Turismo de Galicia volve incrementar os seus orzamentos para afrontar axeitadamente o Xacobeo 2022 e proseguir coa política de fortalecemento e adaptación do sector turístico.

No ano 2021, Galicia conseguiu a reactivación da súa afluencia turística, incluído o Camiño de Santiago. Este logro tivo, sen lugar a dúbidas, a súa base no posicionamento da Comunidade Autónoma como destino turístico seguro e de calidade. Así, Galicia atraeu ao turismo nacional ata acadar algúns rexistros históricos no mes de agosto e chegou a comezos do mes de setembro ás 100.000 Compostelas entregadas.

Malia isto, a celebración do Ano Santo 2021 estivo marcada pola pandemia da covid-19 e as restricións derivadas da mesma. A piques de rematalo, o mundo soña cun 2022 postpandémico onde a recuperación económica e dos hábitos sociais, incluído o turismo, se vexan consolidadas.

En paralelo, Galicia, tanto o sector turístico, como as administracións, leva anos preparándose para ofrecer o mellor Ano Santo da súa historia e, se as circunstancias sanitarias o permiten, ese será o 2022.

Por iso, os orzamentos para o seguinte exercicio recollen as partidas necesarias para apoiar con toda a intensidade desde a administración autonómica un Ano Santo no que, agardamos, o sector turístico poida funcionar a pleno rendemento, os cidadáns estranxeiros teñan maiores facilidades para visitarnos, a programación cultural poida recuperar as axendas internacionais e Galicia volva ser protagonista de grandes eventos que a visibilicen a nivel mundial.

Neste sentido, ademais de todo o relativo a eventos e programación cultural, continuaranse labores imprescindibles como a construción de novos albergues (en Piñor, Ferrol, Riós e coa disposición de executar o albergue da Coruña), manteranse as medidas de fomento da seguridade e da calidade turísticas que nos puxeron á fronte da recuperación e reforzaranse as medidas para a conservación dos Camiños e mellora da experiencia da peregrinación.

Todo isto, en continuo diálogo co sector turístico e hostaleiro, ao que seguiremos apoiando para que se recupere definitivamente da pandemia e poida subirse á oportunidade do Ano Santo. Da súa man, a Xunta de Galicia puxo en marcha dous Plans de rescate nos que se mobilizaron 182 millóns de euros en axudas directas, dos que máis da metade foron para o sector. Publicamos tamén un terceiro Plan de axudas, con fondos estatais, no que o Estado estableceu condicións inflexibles e complexas para acceder aos fondos; xunto co sector vimos reclamando que se modifiquen eses requisitos para que verdadeiramente o crédito poida chegar a estas empresas.

Ademais, nas distintas convocatorias de axudas dirixidas especificamente ao sector turístico e hostaleiro levamos mobilizados 31,2 millóns de euros, entre os que destacan as novas liñas recentes dirixidas ás axencias de viaxes e a establecementos turísticos para actuacións de marketing ou para investimentos en equipamentos postcovid.

E para facilitar o desenvolvemento da actividade, no pasado mes de setembro a Xunta de Galicia acordou coa hostalería un marco estable de traballo, un protocolo pioneiro en toda España que implicará que, con carácter xeral, os locais poidan permanecer abertos con independencia da situación epidemiolóxica en que se atope o concello onde se encontren. Os aforos pasarán a depender do grao de compromiso de cada local coa implantación de medidas de seguridade anticovid.

Na mesma liña traballouse cos representantes do ocio nocturno, establecendo un protocolo específico tendo en conta as particularidades desta actividade. Este sector, cuxos locais foron os que permaneceron máis tempo pechados, foi un dos máis afectados pola crise sanitaria, razón pola que a Xunta de Galicia ten investido un total de 8,8 millóns de euros en medidas para a súa reactivación, dos que a meirande parte se destinaron a axudas directas ás empresas.

Pero malia que a Axencia de Turismo de Galicia ostenta a coordinación de todas as actuacións relativas ao Camiño, á celebración do Ano Santo e recuperación do sector, estes fenómenos requiren unha abordaxe integral que implica a todos os departamentos da Xunta de Galicia en maior ou menor medida.

Dentro do ámbito concreto da Vicepresidencia primeira e Consellería de Xustiza e Turismo, cómpre destacar as actuacións impulsadas desde a Dirección Xeral de Emerxencias e Interior para promover a seguridade tanto ao longo do Camiño como na chegada á Catedral, mediante formación aos distintos corpos na AGASP, a dotación de medios específicos para vixilancia dos Camiños e a promoción da coordinación interinstitucional.

No eido da Asesoría Xurídica, destaca, no seu labor de asesoramento, defensa en xuízo e asistencia na elaboración de disposicións de carácter xeral en relación á pandemia, a súa defensa do requirimento do certificado COVID para o acceso ao ocio nocturno, que pode ser a chave para que estes locais poidan recuperar de xeito máis completo o seu traballo.

Así mesmo, desde a Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE, estase a promover o Xacobeo e o Camiño de Santiago no exterior. Entre outras iniciativas, cómpre salientar que a AECT da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal está a colaborar nun proxecto POCTEP para a promoción e consolidación do Camiño Xacobeo portugués como recurso patrimonial cultural e natural transfronteirizo, ao tempo que traballa na promoción, dinamización e difusión nos medios de comunicación do Xacobeo 21-22 na Eurorrexión Galicia – Norte de Portugal.

E, por último cómpre destacar o traballo desenvolvido desde a Dirección Xeral de Administración Local en colaboración coa Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, que axudou a 64 concellos de todos os signos políticos a simplificar trámites e axilizar os pagos dos 2,5 millóns de euros que destinaron a máis de 2.400 locais de hostalería, de xeito que estes establecementos recibiran as axudas canto antes.

Pechando xa o apartado turístico, no ano 2022 haberá unha aposta especialmente reforzada pola sostenibilidade, da man da convocatoria extraordinaria da Estratexia de Sostenibilidade

Turística en Destino que impulsa o Goberno central cos fondos Next Generation EU. Ao longo deste exercicio, a Xunta de Galicia liderará un plan territorial de dinamización do turismo litoral e outro de fomento do enogastronómico, que se sumarán ás actuacións que desenvolva no marco do Plan Nacional de Sostenibilidade, dedicado ao Xacobeo en 2022.

A administración autonómica leva moitos anos desenvolvendo este tipo de actuacións de sostenibilidade ambiental e transición dixital nos distintos eidos e, particularmente nas súas propias dependencias. En 2022, con carácter xeral manterase o esforzo para seguir apoiándoas.

No marco da estratexia de mellora das infraestruturas administrativas, a Xunta de Galicia vén asignado importantes recursos económicos para poder contar cuns espazos de traballo e servizo público modernos e en óptimas condicións de utilización. Así, nos últimos anos, xa se puxeron en marcha distintos proxectos cuxo obxectivo é diminuír o consumo enerxético asociado á utilización dos edificios.

No ano 2015 mellorouse o sistema de calefacción no edificio administrativo da Xunta de Galicia e no do Barco de Valdeorras. No mesmo ano, impulsouse un contrato do servizo de mantemento dos edificios administrativos da Xunta de Galicia e da subministración enerxética prestacional do Complexo Administrativo de San Caetano que permitiu, entre outros aspectos, que se crease unha rede de distribución de calor con biomasa. Posteriormente, entre as moitas obras desenvolvidas entre os anos 2017 a 2021 destacan a mellora da eficiencia enerxética na Academia Galega de Seguridade Pública, a mellora da envolvente térmica en cinco dos principais edificios do Complexo Administrativo de San Caetano, a Rehabilitación do Edificio Administrativo da Rúa Benito Corbal de Pontevedra, as obras de mellora enerxética na EGAP e no edificio que alberga a Dirección xeral de Emerxencias e Interior ou nos edificios administrativos da Xunta de Galicia en Ourense, Lugo e Vigo e no Pazo de Raxoi, entre outras.

Todas estas actuacións, algunhas xa implementadas e outras que se están a implementar, perseguen a restauración e mellora do patrimonio da Comunidade Autónoma, con especial incidencia na recuperación de edificios do patrimonio histórico, así como de edificios ubicados en zonas nucleares das poboacións que permiten mellorar os espazos urbanos. Trátase de obras que están xa a producir grandes beneficios, tanto operativos, isto é, ligados á mellora das infraestruturas, dos servizos públicos e das condicións dos traballadores; como a importante redución das emisións de CO2 ou aforros nos consumos de kilovatios hora.

Neste marco, en 2022, destacan os proxectos de eficiencia enerxética previstos nos edificios administrativos de A Coruña e Ferrol, así como a recuperación do edificio situado na rúa Lalín de Vigo para poder albergar locais dedicados a asociacións.

Así mesmo continuarase coas actuacións de renovación, iniciadas en 2021, dos vehículos do Parque Móbil da Xunta de Galicia adquirindo vehículos máis verdes, ecoloxicamente sostibles e con baixas emisións de dióxido de carbono que virán a substituír a outros moi avellentados.

No ámbito da administración de Xustiza, tamén se seguirán estendendo as tarefas xa iniciadas en anos anteriores en materia de eficiencia enerxética, avanzando en novas actuacións nas envolventes de xulgados e instalando iluminación e equipos de ventilación e climatización ecoloxicamente sostibles.

Ademais, iniciarase a construción dun novo edificio xudicial na Estrada que unificará nunha única sede aos órganos xudiciais existentes na vila e dun novo edificio para albergar a sede do IMELGA en Santiago de Compostela. Con estas obras a Xunta de Galicia continúa a renovar as sedes da administración de Xustiza galega, tralo investimento de 122 millóns de euros no marco do Plan de Infraestruturas xudiciais, que acometeu desde o ano 2010 obras destacadas como a da nova Cidade da Xustiza de Vigo, novos edificios xudiciais en Santiago de Compostela, Pontevedra, Ourense e Tui ou a rehabilitación da Fábrica de Tabacos da Coruña.

En paralelo, no ano 2022 continuaranse realizando as obras menores e pequenas reparacións nos edificios xudiciais que se repite, e así seguirá, cada ano.

Por outra banda, daráselle continuidade á execución do Plan de renovación do equipamento dos arquivos e das oficinas xudiciais, iniciado en 2019, con 2 millóns de investimento en 2022; reforzarase o apoio á prestación do servizo da xustiza gratuíta; seguiranse promovendo solucións alternativas para a resolución de conflitos, especialmente a mediación intraxudicial e seguirase apoiando o desenvolvemento da carreira profesional do persoal ao servizo da Administración de xustiza.

Ademais, proseguirase a modernización tecnolóxica da xustiza galega, na que se levan investidos máis de 40 millóns de euros a través dos Plans Senda. En 2022, entre os proxectos máis destacados atópanse a dixitalización do 100% das salas de vistas dos órganos xudiciais e o afondamento na dixitalización e na catalogación de arquivos.

Todo isto, sen esquecer o orzamento para o sostén dos custes extraordinarios que a Xunta de Galicia vén asumindo en relación á prevención da covid-19 na administración de Xustiza e que ten reclamado en diversas ocasións ao Goberno central.

Por outra banda, o apoio aos concellos para que poidan prestar os mellores servizos de proximidade á cidadanía continuará sendo unha prioridade para este departamento en 2022. Así, o Goberno galego manterá un foco especial no seguimento do desenvolvemento dos acordos acadados pola Comisión Galega de Cooperación Local, seguirase atendendo a carencia de persoal habilitado nacional, continuarase apoiando a dinamización da vida local dos concellos a través da consolidación da liña de apoio económico ás asociacións veciñais ou a realización de investimentos en infraestruturas municipais e seguirase desenvolvendo, xunto coa FEGAMP, o plan coordinado, conxunto e global para toda Galicia para loitar contra a vespa velutina.

O diálogo cos propios concellos e as deputacións provinciais como institucións titulares da competencia, seguirá sendo fundamental para abordar ao longo do vindeiro ano a mellora

continua da atención ás emerxencias e a seguridade na Comunidade Autónoma, sobre a base do sólido mapa de recursos desenvolvido nos últimos anos.

Neste ámbito, no ano 2021, de acordo cos compromisos acadados no Grupo de Traballo dependente da Comisión Galega de Protección Civil asinouse unha addenda ao convenio dos Grupos de Emerxencia Supramunicipais (en diante, GES) para poñer en funcionamento cinco novos GES (Maceda, A Veiga, A Cañiza, A Lama e Redondela/Mos) e un servizo municipal (Noia) co fin de cubrir zonas de sombra e para a localización dos GES daqueles concellos que renunciaron ao convenio. No ano 2022 continuarase a traballar para dar continuidade, ampliar e completar os efectivos dos GES.

Ao mesmo tempo continuarase a traballar na comarcalización dos parques de bombeiros das grandes cidades coas Deputacións Provinciais e concellos, para mellorar as isócronas de atención ás emerxencias, así como a eficiencia e eficacia dos servizos contra incendios e salvamento.

No ámbito da organización da prestación do servizo, cómpre a determinación do modelo de atención ás Emerxencias por parte dos consorcios provinciais contra incendios e de salvamento. Os Consorcios Provinciais da Coruña, Lugo e Pontevedra xa aprobaron a prestación directa da xestión do servizo de atención ás emerxencias, quedando pendentes do desenvolvemento dos correspondentes procesos selectivos para a integración do seu persoal. No caso de Ourense, comezaron os traballos iniciais para determinar o modelo de xestión mais axeitado.

No ámbito da seguridade cómpre destacar, como xa se apuntou con anterioridade, a atención especial que se prestará a todo o que conleva á celebración do segundo ano do Xacobeo 2021-2022. Neste sentido, incidirase de xeito particular na coordinación entre os distintos corpos e forzas de seguridade e emerxencias e no reforzo dos dispositivos, tanto no Camiño, como no propio complexo catedralicio.

Tamén a AGASP reforzará de xeito particular nos programas formativos do vindeiro curso a formación relativa a actuacións no Camiño de Santiago e respecto da seguridade dos peregrinos e peregrinas.

Cómpre destacar así mesmo en relación á Academia que durante o ano 2022 realizará a formación da 14 promoción de policía local, ao remate dun proceso unitario que se convocará a finais do ano 2021, xunto cos cursos de mandos e promoción interna que soliciten os concellos.

Nesta data, 87 concellos delegaron xa na Xunta de Galicia a selección do seu persoal do Corpo da Policía Local, o que supón mais do 65% dos concellos galegos con corpo da policía local.

No ámbito da acción exterior galega, cómpre destacar a aprobación da Lei 10/2021 reguladora da Acción Exterior e Cooperación para o Desenvolvemento de Galicia.

Esta lei determina os principios reitores da acción exterior galega, fixa obxectivos estratéxicos e concentra na Presidencia da Xunta de Galicia a representación exterior da Comunidade Autónoma e para subscribir acordos internacionais.

Ademais establece como regras xerais da acción exterior galega a transcendencia estratéxica alén do espazo dunha soa lexislatura e a busca do maior apoio parlamentario e social plasmados na Estratexia galega de acción exterior, e axustarase ao principio de unidade de acción, que incluirá o aliñamento coa Estratexia española de acción exterior e coa dirección da política internacional española.

O título II da lei regula a programación da acción exterior galega sinalando que se programará periodicamente por lustros nun documento estratéxico denominado Estratexia galega de acción exterior (Egaex), que prelacione os obxectivos a longo prazo, tanto materiais coma xeográficos, e ordene e rexa as diversas iniciativas sectoriais na materia, dotándoas de congruencia e coherencia, aproveitando as súas complementariedades e velando pola eficiencia no uso dos recursos públicos, co obxecto de maximizar os retornos socioeconómicos, demográficos e culturais para a comunidade autónoma.

No ano 2022 prevese a aprobación da Estratexia galega de acción exterior 2022-2026. Para a súa elaboración atenderase aos documentos previos de planificación da Xunta de Galicia que teñan unha proxección exterior e á vixente estratexia española, así como as achegas das consellarías, as entidades, os organismos, as institucións e os expertos con intereses e experiencia na materia.

Ao tempo, no ámbito europeo seguirase participando activamente nos debates que máis afectan a Galicia, como poden ser os relativos á evolución e impacto dos coñecidos como "Acordos de Noiteboa" subscritos trala saída efectiva do Reino Unido da Unión Europea, as medidas postas en marcha pola UE para facer fronte a crise derivada da COVID-19, os debates da Conferencia sobre o Futuro de Europa e a aplicación de diversas políticas comunitarias, en particular, pesca, agricultura, industria, I+D+i, mobilidade e demografía, que deberán contribuír a unha transición xusta, verde, dixital e resiliente das nosas economías e tecidos produtivos. Todo isto, ao tempo que Galicia mantén a súa activa e frutífera cooperación transfronteiriza con Portugal, a través da presenza na Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal co seguimento exhaustivo dende a Administración galega do Plan de Investimentos Conxuntos e da concreción dos fondos do POCTEP, así como promovendo a recuperación conxunta postpandemia.

No eido da cooperación ao desenvolvemento é destacable o esforzo orzamentario que se imprimirá novamente dende o Goberno galego de cara a 2022, incrementando o orzamento do programa destinado a este fin nun 5,19 % ,de acordo ao compromiso adquirido no IV Plan Director de Cooperación Galega 2018-2021. Levaranse a cabo actuacións en todos os ámbitos (cooperación no exterior, acción humanitaria, educación para o desenvolvemento, etc.), destinando mais dun 80% do orzamento operativo de gastos ás convocatorias de axudas a proxectos cuxas dotacións financeiras serán incrementadas significativamente.

DA VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA

ASESORÍA XURÍDICA XERAL

A Asesoría Xurídica Xeral é un órgano da Administración Autonómica que ten atribuídas funcións transversais esenciais que teñen como finalidade asegurar o sometemento da actuación administrativa á legalidade e a defensa dos intereses da propia Comunidade Autónoma, o que redunda en favor da cidadanía, que é a destinataria da súa actividade. Así, entre estas funcións transversais, referidas tanto a toda a administración autonómica como ao seu sector público, inclúense as de asesoramento en dereito; representación e defensa en xuízo; e asistencia xurídica na elaboración das disposicións de carácter xeral.

Coa aprobación da lei reguladora dos servizos xurídicos do sector público autonómico, a Asesoría Xurídica Xeral afrontou un proceso de importante reorganización, procedendo a establecer unha nova mecánica de traballo e de reparto de funcións.

Para o ano 2022 continúase, polo que respecta ao sector público autonómico, intensificando a aplicación do principio de autoprovisión deseñado pola Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico e que supón a asunción, con carácter xeral, por parte do corpo letrado da Xunta de Galicia das funcións de asesoramento xurídico e defensa en xuízo dos entes da administración paralela. Naqueles casos excepcionais nos que isto non sexa posible e se recorra, a un contrato externo, a Asesoría Xurídica Xeral conserva o poder de supervisar a execución do dito contrato e de coordinar a súa actuación para que se suxeite á unidade de doutrina legal dentro do sector público autonómico.

Deste xeito, refórzase o control legal para que todo o sector público estea suxeito ao mesmo grao de supervisión e control legal, o que debe traducirse nunha mellora da súa actuación e, en consecuencia, nun incremento substantivo da calidade xurídica da súa actividade.

Asemade, este control transversal permite tamén procurar o seguimento dos modelos de colaboración entre entes do sector público autonómico previstos na guía da colaboración horizontal, aprobada polo Consello da Xunta de Galicia, que facilita aos órganos da Xunta a subscrición de encomendas de xestión e acordos de colaboración que permitan poñer en práctica o principio de autoprovisión inserido na devandita lei de racionalización.

Tamén se pretende, neste ano 2022, ao igual que no ano 2021, seguir reforzando a coordinación dos servizos consultivos e contenciosos nas diversas áreas, especialmente nas materias de contratación pública e subvencións.

A intervención dos letrados nas distintas fases do procedemento de contratación pública proporciónalles unha posición inmellorable, non só para garantir a legalidade dos procedementos, senón tamén para, a través do asesoramento aos órganos xestores, aproveitar as contratacións públicas para contribuír a obxectivos estratéxicos da comunidade, como poden ser a innovación ou a atención ás necesidades sociais, impulsando os obxectivos da Lei 9/2017, do 8

de novembro, de contratos do sector público (LCSP); obxectivos básicos que xa foran en gran medida introducidos pola lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, ao ser elaborada de acordo coas directivas europeas obxecto de transposición pola LCSP.

Para desenvolver ese mandato legal, a Xunta de Galicia aprobou, Guías de actuación para o fomento da contratación innovadora, da contratación socialmente responsable e da participación das pequenas e medianas empresas, a través da introdución de cláusulas e condicións específicas nos pregos, ás que se unen as cláusulas para o fomento da corresponsabilidade e a conciliación impulsadas polo Plan Galego de conciliación e corresponsabilidade aprobado polo Consello da Xunta en 2018. Durante o ano 2022 a Asesoría Xurídica ocuparase da actualización e desenvolvemento das indicadas guías.

Será papel do corpo de persoal letrado da Xunta seguir asesorando aos órganos de contratación do sector público autonómico na aplicación dos instrumentos xurídicos recollidos nestas Guías e, en consecuencia, dar concreción a ese carácter estratéxico da contratación pública galega.

En particular, tendo en conta a importancia dos fondos comunitarios previstos para estas atencións, a Asesoría Xurídica da Xunta de Galicia debe seguir potenciando a utilización das modalidades de compra pública innovadora, mantendo o papel acadado por Galicia como unha das Comunidades Autónomas máis avanzadas neste campo.

Do mesmo xeito, a aplicación das recomendacións da Guía para unha contratación pública socialmente responsable no sector público autonómico galego debe garantir que as empresas contratistas do sector público autonómico non só sexan as mellores no concreto proxecto que se lles require, senón que ofrezan tamén un plus de compromiso coa sociedade a través de boas prácticas sociais no eido das condicións laborais, do fomento da igualdade e do fomento da inclusión das persoas con discapacidade.

No ámbito concreto da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes, o Goberno galego, a través da Lei de impulso demográfico, blindará o establecemento de cláusulas de igualdade na contratación pública da Comunidade Autónoma. Unha previsión legal que se concretará en guías, instrucións internas e medidas de fomento ás empresas contratistas.

Así mesmo, de acordo coa Guía para unha contratación pública aberta a PEMES e empresas incipientes, a Asesoría Xurídica Xeral desempeña un papel importante no deseño dos pregos e expedientes contractuais trasladando orientacións aos órganos de contratación acerca de como aplicar o réxime de contratación pública de forma que se facilite a participación das pequenas e medianas empresas nas licitacións do sector público.

As PEMES considéranse en xeral a espiña dorsal da economía da UE e, por ende da economía galega, e para aproveitar ao máximo o seu potencial de creación de emprego, crecemento e innovación, debe facilitarse o seu acceso aos contratos públicos. A maior participación das

PEMES nas compras públicas xerará unha competencia máis intensa pola obtención de contratos públicos, o que ofrecerá aos poderes adxudicadores unha mellor relación calidade-prezo e unha maior eficiencia do uso dos fondos públicos.

A Asesoría Xurídica Xeral segue a ser polo tanto peza clave para velar pola incorporación de medidas e boas prácticas que garantan o acceso das PEMES e empresas incipientes aos procedementos de contratación.

Tamén debe destacarse que segundo a Lei 4/2016, do 4 de abril, de ordenación da asistencia xurídica da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e do seu sector público, a Asesoría Xurídica Xeral debe asistir á administración autonómica na elaboración de modelos de pregos de cláusulas administrativas que contribúan a homoxeneizar a práctica contractual da administración xeral e do seu sector público, co obxectivo de acadar unha maior eficiencia na tramitación dos procedementos de adxudicación en interese de todos os participantes e facilitar a concorrencia.

Neste sentido, a Asesoría Xurídica Xeral colaborará no marco da Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia coa Comisión para a planificación e impulso de proxectos a financiar polo instrumento Next Generation EU para a aprobación dos documentos de harmonización en materia de bases de subvencións, pregos de cláusulas ou manuais tipo de procedementos de contratación, subvencións ou gasto público.

Nesta mesma liña, en cumprimento da propia Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, a Asesoría Xurídica seguirá velando pola aplicación das Directrices de Técnica Normativa, aprobadas polo Consello da Xunta de Galicia, que proporciona as pautas e os criterios técnicos para conseguir unha estrutura e unha redacción homoxéneos nas diferentes disposicións administrativas de carácter xeral, o que facilita a súa aplicación. A aplicación da nova lexislación, que garante a presenza da Asesoría Xurídica dende o comezo dos procesos de elaboración normativa, facilita a consecución destes obxectivos.

Ademais, a Asesoría Xurídica Xeral da Xunta de Galicia participará na aplicación das medidas impulsadas pola administración autonómica en relación ao protocolo asinado co Consello de Contas e que ten por obxecto a fixación dun marco de colaboración institucional permanente coa finalidade de establecer mecanismos efectivos para a prevención e a loita contra a corrupción no sector público autonómico de Galicia.

En efecto, co obxectivo de eliminar ou minimizar os riscos de corrupción no seo da estrutura orgánica da Administración xeral da Comunidade Autónoma e das entidades instrumentais do sector público autonómico, o protocolo prevé unha serie áreas de actuación, nas que no seo da administración autonómica colaborará a Asesoría Xurídica, como son as seguintes:

a) Promoción de políticas de integridade.

b) Implantación de instrumentos de prevención de riscos de corrupción.
c) Avaliación dos sistemas de prevención.
d) Instrumentos normativos e internos de prevención.

Para cumprir os obxectivos anteriores e, en calquera caso, para garantir unha asistencia xurídica satisfactoria e de calidade á Administración Autonómica, a Dirección Xeral da Asesoría Xurídica Xeral persigue seguir atendendo adecuadamente á formación e especialización dos letrados, tanto mediante xornadas internas de formación como a través da organización e participación en seminarios impartidos por profesionais caracterizados pola súa excelencia e coñecemento das materias xurídicas, buscando especialmente a colaboración da EGAP como entidade instrumental da Administración autonómica dedicada á formación das persoas empregadas públicas.

En particular, tendo en conta o incremento de asuntos penais nos que a Administración ten intervención (ademais dos supostos nos que a administración sofre prexuízos directamente, outros casos que afectan aos intereses xerais como os delitos de incendios, contra o medio ambiente ou casos de violencia de xénero), seguirase reforzando a formación en materia penal. Do mesmo modo, seguirase prestando especial atención á formación en dereito laboral, así como en cuestións relativas ao principio de autoprovisión da Administración e ao dereito da competencia.

A Asesoría Xurídica continuará executando a personación da Xunta de Galicia nos casos de asasinato por violencia de xénero nos que se conte coa autorización da familia da vítima. Dende o ano 2013 son un total de 18 os casos nos que se levou a cabo esta personación.

Así mesmo, a Lei de impulso demográfico habilita á Administración autonómica para exercer a acción popular nos procedementos penais por delitos de discriminación derivada ou por razón da situación familiar consecuencia da maternidade ou paternidade.

Debe destacarse tamén a labor da Asesoría Xurídica Xeral en relación coa crise sanitaria pola pandemia derivada do COVID-19. A resposta da administración autonómica á crise sanitaria conta tamén cunha dimensión xurídica que cobra un papel esencial, tendo en conta a necesidade de adoptar as medidas necesarias para afrontar a situación de emerxencia de saúde pública conforme a lexislación sanitaria, en particular a Lei orgánica 3/1986, do 14 de abril, de medidas especiais en materia de saúde pública, a Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade, e a Lei 33/2011, do 4 de outubro, xeral de saúde pública, así como na Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia.

En particular, a crise do COVID-19 puxo de manifesto as carencias normativas no que respecta á articulación dos mecanismos extraordinarios que recolle a lexislación sanitaria para tutelar a saúde pública ante crises sanitarias. Esta situación determinou a necesidade de que no ano 2020 a Asesoría Xurídica Xeral prestase nesta materia un asesoramento xurídico continuo aos órganos competentes para articular a resposta fronte a crise sanitaria, co obxectivo de ofrecer a necesaria seguridade xurídica, tanto para a administración como para as persoas destinatarias das medidas adoptadas. Durante o ano 2021 ten sido tamén parte esencial da actividade da

Asesoría Xurídica Xeral o asesoramento, colaboración e apoio na adopción e concreción polas autoridades sanitarias galegas das medidas preventivas necesarias para facer fronte á pandemia. En particular, dada a posible afectación que tales medidas poden ter nos dereitos e liberdades da cidadanía, a Asesoría Xurídica Xeral promoveu a existencia dun marco normativo claro que regulase estas medidas, delimitando con precisión os seus contornos e os requisitos para a súa adopción. Deste modo, aprobouse pola Lei 8/2021, do 25 de febreiro, de modificación da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia.

Esta lei é froito da ampla experiencia adquirida pola administración autonómica e a súa asesoría xurídica na loita contra a pandemia e ten suposto un importante avance na seguridade xurídica, ao establecer un marco normativo claro en beneficio da administración e da cidadanía.

Neste contexto, durante o ano 2022 a asesoría xurídica continuará desenvolvendo o seu labor de asesoramento e colaboración ás autoridades sanitarias na elaboración e aprobación das medidas preventivas que sexan necesarias co obxecto de protexer a saúde pública, así como continuará exercendo as súas funcións de defensa e representación en xuízo nas actuacións procesuais que sexan necesarias para obter a autorización ou ratificación xudicial das medidas preventivas que afecten a dereitos fundamentais, así como na defensa das medidas preventivas aprobadas, en caso da interposición de recurso contencioso-administrativo contra elas.

En efecto, estas funcións da asesoría xurídica, que conxugan o plano de asesoramento, de asistencia na elaboración de disposicións de carácter xeral e de representación e defensa en xuízo, se teñen demostrado no ano 2020 e 2021 como fundamentais na acción da administración pública galega contra a pandemia, pois esta loita debe realizarse sempre no marco do ordenamento xurídico, o que exixe que as medidas se adopten de forma motivada, que sexan o menos intrusivas e invasivas posible para lograr o obxectivo de protección da saúde pública, que se utilicen as medidas que menos prexudiquen a libre circulación das persoas e dos bens, a liberdade de empresa e calquera outro dereito afectado, e, en particular, que sexan necesarias, adecuadas e proporcionadas ao fin perseguido.

Neste sentido, os froitos obtidos nestes anos 2020 e 2021 teñen sido moi relevantes, en beneficio dos intereses públicos e da cidadanía, como se evidencia na gran aceptación social que teñen concitado as medidas aprobadas e a obtención, en todos os moi numerosos casos (máis dun centenar) nos que se solicitou, das autorizacións ou ratificacións xudiciais necesarias cando as medidas afectaban a dereitos fundamentais. Tamén debe facerse unha valoración moi positiva do resultado da defensa en xuízo no caso da impugnación xudicial das medidas preventivas adoptadas.

DA CONSELLERÍA

SECRETARÍA XERAL TÉCNICA

A Secretaría Xeral Técnica exerce as competencias e funcións establecidas polo ordenamento xurídico vixente en relación coas diferentes unidades e servizos en que se estrutura a Consellería, correspóndelle en particular a asistencia técnica, apoio e asesoramento á persoa titular da Vicepresidencia primeira e da Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo; as funcións de réxime interior, os asuntos xerais e o secretariado do Goberno da Xunta de Galicia.

Os obxectivos e liñas fundamentais, dentro do ámbito das competencias da consellería, céntranse no apoio e na coordinación das actividades do resto dos órganos que a integran nos seguintes eidos:

a) Na elaboración de estudos e propostas de actuación sobre aspectos relativos á estruturación, planificación, organización, métodos de traballo e de mellora da xestión
b) No seguimento e control dos expedientes de contratación, dos convenios e protocolos de colaboración.
c) Nas obras e proxectos.
d) E no seguimento e control dos expedientes de subvencións.

Estes últimos anos viñéronse adoptando un conxunto de medidas que, agrupadas, posibilitan acadar unha administración máis eficiente no uso dos recursos públicos e máis aberta, entendible e simplificada dende o punto de vista da relación cos cidadáns e tamén das empresas. O contexto de crise sanitaria exixe profundizar na eficiencia no uso dos recursos públicos e continuar na realización de investimentos en infraestruturas que presten servizos básicos aos cidadáns cara a unha economía dixital e verde.

En colaboración coa Dirección Xeral de Xustiza e coas delegacións territoriais, seguiremos modernizando as infraestruturas administrativas e xudiciais, tanto centrais, como periféricas, en atención a criterios de eficiencia enerxética e sostibilidade ambiental, coa finalidade de mellorar as condicións de traballo dos empregados públicos.

Dende o ano 2009, a Xunta de Galicia apostou pola mellora das infraestruturas xudiciais xa existentes e pola creación de novos edificios que permitisen uns medios máis adecuados para a Xustiza e con visión de futuro para a creación de novas unidades xudiciais. A día de hoxe, a Xunta leva destinado desde 2009 máis de 122 millóns de euros á mellora das infraestruturas xudiciais.

No ámbito das infraestruturas administrativas, desde o 2015 vén asignando tamén importantes recursos económicos ao mantemento e mellora continua dos edificios administrativos xestionados por esta Administración. Neste ámbito de actuación, nos últimos anos, puxéronse en marcha distintos proxectos de mellora das infraestruturas administrativas que acadan uns investimentos de máis de 20,3 millóns de euros.

Estas actuacións de mellora inclúen desde a construción de edificios administrativos e xudiciais de nova planta ata a completa rehabilitación doutros; así como a realización de obras menores e traballos de mellora da eficiencia enerxética.

Concretamente no ámbito da administración de Xustiza, construíronse novos edificios xudiciais. Xa rematados e en pleno funcionamento están os de Santiago de Compostela, Ourense, Pontevedra e Tui. Tamén se rehabilitaron edificios como a Fábrica de Tabacos na Coruña e o de Ferrol, Carballiño, Viveiro, e dotouse dunha nova sede ao Servizo de Notificacións e Embargos de Vigo.

Salientar que en 2021, coa finalización da Cidade da Xustiza en Vigo, realizouse o investimento máis ambicioso da Xunta desde que se transferiron as competencias de Xustiza, con máis de 42 millóns de euros. En 2022, completarase o investimento preciso para o seu pleno funcionamento.

Así mesmo, no ámbito das infraestruturas administrativas realizáronse obras de rehabilitación de edificios como o de Benito Corbal en Pontevedra e obras de mellora nas oficinas de rexistro e atención á cidadanía dos edificios administrativos da Xunta en Lugo, Coruña, Pontevedra, Ourense, Ferrol e Santiago de Compostela e, no Pazo de Raxoi, coa substitución das fiestras. Tamén se acometeron actuacións para mellora da eficiencia enerxética realizadas nos edificios administrativos de Santiago de Compostela, A Estrada, Ourense, Pontevedra e Vigo, ademais da que está actualmente en execución no edificio administrativo de Lugo.

A previsión para 2022 é continuar coa construción de dous novos edificios xudiciais. Na Estrada, construirase un novo edificio cun investimento total de 2,4 millóns de euros, dos que 1,4 millóns se dotan na anualidade de 2022, que albergará os dous órganos xudiciais existentes na actualidade e contará tamén con espazo suficiente e adecuado para posibles ampliacións de xulgados.

Iniciadas as actuacións no 2021 co concurso de ideas, prevese un investimento total de máis de 4,7 millóns de euros, dos que 2,7 millóns se dotan en 2022, para a construción dun novo edificio para a sede do IMELGA en Santiago de Compostela que contará con instalacións modernas e adecuadas para o desempeño das funcións dos médicos forenses. Este novo edificio será un referente en Galicia para a investigación médico-científica legal.

Coas obras de mellora da eficiencia enerxética realizadas ata o momento conseguiuse diminuír o consumo enerxético asociado á utilización dos edificios obtendose ademais importantes reducións de emisións de gases contaminantes á atmosfera, en liña co establecido na Estratexia Galega de Cambio Climático e Enerxía 2050.

Estes investimentos en infraestruturas xudiciais e administrativas están xa a producir grandes beneficios anuais, cunha redución das emisións de CO_2 de máis de 2.600 toneladas de CO_2, uns aforros nos consumos de máis de 12 millóns de quilovatios e uns aforros que se aproximan a 1 millón de euros anuais.

Seguindo esta liña, continuarase coas tarefas xa iniciadas en anos anteriores en materia de eficiencia enerxética, avanzando en novas actuacións nas envolventes de xulgados e instalando iluminación e equipos de ventilación e climatización ecoloxicamente sostibles, para o que nos orzamentos para 2022 haberá unha dotación de 1,2 millóns de euros.

Destacan, tamén, aqueles proxectos de eficiencia enerxética previstos para 2022 nos edificios administrativos da Xunta de Galicia en Coruña e Ferrol, que suporán un investimento total de máis de 3,6 millóns de euros, dos cales 2,6 millóns se consignan na anualidade 2022.

Continuaremos actuando sobre o patrimonio e establecendo liñas de colaboración cos actores sociais e outras administracións e entidades públicas, coa finalidade de reverter o seu uso á cidadanía.

Así se fixo coa rehabilitación do edificio situado na rúa Benito Corbal en Pontevedra coa finalidade da posta en valor e uso por parte da cidadanía desta sede administrativa, cuxa anterior gran reforma se levara a cabo no ano 1982. Esta actuación finalizou neste ano 2021 cunha inversión de máis de 5,2 millóns de euros.

Nas plantas baixa, primeira e segunda situáronse as oficinas de emprego co que se concentrou este servizo nun único espazo o que mellorou a súa prestación.

As plantas terceira e cuarta puxéronse a disposición de entidades e asociacións de interese social, cultural e sanitario para situar os seus locais e oficinas funcionando xa, na actualidade, como sede para 28 asociacións ás que se lle autorizou o uso durante un período de catro anos.

Pola súa banda, as plantas quinta á sétima serán utilizadas por parte da Universidade de Vigo por un período inicial de vinte anos.

Finalmente, na planta oitava autorizouse, tamén por un período inicial de vinte anos, o seu uso pola Fundación Manuel Moldes coa finalidade de conservar e divulgar a obra do pintor pontevedrés. Destinarase a unha sala de exposicións permanente, outra sala adicada a exposicións temporais e outra a almacén para albergar as obras do pintor.

Seguirase nesta senda de rehabilitación e recuperación do patrimonio coa actuación prevista no edificio situado na rúa Lalín en Vigo para poder albergar locais adicados a asociacións.

Trátase dunha iniciativa xa probada con éxito no concello de Pontevedra, onde 28 asociacións dispoñen xa dun espazo propio. Os locais da Rúa Lalín paliarían o déficit existente no concello de Vigo para que os colectivos municipais desenvolvan a súa actividade en boas condicións.

A aposta da Xunta de Galicia por unha economía verde e sostible, encamiñada a reducir as emisións de gases contaminantes á atmosfera, reflíctese tamén no Plan de renovación do Parque Móbil Central da Xunta de Galicia.

Nesta liña, en 2021 iniciáronse os trámites para a renovación da metade do parte do Parque Móbil que conta na súa gran maioría con vehículos con motorización diésel que teñen máis de 10 anos de antigüidade e/ou máis de 500.000 quilómetros. A próxima incorporación destes 191 novos vehículos ao Parque Móbil en 2022, permitirá reducir un 32,2% a emisión de gases contaminantes.

O obxectivo da Xunta de Galicia é continuar coa substitución paulatina da flota actual por outros vehículos máis eficientes, dunha forma gradual e progresiva, nos vindeiros catro anos, o que asegurará unha mobilidade sostible, segura e conectada, optando preferentemente pola adquisición de vehículos de etiqueta eco ou cero.

Todos estes investimentos tradúcense en beneficios reais para a cidadanía e para os empregados públicos, ao dispoñer de mellores infraestruturas, máis eficientes e menos espalladas e de medios que garanten unha mobilidade sostible e segura.

No que se refire ao funcionamento dos servizos públicos, cómpre destacar que desde o inicio da pandemia e ata a actualidade viñeron adoptándose medidas hixiénico-sanitarias para garantir, por unha banda, a seguridade da cidadanía en xeral e, por outra banda, a protección dos empregados públicos fronte á COVID-19.

Entre as medidas establecidas foron especialmente relevantes as relacionadas co distanciamento, a adaptación dos espazos e o incremento das tarefas de desinfección e limpeza nos centros de traballo, tanto en edificios administrativos como xudiciais, para o que se levaron a cabo diversos reforzos dos contratos existentes.

No exercicio 2022 continuaremos mellorando e reforzando a prestación dos servizos transversais. Así, consolidaranse, nas contratacións dos ditos servizos, as medidas implementadas por mor da crise sanitaria co obxectivo de manter as condicións de traballo adecuadas para os empregados públicos en atención ás circunstancias derivadas da COVID-19.

Ao tempo, seguiremos recollendo nos pregos que rexen as contratacións públicas cláusulas de carácter social, relativas ao emprego das persoas traballadoras asignadas á realización dos servizos.

A título de exemplo, continuarán fixándose condicións especiais de execución que exixan o cumprimento das disposicións vixentes en materia laboral, de seguridade e saúde no traballo e de integración laboral, en particular:

A obriga de adoptar as medidas de seguridade e hixiene que sexan preceptivas ou necesarias para prever de xeito rigoroso os riscos que poidan afectar á vida, integridade e saúde dos traballadores.

A garantía do cumprimento estrito das condicións laborais establecidas nos convenios colectivos que lles resulten de aplicación.

En canto ao funcionamento dos rexistros, a formación e a informatización da actividade administrativa tivo unha especial incidencia nas funcións desenvolvidas polas Oficinas de atención á cidadanía. A axilidade na xestión e a rapidez no envío da documentación ao o órgano competente ou a resposta ás demandas da cidadanía, está a conseguir unha tramitación máis eficaz e eficiente para todas as unidades da Xunta de Galicia.

Os cambios na xestión destas unidades administrativas tiveron unha incidencia enormemente positiva tanto na forma como no contido das funcións a desenvolver. Estas unidades pasaron da mera recepción de escritos en papel a establecer outro tipo de actividades que supoñen máis responsabilidade para os traballadores e un esforzo continuo de actualización.

A súa modernización acometeuse e estase acometendo, mediante a dotación dos elementos electrónicos necesarios e mediante a adaptación dos espazos que ocupan. Desta forma, suprímense as barreiras entre a cidadanía e os funcionarios, respectando sempre as medias para evitar o contaxio do Covid19. Coma consecuencia do anterior implantouse a cita previa, que permite unha atención presencial máis ordenada e evita as aglomeracións e as tensións que ás veces se daban entre o público que acudía a estas oficinas, sen prexuízo de que se poida acceder presencialmente sen necesidade de cita previa.

Desenvolvendo as funcións que a normativa lle foi asignando, en especial a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, dende as oficinas do Rexistro facilítase á cidadanía información xeral sobre os procedementos da administración; a ubicación dos órganos e unidades da Xunta de Galicia; dixitalízase a documentación que se presenta; dáse asistencia no uso de medios electrónicos; facilítase a cita previa; expídense copias auténticas mediante documento electrónico, con validez para todas as Administración do territorio español; practícanse notificacións por comparecencia espontánea da persoa interesada; e os cidadáns e cidadás, a través do sistema de chave 365, poden relacionarse coa administración sen acudir a ela.

Recentemente foi incorporada a estas Oficinas unha nova función, a xestión do Rexistro Electrónico de Apoderamentos de Galicia. A inscrición neste Rexistro permite aos particulares deixar constancia da persoa ou persoas que a van a representar nas súas relacións coas Administracións públicas. Así a inscrición pode ser para realizar calquera xestión en calquera Administración do estado español, para calquera actuación na Xunta de Galicia ou para desenvolver unha ou unhas actuacións concretas.

En definitiva, en 2022 continuaremos afondando nese esforzo xeral conxunto de modernización e optimización do funcionamento da administración autonómica, impulsando iniciativas e adoptando medidas que redunden tanto no beneficio xeral da cidadanía como na mellora das condicións de traballo dos empregados públicos.

DIRECCIÓN XERAL DE XUSTIZA

As principais liñas de actuación da Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo en materia de Administración de xustiza e no marco do programa de gasto 131A "Administración de xustiza", son as seguintes:

Continuar co proceso de modernización da Administración de xustiza, tanto dende o punto de vista dos seus medios materiais como da optimización dos seus recursos humanos.

Neste marco, prepararemos o impulso ao novo modelo organizativo que se recolle no proxecto de eficiencia organizativa do Ministerio de xustiza, acadado no marco da cogobernanza e que ven a implantar os denominados tribunais de instancia e oficinas municipais de xustiza, e que supón un cambio de modelo da Oficina Xudicial, incorporando diferentes unidades e servizos.

Neste sentido, sen esquecer a preparación operativa de servizos comúns xerais, as prioridades na implantación virán marcadas pola situación concreta dos distintos partidos xudiciais, que se analizará de maneira conxunta co Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, sen prexuízo da interlocución con outros axentes sociais e operadores xurídicos.

No 2022, seguirase co avance, nas medidas de dixitalización e catalogación de arquivos xudiciais, de expurgo, así como na mellora das salas de vistas, todas as cales serán enteiramente dixitais e de autopsias.

Dende o ano 2009, a Xunta de Galicia, no marco das súas competencias en materia de Administración de Xustiza, apostou pola mellora das infraestruturas xudiciais xa existentes e pola creación de novos edificios que permitisen uns medios máis adecuados para a Xustiza e con visión de futuro para permitir a creación de novas unidades xudiciais.

Desde a posta en marcha deste plan, a achega da Xunta a este en grandes obras e en actuacións de mellora da eficiencia enerxética superou os 122 millóns de euros, o maior investimento na Administración de xustiza, desde que a comunidade galega administra as súas competencias, ao que se engaden obras menores nos edificios xudiciais da Comunidade Autónoma.

Grazas á execución deste Plan, xa están en funcionamento edificios novos ou reformados como os xulgados de Santiago de Compostela, Ourense e a Fábrica de Tabacos da Coruña ou o Servizo de Notificacións e Embargos de Vigo, ademais da rehabilitación doutros en Ferrol, O Carballiño ou Viveiro, o novo edificio xudicial da Parda (Pontevedra) e o novo edificio xudicial de Tui.

Das grandes obras proxectadas no ámbito xudicial, está previsto en 2022 a entrada en funcionamento da Cidade da Xustiza de Vigo que albergará, entre outros, a totalidade dos órganos xudiciais do partido xudicial de Vigo, e a construción dun novo edificio xudicial no concello da Estrada no que se situarán os dous xulgados actuais.

Ademais, continuarase en 2022 coas actuacións para a construción en Santiago de Compostela dun edificio que será a nova sede do Instituto de Medicina Legal de Galicia (Imelga), actuacións que comezaron en 2021 coa convocatoria dun concurso de ideas, con intervención de xurado, a nivel anteproxecto. Con esta nova construción, a Comunidade Autónoma contará cunha sede de referencia para a investigación médico-científica legal en Galicia.

Con estas obras, a Xunta non só cumpriu os seus compromisos, senón que foi máis aló deles e aínda segue a mellorar as sedes xudiciais tanto con obras menores como con proxectos de eficiencia enerxética. No 2022, continuarase ademais coas actuacións de mellora da eficiencia enerxética nos inmobles dedicados á Administración de Xustiza, que xa en 2021 incrementou a dotación nesta partida en case un 30% e continuarase, entre outras, coas actuacións da mellora dos edificios xudiciais de Noia e Marín.

Daráselle continuidade no 2022 ao plan plurianual de renovación do equipamento mobiliario dos arquivos e oficinas xudiciais, tanto de dotación de mobiliario como de instalación de armarios rodantes para arquivo nas sedes galegas, no marco do cal foron executados no período 2018-2021 preto de 5 millóns de euros co que se atenderon diversas necesidades, como o equipamento mobiliario do novo edificio xudicial de Tui, e está en execución un contrato de 1 millón de € para o subministro mobiliario dos xulgados galegos, así como se atopa en execución o subministro mobiliario da Cidade da Xustiza de Vigo e demais xulgados galegos, actuación que supón un investimento dun 1 millón de euros. Para afondar nesta liña de investimento, no orzamento para 2022 consignaranse 2.056.298€, medrando así as previsións iniciais dos investimentos do Plan.

Igualmente vólvese a incidir no apoio á prestación do servizo da xustiza gratuíta e poder así atender a mellora nos baremos de retribución dos e das profesionais da avogacía e procuradoría, paro o que finalizado o acordo acadado en 2017 asinaranse novos acordos de colaboración cos consellos galegos de avogados e de procuradores, e por este motivo a consignación orzamentaria para o ano 2022 ascende a 13.300.000 €, o que supón un incremento do 18,75% respecto do ano 2021, rexistrando o maior incremento anual nesta partida desde a asunción desta competencia por parte da Comunidade Autónoma, e continuando deste xeito a senda de crecemento iniciada especialmente a partires do ano 2009 (do orzamento de 8.592.267€ do ano 2009 ao orzamento de 11.200.000€ do ano 2021 experimentouse un incremento do 30%).

Por outra banda continuarase a promover métodos adecuados de solución de controversias, especialmente a mediación intraxudicial, iniciativa pola que a Xunta de Galicia apostou reiteradamente desde o ano 2009 en que comezou o programa experimental de mediación intraxudicial familiar en Santiago ata a implantación en todas as cidades galegas, así como dos proxectos de mediación no ámbito civil e mercantil e no ámbito penal, o que tivo o seu reflexo orzamentario pasando de 64.800€ en 2009 ata os 280.200€ no ano 2021. Este impulso seguirá no 2022 tendo en conta as previsións lexislativas que na materia proxecta o Ministerio de Xustiza. Tamén continuará o avance na atención as labores de ordenación e expurgo dos expedientes xudiciais, así como o impulso da modernización tecnolóxica na actividade cotiá dos xulgados

galegos mediante a implantación de solucións de natureza dixital acordes cunha moderna Administración de xustiza, con especial atención á relación cos cidadáns e profesionais de xustiza.

Por outra banda, a actual situación sanitaria na que nos seguimos atopando aconsella proseguir cos mecanismos de inmediación dixital que permitan á cidadanía e aos profesionais relacionarse coa Administración de xustiza a través de servizos telemáticos, a cuxo fin se ampliará en 2022 a dotación de salas de vistas dixitais que se iniciara en anos pasados, ata alcanzar en 2022 o 100%, de xeito que todas as salas de vistas dos órganos xudiciais en Galicia podan funcionar de maneira integramente dixital, permitindo a exhibición do expediente dixitalmente durante o desenvolvemento da vista e con sistema de videoconferencia e gravación integrada que permiten a súa incorporación ao expediente xudicial.

Así mesmo, a totalidade das sedes xudiciais de Galicia dispoñen desde 2017 de sistemas de videoconferencia alcanzando actualmente os 194 puntos de videoconferencia, que se incrementarán en 2022 de maneira que todos os partidos xudiciais de Galicia de 3 ou máis xulgados conten coa configuración de ubicacións como sala de declaracións/salas de celebración de videoconferencias, con capacidade de gravación do acto, para favorecer a realización de actuacións procesuais a través do sistema de videoconferencia, contribuíndo así a mellorar o acceso á Xustiza baixo os principios de eficacia e seguridade.

A pandemia da COVID-19 tamén supuxo un reto na Administración de Xustiza. Neste marco, o 7 de xullo de 2020 o Consello de Ministros aprobou un Plan para axilizar a actividade xudicial tras a crise do coronavirus: trátase dun plan de actuación elaborado para toda a Administración de Xustiza de España e que se estenderá, polo de agora, ao 2021 e ao 2022.

Os gastos que supón a aplicación deste Plan do Ministerio de Xustiza, sobrevidos aos previstos cando Galicia asumiu as súas competencias nesta materia, están a ser sufragados, non obstante, nun 90%, pola Comunidade Autónoma (gastos en adaptación de infraestruturas e reforzos de persoal, fundamentalmente). Ata a data, este desembolso ascende a preto de 2 millóns de euros para atender as fases I e II de Plan de Choque, aos que se engaden máis de 6 millóns de euros máis que vén asumindo a Xunta de Galicia para a dotación de EPIs e reforzo da limpeza e desinfección das sedes xudiciais, malia as reiteradas reclamacións para que se inclúan nas correspondentes partidas adicionais nos Orzamentos Xerais do Estado, de modo que sirvan de apoio económico para estes gastos que veñen sendo atendidos polas Comunidades Autónomas.

Finalmente, a Xunta de Galicia abordou no 2020 a implantación dun sistema de carreira profesional para o persoal ao servizo da Administración de xustiza que continuará a desenvolver, permitindo aplicar un recoñecemento da súa traxectoria profesional en condicións similares ao do resto de persoal empregado público da Comunidade Autónoma.

Desde o ano 2009 o cadro do dito persoal incrementouse case nun 20%. Cómpre que a Administración Xeral do Estado, a través do Ministerio de Xustiza, autorice nas ofertas de em-

prego público prazas suficientes na Comunidade Autónoma que posibilite a cobertura de postos por persoal de carreira.

DIRECCIÓN XERAL DE ADMINISTRACIÓN LOCAL

A Dirección Xeral de Administración Local, no marco e execución das súas competencias, persegue como obxectivos prioritarios:

- A optimización e mellora da xestión na prestación de servizos á cidadanía.
- O logro de melloras progresivas na cooperación coas entidades locais.
- O avance en dotacións e servizos prestados aos administrados.
- O fomento e o impulso da incorporación das novas tecnoloxías e da e-Administración ou administración electrónica nas entidades locais, en colaboración coa Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia.

  A colaboración entre a Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa, a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e a Dirección Xeral de Administración Local permitiu a posta a disposición dos concellos de Galicia do Portal de Transparencia e a Guía de Transparencia Local de Galicia que se configuran coma unha ferramenta para que os concellos podan dar información a cidadanía e o mesmo tempo serve de vía de comunicación permanente a través da rede entre todos os concellos e a Administración Autonómica e por suposto facilítalles o cumprimento das obrigas derivadas da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso a información pública e bo goberno do Estado. Durante o exercicio 2022 manteranse permanentemente actualizados ambos instrumentos incorporando as novas obrigas derivadas da lexislación sectorial.
- O establecemento, dentro do marco básico estatal, dun réxime normativo propio para a administración local galega, efectuando as adaptacións e propostas, tanto a nivel lexislativo como regulamentario, que reflictan as particularidades e características propias, tanto da nosa Comunidade Autónoma, como das nosas entidades locais.

  A Dirección Xeral de Administración Local, no ano 2022, continuará traballando para a aprobación, do decreto autonómico que regule o exercicio das competencias da nosa Comunidade Autónoma respecto ao funcionariado de habilitación nacional adaptado á recente normativa estatal, contando coa participación dos colexios territoriais de Secretarios, Interventores e Tesoureiros de Galicia.
- O fomento das liñas de colaboración coas entidades locais galegas no referente á convocatoria e execución de liñas de subvención destinadas a elas, con especial énfase no apoio aos concellos na prestación dos servizos que lles son propios, apoiando a creación e a mellora das infraestruturas, dotacións, instalacións e equipamentos vinculados á prestación de servizos municipais para que os concellos poidan contar con espazos dignos e adecuados para a prestación dos servizos que teñen encomendados.

  Esta é a finalidade que persegue a orde de infraestruturas municipais, que constitúe unha das principais liñas de colaboración cos concellos cas que conta a Dirección Xeral de

Administración Local mediante a que se está a mellorar a cobertura do benestar da poboación rural, favorécese o reequilibrio territorial e facilítase a realización de actividades que poidan xerar emprego e fixar poboación.

Con relación a este último aspecto, cómpre subliñar que esta convocatoria configúrase como un instrumento adecuado para fomentar os proxectos de cubrición de parques infantís xa existentes ou ben a construción de novos parques cubertos, contribuíndo cos concellos no desenvolvemento desta tipoloxía de proxectos de innegable repercusión nunha área tan sensible para a cidadanía como é o lecer infantil e a creación de ámbitos de convivencia e relación social na infancia.

Entre outros obxectivos perseguidos por esta orde destaca o fomento da mellora da accesibilidade e seguridade nos espazos ou instalacións deportivas co fin de fomentar a práctica do deporte seguro por todos os segmentos da poboación e especialmente das mulleres.

No período 2009-2021 a Dirección Xeral de Administración Local destinou máis de 40,6 millóns de euros ao financiamento desta liña de axudas cos que se financiaron un total de 1.372 proxectos.

Seguiremos traballando da man das entidades locais para continuar avanzando na mellora do financiamento dos concellos. Un dos fitos fundamentais na relación cos entes locais produciuse en 2011, cando se garantiu por lei a participación mínima dos concellos nos orzamentos da Xunta a través do Fondo de Cooperación Local (FCL).

Así para o ano 2022, o fondo adicional do FCL terá unha dotación de case 12,9 millóns de euros, o que supón un incremento do 45,2% respecto ao ano anterior. Isto supón que a cantidade total asignada ao Fondo de Cooperación Local, entre o fondo base e o adicional, ascende a case 126 millóns de euros, o que implica un 3,3% máis, con 4 millóns adicionais respecto ao exercicio anterior.

Ademais, os fondos que recibirán os concellos galegos en 2022 ascenden a 488,5M€, entre o total do Fondo de Cooperación Local e outras transferencias dos demais departamentos autonómicos, o que supón un 20% máis que en 2021.

O Goberno galego, xunto coa FEGAMP, continuará liderando o plan coordinado, conxunto e global para toda Galicia de loita contra a vespa velutina, posto en marcha no ano 2020 para dar solución a un problema que se estende por practicamente todo o territorio galego e no que tanto a Xunta coma os concellos levamos anos traballando. Un Plan que conta, na actualidade, con 300 concellos adheridos, o 96% do total e 15 máis que en 2020. Así, para continuar con este obxectivo, consígnanse en 2022 un total de 1,8 millóns de euros. Deles, 1,2 atópanse residenciados no fondo adicional do Fondo de Cooperación Local e 575.000 euros no orzamento das diferentes consellerías colaboradoras (Medio Rural e Medio Ambiente, Territorio e Vivenda).

- A colaboración cos concellos galegos no exercicio das súas competencias en relación á crise da COVID-19.

  Neste marco, a Xunta acordou no ano 2020 a sinatura dun Convenio coa Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp) para axudar aos pequenos e medianos

concellos que non teñan capacidade de tramitar os seus expedientes sancionadores relacionados co incumprimento das restricións sanitarias vixentes para frear a pandemia da COVID-19.

O número de concellos adheridos a este convenio ascende a 186. Durante o ano 2022 a Xunta de Galicia continuará a colaboración con estes concellos contribuíndo así a axilizar os procedementos e paliar a súa carga administrativa.

- Tamén se evidenciará a colaboración cos concellos nas medidas de apoio ás policías locais da nosa comunidade, con especial fincapé no reforzo da seguridade cidadá naqueles concellos con elevado incremento poboacional durante a tempada de verán.

  No ano 2021 o Plan específico de subvencións a concellos turísticos con elevado incremento poboacional duplicou o seu orzamento acadando os 145.000 euros co fin de reforzar as axudas destinadas á contratación de auxiliares de policía local polos concellos de maior afluencia turística, apoiando así o labor que desempeñan os corpos de Policía Local no actual contexto de crise sanitaria.

  Nos últimos anos o goberno galego leva investido case 700.000 euros no financiamento dos postos de auxiliares de policía local nos períodos estivais

- A necesidade de que as entidades locais afronten o reto de acadar unha suficiente capacidade organizativa e financeira para prestar os servizos públicos da súa competencia, de maneira axeitada e sostible, subxace nas accións que promoverá a Dirección Xeral de Administración Local en apoio ás fórmulas de colaboración e cooperación intermunicipal, que racionalicen servizos e recursos para ofrecer uns mellores servizos á cidadanía, favorecendo a concesión das axudas ás entidades locais que se acollan a estas fórmulas.

  Tamén se lle dará impulso ao asociacionismo municipal das entidades locais mediante iniciativas que premien accións concretas de colaboración na xestión conxunta de servizos entre agrupacións de concellos, mancomunidades de concellos e consorcios locais, no eido das subvencións e do sostemento común dos postos de habilitados no que se fomentará as agrupacións de concellos.

- Continuar apoiando a cooperación municipal, tanto a través de fórmulas de xestión compartida de servizos públicos como mediante o fomento de novos procesos de fusión municipal impulsando activamente unha xestión eficaz e eficiente dos recursos dos concellos co obxecto de garantir a continuidade na prestación de servizos aos cidadáns en condicións de calidade.

  Así, a Xunta de Galicia leva anos desenvolvendo unha política de promoción e fomento da cooperación municipal tanto a nivel normativo como orzamentario, co establecemento de vantaxes obxectivas para os concellos fusionados ou que presten servizos públicos de xeito conxunto, como a través do fondo especial para fusións.

- No ano 2022 realizarase un estudo da planta municipal galega, facendo especial fincapé nos dous procesos de fusión voluntaria de concellos levados a cabo de xeito pioneiro en Galicia, a súa repercusión económica e sobre a calidade dos servizos prestados a veciñanza, incluíndo ademais, propostas concretas que permitan avanzar de cara a novos procesos de redimensionamento dos concellos galegos. O obxectivo que perseguimos

dende a Xunta de Galicia ao impulsar e apoiar os procesos de fusión voluntaria e xestión compartida de servizos, é acadar concellos mais sustentables, menos dependentes economicamente e con maior capacidade para prestar servizos públicos de calidade aos seus veciños.

- Na actualidade seguen a existir supostos en que a distribución das competencias no plano administrativo entre a administración autonómica e os concellos non está ben definida ou non é o suficientemente clara polo que requiren dunha maior concreción.

  Esta situación tense agravado polas consecuencias que está a producir sobre as diferentes administracións públicas a xestión da crise sanitaria e económica provocada pola pandemia da Covid-19. Deste xeito, atopámonos ante novas necesidades ás que debemos atender as administracións públicas, sen que en ocasións estea claro a quen corresponde a competencia.

- Por iso, a Dirección Xeral de Administración Local en colaboración coa Universidade de Santiago de Compostela, realizou durante o ano 2021 un estudo sobre a delimitación competencial da Administración Local de Galicia, logo deste profundo análise normativo, clarificáronse moitos dos ámbitos competenciais das administracións territoriais Autonómica e Local máis discutidos e identificáronse os eidos nos que a distribución de competencias, no plano administrativo, non está ben definida normativamente por ser competencias concorrentes.

  Neste contexto, a Dirección Xeral de Administración Local promoverá ao longo do ano 2022, de ser necesario, as reformas normativas necesarias para clarificar os ámbitos máis difusos e a situación competencial dos servizos públicos cuxa prestación carece de respaldo normativo claro.

  Crearemos unha Cátedra de Administración local de Galicia en colaboración co eido universitario, co obxectivo de poñer en marcha un espazo de reflexión, debate e propostas de mellora no ámbito local, aliñado coas características dunha administración do século XXI e que responda aos retos da sociedade actual.

  Esta iniciativa servirá de marco para a exploración de solucións a problemas complexos que precisan de resposta ante escenarios cambiantes tanto polo impacto da tecnoloxía nos concellos, as novas demandas locais derivadas da situación actual post covid, ou a determinación das competencias das administracións publicas.

- A coordinación das políticas da Xunta e as deputacións provinciais, avanzando na concreción do reparto de competencias entre gobernos e especializando a actividade das deputacións na garantía dos servizos locais nos concellos de menor poboación. Isto atopa a súa mellor expresión no obxectivo de estender os servicios de emerxencias ao 100% do territorio galego.

- A relación coas corporacións locais e a elaboración dos programas formativos en materia de Administración Local.

- O fomento da formación nas administracións locais de Galicia, potenciando para iso os medios dos que dispón a Administración autonómica, de xeito que se asegure unha

oferta formativa racional e axeitada no conxunto das administracións existentes en Galicia.

- A execución das competencias que, con respecto ao funcionariado con habilitación de carácter nacional, lle corresponden á Comunidade Autónoma de Galicia.

  No ano 2022, logo do éxito das convocatorias realizadas nos anos 2018, 2019 e 2021 a Dirección Xeral de Administración Local disporá de persoal interino para poder ofertar aos concellos de Galicia a posibilidade de provisión dos postos vacantes abertos ás escalas e subescalas da Administración Local con habilitación nacional de maneira máis áxil e con respecto aos principios constitucionais de acceso á función pública.

- O impulso, en estreita relación coas entidades locais, ao desenvolvemento e materialización das accións previstas no Pacto Local, de modo que se poida acadar a implantación e desenvolvemento das previsións contidas nel. Continuarase na senda iniciada no 2017, ano no que a Comisión Galega de Cooperación Local retomou a súa actividade. A Dirección Xeral de Administración Local realiza unha importante labor de seguimento e impulso do cumprimento dos acordos adoptados.

- Os incentivos ás entidades locais que cumpren coa súa obriga anual de rendición de contas. Estas institucións cando son beneficiarias dunha subvención financiada con fondos propios da Comunidade Autónoma non teñen que xustificar o pagamento material das actuacións subvencionadas con carácter previo ao libramento da subvención, é suficiente a acreditación do recoñecemento da obriga, sen prexuízo de ter que acreditar a efectividade do pagamento da actuación no prazo de sesenta días desde a recepción dos fondos públicos.

- A xestión do Fondo de Compensación Ambiental que tamén se empregará como ferramenta de reequilibrio territorial e de impulso ao funcionamento dos servizos e á dotación de infraestruturas e realización de investimentos produtivos e xeradores de emprego no ámbito local e no financiamento do gasto corrente ou de funcionamento das entidades locais en materia ambiental.

  Para 2022, a orde reguladora do Fondo de Compensación Ambiental recollerá, igual que o fixera nas convocatorias dos anos 2020 e 2021, un catálogo de actuacións subvencionables, agrupadas por categorías que se orientan ao fin sinalado pola Lei 8/2009, do 22 de decembro, e ao cumprimento dos obxectivos marcados pola Unión Europea, é dicir, a redución das emisións de gases de efecto invernadoiro, o impulso e incremento da participación de enerxía procedente de fontes renovables e a mellora e o incremento da eficiencia enerxética.

  Nesta orde recóllese un catálogo de proxectos subvencionables, agrupándoos en varias categorías, sen esquecer que se trata dunha enumeración non pechada susceptible de ampliación mediante as achegas que as propias entidades locais fagan no momento de materializar a súa solicitude.

  A través do desenvolvemento de proxectos para a optimización enerxética dos edificios, instalacións e vehículos das entidades locais e para a implantación de tecnoloxías máis eficientes e respectuosas co ambiente e de menor consumo enerxético pode

conseguirse unha redución das emisións de gases de efecto invernadoiro á atmosfera e asemade unha redución da factura enerxética das entidades locais. A isto engádese o efecto exemplarizante dos proxectos na medida en que contribúen a concienciar a veciñanza da repercusión sobre o ambiente das medidas de eficiencia enerxética e impulso da sustentabilidade ambiental no sector público local.

Dende o ano 2020, ao abeiro desta Orde finánciánse proxectos novidosos entre os que se destacan:

- As campañas divulgativas municipais para a sensibilización sobre a importancia das medidas de protección ambiental e de eficiencia enerxética: boas prácticas ambientais, divulgación de medidas de aforro e eficiencia enerxética
- A elaboración e difusión de material divulgativo e recursos didácticos sobre valores ambientais ou espazos naturais concretos no ámbito municipal.
- Plans e estratexias de mellora ambiental nos edificios municipais: auditorías enerxéticas, certificación enerxética de edificios municipais ou plans para a implantación de estratexias enerxéticas municipais.
- Plans sustentables de mobilidade que fagan compatibles as necesidades do transporte local e a sustentabilidade ambiental.
- As actuacións nos núcleos rurais que permitan unha mellor integración paisaxística no contorno, particularmente o soterramento dos tendidos aéreos de cableado e a construción de pavimentos interiores de pedra.
- Adquisición de equipamento de alta eficiencia enerxética: equipos de climatización, ofimáticos e de alumeado interior.
- Renovación sustentable das flotas municipais mediante a adquisición de vehículos con distintivo ambiental Cero emisións ou Eco.

Xunto a isto cabe salientar tamén a maior definición dos proxectos destinados a mellorar a eficiencia enerxética das instalacións e edificios municipais, establecendo diferentes niveis de actuación: mellora da eficiencia enerxética da envolvente do edificio, mellora de iluminación interior, instalación de sistemas eficientes de climatización, sistemas de aforro de auga, ascensores eficientes, e introdución de enerxías renovables para calefacción e auga quente sanitaria, con referencia expresa por primeira vez á instalación de paneis solares térmicos en edificios municipais.

Durante o período 2010-2021, a través das liñas competitiva e non competitiva do Fondo de Compensación Ambiental xestionadas pola Dirección Xeral de Administración Local, destináronse mais de 108 millóns de euros a actuacións de conservación, reposición e restauración do ambiente e ao reequilibrio territorial. No ano 2022 este fondo terá un papel moi importante na recuperación sostible dos nosos concellos.

No ano 2021, no eido da Estratexia galega de cambio climático e enerxía 2050, estableceuse unha nova liña de subvencións que ten como obxectivo a redución do incremento das emisións de gases con efecto invernadoiro (GEI) ca que se pretende a renovación en verde do parque de vehículos dos corpos de Policía Local de Galicia, contribuíndose

a mudanza cara a un modelo de mobilidade e trasporte facilitador de vida en condicións saudables, compatible coa sustentabilidade ambiental e conciliable coa promoción do desenvolvemento económico.

Esta orde incardínase no Fondo de Compensación Ambiental dentro das actuacións globais destinadas á conservación, reposición e restauración do ambiente e do reequilibrio territorial, nas que se inclúen as actuacións que teñen por obxecto a prevención, extinción e xestión de situacións de sinistro ou risco.

Por medio desta orde, financiada co Fondo de Compensación Ambiental e dirixida aos concellos de Galicia de menos de 50.000 habitantes, financiarase a subministración de vehículos eléctricos ou híbridos enchufables ou non enchufables que reúnan as condicións para obter o distintivo ambiental Cero emisións ou Eco, mediante o sistema de renting, con destino aos corpos de Policía Local para o exercicio das súas funcións.

Esta liña de axudas, dotada con 1.075.200 euros, distribuídos por anualidades no período 2021-2025, destínase ao pagamento das cuotas mensuais que deba aboar o concello beneficiario polo renting do vehículo durante un máximo de 48 meses.

- No exercicio 2022 retomaranse os Premios a dinamización demográfica con fin de visualizar e difundir as iniciativas locais que aborden o reto do cambio demográfico, recoñecendo as actuacións que están a desenvolver neste eido as entidades locais, que constitúen boas prácticas.

  A preocupación polo reto que supón o cambio demográfico vén sendo desde hai tempo unha prioridade estratéxica para o Goberno galego. Desta atención son exemplo os distintos instrumentos de planificación deseñados para abordalo desde diversas áreas de goberno ou o máis recente establecemento das liñas estratéxicas para o impulso e a dinamización demográfica de Galicia, mediante a ordenación e coordinación das políticas públicas e o fomento da actuación conxunta dos distintos axentes sociais e económicos de Galicia. O enfoque integral e transversal co que o goberno galego pretende abordar a situación demográfica materialízase na futura lei de impulso demográfico.

  Xunto a isto, as administracións locais de Galicia xa veñen desenvolvendo diversas actuacións neste ámbito que constitúen boas prácticas e, polo tanto, cómpre visibilizar e recoñecer.

  Neste contexto, o recoñecemento das iniciativas e das accións específicas que as administracións locais leven a cabo para xestionar o declive demográfico nos seus ámbitos territoriais permite poñer en valor aquelas decisións que se revelen eficaces e poidan converterse en medidas aplicables noutros concellos da nosa Comunidade Autónoma.

  Con esta finalidade, no ano 2019 establecéronse as bases reguladoras e a convocatoria Premios á Dinamización Demográfica, cos que se pretende recoñecer as mellores iniciativas en prol da dinamización demográfica do seu territorio promovidas por concellos, de forma individual ou conxunta, polas mancomunidades de concellos e polos consorcios locais de Galicia.

- A elaboración, impulso e xestión de programas con financiamento da Unión Europea e de cooperación transfronteiriza con incidencia no mundo local e no ámbito das compe-

tencias da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo materializarase no ano 2022 en dous proxectos:

01. Proxecto 0636_NOVA_TFE_1_E co que se pretenden explorar novas oportunidades de negocios para PEMES baseadas en tecnoloxías facilitadoras esenciais (Interreg)
02. Proxecto 0457_EGNP_AECT_1_E, que ten como obxectivo impulsar e remover os obstáculos que impiden a utilización compartida dos equipamentos transfronteirizos.

- No ano 2022, tendo en conta a importante demanda e os resultados acadados polas convocatorias de axudas especificas destinadas as asociacións veciñais de Galicia nos exercicios anteriores, seguiremos apostando por apoiar ao asociacionismo veciñal cunha nova convocatoria de axudas incrementando a dotación respecto ao ano anterior en medio millón de euros. Así, destinaremos 3.000.000 de euros que se suman aos 12.400.000 distribuídos no período 2016.2021 para continuar colaborando e fomentando e dinamización do asociacionismo veciñal, recoñecendo o seu labor indispensable no desenvolvemento da vida social nos concellos, e a súa condición de eixo fundamental da participación cidadá.

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS

No marco dos principios xerais de actuación seguimos no camiño e tendo como guía os principios de defensa da Constitución Española, o Estatuto e o marco autonómico, o cumprimento dos acordos parlamentarios e a lealdade nas relacións Institucionais.

No eido das Relacións Parlamentarias, mantéñense como destacadas liñas de traballo:

- A coordinación e canalización das actividades da Xunta de Galicia na súa relación co Parlamento de Galicia, exercendo como canle de comunicación axeitada entre ambas as dúas institucións respecto da tramitación das iniciativas que derivan da función de control e impulso ao Goberno.
- O apoio ao Goberno na evacuación da información e documentación interesada, solicitando aos diferentes organismos da Xunta de Galicia e ao Sector Público Autonómico os informes que procedan para dar resposta ás diferentes iniciativas que sexan formuladas no seo da Cámara galega.
- A implementación de melloras no sistema informático de xestión do fluxo do traballo parlamentario
- A promoción da participación dos diferentes membros do Goberno ante os diferentes órganos nos que se organiza o Parlamento de Galicia.

- O impulso e seguimento do cumprimento dos acordos parlamentarios aprobados en sede parlamentaria, así como facer un labor de seguimento da actividade lexislativa no Parlamento de Galicia e, especialmente, do desenvolvemento do programa lexislativo do Goberno galego, que sexa aprobado polo Consello da Xunta de Galicia.

No eido das Relacións Institucionais, o labor desta Dirección Xeral centrarase en optimizar tanto as relacións bilaterais da Xunta de Galicia co Goberno de España así como a cooperación horizontal coas demais Comunidades Autónomas, na busca dunhas relacións intensas e fluídas en aras da coordinación e colaboración institucional.

Na busca da mellora das relacións coa Administración Xeral do Estado, tanto dende o punto de vista dos resultados como dende o punto de vista de custo económico:

- O reforzo da regularidade das reunións do Grupo de Traballo, como órgano permanente para a análise e estudo dos conflitos no seo da Comisión Bilateral de Cooperación Administración Xeral do Estado-Comunidade Autónoma de Galicia, sendo convocadas por videoconferencia, e non presenciais, obtendo así un importante aforro en custos de desprazamentos e una maior axilidade e eficiencia nas comunicacións. Tamén é un claro obxectivo da Xunta de Galicia manter a liña de colaboración para a resolución das posibles discrepancias que poidan xurdir na produción lexislativa autonómica e, en todo caso, dar prioridade a consensuar, entre ambas partes, acordos interpretativos que poñan fin á conflitividade normativa.
- A demanda ao goberno central da convocatoria dunha Conferencia de Presidentes, que reúna os requisitos formais recollidos no Regulamento (aprobado no seu seo no ano 2009 e, modificado no 2017 para dotar ao «Comité preparatorio», ademais das funcións de impulso e seguimento, das de avaliación e execución dos acordos acadados). Neste senso, é fundamental e urxente a recuperación do hábito de establecer, con carácter previo á celebración, unha orde do día coa documentación adxunta dos asuntos a tratar para, en consecuencia, poder chegar a acordos multilaterais. Tamén é prioritario, en cumprimento do compromiso acadado na VI Conferencia de Presidentes celebrada o 17 de xaneiro de 2017, recuperar a periodicidade de celebrar anualmente a conferencia, e tendo en conta a situación de crise sanitaria actual, a solicitar que nela se retomen cuestións que afectan substantivamente a Galicia, como as negociacións encamiñadas a deseñar un novo modelo de financiamento autonómico e local a partir do informe técnico xa realizado polos expertos designados polas distintas administración autonómicas así como a defender nesas negociacións a postura fixada polos acordos acadados no Parlamento de Galicia na pasada lexislatura desta comunidade autónoma.
- A regularidade na convocatoria da Comisión de Seguimento e análise das disposicións normativas estatais e doutras Comunidades Autónomas dende o punto de vista competencial. A finalidade é defender as competencias propias da Comunidade Autónoma de Galicia coa posta en marcha, se procede, dos requirimentos correspondentes nos casos de conflitos de competencias e do procedemento da Comisión Bilateral, co fin de

conquerir acordos para a resolución das discrepancias que poidan xurdir entre as partes, como paso previo a presentación dos posibles recursos de inconstitucionalidade ante o Tribunal Constitucional.

- A reivindicación da necesaria participación e audiencia da Comunidade Autónoma de Galicia na toma de decisión e na elaboración de disposicións normativas de rango estatal que poidan afectar as súas competencias e á prestación dos seus servizos ou distorsionar a súa planificación económico-orzamentaria.
- Seguir afondando no autogoberno, ben mediante a mellora do sistema competencial co reforzamento das capacidades executivas ou ben pola vía do traspaso de competencias.

A cooperación horizontal coas demais Comunidades Autónomas é outro obxectivo prioritario para esta Dirección Xeral, que continuará na liña de reforzar o seguimento das súas disposicións normativas e tamén potenciar a colaboración a través de convenios e protocolos que permitan compartir servizos e recursos, unificar criterios e aportar eficiencia ao funcionamento do noso modelo territorial e á prestación dos servizos públicos.

No marco do compromiso da Xunta de Galicia colaborarase coa transparencia e as boas prácticas na administración, de conformidade coa Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

Por último, esta Dirección Xeral asume a coordinación e seguimento, cos órganos competentes dos demais departamentos:

- A promoción, análise, investigación, asistencia técnica, e desenvolvemento da liberdade relixiosa e de culto, e a colaboración coas institucións e organizacións interesadas no seu estudo e desenvolvemento.

DIRECCIÓN XERAL DE EMERXENCIAS E INTERIOR

A Dirección Xeral de Emerxencias e Interior dirixe as súas actuacións nos seguintes eidos e liñas de actuación:

1º Protección Civil e Emerxencias:

As accións neste campo centraranse en tres obxectivos estratéxicos, que a súa vez incluirán medidas operativas para o seu cumprimento:

A) Aplicación e desenvolvemento da Lei 5/2007, do 7 de maio, de emerxencias de Galicia e consolidación do mapa galego de emerxencias:

A Comisión Galega de Protección Civil, órgano de cooperación e coordinación interadministrativa, acordou no ano 2017 a creación dun Grupo de Traballo dependente desta Comisión e

con representantes das administracións autonómica e locais que acometa entre outras funcións o estudo do actual mapa de emerxencias co obxecto de elaborar propostas consensuadas entre as diferentes administracións que permitan consolidar dito mapa, coas modificacións que procedan, e darlle maior estabilidade e cobertura ao servizo de emerxencias.

Despois de varias reunións, no seo deste Grupo acadouse un acordo unánime sobre un modelo de atención ás emerxencias que supere as fronteiras administrativas e conformado polos parques de bombeiros municipais, os parques dos Consorcios provinciais de Extinción de Incendios e Salvamento e os GES.

Acordouse tamén, e así se materializou nos anos 2019 e 2021, dar continuidade á figura dos GES, ampliando os existentes para mellorar a cobertura de xeito que practicamente toda a poboación e territorio de Galicia teñan un servizo dilixente de atención as emerxencias. A estes efectos, recóllense no orzamento da Xunta de Galicia para 2022 as partidas necesarias na parte que corresponde ao Goberno galego para seguir mellorando o mapa de emerxencias ampliando e completando os efectivos dos GES, sempre en colaboración imprescindible coa FEGAMP e, especialmente, as Deputacións provinciais, que terán que implicarse economicamente para a prestación destes servizos cuxa competencia, cómpre non esquecer, correspóndelles a elas en exclusiva.

Pola súa banda, a Xunta de Galicia continuará no ano 2022 dotando aos GES e ás Agrupacións de Protección Civil con material necesario para o exercicio das súas funcións, a cuxo efecto se mantén a partida dedicada a infraestruturas e equipamento nos servizos de emerxencias e protección civil

Potenciaranse os consorcios provinciais de extinción de incendios e salvamento, a través das achegas para equipamento e para gastos de funcionamento, que garanten á poboación galega, independentemente do seu lugar de residencia, un servizo permanente e profesional de atención e resposta ás emerxencias.

Respecto dos consorcios de bombeiros, acadouse xa consenso necesario co que se pecharon os procesos de equiparación salarial do persoal dos distintos consorcios provinciais, polo que se continuará agora cos procesos de negociación das relacións de postos e das condicións do persoal obxecto de subrogación nos Consorcios de Lugo, da Coruña e de Pontevedra, que están pendentes no Consorcio de Ourense.

Todo iso co obxectivo de acadar unha prestación homoxénea e uniforme en todo o territorio de Galicia, co horizonte de dar un servizo áxil e eficaz a todos os galegos e galegas, independentemente do seu lugar de residencia, a través dos servizos profesionais de emerxencias que constitúen tanto os parques de bombeiros como os grupos de emerxencia supramunicipal.

Ademais, a Xunta de Galicia consigna no orzamento de 2022 o presuposto para acometer a comarcalización dos parques de bombeiros das grandes cidades.

Nos últimos anos, o proceso de formalización da comarcalización foise retrasando entre outros motivos, pola negativa do goberno central a ceder a taxa de reposición que estaba negociada co anterior goberno do Estado.

A Xunta de Galicia, propuxo ao goberno central a posibilidade de ceder aos concellos un máximo dun 7% sobre o número total de prazas que pode convocar a Comunidade Autónoma na súa Oferta de Emprego Público, co fin de que os concellos puidesen incrementar os efectivos dos parques de bombeiros.

Esta posibilidade trasladóuselle ao goberno central que a considerou unha boa opción e entrouse en fase de estudo para a súa articulación a través do instrumento normativo máis adecuado.

A falta de acordo na tramitación da Lei de Orzamentos Xerais do Estado para 2019 e as convocatorias de eleccións xerais paralizaron a xestión por parte do Goberno central desta demanda. Nesta situación, a Xunta de Galicia seguirá instando á Administración do Estado, para que estude a posibilidade de regular o incremento da taxa de reposición dos concellos ou a cesión de taxa de reposición da Xunta de Galicia aos municipios que comarcalicen os seus parques de bombeiros.

A comarcalización constitúe unha das recomendacións do ditame final da Comisión especial de estudo e análise das reformas da política forestal do Parlamento de Galicia, que a propoñía coa finalidade de reducir os tempos de resposta a emerxencias nas súas áreas metropolitanas. A estes efectos volverase consignar nos orzamentos, con cargo ao Fondo de Cooperación Local, unha contía dedicada especialmente á prestación dos servizos de emerxencias con carácter comarcal ou, no seu defecto, supramunicipal, na convicción de que este é o camiño para acadar a mellor cobertura posible no territorio dun servizo profesional de emerxencias.

Este proceso de comarcalización de parques municipais de bombeiros require do acordo e da vontade de distintas administracións; en primeiro lugar, o concello titular do servizo e, de seguido da administración autonómica, da administración provincial e, como non, dos concellos aos que o parque que se comarcaliza deba dar este servizo.

A Xunta de Galicia aposta decididamente por este modelo de comarcalización dos parques de bombeiros das cidades que permitirá optimizar os recursos xa existentes e dar cobertura ás emerxencias que se poidan producir nos seus contornos, defendendo un modelo de colaboración entre todas as partes afectadas, como xa se ven facendo co parque de Ferrol dende hai varios exercicios.

No ano 2022 continuaremos a traballar e impulsar estes acordos de comarcalización de parques de bombeiros municipais, que xa se teñen producido na provincia da Coruña, se poidan estender e materializar no resto do territorio de Galicia, e así se poidan beneficiar todos os galegos e galegas desta, sen dúbida, mellora da atención das emerxencias.

Continuaremos traballando para que estes acordos que se teñen producido na provincia de Coruña se continúen no resto do territorio, e así se poidan beneficiar todos os galegos e galegas desta, sen dúbida, mellora da atención das emerxencias.

Do mesmo xeito continuarase co impulso das Asociacións de Voluntarios de Protección Civil (AVPC) mediante agrupacións de concellos que optimicen o aproveitamento e utilización dos recursos dispoñibles, tanto humanos como materiais, e impulsando a incorporación de novos voluntarios ás AVPC, fomentando o carácter destas agrupacións como entes vehiculares de canalización da participación dos galegos en accións de voluntariado tal e como se puxo de manifesto nos numerosos operativos levados acabo polas mesmas durante a pandemia que vivimos todo este tempo.

Continuaremos apoiando e pondo en valor o papel das agrupacións de voluntarios de protección civil impulsando a súa participación en programas específicos como son a atención as incidencias que poidan ocorrer nos camiños de Santiago, a seguridade en lugares de pública concorrencia e a implementación de plans de protección civil.

Tendo en conta a experiencia adquirida nos anos anteriores no que atinxe a súa contribución a garantir a seguridade dos peregrinos e peregrinas, asinaranse de novo convenios no ano 2022, explorando a posibilidade de amplialos a outras rutas, en base ás previsións de afluencia de peregrinos a Compostela neste ano 2022 e continuar sendo a nosa Comunidade unha referencia a nivel nacional no funcionamento das agrupacións de voluntarios de protección civil e na atención que prestan nas distintas rutas.

A ampliación da dotación de medios e recursos naqueles concellos con GES ou AVPC e zonas nas que aínda houbese necesidades pendentes. Esta actuación virá complementar o amplo proceso de renovación e mellora do equipamento que se levou a cabo nos últimos anos e que achegou ás Asociacións equipamento (182 todo terreos pick up, 170 remolques de emerxencias, 48 furgóns, 65 esparexedores de sal, 44 embarcacións, 92 tendas de campaña, 4 UTV, 20 coitelas ou 212 equipos de protección individual contra a vespa velutina, entre outros) por valor de máis de 11 millóns de euros.

A impartición de programas de formación homoxéneos para os profesionais das emerxencias de Galicia e potenciación da formación dos voluntarios que complementen de forma coordinada os medios de intervención na nosa comunidade.

A sinatura de convenios de colaboración con entidades, organismos e colectivos con interese na súa integración no sistema de xestión de emerxencias de Galicia.

O impulso na busca de solucións tecnolóxicas que permitan darlle resposta a tipoloxías de incidencias crecentes, como é o caso da busca de persoas desaparecidas ou a comunicación en grandes incidencias a través da tecnoloxía 5G.

B) Planificación:

A modificación e actualización dos plans existentes para adaptalos á Lei 5/2007, do 7 de maio, e á estrutura prevista dos sistemas de atención ás emerxencias, incluíndo os mapas de riscos correspondentes.

A elaboración de novos plans de emerxencia para actividades novas ou que requiren plans de emerxencia de nova redacción. A publicación do Real Decreto 837/2020, do 15 de setembro, polo que se aproba a Directriz Básica de planificación de protección civil ante emerxencias aeronáuticas de aviación civil, establece a obriga de redactar e implantar un Plan especial de protección civil de ámbito autonómico para facer fronte a este risco.

A implantación dos plans de emerxencia renovados e dos plans de emerxencia novos, competencia desta dirección xeral, en particular o Plan Especial de Protección Civil ante o Risco de Inundacións (INUNGAL), o Plan Especial de Protección Civil ante o Risco de Incendios Forestais e os diferentes Plans de emerxencia exterior ante o risco químico. Así mesmo fomentarase o coñecemento na poboación das medidas de autoprotección a adoptar, a través da elaboración e edición de ferramentas divulgativas e das Campañas de Información á poboación dos Plans de Emerxencia.

O fomento da colaboración e coñecemento dos procedementos de traballo entre os servizos que compoñen os grupos operativos, recollidos nos diferentes plans, por medio do impulso de exercicios conxuntos e simulacros de activación dos Plans de Emerxencia.

A revisión da normativa autonómica en materia de autoprotección, actualizando o catálogo de actividades e centros, establecementos e dependencias obrigados a realizar estes plans, establecendo as medidas e medios persoais e materiais necesarios para afrontar situacións de risco, e determinando o contido mínimo dos Plans de autoprotección, en desenvolvemento das previsións contidas no título IV da Lei 5/2007, do 7 de maio, e de acordo coas directrices básicas establecidas na lexislación vixente. O desenvolvemento, actualización e impulso do rexistro dos plans de autoprotección en Galicia, con especial significación na autoprotección escolar.

O apoio á Comisión Galega de Protección Civil para a revisión dos plans de emerxencia, especialmente dos plans de emerxencia municipal (PEMU), así como a convocatoria e coordinación dos grupos de traballo que se creen no seo de dita comisión, con especial dedicación ao Grupo de Traballo para revisar tecnicamente e identificar liñas de traballo das diferentes administracións, para mellorar a atención as emerxencias en Galicia.

A mellora e potenciación dos sistemas de información para coñecemento do risco, a través do mantemento das bases de datos e ferramentas de análise que se traduzan na elaboración dun mapa de riscos accesible ás administracións locais e aos cidadáns

O fomento do voluntariado de protección civil. Tanto potenciando a súa formación, como realizando campañas de promoción entre a cidadanía, con especial atención á poboación en

idade escolar así como a xente maior que pode atopar nas AVPC unha oportunidade para un envellecemento activo participando en actividades da Agrupación e transmitindo coñecementos, experiencias e valores aos mais novos. O labor altruísta dos voluntarios e voluntarias debe ser recoñecido e potenciado polas Administracións, a cuxos efectos no ano 2019 a Xunta de Galicia aprobou o Decreto 19/2019, do 21 de febreiro, polo que se regulan as medallas ao mérito de protección civil de Galicia e outras condecoracións, de xeito que no ano 2021 se realizará a primeira entrega de distintivos de permanencia aos voluntarios e voluntarias que nos anos 2019-2020 levaran mais de 25 anos pertencendo a unha AVPC, ao ter que suspenderse a realización de acto público de entrega no ano 2020 como consecuencia da pandemia. No ano 2022 entregaranse os distintivos de permanencia aos voluntarios e voluntarias que no ano 2021 leven máis de 25 anos pertencendo a unha AVPC.

Ademais, no ano 2022 continuarase a convocar as axudas para garantir o correcto funcionamento das AVPC, dotándoas de material e realizando formación a través da AGASP.

C) Coordinación e colaboración transfronteiriza en emerxencias: (Axencia Galega de Emerxencias -AXEGA)

O Centro Integrado de Atención ás Emerxencias 112 Galicia (CIAE112-Galicia), ubicado na Estrada, configúrase como un elemento esencial para a paulatina "integración operativa" dos distintos servizos básicos de atención ás emerxencias (sector seguridade, sector sanitario, sector asistencial, sector contra incendios e salvamento, sector medioambiental e sector protección civil) para así acadar unha xestión e coordinación "integral" (que abarque todos os campos posibles implicados nas emerxencias) e integrada (para que todos os axentes dos servizos de intervención actúen conxuntamente, de xeito coordinado e compartindo información en tempo real).

Ademais, no eido da coordinación, a AXEGA continúa a traballar na realización de simulacros que permitan unha actuación conxunta cada vez máis eficiente dos diferentes servizos. Así, durante o ano 2021 leváronse a cabo diversos simulacros de coordinación destacando os de medios en lumes forestais, no ano 2022 esperamos retomar toda a tipoloxía de simulacros no ámbito das empresas SEVESO, aeroportuario, presas, lumes forestais, portuarios, etc, con exercicios presenciais onde se practique a implantación de plans e os seus protocolos de intervención correspondentes.

Coa análise dos resultados obtidos nas anteditas simulacións e cos exercicios prácticos que se continúen a desenvolver na próxima anualidade 2022, seguirase a traballar na liña de implantar sistemas de coordinación de traslado de información que resulten cada vez máis eficaces, así como procurar novas melloras nas comunicacións entre os diversos medios de intervención. Neste sentido dende AXEGA no ano 2021 traballouse na elaboración do Plan de comunicación de emerxencias de Galicia baseado en tecnoloxía TETRA da rede Resgal e durante o 2022 farase efectiva a súa na implantación nos diferentes servizos de emerxencia e protección civil.

E tamén se levará a cabo a entrega de dispositivos móbiles remotos cunha APP que permita a comunicación e traslado de datos de incidencias entre o CIAE-112 e os diferentes organismos que participan no sistema galego de Protección Civil. Estes dispositivos permitirán unha navegación ata o punto da incidencia e traslado de imaxes e vídeos en tempo real co cal fará mais eficiente a toma de decisións prioritariamente en grandes emerxencias.

Os traballos de coordinación esténdense a outros territorios de zonas fronteirizas comúns (Portugal, Castela-León, Principado de Asturias). Durante os lumes forestais acontecidos nos meses de xullo, agosto e setembro do 2020, puxéronse en práctica dende a AXEGA procedementos de comunicación e coordinación cos responsables desta tipoloxía de emerxencia facendo máis eficaces os traballos operativos a través da cooperación dos medios destas rexións transfronteirizas.

Atópase consolidada a colaboración e cooperación transfronteiriza na atención de emerxencias dentro da denominada zona ARIEM (franxa fronteiriza entre Galicia, Castela-León e norte de Portugal). Tal e como quedou patente no accidente do hidroavión en Lobios en agosto do 2020 e nas colaboracións en incidencias múltiples nas zonas de fronteira.

No ano 2021 rexistráronse importantes avances na execución do proxecto de cooperación transfronteiriza ARIEM+, encadrado no INTERREG V-A España-Portugal (POCTEP) 2014-2020, do cal a AXEGA é o beneficiario principal tendo data de conclusión do mesmo o 30 de novembro deste ano. Estes avances no remate do proxecto enfocáronse a labores de comunicación e información os servizos operativos e a poboación sobre prevención de emerxencias en zonas transfronterizas, adquisición de material dotacional para emerxencias relacionadas coas inundacións, derrubes e lumes forestais e coordinación nas comunicacións transfronterizas entre medios operativos de emerxencia e os centros de coordinación a través dun aplicativo web instalado en dispositivos móbiles tipo tablet.

Dentro das previsións de colaboración e coordinación mediante proxectos europeos, para o exercicio 2022 está prevista a participación da AXEGA en colaboración coa Universidade de Vigo no desenvolvemento da segunda fase do Proxecto FIRE RS, cunha liña de traballo consistente no deseño e posta en servizo dun vehículo non tripulado para actuacións coordinadas en incendios.

Tamén se levarán a cabo colaboracións co Instituto tecnolóxico de Galicia en proxectos relacionados con drons con tecnoloxía que permita voar de forma autónoma controlada dende ubicacións remotas como é o proxecto AMU-LED ou ACRE e colaboracións con Retegal e Telefónica, tamén en iniciativas de estudo de casos de uso da tecnoloxía 5G en emerxencias, como pode ser a transmisión de comunicacións de audio e vídeo en grandes eventos a nivel preventivo ou grandes emerxencias onde se producen saturacións nas comunicacións.

2º Seguridade e Policía.

A) No ámbito dos Corpos de Policía local:

Rematar o desenvolvemento normativo derivado da modificación da lei 4/2007, recollendo e solucionando todas aquelas cuestións máis conflitivas, favorecendo deste xeito tanto aos concellos como ao persoal policial, garantindo a cobertura efectiva das vacantes e a estabilidade nos postos de traballo daqueles efectivos que opten aos corpos de policía doutros concellos a través do sistema de mobilidade horizontal.

Do mesmo xeito potenciarase a coordinación das actuacións dos corpos de policías locais, tal e como se fixo durante a pandemia, coa convocatoria e reunión periódica de órganos específicos como o Sacop, cara a garantir a efectiva implementación das disposicións normativas e procedementos de actuación policial e de xeito homoxéneo en todo o territorio galego.

Consensuar coa representación da FEGAMP e dos sindicatos, un marco para establecer convenios e protocolos de colaboración intermunicipal en materia de policía local.

Avaliar, no marco do Grupo de Traballo creado na Comisión de Coordinación, a posibilidade de establecer convenios e protocolos de colaboración intermunicipal en materia de policía local que sirvan de referencia para o apoio na prestación puntual de servizos en concellos con insuficiencia

Avaliar, no marco do Grupo de Traballo creado na Comisión de Coordinación, a posibilidade de establecer convenios e protocolos de colaboración intermunicipal en materia de policía local.

Favorecer a implantación xeneralizada da nova aplicación informática do Rexistro de Policías locais xa rematada, actualizando os datos dos diversos corpos de Policías Locais para dotar a este Rexistro de máis operatividade e funcionalidade, acordes coas necesidades actuais.

B) No ámbito da UPA:

Promover o aumento dos medios humanos da UPA, reclamando do Ministerio do Interior a cobertura de vacantes nesta Unidade, que permita retornar aos niveis de persoal do ano 2013, tendo en conta ademais que a UPA ten asumido novas competencias, entre elas moi especialmente a protección de mulleres vítimas de violencia de xénero. Neste senso, en 2021 a Xunta de Galicia elevou a proposta dun novo convenio de colaboración co Ministerio de Interior referido a Unidade adscrita e coa finalidade de completar este corpo policial e dirixido a sinatura dun novo convenio de colaboración da Xunta de Galicia co Ministerio do Interior para actualizar os termos das obrigas respecto da UPA.

Este obxectivo reiteradamente reclamado ao goberno do Estado, tanto polo goberno da Xunta de Galicia como en sede Parlamentaria, persegue poder dar un servicio de calidade aos galegos e galegas a través desta unidade policial que tras 30 anos de servicio en Galicia é reco-

ñecida como unha policía propia de todos os galegos e que de forma progresiva foi asumindo cada vez mais competencias.

Algunha das competencias asumidas, como son as referidas a protección dos camiños, as de protección do medio ambiente e de protección do patrimonio cultural, requiren dun esforzo de persoal constante pero que, con motivo destes anos xacobeos, demandan unha maior atención e implicación pola nosa policía, xa que o número de peregrinos será inmensamente maior e, polo tanto, as accións vencelladas a este incremento e atención de competencias nas rutas xacobeas tamén serán maiores.

Así mesmo este incremento de persoal permitiría poñer en marcha unha nova modalidade de patrullaxe nos camiños con servizos a pé en distintos puntos das rutas xacobeas e unha atención máis cercana e accesible aos peregrinos, cunha especial incidencia na protección da muller nas distintas rutas.

Todo iso complementado coa adscrición a estes servizos de vehículos híbridos e todo camiño adquiridos especialmente para esta finalidade e que se complementan con equipos DESA para a posible atención in situ dos peregrinos.

Ademais destinaremos unha oficina de atención ao peregrino de carácter móbil e que recorrerá os distintos camiños para dar un servizo cercano e puntual das diferentes rutas, oficina que se instalará nun vehículo especialmente adaptado a estas funcións.

Continuar coa renovación de vehículos e medios técnicos necesarios para unha mellor prestación do servizo policial e un óptimo desenvolvemento das funcións propias da UPA, especialmente nos eidos da seguridade e protección de persoas, órganos, edificios e establecementos da Comunidade Autónoma de Galicia; a prevención e investigación de incendios; a protección do medio natural e dos recursos mariños; a colaboración en tarefas de rescate e salvamento; e a actuación e colaboración na protección de vítimas de violencia de xénero e nos casos de violencia intrafamiliar e contra menores.

Fomentar a participación do persoal da UPA na formación específica, dirixida especialmente a aquelas funcións que precisan dunha maior actualización e competencia profesional, respecto de todas as funcións que desenvolve, incidindo de xeito prioritario na formación vencellada aos ámbitos dos camiños xacobeos e atención dos peregrinos en eidos tales como a violencia de xénero, a formación en DESA e protección do patrimonio cultural.

Manter e ampliar os mecanismos de colaboración e coordinación das actuacións da UPA con outros corpos e forzas de Seguridade que desenvolven as súas tarefas na nosa comunidade, con especial incidencia na colaboración coas policías locais de Galicia, impulsando cando sexa necesario e demandando a implementación de dispositivos coordinados e conxuntos.

Establecer os operativos policiais necesarios para dar cumprimento ás medidas impostas polas Autoridades sanitarias para loitar contra o COVID-19, tanto pola propia unidade adscrita de xeito individual, como en operativos coordinados con outras Forzas e Corpos de Seguridade.

Fixar os dispositivos de seguridade necesarios para protexer á cidadanía durante o Xacobeo 2021-2022, en coordinación co resto de forzas e corpos de seguridade.

Promover en colaboración co Ministerio do Interior a constitución dun punto de atención e coordinación policial á entrada de Santiago de Compostela, con efectivos policiais, como reforzo aos mecanismos de coordinación de todas as forzas e corpos de seguridade que operan na cidade, co fin de ofrecer unha asistencia policial integral aos visitantes e peregrinos que chegan procedentes dos distintos camiños.

Seguir a colaborar cos Organismos e Institucións competentes para garantir a máxima seguridade no complexo catedralicio (Catedral de Santiago de Compostela máis a Oficina do Peregrino) ás persoas que visiten Santiago de Compostela, como etapa final dos Camiños neste Xacobeo 2021-2022; actuación iniciada neste ano 2021 e que coa continuidade do Xacobeo para o ano 2022 requirirá un especial esforzo para garantir a seguridade dos numerosos peregrinos que se prevén culminen a súa peregrinaxe neste escenario catedralicio.

Este compromiso coa seguridade, en todos os seus aspectos, require a implicación de todas as administracións.

3º Espectáculos Públicos.

No exercicio 2022 continuarase coa aplicación do desenvolvemento normativo da Lei 10/2017, do 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia que supón a activación do Rexistro de empresas e establecementos adicados á realización de espectáculos públicos e actividades recreativas.

Ademais do impulso normativo, manterase a coordinación cos diversos sectores afectados e coa FEGAMP, para redactar documentos que poidan mellorar a tramitación administrativa dos procedementos por parte dos concellos.

Así mesmo, colaborarase cos concellos na adaptación das ordenanzas e das licenzas municipais ás tipoloxías do novo Catálogo, fixando criterios de aplicación xeral que faciliten a devandita adaptación, así como a colaboración na aplicación da Orde pola que se determina o horario de apertura e peche dos establecementos abertos ao público e de inicio e finalización dos espectáculos públicos e das actividades recreativas.

Continuarase co procedemento de obtención e renovación da habilitación para o desenvolvemento das funcións do persoal de control de acceso a espectáculos públicos e actividades recreativas, iniciado no ano 2021 coa nova modalidade de obtención da habilitación que combi-

na unha formación específica e unha maior axilidade na obtención da mesma, todo iso dirixido a facilitar o acceso a estes postos de traballo e que velan pola seguridade no acceso a locais de ocio e de xogo na nosa comunidade, circunstancia especialmente valiosa á hora de garantir as condicións de acceso e funcionamento destes establecementos.

Ao tempo, seguirase mantendo unha especial implicación con sectores especialmente afectados pola pandemia, como é o do ocio nocturno, establecendo un diálogo constante e cercano cos seus representantes para acadar as mellores solucións cara a súa reactivación.

O ocio nocturno foi o sector que tivo que permanecer máis tempo pechado pola crise sanitaria, razón pola que a Xunta de Galicia ten investido un total de 8,8 millóns de euros en medidas para apoiar a súa reactivación, dos que a meirande parte se destinaron a axudas directas ás empresas.

Ademais, a administración autonómica acordou o pasado mes de setembro cos representantes do ocio nocturno establecer un protocolo similar ao asinado coa hostalaría, de maneira que a súa actividade seguirá funcionando con independencia da situación sanitaria do concello onde se atopen. Todo isto, adaptado ás particularidades desta actividade, botando man do certificado covid, coa autorización da xustiza, e doutras medidas sanitarias que se incluirán no protocolo.

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS EXTERIORES E COA UNIÓN EUROPEA

O obxectivo prioritario da Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea é a promoción da Acción Exterior de Galicia en xeral, especialmente nas relacións coa Unión Europea, nas relacións con Portugal, prioritariamente coa Rexión do Norte, e o fomento da cooperación para o desenvolvemento de conformidade coas prioridades xeográficas e sectoriais de actuación previstas no Plan director vixente e na Estratexia de resposta á Covid-19 da Cooperación Galega.

O 15 de marzo de 2021 publicouse no Diario Oficial de Galicia a Lei 10/2021, do 9 de marzo, reguladora da acción exterior e da cooperación para o desenvolvemento de Galicia.

Trátase dunha norma que aspira a mellorar a proxección de Galicia a través da coordinación da acción exterior galega. Entre outros aspectos regulados pola Lei destacan, incentivar: a participación galega na negociación de tratados internacionais, mellorar a atención dos galegos no exterior; consolidar a Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal e a súa proxección nos países da lusofonía, e dotar a Galicia de maior protagonismo na cooperación para o desenvolvemento.

O texto elaborouse coas máximas garantías de participación e transparencia co obxectivo de acadar un amplo consenso social e político. Logo da súa remisión ao Ministerio de Asuntos Exteriores, Unión Europea e Cooperación, o Consello Galego de Acción Exterior (CAEX) emi-

tiu informe favorable, e o Consello Galego de Cooperación para o Desenvolvemento (CONGACODE) aprobouno por unanimidade.

Esta Lei tamén regula a maneira de negociar e executar en Galicia tratados e acordos internacionais tanto na Unión Europea como fóra do marco xurídico da UE, aspecto este último clave trala materialización saída do Reino Unido da Unión Europea.

Ademais, regúlanse distintas accións sectoriais no exterior. Así, no ámbito económico, recóllese a posibilidade de que a Administración autonómica examine no primeiro trimestre de cada ano o estudo Doing Business, do Banco Mundial, para avaliar a implantación de medidas coas que mellorar a atracción de capital foráneo. No ámbito educativo, avógase por reforzar o apoio á internacionalización das universidades galegas para captar talentos novos.

Compre sinalar en todo caso un dos principais logros acadados no eido da Acción Exterior na lexislatura anterior e que terá continuidade: o peso que ten a cooperación transfronteiriza, tanto na Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal, como en xeral, nas relacións entre España e Portugal.

O principal instrumento de financiamento da cooperación transfronteiriza é a iniciativa europea INTERREG V por medio do seu Programa Europeo de Cooperación Transfronteiriza (POCTEP), vixente para o período 2014-2020. No desenvolvemento deste Programa aprobáronse varias convocatorias de proxectos que demostran o seu carácter transfronteirizo para as distintas áreas de cooperación. É destacable que, entre os aprobados no conxunto da fronteira hispano-portuguesa, un total de 84 proxectos inclúen, como mínimo, un socio galego, o que exemplifica a actividade e importancia da Eurorrexión Galicia - Norte de Portugal. Destes proxectos, a Xunta de Galicia participa nun total de 50.

Tras a convocatoria para proxectos estratéxicos ou estruturantes publicada en 2020, en 2021 publicouse unha nova convocatoria para ese mesmo tipo de proxectos, que, agora si, está previsto que sexa a última no actual período de programación.

As liñas básicas de actuación da dirección xeral son as seguintes:

- Atender á xestión dos "Acordos de Noiteboa" (Acordos do 24.12.2020) en relación coa saída do Reino Unido da UE. Respecto da nosa Comunidade Autónoma cobra especial relevancia a regulación establecida no Título VI da Lei 10/2021, do 9 de marzo, reguladora da acción exterior e da cooperación para o desenvolvemento de Galicia.
- Prestar especial atención ás medidas postas en marcha pola UE para facer fronte a crise derivada da COVID-19, aos debates da Conferencia sobre o Futuro de Europa e á aplicación de diversas políticas comunitarias, en particular, pesca, agricultura, industria, I+D, mobilidade e demografía, que deberán contribuír a unha transición xusta, verde, dixital e resiliente das nosas economías e tecidos produtivos.

- Participar nos debates previos á negociación do seguinte orzamento comunitario posterior a 2027. O reparto entre as políticas tradicionais (PAC e Cohesión) e outras políticas como a I+D ou a Seguridade e Defensa volverán sen dúbida aos debates que acompañan a elaboración da proposta por parte da Comisión, cuxa publicación podería preverse para 2024. Estes debates nutriranse dos resultados da actual Conferencia sobre o Futuro de Europa e do traballo da prospectiva que está a efectuar a Comisión Europea, centrado, de momento, na autonomía estratéxica aberta da UE e na avaliación do grado de resiliencia das economías europeas.
- Afianzar unha Eurorrexión do coñecemento e da proximidade para que os cidadáns que viven a carón da fronteira se beneficien do feito transfronteirizo, así como para aproveitar as sinerxías que supón o traballo conxunto das dúas rexións, a galega e a portuguesa, nos ámbitos nos que están a traballar conxuntamente. Unha vez formalizada por parte do Presidente da Xunta de Galicia, o traslado da Presidencia da Comunidade de Traballo Galicia – norte de Portugal a esta rexión, continuar a traballar conxuntamente na procura dos obxectivos fixados.
- Apoiar e seguir potenciando á Agrupación Europea de Cooperación Territorial Galicia - Norte de Portugal, como un instrumento esencial para fomentar as relacións de cooperación con todas as entidades, tanto públicas como privadas, no marco da nosa Eurorrexión. Cabe destacar que a AECT da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal está a colaborar, xunto co Turismo do Oporto e Norte de Portugal, a Axencia de Turismo de Galicia e a Direção Regional de Cultura do Norte, nun proxecto para a promoción e consolidación do Camiño Xacobeo portugués como recurso patrimonial cultural e natural transfronteirizo capaz de xerar actividades turísticas e económicas que contribúan ao desenvolvemento sostible da nosa Eurorrexión. Este proxecto está cofinanciado con fondos europeos por medio do Programa Operativo de Cooperación Transfronteiriza España- Portugal (POCTEP).

Por outra banda, a AECT tamén está a promover, dinamizar e difundir, o Xacobeo 21-22 na Eurorrexión Galicia – Norte de Portugal, a través dun convenio de colaboración que asinou coa Axencia de Turismo de Galicia de tres anos de duración. Tense previsto que esta colaboración se desenvolva do seguinte xeito:

- Intensificando a colaboración e a aproximación coas distintas asociacións públicas e privadas, en especial as asociacións portuguesas do Camiño de Santiago, así como cos concellos e entidades rexionais de Galicia e de Portugal.
- Dinamizando accións conxuntas turístico - culturais e, tamén, noutros ámbitos, entre Galicia e Portugal, así como cos países da lusofonía.
- Mediante a promoción, dinamización e difusión mediática da Eurorrexión Galicia – Norte de Portugal, como consultora e xestora de ideas, accións, noticias, eventos e actos.
- Reforzando as relacións entre as institucións galegas, especialmente a Xunta de Galicia, e as institucións políticas, económicas e culturais portuguesas.

- Executar as competencias da Unidade de Coordinación como Organismo Intermedio para os fondos comunitarios destinados á cooperación transfronteiriza (Programa de Cooperación Transfronteriza Interreg V-A España-Portugal 2014-2020). Entre estas competencias se atopan as de valoración das candidaturas de proxectos presentadas de acordo coas prioridades rexionais, a xestión e controis de primeiro nivel dos gastos cofinanciados con fondos comunitarios FEDER dos socios baixo a súa dependencia. A Unidade de Coordinación participa como membro nos Comités de Seguimento e de Xestión do Programa, e co-preside o Comité Territorial. Apoiar o desenvolvemento dos obxectivos da Macrorrexión RESOE, que xunto con Galicia, inclúe a Castela e León, Asturias e Cantabria, e as Rexións Norte e Centro de Portugal.
- Manter o liderado na promoción coa lusofonía e os países lusófonos toda vez que España, baixo o impulso de Galicia, ten entrado como Observador Asociado na Comunidade de Países de Lingua Portuguesa (CPLP).
- Apostar polo crecemento e pola creación de emprego en Galicia, como país con identidade propia, potenciando a súa integración económica, social e territorial co resto de rexións europeas.
- Fomentar a participación de Galicia nos programas europeos, no contexto do Marco Financeiro Plurianual 2021-2027 e o novo instrumento de recuperación europea Next Generation Europe, coa finalidade de contribuír a que o financiamento chegue á economía real e a facilitar o acceso ao investimento para as entidades e o tecido industrial galego
- Consolidar a participación de Galicia nos órganos europeos de participación territorial, prioritariamente no Comité das Rexións, para dar a coñecer e defender os intereses galegos no tramado de toma de decisións comunitario.
- Defender o firme compromiso de Galicia coa Unión Europea e a pertenza ao Mercado Único Europeo.
- Coordinar actuacións con outros territorios que teñan intereses e obxectivos comúns dentro do marco das organizacións rexionais europeas (CRPM, Comisión Arco Atlántico, ARFE), para permitir a elaboración de estratexias conxuntas e o seu desenvolvemento.
- Apoiar á representación de Galicia nos órganos comunitarios abertos á participación autonómica, en especial no Consello da UE, e participar nos mecanismos de diálogo existentes entre a Administración Xeral do Estado e as Comunidades Autónomas nos asuntos europeos, como son os órganos da Conferencia para Asuntos Relacionados coa Unión Europea (CARUE).
- Apoiar unha resposta coordinada da UE aos retos derivados do cambio demográfico e a súa consideración como cuestión transversal que afecta a distintas políticas sectoriais da UE.
- Potenciar todas aquelas actuacións da Fundación Galicia Europa que contribúan a divulgar as políticas comunitarias en Galicia, e a que as institucións comunitarias coñezan de primeira man as peculiaridades e a casuística da rexión galega.

- Promover sinerxías entre a Fundación Galicia Europa e outras entidades públicas e privadas galegas para o fomento da investigación e innovación e para promover o crecemento sustentable e a cohesión social e territorial de Galicia.
- Elaborar unha nova Estratexia Galega de Acción Exterior, consensuada cos principais actores, atendendo aos seus valores e intereses.
- Potenciar e difundir unha imaxe integral de Galicia no exterior, facendo fincapé nunha "especialización intelixente".
- Reforzar as actuacións das Delegacións da Xunta de Galicia no exterior, racionalizando e simplificando os procesos de actuación.
- Seguir a dar cumprimento ao IV Plan director da cooperación galega (2018-2021), que se prorrogará un ano máis, e á Estratexia de resposta á Covid-19 da Cooperación Galega, elaborando e executando un Plan anual da cooperación galega para o 2022 no que se contemplen actuacións en todas as liñas estratéxicas do citado Plan director.

Neste sentido, cómpre destacar que o Plan anual 2021 da Cooperación Galega foi executado na súa totalidade, avanzando no cumprimento dos obxectivos previstos no Plan director. O Plan anual que se elaborará para o 2022, deberá adaptarse ás novas necesidades xurdidas da pandemia provocada pola COVID-19 e ás imposicións temporais que en canto a súa execución lle afecten, seguindo as recomendacións que se recollen na Estratexia de resposta á COVID- 19 da Cooperación Galega.

Polo tanto, a política de cooperación da Xunta de Galicia seguirá apostando por:

- Promover o aliñamento coa axenda global do desenvolvemento das Nacións Unidas, contribuíndo a realización dos ODS.
- Conseguir unha maior eficacia da axuda desembolsada no ámbito da cooperación para o desenvolvemento, así como unha maior especialización nos ámbitos estratéxicos nos que conta con valor engadido ou vantaxes comparativas.
- Garantir a participación da Xunta de Galicia en proxectos de cooperación para o desenvolvemento e de acción humanitaria, que se verá reforzada financeiramente polo incremento dun 5,19 % do orzamento do programa 331A, en consonancia cos compromisos acadados co sector.
- Seguir apostando polas convocatorias públicas de axudas como principal instrumento para a xestión dos fondos destinados a cooperación, destinando a elas máis dun 80% do orzamento operativo de gastos.
- Apoiar o fortalecemento da profesionalización do sector da cooperación para o desenvolvemento en Galicia.
- Fomentar a Educación para o Desenvolvemento e a Cidadanía Global
- Promover a complementariedade entre os actores e axentes de cooperación a través do impulso da coordinación, a colaboración e a concertación.

- Consolidar a participación de Galicia nos espazos e iniciativas de coordinación da cooperación española.

II.2. DOS ORGANISMOS AUTÓNOMOS

ACADEMIA GALEGA DE SEGURIDADE PÚBLICA (AGASP)

A AGASP, de acordo co establecido na Lei 1/2007, do 15 de xaneiro, orienta a súa actuación ao enriquecemento do capital humano dos servizos de seguridade pública mediante a súa capacitación a través da formación, a innovación e a excelencia, ao compromiso de xerar e transferir as bases de coñecemento para a mellora das políticas en materia de seguridade pública e ao impulso da calidade nos servizos de seguridade pública para unha mellor atención á cidadanía.

A AGASP iniciou en 2016 un novo horizonte tendente principalmente a ampliar ás relacións e sinerxías con novos colectivos así como a exercer competencias delegadas ou compartidas a través de convenios ou outros instrumentos de xeito que o conxunto dos diferentes colectivos que conforman a seguridade pública en Galicia, en sentido amplo, teñan como referencia a academia e cabida nela.

Proba deste novo horizonte é a consecución por primeira vez do acordo co Ministerio do Interior para a formación das Forzas e Corpos de Seguridade do Estado. A Garda Civil e da Policía Nacional suman preto de 8.000 efectivos na Comunidade Autónoma, supoñendo mais do dobre de efectivos que o número de profesionais da Policía Local e UPA, o que constitúe sen dúbida un novo potencial cada ano.

Por outra banda, nesta mesma liña, asinouse o Convenio co Centro de Estudos Xurídicos do Ministerio de Xustiza en materia de formación de fiscais, letrados da administración de Xustiza, médicos forenses e avogados do Estado.

Pero sen dúbida, o fito mais importante dos derradeiros anos e cara ao futuro é a aprobación e posta en funcionamento do Decreto 115/2017, do 17 de novembro, polo que se regula a cooperación da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia cos concellos na selección dos membros dos corpos de policía local, vixilantes municipais e auxiliares de policía local, publicado no DOG do 22 de novembro de 2017, que posibilita unha total colaboración cos concellos para realizar a centralización dos procesos selectivos da Policía Local.

Dende a aprobación do mencionado Decreto, modificado polo Decreto 20/2019, do 28 de febreiro, asináronse xa 88 convenios de delegación de competencias; é dicir, mais do 65% dos concellos con corpo de policía local en Galicia, e desenvolvéronse e completáronse xa 5 convocatorias de procesos selectivos unificados (5 procesos selectivos para a cobertura de 643 prazas de auxiliares de policía local e 3 procesos selectivos para a cobertura de 314 prazas de policía local e 1 proceso para a cobertura de 20 prazas de oficial de policía local).

Neste sentido, as liñas de actuación previstas para o exercicio 2022 son as que de seguido se relacionan:

1. No ámbito da formación policial:
   - Continuar as adhesións dos concellos delegantes e a realización na AGASP dos procesos unitarios de selección da policía local e dos auxiliares de policía local de Galicia.
   - Asemade, durante o ano 2022 realizarase a formación da 14 promoción de policía local, ao remate dun proceso unitario que se convocará a finais do ano 2021, xunto cos cursos de mandos e promoción interna que soliciten os concellos.
   - Impartir os cursos de formación continua, perfeccionamento e especialización, para todas as categorías ou todos os postos das policías locais e da Unidade da Policía Nacional Adscrita á Comunidade Autónoma de Galicia.
   - Impartir formación para as Forzas e Corpos de Seguridade do Estado, en concreto á Garda Civil e á Policía Nacional, en execución da Resolución do 4 de novembro de 2015, BOE de data 16 de novembro de 2015, da Secretaría Xeral Técnica do Ministerio do Interior, pola que se publica o Convenio coa Xunta de Galicia para a colaboración en materia de formación e actualización do persoal dos Corpos de Seguridade do Estado destinados na Comunidade Autónoma de Galicia, convenio en trámites de renovación na actualidade.
   - Colaborar co Centro de Estudos Xurídicos do Ministerio de Xustiza para a formación de fiscais, letrados da administración de Xustiza, médicos forenses e avogados do Estado.
   - Colaborar coas persoas representantes do ámbito da seguridade privada para a formación deste colectivo.
   - Facilitarlles aos concellos os medios de coñecemento e información precisos para unha mellor execución dos servizos específicos das policías locais.
   - Colaborar coa Subdirección Xeral das Cualificacións da Consellería de Emprego e Igualdade, facilitándolle os espazos e medios para a realización do procedemento de recoñecemento das competencias profesionais adquiridas a través da experiencia laboral, na Comunidade Autónoma de Galicia, en determinadas unidades de competencia do Catálogo nacional de cualificacións profesionais.
   - Durante o ano 2022, a AGASP iniciará unha formación especifica dirixida as forzas e corpos de Seguridade e voluntariado de protección civil, no eido de asegurar unha debida coordinación e seguridade en torno ao Camiño de Santiago, incidindo nunha formación cultural e de apoio e atención aos/as peregrinos/as, así como tamén cursos de idiomas enfocados directamente á atención das necesidades dos/as peregrinos e, así, poder atendelos/as correctamente.
2. No ámbito da formación de protección civil e bombeiros:
   - Impartir os cursos de formación e perfeccionamento dirixidos aos integrantes dos servizos de protección civil e aos membros dos corpos de bombeiros das entidades locais.

- Impulsar a formación dos integrantes dos grupos de emerxencia supramunicipais, como parte integrante do sistema de resposta ás emerxencias na nosa comunidade
- Facilitarlles aos concellos os medios de coñecemento e información precisos para unha mellor execución dos servizos específicos de bombeiros e protección civil, establecéndose os convenios oportunos.

3. No ámbito da investigación e divulgación:
   - Investigar, estudar e divulgar contidos, técnicas e documentación, na materia de seguridade pública e con especial referencia á realidade galega, a través principalmente da produción editorial, ampliación do fondo bibliográfico e potenciación da páxina web da AGASP e da formación on-line.
   - Promover relacións de intercambio e colaboración coas universidades e institucións de Galicia, así como con outros centros docentes e investigadores de ámbito autonómico, estatal ou internacional.
4. No eido da modernización:
   - Continuar a realización de formación na modalidade de teleformación, incluíndo todas as ferramentas de clase en directo, instalando un aula de gravación na sede da Academia e compaxinando coa formación presencial, que no ano 2022 se recuperará directamente, xa realizando formación presencial práctica no ultimo trimestre do ano 2021.
   - Instaurar de forma electrónica a bolsa de colaboración de contratación para persoal auxiliar de policía local e os chamamentos da mesma.
   - Finalmente, cabe subliñar, que a AGASP está a realizar un paulatino proceso de modernización das súas instalacións destacando a posta en marcha dun pavillón polideportivo cuberto dirixido, principalmente, aos alumnos de cursos selectivos que residen en réxime de internado na AGASP. Ademais, está a realizar actuacións de reposición nas súas instalacións (reparacións, melloras nos illamentos, etc), dado o alto nivel de uso das instalacións da Academia durante os últimos anos, así como a antigüidade do edificio. As obras de construción deste pavillón polideportivo comezarán no ultimo trimestre do ano 2021, rematando as mesmas durante o ano 2022
5. No ámbito da formación en socorrismo.
   - Impartir os cursos de formación e perfeccionamento dirixidos tanto, as persoas interesadas en exercer a actividade profesional de socorrismo en Galicia, como aquelas persoas xa inscritas no Rexistro Profesional de Socorristas Acuáticos de Galicia que requiren completar a súa formación ou reciclarse na actividade de socorrismo.

II.3. DAS AXENCIAS PÚBLICAS AUTONÓMICAS

AXENCIA GALEGA DE EMERXENCIAS (AXEGA)

A AXEGA configúrase como unha entidade instrumental da Xunta de Galicia, para o estudo e execución da política autonómica en materia de protección civil e xestión de emerxencias, que mobiliza recursos esenciais en materia de resposta ás emerxencias, protección civil e seguridade pública a través do CIAE 112 Galicia.

En atención ao exposto, a AXEGA continuará adoptando como criterio básico para a confección dos seus orzamentos, o da optimización dos recursos existentes en aras a garantir o mesmo nivel de eficiencia e eficacia na prestación deses servizos.

A) Optimización dos recursos existentes:

Neste ámbito as liñas de actuación son as seguintes:

Continuar coa potenciación do Servizo de xestión do CIAE112-Galicia, para adaptalo ás esixencias e necesidades operativas e tecnolóxicas do Centro Integrado de Atención ás Emerxencias 112 Galicia da Estrada. Dentro deste impulso ao longo do 2022 establecerase melloras no aplicativo GEMMA que usa o CIAE-112 para a xestión de incidencias así como melloras nas comunicacións cos grupos operativos de emerxencia a través da rede Resgal e a utilización dun aplicativo remoto para dispositivos móbiles compartindo en tempo real a información que as operadoras do 112 introducen no aplicativo GEMMA das diferentes incidencias que entran en sala.

Durante o ano 2022 desenvolveranse e daráselle continuidade a diversas liñas de traballo conducentes á continua mellora do servizo prestado polo CIAE 112 á cidadanía. Entre elas podemos destacar as seguintes:

Mellora da atención e do servizo a cidadanía no ámbito das emerxencias con traballo de colaboración para a implementación da Xeolocalización das chamadas a través do procedemento AML (Advanced Mobile Location).

Traballo coas diferentes federacións, responsables autonómicos dos 112 e representantes do goberno central, na mellora do centro nacional de tele interpretación que centralice un servizo 24 horas 365 días ao ano ás persoas algún tipo de discapacidade auditiva ou da fala. En Galicia, no marco do proxecto "1-1-2 accesible", en 2020 tivéronse contactos coas Federacións autonómicas e nacionais de Asociacións de Persoas Xordas de Galicia, e tense avanzado no servizo prestado a estas persoas coa consolidación da comunicación a través de chat, ben a través de SMS ou de whatsApp ou a través de tele tradutores utilizando a plataforma BILDTEC da Xunta de Galicia.

Colaboración con outras Administracións en materia de intercambio de información, así como diversas melloras tecnolóxicas e técnicas no centro con esta mesma finalidade.

Deseño, aprobación e evolución de protocolos de intervención de recursos de emerxencias no territorio de Galicia, atendendo a criterios pronta resposta, de territorialidade e operatividade dos recursos

Implementación do Plan de comunicación de emerxencias de Galicia a través da rede Resgal.

Optimización da aplicación de xestión de simulacros posta en marcha en 2020. Dito aplicativo, ademáis de facilitar o traballo en sala, redundaría nunha mellora de todo o procedemento de xestión das emerxencias.

Continuación de proxectos didácticos, que teñan como obxectivo fomentar entre os menores o correcto uso do número de emerxencias. Realizaranse neste ámbito proxectos co mesmo obxectivo enfocado a xente nova e maiores utilizando unidades didácticas, redes sociais e medios de comunicación facendo do 1-1-2, tal como ditamina a lexislación, o número único de emerxencias Europeo.

Logo de case dous anos de pandemia durante o ano 2022 tratarase de dar un gran impulso no CIAE 112 do labor preventivo a través da divulgación. A tal fin, continuarase a traballar nunha dobre liña: por unha banda, proseguirase coas visitas para dar a coñecer o centro e concienciar á poboación no uso responsable do número de emerxencias (visitas de diversos colectivos: escolares, colectivos profesionais, asociacións, etc) e, por outra banda, seguirase a utilizar como ferramenta de prevención a emisión de consellos preventivos a través de redes sociais e medios de comunicación (consellos para poboación en xeral, para colectivos específicos como é o caso dos peregrinos, etc).

No ano 2022 seguiremos avanzando na accesibilidade do 112 e a través dun acordo coa FAXPG Federación de asociacións de Persoas Xordas de Galicia para editar vídeos de consellos preventivos en linguaxe de signos.

Potenciar o Grupo de Apoio Loxístico á Intervención (GALI). O éxito do GALI fixo que se incrementase en mais dun 300% a demanda dos seu servizos, o que permitiu ir paulatinamente reforzando o equipamento operativo especializado de apoio loxístico en emerxencias complexas ou de gran magnitude na Comunidade Autónoma de Galicia, mediante a posta a disposición dos axentes intervintes de recursos especializados e do Posto de Mando Avanzado. A realidade actual que reflicten as actuacións do GALI e que foron esenciais nos primeiros meses da emerxencia sanitaria derivada da Pandemia producida pola COVID-19 na loxística de recollida, distribución e desinfección de equipamento para facer fronte ao virus. Esta realidade puxo en evidencia a necesidade de aumentar a infraestrutura adicada o GALI estando previsto para o 2022 a ampliación da nave onde se albergan as instalacións e material do GALI permitindo desta maneira unha mellor organización que redunde nun mellor servizo a cidadanía.

No exercicio 2021 levarase a cabo unha nova licitación do contrato de servizo de apoio loxístico á intervención nas emerxencias, que se prorrogará de cara o 2022, destacando, entre outras melloras organizativas da prestación, o reforzo dos profesionais ou especialistas asignados ao grupo así como novos medios dotacionais destacando os da sección de operación con drons.

Continuar durante o exercicio 2022 coa a adquisición de medios materiais para a atención e xestión de emerxencias, segundo as necesidades detectadas no Catálogo de Medios e Recursos mobilizables en caso de emerxencia da AXEGA, coa finalidade de poñelos a disposición dos Servizos de Intervención de Emerxencias e Protección Civil dos concellos.

Un dos obxectivos da AXEGA é dotar aos servizos de intervención de equipamento axeitado para mellorar a súa capacidade de resposta ante as situacións de emerxencia, co fin de acadar un maior grado de seguridade para a cidadanía. A esta razón de interese público responde a adquisición de equipamento que a AXEGA veu realizando nos últimos anos e que continuará a desenvolver na próxima anualidade 2022.

Dentro deste impulso o Centro Integrado de Emerxencias de Galicia ao longo do 2022 estableceranse melloras no aplicativo que usa o CIAE-112 para a xestión de incidencias, así como melloras nas comunicacións cos grupos operativos de emerxencia a través da rede Resgal e a utilización dun aplicativo remoto para dispositivos móbiles compartindo en tempo real a información que as operadoras do 112 introducen no aplicativo GEMMA das diferentes incidencias que entran en sala.

O impulso da colaboración da AXEGA con outras entidades ou institucións que teñan por obxecto o tratamento das emerxencias, mediante a participación en proxectos europeos e internacionais. Neste senso, a AXEGA participará en colaboración coa Universidade de Vigo no proxecto SUDOE FI-RE-ASSESMENT, proxecto I+D no que se trata de acadar tecnoloxías que poidan implementarse no campo das emerxencias en xeral. Este proxecto consistirá na xeración dunha liña de traballo consistente no deseño e posta en servizo dun vehículo non tripulado para dar servizo especialmente en tipoloxías de incidencias relacionadas con incendios.

Así mesmo, na liña de I+D a AXEGA continuará a traballar no 2022 na busca de solucións tecnolóxicas que permitan solucionar tipoloxías de incidencias crecentes, como é o caso da busca de persoas desaparecidas ou a falla de comunicacións en grandes incidencias a través da tecnoloxía 5G. Na liña de investigación, a AXEGA tamén participa como organismo colaborador en proxectos de U-Space para aplicativos de coordinación de medios aéreos tripulados e non tripulados en situacións de emerxencia.

O traballo en convenios con diversas entidades, para intercambio de información en casos de incidencias ou emerxencias con determinadas entidades ou empresas cun índice de risco elevado.

No 2021 traballouse na subscrición dun acordo de colaboración co Colexio Oficial de Médicos da Coruña que se implementará no 2022 e que permitira ofrecer unha atención áxil e

rápida ao persoal médico susceptible de atoparse ante unha situación de emerxencia, ante o incremento de agresións aos profesionais deste colectivo. Neste marco foi integrada na aplicación do CIAE112 o aplicativo desenvolto polo Colexio Oficial de Médicos da Coruña que permite ao facultativo premer un botón de alarma no seu terminal móbil para que os servizos de emerxencia e forzas e corpos de seguridade podan atendelo de maneira mais rápida e eficaz.

Durante o ano 2021 a AXEGA ostentou a representación do foro de responsables autonómicos dos 112. No 2022 aproveitando o ano Xacobeo 2021-2022 se as condicións da pandemia o permiten, Galicia será a sede para a reunión anual de responsables de emerxencias converténdose no epicentro nacional e referencia dos proxectos futuros de atención ás emerxencias en España.

B) A colaboración con outros entes xestores de emerxencias no ámbito interrexional e transfronteirizo:

Neste ámbito as liñas de actuación son as seguintes:

- A consolidación da colaboración na atención das emerxencias producidas en zonas fronteirizas comúns con Portugal, Castela-León e o Principado de Asturias como quedou patente durante os lumes forestais na época estival.

  Debido a pandemia ao longo do 2020-2021 o proxecto Ariem+ tivo que modificar a súa calendarización xa que practicamente todos os socios teñen relación coas emerxencias e están volcados en tarefas relacionadas coa minimización do impacto desta crise sanitaria e económica. Por este motivo, o proxecto finalizarase en novembro de 2021 levando ao terreo todas as medidas de coordinación e mellora planificadas para a resolución de emerxencias específicas da zona Ariem, que serán plenamente efectivas no ano 2022,

AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA

Desde o comezo da crise ocasionada pola COVID-19 en marzo de 2020, o sector turístico viuse claramente afectado, ocasionándolle desde aquela notables perdas económicas ao longo do ano 2020 e tamén durante boa parte do 2021, como consecuencia das sucesivas ondas, que obrigaron a establecer diferentes medidas para paliar os efectos e axudar ao mantemento do sector.

O compromiso da Xunta, primeiro coa supervivencia do sector e logo coa súa recuperación, prolongouse desde o comezo da crise e ao longo de 2021, coa posta en marcha dun plan de choque que terá continuidade no 2022 co obxectivo de acompañar ao sector no proceso de recuperación, modernización e adaptación ás novas circunstancias derivadas da pandemia.

A posta en marcha do conxunto das medidas adoptadas pola Xunta, sumado á capacidade de resiliencia do tecido empresarial están dando como resultado que a recuperación do turismo en Galicia está superando todas as expectativas. As cifras da demanda turística confirman que a mensaxe de Galicia como destino seguro foi clave para obter un balance positivo.

Durante a tempada estival, xullo e agosto, Galicia converteuse na terceira comunidade autónoma con maior recuperación da actividade turística, quedando a piques de chegar ás cifras da demanda marcadas en 2019. Resistimos 20 puntos mellor que a media nacional: o descenso de viaxeiros é dun 10,7% fronte ao 30% do conxunto de España. O noso territorio recuperou o 93% da demanda turística que tiña en xullo de 2019 e o mes de agosto foi excepcional en ocupación turística con niveis superiores a xullo, que xa pechara con moi boas cifras.

Este balance da tempada estival únese ás cifras positivas do acumulado do ano no que atinxe á demanda turística, en que observamos tamén a consolidación da recuperación en todas as tipoloxías de aloxamento. No primeiro semestre do ano, Galicia recuperou o 60% da súa demanda turística rexistrada en 2019, mantendo durante todo este tempo o 4º lugar no ránking de comunidades autónomas con mellor comportamento turístico, con diferenciais coa media do estado que estiveron entre arredor dos 20 puntos a favor de Galicia.

Tanto a capacidade de resiliencia do sector turístico como a capacidade de atracción do viaxeiro nacional e o posicionamento de Galicia como destino seguro, unido á súa oferta turística, foron elementos que amorteceron a caída primeiro e que logo permitiron que Galicia mantivera ritmos de ocupación superiores a 2020 co obxectivo de rematar o ano con preto de tres millóns de viaxeiros.

A recuperación está sendo protagonizada polo mercado nacional, e máis rapidamente polo segmento extrahoteleiro, que xa recuperou en boa medida a demanda de 2019 (caso dos apartamentos turísticos, que rexistran o 80% da demanda de 2019 e dos campings que sitúan a súa recuperación no 93% da demanda previa á crise)

Todas estas cifras son o resultado dunhas medidas eficaces, dun esforzo colectivo e da posta en marcha de ferramentas como o seguro coronavirus e de protocolos de actuación para garantir unha hostalería e un Camiño seguros. O camiño da recuperación está trazado e o 2022 será clave para avanzar na recuperación do mercado estranxeiro.

O XACOBEO 22, CLAVE NA RECUPERACIÓN

O 2022 está chamado a ser un ano clave no que se acelere o proceso de reactivación da demanda turística, na medida en que poida recuperarse a mobilidade. Neste contexto o Xacobeo 21-22 está a exercer un efecto tractor sobre a demanda turística, especialmente notable no mercado internacional, que se prevé que poida recuperar o seu pulo a partir do vindeiro ano, na medida en que se comece a retomar a mobilidade.

O Xacobeo 2022 será máis internacional, poñendo o acento nas axendas estranxeiras, para o que está prevista unha serie de presentacións en diferentes países para dar a coñecer a celebración. A progresiva recuperación da pandemia permitirá abrir o acontecemento ao resto do mundo, facéndoo partícipe dunha celebración internacional que está chamada a situar a Galicia no centro das miradas a través dunha programación que se abrirá progresivamente cara ao exterior, na medida en que continúen mellorando as condicións sanitarias.

A súa preponderancia como elemento identitario de Galicia e como motor de recuperación non só para Galicia senón para a marca España fan da celebración do Xacobeo en 2022 un fito fundamental no proceso de recuperación do sector turístico. Neste sentido a aposta do Goberno galego foi evidente en 2021 e volverá selo en 2022, con orzamentos moi superiores aos que destina o Goberno central a unha celebración declarada de Especial Interese.

A propia concepción do Camiño de Santiago e da celebración deste excepcional Ano Santo dobre sinalan este feito e esta celebración como acontecemento de excepcional interese turístico e prioridade turística para a administración autonómica, que desenvolverá unha programación viva e adaptable que seguirá medrando adaptada ás circunstancias de cada momento.

De igual xeito, a progresiva recuperación da mobilidade internacional permitirá mellorar paulatinamente as cifras de chegada de peregrinos, que este ano comezaron a recuperarse despois de sufrir tamén o impacto da pandemia. Tendo en conta o grao de internacionalización que alcanzara en 2019 o Camiño de Santiago, en que case o 60% dos peregrinos que recolleron a súa credencial foron estranxeiros, a partir de mediados deste ano comezou unha rápida recuperación na chegada de camiñantes, fundamentalmente grazas ao mercado nacional, que se respondeu favorablemente á mensaxe de que o Camiño estaba aberto e era seguro.

O Camiño de Santiago comezou o mes de setembro coa entrega da Compostela número 100.000, e a chegada de peregrinos desde o mes de xuño foi medrando ata situarse nunha media diaria de máis de mil diarias.

Traballamos coa previsión de pechar o ano con 140.000 Compostelas e seguramente serán moitos máis os peregrinos que teñan pasado por Santiago de Compostela neste primeiro Ano Santo Dobre, que será o prólogo dun segundo Ano Santo no que agardamos recuperar todo o pulo do Xacobeo.

Durante o 2022 tamén comezará a despregarse o novo Plan Director dos Camiños de Santiago 2022-2027, que establecerá a folla de ruta para a xestión e promoción do Camiño de Santiago ata o vindeiro Ano Santo.

Unha folla de ruta que permitirá seguir avanzando nas actuacións de conservación, mantemento e sinalización do trazado, tras o remate das actuacións previstas tanto no Plan Director do Camiño de Santiago 2015-2021, como no Plan Estratéxico do Xacobeo 2021, que se concibiron co obxectivo de ofrecer unha Galicia e un camiño preparados para dar resposta ás necesidades do novo peregrino, incluíndo actuacións no eixe de acollida e no eixe do trazado.

O novo plan establecerá a diagnose de situación, formulación estratéxica e proposta de folla de ruta para a xestión e promoción do Camiño de Santiago co obxectivo de darlle resposta a estes retos a través de distintas propostas de actuación que se levarán a cabo no Camiño, no marco dunha aposta pola preservación dos seus valores e pola busca da excelencia no que atinxe á experiencia do peregrino, sempre baixo criterios de sustentabilidade, accesibilidade e universalidade que definen o propio fenómeno da peregrinación a Santiago de Compostela.

Ademais, no marco deste novo Plan Director levaranse adiante actuacións tales como:

- Melloras nos albergues.
- Ampliación rede pública de albergues.
- Creación de puntos de información.
- Imaxe corporativa da rede.
- Deseño de liña de mobiliario.
- Colaboración universitaria proxectos fin de grao.
- Plan Integral de actuación no entorno do Camiño de Santiago.
- Conservación e mantemento.
- Atención ao peregrino.

Con el dáselle continuidade aos traballos levados adiante ata o 2021 enfocados a atender ás necesidades do Camiño tanto no que atinxe ao eixe do trazado e da acollida coma ao mantemento dos seus valores, estudio e preservación do fenómeno xacobeo. Baixo estes principios durante 2021 investíronse preto de 3,7 millóns de euros no mantemento, acondicionamento e sinalización do Camiño, ademais de levar adiante as últimas actuacións previstas no Plan de Albergues 2019-2021, sumando a previsión de contar con 8 albergues máis na Rede Pública de Albergues de Peregrinos de Galicia ao remate de 2022. Estas actuacións no trazado, sumadas ao mantemento da rede e aos traballos de mellora nos albergues existentes supuxo un investimento en 2021 de 19,3 millóns de euros.

Pero, ademais, durante este ano déuselle cumprimento aos investimentos establecidos para este ano no marco do Plan Estratéxico do Xacobeo 2021, a folla de ruta establecida en 2019 para a preparación de cara a celebración do Ano Santo, nos que se incluíron actuacións en

espazos senlleiros como BICs no Camiño, actuacións de mellora no Monte do Gozo ou en infraestruturas que permitiran mellorar a imaxe das entradas dos camiños en Santiago; actuacións de conservación e restauración derivadas do plan director do conxunto catedralicio de Santiago de Compostela por importe de case 7 millóns de euros; mellora das infraestruturas turísticas (3,5M), embelecemento do Camiño (1,5M€) ou para a seguridade da Catedral e a súa contorna (1M€), entre outras.

Un dos aspectos claves para a recuperación do Camiño residiu tamén nas accións postas en marcha no marco do programa Camiño Seguro, nas que se seguirá traballando. O programa incluíu unha serie de accións destinadas a adaptar á peregrinación ás condicións sanitarias de cada momento, ademais de formar a todos os profesionais e voluntarios vencellados co Camiño e desenvolver e implantar unha serie de plans de continxencia, manuais e formacións para a adaptación do Camiño e dos albergues ás novas medidas de seguridade sanitaria no Camiño de Santiago, orientadas a recuperar a confianza do viaxeiro.

Exemplos destas accións foron os proxectos en colaboración co ICTE "Medidas para la reducción del riesgo del contagio por el coronavirus SARS-CoV-2. Caminos de Santiago Seguros"; "Diagnóstico de las medidas de prevención e higiénico-sanitarias frente al SARS-CoV-2 en la cadena de valor de los Caminos de Santiago" e "Formación de las medidas de prevención e higiénico-sanitarias frente al SARS-CoV-2 en la cadena de valor de los Caminos de Santiago", o protocolo asinado coa DXT para avanzar na seguridade dos peóns no Camiño ou o desenvolvemento do programa piloto nos albergues privados en colaboración coa Consellería de Sanidade para definir os aforamentos máximos de acollida nestes establecementos, que foron variando na medida en que melloraron as condicións sanitarias.

A implantación destes proxectos xunto co estudo de novas medidas para incrementar a seguridade dos viaxeiros e viaxeiras como seguros para as súas continxencias ou a posta en marcha do Plan de Hostalería Segura están a contribuír ao obxectivo de recuperar a confianza tanto do viaxeiro coma do peregrino transmitindo a mensaxe de Galicia como destino seguro no seu conxunto, especialmente nun momento en que as olladas están no Camiño de Santiago.

Finalmente, no ano 2022 continuarase cun importante esforzo de promoción do destino Galicia asociado ao Camiño de Santiago a través dunha campaña publicitaria que buscará aos potenciais turistas.

NOVO MODELO TURÍSTICO

Ademais do Camiño de Santiago e a celebración do segundo Ano Santo, o segundo piar sobre o que se asentará o desenvolvemento da estratexia turística de Galicia en 2022 será o apoio ao tecido turístico no seu proceso de recuperación e adaptación ás novas circunstancias derivadas da pandemia co dobre obxectivo de reaccionar de xeito adecuado á crise da COVID-19 ao tempo que se impulsa a renovación dun sector para mellorar a súa competitividade

e calidade nos seus servizos facendo fincapé naquelas medidas que sexan claves para a revitalización e fortalecemento do sector.

Para o ano 2022 este obxectivo tradúcese en 3 eixes de actuación:

Plan Director 2021-2023 Galicia Destino Seguro, que terá continuidade durante todo o 2022 co obxectivo de seguir desenvolvendo accións orientadas tanto á formación como a difusión da mensaxe de Galicia como destino turístico seguro, promovendo tanto a formación dos profesionais como a adaptación das infraestruturas turísticas ás novas necesidades motivada pola situación post covid.

Asumindo que non vai volver a vella normalidade, a crise foi o momento para reformular un modelo turístico a nivel mundial que aposta pola sustentabilidade, as experiencias diferenciadas e seguras e a excelencia da oferta turística.

Neste proceso de transformación do modelo turístico galego puxemos en marcha neste 2021 este novo plan estratéxico, como unha folla de ruta que guiará o proceso de recuperación, transformación e modernización do turismo galego en base á realidade xurdida trala crise e coa mirada posta nos principios establecidos polos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS) establecidos na Axenda 2030, co obxectivo de maximizar a captación dos fondos europeos orientados á recuperación e á transformación do sector turístico.

Con estes principios e sen perder de vista a necesidade de seguir mantendo os valores que identifican o modelo turístico galego, comezamos a construír un novo modelo turístico baseado nun turismo tranquilo e de calidade e nos valores paisaxísticos, patrimoniais e enogastronómicos endóxenos que viñeron demostrando a súa capacidade de favorecer a recuperación da demanda turística. Estes principios e valores seguen sendo válidos pero é preciso construír unha nova estratexia para o turismo de Galicia, onde os valores e atributos diferenciadores de Galicia como destino, definidos na Estratexia de Turismo de Galicia 2020, manteñen a súa vixencia e son ideais para artellar unha oferta turística adecuada para o futuro próximo: gastronomía, paisaxe, a natureza, o Camiño de Santiago, o relax, a xente hospitalaria e as praias. Pero a eles hai que unirlles outros fundamentais para acadar estes obxectivos estratéxicos:

- A calidade como sinal de identidade do sector.
- A seguridade e hospitalidade do destino.
- O uso intensivo da tecnoloxía e o impulso da innovación.
- A sustentabilidade 360º como elemento vertebrador.

Sobre a base destes obxectivos e destes piares estratéxicos estrutúrase unha estratexia con 7 obxectivos estratéxicos, 42 plans de acción e 273 propostas operativas que se están a despregar no horizonte de 2021, 2022 e 2023.

Con eles aspírase a recuperar a senda do crecemento que o turismo en Galicia marcada en 2019 antes da irrupción da pandemia. Neste proceso de recuperación, esta nova estratexia turística tamén contempla como motor de recuperación a celebración deste Xacobeo 2021-2023 así como o horizonte de celebración dos vindeiros Anos Santos (2027 e 2032) que están chamados a exercer de panca de aceleración na recuperación dos viaxeiros internacionais, contribuíndo a asentar un modelo turístico rendible e de calidade no que se antepoñan os obxectivos cualitativos aos cuantitativos.

O investimento previsto para 2022 no marco deste Plan Director é de 123,5 millóns de euros do total de 478 millóns de euros que se investirán ata 2023 para levar adiante a profunda transformación e modernización do sector turístico galego. Do investimento consignado para o 2022 as principais medidas céntranse no apoio ao tecido empresarial, na posta en valor do territorio e dos recursos turísticos e para accións de promoción, comercialización e mercadotecnia turística así como o desenvolvemento de novos produtos adaptados ao novo viaxeiro, con especial atención á creación de produto turístico sostible, entendendo por aquel que incorpore criterios de sostibilidade ambiental, enerxética ou a incorporación de produtos de proximidade na articulación dos paquetes turísticos.

Medidas de apoio e impulso ao sector, que permitan a adaptación e modernización da oferta turística e a creación e a comercialización de novos produtos turísticos que respondan ás demandas do viaxeiro post COVID-19, impulsando a creación de novas ferramentas de comercialización adaptadas á nova realidade (comercialización online, big data..) e, sobre todo, impulsando a innovación como ferramenta fundamental para a recuperación económica do sector.

Do mesmo xeito tamén se incluirán medidas de apoio ao sector turístico, a través tanto de liñas de axuda directa para facilitar osíxeno ás diferentes empresas que compoñen a cadea de valor como a través de iniciativas para promover o consumo no sector. Neste eixo encádranse as liñas de mellora das infraestruturas turísticas dos establecementos de aloxamento e restauración, as de apoio á organización de eventos, mellora e subvención de infraestruturas turísticas en concellos, mantemento e promoción da Q de Calidad, así como a sinatura de convenios con sectores especialmente afectados e de cara a súa reconversión a este novo escenario.

Cómpre lembrar que Galicia foi pioneira e situouse á vangarda de España na posta en marcha de axudas directas aos sectores máis afectados pola pandemia e a Xunta acompañou ao sector desde o primeiro momento da crise sanitaria.

Neste marco, daráselle continuidade ás medidas de inxección directa no sector turístico galego que se traduciron durante 2021 en 31,2M€ en liñas de axuda directa dirixidas á dotación de medidas fronte á COVID-19, dixitalización do sector, mellora das infraestruturas turísticas, fomento da calidade ou á reactivación de subsectores especialmente afectados pola crise do coronavirus, como o sector MICE ou o das axencias de viaxes.

Estas liñas de achegas públicas únense a outras postas xa en marcha ao longo deste ano 2021 destinadas ao impulso da hostalería e a industria turística galega que suman un total de case 120 millóns de euros, entre os mencionados 31,2 millóns de euros das distintas convocatorias destinadas a apoiar a colectivos do sector turístico, concellos ou asociacións e os case 90 millóns de euros abonados aos hostaleiros galegos a través dos dous primeiros Plans de Rescate da Xunta.

A Xunta de Galicia publicou tamén un terceiro Plan de axudas, con fondos estatais, no que o Estado estableceu condicións pouco flexibles e de grande complexidade para os potenciais beneficiarios; xunto co sector vimos reclamando que se modifiquen eses requisitos para que verdadeiramente o crédito poida chegar a estas empresas.

En paralelo, desde a Dirección Xeral de Administración Local en colaboración coa Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, axudouse a 64 concellos de todos os signos políticos a simplificar trámites e axilizar os pagos dos 2,5 millóns de euros que destinaron a máis de 2.400 locais de hostalería, de xeito que estes establecementos recibiran as axudas canto antes.

E para facilitar que o sector poida ir gañando cada vez unha maior normalidade no desenvolvemento do seu traballo, no pasado mes de setembro a Xunta de Galicia acordou cos seus representantes dotar á hostalería dun marco estable de traballo, un protocolo pioneiro en toda España que implicará que, con carácter xeral, os locais poidan permanecer abertos con independencia da situación epidemiolóxica en que se atope o concello onde se encontren. Os aforos pasarán a depender do grao de compromiso de cada local coa implantación de medidas de seguridade anticovid.

Desenvolvemento dos Plans de Sustentabilidade ordinarios e extraordinarios do Ministerio de Industria, Comercio y Turismo, que permitirán a transformación de territorios de gran potencial turístico ou que precisan dunha profunda transformación.

O despregue dos Plans de Sustentabilidade en Destino aprobados pola Conferencia Sectorial de Turismo para Galicia tanto con carácter ordinario e extraordinario xogarán tamén un importante papel. Con carácter ordinario ao longo de 2022 rematarán as actuacións previstas nos Plan de Sustentabilidade aprobados en 2020 para Ribeira Sacra e Santiago de Compostela, que suporán un investimento de 4,8M de euros para a modernización destes dous destinos turísticos.

Pero ademais, en 2021 aprobáronse outros dous Plan de Sustentabilidade Turística en Destino para a provincia de Ourense (Ourense Termal) e para a Mariña Lucense, o que permitirá sumar un investimento de 5,4M€ nestes dous territorios durante a súa execución, dos que o Goberno galego aporta 2,3M€.

Pero ademais destes plans ordinarios contaremos con outros de convocatoria extraordinaria, no marco do Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia (PRTR) do Goberno de España. Así, a Xunta de Galicia liderará o desenvolvemento de tres Plans Territoriais de Soste-

nibilidade Turística en Destino de Galicia atendendo ás prioridade de actuación definidas pola administración autonómica:

- Plan Territorial 2021: Litoral.
- Plan Territorial 2022: Enogastronomía.
- Plan Territorial 2023: Vilas Termais e Cascos Históricos.

A Xunta comezou a traballar en 2021 no Plan Territorial do Litoral (2021-2023) no que se abordarán actuacións en cuestións de fachadas do litoral, rutas de mobilidade sostible, educación marítima, basuraleza, sinalización de praias, etc. Ao longo do 2022, este plan dotado con 29,2 millóns de euros, coexistirá co Plan Enogastronómico, dotado con 31,7 millóns de euros. En todos eles, a Xunta de Galicia asume o reto de identificar as prioridades de cada anualidade e a revisión do aliñamento dos proxectos tractores a presentar con respecto a esas prioridades, sen esquecer que os proxectos deben incluír os eixos prioritarios de actuación (transición verde e sostible, eficiencia enerxética, transición dixital e competitividade) e que contarán con liñas de axuda orientadas ao sector.

Pero, ademais, durante 2022 tamén se desenvolverá o Plan Nacional Turístico Xacobeo 21-22, ao que o Goberno Central destina un orzamento total de 121M€ para as dúas anualidades e para o conxunto do territorio. Desta suma dedicarán 45 millóns de euros a financiar o Plan Nacional de Sustentabilidade Turística en Destinos Xacobeo pero aínda non se comunicou a cantidade que lle corresponderá a Galicia. A proposta galega pasa por dedicar estes fondos a actuacións para facer de Galicia un destino cicloturista, revalorizar a ruta xacobea marítimo-fluvial polo Mar de Arousa coñecida como ruta Traslatio e poñer en valor o Camiño de Santiago como unha experiencia segura, innovadora e tamén en familia.

Todas estas actuacións estarán transversalmente percorridas polo impulso á cooperación e a gobernanza turística como ferramenta para manter o tecido asociativo e profesional que compón o sector, a través da cooperación público-privada que ven demostrando a súa efectividade no desenvolvemento turístico galego nos últimos anos, sen esquecer a cooperación con outras entidades e administracións para un correcto desenvolvemento das medidas de impulso que permitan a recuperación do sector a través de ferramentas como os xeodestinos ou ao tecido vencellado co Camiño de Santiago.

Finalmente, o feito de ser o espazo xeográfico onde conflúen todas as rutas do Camiño de Santiago e contar con tres Anos Santos nun período inminente de once anos (2021-22, 2027 e 2032) será outros dos piares que exercerá como efecto panca que acelere a recuperación da actividade e que reactive a chegada de turistas internacionais nos vindeiros anos e que determinará boa parte dos investimentos e das actuacións que se leven adiante durante este segundo Ano Santo.

II.4. DOS CONSORCIOS AUTONÓMICOS

A entrada en vigor da Lei 5/2007, de emerxencias de Galicia, supuxo o mandato do Parlamento de Galicia para que se acaden importantes obxectivos no ámbito da protección civil e a xestión de emerxencias, sendo un dos máis destacables a necesidade de acadar a maior homoxeneidade posible da prestación do servizo de extinción de incendios e salvamento en toda Galicia do xeito máis eficaz.

Neste senso, a Xunta de Galicia, xunto coas administracións locais de Galicia, participa na xestión e financiamento dos distintos consorcios contra incendios existentes na nosa comunidade, tal e como se deu conta no apartado desta memoria relativo á Dirección Xeral de Emerxencias e Interior.

II.5. DAS FUNDACIÓNS DO SECTOR PÚBLICO AUTONÓMICO

FUNDACIÓN GALICIA EUROPA

A Fundación Galicia Europa é unha entidade sen ánimo de lucro e ente instrumental do sector público autonómico, creada en 1988, que ten como obxectivo xeral promover o achegamento entre Galicia e Europa. O Decreto 178/2015 de acción exterior da Comunidade Autónoma de Galicia outorga á Fundación Galicia Europa "o mandato da Xunta de Galicia para exercer a representación autonómica galega ante as institucións e órganos da Unión Europea seguindo as directrices do Goberno autonómico e respectando os principios de unidade de acción exterior do Estado."

Respecto das funcións que lle son propias, ao longo do seus máis de 30 anos de historia, o traballo da FGE tense materializado en catro grandes ámbitos de acción que responden aos seguintes obxectivos: 1. Defender os intereses de Galicia perante a Unión Europea; 2. Informar sobre a Unión Europea en Galicia; 3. Formar e sensibilizar sobre a Unión Europea en Galicia, 4. Promover a participación das entidades galegas en proxectos europeos.

1. Defensa dos intereses galegos ante a Unión Europea:
   - Seguimento da resposta europea á crise sanitaria e económica motivada pola pandemia e execución do instrumento temporal de recuperación Next Generation EU e, en particular, do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia como peza central do mesmo.
   - Seguimento da posta en marcha dos regulamentos que constitúen o marco de financiamento europeo 2021-2027, en particular, a execución das políticas de cohesión, pesca, agricultura, industria e I+D+i, que deberán contribuír as transicións verde e dixital.
   - Seguimento do Pacto Verde Europeo e negociación das propostas lexislativas recollidas no paquete EUfor55 co obxectivo de reducir as emisións de gases de efecto invernadoiro nun 55% en 2030.

- Promoción do Ano Xacobeo 2021-2022 a nivel europeo e ante as institucións comunitarias.
- Reivindicación a nivel europeo da importancia dos retos demográficos, mediante a participación na rede de rexións afectadas polo cambio demográfico (DCRN) e o Foro de Rexións Españolas con Desafíos Demográficos.
- Seguimento das novidades en materia de transporte e apoio as reivindicacións galegas no marco da revisión da Rede Transeuropea de Transportes.
- Apoio á participación da Xunta de Galicia no Comité Europeo das Rexións para defender os intereses galegos no proceso de toma de decisións comunitario dende este órgano consultivo.
- Apoio á participación da Xunta de Galicia no Consello da UE en materia de Xogo durante o primeiro semestre para asegurar unha efectiva coordinación das comunidades autónomas.
- En xeral, posta a disposición da Xunta de Galicia de asesoramento técnico e o apoio para asegurar unha activa participación da comunidade autónoma nos foros europeos de carácter institucional ou asociativo dos que é membro ou nos que está invitada a pronunciarse.

2. Información sobre a Unión Europea en Galicia:
   - Envío de información europea a Galicia a través de notas informativas, contactos directos cos departamentos da Xunta de Galicia, o portal web e as redes sociais (Linkedin, Facebook e Twitter). No marco do novo portal web da FGE, reforzo da actividade de análise das políticas europeas dende un punto de vista galego.
   - Envío dun boletín electrónico mensual sobre actualidade comunitaria dende un punto de vista galego no que tamén se informa sobre a participación galega nos asuntos europeos e se seleccionan as convocatorias máis relevantes de programas de financiamento, as consultas públicas e os eventos de interese en Galicia.
   - Baixo a etiqueta #Euroxuventude, información á mocidade galega sobre as distintas iniciativas e programas europeos deseñados para eles, así como sobre as saídas profesionais en organismos internacionais e nas institucións comunitarias co apoio da guía online sobre este tema que vén actualizando a FGE dende hai varios anos.
3. Formación e sensibilización en temas europeos:
   - Convocatoria de bolsas dirixidas a titulados superiores, para a realización de prácticas en asuntos europeos nas dúas oficinas da FGE (Santiago de Compostela e Bruxelas) así como acollemento en prácticas de estudantes de graos e mestrados universitarios da Universidade de Santiago de Compostela.
   - Promoción da participación galega na Conferencia sobre o Futuro de Europa que comezou en maio de 2021 e se estenderá ata a metade de 2022, especialmente dos mozos e prestando atención á cooperación transfronteriza.
   - No marco de #Euroxuventude, organización de actos divulgativos sobre as oportunidades que ofrece a UE, en colaboración coa Dirección Xeral de Xuventude

4. Promoción da participación de entidades galegas en proxectos europeos:
   - Continuación do programa de especialización en financiamento comunitario, denominado TecEuropa, iniciado en 2015, e dinamización da rede de especialistas co mesmo nome formada por profesionais ao servizo de entidades galegas susceptibles de optar a fondos da Unión Europea.
   - Asesoramento aos actores galegos interesados en participar en proxectos europeos
   - Difusión da Guía de financiamento comunitario 2021-2027 e actualización cos programas operativos dos fondos de xestión compartida que se vaian aprobando.
   - Estreita colaboración en Bruxelas coa Axencia Galega de Innovación (GAIN), e co Instituto Galego de Promoción Económica.

FUNDACIÓN SEMANA VERDE

A Fundación Semana Verde de Galicia manterá a liña de racionalización na xestión, iniciada en anos pasados, que permitiu saldar a débeda histórica cos provedores, tras varios anos consecutivos con resultados financeiros positivos, que permitiu que a media de pago a provedores se manteña a día de hoxe dentro dos parámetros legais.

No tocante á actividade, en clara liña ascendente nos últimos anos, a Fundación Semana Verde de Galicia terá como liñas mestras da súa actividade no ano 2022:

- A dinamización das feiras consolidadas, incluíndo a feira ABANCA SEMANA VERDE, TUREXPO GALICIA e GALIFOREST ABANCA.
- A consolidación das novas feiras e eventos, como a Feira da Enerxía de Galicia Enerxétika, a Feira de Caza, Pesca e Natureza, a Feira de Transporte de Viaxeiros por Carretera – Expobus.
- A creación de novos eventos feirais e non feirais, incidindo no carácter multisectorial do recinto, con eventos deportivos, musicais ou vinculados á produción audiovisual.
- A organización de eventos da propia Xunta de Galicia ou dos seus organismos, como fixo en anos precedentes con varios eventos da Axencia Galega de Innovación, a Axencia Galega de Industrias Forestais, Sergas e Facenda, a través de encomenda, xa que a Fundación ten carácter de medio propio da Xunta de Galicia e está claramente especializada na organización de eventos, tanto propios como alleos, e tanto no recinto como fóra del.
- Ademais, a Fundación afondará na implantación das estratexias de crecemento: internacionalización, actualización informática, mantemento de infraestruturas, aplicación do principio de autoprovisión no ámbito do sector público e a canalización das políticas públicas, así como a procura de novos membros do padroado ou patronos-patrocinadores, tanto públicos como privados e seguirá co aproveitamento e explotación dos

edificios e infraestruturas agora non utilizados, mediante o pagamento do correspondente canon polas entidades e empresas usuarias.

III. ORZAMENTO DE GASTOS POR PROGRAMA

III.1. PROGRAMAS DE GASTO

III.1.1. PROGRAMA 111E - RELACIÓNS EXTERIORES:

A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

Galicia goza dunha proxección internacional cualificada, sen prexuízo do seu sólido entroncamento en España.

Esa proxección fundaméntase nos xenuínos trazos da súa identidade, cun idioma e unha cultura propios e singulares, entre outras características que lle outorgan trazos específicos, e que nos acreditan como pobo europeo-atlántico e especialmente afín a Portugal, cunha diáspora asentada e integrada en múltiples nacións do planeta.

Desde a nosa adhesión á Unión Europea, Galicia persegue como obxectivo estrutural de primeira orde a súa plena equiparación socioeconómica coa Europa máis desenvolvida. Unha comunidade aberta e homologable cos estándares propios das comunidades máis avanzadas da Unión. O consenso xeralizado do país aposta por unha converxencia real co núcleo da UE, avanzando no ámbito da cohesión económica, social e territorial, pero tamén no da coherencia política coa integración dentro dun modelo de economía social de mercado.

Esta prioridade europea é a base que define os obxectivos e finalidades da Acción Exterior da nosa Comunidade Autónoma, que, non obstante, non se restrinxe á área europea.

Para acadar os obxectivos de proxección exterior, desde a Dirección xeral de Relacións Exteriores e coa UE desenvolveranse as seguintes actividades:

Defender e impulsar os intereses de Galicia no ámbito da Unión Europea, e aplicar esta actuación a outras áreas xeográficas nas que Galicia poida estar interesada.

Neste marco sitúase o seguimento da xestión dos "Acordos de Noiteboa" (Acordos do 24.12.2020) en relación coa saída do Reino Unido da UE. Respecto da nosa Comunidade Autónoma cobra especial relevancia a regulación establecida no Título VI da Lei 10/2021, do 9 de marzo, reguladora da acción exterior e da cooperación para do desenvolvemento de Galicia.

Prestar especial atención ás medidas postas en marcha pola UE para facer fronte a crise derivada da COVID-19, aos debates a Conferencia sobre o Futuro de Europa e á aplicación de diversas políticas comunitarias, en particular, pesca, agricultura, industria, I+D, mobilidade e demografía, que deberán contribuír a unha transición xusta, verde, dixital e resiliente das nosas economías e tecidos produtivos.

Fomentar a participación de Galicia nos programas europeos, no contexto do Marco Financeiro Plurianual 2021-2027 e o novo instrumento de recuperación europea Next Generation Europe, coa finalidade de contribuír a que o financiamento chegue á economía real e a facilitar o acceso ao investimento para as entidades e o tecido industrial galego.

Participar nos debates previos á negociación do seguinte orzamento comunitario posterior a 2027. O reparto entre as políticas tradicionais (PAC e Cohesión) e outras políticas como a I+D ou a Seguridade e Defensa volverán sen dúbida aos debates que acompañan a elaboración da proposta por parte da Comisión, cuxa publicación podería preverse para 2024. Estes debates nutriranse dos resultados da actual Conferencia sobre o Futuro de Europa e do traballo da prospectiva que está a efectuar a Comisión Europea, centrado, de momento, na autonomía estratéxica aberta da UE e na avaliación do grado de resiliencia das economías europeas.

Representar á Comunidade Autónoma nos órganos de cooperación e nas institucións europeas e de acción exterior, garantindo a presenza activa de Galicia en institucións e organismos comunitarios así como noutras esferas de actuación.

Responder as incidencias que, por actuacións da Unión Europea, poidan afectar aos intereses e competencias da Comunidade Autónoma.

Promover a cooperación institucional e cooperación técnica en relación coas actuacións da Administración Autonómica, naquelas materias relacionadas coas políticas rexionais e sectoriais de interese para a Comunidade Autónoma.

Executar as relacións exteriores de Galicia como política de acción exterior propia, potenciación da coordinación e das interrelacións cos organismos comunitarios e consolidación e/ou ampliación dos organismos de cooperación interrexional.

Impulsar a cooperación con rexións da Unión Europea e con rexións doutras áreas xeográficas a través de estruturas de participación bilateral e multilateral. Neste ámbito é necesario destacar a especial cooperación coa Rexión Norte de Portugal, especialmente no marco da Comunidade de Traballo Galicia-Norte de Portugal, e as actuacións dentro da Macrorrexión "RESOE" que, xunto con Galicia, inclúe a Castela e León, Asturias e Cantabria, e as Rexións Norte e Centro de Portugal.

Definir prioridades, conciliar actuacións e canalizar a información que sexa de interese para os departamentos da Xunta de Galicia e para a sociedade galega en xeral, tanto no ámbito da Unión Europea como no ámbito da acción exterior.

Desempeñar as tarefas inherentes á súa condición de Unidade de Coordinación para a xestión e controis de primeiro nivel dos gastos cofinanciados cos fondos comunitarios FEDER destinados á cooperación transfronteiriza, de conformidade co establecido nos regulamentos comunitarios, nas disposicións de aplicación do programa operativo e no acordo coa autoridade de xestión. No vindeiro ano, continuarase a realizar a xestión e control do programa, e a verifi-

cación e validación dos gastos dos socios beneficiarios baixo a súa dependencia. A Unidade de Coordinación participará como membro do Comité de Seguimento e do Comité de Xestión, e co-preside o Comité Territorial.

Apoiar a divulgación da Eurorrexión Galicia- Norte de Portugal como territorio cada vez mais cohesionado que está a aproveitar as sinerxías entre ambas as dúas rexións.

Apoiar e seguir potenciando á Agrupación Europea de Cooperación Territorial Galicia - Norte de Portugal, como un instrumento esencial para fomentar as relacións de cooperación con todas as entidades, tanto públicas como privadas, no marco da nosa Eurorrexión. . Cabe destacar que a AECT da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal está a colaborar, xunto co Turismo do Oporto e Norte de Portugal, a Axencia de Turismo de Galicia e a Direção Regional de Cultura do Norte, nun proxecto para a promoción e consolidación do Camiño Xacobeo portugués como recurso patrimonial cultural e natural transfronteirizo capaz de xerar actividades turísticas e económicas que contribúan ao desenvolvemento sostible da nosa Eurorrexión. Este proxecto está cofinanciado con fondos europeos por medio do Programa Operativo de Cooperación Transfronteiriza España - Portugal (POCTEP).

Por outra banda, a AECT tamén está a promover, dinamizar e difundir, o Xacobeo 21-22 na Eurorrexión Galicia – Norte de Portugal, a través dun convenio de colaboración que asinou coa Axencia de Turismo de Galicia de tres anos de duración. Tense previsto que esta colaboración se desenvolva do seguinte xeito:

Intensificando a colaboración e a aproximación coas distintas asociacións públicas e privadas, en especial as asociacións portuguesas do Camiño de Santiago, así como cos concellos e entidades rexionais de Galicia e de Portugal.

Dinamizando accións conxuntas turístico-culturais e, tamén, noutros ámbitos, entre Galicia e Portugal, así como cos países da lusofonía.

Mediante a promoción, dinamización e difusión mediática da Eurorrexión Galicia – Norte de Portugal, como consultora e xestora de ideas, accións, noticias, eventos e actos.

Reforzando as relacións entre as institucións galegas, especialmente a Xunta de Galicia, e as institucións políticas, económicas e culturais portuguesas.

Desenvolver unha política de acción exterior propia, tendo en conta os intereses de Galicia e os escenarios políticos internacionais, afirmando a presenza e a imaxe de Galicia, difundindo a súa realidade e especificidade, e impulsando a participación con voz propia nos procedementos e mecanismos da política europea e da política internacional.

Defender os intereses e atender a colectividade galega no exterior cos mesmos dereitos e garantías que se estivese en territorio galego, promocionar a imaxe da Comunidade Autónoma

a través das delegacións da Xunta de Galicia no exterior e avanzar na racionalización e modernización dos procedementos.

Colaborar no proceso de internacionalización da economía e das empresas, como un dos obxectivos prioritarios da Xunta de Galicia.

Asegurar un correcto funcionamento administrativo da Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea e da Fundación Galicia Europa.

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

Pola propia natureza dos obxectivos deste programa, o colectivo ao que se dirixe non ten límites xeográficos, xa que trata de afirmar a presenza de Galicia no contexto internacional.

Non obstante hai subgrupos específicos que se citan deseguido:

1. Delegacións da Xunta de Galicia no exterior.
2. Fundación Galicia Europa.
3. Comunidade de Traballo Galicia-Norte de Portugal.
4. Agrupación Europea de Cooperación Territorial Galicia-Norte de Portugal.

DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

Os principais obxectivos da acción exterior de Galicia son o apoio á cidadanía galega no exterior e a consolidación da imaxe de Galicia fóra das nosas fronteiras, en especial nos principais mercados, co fin de apoiar a internacionalización da economía e das empresas galegas.

Desde a década dos 90, o foco fundamental da actuación de Galicia mais alá do noso territorio veu dado pola cooperación coa Rexión Norte de Portugal, coa que temos constituída unha Comunidade de Traballo desde hai máis de 25 anos; a mais antiga da fronteira. Ademais, desde 2010, está a traballar a Agrupación Europea de Cooperación Territorial Galicia - Norte de Portugal, que é o instrumento esencial para fomentar as relacións de cooperación con todas as entidades, públicas e privadas , no ámbito da Eurorrexión.

Nas pasadas lexislaturas, a Xunta de Galicia iniciou distintas iniciativas cara ao reforzo da acción exterior de Galicia e a súa presenza alén das nosas fronteiras. Dentro delas cabe salientar o Consello de Acción Exterior, creado para consensuar cos principais actores as liñas básicas da actuación exterior de Galicia; a Macrorrexión "RESOE" como elemento aglutinador das actuacións das rexións do sudoeste europeo. E, por outra banda, no eido eurorrexional, a xa dita Agrupación Europea de Cooperación Territorial Galicia - Norte de Portugal (GNP, AECT)

como entidade que executa as políticas que deseña a Comunidade de Traballo Galicia - Norte de Portugal.

Neste mesmo eido é destacable a entrada de España como Observador Asociado da Comunidade de Países de Lingua Portuguesa (CPLP), integración impulsada por Galicia.

No ámbito da cooperación transfronteiriza, cómpre salientar que a Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea ten asumido a competencia como Unidade de Coordinación do Programa de Cooperación Transfronteiriza Interreg V-A España Portugal 2014-2020, e actúa como organismo intermedio nas tarefas de verificación-validación dos gastos dos beneficiarios vencellados á Xunta de Galicia.

Continuando na contorna europea, lembrar o pulo que Galicia, Norte de Portugal e Castela e León deron á posta en marcha dunha macrorrexión RESOE na que se integraron en 2014 o Principado de Asturias e a Rexión Centro de Portugal e, en 2017, Cantabria.

Na procura de consolidar e incrementar a presenza de Galicia nas organizacións rexionais europeas, este programa orzamentario contribúe á cunha participación moi activa na Comisión do Arco Atlántico, na Conferencia de Rexións Periféricas e Marítimas de Europa (CRPM) e na Asemblea das Rexións Fronteirizas de Europa (ARFE).

No ámbito da Unión Europea un dos principais obxectivos foi a defensa dos intereses galegos en todos os órganos e institucións comunitarios con participación autonómica, en especial no Comité Europeo das Rexións, no que Galicia participou no debate de diferentes ditames de grande interese para a Comunidade autónoma (fondos estruturais e política de cohesión; enerxía; pacto verde e cambio climático; transformación dixital; investigación e innovación; turismo; plans de recuperación económica; etc.). Interveu activamente no debate sobre o Marco Financeiro Plurianual 2021-2027 en defensa dunha política de cohesión forte que atenda as problemáticas de todas as rexións europeas e, en especial, das que podan descender de categoría para que non vexan diminuída a súa actual asignación de fondos, levando a cabo diversas actuacións ante as institucións europeas e recibindo o apoio do Comité.

Levouse a cabo o seguimento das políticas comunitarias de maior incidencia para Galicia, como son a política de cohesión, a política medioambiental, as políticas agraria común (PAC) e da pesca (FEMP) e industrial, así como as negociacións do Acordo de Retirada do Reino Unido da Unión Europea.

Galicia deu continuidade aos mecanismos de coordinación existentes entre a Administración Xeral do Estado (AXE) e as Comunidades Autónomas (CCAA) nos asuntos europeos mediante o seguimento e a participación activa nos distintos órganos de cooperación sectoriais no seno da Conferencia para Asuntos Relacionados coa Unión Europea (CARUE), coordinada polo Ministerio de Política Territorial e Función Pública, así como nos Comités da Comisión Europea e nos Consellos da Unión Europea.

Durante os pasados anos Galicia exerceu a representación das comunidades autónomas en varias formacións do Consello de Ministros da Unión Europea (agricultura e pesca e medioambiente).

DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

O programa está encadrado no marco legal seguinte:

- Lei 10/2021, do 9 de marzo, reguladora da acción exterior e da cooperación para o desenvolvemento de Galicia.
- Decreto 110/2020, do 6 de setembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia.
- Decreto 130/2020, do 17 de setembro, pola que se fixa a estrutura orgánica das vicepresidencias e das consellerías da Xunta de Galicia.
- Decreto 214/2020, do 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo.
- Decreto 368/2009 do 30 de xullo, polo que se crea e se regula o Consello de Acción Exterior.
- Decreto 178/2015, do 26 de novembro, polo que se regula a acción exterior da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Acordo constitutivo da Comunidade de Traballo Galicia-Norte de Portugal, realizado en Santiago de Compostela o 24 de febreiro de 2006.
- Convenio de cooperación territorial europea entre a Xunta de Galicia e a Comisión de Coordinación e Desenvolvemento Rexional do Norte de Portugal, polo que se crea a Agrupación Europea de Cooperación Territorial Galicia-Norte de Portugal (GNP, AECT), realizado en Santiago de Compostela, o 22 de setembro de 2008.
- Programa Interreg V-A España – Portugal (POCTEP) 2014-2020, aprobado pola Comisión Europea o 12 de febreiro do 2015, e financiado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER).

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

O desenvolvemento do proceso de integración europea trala saída do Reino Unido, a situación económica derivada das guerras arancelarias entre potencias e a realidade que debuxa a crise da COVID-19 obrigarán ao Goberno galego da próxima década a desenvolver unha acción exterior orientada a estes cambios.

A Lei 10/2021 de Acción Exterior e Cooperación de Galicia, permitirá a Galicia, a través da cooperación leal co Estado, participar activamente na negociación de tratados internacionais;

defender os intereses galegos nos tribunais europeos; desenvolver a promoción comercial e cultural galegas; fomentar a atracción de universitarios e novos residentes; e construír novas redes cos galegos do exterior e coas empresas galegas que operen no estranxeiro.

As actuacións deste programa teñen por finalidade reforzar a presenza exterior de Galicia e dar visibilidade a súa participación naqueles foros nos que se poida mellorar a posición galega. Así mesmo, estas accións diríxense a prestar apoio e asesoramento aos distintos departamentos da Xunta de Galicia sobre as políticas comunitarias de especial incidencia e interese para a Comunidade Autónoma, como a prolongación do Corredor Atlántico, a Política de Cohesión máis alá do 2020, o Marco Financeiro Plurianual 2021-2027 ou as medidas postas en marcha pola UE para facer fronte a crise derivada da Covid-19.

Co obxecto de acadar mellores posicións no ámbito internacional e coa idea de maximizar a rendibilidade do esforzo para este fin, estanse a manter sinerxías con outras rexións con obxectivos concorrentes cos galegos. De maneira singular, colaborouse con todas as administracións implicadas, tanto nacionais como rexionais, españolas e portuguesas, na definición do futuro marco de actuación en materia de cooperación transfronteiriza, e todo elo co fin de continuar coa consolidación da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal mediante o desenvolvemento do Programa europeo Interreg no período de programación 2021-2027.

B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres	
Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa con actividades non dirixidas especificamente ás persoas, aínda que teñen impacto sobre elas como beneficiarias indirectas das accións (programas que actúan sobre o territorio, o medioambiente, a sociedade no seu conxunto, etc)	X
Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión	X

IDENTIFICACIÓN DUN OU VARIOS OBXECTIVOS EN MATERIA DE IGUALDADE PRESENTES NA NORMATIVA E PLANS VIXENTES E QUE SON DE APLICACIÓN NO DESENVOLVEMENTO DAS ACCIÓN CONTEMPLADAS NESTE PROGRAMA

Incorporación da transversalidade de xénero na actuación xeral do departamento	
Información, sensibilización e educación para a igualdade de mulleres e homes	
Transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade	X
Igualdade no acceso ao emprego, na formación e na promoción profesionais e nas condicións de traballo	X
Fomento, directa ou indirectamente, da iniciativa empresarial das mulleres	
Promoción da plena incorporación das mulleres á Sociedade da Información	
Incorporación do principio de igualdade nas políticas urbanas, de ordenación territorial e vivenda	
Promoción do reparto equitativo dos tempos entre mulleres e homes que facilite a conciliación e a corresponsabilidade	X
Promoción da igualdade e da participación activa das mulleres en todos os ámbitos da sociedade (cultura, educación, política, economía, deporte, saúde, etc.)	
Participación das mulleres no desenvolvemento rural	
Accións dirixidas á integración de mulleres en risco ou en situación de pobreza ou exclusión social	
Accións dirixidas á prevención e á loita contra a violencia de xénero	
Outros (especificar)	

C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea

Delegación da Xunta de Galicia en Bos Aires (Arxentina)

Delegación da Xunta de Galicia en Montevideo (Uruguai)

Fundación Galicia Europa

III.1.2. PROGRAMA 121A - DIRECCIÓN E SERVIZOS XERAIS DE ADMINISTRACIÓN XERAL:

A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

Este programa de gasto, asignado á Secretaría Xeral Técnica, atende as tarefas de dirección, coordinación e soporte básico dos servizos comúns e daqueles departamentos que, por non ter orzamento singularizado para o desenvolvemento da totalidade das súas funcións, precisan do apoio técnico, administrativo e orzamentario da Secretaría Xeral Técnica.

Dentro do ámbito das competencias da consellería, céntranse no apoio e na coordinación das actividades do resto dos órganos que a integran nos seguintes eidos:

a) Na elaboración de estudos e propostas de actuación sobre aspectos relativos á estruturación, planificación, organización, métodos de traballo e de mellora da xestión.
b) No seguimento dos expedientes de contratación, dos convenios e protocolos de colaboración, así como dos expedientes de subvencións.
c) Nas obras e proxectos.
d) E no seguimento e control dos expedientes de subvencións.

Estes últimos anos viñéronse adoptando un conxunto de medidas que, agrupadas, posibilitan acadar unha administración máis eficiente no uso dos recursos públicos e máis aberta, entendible e simplificada dende o punto de vista da relación coa cidadanía e tamén das empresas. O contexto de crise sanitaria exixe afondar na eficiencia no uso dos recursos públicos e continuar na realización de investimentos en infraestruturas que presten servizos básicos á cidadanía cara a unha economía dixital e verde.

En colaboración coa Dirección Xeral de Xustiza e coas delegacións territoriais, seguiremos modernizando as infraestruturas administrativas e xudiciais, tanto centrais, como periféricas, en atención a criterios de eficiencia enerxética e sostibilidade ambiental, coa finalidade de mellorar as condicións de traballo dos empregados públicos.

Dende o ano 2009, a Xunta de Galicia apostou pola mellora das infraestruturas xudiciais xa existentes e pola creación de novos edificios que permitisen uns medios máis adecuados para a Xustiza e con visión de futuro para a creación de novas unidades xudiciais. A día de hoxe, a Xunta leva destinado desde 2009 máis de 122 millóns de euros á mellora das infraestruturas xudiciais.

No ámbito das infraestruturas administrativas, desde o 2015 vén asignando tamén importantes recursos económicos ao mantemento e mellora continua dos edificios administrativos xestionados por esta Administración. Neste ámbito de actuación, nos últimos anos, puxéronse

en marcha distintos proxectos de mellora das infraestruturas administrativas que acadan uns investimentos de máis de 20,3 millóns de euros.

Estas actuacións de mellora inclúen desde a construción de edificios administrativos e xudiciais de nova planta ata a completa rehabilitación doutros; así como a realización de obras menores e traballos de mellora da eficiencia enerxética.

Concretamente no ámbito da administración de Xustiza, construíronse novos edificios xudiciais. Xa rematados e en pleno funcionamento están os de Santiago de Compostela, Ourense, Pontevedra e Tui. Tamén se rehabilitaron edificios como a Fábrica de Tabacos na Coruña e o de Ferrol, Carballiño, Viveiro, e dotouse dunha nova sede ao Servizo de Notificacións e Embargos de Vigo.

Salientar que en 2021, coa finalización da Cidade da Xustiza en Vigo, realizase o investimento máis ambicioso da Xunta desde que se transferiron as competencias de Xustiza, con máis de 42 millóns de euros. En 2022, realizaranse os investimentos precisos para dotar a esta nova infraestrutura xudicial de todo o resto de equipamento mobiliario e tecnolóxico preciso para a súa entrada en funcionamento.

Así mesmo, no ámbito das infraestruturas administrativas realizáronse obras de rehabilitación de edificios como o de Benito Corbal en Pontevedra e obras de mellora nas oficinas de rexistro e atención á cidadanía dos edificios administrativos da Xunta en Lugo, Coruña, Pontevedra, Ourense, Ferrol e Santiago de Compostela e, no Pazo de Raxoi, coa substitución das fiestras. Tamén se acometeron actuacións para mellora da eficiencia enerxética realizadas nos edificios administrativos de Santiago de Compostela, A Estrada, Ourense, Pontevedra e Vigo, ademais da que está actualmente en execución no edificio administrativo de Lugo.

A previsión para 2022 é continuar coa construción de dous novos edificios xudiciais. Na Estrada, construirase un novo edificio cun investimento total de 2,4 millóns de euros, dos que 1,4 millóns se dotan na anualidade de 2022, que albergará os dous órganos xudiciais existentes na actualidade e contará tamén con espazo suficiente e adecuado para posibles ampliacións de xulgados.

Iniciadas as actuacións no 2021 co concurso de ideas, prevese un investimento total de máis de 4,7 millóns de euros, dos que 2,7 millóns se dotan en 2022, para a construción dun novo edificio para a sede do IMELGA en Santiago de Compostela que contará con instalacións modernas e adecuadas para o desempeño das funcións dos médicos forenses. Este novo edificio será un referente en Galicia para a investigación médico-científica legal.

Coas obras de mellora da eficiencia enerxética realizadas ata o momento conseguiuse diminuír o consumo enerxético asociado á utilización dos edificios obtendose ademais importantes reducións de emisións de gases contaminantes á atmosfera, en liña co establecido na Estratexia Galega de Cambio Climático e Enerxía 2050.

Estes investimentos en infraestruturas xudiciais e administrativas están xa a producir grandes beneficios anuais, cunha redución das emisións de CO2 de máis de 2.600 toneladas de CO2, uns aforros nos consumos de máis de 12 millóns de quilovatios e uns aforros que se aproximan a 1 millón de euros anuais.

Seguindo esta liña, continuarase coas tarefas xa iniciadas en anos anteriores en materia de eficiencia enerxética, avanzando en novas actuacións nas envolventes de xulgados e instalando iluminación e equipos de ventilación e climatización ecoloxicamente sostibles, para o que nos orzamentos para 2022 haberá unha dotación de 1,2 millóns de euros. Destacan, tamén, aqueles proxectos de eficiencia enerxética previstos para 2022 nos edificios administrativos da Xunta de Galicia en Coruña e Ferrol, que suporán un investimento total de máis de 3,6 millóns de euros, dos cales 2,6 millóns consígnanse na anualidade 2022.

Continuaremos actuando sobre o patrimonio e establecendo liñas de colaboración cos actores sociais e outras administracións e entidades públicas, coa finalidade de reverter o seu uso á cidadanía.

Así se fixo coa rehabilitación do edificio situado na rúa Benito Corbal en Pontevedra coa finalidade da posta en valor e uso por parte da cidadanía desta sede administrativa, cuxa anterior gran reforma se levara a cabo no ano 1982. Esta actuación finalizou neste ano 2021 cunha inversión de máis de 5,2 millóns de euros.

Nas plantas baixa, primeira e segunda situáronse as oficinas de emprego co que se concentrou este servizo nun único espazo o que mellorou a súa prestación.

As plantas terceira e cuarta puxéronse a disposición de entidades e asociacións de interese social, cultural e sanitario para situar os seus locais e oficinas funcionando xa, na actualidade, como sede para 28 asociacións ás que se lle autorizou o uso durante un período de catro anos.

Pola súa banda, as plantas quinta á sétima serán utilizadas por parte da Universidade de Vigo por un período inicial de vinte anos.

Finalmente, na planta oitava autorizouse, tamén por un período inicial de vinte anos, o seu uso pola Fundación Manuel Moldes coa finalidade de conservar e divulgar a obra do pintor pontevedrés. Destinarase a unha sala de exposicións permanente, outra sala adicada a exposicións temporais e outra a almacén para albergar as obras do pintor.

Seguirase nesta senda de rehabilitación e recuperación do patrimonio coa actuación prevista no edificio situado na rúa Lalín en Vigo para poder albergar locais adicados a asociacións.

Trátase dunha iniciativa xa probada con éxito no concello de Pontevedra, onde 28 asociacións dispoñen xa dun espazo propio. Os locais da Rúa Lalín paliarían o déficit existente no concello de Vigo para que os colectivos municipais desenvolvan a súa actividade en boas condicións.

A aposta da Xunta de Galicia por unha economía verde e sostible, encamiñada a reducir as emisións de gases contaminantes á atmosfera, reflíctese tamén no Plan de renovación do Parque Móbil Central da Xunta de Galicia.

Nesta liña, en 2021 iniciáronse os trámites para a renovación da metade do parte do Parque Móbil que conta na súa gran maioría con vehículos con motorización diésel que teñen máis de 10 anos de antigüidade e/ou máis de 500.000 quilómetros. A próxima incorporación destes 191 novos vehículos ao Parque Móbil en 2022, permitirá reducir un 32,2% a emisión de gases contaminantes.

O obxectivo da Xunta de Galicia é continuar coa substitución paulatina da flota actual por outros vehículos máis eficientes, dunha forma gradual e progresiva, nos vindeiros catro anos, o que asegurará unha mobilidade sostible, segura e conectada, optando preferentemente pola adquisición de vehículos de etiqueta eco ou cero.

Todos estes investimentos tradúcense en beneficios reais para a cidadanía e para os empregados públicos, ao dispoñer de mellores infraestruturas, máis eficientes e menos espalladas e de medios que garanten unha mobilidade sostible e segura.

No que se refire ao funcionamento dos servizos públicos, cómpre destacar que desde o inicio da pandemia e ata a actualidade viñeron adoptándose medidas hixiénico-sanitarias para garantir, por unha banda, a seguridade da cidadanía en xeral e, por outra banda, a protección dos empregados públicos fronte á COVID-19.

Entre as medidas establecidas foron especialmente relevantes as relacionadas co distanciamento, a adaptación dos espazos e o incremento das tarefas de desinfección e limpeza nos centros de traballo, tanto en edificios administrativos como xudiciais, para o que se levaron a cabo diversos reforzos dos contratos existentes.

No exercicio 2022 continuaremos mellorando e reforzando a prestación dos servizos transversais. Así, consolidaranse, nas contratacións dos ditos servizos, as medidas implementadas por mor da crise sanitaria co obxectivo de manter as condicións de traballo adecuadas para os empregados públicos en atención ás circunstancias derivadas da COVID-19.

Ao tempo, seguiremos recollendo nos pregos que rexen as contratacións públicas cláusulas de carácter social, relativas ao emprego das persoas traballadoras asignadas á realización dos servizos.

A título de exemplo, continuarán fixándose condicións especiais de execución que exixan o cumprimento das disposicións vixentes en materia laboral, de seguridade e saúde no traballo e de integración laboral, en particular:

A obriga de adoptar as medidas de seguridade e hixiene que sexan preceptivas ou necesarias para prever de xeito rigoroso os riscos que poidan afectar á vida, integridade e saúde dos traballadores.

A garantía do cumprimento estrito das condicións laborais establecidas nos convenios colectivos que lles resulten de aplicación.

En canto ao funcionamento dos rexistros, a formación e a informatización da actividade administrativa tivo unha especial incidencia nas funcións desenvolvidas polas Oficinas de atención á cidadanía. A axilidade na xestión e a rapidez no envío da documentación ao o órgano competente ou a resposta ás demandas da cidadanía, está a conseguir unha tramitación máis eficaz e eficiente para todas as unidades da Xunta de Galicia.

Os cambios na xestión destas unidades administrativas tiveron unha incidencia enormemente positiva tanto na forma como no contido das funcións a desenvolver. Estas unidades pasaron da mera recepción de escritos en papel a establecer outro tipo de actividades que supoñen máis responsabilidade para os traballadores e un esforzo continuo de actualización.

A súa modernización acometeuse e estáse acometendo, mediante a dotación dos elementos electrónicos necesarios e mediante a adaptación dos espazos que ocupan. Desta forma, suprímense as barreiras entre a cidadanía e os funcionarios, respectando sempre as medias para evitar o contaxio do Covid19. Coma consecuencia do anterior implantouse a cita previa, que permite unha atención presencial máis ordenada e evita as aglomeracións e as tensións que ás veces se daban entre o público que acudía a estas oficinas, sen prexuízo de que se poida acceder presencialmente sen necesidade de cita previa.

Desenvolvendo as funcións que a normativa lle foi asignando, en especial a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, dende as oficinas do Rexistro facilitase á cidadanía información xeral sobre os procedementos da administración; a ubicación dos órganos e unidades da Xunta de Galicia; dixitalizase a documentación que se presenta; dáse asistencia no uso de medios electrónicos; facilitase a cita previa; expídense copias auténticas mediante documento electrónico, con validez para todas as Administración do territorio español; practícanse notificacións por comparecencia espontánea da persoa interesada; e os cidadáns e cidadás, a través do sistema de chave 365, poden relacionarse coa administración sen acudir a ela.

Recentemente foi incorporada a estas Oficinas unha nova función, a xestión do Rexistro Electrónico de Apoderamentos de Galicia. A inscrición neste Rexistro permite aos particulares deixar constancia da persoa ou persoas que a van a representar nas súas relacións coas Administracións públicas. Así a inscrición pode ser para realizar calquera xestión en calquera Administración do estado español, para calquera actuación na Xunta de Galicia ou para desenvolver unha ou unhas actuacións concretas.

En definitiva, en 2022 continuaremos afondando nese esforzo xeral conxunto de modernización e optimización do funcionamento da administración autonómica, impulsando iniciativas e adoptando medidas que redunden tanto no beneficio xeral da cidadanía como na mellora das condicións de traballo dos empregados públicos.

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

As actuacións recollidas no programa están dirixidas a atender as necesidades de funcionamento dos servizos administrativos, o que redunda nun servizo público máis eficaz que ten como destinataria directa á cidadanía da Comunidade Autónoma de Galicia, o que determina o carácter universal do colectivo ao que van dirixidas as ditas actuacións.

DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

Tralas medidas adoptadas nas pasadas lexislaturas, unha vez reordenados os créditos e axustados ás necesidades reais de prestación dos servizos comúns de xestión ordinaria, continuaremos avanzando na adopción de medidas que garantan a prestación de servizos de calidade.

DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

O programa encádrase no marco do, Decreto 2014/2020, do 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo, así como no resto da normativa aplicable ás diferentes actividades incluídas no Programa.

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

Finalmente, cómpre sinalar que a finalidade deste programa está orientada a proporcionar unha administración de calidade, eficiente e próxima á cidadanía.

B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres	
Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres	X
Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa con actividades non dirixidas especificamente ás persoas, aínda que teñen impacto sobre elas como beneficiarias indirectas das accións (programas que actúan sobre o territorio, o medioambiente, a sociedade no seu conxunto, etc)	
Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión	

BREVE DESCRICIÓN DO PROGRAMA DENDE A PERSPECTIVA DE XÉNERO

O programa ten por obxecto a mellora da organización e funcionamento da administración, dotando aos centros directivos dos medios materiais e económicos necesarios para que desenvolvan a súa actividade de xeito eficaz e eficiente.

IDENTIFICACIÓN DUN OU VARIOS OBXECTIVOS EN MATERIA DE IGUALDADE PRESENTES NA NORMATIVA E PLANS VIXENTES E QUE SON DE APLICACIÓN NO DESENVOLVEMENTO DAS ACCIÓN CONTEMPLADAS NESTE PROGRAMA

Incorporación da transversalidade de xénero na actuación xeral do departamento	X
Información, sensibilización e educación para a igualdade de mulleres e homes	X
Transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade	
Igualdade no acceso ao emprego, na formación e na promoción profesionais e nas condicións de traballo	
Fomento, directa ou indirectamente, da iniciativa empresarial das mulleres	

Promoción da plena incorporación das mulleres á Sociedade da Información	
Incorporación do principio de igualdade nas políticas urbanas, de ordenación territorial e vivenda	
Promoción do reparto equitativo dos tempos entre mulleres e homes que facilite a conciliación e a corresponsabilidade	
Promoción da igualdade e da participación activa das mulleres en todos os ámbitos da sociedade (cultura, educación, política, economía, deporte, saúde, etc.)	
Participación das mulleres no desenvolvemento rural	
Accións dirixidas á integración de mulleres en risco ou en situación de pobreza ou exclusión social	
Accións dirixidas á prevención e á loita contra a violencia de xénero	
Outros (especificar)	

IDENTIFICACIÓN DAS ACTIVIDADES PREVISTAS DIRECTAMENTE RELACIONADAS COA PROMOCIÓN DA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES, INDICANDO PARA CADA UNHA, AS PERSOAS ÁS QUE ESTÁ DIRIXIDA. INDICAR, NO CASO DE DISPOR DESTES DATOS, AS PRINCIPAIS CARACTERÍSTICAS DAS ORGANIZACIÓNS (TIPO, ÁMBITO TERRITORIAL, ETC.) OU PERSOAS (IDADE, NIVEL EDUCATIVO, ETC.), DESTINATARIAS DAS ACCIÓNS.

Coa aprobación da Lei de racionalización do sector público, no ano 2013, Galicia dotouse por primeira vez dunha norma legal que establece que os poderes adxudicadores da administración autonómica deben ter en conta criterios sociais na elaboración dos seus pregos de contratación.

Posteriormente, no ano 2015 coa aprobación da Lei de garantía da calidade dos servizos públicos e da boa administración volveuse incidir neste eido, incorporando previsións como a de considerar incumprimento grave que xustifica a resolución dun contrato a vulneración dos dereitos laborais dos traballadores e traballadoras (en especial os permisos de paternidade e maternidade), xa sexa directamente ou mediante coaccións.

En cumprimento desas obrigas legais, a Asesoría Xurídica da Xunta elaborou unha Guía para unha contratación pública socialmente responsable no sector público autonómico galego, aprobada polo Consello da Xunta o 17/09/2015, para que os órganos de contratación dispoñan de pautas para concretar esa obriga legal. A elaboración desta guía enmárcase nunha serie de decisións adoptadas nos últimos anos para desenvolver o Plan de Mellora da Contratación Pública.

Exemplos de aplicación desta normativa e das recomendacións das guías en licitacións xa realizadas pódense consultar na Plataforma de Contratos Públicos de Galicia.

A estas accións únense as cláusulas para o fomento da corresponsabilidade e a conciliación impulsadas polo Plan Galego de conciliación e corresponsabilidade aprobado polo Consello da Xunta en 2018.

No ano 2021, no ámbito concreto da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes, o Goberno galego, a través da Lei 5/2021, do 2 de febreiro, de impulso demográfico de Galicia, blindou o establecemento de cláusulas de igualdade na contratación pública da Comunidade Autónoma. Este texto legal dispón que a Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e as entidades instrumentais do sector público autonómico, cando utilicen unha pluralidade de criterios para a adxudicación dun contrato, deben incluír entre eles, sempre que estivese vinculado ao obxecto do contrato, un criterio referido ás políticas empresariais en materia de conciliación da vida persoal, familiar e laboral e corresponsabilidade que se apliquen á execución do contrato. As previsións contidas na lei concretaranse en guías, instrucións internas e medidas de fomento ás empresas contratistas.

Finalmente, cómpre sinalar que a actuación da Inspección de Traballo e Seguridade Social abarca a investigación de calquera denuncia de incumprimento da lexislación en materia laboral, seguridade e saúde laboral, incluso por quen non estea afectado directamente pola suposta infracción, ademais de desenvolver un Plan Anual para velar polo cumprimento das condicións laborais das persoas traballadoras galegas que se consensúa cos interlocutores sociais.

PREVISIÓN E VALORACIÓN DOS POSIBLES EFECTOS DO PROGRAMA SOBRE UN E OUTRO SEXO E SOBRE A IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE MULLERES E HOMES.

As distintas actividades levadas a cabo con base a este Programa, así como do resto dos programas desta consellería, contribúen, de forma xeral, a garantir a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes.

C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Secretaría Xeral Técnica

III.1.3. PROGRAMA 121B - ASESORAMENTO E DEFENSA DOS INTERESES DA COMUNIDADE AUTÓNOMA:

A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

Á Asesoría Xurídica Xeral da Xunta de Galicia, con rango de dirección xeral, correspóndelle a dirección e coordinación dos servizos de asistencia xurídica da administración da Comunidade Autónoma e da súa administración institucional, tanto consultiva como contenciosa, nos termos da Lei 4/2016, do 4 de abril, de ordenación da asistencia xurídica da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e do seu sector público, e do artigo 551.3 da Lei orgánica do Poder Xudicial.

Para o ano 2022 continúase, polo que respecta ao sector público autonómico, intensificando a aplicación do principio de autoprovisión deseñado pola Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico e que supón a asunción, con carácter xeral, por parte do corpo letrado da Xunta de Galicia das funcións de asesoramento xurídico e defensa en xuízo dos entes da administración paralela. Naqueles casos excepcionais nos que isto non sexa posible e se recorra, a un contrato externo, a Asesoría Xurídica Xeral conserva o poder de supervisar a execución do dito contrato e de coordinar a súa actuación para que se suxeite á unidade de doutrina legal dentro do sector público autonómico.

Deste xeito, refórzase o control legal para que todo o sector público estea suxeito ao mesmo grao de supervisión e control legal, o que se traduce nunha mellora da súa actuación e, en consecuencia, nun incremento substantivo da calidade xurídica da súa actividade.

Asemade, este control transversal permite tamén procurar o seguimento dos modelos de colaboración entre entes do sector público autonómico previstos na guía da colaboración horizontal, aprobada polo Consello da Xunta de Galicia, que facilita aos órganos da Xunta a subscrición de encomendas de xestión e acordos de colaboración que permitan poñer en práctica o principio de autoprovisión inserido na devandita lei de racionalización.

Tamén se pretende, neste ano 2022, ao igual que no ano 2021, seguir reforzando a coordinación dos servizos consultivos e contenciosos nas diversas áreas, especialmente nas materias de contratación pública e subvencións.

A intervención dos letrados nas distintas fases do procedemento de contratación pública proporciónalles unha posición inmellorable, non só para garantir a legalidade dos procedementos, senón tamén para, a través do asesoramento aos órganos xestores, aproveitar as contratacións públicas para contribuír a obxectivos estratéxicos da comunidade, como poden ser a innovación ou a atención ás necesidades sociais, impulsando os obxectivos da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público (LCSP); obxectivos básicos que xa foran en gran

medida introducidos pola lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, ao ser elaborada de acordo coas directivas europeas obxecto de transposición pola LCSP.

Para desenvolver ese mandato legal, a Xunta de Galicia aprobou Guías de actuación para o fomento da contratación innovadora, da contratación socialmente responsable e da participación das pequenas e medianas empresas, a través da introdución de cláusulas e condicións específicas nos pregos, ás que se unen as cláusulas para o fomento da corresponsabilidade e a conciliación impulsadas polo Plan Galego de conciliación e corresponsabilidade aprobado polo Consello da Xunta en 2018. Durante o ano 2020 a Asesoría Xurídica ocuparase da actualización e desenvolvemento das indicadas guías.

Será papel do corpo de persoal letrado da Xunta seguir asesorando aos órganos de contratación do sector público autonómico na aplicación dos instrumentos xurídicos recollidos nestas Guías e, en consecuencia, dar concreción a ese carácter estratéxico da contratación pública galega.

En particular, tendo en conta a importancia dos fondos comunitarios previstos para estas atencións, a Asesoría Xurídica da Xunta de Galicia debe seguir potenciando a utilización das modalidades de compra pública innovadora, mantendo o papel acadado por Galicia como unha das Comunidades Autónomas máis avanzadas neste campo.

Do mesmo xeito, a aplicación das recomendacións da Guía de cláusulas sociais debe garantir que as empresas contratistas do sector público autonómico non só sexan as mellores no concreto proxecto que se lles require, senón que ofrezan tamén un plus de compromiso coa sociedade a través de boas prácticas sociais no eido das condicións laborais, do fomento da igualdade e do fomento da inclusión das persoas con discapacidade.

No ámbito concreto da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes, o Goberno galego, a través da Lei de impulso demográfico, blindará o establecemento de cláusulas de igualdade na contratación pública da Comunidade Autónoma. Unha previsión legal que se concretará en guías, instrucións internas e medidas de fomento ás empresas contratistas.

Así mesmo, de acordo coa Guía para unha contratación pública aberta a PEMES e empresas incipientes, a Asesoría Xurídica Xeral desempeña un papel importante no deseño dos pregos e expedientes contractuais trasladando orientacións aos órganos de contratación acerca de como aplicar o réxime de contratación pública de forma que se facilite a participación das pequenas e medianas empresas nas licitacións do sector público.

As PEMES considéranse en xeral a espiña dorsal da economía da UE e, por ende da economía galega, e para aproveitar ao máximo o seu potencial de creación de emprego, crecemento e innovación, debe facilitarse o seu acceso aos contratos públicos. A maior participación das PEMES nas compras públicas xerará unha competencia máis intensa pola obtención de contratos

públicos, o que ofrecerá aos poderes adxudicadores unha mellor relación calidade-prezo e unha maior eficiencia do uso dos fondos públicos.

A Asesoría Xurídica Xeral segue a ser polo tanto peza clave para velar pola incorporación de medidas e boas prácticas que garantan o acceso das PEMES e empresas incipientes aos procedementos de contratación.

Tamén debe destacarse que segundo a Lei 4/2016, do 4 de abril, de ordenación da asistencia xurídica da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e do seu sector público, a Asesoría Xurídica Xeral debe asistir á administración autonómica na elaboración de modelos de pregos de cláusulas administrativas que contribúan a homoxeneizar a práctica contractual da administración xeral e do seu sector público, co obxectivo de acadar unha maior eficiencia na tramitación dos procedementos de adxudicación en interese de tódolos participantes e facilitar a concorrencia.

Neste sentido, a Asesoría Xurídica Xeral colaborará no marco da Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia coa Comisión para a planificación e impulso de proxectos a financiar polo instrumento Next Generation EU para a aprobación dos documentos de harmonización en materia de bases de subvencións, pregos de cláusulas ou manuais tipo de procedementos de contratación, subvencións ou gasto público.

Nesta mesma liña, en cumprimento da propia Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, a Asesoría Xurídica seguirá velando pola aplicación das Directrices de Técnica Normativa, aprobadas polo Consello da Xunta de Galicia, que proporciona as pautas e os criterios técnicos para conseguir unha estrutura e unha redacción homoxéneos nas diferentes disposicións administrativas de carácter xeral, o que facilita a súa aplicación. A aplicación da nova lexislación, que garante a presenza da Asesoría Xurídica dende o comezo dos procesos de elaboración normativa, facilita a consecución destes obxectivos.

Ademais, a Asesoría Xurídica Xeral da Xunta de Galicia participa na aplicación das medidas impulsadas pola administración autonómica en relación ao protocolo asinado co Consello de Contas e que ten por obxecto a fixación dun marco de colaboración institucional permanente coa finalidade de establecer mecanismos efectivos para a prevención e a loita contra a corrupción no sector público autonómico de Galicia.

En efecto, co obxectivo de eliminar ou minimizar os riscos de corrupción no seo da estrutura orgánica da Administración xeral da Comunidade Autónoma e das entidades instrumentais do sector público autonómico, o protocolo prevé unha serie de áreas de actuación, nas que no seo da administración autonómica colaborará a Asesoría Xurídica, como son as seguintes:

a) Promoción de políticas de integridade.
b) Implantación de instrumentos de prevención de riscos de corrupción.

c) Avaliación dos sistemas de prevención.

d) Instrumentos normativos e internos de prevención.

Para cumprir os obxectivos anteriores e, en calquera caso, para garantir unha asistencia xurídica satisfactoria e de calidade á Administración Autonómica, a Dirección Xeral da Asesoría Xurídica Xeral persigue seguir atendendo adecuadamente á formación e especialización dos letrados, tanto mediante xornadas internas de formación como a través da organización e participación en seminarios impartidos por profesionais caracterizados pola súa excelencia e coñecemento das materias xurídicas, buscando especialmente a colaboración da EGAP como entidade instrumental da Administración autonómica dedicada á formación das persoas empregadas públicas.

En particular, tendo en conta o incremento de asuntos penais nos que a Administración ten intervención (ademais dos supostos nos que a administración sofre prexuízos directamente, outros casos que afectan aos intereses xerais como os delitos de incendios, contra o medio ambiente ou casos de violencia de xénero), seguirase reforzando a formación en materia penal. Do mesmo modo, seguirase prestando especial atención á formación en dereito laboral así como en cuestións relativas ao principio de autoprovisión da Administración e ao dereito da competencia.

A Asesoría Xurídica continuará executando a personación da Xunta de Galicia nos casos de asasinato por violencia de xénero nos que se conte coa autorización da familia da vítima. Dende o ano 2013 son un total de 18 os casos nos que se levou a cabo esta personación.

Así mesmo, a Lei de impulso demográfico habilita á Administración autonómica para exercer a acción popular nos procedementos penais por delitos de discriminación derivada ou por razón da situación familiar consecuencia da maternidade ou paternidade.

Debe destacarse tamén a labor da Asesoría Xurídica Xeral en relación coa crise sanitaria pola pandemia derivada do COVID-19. A resposta da administración autonómica á crise sanitaria conta tamén cunha dimensión xurídica que cobra un papel esencial, tendo en conta a necesidade de adoptar as medidas necesarias para afrontar a situación de emerxencia de saúde pública conforme a lexislación sanitaria, en particular a Lei orgánica 3/1986, do 14 de abril, de medidas especiais en materia de saúde pública, a Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade, e a Lei 33/2011, do 4 de outubro, xeral de saúde pública, así como na Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia.

En particular, a crise do COVID-19 puxo de manifesto as carencias normativas no que respecta á articulación dos mecanismos extraordinarios que recolle a lexislación sanitaria para tutelar a saúde pública ante crises sanitarias. Esta situación determinou a necesidade de que no ano 2020 a Asesoría Xurídica Xeral prestase nesta materia un asesoramento xurídico continuo aos órganos competentes para articular a resposta fronte a crise sanitaria, co obxectivo de ofrecer a necesaria seguridade xurídica, tanto para a administración como para as persoas destinatarias das medidas adoptadas. Durante o ano 2021 ten sido tamén parte esencial da actividade da Asesoría Xurídica Xeral o asesoramento, colaboración e apoio na adopción e concreción polas

autoridades sanitarias galegas das medidas preventivas necesarias para facer fronte á pandemia. En particular, dada a posible afectación que tales medidas poden ter nos dereitos e liberdades da cidadanía, a Asesoría Xurídica Xeral promoveu a existencia dun marco normativo claro que regulase estas medidas, delimitando con precisión os seus contornos e os requisitos para a súa adopción. Deste modo, aprobouse pola Lei 8/2021, do 25 de febreiro, de modificación da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia.

Esta lei é froito da ampla experiencia adquirida pola administración autonómica e a súa asesoría xurídica na loita contra a pandemia e ten suposto un importante avance na seguridade xurídica, ao establecer un marco normativo claro en beneficio da administración e da cidadanía.

Neste contexto, durante o ano 2022 a asesoría xurídica continuará desenvolvendo o seu labor de asesoramento e colaboración ás autoridades sanitarias na elaboración e aprobación das medidas preventivas que sexan necesarias co obxecto protexer a saúde pública, así como continuará exercendo as súas funcións de defensa e representación en xuízo nas actuacións procesuais que sexan necesarias para obter a autorización ou ratificación xudicial das medidas preventivas que afecten a dereitos fundamentais, así como na defensa das medidas preventivas aprobadas, en caso da interposición de recurso contencioso-administrativo contra elas.

En efecto, estas funcións da asesoría xurídica, que conxugan o plano de asesoramento, de asistencia na elaboración de disposicións de carácter xeral e de representación e defensa en xuízo, se teñen demostrado no ano 2020 e 2021 como fundamentais na acción da administración pública galega contra a pandemia, pois esta loita debe realizarse sempre no marco do ordenamento xurídico, o que exixe que as medidas se adopten de forma motivada, que sexan o menos intrusivas e invasivas posible para lograr o obxectivo de protección da saúde pública, que se utilicen as medidas que menos prexudiquen a libre circulación das persoas e dos bens, a liberdade de empresa e calquera outro dereito afectado, e, en particular, que sexan necesarias, adecuadas e proporcionadas ao fin perseguido.

Neste sentido, os froitos obtidos nestes anos 2020 e 2021 teñen sido moi relevantes, en beneficio dos intereses públicos e da cidadanía, como se evidencia na gran aceptación social que teñen concitado as medidas aprobadas e a obtención, en todos os moi numerosos casos (máis dun centenar) nos que se solicitou, das autorizacións ou ratificacións xudiciais necesarias cando as medidas afectaban a dereitos fundamentais. Tamén debe facerse unha valoración moi positiva do resultado da defensa en xuízo no caso da impugnación xudicial das medidas preventivas adoptadas.

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

A actuación da Asesoría Xurídica Xeral da Xunta de Galicia diríxese á cidadanía, dado que este centro directivo, e dentro dela os seus letrados, teñen atribuída en exclusiva unha dobre función: a de asesoramento xurídico da administración e a de defensa en xuízo da mesma.

Esta dobre función ten como finalidade asegurar o sometemento da actuación administrativa á legalidade e á defensa dos intereses propios da comunidade autónoma, o que redunda, en último termo, a favor do cidadán.

DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

Como se sinalou anteriormente, a Asesoría Xurídica Xeral da Xunta de Galicia e, dentro dela os seus letrados, teñen atribuída en exclusiva unha dobre función, a de asesoramento xurídico da administración e a de defensa en xuízo desta.

Así, e en canto ao labor de defensa en xuízo da administración, aos preitos seguidos en primeira instancia (polos Gabinetes das catro provincias e de Santiago) hai que sumarlle os recursos ordinarios e extraordinarios (de casación). A todo isto hai que engadirlle ademais os preitos e recursos no Servizo Galego de Saúde e das entidades do sector público asistidas mediante convenio de colaboración.

Por outra banda, en canto á función de asesoramento xurídico, hai que ter en conta que a elaboración de informes constitúe unha das principais actividades dos letrados de cada unha das consellerías.

DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

Os obxectivos e liñas de acción da Asesoría Xurídica Xeral son os que se definen e concretan na Lei 4/2016, do 4 de abril, de ordenación da asistencia xurídica da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e do seu sector público e, en xeral, a prestación de asistencia xurídica tanto contenciosa como consultiva á administración autonómica e ao seu sector público.

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

Os obxectivos a conseguir son os propios da Asesoría Xurídica Xeral definidos na Lei 4/2016, do 4 de abril, de ordenación da asistencia xurídica da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e do seu sector público, e que se concretan no asesoramento á administración autonómica e ao sector público en asuntos constitucionais así como a representación e defensa ante o Tribunal Constitucional; no asesoramento á administración da Comunidade Autónoma e ao seu sector público en materia de dereito comunitario europeo e o seguimento de normativa comunitaria; no asesoramento e emisión de informes en dereito á administración autonómica e ao seu sector público; no estudo e informe dos anteproxectos de lei e dos

proxectos de normas regulamentarias e na defensa e representación en xuízo da administración autonómica e das entidades pertencentes ao seu sector público.

B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres	
Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres	X
Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa con actividades non dirixidas especificamente ás persoas, aínda que teñen impacto sobre elas como beneficiarias indirectas das accións (programas que actúan sobre o territorio, o medioambiente, a sociedade no seu conxunto, etc)	
Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión	

BREVE DESCRICIÓN DO PROGRAMA DENDE A PERSPECTIVA DE XÉNERO

A Asesoría Xurídica Xeral e, dentro dela os seus letrados e letradas, teñen atribuída en exclusiva as funcións de asesoramento xurídico da administración e a de defensa en xuízo desta.

IDENTIFICACIÓN DUN OU VARIOS OBXECTIVOS EN MATERIA DE IGUALDADE PRESENTES NA NORMATIVA E PLANS VIXENTES E QUE SON DE APLICACIÓN NO DESENVOLVEMENTO DAS ACCIÓN CONTEMPLADAS NESTE PROGRAMA

Incorporación da transversalidade de xénero na actuación xeral do departamento	X
Información, sensibilización e educación para a igualdade de mulleres e homes	
Transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade	X

Igualdade no acceso ao emprego, na formación e na promoción profesionais e nas condicións de traballo	
Fomento, directa ou indirectamente, da iniciativa empresarial das mulleres	
Promoción da plena incorporación das mulleres á Sociedade da Información	
Incorporación do principio de igualdade nas políticas urbanas, de ordenación territorial e vivenda	
Promoción do reparto equitativo dos tempos entre mulleres e homes que facilite a conciliación e a corresponsabilidade	
Promoción da igualdade e da participación activa das mulleres en todos os ámbitos da sociedade (cultura, educación, política, economía, deporte, saúde, etc.)	
Participación das mulleres no desenvolvemento rural	
Accións dirixidas á integración de mulleres en risco ou en situación de pobreza ou exclusión social	
Accións dirixidas á prevención e á loita contra a violencia de xénero	
Outros (especificar)	

IDENTIFICACIÓN DAS ACTIVIDADES PREVISTAS DIRECTAMENTE RELACIONADAS COA PROMOCIÓN DA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES, INDICANDO PARA CADA UNHA, AS PERSOAS ÁS QUE ESTÁ DIRIXIDA. INDICAR, NO CASO DE DISPOR DESTES DATOS, AS PRINCIPAIS CARACTERÍSTICAS DAS ORGANIZACIÓNS (TIPO, ÁMBITO TERRITORIAL, ETC.) OU PERSOAS (IDADE, NIVEL EDUCATIVO, ETC.), DESTINATARIAS DAS ACCIÓNS.

O Consello da Xunta na súa reunión de once de xullo de dous mil trece aprobou un Acordo conxunto da Secretaría Xeral da Igualdade e da Asesoría Xurídica Xeral para o exercicio da acción popular por parte da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia nos procedementos penais en casos de morte por causa de violencia de xénero.

PREVISIÓN E VALORACIÓN DOS POSIBLES EFECTOS DO PROGRAMA SOBRE UN E OUTRO SEXO E SOBRE A IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE MULLERES E HOMES.

Cumprimento dos obxectivos e das medidas propostas en materia de incorporación da perspectiva de xénero.

C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Asesoría Xurídica Xeral da Xunta de Galicia

III.1.4. PROGRAMA 121C - RELACIÓNS INSTITUCIONAIS:

A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

Este programa de gasto está configurado para atender o exercicio das funcións que ten asignadas a Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias en execución do previsto no vixente decreto de estrutura orgánica da Vicepresidencia Primeira e da Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo.

Entre elas destaca a súa liña de traballo na coordinación e canalización das actividades da Xunta en relación coas iniciativas de control e impulso do Parlamento de Galicia, exercendo como canle de comunicación axeitada entre a Xunta de Galicia e o Parlamento respecto á tramitación de calquera tipo de iniciativa parlamentaria e solicitando das distintas consellerías ou órganos da Xunta os informes procedentes para a resposta e tramitación das iniciativas que derivan da función de control e impulso ao Goberno e a elaboración das respostas ás preguntas escritas.

Por outra banda, outro dos obxectivos principais desta dirección xeral será o seguimento dos acordos parlamentarios e, especialmente, do desenvolvemento do programa lexislativo aprobado polo Consello da Xunta.

Na súa vertente de Relacións Institucionais, a dirección xeral centrarase tamén en optimizar as relacións bilaterais da Xunta de Galicia co Goberno de España, tanto dende o punto de vista de resultados, como dende o de custo económico.

Así, búscase o fomento e mellora das relacións coa Administración Xeral do Estado, reforzando a regularidade das reunións da Comisión Bilateral de Cooperación do Estado e da Comunidade Autónoma.

Dende esa Comisión, buscarase iniciar negociacións para a transferencia de novas competencias naquelas materias nas que a nosa Comunidade ten un especial interese, coidando sempre de que veñan acompañadas da suficiente dotación económica para sostelas. Tamén xestionarase a conflitividade constitucional, intentando solucionar mediante a negociación os conflitos de competencias que poidan xurdir entre as partes. E reivindicarase a necesaria participación e audiencia de Galicia na toma de decisións e na elaboración de disposicións normativas de rango

estatal que poidan afectar as súas competencias e á prestación dos seus servizos ou distorsionar a súa planificación económico-orzamentaria.

Seguir afondando no autogoberno, ben mediante a mellora do sistema competencial co reforzamento das capacidades executivas ou ben pola vía do traspaso de competencias.

A cooperación horizontal coas demais comunidades autónomas é outro obxectivo prioritario para a Dirección Xeral, que buscará reforzar o seguimento das súas disposicións normativas e tamén potenciar a colaboración a través de convenios e protocolos que permitan compartir servizos e recursos, unificar criterios e aportar eficiencia ao funcionamento do noso modelo territorial e á prestación dos servizos públicos.

No marco do compromiso da Xunta de Galicia colaborarase coa transparencia e as boas prácticas na administración, de conformidade coa Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

Por último, esta dirección xeral asumirá a coordinación e seguimento, cos órganos competentes dos demais departamentos:

- A promoción, análise, investigación, asistencia técnica, e desenvolvemento da liberdade relixiosa e de culto, e a colaboración coas institucións e organizacións interesadas no seu estudo e desenvolvemento.

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

No exercicio destas funcións non se ve afectado ningún colectivo en particular, senón o total da cidadanía galega.

DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

A dinámica administrativa e parlamentaria española complicouse nos últimos anos dende un punto de vista cualitativo, xa que a cambiante dinámica socioeconómica do Estado e a influencia da produción normativa europea motivan, xunto a outros factores, a complexidade crecente da normativa española, abarcando habitualmente co mesmo produto normativo funcións pluridisciplinais e multisectoriais que dificultan o encaixe da devandita actuación nos parámetros de competencia constitucional contidos no artigo 148 e seguintes da Constitución Española.

A efectos prácticos isto implica unha maior carga de traballo e unha maior complexidade do seu desempeño.

As medidas levadas a cabo pasaron pola implementación de novas aplicacións informáticas, que permiten axilizar e mellorar o traballo a realizar, e polo esforzo persoal e directo dos funcionarios e funcionarias da Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias.

DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

O marco legal que comprende as actuacións do programa é o seguinte:

- Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.
- Decreto 214/2020, do 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo.
- Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.
- Decreto 351/2009, do 9 de xullo, polo que se regula a legalización de documentos da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia que deban producir efectos no estranxeiro.
- Orde do 12 de marzo de 2003 pola que se dispón a publicación do acordo de aprobación das normas de organización e funcionamento da Comisión Bilateral de Cooperación Administración Xeral do Estado- Comunidade Autónoma de Galicia.
- Decreto 379/2009, do 27 de agosto, polo que se crea a Comisión de seguimento de disposicións normativas estatais e doutras comunidades autónomas.

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

Os beneficios que se pretenden acadar son: mellorar a canle de comunicación entre a Xunta de Galicia e o Parlamento galego, salvagardar as competencias da Comunidade Autónoma de Galicia e garantir o coñecemento e acceso da cidadanía aos convenios que sexan autorizados polo Consello da Xunta de Galicia e os que outorguen os departamentos da Xunta, organismos autónomos e entes de dereito público da Administración autonómica.

B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres	

Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa con actividades non dirixidas especificamente ás persoas, aínda que teñen impacto sobre elas como beneficiarias indirectas das accións (programas que actúan sobre o territorio, o medioambiente, a sociedade no seu conxunto, etc)	
Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión	X

C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

III.1.5. PROGRAMA 123A - ACCIÓN SOCIAL EN FAVOR DO PERSOAL DA ADMINISTRACIÓN:

A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

O programa está orientado a contribuír a financiar os gastos de alimentación do colectivo de traballadores da Xunta de Galicia.

NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

Subvencionar os gastos de alimentación do persoal da Xunta de Galicia mediante a entrega de bonos de comedor aos traballadores/as que prestan os seus servizos en Santiago de Compostela, que así o soliciten.

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

Colectivo de traballadores da Xunta de Galicia con destino en Santiago de Compostela.

DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

Mantense o incremento do 16,46% establecido en 2021 na partida orzamentaria destinada a subvencionar os bonos de comedor dos traballadores coa finalidade de financiar o custo do menú no servizo de cafetería e comedor. Con esta medida as actuacións fronte a COVID-19 que foron precisas para a prevención e protección dos empregados e empregadas públicas que fan uso das instalacións do servizo de cafetería non repercutiron no custo final. Ademais, o novo contrato de xestión e explotación da cafetería do Complexo Administrativo de San Caetano, formalizado no exercicio 2021, permitiu acadar unha mellora tanto na calidade dos alimentos como no emprego de produtos de proximidade, ecolóxicos e con redución do uso de plásticos.

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

Contribuír a financiar os custos de alimentación dos traballadores da Xunta de Galicia.

B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres	
Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa con actividades non dirixidas especificamente ás persoas, aínda que teñen impacto sobre elas como beneficiarias indirectas das accións (programas que actúan sobre o territorio, o medioambiente, a sociedade no seu conxunto, etc)	
Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión	X

IDENTIFICACIÓN DUN OU VARIOS OBXECTIVOS EN MATERIA DE IGUALDADE PRESENTES NA NORMATIVA E PLANS VIXENTES E QUE SON DE

APLICACIÓN NO DESENVOLVEMENTO DAS ACCIÓN CONTEMPLADAS NESTE PROGRAMA

Incorporación da transversalidade de xénero na actuación xeral do departamento	
Información, sensibilización e educación para a igualdade de mulleres e homes	
Transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade	
Igualdade no acceso ao emprego, na formación e na promoción profesionais e nas condicións de traballo	
Fomento, directa ou indirectamente, da iniciativa empresarial das mulleres	
Promoción da plena incorporación das mulleres á Sociedade da Información	
Incorporación do principio de igualdade nas políticas urbanas, de ordenación territorial e vivenda	
Promoción do reparto equitativo dos tempos entre mulleres e homes que facilite a conciliación e a corresponsabilidade	X
Promoción da igualdade e da participación activa das mulleres en todos os ámbitos da sociedade (cultura, educación, política, economía, deporte, saúde, etc.)	
Participación das mulleres no desenvolvemento rural	
Accións dirixidas á integración de mulleres en risco ou en situación de pobreza ou exclusión social	
Accións dirixidas á prevención e á loita contra a violencia de xénero	
Outros (especificar)	

C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Secretaría Xeral Técnica

III.1.6. PROGRAMA 131A - DIRECCIÓN E SERVIZOS XERAIS DE XUSTIZA:

A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

As principais liñas de actuación da Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo en materia de Administración de xustiza e no marco do programa de gasto 131A "Administración de xustiza", son as seguintes:

Continuar co proceso de modernización da Administración de xustiza, tanto dende o punto de vista dos seus medios materiais como da optimización dos seus recursos humanos.

Neste marco, preparemos o impulso ao novo modelo organizativo que se recolle no proxecto de eficacia organizativa do Ministerio de xustiza que ven a implantar os denominados tribunais de instancia e oficinas municipais de xustiza, e que supón un cambio de modelo da Oficina Xudicial, incorporando diferentes unidades e servizos.

Neste sentido, sen esquecer a preparación operativa de servizos comúns xerais, as prioridades na implantación virán marcadas pola situación concreta dos distintos partidos xudiciais, que se analizará de maneira conxunta co Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, se prexuízo da interlocución con outros axentes sociais e operadores xurídicos.

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

O programa de gasto ten carácter sectorial, dirixido directamente ao sostemento dos gastos xerados polos operadores da Administración de xustiza en Galicia, e de modo amplo, dirixido ao sostemento da Xustiza como servizo público fundamental para os cidadáns e cidadás.

DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

Na actualidade este programa de gasto contribúe á mellora da xestión realizada pola Administración autonómica, fundamentalmente en dúas vertentes: por un lado os gastos de funcionamento dos órganos e servizos xudiciais en Galicia, e por outra banda os gastos de mantemento do servizo de Asistencia Xurídica Gratuíta.

No 2022, seguirase co avance, nas medidas de dixitalización e catalogación de arquivos xudiciais, de expurgo, así como na mellora das salas de vistas, todas as cales serán enteiramente dixitais e de autopsias.

Dende o ano 2009, a Xunta de Galicia, no marco das súas competencias en materia de Administración de Xustiza, apostou pola mellora das infraestruturas xudiciais xa existentes e pola creación de novos edificios que permitisen uns medios máis adecuados para a Xustiza e con visión de futuro para permitir a creación de novas unidades xudiciais.

Desde a posta en marcha deste plan, a achega da Xunta a este en grandes obras e en actuacións de mellora da eficiencia enerxética superou os 122 millóns de euros, o maior investimento na Administración de xustiza, desde que a comunidade galega administra as súas competencias, ao que se engaden obras menores nos edificios xudiciais da Comunidade Autónoma.

Grazas á execución deste Plan, xa están en funcionamento edificios novos ou reformados como os xulgados de Santiago de Compostela, Ourense e a Fábrica de Tabacos da Coruña ou o Servizo de Notificacións e Embargos de Vigo, ademais da rehabilitación doutros en Ferrol, O Carballiño ou Viveiro, o novo edificio xudicial da Parda (Pontevedra) e o novo edificio xudicial de Tui.

Das grandes obras proxectadas no ámbito xudicial, está previsto en 2022 a entrada en funcionamento da Cidade da Xustiza de Vigo que albergará, entre outros, a totalidade dos órganos xudiciais do partido xudicial de Vigo, e a construción dun novo edificio xudicial no concello da Estrada no que se situarán os dous xulgados actuais.

Ademais, continuarase en 2022 coas actuacións para a construción en Santiago de Compostela dun edificio que será a nova sede do Instituto de Medicina Legal de Galicia (Imelga), actuacións que comezaron en 2021 coa convocatoria dun concurso de ideas, con intervención de xurado, a nivel anteproxecto. Con esta nova construción, a Comunidade Autónoma contará cunha sede de referencia para a investigación médico-científica legal en Galicia.

Con estas obras, a Xunta non só cumpriu os seus compromisos, senón que foi máis aló deles e aínda segue a mellorar as sedes xudiciais tanto con obras menores como con proxectos de eficiencia enerxética. No 2022, continuarase ademais coas actuacións de mellora da eficiencia enerxética nos inmobles dedicados á Administración de Xustiza, que xa en 2021 incrementou a dotación nesta partida en case un 30% e continuarase, entre outras, coas actuacións de a mellora dos edificios xudiciais de Noia e Marín.

Daráselle continuidade no 2022 ao plan plurianual de renovación do equipamento mobiliario dos arquivos e oficinas xudiciais, tanto de dotación de mobiliario como de instalación de armarios rodantes para arquivo nas sedes galegas, no marco do cal foron executados no período 2018-2021 preto de 5 millóns de euros co que se atenderon diversas necesidades, como o equipamento mobiliario do novo edificio xudicial de Tui, e está en execución un contrato de 1 millón de € para o subministro mobiliario dos xulgados galegos, así como se atopa en execución o subministro mobiliario da Cidade da Xustiza de Vigo e demais xulgados galegos, actuación que supón un investimento dun 1 millón de euros. Para afondar nesta liña de investimento, no orzamento para 2022 consignaranse 2.056.298€, medrando así as previsións iniciais dos investimentos do Plan.

Igualmente vólvese a incidir no apoio á prestación do servizo da xustiza gratuíta e poder así atender a mellora nos baremos de retribución dos e das profesionais da avogacía e procuradoría, paro o que finalizado o acordo acadado en 2017 asinaranse novos acordos de colaboración cos consellos galegos de avogados e de procuradores, e por este motivo a consignación orzamentaria para o ano 2022 ascende a 13.300.000 €, o que supón un incremento do 18,75% respecto do ano 2021, rexistrando o maior incremento anual nesta partida desde a asunción desta competencia por parte da Comunidade Autónoma, e continuando deste xeito a senda de crecemento iniciada especialmente a partires do ano 2009 (do orzamento de 8.592.267€ do ano 2009 ao orzamento de 11.200.000€ do ano 2021 experimentouse un incremento do 30%).

Por outra banda continuarase a promover métodos adecuados de solución de controversias, especialmente a mediación intraxudicial, iniciativa pola que a Xunta de Galicia apostou reiteradamente desde o ano 2009 en que comezou o programa experimental de mediación intraxudicial familiar en Santiago ata a implantación en todas as cidades galegas, así como dos proxectos de mediación no ámbito civil e mercantil e no ámbito penal, o que tivo o seu reflexo orzamentario pasando de 64.800€ en 2009 ata os 280.200€ no ano 2021. Este impulso seguirá no 2022 tendo en conta as previsións lexislativas que na materia proxecta o Ministerio de Xustiza. Tamén continuará o avance na atención as labores de ordenación e expurgo dos expedientes xudiciais, así como o impulso da modernización tecnolóxica na actividade cotiá dos xulgados galegos mediante a implantación de solucións de natureza dixital acordes cunha moderna Administración de xustiza, con especial atención á relación cos cidadáns e profesionais de xustiza.

Por outra banda, a actual situación sanitaria na que nos seguimos atopando aconsella proseguir cos mecanismos de inmediación dixital que permitan á cidadanía e aos profesionais relacionarse coa Administración de xustiza a través de servizos telemáticos, a cuxo fin se ampliará en 2022 a dotación de salas de vistas dixitais que se iniciara en anos pasados, ata alcanzar en 2022 o 100%, de xeito que todas as salas de vistas dos órganos xudiciais en Galicia podan funcionar de maneira integramente dixital, permitindo a exhibición do expediente dixitalmente durante o desenvolvemento da vista e con sistema de videoconferencia e gravación integrada que permiten a súa incorporación ao expediente xudicial.

Así mesmo, a totalidade das sedes xudiciais de Galicia dispoñen desde 2017 de sistemas de videoconferencia alcanzando actualmente os 194 puntos de videoconferencia, que se incrementarán en 2022 de maneira que todos os partidos xudiciais de Galicia de 3 ou máis xulgados conten coa configuración de ubicacións como sala de declaracións/salas de celebración de videoconferencias, con capacidade de gravación do acto, para favorecer a realización de e actuacións procesuais a través do sistema de videoconferencia, contribuíndo así a mellorar o acceso á Xustiza baixo os principios de eficacia e seguridade.

A pandemia da COVID-19 tamén supuxo un reto na Administración de Xustiza. Neste marco, o 7 de xullo de 2020 o Consello de Ministros aprobou un Plan para axilizar a actividade xudicial tras a crise do coronavirus: trátase dun plan de actuación elaborado para toda a Administración de Xustiza de España e que se estenderá, polo de agora, ao 2021 e ao 2022.

Os gastos que supón a aplicación deste Plan do Ministerio de Xustiza, sobrevidos aos previstos cando Galicia asumiu as súas competencias nesta materia, están a ser sufragados, non obstante, nun 90%, pola Comunidade Autónoma (gastos en adaptación de infraestruturas e reforzos de persoal, fundamentalmente). Ata a data, este desembolso ascende a preto de 2 millóns de euros para atender as fases I e II de Plan de Choque, aos que se engaden máis de 6 millóns de euros máis que vén asumindo a Xunta de Galicia para a dotación de EPIs e reforzo da limpeza e desinfección das sedes xudiciais, malia as reiteradas reclamacións para que se inclúan nas correspondentes partidas adicionais nos Orzamentos Xerais do Estado, de modo que sirvan de apoio económico para estes gastos que veñen sendo atendidos polas Comunidades Autónomas.

Finalmente, a Xunta de Galicia abordou no 2020 a implantación dun sistema de carreira profesional para o persoal ao servizo da Administración de xustiza que continuará a desenvolver, permitindo aplicar un recoñecemento da súa traxectoria profesional en condicións similares ao do resto de persoal empregado público da Comunidade Autónoma.

Desde o ano 2009 o cadro do dito persoal incrementouse case nun 20%. Cómpre que a Administración Xeral do Estado, a través do Ministerio de Xustiza, autorice nas ofertas de emprego público prazas suficientes na Comunidade Autónoma que posibilite a cobertura de postos por persoal de carreira.

DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

O marco normativo no que se encadra este programa ten a súa orixe no artigo 20 do Estatuto de Autonomía de Galicia (Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril), que recolle unha chamada cláusula subrogatoria ou residual que fai relación ao exercicio pola nosa Comunidade Autónoma de todas as facultades que as leis orgánicas do Poder Xudicial e do Consello Xeral do Poder Xudicial atribúen ao Goberno do Estado en relación coa Administración de xustiza, materia esta que a sentenza do Tribunal Constitucional 56/1990, do 29 de marzo, denominou "administración da Administración de xustiza".

Concretamente en base a este artigo do Estatuto de Autonomía aprobouse o Real decreto 2166/1994, do 4 de novembro, sobre traspaso de funcións en materia de provisión de medios materiais e económicos para o funcionamento da Administración de xustiza, que foron asumidas a través do Decreto 394/1994, do 29 de decembro. Do mesmo xeito aprobouse o Real decreto 2397/1996, do 22 de novembro, sobre traspaso de funcións e servizos en materia de medios persoais ao servizo da Administración de xustiza (funcións asumidas a través do Decreto 438/1996, do 20 de decembro), e o Real decreto 233/1998, do 16 de febreiro sobre ampliación do traspaso das competencias equivalentes relativas ás fiscalías de Galicia e os institutos de medicina legal (funcións asumidas a través do Decreto 82/1998, do 5 de marzo).

Desde xeito quedou completado o proceso de transferencias de medios materiais e persoais en materia de xustiza á Comunidade Autónoma de Galicia.

O marco das competencias da Comunidade Autónoma nesta materia resultan da relación das anteditas normas coas previsións da Lei orgánica 19/2003, do 23 de decembro, pola que se modifica a Lei orgánica 6/1985 do Poder Xudicial.

Así mesmo, e en virtude do disposto na Lei orgánica 4/2014, do 11 de xullo, complementaria da Lei de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa, pola que se modifica a Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial, transfírese á Comunidade Autónoma a xestión da xubilación do persoal ao servizo da Administración de Xustiza con destino en Galicia, competencia reservada ata agora ao Ministerio de Xustiza.

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

Como antes se dicía, a finalidade xeral que persegue o programa é dar soporte á Administración de xustiza en Galicia, incidindo especialmente na posta en marcha de actuacións tendentes ao seu mellor funcionamento e modernización. Para conseguilo, é preciso artellar unha serie de políticas instrumentais coa finalidade de dotar os medios de soporte da Administración de xustiza, incluíndo os recursos humanos auxiliares, concretamente aqueles medios económicos para o pagamento das valoracións e peritaxes, as locomocións e indemnizacións por razóns de servizo, así como o fornecemento dos medios materiais relativos ás infraestruturas inmobiliarias, o equipamento mobiliario e instrumental e outros subministros dos xulgados, tribunais, fiscalías, rexistros civís, instituto de medicina legal e demais servizos da Administración de xustiza en Galicia.

Así mesmo dentro deste mesmo programa articúlase a xestión do sistema de asistencia xurídica gratuíta, no relativo á regulamentación administrativa, recoñecemento das prestacións aos cidadáns beneficiarios e correlativa indemnización económica á avogacía e á procura polos servizos profesionais.

Outros obxectivos fundamentais que persegue o programa son o deseño do modelo da nova organización da Administración de xustiza a través da implantación progresiva dos servizos procesuais comúns da Oficina Xudicial.

O esforzo económico deste programa está en relación á mellora da estrutura da Administración de xustiza en Galicia, que vén experimentando un continuo crecemento desde a asunción de competencias, co correspondente incremento no número de postos.

B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres	
Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres	X
Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa con actividades non dirixidas especificamente ás persoas, aínda que teñen impacto sobre elas como beneficiarias indirectas das accións (programas que actúan sobre o territorio, o medioambiente, a sociedade no seu conxunto, etc)	
Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión	

BREVE DESCRICIÓN DO PROGRAMA DENDE A PERSPECTIVA DE XÉNERO

O Programa ten por obxecto a mellora da organización e funcionamento da administración de xustiza, dotando aos órganos e aos servizos xudiciais en Galicia dos medios materiais e económicos necesarios para que desenvolvan a súa actividade de xeito eficaz e eficiente.

IDENTIFICACIÓN DUN OU VARIOS OBXECTIVOS EN MATERIA DE IGUALDADE PRESENTES NA NORMATIVA E PLANS VIXENTES E QUE SON DE APLICACIÓN NO DESENVOLVEMENTO DAS ACCIÓN CONTEMPLADAS NESTE PROGRAMA

Incorporación da transversalidade de xénero na actuación xeral do departamento	X
Información, sensibilización e educación para a igualdade de mulleres e homes	
Transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade	X
Igualdade no acceso ao emprego, na formación e na promoción profesionais e nas condicións de traballo	
Fomento, directa ou indirectamente, da iniciativa empresarial das mulleres	

Promoción da plena incorporación das mulleres á Sociedade da Información	
Incorporación do principio de igualdade nas políticas urbanas, de ordenación territorial e vivenda	
Promoción do reparto equitativo dos tempos entre mulleres e homes que facilite a conciliación e a corresponsabilidade	
Promoción da igualdade e da participación activa das mulleres en todos os ámbitos da sociedade (cultura, educación, política, economía, deporte, saúde, etc.)	
Participación das mulleres no desenvolvemento rural	
Accións dirixidas á integración de mulleres en risco ou en situación de pobreza ou exclusión social	
Accións dirixidas á prevención e á loita contra a violencia de xénero	
Outros (especificar)	

IDENTIFICACIÓN DAS ACTIVIDADES PREVISTAS DIRECTAMENTE RELACIONADAS COA PROMOCIÓN DA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES, INDICANDO PARA CADA UNHA, AS PERSOAS ÁS QUE ESTÁ DIRIXIDA. INDICAR, NO CASO DE DISPOR DESTES DATOS, AS PRINCIPAIS CARACTERÍSTICAS DAS ORGANIZACIÓNS (TIPO, ÁMBITO TERRITORIAL, ETC.) OU PERSOAS (IDADE, NIVEL EDUCATIVO, ETC.), DESTINATARIAS DAS ACCIÓNS.

Para o desenvolvemento das actividades que se financian con este programa de gasto aplícase fundamentalmente o establecido na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do sector Público, polo que debe velarse porque se cumpra o establecido no artigo 71.1.b) do indicado texto, en canto ás prohibicións de contratar e que establece "Haber sido sancionadas con carácter firme por infracción grave en materia profesional que ponga en entredicho su integridad, de disciplina de mercado, de falsedad de la competencia, de integración laboral y de igualdad de oportunidades ...".

Tamén se inclúe en todos os pregos, entre os criterios de desempate no caso de igualdade de proposicións, a acreditación da implantación dun plan de igualdade ou a obtención da Marca Galega de Excelencia en Igualdade, de acordo co establecido nos artigos 65 e 72 do Decreto Lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade.

Por outra parte, nos pregos de cláusulas administrativas particulares que rexen as licitacións establécense condicións especiais de execución dos contratos e consideracións de tipo social que perseguen eliminar as desigualdades entre mulleres e homes no mercado laboral (artigos 201 e 202 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público).

PREVISIÓN E VALORACIÓN DOS POSIBLES EFECTOS DO PROGRAMA SOBRE UN E OUTRO SEXO E SOBRE A IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE MULLERES E HOMES.

Cando se recollan nos pregos de cláusulas administrativas condicións especiais de execución, pode contribuírse á redución das diferenzas laborais entre mulleres e homes.

C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Dirección Xeral de Xustiza

III.1.7. PROGRAMA 141A - ADMINISTRACIÓN LOCAL:

A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

A Dirección Xeral de Administración Local, no marco e execución das súas competencias, persegue como obxectivos prioritarios:

- A optimización e mellora da xestión na prestación de servizos á cidadanía.
- O logro de melloras progresivas na cooperación coas entidades locais.
- O avance en dotacións e servizos prestados aos administrados.
- O fomento e o impulso da incorporación das novas tecnoloxías e da e-Administración ou administración electrónica nas entidades locais, en colaboración coa Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia.

  A colaboración entre a Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa, a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e a Dirección Xeral de Administración Local permitiu a posta a disposición dos concellos de Galicia do Portal de Transparencia e a Guía de Transparencia Local de Galicia que se configuran coma unha ferramenta para que os concellos podan dar información a cidadanía e o mesmo tempo serve de vía de comunicación permanente a través da rede entre tódolos concellos e a Administración Autonómica e por suposto facilítalles o cumprimento das obrigas derivadas da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso a información pública e bo goberno do Estado. Durante o exercicio 2022 manteranse permanentemente actualizados ambos instrumentos incorporando as novas obrigas derivadas da lexislación sectorial.

- O establecemento, dentro do marco básico estatal, dun réxime normativo propio para a administración local galega, efectuando as adaptacións e propostas, tanto a nivel lexislativo como regulamentario, que reflictan as particularidades e características propias, tanto da nosa Comunidade Autónoma, como das nosas entidades locais.

  A Dirección Xeral de Administración Local, no ano 2022, continuará traballando para a aprobación, do decreto autonómico que regule o exercicio das competencias da nosa Comunidade Autónoma respecto ó funcionariado de habilitación nacional adaptado á recente normativa estatal, contando coa participación dos colexios territoriais de Secretarios, Interventores e Tesoureiros de Galicia.

- O fomento das liñas de colaboración coas entidades locais galegas no referente á convocatoria e execución de liñas de subvención destinadas a elas, con especial énfase no apoio aos concellos na prestación dos servizos que lles son propios, apoiando a creación e a mellora das infraestruturas, dotacións, instalacións e equipamentos vinculados á prestación de servizos municipais para que os concellos poidan contar con espazos dignos e adecuados para a prestación dos servizos que teñen encomendados.

  Esta é a finalidade que persegue a orde de infraestruturas municipais, que constitúe unha das principais liñas de colaboración cos concellos cas que conta a Dirección Xeral de Administración Local mediante a que se está a mellorar a cobertura do benestar da poboación rural, favorécese o reequilibrio territorial e facilítase a realización de actividades que poidan xerar emprego e fixar poboación.

  Con relación a este último aspecto, cómpre subliñar que esta convocatoria se configura como un instrumento adecuado para fomentar os proxectos de cubrición de parques infantís xa existentes ou ben a construción de novos parques cubertos, contribuíndo cos concellos no desenvolvemento desta tipoloxía de proxectos de innegable repercusión nunha área tan sensible para a cidadanía como é o lecer infantil e a creación de ámbitos de convivencia e relación social na infancia.

  Entre outros obxectivos perseguidos por esta orde destaca o fomento da a mellora da accesibilidade e seguridade nos espazos ou instalacións deportivas co fin de fomentar a práctica do deporte seguro por tódolos segmentos da poboación e especialmente das mulleres.

  No período 2009-2021 a Dirección Xeral de Administración Local destinou máis de 40,6 millóns de euros ao financiamento desta liña de axudas cos que se financiaron un total de 1.372 proxectos.

  Seguiremos traballando da man das entidades locais para continuar avanzando na mellora do financiamento dos concellos. Un dos fitos fundamentais na relación cos entes locais produciuse en 2011, cando se garantiu por lei a participación mínima dos concellos nos orzamentos da Xunta a través do Fondo de Cooperación Local (FCL).

  Así para o ano 2022, o fondo adicional do FCL terá unha dotación de case 12,9 millóns de euros, o que supón un incremento do 45,2% respecto ao ano anterior. Isto supón que a cantidade total asignada ao Fondo de Cooperación Local, entre o fondo base e o

adicional, ascende a case 126 millóns de euros, o que implica un 3,3% máis, con 4 millóns adicionais respecto ao exercicio anterior.

Ademais, os fondos que recibirán os concellos galegos en 2022 ascenden a 488,5M€, entre o total do Fondo de Cooperación Local e outras transferencias dos demais departamentos autonómicos, o que supón un 20% máis que en 2021.

O Goberno galego, xunto coa FEGAMP, continuará liderando o plan coordinado, conxunto e global para toda Galicia de loita contra a vespa velutina, posto en marcha no ano 2020 para dar solución a un problema que se estende por practicamente todo o territorio galego e no que tanto a Xunta coma os concellos levamos anos traballando. Un Plan que conta, na actualidade, con 300 concellos adheridos, o 96% do total e 15 máis que en 2020. Así, para continuar con este obxectivo, consígnanse en 2022 un total de 1,8 millóns de euros. Deles, 1,2 atópanse residenciados no fondo adicional do Fondo de Cooperación Local e 575.000 euros no orzamento das diferentes consellerías colaboradoras (Medio Rural e Medio Ambiente, Territorio e Vivenda).

- A colaboración cos concellos galegos no exercicio das súas competencias en relación á crise da COVID-19.

  Neste marco, a Xunta acordou no ano 2020 a sinatura dun Convenio coa Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp) para axudar aos pequenos e medianos concellos que non teñan capacidade de tramitar os seus expedientes sancionadores relacionados co incumprimento das restricións sanitarias vixentes para frear a pandemia da COVID-19.

  O número de concellos adheridos a este convenio ascende a 186. Durante o ano 2022 a Xunta de Galicia continuará a colaboración con estes concellos contribuíndo así a axilizar os procedementos e paliar a súa carga administrativa.

- Tamén se evidenciará a colaboración cos concellos nas medidas de apoio ás policías locais da nosa comunidade, con especial fincapé no reforzo da seguridade cidadá naqueles concellos con elevado incremento poboacional durante a tempada de verán.

  No ano 2021 o Plan específico de subvencións a concellos turísticos con elevado incremento poboacional duplicou o seu orzamento acadando os 145.000 euros co fin de reforzar as axudas destinadas á contratación de auxiliares de policía local polos concellos de maior afluencia turística, apoiando así o labor que desempeñan os corpos de Policía Local no actual contexto de crise sanitaria.

  Nos últimos anos o goberno galego leva investido case 700.000 euros no financiamento dos postos de auxiliares de policía local nos períodos estivais.

- A necesidade de que as entidades locais afronten o reto de acadar unha suficiente capacidade organizativa e financeira para prestar os servizos públicos da súa competencia, de maneira axeitada e sostible, subxace nas accións que promoverá a Dirección Xeral de Administración Local en apoio ás fórmulas de colaboración e cooperación intermunicipal, que racionalicen servizos e recursos para ofrecer uns mellores servizos á cidadanía, favorecendo a concesión das axudas ás entidades locais que se acollan a estas fórmulas.

Tamén se lle dará impulso ao asociacionismo municipal das entidades locais mediante iniciativas que premien accións concretas de colaboración na xestión conxunta de servizos entre agrupacións de concellos, mancomunidades de concellos e consorcios locais, no eido das subvencións e do sostemento común dos postos de habilitados no que se fomentará as agrupacións de concellos.

- Continuar apoiando a cooperación municipal, tanto a través de fórmulas de xestión compartida de servizos públicos como mediante o fomento de novos procesos de fusión municipal impulsando activamente unha xestión eficaz e eficiente dos recursos dos concellos co obxecto de garantir a continuidade na prestación de servizos aos cidadáns en condicións de calidade.

  Así, a Xunta de Galicia leva anos desenvolvendo unha política de promoción e fomento da cooperación municipal tanto a nivel normativo como orzamentario, co establecemento de vantaxes obxectivas para os concellos fusionados ou que presten servizos públicos de xeito conxunto, como a través do fondo especial para fusións.

- No ano 2022 realizarase un estudo da planta municipal galega, facendo especial fincapé nos dous procesos de fusión voluntaria de concellos levados a cabo de xeito pioneiro en Galicia, a súa repercusión económica e sobre a calidade dos servizos prestados a veciñanza, incluíndo ademais, propostas concretas que permitan avanzar de cara a novos procesos de redimensionamento dos concellos galegos. O obxectivo que perseguimos dende a Xunta de Galicia ao impulsar e apoiar os procesos de fusión voluntaria e xestión compartida de servizos, é acadar concellos mais sustentables, menos dependentes economicamente e con maior capacidade para prestar servizos públicos de calidade aos seus veciños.

- Na actualidade seguen a existir supostos en que a distribución das competencias no plano administrativo entre a administración autonómica e os concellos non está ben definida ou non é o suficientemente clara polo que requiren dunha maior concreción.

  Esta situación tense agravado polas consecuencias que está a producir sobre as diferentes administracións públicas a xestión da crise sanitaria e económica provocada pola pandemia da Covid-19. Deste xeito, nos atopamos ante novas necesidades ás que debemos atender as administracións públicas, sen que en ocasións estea claro a quen corresponde a competencia.

- Por iso, a Dirección Xeral de Administración Local en colaboración coa Universidade de Santiago de Compostela, realizou durante o ano 2021 un estudo sobre a delimitación competencial da Administración Local de Galicia, logo deste profundo análise normativo, clarificáronse moitos dos ámbitos competenciais das administracións territoriais Autonómica e Local máis discutidos e identificáronse os eidos nos que a distribución de competencias, no plano administrativo, non está ben definida normativamente por ser competencias concurrentes.

  Neste contexto, a Dirección Xeral de Administración Local promoverá ao longo do ano 2022, de ser necesario, as reformas normativas necesarias para clarificar os ámbitos

máis difusos e a situación competencial dos servizos públicos cuxa prestación carece de respaldo normativo claro.

Crearemos unha Cátedra de Administración local de Galicia en colaboración co eido universitario, co obxectivo de poñer en marcha un espazo de reflexión, debate e propostas de mellora no ámbito local, aliñado coas características dunha administración do século XXI e que responda aos retos da sociedade actual.

Esta iniciativa servirá de marco para a exploración de solucións a problemas complexos que precisan de resposta ante escenarios cambiantes tanto polo impacto da tecnoloxía nos concellos, as novas demandas locais derivadas da situación actual post covid, ou a determinación das competencias das administracións publicas.

- A coordinación das políticas da Xunta e as deputacións provinciais, avanzando na concreción do reparto de competencias entre gobernos e especializando a actividade das deputacións na garantía dos servizos locais nos concellos de menor poboación. Isto atopa a súa mellor expresión no obxectivo de estender os servicios de emerxencias ao 100% do territorio galego.
- A relación coas corporacións locais e a elaboración dos programas formativos en materia de Administración Local.
- O fomento da formación nas administracións locais de Galicia, potenciando para iso os medios dos que dispón a Administración autonómica, de xeito que se asegure unha oferta formativa racional e axeitada no conxunto das administracións existentes en Galicia.
- A execución das competencias que, con respecto ao funcionariado con habilitación de carácter nacional, lle corresponden á Comunidade Autónoma de Galicia.

  No ano 2022, logo do éxito das convocatorias realizadas nos anos 2018, 2019 e 2021 a Dirección Xeral de Administración Local disporá de persoal interino para poder ofertar aos concellos de Galicia a posibilidade de provisión dos postos vacantes abertos ás escalas e subescalas da Administración Local con habilitación nacional de maneira máis áxil e con respecto aos principios constitucionais de acceso á función pública.
- O impulso, en estreita relación coas entidades locais, ao desenvolvemento e materialización das accións previstas no Pacto Local, de modo que se poida acadar a implantación e desenvolvemento das previsións contidas nel. Continuarase na senda iniciada no 2017, ano no que a Comisión Galega de Cooperación Local retomou a súa actividade. A Dirección Xeral de Administración Local realiza unha importante labor de seguimento e impulso do cumprimento dos acordos adoptados.
- Os incentivos ás entidades locais que cumpren coa súa obriga anual de rendición de contas. Estas institucións cando son beneficiarias dunha subvención financiada con fondos propios da Comunidade Autónoma non teñen que xustificar o pagamento material das actuacións subvencionadas con carácter previo ao libramento da subvención, é suficiente a acreditación do recoñecemento da obriga, sen prexuízo de ter que acreditar a efectividade do pagamento da actuación no prazo de sesenta días desde a recepción dos fondos públicos.

- A xestión do Fondo de Compensación Ambiental que tamén se empregará como ferramenta de reequilibrio territorial e de impulso ao funcionamento dos servizos e á dotación de infraestruturas e realización de investimentos produtivos e xeradores de emprego no ámbito local e no financiamento do gasto corrente ou de funcionamento das entidades locais en materia ambiental.

  Para 2022, a orde reguladora do Fondo de Compensación Ambiental recollerá, igual que o fixera nas convocatorias dos anos 2020 e 2021, un catálogo de actuacións subvencionables, agrupadas por categorías que se orientan ao fin sinalado pola Lei 8/2009, do 22 de decembro e ao cumprimento dos obxectivos marcados pola Unión Europea, é dicir, a redución das emisións de gases de efecto invernadoiro, o impulso e incremento da participación de enerxía procedente de fontes renovables e a mellora e o incremento da eficiencia enerxética.

  Nesta orde recóllese un catálogo de proxectos subvencionables, agrupándoos en varias categorías, sen esquecer que se trata dunha enumeración non pechada susceptible de ampliación mediante as achegas que as propias entidades locais fagan no momento de materializar a súa solicitude.

  A través do desenvolvemento de proxectos para a optimización enerxética dos edificios, instalacións e vehículos das entidades locais e para a implantación de tecnoloxías máis eficientes e respectuosas co ambiente e de menor consumo enerxético pode conseguirse unha redución das emisións de gases de efecto invernadoiro á atmosfera e asemade unha redución da factura enerxética das entidades locais. A isto engádese o efecto exemplarizante dos proxectos na medida en que contribúen a concienciar a veciñanza da repercusión sobre o ambiente das medidas de eficiencia enerxética e impulso da sustentabilidade ambiental no sector público local.

  Dende o ano 2020, ao abeiro desta orde finánciánse proxectos novidosos entre os que se destacan:

  - As campañas divulgativas municipais para a sensibilización sobre a importancia das medidas de protección ambiental e de eficiencia enerxética: boas prácticas ambientais, divulgación de medidas de aforro e eficiencia enerxética.
  - A elaboración e difusión de material divulgativo e recursos didácticos sobre valores ambientais ou espazos naturais concretos no ámbito municipal.
  - Plans e estratexias de mellora ambiental nos edificios municipais: auditorías enerxéticas, certificación enerxética de edificios municipais ou plans para a implantación de estratexias enerxéticas municipais.
  - Plans sustentables de mobilidade que fagan compatibles as necesidades do transporte local e a sustentabilidade ambiental.
  - As actuacións nos núcleos rurais que permitan unha mellor integración paisaxística no contorno, particularmente o soterramento dos tendidos aéreos de cableado e a construción de pavimentos interiores de pedra.

- Adquisición de equipamento de alta eficiencia enerxética: equipos de climatización, ofimáticos e de alumeado interior.
- Renovación sustentable das flotas municipais mediante a adquisición de vehículos con distintivo ambiental Cero emisións ou Eco.

Xunto a isto cabe salientar tamén a maior definición dos proxectos destinados a mellorar a eficiencia enerxética das instalacións e edificios municipais, establecendo diferentes niveis de actuación: mellora da eficiencia enerxética da envolvente do edificio, mellora de iluminación interior, instalación de sistemas eficientes de climatización, sistemas de aforro de auga, ascensores eficientes, e introdución de enerxías renovables para calefacción e auga quente sanitaria, con referencia expresa por primeira vez á instalación de paneis solares térmicos en edificios municipais.

Durante o período 2010-2021, a través das liñas competitiva e non competitiva do Fondo de Compensación Ambiental xestionadas pola Dirección Xeral de Administración Local, destináronse mais de 108 millóns de euros a actuacións de conservación, reposición e restauración do ambiente e ao reequilibrio territorial. No ano 2022 este fondo terá un papel moi importante na recuperación sostible dos nosos concellos.

No ano 2021, no eido da Estratexia galega de cambio climático e enerxía 2050, estableceuse unha nova liña de subvencións que ten como obxectivo a redución do incremento das emisións de gases con efecto invernadoiro (GEI) ca que se pretende a renovación en verde do parque de vehículos dos corpos de Policía Local de Galicia, contribuíndose a mudanza cara a un modelo de mobilidade e trasporte facilitador de vida en condicións saudables, compatible coa sustentabilidade ambiental e conciliable coa promoción do desenvolvemento económico.

Esta orde incardínase no Fondo de Compensación Ambiental dentro das actuacións globais destinadas á conservación, reposición e restauración do ambiente e do reequilibrio territorial, nas que se inclúen as actuacións que teñen por obxecto a prevención, extinción e xestión de situacións de sinistro ou risco.

Por medio de esta orde, financiada co Fondo de Compensación Ambiental e dirixida aos concellos de Galicia de menos de 50.000 habitantes, financiarase a subministración de vehículos eléctricos ou híbridos enchufables ou non enchufables que reúnan as condicións para obter o distintivo ambiental Cero emisións ou Eco, mediante o sistema de renting, con destino aos corpos de Policía Local para o exercicio das súas funcións.

Esta liña de axudas, dotada con 1.075.200 euros, distribuídos por anualidades no período 2021-2025, destínase ao pagamento das cotas mensuais que deba aboar o concello beneficiario polo renting do vehículo durante un máximo de 48 meses.

- No exercicio 2022 retomaranse os Premios a dinamización demográfica con fin de visualizar e difundir as iniciativas locais que aborden o reto do cambio demográfico, recoñecendo as actuacións que están a desenvolver neste eido as entidades locais, que constitúen boas prácticas.

  A preocupación polo reto que supón o cambio demográfico vén sendo desde hai tempo unha prioridade estratéxica para o Goberno galego. Desta atención son exemplo os

distintos instrumentos de planificación deseñados para abordalo desde diversas áreas de goberno ou o máis recente establecemento das liñas estratéxicas para o impulso e a dinamización demográfica de Galicia, mediante a ordenación e coordinación das políticas públicas e o fomento da actuación conxunta dos distintos axentes sociais e económicos de Galicia. O enfoque integral e transversal co que o goberno galego pretende abordar a situación demográfica materialízase na futura lei de impulso demográfico.

Xunto a isto, as administracións locais de Galicia xa veñen desenvolvendo diversas actuacións neste ámbito que constitúen boas prácticas e, polo tanto, cómpre visibilizar e recoñecer.

Neste contexto, o recoñecemento das iniciativas e das accións específicas que as administracións locais leven a cabo para xestionar o declive demográfico nos seus ámbitos territoriais permite poñer en valor aquelas decisións que se revelen eficaces e poidan converterse en medidas aplicables noutros concellos da nosa Comunidade Autónoma.

Con esta finalidade, no ano 2019 establecéronse as bases reguladoras e a convocatoria Premios á Dinamización Demográfica, cos que se pretende recoñecer as mellores iniciativas en prol da dinamización demográfica do seu territorio promovidas por concellos, de forma individual ou conxunta, polas mancomunidades de concellos e polos consorcios locais de Galicia.

- A elaboración, impulso e xestión de programas con financiamento da Unión Europea e de cooperación transfronteiriza con incidencia no mundo local e no ámbito das competencias da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo materializarase no ano 2022 en dous proxectos:
    01. Proxecto 0636_NOVA_TFE_1_E co que se pretenden explorar novas oportunidades de negocios para PEMES baseadas en tecnoloxías facilitadoras esenciais (Interreg).
    02. Proxecto 0457_EGNP_AECT_1_E, que ten como obxectivo impulsar e remover os obstáculos que impiden a utilización compartida dos equipamentos transfronteirizos.
- No ano 2022, tendo en conta a importante demanda e os resultados acadados polas convocatorias de axudas especificas destinadas as asociacións veciñais de Galicia nos exercicios anteriores, seguiremos apostando por apoiar ao asociacionismo veciñal cunha nova convocatoria de axudas incrementando a dotación respecto ao ano anterior en medio millón de euros. Así, destinaremos 3.000.000 de euros que se suman aos 12.400.000 distribuídos no período 2016-2021 para continuar colaborando e fomentando e dinamización do asociacionismo veciñal, recoñecendo o seu labor indispensable no desenvolvemento da vida social nos concellos, e a súa condición de eixo fundamental da participación cidadá.

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

O programa ten carácter universal ao ter como destinatarios últimos o conxunto da cidadanía, sendo os concellos os suxeitos relevantes na implantación das actuacións previstas

DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

A normativa xeral, constituída fundamentalmente pola Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, establece o punto de partida para o deseño das propostas a través das cales acadar os obxectivos orzamentarios.

No tocante aos concellos, cómpre indicar que o concello constitúe o nivel básico e esencial da organización territorial de Galicia. A crise sanitaria que estamos a vivir e as súas inevitables consecuencias económicas afectan tamén as facendas locais, singularmente aos pequenos municipios, con escasa poboación e insuficientes medios económicos, que se encontran con importantes dificultades para atender a prestación dos servizos públicos e a satisfacción das novas prioridades e necesidades que xorden trala crise do COVID-19. É por iso que, nun escenario, de crise económica e social é mais necesario que nunca buscar fórmulas e recursos técnicos e organizativos adecuados que garantan un nivel óptimo de prestación de servizos ou contribúan á mellora da súa calidade, na acción de fomento individual ou mediante fórmulas de xestión compartida: convenios de colaboración, subvencións para infraestruturas, dotacións, instalacións e equipamentos vinculados á prestación de servizos municipais, para actuacións destinadas á conservación, reposición e restauración do ambiente e reequilibrio territorial que inclúan o financiamento do gasto corrente ou de funcionamento das entidades locais en materia medioambiental, axudas para actuacións de reforzo das policías locais, así como o impulso do Portal Eido Local ou o estímulo definitivo á modernización da administración local da Comunidade Autónoma de Galicia mediante a implantación, en colaboración coa Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, da e-Administración nos concellos de Galicia, constitúen importantes ferramentas para acadar unha prestación homoxénea dos servizos á vez que elevan o seu nivel de calidade e para camiñar na senda da recuperación e transformación dos nosos concellos trala crise sanitaria sen precedentes a que nos enfrontamos.

Por outra banda, o fomento do asociacionismo municipal, a través das mancomunidades de concellos ou os consorcios locais, e a implantación de instrumentos e procedementos que permitan a xestión compartida de servizos municipais na acción de fomento, compoñen fórmulas de xestión que optimizan recursos a menor custo e maior efectividade, especialmente no caso dos pequenos concellos e lles permiten prestar servizos públicos de maneira adecuada e sustentable. Un campo especialmente propicio para a agrupación de pequenos concellos é o do sostemento en común dos postos reservados aos habilitados nacionais, medida que será impulsada dende a Dirección Xeral de Administración Local.

Finalmente, non se pode esquecer a existencia das asociacións veciñais. Por mandato da Lei de Administración Local de Galicia, desde a Xunta de Galicia deberá favorecerse o desenvolvemento das asociacións que se constitúan para a defensa dos intereses xerais ou sectoriais dos veciños dos concellos de Galicia. As asociacións que se constitúen con esta finalidade teñen a consideración de entidades de participación cidadá e, xa que logo, eríxense nun dos elementos clave de vertebración da política e da vida local dos concellos galegos. Por este motivo o asociacionismo veciñal é outro dos escenarios en que se desenvolve a acción subvencional da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo, respaldando o seu labor mediante o financiamento de novos investimentos e equipamentos das asociacións de veciños, confederacións, federacións ou unións de asociacións de veciños, comunidades de augas e asociacións de mulleres rurais coa finalidade de mellorar a prestación dos servizos de interese local.

Outros ámbitos de actuación salientables serán as colaboracións cos colexios territoriais Secretarios, Interventores e Tesoureiros de Galicia. A Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo ten atribuídas as competencias de elaboración, proposta e execución da política do Goberno galego en materia de Administración local. Dentro desta materia, ten atribuída a execución das competencias que, con respecto aos funcionarios con habilitación de carácter nacional, correspóndanlle á Comunidade Autónoma de Galicia. Entre as funcións dos colexios atópase o impulso, a través dos medios que procedan, do estudo do dereito e técnicas de administración que afecten aos profesionais colexiados, así como cantas outras funcións redunden en beneficio dos intereses profesionais dos colexiados, como pode ser a implantación da e-Administración. Para facilitar a consecución dos seus intereses comúns, cómpre establecer un marco de colaboración que permita xuntar esforzos con estas asociacións de carácter profesional, que agrupan o persoal funcionario con habilitación de carácter nacional, e que deben xogar un papel central no proceso de modernización e racionalización da Administración local.

Debe destacarse a cooperación internacional transfronteiriza con incidencia no mundo local que se impulsará mediante os proxectos: Proxecto 0636_NOVA_TFE_1_E, co que se exploraran novas oportunidades de negocios para PEMES baseadas en tecnoloxías facilitadoras esenciais e 0457_EGNP_AECT_1_E, que ten como obxectivo impulsar e remover os obstáculos que impiden a utilización compartida dos equipamentos transfronteirizos.

O fomento da cooperación local centrará a actuación deste centro directivo mediante o impulso da actuación da Comisión Galega de Cooperación Local que retomou a súa actividade no 2017.

A cooperación coas administracións locais estreitarase, como non pode ser doutro xeito, no ano 2022 co fin de chegar a aqueles concellos cuxa situación económica e social máis o requira.

DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

O marco legal e regulamentario que comprende as actuacións do programa vén constituído por:

- Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do Réxime Local.
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia.
- Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crea o canon eólico o e Fondo de Compensación Ambiental.
- Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local.

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

A finalidade do programa 141A.Administración Local concrétase por unha banda, na optimización e mellora da xestión na prestación de servizos á cidadanía a través da convocatoria e execución de liñas de subvencións para a prestación de servizos municipais, o apoio ás policías locais, o impulso do asociacionismo entre concellos e as actuacións de seguimento do Pacto Local. Por outra banda o obxectivo do programa é contribuír á mellora da xestión administrativa local en si mesma, mediante a incorporación de novas tecnoloxías, fomento da formación do persoal, apoio á cobertura de postos de habilitación nacional por persoal interino.

B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres	
Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres	X
Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa con actividades non dirixidas especificamente ás persoas, aínda que teñen impacto sobre elas como beneficiarias indirectas das accións (programas que actúan sobre o territorio, o medioambiente, a sociedade no seu conxunto, etc)	

Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión	

BREVE DESCRICIÓN DO PROGRAMA DENDE A PERSPECTIVA DE XÉNERO

Entre os obxectivos deste programa de gasto están a de contribuír ao financiamento de equipamentos e infraestruturas nas entidades locais para a prestación de servizos á cidadanía e a realización de investimentos produtivos que xeren emprego no ámbito local, así como o impulso da Administración electrónica para posibilitar unha mellor relación entre a Administración autonómica e os concellos e entre estes e a cidadanía.

Polo que se refire á dotación de equipamentos e infraestruturas, analizado dende o punto de vista da perspectiva de xénero hai que considerar que, a pesar da súa aparente neutralidade e do suposto carácter universal, as necesidades de mulleres e homes en canto a equipamentos públicos non son iguais, derivadas da situación que se recolle en numerosos estudos e estatísticas de que as mulleres utilizan máis o espazo público para tarefas de xestión doméstica e de coidado das persoas que dependen delas (maiores ou menores) e de que seguen a existir diferenzas en canto á mobilidade.

Por este motivo, a programación das infraestruturas e dos equipamentos públicos debe realizarse tendo en conta que mulleres e homes teñen diferentes, oportunidades e necesidades. Dende o punto de vista do xénero será diferente o impacto que pode ter o financiamento para a construción dunha escola infantil ou dun centro de atención a persoas maiores, que a construción dun campo de fútbol. Así, polas características dos investimentos que se financian (parques para a infancia, obras e equipamentos para a protección do ambiente e do medio natural e para o coñecemento e utilización recreativa e didáctica dos recursos naturais), hai que considerar que este programa de gasto vai ter un impacto positivo dende o punto de vista do xénero.

Polo que se refire ao fomento da e-Administración para facilitar a relación entre as entidades locais e a cidadanía, hai que considerar a existencia dunha fenda dixital de xénero que afecta non só ao acceso aos ordenadores e a internet, senón tamén á intensidade xa que as mulleres son usuarias menos intensivas, conectándose con menos frecuencia e durante menos tempo.

En canto ao número de mulleres e homes que potencialmente poden beneficiarse do programa de gasto, debemos considerar ao total da poboación galega, xa que desde este programa de gasto se desenvolven actuacións dirixidas á Administración local galega co fin de promover a realización de obras e equipamentos para a prestación de servizos públicos. A diversidade de servizos que se pretende dotar ou mellorar, dentro dun amplo catálogo que vai desde as infraestruturas de uso público ata a realización de obras, equipamentos e subministracións para a prestación dos servizos públicos relacionados no artigo 81 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, permite identificar como poboación potencialmente beneficiaria por igual á poboación masculina como á feminina.

IDENTIFICACIÓN DUN OU VARIOS OBXECTIVOS EN MATERIA DE IGUALDADE PRESENTES NA NORMATIVA E PLANS VIXENTES E QUE SON DE APLICACIÓN NO DESENVOLVEMENTO DAS ACCIÓN CONTEMPLADAS NESTE PROGRAMA

Incorporación da transversalidade de xénero na actuación xeral do departamento	X
Información, sensibilización e educación para a igualdade de mulleres e homes	
Transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade	
Igualdade no acceso ao emprego, na formación e na promoción profesionais e nas condicións de traballo	X
Fomento, directa ou indirectamente, da iniciativa empresarial das mulleres	
Promoción da plena incorporación das mulleres á Sociedade da Información	
Incorporación do principio de igualdade nas políticas urbanas, de ordenación territorial e vivenda	X
Promoción do reparto equitativo dos tempos entre mulleres e homes que facilite a conciliación e a corresponsabilidade	X
Promoción da igualdade e da participación activa das mulleres en todos os ámbitos da sociedade (cultura, educación, política, economía, deporte, saúde, etc.)	
Participación das mulleres no desenvolvemento rural	
Accións dirixidas á integración de mulleres en risco ou en situación de pobreza ou exclusión social	
Accións dirixidas á prevención e á loita contra a violencia de xénero	X
Outros (especificar)	

IDENTIFICACIÓN DAS ACTIVIDADES PREVISTAS DIRECTAMENTE RELACIONADAS COA PROMOCIÓN DA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES, INDICANDO PARA CADA UNHA, AS PERSOAS ÁS QUE ESTÁ DIRIXIDA. INDICAR, NO CASO DE DISPOR DESTES DATOS, AS PRINCIPAIS CARACTERÍSTICAS DAS ORGANIZACIÓNS (TIPO, ÁMBITO TERRITORIAL, ETC.) OU PERSOAS (IDADE, NIVEL EDUCATIVO, ETC.), DESTINATARIAS DAS ACCIÓNS.

Ademais das actuacións directas que se financian e que como xa se indicou poden ter un impacto positivo na promoción da igualdade entre mulleres e homes, no punto seguinte relació-

nanse os obxectivos e as medidas concretas para a incorporación da perspectiva de xénero e a identificación dos indicadores de seguimento.

OBXECTIVOS	ACTIVIDADES	DESTINATARIOS
Integrar a perspectiva de xénero na actuación xeral do departamento	Procedementos de contratación promovidos pola Dirección Xeral de Administración Local	Empresas
	Convocatorias de subvencións promovidas pola Dirección Xeral de Administración Local	Entidades locais
	Subscrición de convenios promovidos pola Dirección Xeral de Administración Local	Entidades locais, entidades sen ánimo de lucro no ámbito do asociacionismo veciñal
Promover o uso da linguaxe inclusiva en toda a documentación producida pola Dirección Xeral de Administración Local (convenios de colaboración, convocatorias de subvencións, contratos, ...)	Redacción de convocatorias de subvencións, contratos e convenios	Persoal ao servizo da Dirección Xeral de Administración Local
		Entidades locais, entidades sen ánimo de lucro no ámbito da Administración local
Promover a actividade empresarial e laboral das mulleres introducindo medidas que faciliten o acceso das mulleres a todos os sectores da actividade profesional sobre os que se actúa	Execución de obras e adquisición de equipamentos para a prestación de servizos públicos	Entidades locais, entidades sen ánimo de lucro no ámbito da Administración local
	Procedementos de contratación promovidos pola Dirección Xeral de Administración Local	Empresas
Potenciar o desenvolvemento e adecuación dos proxectos en materia de obras e equipamentos para a prestación de servizos públicos que facilitan a conciliación	Subvencións a entidades locais para a execución de proxectos de obras e para a adquisición de equipamentos para a prestación de servizos públicos	Entidades locais

PREVISIÓN E VALORACIÓN DOS POSIBLES EFECTOS DO PROGRAMA SOBRE UN E OUTRO SEXO E SOBRE A IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE MULLERES E HOMES.

Cumprimento dos obxectivos e das medidas propostas en materia de incorporación da perspectiva de xénero:

OBXECTIVOS	MEDIDAS	INDICADORES
Integrar a perspectiva de xénero na actuación xeral do departamento	Introdución da perspectiva de xénero nos procedementos administrativos promovidos pola Dirección Xeral de Administración Local	Porcentaxe de procedementos de contratación que incorporan cláusulas con perspectiva de xénero
		Porcentaxe de convocatorias de axudas que incorporan criterios de igualdade de xénero
		Porcentaxe de convenios asinados que incorporan criterios de igualdade de xénero
Promover o uso da linguaxe inclusiva en toda a documentación producida pola Dirección Xeral de Administración Local (convenios de colaboración, convocatorias de subvencións, contratos, ...)	Desenvolvemento de pautas de supervisión e orientación para facilitar e estimular un mellor uso dunha linguaxe inclusiva na documentación producida pola actividade administrativa da Dirección Xeral de Administración Local	Número de accións realizadas por tipoloxía (convocatorias de subvencións, contratos, convenios)
		Número de textos de convocatorias de subvención, contratos e convenios revisados e validados

OBXECTIVOS	MEDIDAS	INDICADORES
Promover a actividade empresarial e laboral das mulleres introducindo medidas que faciliten o acceso das mulleres a todos os sectores da actividade profesional sobre os que se actúa	Incorporación de criterios de valoración que, desde a perspectiva de xénero, incentiven a contratación de mulleres na execución dos proxectos que se desenvolvan baixo o impulso da Dirección Xeral de Administración Local, a través de convenios de colaboración e convocatorias de subvencións	Porcentaxe de mulleres contratadas sobre o total de persoas contratadas
	Incorporación de cláusulas nos pregos de contratación que promovan a integración da perspectiva de xénero nos contratos xestionados pola Dirección Xeral de Administración Local	Porcentaxe de mulleres contratadas sobre o total de persoas contratadas
Potenciar o desenvolvemento e adecuación dos proxectos en materia de obras e equipamentos para a prestación de servizos públicos que facilitan a conciliación	Integración da perspectiva de xénero nos proxectos de obras e equipamentos para a prestación dos servizos públicos	Número de proxectos que actúan sobre os servizos públicos que facilitan a conciliación
		Número de proxectos e obras que teñen en conta a dimensión de xénero
		Poboación potencialmente destinataria desagregada por sexo

C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Dirección Xeral de Administración Local

III.1.8. PROGRAMA 212A - PROTECCIÓN CIVIL E SEGURIDADE DA COMUNIDADE AUTÓNOMA:

A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

O papel da Xunta de Galicia na atención de emerxencias céntrase en tres funcións fundamentais: a superior dirección e coordinación da protección civil, a xestión dos servizos que se considere necesario prestar de forma unitaria para todo o territorio galego, e a xestión das emerxencias que superen os medios de resposta de que dispoñen as entidades locais, así como a implementación das competencias propias de seguridade pública da Comunidade Autónoma a través do exercicio das funcións da Unidade de Policía Nacional Adscrita á Xunta de Galicia.

Os obxectivos deste programa na área de protección civil e emerxencias consisten na definición e a posterior posta en funcionamento dun sistema que garanta a protección da cidadanía fronte as situacións de grave risco, catástrofe ou calamidade pública, e que por extensión poda utilizarse dun xeito efectivo para a xestións das situacións de urxencia ou emerxencia que de xeito cotián ocorren á poboación da comunidade autónoma.

Na área de seguridade consisten en soportar o funcionamento do sistema de seguridade público galego, desde a aplicación, ordenación e calidade do servizo público para garantir unha prestación máis eficaz e eficiente, tanto na consecución dos resultados desexables como no uso racional e sostible dos recursos públicos dispoñibles, tendo en conta que estamos ante unha materia moi sensible e transcendente, ao constituírse como un ben público que vai unido ao benestar social e a calidade de vida da sociedade galega.

As prioridades de actuación do programa orzamentario 212A a través da Dirección Xeral de Emerxencias e Interior, da Axencia Galega de Emerxencias (en diante, AXEGA) e da Academia Galega de Seguridade Pública (en diante, AGASP), atendendo a problemática observada ata o momento actual, tanto nas emerxencias producidas na comunidade, como tendo en conta a dispersión poboacional e a poboación sobre a que se leva a cabo o obxectivo estratéxico do programa, son, fundamentalmente:

Planificación axeitada e actualizada en materia de protección civil, con especial atención na xestión da situación epidemiolóxica e asistencial derivada da COVID-19 e en garantir un Xacobeo 2021-2022 seguro que contribúa a reactivación económica de Galicia.

Equipamento dos servizos profesionais e organizacións de voluntariado que forman parte do sistema integrado de protección civil e emerxencias de Galicia para garantir unha adecuada atención a cidadanía.

Aplicación e desenvolvemento da lei 5/2007, do 7 de maio, de emerxencias de Galicia, coa aprobación dun novo decreto de autoprotección, no que, ademais de actualizar o catálogo de actividades, centros, establecementos, espazos, instalacións ou dependencias dos que os titulares teñen a obriga de elaborar e rexistrar un plan de autoprotección, se establezan novos limiares para determinadas actividades ou centros. Este decreto permitirá no ano 2022 impulsar medidas de prevención e defensa corporativa e garantir o cumprimento dunhas medidas mínimas por parte dos titulares, incidindo así na prevención, como un dos cernes fundamentais da protección civil.

Colaboración coas administracións locais competentes, concellos e deputacións, para seguir mellorando o mapa de emerxencias de Galicia.

O desenvolvemento normativo da Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación das policías locais.

A aposta pola mellora continua en medios humanos, vehículos e medios técnicos destinados á Unidade do Corpo Nacional de Policía Adscrita á Comunidade Autónoma de Galicia (en diante, UPA), cunha actuación preferente no cumprimento das medidas impostas polas Autoridades sanitarias para loitar contra a pandemia do COVID-19, así como no establecemento dos dispositivos de seguridade necesarios para atender e protexer aos peregrinos e á poboación en xeral durante o Xacobeo, con especial fincapé na loita contra a violencia de xénero, en coordinación e colaboración coas demais forzas e corpos de seguridade.

A potenciación da formación de carácter permanente na AGASP para: a) os funcionarios da UPA en todas as funcións que lle son propias e, en especial, para os grupos de investigación especializada en medio ambiente e incendios, menores, violencia de xénero, etc; b) para os voluntarios de protección civil, persoal de protección civil e emerxencias e resto de axentes que interveñen nas emerxencias.

Modernización e potenciación do sistema de atención ás emerxencias en Galicia a través do Centro Integrado de Atención de Emerxencias 112 Galicia (en diante, CIAE-112 Galicia), dando unha resposta mais áxil e eficaz á cidadanía galega a través do uso de novas tecnoloxías para comunicación a poboación.

Consolidación e potenciación do Grupo de Apoio Loxístico nas súas funcións de intervención nas emerxencias así como en operativos preventivos, poñendo a disposición dos distintos colectivos operativos os seus recursos especializados e o Posto de Mando Avanzado.

Coordinación e colaboración transfronteiriza en emerxencias. Xerando melloras técnicas e dotacionais nos grupos operativos e formativas e informativas que aumenten a resiliencia da poboación nestas zonas.

O programa desenvólvese a través de tres centros directivos: a Dirección Xeral de Emerxencias, a AGASP e a AXEGA, que dirixen as súas actividades en orde a:

- Na área de protección civil, elabóranse e implántanse plans de emerxencia por mor de riscos naturais e de aqueles ocasionados pola actividade humana, aténdese a xestión de emerxencias derivadas dos avisos ao CIAE-112 Galicia e da activación dos devanditos plans; préstase apoio os concellos e agrupacións de voluntarios de protección civil, como parte fundamental do sistema, e dáse apoio técnico á Comisión Galega de Protección Civil, como órgano colexiado da Administración da Comunidade Autónoma, que ten como finalidade a coordinación e colaboración interadministrativa en materia de protección civil.
- Na área de bombeiros, a través dos catro consorcios provinciais e un comarcal nos que participa a Xunta de Galicia xunto coas Deputación provinciais, así como os Grupos de Emerxencia Supramunicipais (GES) onde tamén participa a Xunta de Galicia coas administracións locais con competencias, aténdense prioritariamente, por persoal especializado, as incidencias derivadas de incendios urbanos, industriais e forestais de afectación a vivendas, explosións, fugas, inundacións, rescates, derrubamentos e outras actividades de salvamento que for precisas.
- Na área de policía, as intervencións do persoal policial da UPA se dirixen a complementar as actuacións das distintas consellerías da Xunta de Galicia que poidan precisar de prevención, reforzo ou investigación desde a perspectiva da seguridade: protección, incendios forestais, medio natural, furtivismo e marisqueo ilegal, patrimonio cultural, protección de vítimas de violencia de xénero, de menores e familia, e as inspeccións en materia de urbanismo. Ademais, a actuación da UPA dará prioridade ao cumprimento

das medidas impostas polas Autoridades sanitarias para loitar contra o COVID-19, así como ao establecemento e colaboración nos operativos de seguridade durante o Xacobeo 2021-2022.

A través da AXEGA, as necesidades que se tratan de atender consisten na definición e a aplicación dun criterio integral e integrado de coordinación, cooperación e colaboración, entre os distintos axentes que interveñen na emerxencia, que permita dar unha resposta completa no eido da xestión das emerxencias e, no seu caso, na posterior rehabilitación da situación o seu estado anterior. Ademais a AXEGA intenta resolver as necesidades dotacionais dos diferentes servizos operativos de emerxencia de Galicia por orde prioritario.

A través da AGASP aténdese á formación do persoal do sistema integrado de protección civil, de emerxencias e de seguridade pública, así como o desenvolvemento do Decreto 115/2017, do 17 de novembro, polo que se regula a cooperación da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia cos concellos na selección dos membros dos corpos de policía local, vixilantes municipais e auxiliares de policía local (DOG do 22 de novembro de 2017), continuando coas adhesións dos concellos delegantes e a realización da centralización na AGASP dos procesos unitarios de selección da policía local e dos auxiliares de policía local de Galicia.

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

Polo que respecta ao colectivo ao que se dirixen as actuacións do programa, tanto nas áreas de protección civil e de emerxencias como na de policía, ao estaren despregados os efectivos destes colectivos por toda a xeografía galega, as súas intervencións abarcan toda a poboación da Comunidade Autónoma de Galicia. Estas actuacións realízanse en colaboración e coordinación cos corpos de emerxencias, voluntarios e profesionais de protección civil, seguridade e bombeiros dependentes dos concellos, así como tamén cos corpos de seguridade dependentes da Administración estatal.

Na área da formación, as actividades están dirixidas á policía Local de Galicia, á UPA, ás agrupacións de protección civil, aos bombeiros, aos axentes forestais e ás forzas e corpos de seguridade do Estado.

DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

En relación a actividade da Dirección Xeral de Emerxencias e Interior:

1. Na área de protección civil.

1.1 Situación de partida.

- Disponse de plans e programas de emerxencias que necesitan ser renovados, tendo en conta que os riscos non son constantes no tempo, para garantir a súa operatividade e mellorar a súa implantación.
- Hai novas obrigas legais que é preciso atender como é a aprobación dun Plan de protección civil ante emerxencias aeronáuticas de aviación civil, trala entrada en vigor do Real Decreto 837/2020, do 15 de setembro, polo que se aproba a Directriz básica de planificación de protección civil ante emerxencias aeronáuticas de aviación civil.
- O rexistro de voluntarios de protección civil é soportado por unha aplicación informática desenvolta ao longo do ano 2021, que permite implementar novas funcionalidades para responder ás necesidades das agrupacións e da administración e mellorar o seu funcionamento, en orde a acadar unha óptima mobilización dos recursos dispoñibles.
- A Orde do 8 de xuño de 2021, pola que se modifica a Orde do 27 de febreiro de 2012, pola que se crea o Rexistro electrónico de plans de autoprotección na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula o seu procedemento, integra en sede electrónica as solicitudes de altas, modificacións e baixas de Plans de Autoprotección no Rexistro, ao mesmo tempo que permite un acceso máis sinxelo á información por parte dos servizos do sistema integrado de protección civil e de emerxencias de Galicia.

1.2 Actuacións novas.

Ademais de atender ás emerxencias ordinarias (incendios, inundacións, accidentes,...) e á tramitación de expedientes de subvencións, convenios, etc. está previsto:

- Renovación e implementación dos plans de emerxencia exterior que caducaron ou van a caducar.
- Elaboración e aprobación do Plan Especial de Protección ante o risco de emerxencias aeronáuticas de aviación civil.
- Revisar os plans vixentes e proceder á súa implantación: se están a implantar novas aplicacións informáticas para facilitar a operatividade dos plans (procedementos de activación e desactivación e actuacións necesarias segundo o nivel de activación) e está previsto a realización de exercicios e simulacros.
- Mantemento e mellora continua da aplicación web para o rexistro e xestión de plans de autoprotección, para facilitar aos concellos, aos servizos de emerxencias e a outras consellerías á xestión destes plans.
- Participación en proxectos europeos na área de protección civil e xestión de riscos.
- Do mesmo xeito continuarase co impulso das Asociacións de Voluntarios de Protección Civil (AVPC) mediante agrupacións de concellos que optimicen o aproveitamento e utilización dos recursos dispoñibles, tanto humanos como materiais, e impulsando a incorporación de novos voluntarios ás AVPC, fomentando o carácter destas agrupacións como entes vehiculares de canalización da participación dos galegos en accións de voluntariado tal e como

se puxo de manifesto nos numerosos operativos levados a cabo polas mesmas durante a pandemia que vivimos todo este tempo.

- Continuaremos apoiando e pondo en valor o papel das agrupacións de voluntarios de protección civil impulsando a súa participación en programas específicos como son a atención as incidencias que poidan ocorrer nos camiños de Santiago, a seguridade en lugares de pública concorrencia e a implementación de plans de protección civil.
- Tendo en conta a experiencia adquirida nos anos anteriores no que atinxe a súa contribución a garantir a seguridade dos peregrinos e peregrinas, asinaranse de novo convenios no ano 2022, explorando posibilidade de amplialos a outras rutas, en base ás previsións de afluencia de peregrinos a Compostela neste ano 2022 e continuar sendo a nosa Comunidade unha referencia a nivel nacional no funcionamento das agrupacións de voluntarios de protección civil e na atención que prestan nas distintas rutas.
- A ampliación da dotación de medios e recursos naquelas Asociacións de Voluntarios de Protección Civil (AVPC) e zonas nas que aínda houbese necesidades pendentes, a través fondos FEDER 2014/2020. Esta actuación virá a complementar o amplo proceso de renovación e mellora do equipamento que se levou a cabo nos últimos anos e que achegou ás AVPC equipamento (182 todo terreos pick up, 170 remolques de emerxencias, 48 furgóns, 65 esparexedores de sal, 44 embarcacións, 92 tendas de campaña, 4 UTV, 20 coitelas ou 212 equipos de protección individual contra a vespa velutina, entre outros) por valor de máis de 11 millóns de euros.
- A impartición de programas de formación homoxéneos para os profesionais das emerxencias de Galicia e potenciación da formación dos voluntarios que complementen de forma coordinada os medios de intervención na nosa comunidade.
- A sinatura de convenios de colaboración con entidades, organismos e colectivos con interese na súa integración no sistema de xestión de emerxencias de Galicia.
- O impulso na busca de solucións tecnolóxicas que permitan darlle resposta a tipoloxías de incidencias crecentes, como é o caso da busca de persoas desaparecidas ou a comunicación en grandes incidencias a través da tecnoloxía 5G.
- A mellora e potenciación dos sistemas de información para coñecemento do risco, a través do mantemento das bases de datos e ferramentas de análise que se traduzan na elaboración dun mapa de riscos accesible ás administracións locais e aos cidadáns.

2. Na área de medios operativos de emerxencias

2.1 Situación de partida

A Xunta de Galicia está a participar no funcionamento e operatividade do consorcio provincial da Coruña (con 10 parques comarcais de bombeiros), de Lugo (con 6 parques comarcais de bombeiros), no de Pontevedra (con 4 parques comarcais de bombeiros) e no consorcio

provincial de Ourense (4 parques comarcais de bombeiros), ademais do parque do Consorcio de Bombeiros das Comarcas Deza/Tabeirós e Terra de Montes, con sede en Silleda.

No ámbito da organización da prestación do servizo, cómpre a determinación do modelo de atención ás Emerxencias por parte dos consorcios provinciais contra incendios e de salvamento. Os Consorcios Provinciais da Coruña, Lugo e Pontevedra, xa aprobaron a prestación directa da xestión do servizo de atención ás emerxencias, estando pendente de desenvolvemento dos correspondentes procesos selectivos para a integración do seu persoal. No caso de Ourense comezaron os traballos iniciais para determinar o modelo de xestión mais axeitado.

Ademais, a Xunta de Galicia consigna no orzamento de 2022 o presuposto para acometer a comarcalización dos parques de bombeiros das grandes cidades.

Nos últimos anos, o proceso de formalización da comarcalización foise retrasando entre outros motivos, pola negativa do goberno central a ceder a taxa de reposición que estaba negociada co anterior goberno do Estado.

A Xunta de Galicia, propuxo ao goberno central a posibilidade de ceder aos concellos un máximo dun 7% sobre o número total de prazas que pode convocar a Comunidade Autónoma na súa Oferta de Emprego Público, co fin de que os concellos puidesen incrementar os efectivos dos parques de bombeiros.

Esta posibilidade trasladóuselle ao goberno central que a considerou unha boa opción e entrouse en fase de estudo para a súa articulación a través do instrumento normativo máis adecuado.

A falta de acordo na tramitación da Lei de Orzamentos Xerais do Estado para 2019 e as convocatorias de eleccións xerais paralizaron a xestión por parte do Goberno central desta demanda. Nesta situación, a Xunta de Galicia seguirá instando á Administración do Estado, para que estude a posibilidade de regular o incremento da taxa de reposición dos concellos ou a cesión de taxa de reposición da Xunta de Galicia aos municipios que comarcalicen os seus parques de bombeiros.

A comarcalización constitúe unha das recomendacións do ditame final da Comisión especial de estudo e análise das reformas da política forestal do Parlamento de Galicia, que a propoñía coa finalidade de reducir os tempos de resposta ás emerxencias nas súas áreas metropolitanas. A estes efectos volverase consignar nos orzamentos, con cargo ao Fondo de Cooperación Local, unha contía dedicada especialmente á prestación dos servizos de emerxencias con carácter comarcal ou, no seu defecto, supramunicipal, na convicción de que este é o camiño para acadar a mellor cobertura posible no territorio dun servizo profesional de emerxencias.

Este proceso de comarcalización de parques municipais de bombeiros require do acordo e da vontade de distintas administracións; en primeiro lugar, o concello titular do servizo e, de

seguido da administración autonómica, da administración provincial e, como non, dos concellos aos que o parque que se comarcaliza deba dar este servizo.

A Xunta de Galicia aposta decididamente por este modelo de comarcalización dos parques de bombeiros das cidades que permitirá optimizar os recursos xa existentes e dar cobertura ás emerxencias que se poidan producir nos seus contornos, defendendo un modelo de colaboración entre tódalas partes afectadas, como xa se ven facendo co parque de Ferrol dende hai varios exercicios.

No ano 2022 continuaremos a traballar e impulsar estes acordos de comarcalización de parques de bombeiros municipais, que xa se teñen producido na provincia da Coruña, se poidan estender e materializar no resto do territorio de Galicia, e así se poidan beneficiar todos os galegos e galegas desta, sen dúbida, mellora da atención das emerxencias e completar o obxectivo de acadar un mapa de atención ás emerxencias que cubra de forma integral a todo o territorio de Galicia cuns tempos de reposta aínda menores dos acadados neste momento.

2.2 Actuacións novas

A partir do ano 2018 todos os consorcios provinciais están en pleno funcionamento, atendendo deste xeito á obriga recollida na disposición adicional terceira, apartado 2, da Lei 5/2007, do 7 de maio, de emerxencias de Galicia, e homoxeinizase un mesmo sistema de prestación deste servizo en toda a comunidade autónoma. Mesmo se abordou a equiparación salarial, tomando como referencia os salarios do consorcio provincial de Ourense; a equiparación xa está efectiva en Lugo, Pontevedra e A Coruña.

Todo elo co obxectivo de acadar unha prestación homoxénea e uniforme en todo o territorio de Galicia, co horizonte de dar un servizo áxil e eficaz a todos os galegos e galegas, independentemente do seu lugar de residencia, a través dos servizos profesionais de emerxencias que constitúen tanto os parques de bombeiros como os grupos de emerxencia supramunicipal

Para 2022 continúase coa mesma actuación, por parte da Xunta de Galicia e das deputacións provinciais, que seguirán participando nos orzamentos dos Consorcios de bombeiros, estando prevista ao efecto unha achega da Xunta de máis de 10 millóns de euros, que se verán incrementados de seguro por procesos pendentes de comarcalización dos parques municipais das grandes cidades.

A Xunta de Galicia e as deputacións provinciais, que son os organismos locais responsables da dotación de recursos para facer fronte as emerxencias seguirá participando nos orzamentos que permitan consolidar os Grupos de Emerxencia Supramunicipais.

A Xunta de Galicia está a través da Comisión Galega de Protección Civil a fomentar un proceso de comarcalización para dar un servizo de atención de emerxencias baseado no menor tempo de resposta do servizo operativo (Isocrona), así como fomentando a creación de novos grupos operativos de emerxencia, tal e como se fixo o longo de 2021.

3. Na área de policía.

3.1 Situación de partida.

Dende a súa creación en 1991, a UPA ven ampliando notablemente a prestación dos seus servizos, para dar resposta á asunción paulatina de novas funcións e competencias. Actualmente, o labor da UPA abrangue eidos importantes para a vida cotiá dos cidadáns, en materia de menores, xogo, a loita contra o furtivismo e incendios forestais, a ordenación do territorio ou a intervención fronte aos casos de violencia de xénero.

3.2 Actuacións novas.

Promover o aumento dos medios humanos da UPA, reclamando do Ministerio do Interior a cobertura de vacantes, que permita retornar aos niveis de persoal do ano 2013, tendo en conta, ademais, que a UPA ten asumido novas competencias, entre elas moi especialmente a protección de mulleres vítimas de violencia de xénero. Neste senso, en 2021 a Xunta de Galicia elevou a proposta dun novo convenio de colaboración co Ministerio de Interior referido a Unidade adscrita e coa finalidade de completar este corpo policial e dirixido a sinatura dun novo convenio de colaboración da Xunta de Galicia co Ministerio do Interior para actualizar as termos das obrigas respecto da UPA.

Este obxectivo reiteradamente reclamado ao goberno do Estado, tanto polo goberno da Xunta de Galicia como en sede Parlamentaria, persegue poder dar un servicio de calidade aos galegos e galegas a través desta unidade policial que tras 30 anos de servizo en Galicia é recoñecida como unha policía propia de todos os galegos e que de forma progresiva foi asumindo cada vez mais competencias.

Algunha das competencias asumidas, como son as referidas a protección dos camiños, as de protección do medio ambiente e de protección do patrimonio cultural, requiren dun esforzo de persoal constante pero que, con motivo destes anos xacobeos, demandan unha maior atención e implicación pola nosa policía, xa que o número de peregrinos será inmensamente maior e, polo tanto, as accións vencelladas a este incremento e atención de competencias nas rutas xacobeas tamén serán maiores.

Así mesmo este incremento de persoal permitiría poñer en marcha unha nova modalidade de patrullaxe nos camiños con servizos a pé en distintos puntos das rutas xacobeas e que permitirían unha atención máis cercana e accesible aos peregrinos, cunha especial incidencia na protección da muller nas distintas rutas.

Todo elo complementado coa adscrición a estes servizos de vehículos híbridos e todo camiño adquiridos especialmente para esta finalidade e que se complementan con equipos DESA para a posible atención in situ dos peregrinos.

Ademais destinaríamos unha oficina de atención ao peregrino de carácter móbil e que recorrerá os distintos camiños para dar un servizo cercano e puntual das diferentes rutas, oficina que se instalará nun vehículo especialmente adaptado a estas funcións.

Continuar coa renovación de vehículos e medios técnicos necesarios para unha mellor prestación do servizo policial e un óptimo desenvolvemento das funcións propias da UPA, especialmente nos eidos da seguridade e protección de persoas, órganos, edificios e establecementos da Comunidade Autónoma de Galicia; a prevención e investigación de incendios; a protección do medio natural e dos recursos mariños; a colaboración en tarefas de rescate e salvamento; e a actuación e colaboración na protección de vítimas de violencia de xénero e nos casos de violencia intrafamiliar e contra menores.

Fomentar a participación do persoal da UPA na formación específica, dirixida especialmente a aquelas funcións que precisan dunha maior actualización e competencia profesional, respecto de todas as funcións que desenvolve, incidindo de xeito prioritario na formación vencellada aos ámbitos dos camiños xacobeos e atención dos peregrinos en eidos tales como a violencia de xénero, a formación en DESA e protección do patrimonio cultural.

Manter e ampliar os mecanismos de colaboración e coordinación das actuacións da UPA con outros corpos e forzas de Seguridade que desenvolven as súas tarefas na nosa comunidade, con especial incidencia na colaboración coas policías locais de Galicia, impulsando cando sexa necesario e demandado a implementación de dispositivos coordinados e conxuntos.

Establecer os operativos necesarios para dar cumprimento ás medidas impostas polas Autoridades sanitarias para loitar contra o COVID-19, tanto pola propia unidade adscrita de xeito individual, como en operativos coordinados con outras Forzas e Corpos de Seguridade.

Fixar os dispositivos de seguridade necesarios para protexer á cidadanía durante o Xacobeo 2021-2022, en coordinación coas demais forzas e corpos de seguridade.

Promover en colaboración co Ministerio do Interior a constitución dun punto de atención e coordinación policial á entrada de Santiago de Compostela, con efectivos policiais, como reforzo aos mecanismos de coordinación de todas as forzas e corpos de seguridade que operan na cidade, co fin de ofrecer unha asistencia policial integral aos visitantes e peregrinos que chegan procedentes dos distintos camiños.

Seguir a colaborar cos Organismos e Institucións competentes para garantir a máxima seguridade no complexo catedralicio (Catedral de Santiago de Compostela máis a Oficina do Peregrino) ás persoas que visiten Santiago de Compostela, como etapa final dos Camiños neste Xacobeo 2021-2022; actuación iniciada neste ano 2021 e que coa continuidade do Xacobeo para o ano 2022 requirirá un especial esforzo para garantir a seguridade dos numerosos peregrinos que se prevén culminen a súa peregrinaxe neste escenario catedralicio.

Este compromiso coa seguridade, en todos os seus aspectos, require a implicación de todas as administracións.

Dotar á UPA dos medios técnicos (vestiario, informática, transmisións e outros) e dos vehículos necesarios para desenvolver con maior eficacia as súas tarefas.

4. A través da AXEGA

4.1 Situación de partida.

Na actualidade o sistema de atención de emerxencias de Galicia está baseado nunha estrutura multidisciplinar, que dependendo de distintas administracións e con sistemas organizativos moi diversos, procede a resolución destas unha vez que os recursos dispostos para elo son alertados polo CIAE-112 Galicia.

Actuacións novas.

- Potenciar os recursos cos que conta o Grupo de Apoio Loxístico á Intervención (en diante, GALI). A AXEGA vén reforzando nos últimos anos paulatinamente o equipamento operativo especializado de apoio loxístico para emerxencias complexas ou de gran magnitude na Comunidade Autónoma de Galicia, mediante a posta a disposición dos axentes intervintes de recursos especializados e do Posto de Mando Avanzado. A realidade actual que reflicten as actuacións do GALI e que foron esenciais nos primeiros meses da emerxencia sanitaria derivada da Pandemia producida pola COVID19 na loxística de recollida distribución e desinfección de equipamento para facer fronte o virus. Esta realidade puxo en evidencia a necesidade de aumentar a infraestrutura adicada o GALI estando previsto para o 2022 a ampliación da nave onde se albergan as instalacións e material do GALI permitindo desta maneira unha mellor organización que redunde nun mellor servizo a cidadanía.

  No exercicio 2021 levarase a cabo unha nova licitación do contrato de servizo de apoio loxístico á intervención nas emerxencias, que se prorrogará de cara o 2022, destacando, entre outras melloras organizativas da prestación, o reforzo dos profesionais ou especialistas asignados ao grupo así como novos medios dotacionais destacando os da sección de operación con drons.

  O GALI constitúe un grupo de traballo capaz de mobilizar os recursos á súa disposición a calquera punto no que se requira o seu apoio, cando a entidade da incidencia así o aconselle, dentro duns parámetros de tempo curtos e axeitados á urxencia que a situación requira.

  A composición do grupo responde ao criterio de especialización, dado que a tipoloxía das súas funcións determina a necesidade de profesionais con coñecementos técnicos de apoio loxístico necesarios para preparar e utilizar os recursos materiais e equipamentos coa máxima dilixencia e conseguir a súa implementación eficaz con outros recursos

dispoñibles do resto dos axentes que interveñen directamente nas emerxencias (grupos de intervención).

Xestión e mobilización da única estación base repetidora portátil da rede tetra móbil dixital de emerxencias e seguridade de Galicia (RESGAL) para reforzar a cobertura de dita rede en aquelas situacións de emerxencia ou de risco que así o requiran.

- Desenvolvemento e implantación dun plan de comunicación de emerxencias de Galicia baseado na rede RESGAL con dotación de equipamento os grupos operativos institucións, etc que se adiran a Rede .
- Desenvolvemento e implantación de plataformas tecnolóxicas que permitan compartir datos para unha mellor coordinación e resolución das incidencias ou emerxencias.
- Consolidación da súa estrutura organizativa con criterios de tecnificación e especialización na atención das emerxencias.
- Adquisición de novas ferramentas TIC así como a evolución e optimización das existentes.
- Formación e constante especialización do persoal da AXEGA e do CIAE 112 Galicia.
- Impulso e apoio ao papel que debe xogar o CIAE112-Galicia da Estrada, como elemento catalizador para a paulatina "integración operativa" dos distintos servizos básicos de atención ás emerxencias: sector seguridade, sector sanitario, sector asistencial, sector contraincendios e salvamento, sector medioambiental e sector protección civil, para así acadar unha xestión e coordinación "integral" (que abarque todos os campos posibles implicados nas emerxencias) e integrada (para que todos os axentes dos servizos de intervención actúen conxuntamente, de xeito coordinado e compartindo información en tempo real).
- Dentro deste impulso o longo do 2021 establecerase melloras no aplicativo que usa o CIAE-112 Galicia para a xestión de incidencias, así como melloras nas comunicacións cos grupos operativos de emerxencia a través da rede RESGAL e a utilización dun aplicativo remoto para dispositivos móbiles compartindo en tempo real a información que as operadoras do 112 introducen no aplicativo GEMMA das diferentes incidencias que entran en sala.
- Deseño, aprobación e evolución de protocolos de intervención de recursos de emerxencias no territorio de Galicia, atendendo a criterios pronta resposta, de territorialidade e operatividade dos recursos.
- Mellora continua dos protocolos e procedementos que regulan os simulacros que se coordinan dende o CIAE-112 Galicia potenciando a presenza da AXEGA e do CIAE-112 Galicia como centro coordinador e vertebrador daqueles exercicios prácticos que se realizan no ámbito da comunidade autónoma calquera que sexa a súa natureza.
- Participación no 2022 en proxectos de investigación, en colaboración con outras administracións ou entidades como é a Universidade de Vigo, Universidade de Coruña e Instituto Tecnolóxico de Galicia, etc, co obxectivo de desenvolver ferramentas ou

materiais que permitan controlar os riscos e diminuír o número de situacións de emerxencias que se producen.

- O mantemento da cooperación interrexional en materia de emerxencias con Portugal, Castela-León e o Principado de Asturias en zonas fronteirizas comúns, promovendo iniciativas que melloren a resiliencia dos servizos operativos e da cidadanía que vive ou desenrola a súa actividade laboral ou de ocio na zona transfronteiriza.
- Mantemento da coordinación e cooperación cos Centros de Atención de Emerxencias 112 do resto de comunidades autónomas e coa Dirección General de Protección Civil y Emergencias do Ministerio do Interior para a implantación de sistemáticas homoxéneas de atención á cidadanía (xeolocalización de terminais móbiles, atención a persoas con discapacidade auditiva ou visual, avisos masivos a poboación, melloras de comunicación da cidadanía co CIAE-112 Galicia a través de APPs que cumpran o protocolo PEMEA regulado para comunicación deste tipo en toda Europa, etc).
- Continuar coa adquisición de material e equipamento especializado necesario para dar resposta a emerxencias tanto por parte do Grupo de Apoio Loxístico da AXEGA como de Grupos de intervención en labores de salvamento e contra incendios correspondendo ao obxectivo da AXEGA de dotar aos servizos de intervención dos recursos axeitados para mellorar a súa capacidade de resposta ante as situacións de emerxencia, co fin de acadar un maior grado de seguridade para a cidadanía.
- A continuidade de proxectos didácticos que teñan como obxectivo fomentar entre os menores o correcto uso do número de emerxencias. Realizaranse neste ámbito proxectos co mesmo obxectivo enfocado a xente nova e maiores utilizando unidades didácticas, redes sociais e medios de comunicación.

5. A través da AGASP

5.1 Situación de partida.

A AGASP, organismo autónomo administrativo, ten como finalidade a formación no eido de protección civil, bombeiros e axentes forestais así como no ámbito de formación policial, mediante cursos dirixidos ao ingreso e á promoción interna nas distintas escalas das policías locais, e a formación continua, perfeccionamento e especialización do persoal destes corpos da policía local, así como do persoal da UPA.

Asemade o desenvolvemento do Decreto 115/2017, do 17 de novembro, modificado polo Decreto 20/2019, do 28 de febreiro polo que se regula a cooperación da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia cos concellos na selección dos membros dos corpos de policía local, vixilantes municipais e auxiliares de policía local, a cuxo abeiro desenvolvéronse xa os primeiros procesos selectivos unitarios, centralizados na AGASP.

Durante o ano 2022 realizará a formación da 14 promoción de policía local, ao remate dun proceso unitario que se convocará a finais do ano 2021, xunto cos cursos de mandos e promoción interna que soliciten os concellos.

Tamén a AGASP reforzará de xeito particular nos programas formativos do vindeiro curso a formación relativa a actuacións no Camiño de Santiago e respecto da seguridade dos peregrinos e peregrinas.

Nesta data, 87 concellos delegaron xa na Xunta de Galicia a selección do seu persoal do Corpo da Policía Local, o que supón mais do 65% dos concellos galegos con corpo da policía local.

5.2 Actuacións novas:

- Consolidar o desenvolvemento do Decreto 115/2017, do 17 de novembro, polo que se regula a cooperación da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia cos concellos na selección dos membros dos corpos de policía local, vixilantes municipais e auxiliares de policía local, publicado no DOG do 22 de novembro de 2017, continuando coas adhesións dos concellos delegantes e a realización da centralización na Agasp dos procesos unitarios de selección da policía local e dos auxiliares de policía local de Galicia.
- Ampliar ás relación e sinerxías con novos colectivos así como exercer competencias delegadas ou compartidas a través de convenios ou outros instrumentos de xeito que o conxunto dos diferentes colectivos que conforman a seguridade pública en Galicia, en sentido amplo, teñan como referencia a Academia, en especial continuar coa execución do convenio posto en funcionamento en 2016 co Ministerio do Interior, a formación das Forzas e Corpos de Seguridade do Estado, en concreto da Garda Civil e da Policía Nacional, que en total suman preto de 8.000 efectivos na Comunidade Autónoma supoñendo un aumento exponencial en número de membros ata de agora colectivos mais presentes na AGASP da Policía Local e UPA.
- Colaborar co Ministerio de Xustiza no desenvolvemento do convenio marco, asinado polo Centro de Estudos Xurídicos do Ministerio de Xustiza e a Xunta de Galicia en materia de formación de fiscais, letrados da Administración de xustiza, médicos forenses e avogados do Estado.
- Colaborar co Ministerio do Interior na formación dos colectivos de seguridade privada na Comunidade Autónoma.
- Durante o ano 2022, a AGASP iniciará unha formación especifica dirixida as forzas e corpos de Seguridade e voluntariado de protección civil, no eido de asegurar unha debida coordinación e seguridade en torno ao Camiño de Santiago, incidindo nunha formación cultural e de apoio e atención aos/as peregrinos/as, así como tamén cursos de idiomas enfocados directamente á atención das necesidades dos/as peregrinos e, así, poder atendelos/as correctamente.

- Continuar a realización de formación na modalidade de teleformación, incluíndo todas as ferramentas de clase en directo, e compaxinando coa formación presencial, que no ano 2022 se recuperará directamente, xa realizando formación presencial práctica no ultimo trimestre do ano 2021.
- Impartir os cursos de formación e perfeccionamento dirixidos tanto, as persoas interesadas en exercer a actividade profesional de socorrismo en Galicia, como aquelas persoas xa inscritas no Rexistro Profesional de Socorristas Acuáticos de Galicia que requiren completar a súa formación o reciclarse na actividade de socorrismo

DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

Polo que respecta ao marco legal no que se desenvolve o programa, este está integrado polas seguintes disposicións legais:

- Lei 17/2015, do 9 de xullo, do sistema nacional de protección civil.
- Real decreto, 407/1992, do 24 de abril, polo que se aproba a norma básica de protección civil.
- Real decreto 393/2007, do 23 de marzo, polo que se aproba a norma básica de autoprotección.
- Lei 5/2007, do 7 de maio, de emerxencias de Galicia.
- Decreto 171/2010, do 1 de outubro, sobre plans de autoprotección na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Real decreto 1196/2003, do 19 de setembro, polo que se aproba a directriz básica de protección civil para o control e planificación ante o risco de accidentes graves nos que interveñen substancias perigosas.
- Decreto 56/2000, do 3 de marzo, polo que se regula a planificación, as medidas de coordinación e a actuación dos voluntarios e entidades colaboradoras en materia de protección civil.
- Decreto 123/2014, do 18 de setembro, polo que se regula a acreditación, a uniformidade e os distintivos do persoal voluntario das agrupacións de voluntarios de protección civil, a imaxe corporativa destas agrupacións e os equipos de mobilidade necesarios para o desenvolvemento das funcións de protección civil e emerxencias.
- Decreto 101/2016, do 21 de xullo, polo que se regulan os órganos de coordinación, cooperación administrativa e asesoramento en materia de protección civil e emerxencias.
- Decreto 19/2019, do 21 de febreiro, polo que se regulan as medallas ao mérito de protección civil de Galicia e outras condecoracións

- Resolución do 2 de agosto de 2010, da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas de Galicia, polo que se publica o Plan Territorial de Emerxencias e Protección Civil de Galicia.
- Orde do 8 de xuño de 2021 pola que se modifica a Orde do 27 de febreiro de 2012 pola que se crea o Rexistro electrónico de plans de autoprotección na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula o seu procedemento (código de procedemento PR485A).
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia.
- Lei orgánica 2/1986, do 13 de marzo, de corpos e forzas de seguridade.
- Lei 4/2007, do 20 de abril de coordinación de policías locais.
- Lei 9/2016, do 8 de xullo, que modifica a Lei 4/2007
- Decreto 243/2008, do 16 de outubro, de desenvolvemento da Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policías locais.
- Decreto 60/2010, do 8 de abril, de uniformidade, acreditación e medios técnicos a disposición dos corpos de Policía local
- Orde do 29 de xaneiro de 2009, referida aos méritos, probas e temarios para os distintos procesos selectivos referidos aos corpos de Policía Local, vixilantes municipais e auxiliares de tempada.
- Decreto 59/2012, do 19 de xaneiro, do procedemento de homologacións da AGASP de cursos realizados por outras entidades.
- Real decreto 221/1991, do 22 de febreiro, de regulación das unidades adscritas.
- Real decreto 1089/2000, do 19 de xuño, que modifica ao anterior.
- Orde do 19 de xuño de 1991, do Ministerio do Interior, de creación da Unidade do Corpo Nacional de Policía adscrita á Comunidade Autónoma de Galicia.
- Decreto 223/2007, do 5 de decembro, polo que se aproba o estatuto da AXEGA.
- Real decreto 903/1997, do 16 de xuño, do Ministerio de Fomento sobre transposición da normativa europea referente ó número único de emerxencias 112.
- Acordo do Consello da Xunta do 1 de outubro de 1997, en virtude do cal se constitúe a Xunta de Galicia en entidade prestataria do servizo de atención de chamadas de urxencia 112.
- Lei 1/2007, do 15 de xaneiro, da Academia Galega de Seguridade Pública.
- Lei 8/2007, do 13 de xuño, de policía de Galicia.
- Decreto 115/2017, do 17 de novembro, polo que se regula a cooperación da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia cos concellos na selección dos membros dos corpos de policía local, vixilantes municipais e auxiliares de policía local.

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

Con este programa preténdese:

- mellorar e renovar a implantación de plans de protección civil.
- reforzar e mellorar dos grupos operativos de emerxencias.
- apoiar aos diferentes organismos da Xunta en necesidades relativas a protección, investigación, vixilancia e garantía da seguridade das persoas e do medio.
- asemade perséguese o estudio e a execución da política autonómica en materia de protección civil e emerxencias, mediante o exercicio das funcións definidas no artigo 18 da lei de emerxencias.

B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres	
Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres	X
Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa con actividades non dirixidas especificamente ás persoas, aínda que teñen impacto sobre elas como beneficiarias indirectas das accións (programas que actúan sobre o territorio, o medioambiente, a sociedade no seu conxunto, etc)	
Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión	

BREVE DESCRICIÓN DO PROGRAMA DENDE A PERSPECTIVA DE XÉNERO

O programa desenvólvese a través de tres centros directivos: Dirección Xeral de Emerxencias e Interior, AXEGA e AGASP, e entre as actividades afectadas atópanse a implantación de plans de emerxencia e protección civil e a súa activación, actividades de prevención, reforzo e investigación dende a área da seguridade e formación do persoal do sistema integrado de protección civil, emerxencias e seguridade pública.

Entre as súas finalidades está a de favorecer a incorporación da muller ás forzas e corpos de seguridade, así como aos servizos de emerxencias, e promover as condicións para que, mellorando a súa formación e capacitación, adquira una maior participación.

Dende o ano 1991 no que se crea a UPA, o acceso de persoal feminino a esta Unidade vén sendo progresiva e as novas promocións van producindo un paulatino aumento da porcentaxe de mulleres respecto do total de efectivos.

Por outra banda, na UPA tense creado un grupo específico para desenvolver tarefas en materia de violencia de xénero e protección das vítimas, conformado con persoal especializado, ao que se deu formación na materia, e prácticas nas comisarías do Corpo Nacional de Policía CNP, incorporándose en xullo de 2016 a estas labores.

A AXEGA na súa actividade ordinaria de xestión, segundo o disposto na Lei 5/2007, do 7 de maio, de emerxencias de Galicia, incorpora a perspectiva de xénero coma un dos principios reitores na súa política de xestión e contratación pública.

Sendo unha das súas funcións principais a da dirección do CIAE-112 Galicia, tal principio plasmase nos pregos dos contratos de servizos licitados para a xestión do mesmo, tanto no que atinxe estritamente ao servizo de teleoperación como o de xestión dos sistemas informáticos e de telecomunicacións.

Así, hoxe pódese afirmar que das 95 persoas contempladas no contrato de xestión operativa e soporte tecnolóxico do número de emerxencias 112, 72 son mulleres o que representa que o 76% do total de persoas que traballan no Centro de Atención de Emerxencias son mulleres.

Dende a AGASP outorgáselle prioridade as mulleres para o acceso á formación, así como establecese prioridade no suposto de empate nos procesos selectivos de policía local e auxiliar de policía local, ademais de fomentar a formación en materia de Violencia de xénero (VIOGEN).

IDENTIFICACIÓN DUN OU VARIOS OBXECTIVOS EN MATERIA DE IGUALDADE PRESENTES NA NORMATIVA E PLANS VIXENTES E QUE SON DE APLICACIÓN NO DESENVOLVEMENTO DAS ACCIÓN CONTEMPLADAS NESTE PROGRAMA

Incorporación da transversalidade de xénero na actuación xeral do departamento	X
Información, sensibilización e educación para a igualdade de mulleres e homes	
Transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade	X

Igualdade no acceso ao emprego, na formación e na promoción profesionais e nas condicións de traballo	
Fomento, directa ou indirectamente, da iniciativa empresarial das mulleres	
Promoción da plena incorporación das mulleres á Sociedade da Información	
Incorporación do principio de igualdade nas políticas urbanas, de ordenación territorial e vivenda	
Promoción do reparto equitativo dos tempos entre mulleres e homes que facilite a conciliación e a corresponsabilidade	
Promoción da igualdade e da participación activa das mulleres en todos os ámbitos da sociedade (cultura, educación, política, economía, deporte, saúde, etc.)	
Participación das mulleres no desenvolvemento rural	
Accións dirixidas á integración de mulleres en risco ou en situación de pobreza ou exclusión social	
Accións dirixidas á prevención e á loita contra a violencia de xénero	X
Outros (especificar)	

IDENTIFICACIÓN DAS ACTIVIDADES PREVISTAS DIRECTAMENTE RELACIONADAS COA PROMOCIÓN DA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES, INDICANDO PARA CADA UNHA, AS PERSOAS ÁS QUE ESTÁ DIRIXIDA. INDICAR, NO CASO DE DISPOR DESTES DATOS, AS PRINCIPAIS CARACTERÍSTICAS DAS ORGANIZACIÓNS (TIPO, ÁMBITO TERRITORIAL, ETC.) OU PERSOAS (IDADE, NIVEL EDUCATIVO, ETC.), DESTINATARIAS DAS ACCIÓNS.

As actividades previstas para o ano 2022 consisten en afondar na capacitación a través de cursos de especialización e actividades formativas organizadas pola AGASP. Nos cursos de formación policial obrigatorios (novo ingreso e promoción) e nos cursos básicos en materia de protección civil existirán módulos sobre a igualdade entre homes e mulleres.

Logo da creación na UPA en xullo de 2016 dun grupo específico en materia de violencia de xénero, as actuacións van dirixidas a perfeccionar e mellorar as actuacións na protección das mulleres vítimas fronte aos seus maltratadores, favorecendo a presentación das correspondentes denuncias e poñendo en marcha o máis amplo abano de actuacións asistenciais e de protección, ao fin de evitar o desamparo.

Así mesmo, polo que se refire ás actividades desenvolvidas no CIAE-112 Galicia dependente da AXEGA, respecto das políticas activas de igualdade, é necesario ter presente que a maioría do persoal son mulleres, polo que neste ámbito a AXEGA cumpre os obxectivos previstos coa política de promoción da igualdade entre mulleres e homes non sendo necesario unha especial

acción de fomento de contratación feminina (as mulleres representan o 80% dos curriculums presentados na bolsa de traballo do Centro de Atención de Emerxencias).

Dende a AXEGA e o CIAE-112 Galicia se colabora a través das redes sociais na información e formación a través de campañas para loitar contra a violencia machista en grandes eventos e xerar espazos seguros para as mulleres.

En definitiva, na AXEGA e no CIAE-112 Galicia, a muller é considerada como un factor clave no desenvolvemento de tan esencial servizo.

PREVISIÓN E VALORACIÓN DOS POSIBLES EFECTOS DO PROGRAMA SOBRE UN E OUTRO SEXO E SOBRE A IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE MULLERES E HOMES.

Maior e mellor coñecemento en materia de análise de xénero e de políticas de igualdade.

Potenciar as unidades dedicadas especificamente a loita contra a violencia de xénero e a atención a este tipo de vítimas. Neste sentido, ademais da creación do grupo específico da UPA para a loita contra a violencia de xénero e a protección das vítimas, mantense un protocolo de colaboración coa Xefatura Superior de Policía de Galicia, para a colaboración e coordinación do persoal de ambos corpos dedicados a estas tarefas, de xeito que se acaden mellores cotas de eficacia e cooperación.

Realizar un esforzo en materia de formación co obxecto de aumentar os cursos específicos en materia de xénero, en especial os dirixidos as forzas e corpos de seguridade.

Continuar coa prioridade as mulleres para o acceso á formación así como no suposto de empate nos procesos selectivos de policía local e auxiliar de policía local, ademais de fomentar a formación en materia de VIOGEN.

Continuar nas políticas activas desenvolvidas ata o de agora, tal e como se sinalou, e afondar nos plans de favorecemento á muller, nos que xa participa a AXEGA, tales como o Plan Dike (programa para a inserción laboral das vítimas de violencia doméstica); Proxecto Perla (entre Administración pública, empresas e asociacións sen ánimo de lucro que unen esforzos para potenciar a igualdade de oportunidades e a conciliación); Red Madre (fundación creada no 2008 co propósito de activar unha rede solidaria de apoio á muller para superar calquera conflito xurdido ante embarazos imprevistos).

C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Dirección Xeral de Emerxencias e Interior.

Academia Galega de Seguridade.

Axencia Galega de Emerxencias.

III.1.9. PROGRAMA 324B - MELLORAS DOS SISTEMAS DE SAÚDE E SEGURIDADE NO TRABALLO:

A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

Este programa de gasto, asignado á Secretaría Xeral Técnica, serve de instrumento para dar cobertura ás funcións que o Servizo de Prevención de Riscos Laborais ten atribuídas polo Decreto 204/1997, do 24 de xullo, polo que se crea o Servizo de Prevención de Riscos Laborais para o persoal da Administración da Xunta de Galicia, así como polo disposto no artigo 31.3 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de Prevención de Riscos Laborais.

Desta forma, a Secretaría Xeral Técnica ten que dar cumprimento ás seguintes funcións:

- O deseño, a elaboración e a implantación dun plan de prevención de riscos laborais que permita a integración da prevención na empresa.
- A avaliación dos factores de risco que poidan afectar á seguridade e á saúde dos traballadores.
- A planificación da actividade preventiva e a determinación das prioridades na adopción das medidas preventivas adecuadas e a vixilancia da súa eficacia.
- A información e formación dos traballadores e traballadoras en materia de prevención de riscos laborais, vixilancia da súa saúde e adopción das medidas de evacuación.
- A prestación dos primeiros auxilios e plans de emerxencia.
- A vixilancia da saúde mediante os recoñecementos médicos dos traballadores e traballadoras en relación cos riscos inherentes ao seu traballo.

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

As actuacións recollidas no programa están dirixidas a dar cumprimento á normativa de prevención de riscos laborais referida ao persoal empregado público da Administración Xeral

da Comunidade Autónoma que non desenvolvan o seu posto de traballo nun centro educativo ou sanitario.

DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

Continúase consolidando o gasto neste programa, logrando que sen incrementar a dotación económica do mesmo, se manteñan as condicións óptimas na vixilancia da saúde, na formación ao persoal empregado público e en tódalas accións referidas á prevención de riscos laborais que se financian dende este programa.

DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

O programa encádrase no marco legal seguinte:

- Decreto 214/2020, do 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo.
- Decreto 204/1997, do 24 de xullo, polo que se crea o Servizo de Prevención de Riscos Laborais para o persoal da Administración da Xunta de Galicia.
- Lei 31/1995, do 8 de novembro, de Prevención de Riscos Laborais.
- Real Decreto 39/1997, do 17 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento dos Servizos de Prevención.
- Real Decreto 843/2011, do 17 de xuño, polo que se establecen os criterios básicos sobre a organización de recursos para desenvolver a actividade sanitaria dos servizos de prevención.

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

O presente programa ten como finalidade garantir o cumprimento da normativa de prevención de riscos laborais no ámbito da Xunta de Galicia.

B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres	
Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres	X
Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa con actividades non dirixidas especificamente ás persoas, aínda que teñen impacto sobre elas como beneficiarias indirectas das accións (programas que actúan sobre o territorio, o medioambiente, a sociedade no seu conxunto, etc)	
Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión	

BREVE DESCRICIÓN DO PROGRAMA DENDE A PERSPECTIVA DE XÉNERO

O programa ten por obxecto o cumprimento das condicións de seguridade e saúde laboral dos empregados públicos, debendo terse en conta a perspectiva de xénero á hora de realizar as súas actividades.

Deste xeito, os estudos de seguridade e saúde laboral nalgunha das súas conclusión son específicos para colectivos femininos, tales como: embarazadas, parto recente, nais en lactación natural ou a vixilancia da saúde de xeito diferenciado por razón de sexo.

IDENTIFICACIÓN DUN OU VARIOS OBXECTIVOS EN MATERIA DE IGUALDADE PRESENTES NA NORMATIVA E PLANS VIXENTES E QUE SON DE APLICACIÓN NO DESENVOLVEMENTO DAS ACCIÓN CONTEMPLADAS NESTE PROGRAMA

Incorporación da transversalidade de xénero na actuación xeral do departamento	X
Información, sensibilización e educación para a igualdade de mulleres e homes	

Transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade	X
Igualdade no acceso ao emprego, na formación e na promoción profesionais e nas condicións de traballo	X
Fomento, directa ou indirectamente, da iniciativa empresarial das mulleres	
Promoción da plena incorporación das mulleres á Sociedade da Información	
Incorporación do principio de igualdade nas políticas urbanas, de ordenación territorial e vivenda	
Promoción do reparto equitativo dos tempos entre mulleres e homes que facilite a conciliación e a corresponsabilidade	
Promoción da igualdade e da participación activa das mulleres en todos os ámbitos da sociedade (cultura, educación, política, economía, deporte, saúde, etc.)	
Participación das mulleres no desenvolvemento rural	
Accións dirixidas á integración de mulleres en risco ou en situación de pobreza ou exclusión social	
Accións dirixidas á prevención e á loita contra a violencia de xénero	
Outros (especificar)	

IDENTIFICACIÓN DAS ACTIVIDADES PREVISTAS DIRECTAMENTE RELACIONADAS COA PROMOCIÓN DA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES, INDICANDO PARA CADA UNHA, AS PERSOAS ÁS QUE ESTÁ DIRIXIDA. INDICAR, NO CASO DE DISPOR DESTES DATOS, AS PRINCIPAIS CARACTERÍSTICAS DAS ORGANIZACIÓNS (TIPO, ÁMBITO TERRITORIAL, ETC.) OU PERSOAS (IDADE, NIVEL EDUCATIVO, ETC.), DESTINATARIAS DAS ACCIÓNS.

Coa aprobación da Lei de Racionalización do sector público, no ano 2013, Galicia dotouse por primeira vez dunha norma legal que establece que os poderes adxudicadores da administración autonómica deben ter en conta criterios sociais na elaboración dos seus pregos de contratación.

Posteriormente, no ano 2015 coa aprobación da Lei de garantía da calidade dos servizos públicos e da boa administración volveuse incidir neste eido, incorporando previsións como a de considerar incumprimento grave que xustifica a resolución dun contrato a vulneración dos dereitos laborais dos traballadores e traballadoras (en especial os permisos de paternidade e maternidade), xa sexa directamente ou mediante coaccións.

En cumprimento desas obrigas legais, a Asesoría Xurídica da Xunta elaborou unha Guía para unha contratación pública socialmente responsable no sector público autonómico galego, aprobada polo Consello da Xunta o 17/09/2015, para que os órganos de contratación dispoñan

de pautas para concretar esa obriga legal. A elaboración desta guía enmárcase nunha serie de decisións adoptadas nos últimos tres anos para desenvolver o Plan de Mellora da Contratación Pública.

Exemplos de aplicación desta normativa e das recomendacións das guías en licitacións xa realizadas pódense consultar na Plataforma de Contratos Públicos de Galicia.

A estas accións únense as cláusulas para o fomento da corresponsabilidade e a conciliación impulsadas polo Plan Galego de conciliación e corresponsabilidade aprobado polo Consello da Xunta en 2018.

No ano 2021, no ámbito concreto da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes, o Goberno galego, a través da Lei 5/2021, do 2 de febreiro, de impulso demográfico de Galicia, blindou o establecemento de cláusulas de igualdade na contratación pública da Comunidade Autónoma. As previsións contidas na lei concretaranse en guías, instrucións internas e medidas de fomento ás empresas contratistas.

Así mesmo, a nova Lei de impulso demográfico habilita á Administración autonómica para exercer a acción popular nos procedementos penais por delitos de discriminación derivada ou por razón da situación familiar consecuencia da maternidade ou paternidade.

Finalmente, cómpre sinalar que a actuación da Inspección de Traballo e Seguridade Social abarca a investigación de calquera denuncia de incumprimento da lexislación en materia laboral, seguridade e saúde laboral, incluso por quen non estea afectado directamente pola suposta infracción, ademais de desenvolver un Plan Anual para velar polo cumprimento das condicións laborais das persoas traballadoras galegas que se consensúa cos interlocutores sociais.

PREVISIÓN E VALORACIÓN DOS POSIBLES EFECTOS DO PROGRAMA SOBRE UN E OUTRO SEXO E SOBRE A IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE MULLERES E HOMES.

As distintas actividades levadas a cabo con base a este Programa, contribúen, de forma xeral, a garantir a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes.

SINALAR OS PRINCIPAIS RESULTADOS DO PROGRAMA, DENDE O PUNTO DE VISTA DO XÉNERO.

Como se sinalou, moitas das actividades amparadas neste programa teñen en conta o sexo dos empregados públicos (por exemplo, avaliacións de riscos con previsión expresas para emba-

razadas ou nais en lactación). No ano 2020 realizáronse os seguintes recoñecementos médicos específicos desagregados por sexos,

- Recoñecementos médicos: 6.808
  - Homes: 2.366
  - Mulleres: 4.442
- Recoñecementos xinecolóxicos: 3.901
  - Proba do PSA: 1.118

C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Secretaría Xeral Técnica

III.1.10. PROGRAMA 331A - COOPERACIÓN EXTERIOR E AO DESENVOLVEMENTO

A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

Execución da política da Xunta de Galicia na materia de cooperación para o desenvolvemento e a acción humanitaria. Terase en conta, como non podería ser doutro xeito, o actual contexto de pandemia global, dando cumprimento á Estratexia de resposta á Covid-19 da Cooperación Galega, que foi elaborada, de xeito participativo, a finais do 2020 co fin de adaptar o IV Plan Director da Cooperación Galega ao contexto provocado pola pandemia da COVID-19 nos países socios, así como a súa afectación aos proxectos en marcha.

Esta estratexia establece tres ámbitos estratéxicos (AE) nos que se deberán concentrar o recursos da Cooperación Galega:

- AE 1: Afrontar a emerxencia sanitaria apoiando os sistemas e servizos de saúde e aos gobernos, comunidades e organizacións da sociedade civil socias da Cooperación Galega para rematar coa transmisión do virus da COVID-19 e prever e tratar futuras crises sanitarias e pandemias.
- AE 2: Promover o exercicio dos dereitos sociais básicos (saúde, educación, alimentación, hábitat, auga e saneamento básico) e a cohesión social e reforzar os sistemas públicos de protección social con iniciativas lideradas desde o nivel comunitario e local.

- AE 3: Mitigar o impacto socioeconómico e salvagardar ás persoas máis vulnerables e ás comunidades locais garantindo os seus ingresos e os seus medios sustentables de vida.

Con carácter transversal a estes tres ámbitos estratéxicos, priorízanse as actuacións que impulsen a equidade de xénero e o apoderamento e o exercicio de dereitos das mulleres e da infancia, por mor da súa especial afectación a causa da pandemia.

Por outra banda, o IV Plan Director 2018-2021, que por mor da Covid-19 prorrogarase un ano máis, incorpora un modelo de xestión baseado nun marco de resultados, que, segundo a adaptación derivada da Estratexia de resposta á Covid-19 da Cooperación Galega, quedan como segue:

- R.X.1. A cooperación galega aliña o seu marco estratéxico e operativo coa Axenda 2030 e os ODS no marco da loita contra a COVID-19.
- R.X.2. A cooperación galega concentra a súa axuda con criterios de eficacia no marco da loita contra a COVID-19.
- R.X.3. A cooperación galega especializa a súa axuda nos ámbitos estratéxicos nos que conta con valor engadido ou vantaxes comparativas no marco da loita contra a COVID-19.
- R.X.4. Os actores e axentes da cooperación galega coordinan e complementan as súas actuacións para a consecución dos ODS no marco da loita contra a COVID-19.
- R.X.5. Os actores e axentes da cooperación galega fortalecen a súa capacidade institucional para a consecución dos ODS no marco da loita contra a COVID-19.
- R.X.6. A cidadanía galega accede a unha información de calidade sobre os logros colectivos da cooperación galega na consecución dos ODS no marco da loita contra a COVID-19.

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

Segundo establece a Estratexia de resposta á Covid-19 da Cooperación Galega, prestarase unha atención preferente ás persoas e grupos de poboación en situación de vulnerabilidade ou en risco de marxinación, exclusión ou discriminación que teñan sido máis afectadas pola pandemia.

Estes grupos de poboación coinciden cos colectivos identificados no IV Plan Director como prioritarios por mor de atoparse en situación de vulnerabilidade, en risco de marxinación e exclusión ou sendo vítima de múltiples discriminacións e violencias como as mulleres e nenas, adolescentes, persoas traballadoras informais, poboación indíxena ou afrodescendente, minorías étnicas, persoas con diversidade funcional, persoas maiores dependentes, persoas doentes sen recursos, poboación refuxiada ou desprazada, etc.

Con todo, os axentes de cooperación coinciden en identificar á infancia e ás nenas e mulleres como colectivos especialmente afectados, aos que se engaden as persoas defensoras dos dereitos humanos e a sociedade civil organizada en contextos de regresión democrática e autoritarismo. Xa que logo, durante a situación de pandemia procurarase non deixar a ninguén atrás, pero deberase protexer sobre todo ás persoas e grupos máis vulnerables.

DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

Trala execución dos catro primeiros plans anuais, abordaremos o ano 2022 elaborando un plan anual que estea adaptado ao contexto marcado pola crise da COVID-19, que ten ocasionado unha crise de saúde, económica e social a nivel mundial. Esta situación está lonxe de ser superada e parece que os seus efectos se estenderán por algúns anos, razón pola cal elaborouse a Estratexia de resposta á Covid-19 da Cooperación Galega, complementaria ao IV Plan Director que está a permitir adaptar a nosa planificación e apoiar aos nosos socios, nas súas necesidades prioritarias mais urxentes.

De cara ao exercicio 2022, o programa orzamentario de cooperación para o desenvolvemento increméntase nun, 5,19 %.

Este orzamento permitirá desenvolver un Plan anual da cooperación galega 2022 no que se incluirán actuacións en todas as áreas (cooperación no exterior, acción humanitaria, educación para o desenvolvemento e a cidadanía global, investigación para o desenvolvemento, etc., fortalecemento dos axentes de cooperación, avaliacións, etc) e permitirá publicar todas as convocatorias tradicionais da cooperación galega, aínda que adaptadas á nova situación COVID-19, de acordo co establecido no IV Plan Director 2018-2021, incrementando as súas dotacións na porcentaxe estimada necesaria para que todos os proxectos que resulten aprobados reciban o financiamento solicitado. Ao conxunto das convocatorias destinarase mais máis dun 80 % do orzamento operativo de gastos.

DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

- Decreto 110/2020, do 6 de setembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia.
- Decreto 130/2020, do 17 de setembro, pola que se fixa a estrutura orgánica das vicepresidencias e das consellerías da Xunta de Galicia.
- Decreto 214/2020, do 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo.
- Decreto 29/2017, do 9 de marzo, de cooperación para o desenvolvemento.

- Lei 10/2021, do 9 de marzo, reguladora da acción exterior e da cooperación para o desenvolvemento de Galicia.
- IV Plan Director da Cooperación Galega 2018-2021.
- Estratexia de resposta á Covid-19 da Cooperación Galega.
- Plan Anual 2022 da Cooperación Galega.

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

Contribución á consecución dun mundo mais próspero, xusto e sustentable colaborando para o cumprimento da Axenda 2030 e a consecución dos seus Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS), priorizando aquelas actuacións que permitan facer fronte á COVID-19 e aos seus efectos nos países socios, así como potenciar a educación para o desenvolvemento e a cidadanía global nas súas catro dimensións: sensibilización, formación, investigación e mobilización, xerando conciencia crítica e solidaria na cidadanía galega.

B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres	
Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres	X
Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa con actividades non dirixidas especificamente ás persoas, aínda que teñen impacto sobre elas como beneficiarias indirectas das accións (programas que actúan sobre o territorio, o medioambiente, a sociedade no seu conxunto, etc)	
Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión	

BREVE DESCRICIÓN DO PROGRAMA DENDE A PERSPECTIVA DE XÉNERO

A través deste programa fináncias a execución da política da Xunta de Galicia na materia de cooperación para o desenvolvemento e acción humanitaria, que ten entre os seus ámbitos estratéxicos de acción "Impulsar a equidade de xénero e mais o apoderamento e exercicio dos dereitos das mulleres" e como transversal a equidade de xénero.

O programa vincúlase directamente co establecido no artigo 32 da Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes que dispón que todas as políticas e a planificación estratéxica en materia de cooperación ao desenvolvemento incluirán o principio de igualdade entre mulleres e homes como elemento esencial na súa axenda de prioridades e recibirán un tratamento de prioridade transversal e específica nos seus contidos.

IDENTIFICACIÓN DUN OU VARIOS OBXECTIVOS EN MATERIA DE IGUALDADE PRESENTES NA NORMATIVA E PLANS VIXENTES E QUE SON DE APLICACIÓN NO DESENVOLVEMENTO DAS ACCIÓN CONTEMPLADAS NESTE PROGRAMA

Incorporación da transversalidade de xénero na actuación xeral do departamento	X
Información, sensibilización e educación para a igualdade de mulleres e homes	X
Transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade	X
Igualdade no acceso ao emprego, na formación e na promoción profesionais e nas condicións de traballo	
Fomento, directa ou indirectamente, da iniciativa empresarial das mulleres	
Promoción da plena incorporación das mulleres á Sociedade da Información	
Incorporación do principio de igualdade nas políticas urbanas, de ordenación territorial e vivenda	
Promoción do reparto equitativo dos tempos entre mulleres e homes que facilite a conciliación e a corresponsabilidade	
Promoción da igualdade e da participación activa das mulleres en todos os ámbitos da sociedade (cultura, educación, política, economía, deporte, saúde, etc.)	X
Participación das mulleres no desenvolvemento rural	
Accións dirixidas á integración de mulleres en risco ou en situación de pobreza ou exclusión social	
Accións dirixidas á prevención e á loita contra a violencia de xénero	
Outros (especificar)	

IDENTIFICACIÓN DAS ACTIVIDADES PREVISTAS DIRECTAMENTE RELACIONADAS COA PROMOCIÓN DA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES, INDICANDO PARA CADA UNHA, AS PERSOAS ÁS QUE ESTÁ DIRIXIDA. INDICAR, NO CASO DE DISPOR DESTES DATOS, AS PRINCIPAIS CARACTERÍSTICAS DAS ORGANIZACIÓNS (TIPO, ÁMBITO TERRITORIAL, ETC.) OU

PERSOAS (IDADE, NIVEL EDUCATIVO, ETC.), DESTINATARIAS DAS ACCIÓNS.

O IV Plan Director da Cooperación Galega establece entre as súas prioridades transversais, a equidade de xénero, e debera estar presente en todas as intervencións financiadas pola cooperación galega.

En todas as convocatorias xestionadas pola Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea insírese a perspectiva de xénero a través do establecemento nas bases de cada unha delas de requisitos e criterios de valoración específicos para garantir que, tanto as entidades solicitantes como os proxectos subvencionados, conten cun bo tratamento e impacto en temas de xénero. A modo de exemplo, requírese e valórase o seguinte:

- Que a entidade solicitante conte cunha estratexia de xénero e persoal formado na materia, así como con diagnósticos de xénero nos territorios e sectores de intervención.
- Que o proxecto se deseñe tendo en conta as diferentes necesidades e situacións de mulleres e homes.
- Dependendo da temática do proxecto, que se potencie o empoderamento das mulleres para a súa participación na toma de decisións.
- A existencia dun orzamento con perspectiva de xénero.

Estes mesmos criterios de valoración aplícanse tamén no caso dos convenios de colaboración e cando se contratan servizos externos requírese das persoas contratadas formación específica en materia de xénero.

PREVISIÓN E VALORACIÓN DOS POSIBLES EFECTOS DO PROGRAMA SOBRE UN E OUTRO SEXO E SOBRE A IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE MULLERES E HOMES.

Moitos dos proxectos que se desenvolven e financian no ámbito da cooperación ao desenvolvemento están encamiñados a mellorar a situación das mulleres en termos de redución da pobreza e da violencia de xénero, o seu acceso e permanencia no sistema educativo, garantir os seus dereitos sexuais e reprodutivos, mellorar a súa situación económica e laboral e a súa participación social e política.

C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea

III.1.11. PROGRAMA 761A - POTENCIACIÓN E PROMOCIÓN DO TURISMO:

A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

De acordo coa liña estratéxica da Axencia de Turismo de Galicia, este programa inclúe a realización de accións para desenvolver todo o potencial dos recursos de Galicia, que permitan construír un destino único e diferencial, articulado ao redor dunha marca, Galicia, e todo baixo unha xestión, que incorpore a todos os axentes da cadea de valor e que facilite a sustentabilidade do destino a medio e longo prazo, sen renunciar a criterios de rendibilidade económica e social propios dunha actividade económica como é o turismo; mellorar a captación de turistas e a súa fidelización, así como a diferenciación do destino en base a unha oferta segmentada de calidade. Tamén recolle o programa a realización de accións para o desenvolvemento da planificación cara o Xacobeo 2021-2022.

Todo o sinalado enfocarase dende a óptica da recuperación económica do sector turístico tras a situación da crise sanitaria motivada pola Covid-19.

NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

O segundo ano do Xacobeo 21-22 constitúe unha oportunidade fundamental para a recuperación económica e emocional de Galicia, e como tal, debe ser apoiado e promovido por todas as administracións públicas. Neste marco, no ámbito da Xunta de Galicia, a Axencia de Turismo de Galicia volve incrementar os seus orzamentos para afrontar axeitadamente o Xacobeo 2022 e proseguir coa política de fortalecemento e adaptación do sector turístico.

No ano 2021, Galicia conseguiu a reactivación da súa afluencia turística, incluído o Camiño de Santiago. Este logro tivo, sen lugar a dúbidas, a súa base no posicionamento da Comunidade Autónoma como destino turístico seguro e de calidade. Así, Galicia atraeu ao turismo nacional ata acadar algúns rexistros históricos no mes de agosto e chegou a comezos do mes de setembro ás 100.000 Compostelas entregadas.

Malia isto, a celebración do Ano Santo 2021 estivo marcada pola pandemia da covid-19 e as restricións derivadas da mesma. A piques de rematalo, o mundo soña cun 2022 postpandémico onde a recuperación económica e dos hábitos sociais, incluído o turismo, se vexan consolidadas.

En paralelo, Galicia, tanto o sector turístico, como as administracións, leva anos preparándose para ofrecer o mellor Ano Santo da súa historia e, se as circunstancias sanitarias o permiten, ese será o 2022.

Por iso, os orzamentos para o seguinte exercicio recollen as partidas necesarias para apoiar con toda a intensidade desde a administración autonómica un Ano Santo no que, agardamos, o sector turístico poida funcionar a pleno rendemento, os cidadáns estranxeiros teñan maiores

facilidades para visitarnos, a programación cultural poida recuperar as axendas internacionais e Galicia volva ser protagonista de grandes eventos que a visibilicen a nivel mundial.

Aínda así, polo momento é imprescindible que a Xunta de Galicia siga a reactivación do sector turístico a través de medidas de fomento da formación, a innovación, a dixitalización e a adaptación das infraestruturas e os produtos turísticos ao novo paradigma xurdido tras o coronavirus, impulsando novas tipoloxía de produtos turísticos combinados e transversais que abran o camiño cara novas experiencias turísticas máis diversificadas.

O impacto da pandemia provocou a necesidade de transformar o proxecto inicial de posta en marcha do Plan Estratéxico de Galicia 2021-2030, cos retos e as liñas estratéxicas para a Galicia da vindeira década, por un plan de actuación cun horizonte temporal máis curto, que permitira dar resposta á excepcionalidade da situación na que a pandemia situou a Galicia.

Neste ámbito proponse actuacións encamiñadas a:

- Mantemento do tecido empresarial turístico a través de medidas directas, de fomento do emprego e de minimización dos danos producidos pola pandemia, garantindo a viabilidade das empresas e da cadea de valor do sector.
- Reforzar a marca Galicia cos atributos referencias que nos posicionaron ata o momento (paisaxe, gastronomía, Camiño) asociados á calidade e á seguridade sanitaria mellorando os produtos consolidados ata acadar a excelencia e desenvolvendo novos produtos adaptados ás necesidades do novo viaxeiro.
- Potenciar a competitividade dos profesionais e das empresas turísticas, a través do impulso da formación, da innovación tecnolóxica e da intelixencia turística, mellorando o coñecemento do mercado e do viaxeiro.
- Implantar a estratexia de sustentabilidade de Galicia no marco das liñas estratéxicas do Plan Director Galicia Destino Seguro desde un punto de vista turístico, en liña cos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible da Axenda 2030 (economía circular, ecoturismo…).
- Redirixir as campañas de promoción reforzando Galicia como destino preferente na mente do turista, identificando novos mercados e viaxeiros.
- Definir e impulsar proxectos tractores que permitan dinamizar destinos identificados pola súa singularidade e que impulsen o desenvolvemento socioeconómico e a cohesión deste destino, outorgando protagonismo tanto ao rural como ás cidades como elementos con capacidade desestacionalizadora, ademais de acelerar a recuperación do sector.

Accións todas elas que teñen en conta o novo paradigma turístico que sae trala pandemia no que a solidariedade, saúde, sustentabilidade e seguridade son os novos piares sobre os que se constrúe as propostas de recuperación, coa dixitalización como elemento transversal imprescindible no proceso de transformación dun sector turístico que conta co apoio do Goberno

galego, que aposta pola cooperación entre os diferentes niveis da administración, por ampliar a gobernanza e por adaptarse aos diferentes escenarios impostos pola evolución da pandemia, o que seguirá condicionando a aplicación das medidas ata que se recupere a normalidade.

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

O programa diríxese tanto a axentes públicos e entidades xestoras como a axentes privados nacionais e internacionais.

Facer de Galicia un destino único, non é viable sen a cooperación entre axentes, tanto entre axentes privados coma entre axentes públicos, para articular unha oferta máis atractiva e deseñar as comunicacións e infraestruturas necesarias para traer o turista a Galicia. Debe facelo de xeito coordinado e potenciando tamén as alianzas entre axentes tanto a nivel nacional coma internacional que acerquen o turista a Galicia.

É relevante a colaboración e cooperación entre os distintos departamentos da Xunta na busca de estratexias conxuntas para lograr sinerxías entre o turismo e outros sectores (agroalimentario, industrial, idiomático, transportes, medio ambiente, comercio artesanal, ….).

Por outro lado, as actuacións van dirixidas a toda a poboación en xeral, á que se pretende atraer ao destino Galicia.

DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

Desde o comezo da crise ocasionada pola COVID-19 en marzo de 2020, o sector turístico viuse claramente afectado e, ocasionándolle desde aquela notables perdas económicas ao longo do ano 2020 e tamén durante boa parte do 2021, como consecuencia das sucesivas ondas, que obrigaron a establecer diferentes medidas para paliar os efectos e axudar ao mantemento do sector.

O compromiso da Xunta, primeiro coa supervivencia do sector e logo coa súa recuperación, prolongouse desde o comezo da crise e ao longo de 2021, coa posta en marcha dun plan de choque que terá continuidade no 2022 co obxectivo de acompañar ao sector no proceso de recuperación, modernización e adaptación ás novas circunstancias derivadas da pandemia.

A posta en marcha do conxunto das medidas adoptadas pola Xunta, sumado á capacidade de resiliencia do tecido empresarial están dando como resultado que a recuperación do turismo en Galicia está superando todas as expectativas.

Durante a tempada estival, xullo e agosto, Galicia converteuse na terceira comunidade autónoma con maior recuperación da actividade turística, quedando a piques de chegar ás cifras da demanda marcadas en 2019. Resistimos 20 puntos mellor que a media nacional: o descenso de viaxeiros é dun 10,7% fronte ao 30% do conxunto de España. O noso territorio recuperou o 93% da demanda turística que tiña en xullo de 2019 e o mes de agosto foi excepcional en ocupación turística con niveis superiores a xullo, que xa pechara con moi boas cifras.

Este balance da tempada estival únese ás cifras positivas do acumulado do ano no que atinxe á demanda turística, en que observamos tamén a consolidación da recuperación en todas as tipoloxías de aloxamento. No primeiro semestre do ano, Galicia recuperou o 60% da súa demanda turística rexistrada en 2019, mantendo durante todo este tempo o 4º lugar no ránking de comunidades autónomas con mellor comportamento turístico, con diferenciais coa media do estado que estiveron entre arredor dos 20 puntos a favor de Galicia.

Tanto a capacidade de resiliencia do sector turístico como a capacidade de atracción do viaxeiro nacional e o posicionamento de Galicia como destino seguro, unido á súa oferta turística, foron elementos que amorteceron a caída primeiro e que logo permitiron que Galicia mantivera ritmos de ocupación superiores a 2020 co obxectivo de rematar o ano con preto de tres millóns de viaxeiros.

A recuperación está sendo protagonizada polo mercado nacional, e máis rapidamente polo segmento extrahoteleiro, que xa recuperou en boa medida a demanda de 2019 (caso dos apartamentos turísticos, que rexistran o 80% da demanda de 2019 e dos campings que sitúan a súa recuperación no 93% da demanda previa á crise).

Todas estas cifras son o resultado dunhas medidas eficaces, dun esforzo colectivo e da posta en marcha de ferramentas como o seguro coronavirus e de protocolos de actuación para garantir unha hostalería e un Camiño seguros. O camiño da recuperación está trazado e o 2022 será clave para avanzar na recuperación do mercado estranxeiro.

O XACOBEO 22, CLAVE NA RECUPERACIÓN

O 2022 está chamado a ser un ano clave no que se acelere o proceso de recuperación e reactivación da demanda turística, na medida en que poida volver a mobilidade.

O Xacobeo 2022 será máis internacional, poñendo o acento nas axendas estranxeiras, para o que está prevista unha serie de presentacións en diferentes países para dar a coñecer a celebración. A progresiva recuperación da pandemia permitirá abrir o acontecemento ao resto do mundo, facéndoo partícipe dunha celebración internacional que está chamada a situar a Galicia no centro das miradas a través dunha programación que se abrirá progresivamente cara ao exterior, na medida en que continúen mellorando as condicións sanitarias.

A súa preponderancia como elemento identitario de Galicia e como motor de recuperación non só para Galicia senón para a marca España fan da celebración do Xacobeo en 2022 un fito fundamental no proceso de recuperación do sector turístico. Neste sentido a aposta do Goberno galego foi evidente en 2021 e volverá selo en 2022, con orzamentos moi superiores aos que destina o Goberno central a unha celebración declarada de Especial Interese.

A propia concepción do Camiño de Santiago e da celebración deste excepcional Ano Santo dobre sinalan este feito e esta celebración como acontecemento de excepcional interese turístico e prioridade turística para a administración autonómica, que desenvolverá unha programación viva e adaptable que seguirá medrando adaptada ás circunstancias de cada momento.

De igual xeito, a progresiva recuperación da mobilidade internacional permitirá mellorar paulatinamente as cifras de chegada de peregrinos, que este ano comezaron recuperarse despois de sufrir tamén o impacto da pandemia. Tendo en conta o grao de internacionalización que alcanzara en 2019 o Camiño de Santiago, en que case o 60% dos peregrinos que recolleron a súa credencial foron estranxeiros, a partir de mediados deste ano comezou unha rápida recuperación na chegada de camiñantes, fundamentalmente grazas ao mercado nacional, que se respondeu favorablemente á mensaxe de que o Camiño estaba aberto e era seguro.

O Camiño de Santiago comezou o mes de setembro coa entrega da Compostela número 100.000, e a chegada de peregrinos desde o mes de xuño foi medrando ata situarse nunha media diaria de máis de mil diarias.

Traballabamos coa meta de pechar o ano con 140.000 Compostelas e este obxectivo xa se logrou a comezos do mes de outubro. Seguramente serán moitos máis os peregrinos que cheguen a Santiago de Compostela neste primeiro Ano Santo Dobre, que será o prólogo dun segundo Ano Santo no que agardamos recuperar todo o pulo do Xacobeo.

Durante o 2022 tamén comezará a despregarse o novo Plan Director dos Camiños de Santiago 2022-2027, que establecerá a folla de ruta para a xestión e promoción do Camiño de Santiago ata o vindeiro Ano Santo.

Unha folla de ruta que permitirá seguir avanzando nas actuacións de conservación, mantemento e sinalización do trazado, tralo remate das actuacións previstas tanto no Plan Director do Camiño de Santiago 2015-2021, como no Plan Estratéxico do Xacobeo 2021, que se concibiron co obxectivo de ofrecer unha Galicia e un camiño preparados para dar resposta ás necesidades do novo peregrino, incluíndo actuacións no eixe de acollida e no eixe do trazado.

O novo plan establecerá a diagnose de situación, formulación estratéxica e proposta de folla de ruta para a xestión e promoción do Camiño de Santiago co obxectivo de darlle resposta a estes retos a través de distintas propostas de actuación que se levarán a cabo no Camiño, no marco dunha aposta pola preservación do seus valores e pola busca da excelencia no que atinxe á experiencia do peregrino, sempre baixo criterios de sustentabilidade, accesibilidade e universalidade que definen o propio fenómeno da peregrinación a Santiago de Compostela.

Ademais, no marco deste novo Plan Director levaranse adiante actuacións tales como:

- Melloras nos albergues
- Ampliación rede pública de albergues
- Creación de puntos de información
- Imaxe corporativa da rede
- Deseño de liña de mobiliario
- Colaboración universitaria proxectos fin de grao
- Plan Integral de actuación no entorno do Camiño de Santiago
- Conservación e mantemento
- Atención ao peregrino

Con el dáselle continuidade aos traballos levados adiante ata o 2021 enfocados a atender ás necesidades do Camiño tanto no que atinxe ao eixe do trazado e da acollida coma ao mantemento dos seus valores, estudio e preservación do fenómeno xacobeo. Baixo estes principios durante 2021 investíronse preto de 3,7 millóns de euros no mantemento, acondicionamento e sinalización do Camiño, ademais de levar adiante as últimas actuacións previstas no Plan de Albergues 2019-2021, sumando a previsión de contar con 8 albergues máis na Rede Pública de Albergues de Peregrinos de Galicia ao remate de 2022. Estas actuacións no trazado, sumadas ao mantemento da rede e aos traballos de mellora nos albergues existentes supuxo un investimento en 2021 de 19,3 millóns de euros.

Pero, ademais, durante este ano déuselle cumprimento aos investimentos establecidos para este ano no marco do Plan Estratéxico do Xacobeo 2021, a folla de ruta establecida en 2019 para a preparación de cara a celebración do Ano Santo, nos que se incluíron actuacións en espazos senlleiros como BICs no Camiño, actuacións de mellora no Monte do Gozo ou en infraestruturas que permitiran mellorar a imaxe das entradas dos camiños en Santiago; actuacións de conservación e restauración derivadas do plan director do conxunto catedralicio de Santiago de Compostela por importe de case 7 millóns de euros; mellora das infraestruturas turísticas (3,5M), embelecemento do Camiño (1,5M€) ou para a seguridade da Catedral e a súa contorna (1M€), entre outras.

Un dos aspectos claves para a recuperación do Camiño residiu tamén nas accións postas en marcha no marco do programa Camiño Seguro, nas que se seguirá traballando. O programa incluíu unha serie de accións destinadas a adaptar á peregrinación ás condicións sanitarias de cada momento, ademais de formar a todos os profesionais e voluntarios vencellados co Camiño e desenvolver e implantar unha serie de plans de continxencia, manuais e formacións para a adaptación do Camiño e dos albergues ás novas medidas de seguridade sanitaria no Camiño de Santiago, orientadas á recuperar a confianza do viaxeiro.

Exemplos destas accións foron os proxectos en colaboración co ICTE "Medidas para la reducción del riesgo del contagio por el coronavirus SARS-CoV-2. Caminos de Santiago Seguros"; "Diagnóstico de las medidas de prevención e higiénico-sanitarias frente al SARS-CoV-2 en la cadena de valor de los Caminos de Santiago" e "Formación de las medidas de prevención e higiénico-sanitarias frente al SARS-CoV-2 en la cadena de valor de los Caminos de Santiago", o protocolo asinado coa DXT para avanzar na seguridade dos peóns no Camiño ou o desenvolvemento do programa piloto nos albergues privados en colaboración coa Consellería de Sanidade para definir os aforamentos máximos de acollida nestes establecementos, que foron variando na medida en que melloraron as condicións sanitarias.

A implantación destes proxectos xunto co estudo de novas medidas para incrementar a seguridade dos viaxeiros e viaxeiras como seguros para as súas continxencias ou a posta en marcha do Plan de Hostalería Segura están a contribuír ao obxectivo de recuperar a confianza tanto do viaxeiro coma do peregrino transmitindo a mensaxe de Galicia como destino seguro no seu conxunto, especialmente nun momento en que as olladas están no Camiño de Santiago.

Finalmente, no ano 2022 continuarase cun importante esforzo de promoción do destino Galicia asociado ao Camiño de Santiago a través dunha campaña publicitaria que buscará aos potenciais turistas.

NOVO MODELO TURÍSTICO

Ademais do Camiño de Santiago e a celebración do segundo Ano Santo, o segundo piar sobre o que se asentará o desenvolvemento da estratexia turística de Galicia en 2022 será o apoio ao tecido turístico no seu proceso de recuperación e adaptación ás novas circunstancias derivadas da pandemia co dobre obxectivo de reaccionar de xeito adecuado á crise da COVID19 ao tempo que se impulsa a renovación dun sector para mellorar a súa competitividade e calidade nos seus servizos.

Para o ano 2022 este obxectivo tradúcese en 3 eixes de actuación:

Plan Director 2021-2023 Galicia Destino Seguro, que terá continuidade durante todo o 2022 desenvolvendo accións orientadas tanto á formación como a difusión da mensaxe de Galicia como destino turístico seguro, promovendo a adaptación das infraestruturas turísticas ás novas necesidades motivada pola situación post covid.

A crise foi o momento para reformular un modelo turístico a nivel mundial que aposta pola sustentabilidade, as experiencias diferenciadas e seguras e a excelencia da oferta turística.

Neste proceso de transformación do modelo turístico galego puxemos en marcha neste 2021 este novo plan estratéxico, como unha folla de ruta que guiará o proceso de recuperación, e modernización do turismo galego en base á realidade xurdida trala crise e coa mirada posta nos principios establecidos polos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS) establecidos

na Axenda 2030, co obxectivo de maximizar a captación dos fondos europeos orientados á recuperación e á transformación do sector turístico.

Con estes principios e sen perder de vista a necesidade de seguir mantendo os valores que identifican o modelo turístico galego, comezamos a construír un novo modelo turístico baseado nun turismo tranquilo e de calidade e nos valores paisaxísticos, patrimoniais e enogastronómicos endóxenos que viñeron demostrando a súa capacidade de favorecer a recuperación da demanda turística. Pero a eles hai que unirlles outros fundamentais para acadar estes obxectivos estratéxicos:

- A calidade como sinal de identidade do sector
- A seguridade e hospitalidade do destino
- O uso intensivo da tecnoloxía e o impulso da innovación
- A sustentabilidade 360º como elemento vertebrador

Sobre esta base estrutúrase unha estratexia con 7 obxectivos estratéxicos, 42 plans de acción e 273 propostas operativas que se están a despregar no horizonte de 2021, 2022 e 2023.

Con eles aspírase a recuperar a senda do crecemento que o turismo en Galicia marcaba en 2019 antes da irrupción da pandemia. Neste proceso de recuperación, esta nova estratexia turística tamén contempla como motor de recuperación a celebración deste Xacobeo 2021-2022 así como o horizonte de celebración dos vindeiros Anos Santos (2027 e 2032) que están chamados a exercer de panca de aceleración na recuperación dos viaxeiros internacionais, contribuíndo a asentar un modelo turístico rendible e de calidade no que se antepoñan os obxectivos cualitativos aos cuantitativos.

O investimento previsto para 2022 no marco deste Plan Director é de 123,5 millóns de euros do total de 478 millóns de euros que se investirán ata 2023 para levar adiante a profunda transformación e modernización do sector turístico galego. Do investimento consignado para o 2022 as principais medidas céntranse no apoio ao tecido empresarial, na posta en valor do territorio e dos recursos turísticos e para accións de promoción, comercialización e mercadotecnia turística así como o desenvolvemento de novos produtos adaptados ao novo viaxeiro, con especial atención á creación de produto turístico sostible.

Medidas de apoio e impulso ao sector, que permitan a adaptación e modernización da oferta turística e a creación e a comercialización de novos produtos turísticos que respondan ás demandas do viaxeiro post COVID19, impulsando a creación de novas ferramentas de comercialización adaptadas á nova realidade (comercialización online, big data..) e, sobre todo, impulsando a innovación como ferramenta fundamental para a recuperación económica do sector.

Do mesmo xeito tamén se incluirán medidas de apoio ao sector turístico, a través tanto de liñas de axuda directa para facilitar osíxeno ás diferentes empresas que compoñen a cadea de valor como a través de iniciativas para promover o consumo no sector. Neste eixo encádranse

as liñas de mellora das infraestruturas turísticas dos establecementos de aloxamento e restauración, as de apoio á organización de eventos, mellora e subvención de infraestruturas turísticas en concellos, mantemento e promoción da Q de Calidad, así como a sinatura de convenios con sectores especialmente afectados e de cara a súa reconversión a este novo escenario.

Cómpre lembrar que Galicia foi pioneira e situouse á vangarda de España na posta en marcha de axudas directas aos sectores máis afectados pola pandemia e a Xunta acompañou ao sector desde o primeiro momento da crise sanitaria.

Neste marco, daráselle continuidade ás medidas de inxección directa no sector turístico galego que se traduciron durante 2021 en 31,2M€ en liñas de axudas dirixidas á dotación de medidas fronte á COVID, dixitalización do sector, mellora das infraestruturas turísticas, fomento da calidade ou a reactivación de subsectores especialmente afectados pola crise do coronavirus, como o sector MICE ou o das axencias de viaxes.

Estas liñas de achegas públicas únense a outras postas xa en marcha ao longo deste ano 2021 destinadas ao impulso da hostalería e a industria turística galega que suman un total de case 120 millóns de euros, entre os mencionados 31,2 millóns de euros das distintas convocatorias destinadas a apoiar a colectivos do sector turístico, concellos ou asociacións, e os case 90 millóns de euros abonados aos hostaleiros galegos a través dos dous primeiros Plans de Rescate da Xunta para autónomos, micropemes e hostalaría.

A Xunta de Galicia publicou tamén un terceiro Plan de axudas, con fondos estatais, no que o Estado estableceu condicións pouco flexibles e de grande complexidade para os potenciais beneficiarios; xunto co sector vimos reclamando que se modifiquen eses requisitos para que verdadeiramente o crédito poida chegar a estas empresas.

En paralelo, desde a Dirección Xeral de Administración Local en colaboración coa Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, axudouse a 64 concellos de tódolos signos políticos a simplificar trámites e axilizar os pagos dos 2,5 millóns de euros que destinaron a máis de 2.400 locais de hostalería, de xeito que estes establecementos recibiran as axudas canto antes.

E para facilitar que o sector poida ir gañando cada vez unha maior normalidade no desenvolvemento do seu traballo, no pasado mes de setembro a Xunta de Galicia acordou cos seus representantes dotar á hostalería dun marco estable de traballo, un protocolo pioneiro en toda España que implicará que, con carácter xeral, os locais poidan permanecer abertos con independencia da situación epidemiolóxica en que se atope o concello onde se encontren. Os aforos pasarán a depender do grao de compromiso de cada local coa implantación de medidas de seguridade anticovid.

Desenvolvemento dos Plans de Sustentabilidade ordinarios e extraordinarios do Ministerio de Industria, Comercio y Turismo, que permitirán a transformación de territorios de gran potencial turístico ou que precisan dunha profunda transformación.

O despregue dos Plans de Sustentabilidade en Destino aprobados pola Conferencia Sectorial de Turismo para Galicia con carácter ordinario e extraordinario xogarán tamén un importante papel. Con carácter ordinario ao longo de 2022 rematarán as actuacións previstas nos Plan de Sustentabilidade aprobados en 2020 para Ribeira Sacra e Santiago de Compostela, que suporán un investimento de 4,8M de euros para a modernización destes dous destinos turísticos.

Pero ademais, en 2021 aprobáronse outros dous Plan de Sustentabilidade Turística en Destino para a provincia de Ourense (Ourense Termal) e para a Mariña Lucense, o que permitirá sumar un investimento de 5,4M€ nestes dous territorios durante a súa execución, dos que o Goberno galego aporta 2,3M€.

Pero ademais destes plans ordinarios contaremos con outros de convocatoria extraordinaria, no marco do Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia (PRTR) do Goberno de España. Así, a Xunta de Galicia liderará o desenvolvemento de tres Plans Territoriais de Sostenibilidade Turística en Destino de Galicia atendendo ás prioridade de actuación definidas pola administración autonómica:

- Plan Territorial 2021: Litoral
- Plan Territorial 2022: Enogastronomía
- Plan Territorial 2023: Vilas Termais e Cascos Históricos

A Xunta comezou a traballar en 2021 no Plan Territorial do Litoral (2021-2023) no que se abordarán actuacións en fachadas do litoral, rutas de mobilidade sostible, educación marítima, basuraleza, sinalización de praias, etc. Ao longo do 2022, este plan, dotado con 29,2 millóns de euros, coexistirá co Plan Enogastronómico, dotado con 31,7 millóns de euros. En todos eles, a Xunta de Galicia asume o reto de identificar as prioridades de cada anualidade e a revisión do aliñamento dos proxectos tractores a presentar con respecto a esas prioridades, sen esquecer que os proxectos deben incluír os eixos prioritarios de actuación (transición verde e sostible, eficiencia enerxética, transición dixital e competitividade) e que contarán con liñas de axuda orientadas ao sector.

Pero, ademais, durante 2022 tamén se desenvolverá o Plan Nacional Turístico Xacobeo 21-22, ao que o Goberno Central destina un orzamento total de 121M€ para as dúas anualidades e para o conxunto do territorio. Desta suma dedicaranse 45 millóns de euros a financiar o Plan Nacional de Sustentabilidade Turística en Destinos Xacobeo pero aínda non se comunicou a cantidade que lle corresponderá a Galicia. A proposta galega pasa por dedicar estes fondos a actuacións para facer de Galicia un destino cicloturista, revalorizar a ruta xacobea marítimo-fluvial polo Mar de Arousa coñecida como ruta Traslatio e poñer en valor o Camiño de Santiago como unha experiencia segura, innovadora e tamén en familia.

Todas estas actuacións estarán transversalmente percorridas polo impulso á cooperación e a gobernanza turística como ferramenta para manter o tecido asociativo e profesional que compón o sector, a través da cooperación público-privada que ven demostrando a súa efectividade

no desenvolvemento turístico galego nos últimos anos, sen esquecer a cooperación con outras entidades e administracións para un correcto desenvolvemento das medidas de impulso que permitan a recuperación do sector a través de ferramentas como os xeodestinos ou ao tecido vencellado co Camiño de Santiago.

Finalmente, o feito de ser o espazo xeográfico onde conflúen todas as rutas do Camiño de Santiago e contar con tres Anos Santos nun período inminente de once anos (2021-22, 2027 e 2032) será outros dos piares que exercerá como efecto panca que acelere a recuperación da actividade e que reactive a chegada de turistas internacionais nos vindeiros anos e que determinará boa parte dos investimentos e das actuacións que se leven adiante durante este segundo Ano Santo.

DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

- Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, pola que se aproba o Estatuto de Autonomía para Galicia.
- Lei 7/2011, do 27 de outubro, do turismo de Galicia.
- Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos.

Neste marco legal e regulamentario son de aplicación o Plan Director do Camiño de Santiago e as directrices de accesibilidade turística que definen as actuacións a realizar pola Axencia de Turismo de Galicia dentro do programa.

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

A finalidade do programa será incidir na execución de accións que poñan en valor todas as oportunidades que o turismo pode aportar ao desenvolvemento de Galicia, priorizando os recursos na reactivación económica do sector:

- O establecemento de Galicia como destino seguro.
- O posicionamento de Galicia como marca e como destino diferencial a nivel interno, nacional e internacional.
- A consolidación de Galicia como destino multiexperiencial, cunha oferta segmentada e desestacionalizadora.
- O desenvolvemento de Galicia como destino europeo de turismo sustentable.
- O afianzamento dun sector turístico galego, competitivo, proactivo, innovador e coordinado, con visión internacional.

- Desenvolvemento da programación Xacobeo 2021-22.
- O programa da recuperación do turismo estará centrado na comunicación dos valores do destino a través da marca turística "Galicia, o bo Camiño" e do mantemento do obxectivo de que Galicia sexa un destino seguro.
- A rede de albergues de peregrinos é unha peza básica que necesita coidados como a reparación daqueles de maior antigüidade (especialmente no Camiño Francés) ou a creación de novos establecementos en etapas de longo percorrido que carecen dun albergue.

B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres	
Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres	X
Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa con actividades non dirixidas especificamente ás persoas, aínda que teñen impacto sobre elas como beneficiarias indirectas das accións (programas que actúan sobre o territorio, o medioambiente, a sociedade no seu conxunto, etc)	
Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión	

BREVE DESCRICIÓN DO PROGRAMA DENDE A PERSPECTIVA DE XÉNERO

O presente programa non ten en conta directamente a perspectiva de xénero, se ben si se obteñen impactos diferenciados en homes e mulleres.

O posicionamento de Galicia como destino de calidade e implica que a oferta das experiencias turísticas debe estar acorde coa comunicación, que no caso de Galicia transmite que está dirixida a un público obxectivo onde a muller forma parte activa en igualdade.

No exercicio orzamentario 2022, Turismo de Galicia velará especialmente para que os elementos da comunicación de Galicia outorguen ao elemento feminino cada vez máis protagonismo e notoriedade nas campañas.

Máis alá de datos xenéricos desagregados por sexos a nivel de emprego no sector turístico, a información dispoñible por subramas dentro do sector ou do emprego por conta propia é case nula así como a información sobre o sexo das persoas titulares de empresas turísticas ou das características das persoas visitantes na comunidade autónoma. Neste último caso a proporción entre homes e mulleres turistas en Galicia na serie histórica é practicamente equivalente.

A materia na que se debe afondar é na de conseguir as condicións de equidade nos salarios e nos cargos nun sector onde as mulleres ocupan unha porcentaxe mínima en cargos de responsabilidade ou dirección, e perciben unha porcentaxe de salario inferior aos homes empregados. Segundo os datos da segunda edición do Informe mundial sobre as mulleres no turismo (OMT), de novembro de 2019, as mulleres gañan un 14,7% menos que os seus homólogos varóns no sector turístico.

As actuacións de mellora na accesibilidade aos recursos turísticos, aínda que beneficia a toda a poboación, si pode ter incidencia na decisión de optar por un destino ou outro.

IDENTIFICACIÓN DUN OU VARIOS OBXECTIVOS EN MATERIA DE IGUALDADE PRESENTES NA NORMATIVA E PLANS VIXENTES E QUE SON DE APLICACIÓN NO DESENVOLVEMENTO DAS ACCIÓN CONTEMPLADAS NESTE PROGRAMA

Incorporación da transversalidade de xénero na actuación xeral do departamento	X
Información, sensibilización e educación para a igualdade de mulleres e homes	X
Transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade	X
Igualdade no acceso ao emprego, na formación e na promoción profesionais e nas condicións de traballo	X
Fomento, directa ou indirectamente, da iniciativa empresarial das mulleres	X
Promoción da plena incorporación das mulleres á Sociedade da Información	X
Incorporación do principio de igualdade nas políticas urbanas, de ordenación territorial e vivenda	
Promoción do reparto equitativo dos tempos entre mulleres e homes que facilite a conciliación e a corresponsabilidade	
Promoción da igualdade e da participación activa das mulleres en todos os ámbitos da sociedade (cultura, educación, política, economía, deporte, saúde, etc.)	X
Participación das mulleres no desenvolvemento rural	X

Accións dirixidas á integración de mulleres en risco ou en situación de pobreza ou exclusión social	
Accións dirixidas á prevención e á loita contra a violencia de xénero	
Outros (especificar)	

IDENTIFICACIÓN DAS ACTIVIDADES PREVISTAS DIRECTAMENTE RELACIONADAS COA PROMOCIÓN DA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES, INDICANDO PARA CADA UNHA, AS PERSOAS ÁS QUE ESTÁ DIRIXIDA. INDICAR, NO CASO DE DISPOR DESTES DATOS, AS PRINCIPAIS CARACTERÍSTICAS DAS ORGANIZACIÓNS (TIPO, ÁMBITO TERRITORIAL, ETC.) OU PERSOAS (IDADE, NIVEL EDUCATIVO, ETC.), DESTINATARIAS DAS ACCIÓNS.

No ano 2022 continuarase a fomentar a igualdade entre mulleres e homes no desenvolvemento da actividade no Centro Superior de Hostalería de Galicia, instando ao persoal docente a poñer especial coidado na formación en igualdade e na maneira na que se dirixen ao seu alumnado. Tamén nos cursos específicos de formación para o sector se incluirán módulos nos que se incida nos aspectos que permitan incrementar as posibilidades de traballo para as mulleres, así como a progresiva ruptura da segregación de xénero do mercado laboral.

Nas accións formativas a través dos acordos de colaboración coas universidades previstas para o 2022 deberá incidirse na información, sensibilización e educación para a igualdade en mulleres e homes. Neste ámbito, preverase tamén a inclusión de cláusulas nos convenios de colaboración que se asinen coas entidades sectoriais, conducente a que en virtude do convenio se transmita unha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes no sector turístico. A utilización de indicadores como o número de mulleres beneficiarias destas accións servirán para valorar a incidencia das medidas formativa.

Nas ordes de axudas destinadas a empresas turísticas, procurarase a valoración na concesión das subvencións da aplicación de políticas de igualdade de oportunidades aos traballadores e traballadoras das empresas do sector e estableceranse medidas para facilitar o acceso ás liñas de axudas das PEMES como instrumento máis adecuado para dar acceso ás mulleres ao sector turístico. Os indicadores a utilizar serán o número de mulleres destinatarias destas liñas de axuda.

No ámbito dos estudos e estatísticas que se realicen pola Axencia de Turismo de Galicia, estableceranse indicadores que permitan evidenciar ou cuantificar as desigualdades. Así, número de empresas titularidade de homes e de mulleres que existen na comunidade autónoma, características das empresas de mulleres e homes (tamaño, número de persoas empregadas,...).

No ámbito da promoción turística e campañas publicitarias da marca Galicia, porase especial atención na utilización de imaxes e linguaxe non sexistas, e en horarios e soportes máis axeitados para que a mensaxe chegue máis facilmente ás mulleres. Indicadores como franxa horaria de

emisión ou soportes utilizados poden indicarnos se as decisións son as máis adecuadas para que a mensaxe chegue á poboación feminina.

As accións destinadas á desestacionalidade do turismo contribúen tamén a incrementar as posibilidades de participación na oferta turística de actores económicos locais dos que resultan maioritariamente beneficiadas as mulleres.

PREVISIÓN E VALORACIÓN DOS POSIBLES EFECTOS DO PROGRAMA SOBRE UN E OUTRO SEXO E SOBRE A IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE MULLERES E HOMES.

As accións deseñadas pretenden, moi especialmente, a revalorización económica e social do traballo das mulleres en actividades turísticas, a superación dos esquemas sociais discriminatorios de xénero e promover a empresarialidade das mulleres na oferta turística.

Tamén o obxectivo é incidir na mellora da accesibilidade dos recursos turísticos, o que favorecerá a decisión das mulleres a favor do recurso turístico accesible e de calidade.

SINALAR OS PRINCIPAIS RESULTADOS DO PROGRAMA, DENDE O PUNTO DE VISTA DO XÉNERO.

Segundo a Enquisa de Poboación Activa (EPA) no 2019 no conxunto de todas as ramas características de turismo, a porcentaxe de mulleres ocupadas atopábase nun 51,5 %.

INDICAR SE SE TEÑEN IMPLANTADO NOVAS ESTRATEXIAS PARA UNHA MELLOR INCORPORACIÓN DA PERSPECTIVA DE XÉNERO NA XESTIÓN, DESENVOLVEMENTO E AVALIACIÓN DAS ACCIÓNS QUE FINANCIA O PROGRAMA DE GASTO. EN CASO AFIRMATIVO, FACER UNHA BREVE DESCRICIÓN.EN CASO NEGATIVO INDICAR AS DIFICULTADES ATOPADAS PARA LEVALO A CABO.

Dado o equilibrio entre homes e mulleres, non se aprecia unha necesidade imperativa para a implantación de novas estratexias para a incorporación da perspectiva de xénero na xestión, desenvolvemento e avaliación das accións que financia este programa de gasto.

C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Axencia de Turismo de Galicia

IV. CADROS DE OBXECTIVOS POR PROGRAMA

OBXECTIVOS DE PROGRAMA

Programa: 111E RELACIÓNS EXTERIORES

Eixe: E4 - Sociedade dixital, lingua, cultura e reforzo do peso de Galicia no seu entorno

Prioridade de Actuación: PA03 - Impulso das institucións de autogoberno e mellora da súa influencia e colaboración con Europa, a Eurorexión e o resto do Estado

Obxectivo Extratéxico /Obxectivo Instrumental: IO1 - Fortalecer a acción exterior de Galicia, especialmente nas relacións coa Unión Europea e na cooperación transfronteiriza.

Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental

OIO3 - Actuacións de soporte e apoio (gastos de funcionamento)

OO01 - Accións para a promoción, impulso e fortalecemento da acción exterior de Galicia e apoio á presenza efectiva da Xunta naqueles foros de ámbito comunitario abertos á participación autonómica.

OO02 - Xestión, seguimento, avaliación e control dos fondos comunitarios destinados ao Programa INTERREG V-A España Portugal (POCTEP) 2014-2020.

Programa: 121A DIRECCIÓN E SERVIZOS XERAIS DE ADMINISTRACIÓN XERAL

Eixe: E5 - EIXE INSTRUMENTAL. Administración moderna, eficiente e de calidade

Prioridade de Actuación: PA02 - Administración transparente, eficiente e orientada a resultados

Obxectivo Extratéxico /Obxectivo Instrumental: IO1 - Acadar unha administración eficiente e que persiga a mellora continua da calidade dos servizos a través da optimización e racionalización da xestión do gasto público.

Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental

OIO6 - Actuacións de soporte e apoio (gastos de funcionamento)

OO01 - Accións para o aumento da eficiencia das administracións públicas, como parte da reforma da administración pública e do sector público, cunha estratexia integrada que trate as disfuncións institucionais existentes na conxunto da administración autonómica.

OO02 - Aplicación de reformas en materia de centralización de contratos e autoprovisión.

OO03 - Renovación e mellora das infraestruturas públicas (novas instalacións e equipamentos) co obxecto de acadar unha xestión máis eficiente da enerxía.

OO04 - Implantación dun novo modelo de rexistro e sistema de información ao cidadán a través dunha nova aplicación informática cun único Rexistro Xeral, e a incorporación da dixitalización dos documentos que se presenten nas oficinas de rexistro

Programa: 121B ASESORAMENTO E DEFENSA DOS INTERESES DA COMUNIDADE AUTÓNOMA

Eixe: E5 - EIXE INSTRUMENTAL. Administración moderna, eficiente e de calidade

Prioridade de Actuación: PA01 - Función pública profesional, motivada e orientada ao servizo público

Obxectivo Extratéxico /Obxectivo Instrumental: IO3 - Avanzar na mellora da calidade e seguridade xurídicas da actuación da administración e sector público autonómico.

Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental

OIO6 - Actuacións de soporte e apoio (gastos de funcionamento)

OO03 - Medidas de coordinación dos servizos consultivos e contenciosos da Asesoría Xurídica.

Programa: 121C RELACIÓNS INSTITUCIONAIS

Eixe: E4 - Sociedade dixital, lingua, cultura e reforzo do peso de Galicia no seu entorno

Prioridade de Actuación: PA03 - Impulso das institucións de autogoberno e mellora da súa influencia e colaboración con Europa, a Eurorexión e o resto do Estado

Obxectivo Extratéxico /Obxectivo Instrumental: IO2 - Impulsar a coordinación co Parlamento e a dos distintos departamentos da Xunta de Galicia para evitar que se solapen competencias co Estado e coas demais Comunidades Autónomas.

Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental

OIO4 - Actuacións de soporte e apoio (gastos de funcionamento)

OO01 - Accións de mellora e axilización da tramitación parlamentaria das diferentes iniciativas gubernamentais

Programa: 123A ACCIÓN SOCIAL EN FAVOR DO PERSOAL DA ADMINISTRACIÓN

Eixe: E5 - EIXE INSTRUMENTAL. Administración moderna, eficiente e de calidade

Prioridade de Actuación: PA01 - Función pública profesional, motivada e orientada ao servizo público

Obxectivo Extratéxico /Obxectivo Instrumental: IO2 - Contribuír a unha función pública profesional, motivada e orientada ao servizo público

Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental

OO01 - Desenvolver e aplicar estratexias e políticas de recursos humanos axeitadas ás necesidades reais para a prestación dos servizos públicos, nomeadamente a través do desenvolvemento da lei do empregado público

Programa: 131A ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA

Eixe: E4 - Sociedade dixital, lingua, cultura e reforzo do peso de Galicia no seu entorno

OBXECTIVOS DE PROGRAMA

Prioridade de Actuación: PA03 - Impulso das institucións de autogoberno e mellora da súa influencia e colaboración con Europa, a Eurorexión e o resto do Estado

Obxectivo Extratéxico /Obxectivo Instrumental: E01 - Mellorar a capacidade institucional e a eficiencia da administración de xustiza en Galicia.

Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental

OI05 - Actuacións de soporte e apoio (gastos de funcionamento)

OO01 - Modernización e adaptación das infraestruturas sobre as que se presta este servizo.

OO02 - Implantación de novas solucións tecnolóxicas.

OO03 - Implantación da nova oficina xudicial e fiscal.

OO04 - Medidas para a modernización e achegamento á cidadanía da Administración de Xustiza

OO07 - Valorización da Administración: avanzar cara a unha Administración dixital innovadora.

Indicador	Valor Previsto
PO0141 - Infraestruturas xudiciais construídas ou rehabilitadas	48
PO1004 - Número de efectivos	2.981
P1022H - Persoas usuarias da asistencia xurídica gratuíta. Homes	30.000
P1022M - Persoas usuarias da asistencia xurídica gratuíta. Mulleres	20.000

Programa: 141A ADMINISTRACIÓN LOCAL

Eixe: E3 - Crecemento sustentable, territorio, mar, agricultura, gandeiría e montes

Prioridade de Actuación: PA04 - Conservación da natureza, ordenación do territorio e da paisaxe e cohesión territorial

Obxectivo Extratéxico /Obxectivo Instrumental: E01 - Completar o proceso de ordenación urbanística do territorio galego, fomentando a participación da cidadanía no mesmo e a protección do solo e apoio á administración local.

Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental

OI05 - Actuacións de soporte e apoio (gastos de funcionamento)

OO08 - Accións de apoio ás entidades locais para acadar un nivel homoxéneo de prestación de servizos públicos dixitais.

OO09 - Accións de mellora de infraestruturas e servizos públicos e realización de programas conxuntos coas entidades locais.

Indicador	Valor Previsto
PO076E - Entidades locais beneficiadas en actuacións globais destinadas á conservación, reposición e restauración do medio ambien	250
PO076F - Entidades locais beneficiadas en actuacións de creación, mellora e ampliación servizos locais básicos	129

Programa: 161A ELECCIÓNS E PARTIDOS POLÍTICOS

Eixe: E4 - Sociedade dixital, lingua, cultura e reforzo do peso de Galicia no seu entorno

Prioridade de Actuación: PA03 - Impulso das institucións de autogoberno e mellora da súa influencia e colaboración con Europa, a Eurorexión e o resto do Estado

Obxectivo Extratéxico /Obxectivo Instrumental: I03 - Contribuír a avanzar no autogoberno dunha autonomía histórica que achegue a Galicia ás rexións europeas máis desenvolvidas e con maior calidade de vida.

Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental

OO08 - Eleccións e partidos políticos

Programa: 212A PROTECCIÓN CIVIL E SEGURIDADE DA COMUNIDADE AUTÓNOMA

Eixe: E4 - Sociedade dixital, lingua, cultura e reforzo do peso de Galicia no seu entorno

Prioridade de Actuación: PA03 - Impulso das institucións de autogoberno e mellora da súa influencia e colaboración con Europa, a Eurorexión e o resto do Estado

Obxectivo Extratéxico /Obxectivo Instrumental: E02 - Consolidar unha Administración eficiente que ofreza unha resposta integral ás necesidades que demanda a cidadanía en materia de emerxencias, protección civil e seguridade pública, atendendo aos criterios de formación, especialización e innovación tecnolóxica.

Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental

OI05 - Actuacións de soporte e apoio (gastos de funcionamento)

OO01 - Dimensionamento dos teléfonos de información á cidadanía existentes e implantación dun novo mapa de atención ás emerxencias coa modernización e mellora da atención á poboación.

OO02 - Profesionalización dos servizos de emerxencia.

OO03 - Accións de formación, actualización e especialización na AGASP ao distinto persoal de protección civil e seguridade pública.

OO04 - Potenciación da seguridade pública a través do Corpo Nacional de Policía Adscrita á Xunta de Galicia (UPA).

Indicador	Valor Previsto
PO0280 - Profesionais de intervención ante as urxencias	567
PO1023 - Chamadas atendidas polos servizos de emerxencias	969.999

OBXECTIVOS DE PROGRAMA

P01024 - Medios técnicos adquiridos para o sistema de emerxencias e de protección civil	96
P227.H - Participantes en accións de formación. Homes	9.000
P227.M - Participantes en accións de formación. Mulleres	2.000

Programa: 324B MELLORA DOS SISTEMAS DE SAÚDE E SEGURIDADE NO TRABALLO

Eixe: E1 - Empregabilidade e crecemento intelixente

Prioridade de Actuación: PA03 - Aumento da empregabilidade e produtividade dos traballadores e traballadoras de Galicia a través da formación e innovación constante

Obxectivo Extratéxico /Obxectivo Instrumental: E05 - Acadar unhas relacións laborais modernizadas baseadas na responsabilidade social empresarial (RSE), diminuíndo a conflitividade e a sinistralidade laboral

Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental

OO11 - Recoñecementos médicos do persoal empregado na Xunta de Galicia

Indicador	Valor Previsto
PO0325 - Accións de formación e información desenvoltas en materia deprevención de riscos laborais	81

Programa: 331A COOPERACIÓN EXTERIOR E AO DESENVOLVEMENTO

Eixe: E2 - Benestar das persoas e as familias e cohesión social

Prioridade de Actuación: PA03 - Mellora dos servizos sociais a familias e á infancia, apoio á conciliación e á promoción da igualdade, servizos e axudas complementarios da educación e políticas de xuventude e cooperación

Obxectivo Extratéxico /Obxectivo Instrumental: IO1 - Mellorar a calidade de vida nos países do Sur a través da cooperación ao desenvolvemento e da acción humanitaria galega.

Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental

OI04 - Actuacións de soporte e apoio (gastos de funcionamento)

OO01 - Accións de cooperación no exterior.

OO02 - Programas de educación para o desenvolvemento.

OO03 - Medidas de Acción Humanitaria.

Indicador	Valor Previsto
PO045L - Axudas concedidas para a cooperación exterior e ao desenvolvemento	60

Programa: 761A POTENCIACIÓN E PROMOCIÓN DO TURISMO

Eixe: E3 - Crecemento sustentable, territorio, mar, agricultura, gandeiría e montes

Prioridade de Actuación: PA03 - Potenciación do turismo en Galicia a partir dun medio ambiente e cultura privilexiados

Obxectivo Extratéxico /Obxectivo Instrumental: EO1 - Reforzar o atractivo turístico e situar a Galicia como destino único a través dun modelo máis competitivo, sustentable e adaptado aos cambios do mercado.

Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental

OI10 - Actuacións de soporte e apoio (gastos de funcionamento)

OO01 - Promoción nacional e internacional da oferta turística de Galicia.

OO05 - Actuacións sobre o Camiño de Santiago, mellorando os aspectos ambientais, a xestión de fluxos, a mellora dos trazados e da sinalización e a mellora dos servizos turísticos.

OO06 - Desenvolvemento e promoción de recursos turísticos naturais e culturais.

OO07 - Liñas de colaboración con outras administracións e o sector turístico privado para a mellora, fortalecemento, complementariedade e promoción da oferta turística de Galicia.

OO08 - Apoio a mellora da accesibilidade aos recursos turísticos.

OO19 - Actuacións derivadas de COVID-19

Indicador	Valor Previsto
PO0015 - Accións de mellora sobre o Camiño de Santiago	55
PO0016 - Accións de promoción de produtos turísticos	519
PO045K - Axudas concedidas para potenciar o turismo en Galicia	622

V. CADROS NUMÉRICOS

Orzamento consolidado. Distribución dos créditos por programas e servizos

Programas	Servizos					
	11	21	22	23	24	25
121A-Dirección e servizos xerais de Administración xeral		55.005				
121B-Asesoramento e defensa dos intereses da Comunidade Autónoma	2.797					
121C-Relacións institucionais					873	
123A-Acción social en favor do persoal da Administración		150				
131A-Administración de xustiza			155.461			
141A-Administración local				17.323		
161A-Eleccións e partidos políticos					2.000	
212A-Protección civil e seguridade da comunidade autónoma						17.969
324B-Mellora dos sistemas de saúde e seguridade no traballo		756				
Total	**2.797**	**55.911**	**155.461**	**17.323**	**2.873**	**17.969**

(Miles de Euros)

Orzamento consolidado. Distribución dos créditos por programas e servizos (continuación)

Programas	Servizos					
	26	27	81	A1	A2	Total
111E-Relacións exteriores	2.812					2.812
121A-Dirección e servizos xerais de Administración xeral		2.134				57.139
121B-Asesoramento e defensa dos intereses da Comunidade Autónoma						2.797
121C-Relacións institucionais						873
123A-Acción social en favor do persoal da Administración						150
131A-Administración de xustiza						155.461
141A-Administración local						17.323
161A-Eleccións e partidos políticos						2.000
212A-Protección civil e seguridade da comunidade autónoma			3.229	8.207		29.405
324B-Mellora dos sistemas de saúde e seguridade no traballo						756
331A-Cooperación exterior e ao desenvolvemento	7.835					7.835
761A-Potenciación e promoción do turismo					126.027	126.027
Total	**10.647**	**2.134**	**3.229**	**8.207**	**126.027**	**402.578**

(Miles de Euros)

Orzamento consolidado. Distribución dos créditos por programas e capítulos

Programas	Capítulos							
	I	II	III	IV	VI	VII	VIII	Total
111E-Relacións exteriores	1.539	349	11	835	79			2.812
121A-Dirección e servizos xerais de Administración xeral	24.397	20.557	256	121	11.578	190	40	57.139
121B-Asesoramento e defensa dos intereses da Comunidade Autónoma	2.632	164						2.797
121C-Relacións institucionais	687	149			37			873
123A-Acción social en favor do persoal da Administración		150						150
131A-Administración de xustiza	111.469	14.461		15.968	13.564			155.461
141A-Administración local	938	104		5.087	162	11.033		17.323
161A-Eleccións e partidos políticos				2.000				2.000
212A-Protección civil e seguridade da comunidade autónoma	6.130	3.393		10.851	9.031			29.405
324B-Mellora dos sistemas de saúde e seguridade no traballo		523			232			756
331A-Cooperación exterior e ao desenvolvemento	584			5.146	70	2.035		7.835
761A-Potenciación e promoción do turismo	11.571	6.490	1	6.165	54.837	46.964		126.027
Total	**159.947**	**46.339**	**268**	**46.173**	**89.590**	**60.222**	**40**	**402.578**

(Miles de Euros)

DISTRIBUCIÓN ORGÁNICA

11 ASESORIA XURÍDICA XERAL	2021	2021 Consolidable	2022	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	2.631	2.631	2.632	0,0
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	164	164	164	0,0
Total	**2.795**	**2.795**	**2.797**	**0,0**

(Miles de Euros)

21 SECRETARÍA XERAL TÉCNICA	2021	2021 Consolidable	2022	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	21.679	21.679	22.263	2,7
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	21.096	19.874	21.230	6,8
Cap. III - Gastos financeiros	70	70	256	264,7
Cap. IV - Transferencias correntes	1.509	1.509	121	-92,0
Cap. VI - Investimentos reais	17.070	16.650	11.810	-29,1
Cap. VII - Transferencias de capital	190	190	190	0,0
Cap. VIII - Activos financeiros	40	40	40	0,0
Total	**61.654**	**60.013**	**55.911**	**-6,8**

(Miles de Euros)

22 DIRECCIÓN XERAL DE XUSTIZA	2021	2021 Consolidable	2022	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	106.488	106.488	111.469	4,7
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	16.841	14.261	14.461	1,4
Cap. IV - Transferencias correntes	13.868	13.868	15.968	15,1
Cap. VI - Investimentos reais	15.611	15.611	13.564	-13,1
Total	**152.808**	**150.228**	**155.461**	**3,5**

(Miles de Euros)

23 DIRECCIÓN XERAL DE ADMINISTRACIÓN LOCAL	2021	2021 Consolidable	2022	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	920	920	938	2,0
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	104	104	104	0,0
Cap. IV - Transferencias correntes	5.087	5.087	5.087	0,0
Cap. VI - Investimentos reais	117	117	162	38,5
Cap. VII - Transferencias de capital	11.033	11.033	11.033	0,0
Total	**17.259**	**17.259**	**17.323**	**0,4**

(Miles de Euros)

24 DIRECCIÓN X. DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS	2021	2021 Consolidable	2022	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	666	666	687	3,2
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	149	149	149	0,0
Cap. IV - Transferencias correntes	2.000	2.000	2.000	0,0
Cap. VI - Investimentos reais	37	37	37	0,0
Total	**2.852**	**2.852**	**2.873**	**0,7**

(Miles de Euros)

25 DIRECCIÓN XERAL DE EMERXENCIAS E INTERIOR	2021	2021 Consolidable	2022	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	4.686	4.686	4.756	1,5
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	1.112	1.102	1.102	0,0
Cap. IV - Transferencias correntes	11.789	10.789	10.789	0,0
Cap. VI - Investimentos reais	1.398	1.322	1.322	0,0
Total	**18.985**	**17.899**	**17.969**	**0,4**

(Miles de Euros)

26 DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS EXTERIORES E COA UNIÓN EUROPEA	2021	2021 Consolidable	2022	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	2.081	2.081	2.123	2,0
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	349	349	349	0,0
Cap. III - Gastos financeiros	11	11	11	0,0
Cap. IV - Transferencias correntes	5.981	5.981	5.981	0,0
Cap. VI - Investimentos reais	230	230	149	-35,3
Cap. VII - Transferencias de capital	1.660	1.660	2.035	22,6
Total	**10.312**	**10.312**	**10.647**	**3,3**

(Miles de Euros)

27 DELEGACIÓNS TERRITORIAIS	2021	2021 Consolidable	2022	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	1.962	1.962	2.134	8,8
Total	**1.962**	**1.962**	**2.134**	**8,8**

(Miles de Euros)

81 ACADEMIA GALEGA DE SEGURIDADE PÚBLICA	2021	2021 Consolidable	2022	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	845	845	862	2,0
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	2.138	2.138	2.138	0,0
Cap. VI - Investimentos reais	178	178	228	28,1
Total	**3.162**	**3.162**	**3.229**	**2,1**

(Miles de Euros)

A1 AXENCIA GALEGA DE EMERXENCIAS	2021	2021 Consolidable	2022	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	502	502	512	2,0
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	153	153	153	0,0
Cap. IV - Transferencias correntes	62	62	62	0,0
Cap. VI - Investimentos reais	7.481	7.481	7.481	0,0
Total	**8.197**	**8.197**	**8.207**	**0,1**

(Miles de Euros)

A2 AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA	2021	2021 Consolidable	2022	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	11.344	11.344	11.571	2,0
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	7.067	6.490	6.490	0,0
Cap. III - Gastos financeiros	0	0	1	0,0
Cap. IV - Transferencias correntes	12.034	5.165	6.165	19,4
Cap. VI - Investimentos reais	52.369	52.331	54.837	4,8
Cap. VII - Transferencias de capital	29.664	23.764	46.964	97,6
Total	**112.477**	**99.094**	**126.027**	**27,2**

(Miles de Euros)

SERVIZOS	2021	2021 Consolidable	2022	% Var.
11 ASESORIA XURÍDICA XERAL	2.795	2.795	2.797	0,0
21 SECRETARÍA XERAL TÉCNICA	61.654	60.013	55.911	-6,8
22 DIRECCIÓN XERAL DE XUSTIZA	152.808	150.228	155.461	3,5
23 DIRECCIÓN XERAL DE ADMINISTRACIÓN LOCAL	17.259	17.259	17.323	0,4
24 DIRECCIÓN X. DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS	2.852	2.852	2.873	0,7
25 DIRECCIÓN XERAL DE EMERXENCIAS E INTERIOR	18.985	17.899	17.969	0,4
26 DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS EXTERIORES E COA UNIÓN EUROPEA	10.312	10.312	10.647	3,3
27 DELEGACIÓNS TERRITORIAIS	1.962	1.962	2.134	8,8
81 ACADEMIA GALEGA DE SEGURIDADE PÚBLICA	3.162	3.162	3.229	2,1
A1 AXENCIA GALEGA DE EMERXENCIAS	8.197	8.197	8.207	0,1
A2 AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA	112.477	99.094	126.027	27,2
Total	**392.465**	**373.773**	**402.578**	**7,7**

(Miles de Euros)

Consellería, Organismos Autónomos, Entidades públicas instrumentais de consulta ou asesoramento e Axencias Públicas Autonómicas

	Consellería		OO.AA , EE.CC.AA. e Axencias		Trans. Internas		Consolidado	
	2021 Consolidable	2022	2021 Consolidable	2022	2021 Consolidable	2022	2021 Consolidable	2022
Cap. I - Gastos de persoal	141.113	147.002	12.691	12.945	0	0	153.804	159.947
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	36.002	37.558	8.781	8.781	0	0	44.783	46.339
Cap. III - Gastos financeiros	81	267	0	1	0	0	81	268
Cap. IV - Transferencias correntes	63.186	65.124	5.227	6.227	23.953	25.178	44.460	46.173
OPERACIÓNS CORRENTES	**240.382**	**249.950**	**26.699**	**27.953**	**23.953**	**25.178**	**243.128**	**252.726**
Cap. VI - Investimentos reais	33.968	27.044	59.990	62.546	0	0	93.958	89.590
Cap. VII - Transferencias de capital	91.616	114.747	23.764	46.964	78.733	101.489	36.647	60.222
Cap. VIII - Activos financeiros	40	40	0	0	0	0	40	40
OPERACIÓNS DE CAPITAL	**125.624**	**141.831**	**83.754**	**109.510**	**78.733**	**101.489**	**130.645**	**149.852**
Total	**366.006**	**391.781**	**110.453**	**137.463**	**102.686**	**126.667**	**373.773**	**402.578**

(Miles de Euros)

Medios Persoais

Vicepresidencia 1ª e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo	2022
Altos Cargos	**15**
Persoal Funcionario	**3.407**
Subgrupo A1	234
Subgrupo A2	917
Subgrupo C1	1.426
Subgrupo C2	755
Agrupacións profesionais	75
Persoal Laboral	**442**
Grupo I	43
Grupo II	31
Grupo III	151
Grupo IV	100
Grupo V	111
Grupo VIII	6
TOTAL	**3.864**

Medios Persoais

Academia Galega de Seguridade Pública	2022
Persoal Funcionario	**19**
Subgrupo A1	6
Subgrupo A2	3
Subgrupo C1	1
Subgrupo C2	7
Agrupacións profesionais	2
Persoal Laboral	**1**
Grupo II	1
TOTAL	**20**

Medios Persoais

Axencia Galega de Emerxencias	2022
Persoal Funcionario	**3**
Subgrupo A1	3
Persoal Laboral	**4**
Grupo III	3
Grupo IV	1
TOTAL	**7**

Medios Persoais

Axencia de Turismo de Galicia	2022
Altos Cargos	**1**
Persoal Funcionario	**119**
Subgrupo A1	**23**
Subgrupo A2	**42**
Subgrupo C1	**23**
Subgrupo C2	**23**
Agrupacións profesionais	**8**
Persoal Laboral	**160**
Grupo I	**2**
Grupo II	**5**
Grupo III	**2**
Grupo IV	**3**
Grupo V	**5**
Sin Grupo	**143**
TOTAL	**280**

Entidades Públicas Empresariais, Consorcios, Sociedades Mercantís e Fundacións do Sector Público Autonómico

Consorcios autonómicos	**Explotación**	**Capital**
Consorcio Local dos Peares	69	6
Fundacións do sector público autonómico	**Explotación**	**Capital**
Fundación Galicia Europa	756	4
Fundación Semana Verde de Galicia	3.094	
Sociedades mercantís públicas autonómicas	**Explotación**	
Sociedade Anónima de Xestión do Plan Xacobeo, S.A.	6.095	
Total	**10.015**	**10**

(Miles de Euros)

VICEPRESIDENCIA 2ª E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN

SECCIÓN 06

I. ESTRUTURA ORGÁNICA E COMPETENCIAS

I.1. ESTRUTURA ORGÁNICA

A Presidencia da Xunta de Galicia aprobou o Decreto 110/2020, do 6 de setembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia. Posteriormente aprobouse o Decreto 130/2020, do 17 de setembro, polo que se fixa a estrutura orgánica das Vicepresidencias e das Consellerías da Xunta de Galicia, que no seu artigo 2, establece que a Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación para o desempeño das súas funcións dispón dos seguintes órganos superiores e de dirección:

- Secretaría Xeral Técnica.
- Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais.
- Dirección Xeral de Comercio e Consumo.

Quedan adscritos a esta consellería os seguintes organismos autónomos e Axencias:

- Instituto Galego do Consumo e da Competencia - IGCC.
- Instituto Galego de Promoción Económica - IGAPE.
- Axencia Galega de Innovación - GAIN.
- Instituto Enerxético de Galicia - INEGA.
- Axencia Galega da Industria Forestal - XERA.

Ademais quedan adscritas as seguintes sociedades e fundacións:

- Sodiga Galicia, Sociedade de Capital Risco, S.A. (SODIGA)
- Xesgalicia, Sociedade Xestora de Entidades de Capital Risco (SGECRSA)
- Galicia Calidade, S.A.
- Parque Tecnolóxico de Galicia, S.A.
- Fundación Pública Artesanía de Galicia
- Fundación Centro Tecnolóxico de Supercomputación de Galicia
- Fundación Exposición e Congresos A Estrada
- Fundación Feiras e Exposicións de Lugo
- Fundación Feiras e Exposicións de Ourense.
- Fundación Instituto Feiral de A Coruña

I.2. COMPETENCIAS

I.2.1. DA CONSELLERÍA

A Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación é o órgano da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia ao cal, ademais daquelas competencias e funcións establecidas pola Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, corresponde, de conformidade co Estatuto de autonomía e coa Constitución:

a) O exercicio das competencias e funcións nos ámbitos da promoción e dinamización da economía, investigación, desenvolvemento e innovación, industria, seguridade industrial, metroloxía, metais preciosos, enerxía, minas e recursos minerais, artesanía, comercio interior e exterior, consumo, así como a planificación, en colaboración coa consellería competente en materia de vivenda e solo, das infraestruturas dos servizos empresariais do solo industrial.
b) Apoiar todas as actividades que contribúan a mellorar o sistema produtivo galego, facilitando os procesos de creación, consolidación e crecemento empresarial.
c) Impulsar a actividade económica asociada á industria forestal, coa mellora da competitividade e da innovación das empresas do sector e a utilización da biotecnoloxía como técnica na mellora dos produtos forestais.

O exercicio destas funcións e competencias desenvólvese a través dos seguintes centros xestores:

SECRETARIA XERAL TECNICA:

Baixo a superior dirección da persoa titular da Vicepresidencia Segunda, consonte o artigo 29 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, a Secretaría Xeral Técnica exercerá as competencias e funcións nel establecidas, así como aqueloutras que lle sexan delegadas ou encomendadas pola persoa titular da consellería e as restantes que lle atribúa o ordenamento xurídico.

Polo tanto, corresponde á Secretaría Xeral Técnica velar polo correcto funcionamento operativo dos servizos administrativos de toda a Vicepresidencia Segunda, asumindo a coordinación da xestión económica e da contratación, as remuneracións do persoal, o apoio xurídico, os arquivos e en xeral a coordinación con calquera departamento da Vicepresidencia segunda en todas as cuestións transversais. Tamén é a encargada do financiamento das axencias públicas autonómicas e demais organismos adscritos a ela mediante a execución das transferencias internas.

DIRECCIÓN XERAL DE PLANIFICACIÓN ENERXÉTICA E RECURSOS NATURAIS

A Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais configúrase nas seguintes unidades administrativas:

a) A Subdirección Xeral de Recursos Minerais que exercerá as funcións relativas á planificación, ordenación, fomento, desenvolvemento e control da minaría de Galicia.

   Entre elas, correspóndelle o impulso de plans, programas, medidas e incentivos económicos orientados ó desenvolvemento, á innovación, ó incremento da competitividade, á internacionalización e á mellora da seguridade e salubridade do Sector Mineiro de Galicia.

   Así mesmo, exercerá a coordinación dos servizos territoriais nas materias do seu ámbito competencial e funcional.

b) A Subdirección Xeral de Enerxía que exercerá as funcións relativas á planificación, ordenación, fomento, e inspección no relativo á enerxía, instalacións de gas, eléctricas, térmicas, ás infraestruturas enerxéticas, ás enerxías renovables e á eficiencia enerxética.

   Así mesmo, exercerá a coordinación dos servizos territoriais nas materias do seu ámbito competencial e funcional.

c) A Subdirección Xeral de Administración industrial que exercerá as funcións relativas á planificación, ordenación, fomento, e inspección da seguridade industrial, metroloxía e metais preciosos, sen prexuízo do deber de cumprimento das exixencias regulamentarias en materia de seguridade industrial que corresponden ás persoas titulares de instalacións industriais e do seu control e verificación polos organismos de control.

   En concreto, ten atribuídas, entre outras, funcións de ordenación, planificación, fomento, vixilancia e inspección no ámbito de actuación das instalacións industriais, instalacións de seguridade industrial, metroloxía e metais preciosos.

DIRECCIÓN XERAL DE COMERCIO E CONSUMO

Á Dirección Xeral de Comercio e Consumo correspóndelle a planificación, coordinación e control das competencias da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación en materia de comercio interior e exterior, artesanía e consumo; a planificación e desenvolvemento das estruturas comerciais, feiras, mercados e lonxas, agás as pesqueiras en primeira venda; a tutela e coordinación das actividades das cámaras oficiais de Comercio, Industria e Navegación, e a intervención en materia de prezos sobre os que deba pronunciarse a Comisión de Prezos de Galicia.

I.2.2. DOS ORGANISMOS AUTÓNOMOS

INSTITUTO GALEGO DO CONSUMO E DA COMPETENCIA - IGCC

O Instituto Galego do Consumo e da Competencia créase polo Decreto 118/2016, do 4 de agosto, como organismo autónomo adscrito á Consellería competente en materia de consumo, en virtude da autorización contida no artigo 38 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico .

Dentro deste organismo, configúrase a Comisión Galega da Competencia como órgano colexiado independente, de carácter permanente e consultivo, con competencia para aplicar a Lei 15/2007, do 3 de xullo, de defensa da competencia, segundo os criterios establecidos pola Lei 1/2002, de coordinación de competencias entre o Estado e as comunidades autónomas en materia de defensa da competencia.

Os fins xerais e obxectivos básicos do Instituto Galego do Consumo e da Competencia son a defensa, protección, promoción e preservación dunha competencia efectiva nos mercados no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, na perspectiva de conseguir a máxima eficiencia económica e a protección e o aumento do benestar dos consumidores e consumidoras.

As competencias do Instituto Galego do Consumo e da Competencia, son as seguintes:

- Orientar, formar e informar as persoas consumidoras e usuarias sobre os seus dereitos e a forma de exercelos e de difundir o seu coñecemento, co fin de que se teñan en conta e se respecten por todos aqueles, que interveñan no mercado e por aqueles ós que poida afectar directa ou indirectamente en relación cos bens e servizos.
- Potenciar o establecemento e desenvolvemento das organizacións de consumidores e usuarios e asesoralos tecnicamente.
- Atender as consultas e reclamacións dos consumidores galegos para tentar resolvelas a través da mediación e a arbitraxe de consumo.
- Exercer a capacidade sancionadora e correctora do mercado.
- Realizar as tarefas de control de mercado que inclúen a investigación de denuncias, campañas de inspección e actuacións de oficio.
- As competencias relacionadas coa a rede de alerta de produtos industriais postos a disposición dos consumidores
- Promover e levar a cabo os estudos que permitan unha adecuada prognose da problemática do consumo, así como levar a cabo ensaios comparativos, análises de laboratorio e, en xeral, todos os procedementos técnicos que se precisen para o mellor coñecemento dos bens, produtos e servizos que se lle oferten ás persoas consumidoras e usuarias.

- Elaborar e difundir información para facilitarlles ás persoas consumidoras e usuarias a elección, con criterios de racionalidade, dos bens, produtos e servizos xenéricos máis axeitados ás súas necesidades.
- Impulsar a formación das persoas consumidoras e usuarias, propoñéndolles aos organismos competentes a adopción de programas de educación para o consumo nos distintos graos do ensino e realizar as actuacións necesarias para asegurar que a dita formación sexa permanente.
- Asesorar á Xunta de Galicia no desenvolvemento da normativa de todos os aspectos que afecten ou poidan afectar ás persoas consumidoras e usuarias, promovendo a elaboración de normas para a súa defensa, achegándolle a información necesaria para este fin.
- Cooperar coas administracións públicas, atendendo de xeito especial as oficinas municipais de información ás persoas consumidoras e usuarias con aqueloutras entidades de semellante ámbito de competencias por supoñer o servizo máis próximo ao cidadán e coordinar as súas actuacións coas dos concellos.
- Asesorar tecnicamente as oficinas de información, as persoas consumidoras e usuarias da Administración local e colaborar con elas.
- Poñer en coñecemento dos organismos competentes da Administración propostas e iniciativas en relación coas funcións e competencias do Instituto.
- Exercer os demais fins que se lle encomenden, na súa función de protección das persoas consumidoras e usuarias.
- Exercer as funcións de instrución e resolución dos expedientes vinculados coa competencia (artigos 1, 2 e 3 da Lei 15/2007), de colaboración e coordinación con outras autoridades da competencia e cos órganos xurisdicionais en Galicia, de control de axudas públicas, de arbitraxe, consultivas, de promoción da competencia e de asesoramento e representación.

I.2.3. DAS AXENCIAS PÚBLICAS AUTONÓMICAS

INSTITUTO GALEGO DE PROMOCION ECONÓMICA - IGAPE

O Instituto Galego de Promoción Económica (IGAPE), foi creado pola Lei 5/1992, do 10 de xuño, como instrumento básico da actuación da Xunta de Galicia para impulsar o desenvolvemento competitivo do sistema produtivo galego, promovendo actividades que contribúan á creación do emprego en Galicia e a un desenvolvemento económico harmónico, equilibrado e xusto, baseado nun tecido industrial moderno e competitivo. Entre as súas funcións están as de fomentar a creación de novas empresas, promover a mellora da produtividade e competitividade das sociedades xa asentadas na comunidade autónoma, atraer investimentos foráneos e facilitar a internacionalización do tecido produtivo.

O órgano superior de goberno do IGAPE é o Consello de Dirección, ao que lle corresponden todas as facultades e funcións que sexan precisas para alcanzar os seus fins. Ademais, conta cun Consello Asesor.

Para o desenvolvemento das funcións, que o IGAPE ten encomendadas, conta cos seguintes órganos superiores de dirección:

- O presidente ou a presidenta que será, por razón do seu cargo, o/a conselleiro/a competente en materia de economía, correspóndelle a representación do Igape en toda clase de actos ou negocios xurídicos e exercerá no seu nome accións e recursos e demais competencias que se lle asignan na citada Lei 5/1992, no seu artigo 11.
- O director ou a directora xeral, que será nomeado/a polo Consello de Dirección, por proposta do/a conselleiro/a, correspóndelle exercer as competencias que se establecen no artigo 12 da Lei 5/1992 e as que lle sexan expresamente delegadas polo/a presidente/a ou polo Consello de Dirección.

Así mesmo, o Instituto estrutúrase internamente nunha xerencia, catro áreas e unha unidade dependentes organicamente e funcionalmente da Dirección:

- Xerencia: A persoa titular da Xerencia serao tamén de todos os órganos colexiados dela, e para estes efectos exercerán a coordinación, baixo as instrucións da Dirección, dos programas e actuacións das diferentes direccións de área e dos entes do sector público adscritos ao Instituto, a xestión dos asuntos relacionados co réxime interno e o réxime de persoal do Instituto, as propostas de simplificación e racionalización da actividade administrativa, a elaboración dos proxectos e plans xerais de actuación, prestar asistencia técnica, administrativa e apoio xurídico á persoa titular da Dirección do Instituto, a emisión de informes e anteproxectos normativos e de orzamentos do Instituto, así como calquera outra que lle encomende a Dirección do ente.
- Área de Investimento: Ten como misión fundamental a identificación, regulamento e xestión dos apoios financeiros ás empresas, en especial, ás pequenas e medianas. Tales apoios, materializaranse en subvencións, préstamos, bonificacións de produtos financeiros, avais e outros instrumentos financeiros ou actuacións de semellantes características de apoio á actividade empresarial..
- Área de Competitividade: Ten como misión lograr a adopción e o desenvolvemento, por parte do tecido empresarial, de prácticas, metodoloxías ou sistemas que melloren o nivel competitivo das empresas galegas, promover a creación de empresas e promover a creación de emprego. Así mesmo, deberá propoñer e executar a política industrial de Galicia e a política de clústers.
- Area de Internacionalización: Ten como misión promover un incremento da cota de mercado internacional do empresariado galego e promover a entrada de investimento foráneo en Galicia de carácter produtivo, cara a unha mellora do índice de emprego na nosa comunidade autónoma.

- A Área de Proxectos Empresariais ten como misión promover, asistir, apoiar e facer seguimento dos proxectos empresariais que resulten de especial interese para a Comunidade Autónoma, co obxectivo de impulsar a nosa economía.

  Neste contexto, liderará a captación de investimentos susceptibles de ser realizados en Galicia, sexan nacionais ou internacionais, acompañará a aqueles proxectos xa implantados que requiran do apoio da administración autonómica e prestará especial atención ás iniciativas consideradas como "Tractoras" por parte da Xunta de Galicia, procurando o aproveitamento de fondos procedentes da Unión Europea para o financiamento destes.
- Unidade de Operacións: Terá como misión planificar, coordinar e executar os distintos plans e programas de actuación co obxectivo de favorecer o equilibrio territorial de Galicia, e responsabilizarase da coordinación, información e asesoramento empresarial nas oficinas territoriais.

AXENCIA GALEGA DE INNOVACIÓN- GAIN

O Decreto 50/2012, do 12 de xaneiro (DOG núm. 19 do 27.01.2012), creou a Axencia Galega de Innovación en virtude da autorización prevista no punto primeiro da disposición adicional segunda da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómica de Galicia.

A Axencia Galega de Innovación ten como finalidade fomentar e vertebrar as políticas de innovación nas administracións públicas galegas e o apoio e impulso do crecemento e da competitividade das empresas galegas, implantando estratexias e programas de innovación eficientes a través dos seguintes obxectivos, sen prexuízo das competencias doutros organismos e entidades e, en todo caso, en estreita colaboración con eles:

a) Liderar as políticas de innovación das administracións públicas galegas.
b) Definir e desenvolver as políticas públicas que permitan ás empresas e ao resto de axentes o desenvolvemento de iniciativas de innovación construídas a partir de coñecementos que incrementen a súa competitividade e fomenten o seu crecemento.
c) Definir e desenvolver as políticas públicas orientadas á valorización do coñecemento desenvolvido polas empresas, universidades e centros de investigación de Galicia.
d) Definir e desenvolver as políticas públicas dirixidas a incrementar a eficiencia en resultados do Sistema Galego de Innovación, avaliados mediante a implantación dun sistema de indicadores de impacto contrastable.
e) Estimular a estruturación e consolidación do Sistema Galego de I+D+i.
f) Fomentar a investigación e o desenvolvemento científico e tecnolóxico, a través de iniciativas e programas específicos na Comunidade Autónoma galega.
g) Promover as relacións de colaboración entre os distintos axentes do Sistema Galego de Innovación impulsando a creación e o fortalecemento de redes de coñecemento entre

axentes públicos e privados desde unha perspectiva de intercambio e de investigación aberta.

h) Promover a progresiva internacionalización dos axentes e das iniciativas de innovación impulsando a presenza de empresas nos programas europeos de innovación e o acceso a fondos de financiamento internacionais.

i) Definir e desenvolver políticas públicas dirixidas á captación e xestión do talento que permitan, no seu conxunto, incrementar o rendemento innovador das empresas e do Sistema Galego de Innovación.

j) Coordinar os recursos autonómicos no ámbito da I+D+i e concertalos cos que se acheguen desde contribucións de plans estatais e fondos da Unión Europea.

k) Favorecer a transferencia de coñecemento e tecnoloxía entre os diferentes axentes e, particularmente, entre os organismos públicos de investigación e as empresas.

l) Apoiar a promoción e divulgación do coñecemento científico e tecnolóxico en Galicia, promovendo o interese da sociedade pola investigación, o desenvolvemento e a innovación.

O Decreto 85/2019, do 4 de xullo (DOG núm. 136, do 18.07.2019) e o Decreto 105/2021, do 1 de xullo (DOG núm. 133, do 14.07.2021), modifican a estrutura organizativa da Axencia Galega de Innovación que queda definida en catro áreas e dous departamentos dependentes directamente da dirección da Axencia :

- Área de Xestión, con nivel orgánico de subdirección xeral, correspóndelle a xestión e coordinación dos servizos xerais e administrativos da Axencia.
- Área de Programas, con nivel orgánico de subdirección xeral, é a responsable do deseño e planificación estratéxica en materia de innovación, investigación e desenvolvemento tecnolóxico, así como da avaliación das convocatorias de axudas impulsadas pola Axencia no ámbito da I+D+i.
- Área de Servizos. Destinada ao desenvolvemento de instrumentos para a captación de recursos nacionais e europeos de I+D+i, o asesoramento directo ás empresas neste ámbito, a avaliación e seguimento dos proxectos financiados e a xestión de programas de vixilancia tecnolóxica.
- Área de Centros. Correspóndelle a dirección administrativa, xestión operativa e promoción dos centros e infraestruturas tecnolóxicas e produtivas que dependan da Axencia, a coordinación con outras infraestruturas tecnolóxicas do ecosistema de innovación galego, cos que se establezan convenios de colaboración e cooperación para o desenvolvemento de programas e proxectos. Esta área tamén dará apoio á Área de Xestión na xestión económica e na xestión dos recursos humanos correspondente aos centros.
- Departamento de Coordinación do Polo Aeroespacial de Rozas: correspóndelle a este departamento a coordinación do CIAR (Centro de Investigación Aerotransportada de Rozas) promovendo a utilización do Parque Industrial de Rozas (Lugo) así como das súas infraestruturas como espazo tecnolóxico orientado á innovación.

- Departamento de Apoio á Comisión Interdepartamental de I+D+i: correspóndelle a este departamento a preparación da orde do día, a elaboración das convocatorias, a redacción das actas, os acordos e as certificacións correspondentes ás reunións da Comisión Interdepartamental de I+D+i e do Grupo Técnico, o asesoramento e a realización dos informes e estudos que en materia de I+D+i lle sexan encomendados, así como a revisión e arquivo da documentación dos expedientes. Este departamento prestará apoio administrativo aos grupos de traballo que no seo do Grupo Técnico se acorden crear para o estudo das actuacións incluídas no plan de traballo da Comisión Interdepartamental de I+D+i.

INSTITUTO ENERXÉTICO DE GALICIA - INEGA

Os obxectivos básicos da axencia Instituto Enerxético de Galicia son o fomento, impulso e realización de iniciativas e programas de actuación para a investigación, o estudo e apoio das actuacións de coñecemento, desenvolvemento e aplicación das tecnoloxías enerxéticas, incluídas as renovables, a mellora do aforro e a eficiencia enerxética, o fomento do uso racional da enerxía e, en xeral, a óptima xestión dos recursos enerxéticos nos distintos sectores económicos de Galicia, así como a participación na xestión e prestación, de selo caso, de servizos noutros campos sinérxicos ó enerxético, de acordo coas directrices do Goberno no ámbito das súas competencias.

As súas funcións xerais son:

- Elaborar e propoñer á consellería competente en materia de enerxía plans e programas en materia enerxética.
- Promover e, de selo caso, executar os plans e programas indicados, aprobados pola consellería competente en materia de enerxía.
- Controlar, vixiar e inspeccionar, dentro do ámbito de actuación do Instituto Enerxético de Galicia e en coordinación coa subdirección xeral competente en materia de enerxía, as instalacións de produción, condución, distribución, subministración e consumo de enerxía, tendo como obxectivo prioritario a seguridade das instalacións.
- Propoñer a elaboración de disposicións para o establecemento, o desenvolvemento e a xestión da política enerxética.
- Fomentar e desenvolver programas de asesoramento e auditoría enerxéticos e auditorías para impulsar actuacións de aforro e mellora da eficacia enerxética, elaborar programas de racionalización do uso da enerxía e promover o aproveitamento dos recursos enerxéticos.
- Fomentar e participar en programas e proxectos de investigación e desenvolvemento de tecnoloxías enerxéticas, bens de equipamento e servizos relacionados coa enerxía.
- Fomentar e participar na avaliación e implantación de sistemas de produción de enerxía baseados en recursos endóxenos, con especial promoción dos que utilicen enerxías renovables e de coxeración.

- Elaborar estudos e realizar e emitir informes e recomendacións en materia enerxética para entes públicos ou privados.
- Organizar programas de formación e reciclaxe profesional, en colaboración con centros de formación de ámbito universitario e profesional.
- Orientar ás persoas usuarias nos hábitos de consumo enerxético mediante campañas e actuacións específicas.
- Fomentar a participación das empresas e institucións galegas nos programas enerxéticos estatais e internacionais, principalmente os emprendidos pola Unión Europea, así como emitir informes e asesorar sobre as directrices e programas comunitarios dirixidos ao ámbito enerxético.
- O Instituto Enerxético de Galicia poderá exercer a representación da Comunidade Autónoma nos organismos previstos pola normativa vixente en materia enerxética.
- Xestionar a Rede de enerxía da Xunta de Galicia, creada mediante o Decreto 66/2013, do 18 de abril.
- Realizar unha labor divulgativa e formativa no ámbito da certificación enerxética de edificios.
- Impulsar e xestionar incentivos para a implantación de proxectos de enerxías renovables e de eficiencia enerxética.
- Asesorar no ámbito enerxético e promover a realización de estudos para a posta en marcha de medidas de eficiencia enerxética e enerxías renovables na Administración xeral e no sector público autonómico de Galicia.
- Impulsar e realizar o seguimento de proxectos innovadores con carácter demostrativo no ámbito da enerxía.
- O Instituto Enerxético de Galicia poderá ter a representación da Comunidade Autónoma nos organismos previstos pola Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico, así como por calquera outra lei en materia enerxética.

AXENCIA GALEGA DA INDUSTRIA FORESTAL - XERA

O Decreto 81/2017, do 3 de agosto (DOG núm. 163 do 19 de agosto de 2017), creou a Axencia Galega da Industria Forestal en virtude da autorización prevista na disposición adicional sexta da Lei da Lei 2/2017, do 8 de febreiro, de medidas fiscais, administrativas e de ordenación.

Por Orde do 16 de xullo de 2018, integrouse o centro de investigación e innovación autonómico CIS-Madeira na Axencia Galega da Industria Forestal (Xera). Deste modo a axencia asume os medios persoais e materiais e as competencias do CIS-Madeira.

Deste xeito a Axencia Galega da Industria Forestal (XERA), adscrita á Consellería competente en materia de economía da Xunta de Galicia, configúrase como unha entidade pública instrumental do sector público autonómico regulada na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de

organización e funcionamento da administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, así como no Decreto 81/2017, do 3 de agosto, polo que se crea a Axencia Galega da Industria Forestal e se aproban os seus estatutos.

A figura da Axencia supón para a administración autonómica unha fórmula que integra flexibilidade de xestión, autonomía, promoción da eficiencia e responsabilidade por resultados.

A Axencia Galega da Industria Forestal ten como finalidade actuar como un instrumento de xestión eficiente no exercicio de funcións relacionadas co impulso da actividade económica asociada ao sector forestal, coa mellora da competitividade e da innovación das empresas do sector e coa coordinación dos centros de investigación en materia forestal.

A importancia estratéxica do bosque na economía galega xustifica as actuacións levadas a cabo pola Axencia , recollidas na Axenda de Impulso da Industria Forestal que contén unha folla de ruta para o impulso da bioeconomía utilizando a industria forestal como panca para súa implantación noutros sectores, como a construción, o automóbil e/ou téxtil, impulsando a demanda de produtos de madeira en substitución doutros produtos que teñen importante pegada de carbono, situándose estas actuacións en en liña coa estratexia europea de impulso dunha economía neutra en carbono, xustificándose o esforzo orzamentario da Comunidade Autónoma.

Desde a Axencia Galega da Industria Forestal preténdese impulsar ás industrias que obteñen bioprodutos de orixe forestal, elaborando propostas de inclusión desta nova denominación nos documentos de instrumentos financeiros, ao considerar que este concepto, de carácter integrador e favorecedor dos procesos de integración vertical da cadea, reflexa de mellor modo unha actividade clave no ámbito da bioeconomía circular e que engloba, tanto actividades tradicionais como novas, que permiten a utilización integral dun recurso biolóxico como é o forestal e a valorización dos residuos para a obtención de biomateriais.

Neste senso cabe destacar o esforzo orzamentario para desenvolver no CIS-Madeira un centro piloto que sirva á industria forestal-madeira como soporte para o desenvolvemento de novos biomateriais, impulsando procesos produtivos respectuosos co medio ambiente e a obtención de produtos que permite a satisfacción das necesidades actuais sen comprometer os recursos dispoñibles a futuro.

Permitindo a Axencia levar a cabo programas de asesoramento para a industria forestal, promover e coordinar programas de actividades científicas centradas no ámbito forestal, realizar estudos, informes e recomendacións en materia de usos forestais, organizar programas de formación e reciclaxe profesional no ámbito da industria forestal en colaboración con outros entes.

Ademais, a Axencia leva a cabo a tramitación e outorgamento de subvencións dirixidas a PEMES e a entidades sen ánimo de lucro no eido da primeira e segunda transformación da madeira e no ámbito da formación e a divulgación, esta última en execución da Estratexia de Formación da Industria Forestal.

Dende Axencia deséñanse estratexias e elabóranse programas para captar fondos estatais e internacionais dirixidos á innovación nos diferentes ámbitos de actuación como a construción ou os novos biomateriais,

Baixo a denominación #ElasXeranSector'', promóvense iniciativas activas para visualizar e incrementar a presenza do talento feminino no sector, xerando grupos de traballo con compromisos certos na súa axenda de reunións e de actuacións a favor da igualdade efectiva, nunha industria na que tradicionalmente había unha subrepresentación de traballadoras. Complementariamente a Axencia foi pioneira na adhesión ás iniciativas #HeForShe, promovida pola ONU, e #DóndeEstánEllas promovida polo Parlamento Europeo (sendo a segunda entidade galega en adherirse tras o COAG).

Asemade, como é ben sabido, no ámbito da Unión Europea e para os efectos de facer fronte aos efectos económicos adversos ocasionados pola pandemia da COVID-19, articúlanse os novos instrumentos de recuperación europeos, Next Generation EU. Os novos fondos de recuperación e resiliencia suporán unha oportunidade de financiamento dos proxectos aliñados coas estratexias da Unión e precisan dunha execución acompasada entre os proxectos e iniciativas e a seu financiamento, que ten unha duración temporal determinada.

Pois ben, a Axencia Galega da Industria Forestal deseñou tres liñas de actuación financiadas con cargo aos fondos FEDER REACT-EU, que basicamente responden ao seguinte detalle:

- Promoción da construción con madeira en contornos urbanos, rurais e industriais.
- Planta piloto de novos materiais derivados da madeira.
- Fomento da innovación e dixitalización do sector forestal e Impulso do ecodeseño, a economía circular e a ecoinnovación.

Para o desenvolvemento desta misión o Decreto 81/2017, establece a estrutura da Axencia Galega da Industria Forestal que conta con dous órganos de goberno, un órgano encargado da xestión ordinaria, e dúas unidades orgánicas denominadas áreas:

- Xerencia: correspóndenlle as funcións de xestión e administración dos servizos xerais que darán soporte administrativo ós distintos órganos da Axencia, facilitando todos os procesos administrativos e executando as funcións de carácter administrativo e os procedementos administrativos competencia da Axencia.
- Área de Innovación forestal: correspóndelle o impulso e establecemento de mecanismos de colaboración con centros de investigación públicos nas diferentes materias que o sector da industria traslade a Administración por consideralos do seu interese
- Área de Promoción e Calidade Forestal: correspóndelle o fomento das accións de mellora na xestión e promoción da calidade nas empresas do sector forestal.

I.2.4. DAS SOCIEDADES MERCANTÍS PÚBLICAS AUTONÓMICAS

SODIGA GALICIA, SOCIEDADE DE CAPITAL RISCO

SODIGA ten como finalidade proporcionar recursos, a medio e longo prazo, sen vocación de permanencia ilimitada, a empresas con alto potencial de crecemento, xestionadas por empresarios de recoñecida solvencia profesional e que teñan relación co desenvolvemento e consolidación da economía e a industria de Galicia.

XESGALICIA, SOCIEDADE XESTIÓN ENTIDADES DE CAPITAL RISCO, S.A.U.

Xesgalicia é unha sociedade xestora de entidades de capital risco e de entidades de inversión de tipo cerrado, que ten como finalidade a xestión dos fondos destinados ao financiamento do desenvolvemento empresarial galego mediante a toma de participacións temporais e minoritarias no capital social das empresas, así como mediante o outorgamento de préstamos, xeralmente de carácter participativo, a empresas participadas e non participadas.

SOCIEDADE GALICIA CALIDADE S.A.

Galicia Calidade, SAU, é un órgano creado para á administración e outorgamento das licenzas de uso da marca de garantía "Galicia Calidade". A concesión das licenzas de uso da marca están cimentadas na esixencia, ás empresas usuarias, de niveis de calidade, e estes deberán basearse no estudo exhaustivo dos sectores afectados e na aplicación da marca de garantía de forma racional, perseguindo o prestixio, recoñecemento, galeguidade e confianza nesta.

Galicia Calidade realiza de maneira periódica o estudo, seguimento, auditoría e avaliación das empresas galegas que pretenden utilizar a marca, e daquelas que son licenzatarias.

Galicia Calidade poderá xestionar ademais calquera outra marca e campaña/s paralela/s que lle sexan encomendadas pola Xunta de Galicia e que estea relacionado co sector da calidade ou co control na xestión e o servizo ao consumidor.

Galicia Calidade depende organicamente da Dirección Xeral de Comercio e Consumo da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación e no seu Consello de Administración están representados distintos sectores a través de consellerías e departamentos da Xunta de Galicia.

PARQUE TECNOLÓXICO DE GALICIA S.A.

O Parque Tecnolóxico de Galicia foi creado a iniciativa da Xunta de Galicia coa finalidade de crear unha contorna de referencia en Galicia dirixido a acoller, apoiar e potenciar iniciativas empresariais innovadoras e que aposten pola tecnoloxía, a investigación e o desenvolvemento como eixes da súa actividade.

A sociedade xestora, Parque Tecnolóxico de Galicia S.A., foi constituída no ano 1991 e as instalacións do parque foron inauguradas en outono de 1992.

A composición actual do accionariado configura á entidade como sociedade mercantil pública autonómica que trala ampliación de capital social executada no ano 2016 é a seguinte:

- Xunta de Galicia: 50,52%
- Abanca Corporación Bancaria S.A.: 37,34 %
- INORDE: 3,49%
- Varios con participación inferior ao 2% que suman o 8,65% restante: Universidade de Vigo, Universidade de Santiago de Compostela, Cámara Oficial de Comercio e Industria de Ourense, Concello de Ourense, Concello de San Cibrao das Viñas, Confederación Empresarial de Ourense, Unión Xeral de Traballadores de Galicia e Universidade da Coruña.

O seu obxecto social está recollido no artigo 2º dos estatutos sociais, os cales foron modificados e refundidos no ano 2017:

1. A promoción, xestión, conservación e mantemento do Parque Tecnolóxico de Galicia e doutros Parques Científicos e/ou tecnolóxicos ou enclaves tecnolóxicos, así como a prestación de servizos nestes.
2. A adquisición, alleamento ou gravame, por calquera título, de todo tipo de bens mobles e inmobles e de accións de sociedades cuxos fins sexan comúns ao Parque Tecnolóxico de Galicia.
3. A compravenda de enerxía eléctrica, así como fomentar o desenvolvemento de políticas medioambientais, o uso de enerxías renovables e o aforro enerxético.
4. Prestar á Xunta de Galicia e ós organismos ou entidades dependentes, a colaboración e asistencia técnica necesaria para levar a cabo as medidas contidas no Plan Galego de Investigación, Innovación e Crecemento ou calquera outros plans.
5. Fomentar a innovación e a transferencia de tecnoloxía entre as usuarias do Parque, así como con outras estruturas externas.
6. Fomentar a creación de empresas, o crecemento e a internacionalización, así como difundir o papel do Parque como axente de enlace entre investigación e empresa.

7. A prestación de servizos e a realización de actividades que contribúan á promoción económica, á innovación, ao desenvolvemento tecnolóxico e á creación de emprego en Galicia.
8. Promover, organizar e dirixir o desenvolvemento de todo tipo de actividades dirixidas á divulgación da ciencia, a mellorar a competitividade empresarial e ao desenvolvemento económico e social en xeral.

I.2.5. DAS FUNDACIÓNS DO SECTOR PÚBLICO AUTONÓMICO

FUNDACIÓN PÚBLICA ARTESANÍA DE GALICIA

A Fundación Pública Artesanía de Galicia é unha entidade sen ánimo de lucro, dependente da Vicepresidencia segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación. Foi creada no ano 2003 co obxectivo de contribuír ao desenvolvemento do sector artesán galego no seu conxunto, para o que leva a cabo diversas liñas de actuación relacionadas coa promoción, a formación e a divulgación.

Segundo se recolle no artigo 7 dos seus estatutos, a Fundación Pública Artesanía de Galicia ten como fin a consecución dos seguintes obxectivos:

a) Dotar ao sector artesanal de Galicia dos profesionais e dos técnicos que necesite, mediante unha formación especializada e de perfeccionamento, incidindo especialmente no deseño, a innovación, a aplicación de novas tecnoloxías e a xestión.
b) Potenciar o desenvolvemento económico do colectivo artesanal, asesorando ao sector na mellora das súas estruturas e procesos produtivos e comercializadores.
c) Aproveitar a dimensión e potencial formativo e educativo orientado tanto aos profesionais como ao público en xeral, dando a coñecer os oficios, os seus produtos e informando da súa oferta.
d) Crear un fondo documental que preste soporte a un eficaz, e na actualidade imprescindible, servizo de información e asistencia técnica.
e) Recuperar, documentar e asegurar a pervivencia das actividades artesanais que pola súa tradición ou calidade singulares se consideren parte integrante do patrimonio artesanal de Galicia.
f) Promover a artesanía de Galicia en todas as súas vertentes, poñendo especial énfase na vinculación da actividade artesanal cos hábitos comerciais ao uso, mellorando e promovendo a presenza dos produtos artesanais de Galicia nos mercados.
g) Programar e xestionar as actuacións que dende a administración autonómica se acometan en materia de formación, arquivo, información, investigación e promoción sobre artesanía de Galicia. A Fundación levarao a cabo no marco das correspondentes encomendas que lle poida efectuar a Administración autonómica.

h) Mellorar a calidade técnica e artística dos produtos artesáns de Galicia.

i) Dar acollida ás manifestacións máis significativas que mostren o variado mundo da creación artesanal de Galicia.

FUNDACION CENTRO TECNOLÓXICO DE SUPERCOMPUTACION DE GALICIA - CESGA

Segundo o artigo 6 dos seus Estatutos, o CESGA ten como obxecto contribuír ao avance da Ciencia e a Técnica, mediante a investigación e aplicación de computación e comunicacións de altas prestacións, así como outros recursos das tecnoloxías da información, en colaboración con outras institucións, para o beneficio da Sociedade.

Son fins do CESGA todos aqueles que promovan o uso do cálculo intensivo e comunicacións avanzadas como instrumento para o desenvolvemento socioeconómico sostible, dedicando especial atención ás relacións de cooperación entre os centros de investigación públicos ou privados, universidades galegas e o sector produtivo.

A Fundación está participada pola Xunta de Galicia a través da Axencia Galega de Innovación da Vicepresidencia segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación, pola Secretaría Xeral de Universidades da Consellería de Cultura, Educación e Universidade e pola "Agencia Consejo Superior de Investigaciones Científicas".

O padroado da Fundación está presidido pola directora da Axencia Galega de Innovación, correspondéndolle a vicepresidencia ó vicepresidente do "Consejo Superior de Investigaciones Científicas".

FUNDACION DE EXPOSICIÓNS E CONGRESOS DE A ESTRADA

O órgano de goberno da Fundación é o Padroado que é un órgano, representación e administración da Fundación que executará as funcións que lle corresponden con suxeición ao disposto no ordenamento xurídico e nos estatutos.

Os órganos básicos decisorios son: Comité Executivo, Xerente, Secretario-Letrado e Tesoureiro-Contador.

O Padroado estará integrado polo presidente titular e por catorce membros. A presidencia do Padroado osténtaa o Conselleiro que ostente as competencias en materia de Comercio da Xunta de Galicia e os catorce membros son:

1. Pola Xunta de Galicia, dous membros nomeados pola Consellería competente en materia de comercio.

2. Polo Excmo. Concello da Estrada: o seu alcalde e dous membros máis do seu pleno.
3. Pola Cámara Oficial de Comercio, Industria e Navegación de Vilagarcía de Arousa: o seu Presidente e dous membros máis do seu Pleno.
4. Pola A.C.E: o seu Presidente e dous membros máis do seu órgano de goberno.
5. Pola Excma. Deputación Provincial de Pontevedra e dous membros máis do seu órgano de goberno.

Correspóndelle ao Padroado cumprir os fins fundacionais e administrar con dilixencia os bens e dereitos que integran o Patrimonio da Fundación, mantendo o rendemento e utilidade dos mesmos.

FUNDACIÓN FEIRAS E EXPOSICIÓNS DE LUGO

A Fundación Feiras e Exposicións de Lugo foi constituída o 29 de decembro de 1992 con enderezo social en Lugo e un fondo dotacional de 1.455.678,96 euros. Con data 31 de decembro de 2020 a dotación fundacional ascende a 2.546.574,67 euros.

Os socios fundadores teñen as seguintes porcentaxes de participación segundo acordo de Padroado celebrado o día 28 de decembro de 2015:

- Consellería de Economía, Emprego e Industria: 43 %
- Deputación Provincial de Lugo: 35 %
- Concello de Lugo: 20 %
- Confederación de Empresarios de Lugo: 2 %

Os órganos básicos de decisión da Fundación son: o Presidente e o Padroado; os órganos básicos de xestión administrativa, o Secretario e o Xerente; e os de xestión económica-financeira, o Tesoreiro-contador, que recae na figura do Secretario.

Desde a súa constitución, o Padroado marcouse como obxectivos esenciais a promoción de actividades agropecuarias, agroalimentarias, agroindustriais, comerciais, sociais, educativas e culturais, así como calesquera outras que teña por obxecto a promoción e o desenvolvemento dos sectores produtivos de Galicia, o profesional do sector agrario, industrial e pesqueiro e a elevación do nivel de vida no medio urbano e rural.

A Fundación Feiras e Exposicións de Lugo é propietaria do Pazo de Feiras e Congresos de Lugo e dedícase fundamentalmente a organización de feiras e ao aluguer destas instalacións para a celebración de eventos. Este recinto constitúe un dos principais centros de negocio da cidade de Lugo, non só porque se realizan exposicións senón pola súa capacidade de albergar calquera iniciativa empresarial.

As feiras asócianse ás distintas formas de actividade de promoción e teñen na actualidade unha crecente importancia como actividade de marketing. Representan unha fonte de crecemento económico para os ámbitos territoriais onde se localizan, que leva á creación e desenvolvemento de infraestruturas por parte das organizacións das políticas de desenvolvemento rexional.

En particular, son obxectivos desta Fundación:

- A promoción e fomento de feiras e exposicións de calquera ámbito, local, provincial, autonómico, nacional e ata internacional, e particularmente a promoción e fomento da feira de Lugo.
- A promoción de salóns monográficos, certames técnicos, industriais, comerciais, agrícolas ou gandeiros.
- Exposicións comerciais e técnicas a desenvolver en Lugo, na súa provincia e en calquera ámbito territorial, ata internacional.
- Promover museos comerciais ou técnicos nos mesmos ámbitos, palacios de congresos e exposicións.
- Cantas manifestacións comerciais ou técnicas, de calquera tipo, se promovan, tanto nos entes integrados na Fundación como por entidades particulares que redunden no beneficio do comercio, industria e navegación da provincia no seu conxunto.
- A realización de toda clase de obras e actos que sexan necesarios para os fins pretendidos.
- Cantas actividades culturais ou de outro orde que puideran servir para apoio e desenvolvemento das actividades feirais, exposicións e demais, contempladas nos estatutos fundacionais.
- Calquera actividade que afecte ou incida en calquera forma e ámbito cos intereses xerais ou peculiares, efectivos ou expectativas, da Fundación ou das entidades que a integran.

FUNDACION FEIRAS E EXPOSICIÓNS DE OURENSE

A Fundación Feiras e Exposicións de Ourense constituíuse en escritura autorizada por notario o 24 de decembro de 1.992 na cidade de Ourense.

Os seu obxectivo é destinar e afectar un patrimonio á realización, sen ánimo de lucro, de fins xerais de interese galego no ámbito sectorial ao que súa denominación e fins se contraen.

En xeral son fins desta Fundación a promoción de actividades comerciais, turísticas, industriais, agroindustriais, sociais, educacionais, deportivas, de fomento da prevención de riscos laborais, e calquera outra que teña como obxecto a promoción e desenvolvemento destes sectores en Galicia, o nivel profesional de tódolos sectores da actividade económica, contribuíndo elo á elevación do nivel de vida do medio urbano e rural.

A Fundación esta dirixida por un Padroado, formado por un Presidente e 19 membros máis, en representación de diferentes entidades. As facultades do Padroado son:

- Exercer o goberno, a representación, inspección, vixilancia e orientación da Fundación.
- Interpretar e desenvolver os estatutos e, si é o caso, adoptar acordos sobre a súa modificación, de acordo cos requisitos establecidos na lexislación vixente.
- Fixar as liñas xerais sobre a distribución e aplicación dos fondos dispoñibles entre os fins da Fundación.
- Nomear apoderados xerais ou especiais, outorgar poderes así como a revogación dos mesmos.
- Aprobar o plan de actuación e as contas anuais que serán obxecto de presentación ao protectorado.
- Delegar as determinadas facultades en un ou máis patróns, sen que poidan ser obxecto de delegación.
- A aprobación das contas anuais da Fundación e o plan de actuación.
- A modificación dos estatutos.
- O acordo de fusión, extinción ou liquidación da Fundación.
- Calquera acto que precise autorización ou aprobación do protectorado.

FUNDACIÓN INSTITUTO FEIRAL DE A CORUÑA

Na súa Carta Fundacional, do 5 de agosto de 1998, establécese que a: Fundación "Instituto Feiral da Coruña" (IFECO) ten por obxecto principal destinar e afectar o seu patrimonio á realización de fins xerais de interese galego, no ámbito sectorial e territorial ao que a súa denominación e fins se contraen.

En xeral, son fins desta Fundación, a promoción de actividades comerciais, industriais, agroindustriais, sociais, educacionais e calquera outra que teña por obxecto a promoción ou desenvolvemento destes sectores en Galicia, a nivel profesional de tódolos sectores da actividade económica, contribuíndo con isto á elevación do nivel de vida do medio urbano e rural.

E, en particular, son fins desta Fundación os seguintes:

a) A promoción e fomento da actividade económica a través da celebración periódica de certames, feiras e exposicións industriais, comerciais, técnicas, agrícolas, gandeiras na Coruña, de ámbito internacional, nacional, autonómico, provincial ou local, tanto de carácter xeral como monográfico.
b) A construción, posta en servizo e xestión dun centro ou recinto feiral de exposicións no termo municipal da Coruña, que sirva ademais de lugar de celebracións de feiras e certames, para dedicalo á exposición permanente de produtos da Coruña.

c) A formación profesional de todos os sectores da vida económica e a realización de cantas actividades culturais ou doutra orde, que puidesen servir de apoio e desenvolvemento da actividade de feiras, exposicións e demais, contempladas nos Estatutos.
d) O encargo, realización e xestión de toda clase de obras e actos que sexan necesarios para os fins pretendidos.
e) Calquera outros que afecten ou incidan en calquera forma ou ámbito, nos intereses xerais ou peculiares, efectivos ou expectantes, da Fundación e, por isto, das entidades que a integran.

A Fundación réxese por:

a) O Padroado
b) O Consello de Dirección
c) O Director ou Xerente

O Padroado é o órgano de goberno, representación e administración da Fundación, e executará as funcións que lle corresponden con suxeición ó disposto no ordenamento xurídico e nos estatutos.

Correspóndelle ó Consello de Dirección, baixo a superior dirección e, no seu caso, coa posterior aprobación do Padroado:

a) Preparar os asuntos do Padroado.
b) Aprobar plans e programas específicos.
c) Acordar o exercicio das accións e excepcións que considere oportunas, así como os recursos e reclamacións xudiciais e administrativas en defensa dos dereitos e intereses da Fundación.
d) Formalizar e aprobar toda clase de actos, convenios e contratos, sexan de índole civil, mercantil, laboral, administrativa ou de calquera outra clase, que requira a mellor realización dos fins da Fundación.
e) Ordenar e controlar a execución dos plans e programas aprobados polo Padroado, efectuando os trámites precisos, tales como anuncios, convocatorias de axudas, etc., e así mesmo todos os actos e contratos que requira a posta en marcha de ditos plans e programas.
f) Dirixir, de acordo coas directrices do Padroado, a organización e actividades da Fundación que conduzan á consecución e mantemento dun alto nivel na práctica asistencial e demais fins da Fundación.
g) Administrar o patrimonio de acordo coas leis e atribucións conferidas polo Padroado.
h) Desenvolver a política de persoal deseñada polo Padroado.
i) Calquera outra función que lle delegue o Padroado.

O Padroado poderá acordar a contratación dun Director ou Xerente con competencias en materia de xestión e administración da Fundación.

II. PRINCIPAIS LIÑAS DE ACCIÓN

II.1. DA CONSELLERÍA

SECRETARÍA XERAL TÉCNICA

Como responsable da xestión das súas propias unidades administrativas a Secretaría Xeral Técnica ten como obxectivo a mellora permanente das súas actuacións, avaliando e planificando en calquera caso respostas ás novas necesidades que se produzan e procurando que os servizos administrativos funcionen da forma mais óptima posible.

Desta maneira, a situación de crise sanitaria ocasionada pola pandemia COVID-19 durante o ano 2020, obrigou a esta Secretaría Xeral Técnica a coordinar, planificar e empregar os seus medios persoais e materiais para garantir o seu funcionamento, a prestación dos servizos públicos polos seus empregados de forma non presencial e o exercicio dos dereitos da cidadanía e empresas. Neste sentido, o uso do teletraballo ofreceu importantes vantaxes para reducir a expansión da COVID-19 ao posibilitar o uso de medios tecnolóxicos para realizar tarefas a distancia ou de maneira virtual, sen necesidade da presenza física nas dependencias durante a xornada laboral.

Neste contexto de excepcionalidade provocada pola pandemia COVID-19 e de cara ao ano 2022, esta Secretaría Xeral Técnica seguirá coordinando a prestación dos servizos públicos desta Vicepresidencia segunda a distancia mediante o teletraballo, como xa fixo en 2021, fomentando así o uso das novas tecnoloxías da información e o desenvolvemento da administración dixital coas conseguintes vantaxes tanto para as empregadas e empregados públicos como para a administración e a sociedade en xeral.

DIRECCIÓN XERAL DE PLANIFICACIÓN ENERXÉTICA E RECURSOS NATURIAIS

A) No ámbito da enerxía, as principais liñas de acción para 2022 serán:

- Tramitación administrativa e autorización dos proxectos de enerxías renovables e infraestruturas enerxéticas de evacuación asociadas
- Tramitación administrativa a autorización das infraestruturas de transporte e distribución de enerxía eléctrica
- Tramitación administrativa a autorización das infraestruturas de distribución de gas natural
- Análise e informe previo dos plans de investimento das empresas distribuidoras de electricidade
- Continuar coa realización de análises sobre o control da calidade dos hidrocarburos.

- Continuar coa función de coordinación e supervisión dos seguimentos ambientais das infraestruturas de produción, transporte e distribución eléctricas.
- Xestionar os fondos europeos para á adecuación de tendidos eléctricos en zonas de protección para avifauna.
- Loitar contra a pobreza enerxética, contribuíndo ao pagamento da factura eléctrica, a través dunha orde de axudas para evitar cortes de subministración eléctrica aos consumidores vulnerables severos en risco de exclusión social.
- Traballar coordinadamente co INEGA no seguimento da planificación enerxética e no estudo das distintas propostas de regulación emanadas da administración xeral do Estado e da administración da Unión Europea, co fin de que os intereses de Galicia se contemplen debidamente nas mesmas e no control da calidade da subministración eléctrica en Galicia en temas de TIEPI e NIEPI.
- Traballar na mellora das respostas ás reclamacións enerxéticas de cidadáns e empresas.

B) No ámbito da minería, as grandes liñas de acción para 2022 que darán lugar a diferentes actuacións:

- Promoción e apoio á minería sustentable a través dun programa que coadxuve ao deseño e á implantación de políticas públicas desde a perspectiva da incorporación efectiva do principio de sustentabilidade na actividade mineira, que converta ao sector da minería de Galicia nun aliado estratéxico para a modernización das principais cadeas de valor industriais, asegurando que o proceso de transición ecolóxica e dixital se abasteza de maneira sostible coas imprescindibles materias primas, todo elo enmarcado na Estratexia Galega de Minería Sostible.
- Promoción da protección da seguridade e saúde das persoas traballadoras a través da convocatoria de axudas destinadas ao apoio a proxectos empresariais para a loita contra as enfermidades profesionais no ámbito mineiro.

No eido da protección e prevención ambiental:

- O reforzamento e o apoio técnico do seguimento ambiental das explotacións mineiras.
- A sinatura de convenios con órganos sectoriais ambientais para o estudio de afeccións ao medio ambiente e para identificar medidas preventivas ou de restauración.
- Execución pola Administración de actuacións en materia de rehabilitación medioambiental ou de posta en seguridade de explotacións mineiras, a través, no seu caso, de procedementos de execución subsidiaria.

No eido da xestión de fondos Europeos:

- Xestión en relación ao proceso de Transición Xusta e dos fondos Next Generación.

No eido da dixitalización:

No eido da dixitalización, cabe remarcar a necesidade de continuar impulsando a dixitalización e modernización da Administración mineira mediante actuacións de auditoría e revisión de procedementos administrativos e actuacións de preparación e dixitalización de arquivos e sistemas co obxectivo de acadar unha xestión telematicada e transparente, así como a simplificación administrativa e a tramitación electrónica dos procedementos de minas.

Así mesmo, continuarase co apoio ao funcionamento da Cámara Oficial Mineira de Galicia, en canto entidade de dereito público de carácter consultivo e de colaboración coa Administración Pública e como institución representativa do sector que ten encomendado en xeral o seu fomento.

Tamén se continuará coa valorización dos recursos mineiros nos concellos de Galicia como forma de poñer en valor o patrimonio mineiro galego.

Así mesmo se seguirá coa colaboración a través de convenios co Cluster da Pizarra de Galicia e coa Fundación Centro Tecnolóxico do Granito, entidades que representan a sectores mineiros de carácter estratéxico para a Comunidade de Galicia.

C) Por último no ámbito da industria, as principais liñas de acción, polo que respecta ao exercicio 2022, serán as seguintes:

- Continuar co desenvolvemento da administración electrónica e co apoio a empresas instaladoras e mantedoras, simplificando a tramitación administrativa para o inicio da actividade e das instalacións executadas.
- Neste ámbito continuarase co desenvolvemento do tramitador RUE (Rexistro Único de Empresas) para facilitar o tratamento e seguimento electrónico dos expedientes por parte dos funcionarios que os revisan, e co desenvolvemento da Oficina Virtual de Industria como portelo único para os procedementos de seguridade industrial e o acceso dos cidadáns a rexistros e información pública de seguridade industrial.
- Incrementar o cumprimento das obrigas dos titulares de instalacións sometidas a regulamentos de seguridade industrial, fundamentalmente a través do Plan anual de inspección en materia de seguridade industrial, que é a ferramenta fundamental para a comprobación de que as instalacións sometidas a regulamentos de seguridade industrial compren os regulamentos que lles afectan.
- Incrementar o cumprimento das obrigas dos titulares de instrumentos de medida que interveñen en transaccións comerciais mediante campañas informativas e de divulgación e controis de cumprimento.
- Realizar actuacións para o desenvolvemento e modificación da normativa vixente no eido da seguridade industrial e da metroloxía.

- Desenvolver as actividades propias da metroloxía legal e industrial coa participación activa do Laboratorio Oficial de Metroloxía de Galicia, mantendo e mellorando os servizos prestados neste ámbito.
- Implementar melloras nas infraestruturas dos parques empresariais de Galicia mediante dúas ordes de axudas aos concellos nos que están radicados estes.
- Continuar coas actuacións de dinamización do tecido empresarial e o fomento de empresas innovadoras e novas renovando a orde da axudas para a creación de viveiros industriais de empresas.
- Fomentar a reindustrialización de As Pontes e Cerceda, afectadas polo peche das centrais térmicas, a través dun convenio de colaboración coa Deputación Provincial da Coruña para a creación de dúas oficinas de reindustrialización.
- Continuar a estudar as distintas propostas de regulación emanadas da administración xeral do Estado e da administración da Unión Europea, co fin de que os intereses de Galicia se contemplen debidamente nas mesmas, e colaborar no seo dos órganos de representación territorial co desenvolvemento das citadas normativas.

DIRECCIÓN XERAL DE COMERCIO E CONSUMO

A Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación ten ao tecido comercial como un dos seus activos principais necesarios para consolidar e impulsar o crecemento económico.

O sector comercial de proximidade galego está constituído por 26.933 empresas formadas, na maioría dos casos, por menos de 10 persoas e atópase nun profundo proceso de transformación nos procesos de venda e nos hábitos de consumo dos clientes.

A pandemia causada pola Covid-19 supuxo unha paralización do tecido económico que afectou de xeito moi significativo ao comercio retallista. De feito, o sector comercial foi un dos máis afectados, xunto coa hostalaría.

Esta realidade reforza, se cabe, o compromiso da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación, a través da Dirección Xeral de Comercio e Consumo, co comercio retallista para a recuperación e a reactivación da actividade comercial.

A Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación é consciente da importancia social e económica do comercio galego e aposta por un sector moi afectado polo contexto actual, o cal debe adaptarse ás novas tendencias do mercado e ser parte activa na transformación tecnolóxica, o que supón un reto e unha oportunidade para o sector.

Este compromiso ten como obxectivo prioritario a modernización e o incremento da competitividade e sustentabilidade do tecido comercial galego así como impulsar medidas que sirvan como canle da estratexia Galicia Industrial e Sostible.

Estes obxectivos dan resposta ás demandas xeradas, especialmente polas persoas emprendedoras no marco do impulso á creación de novas empresas comerciais, a dispoñer dun sistema de distribución eficiente que xere plusvalías e a consolidar un sector comercial equilibrado, competitivo, rendible, dinámico, diversificado e continuamente adaptado á unha realidade cambiante e de incerteza.

Sendo a innovación un dos factores de competitividade empresarial máis importante, o seu impulso no comercio é unha das principais ferramentas para acadar estes obxectivos, tanto no eido de novos formatos como na creación de produtos e servizos.

Así mesmo, deben procurarse novas estratexias de venda que se axusten as actuais tendencias do mercado e aos novos perfís das persoas consumidoras, situando á clientela no epicentro da actividade comercial. Por isto, un dos factores a potenciar xunto coa dixitalización, o uso das novas tecnoloxías, as redes sociais e as técnicas de marketing 4.0 é a excelencia e a calidade como factor diferencial clave do comercio de proximidade así como o compromiso co medio ambiente e coa sostenibilidade da actividade comercial, cada vez máis valorados polas persoas consumidoras actuais.

Co obxectivo de acadar un sector comercial que responda ao concepto Comercio 360 e avanzar tanto en aspectos de dixitalización como medioambientais, configurando un sector competitivo cara ao futuro no marco da Lei 13/2010, do 17 de decembro, de comercio interior de Galicia, a Dirección Xeral de Comercio e Consumo poñerá en marcha as seguintes liñas de acción:

- Transformación dixital e modernización do sector comercial: Mellora da competitividade e dinamización do comercio galego, prestando especial atención á dixitalización do sector e ao impulso da súa innovación con novas fórmulas de comercialización, tanto no ámbito urbano coma no rural, dotando ao noso comercio de competitividade dixital, reactividade, mellora das vendas e mellora do rendemento económico.
- Transformación sostible do comercio físico e da actividade comercial: Actuacións dirixidas a promover modelos de negocio que aposten pola sustentabilidade e a economía circular para unha transformación empresarial que adapte os espazos físicos e os servizos ofertados ás actuais demandas e necesidades das persoas consumidoras, apostando claramente por unha mellora no ámbito da loxística sostible no ámbito da proximidade.
- Espazos comerciais no contorno rural: Galicia presenta unha riqueza rural que debe ser preservada tamén dende o punto de vista comercial, garantindo unha dotación comercial suficiente, potenciando a creación de empresas situadas no ámbito rural, garantindo o abastecemento da poboación rural, mellorando a comercialización dos produtos autóctonos e impulsando o relevo xeracional.

  Dende a Dirección Xeral de Comercio e Consumo preténdese elevar a oferta de servizos e a calidade de vida do ámbito rural, cumprindo varios obxectivos, como son: adecuar a oferta comercial ás necesidades da poboación rural, garantir a adecuación da estrutura comercial á estrutura comarcal territorial, crear postos de traballo de calidade

no rural e dinamizar a nosa economía prestando especial importancia á comercialización dos produtos locais e autóctonos.

Así mesmo, preténdese fomentar a canle de venda dixital coa posta en marcha de espazos web con plataformas market place de venda online dos produtos, así como a profesionalización da súa xestión, sendo o seu principal obxectivo ser un escaparate da produción local, revitalizar as zonas rurais e contribuír ao desenvolvemento, a dinamización, a expansión e a competitividade do medio rural, gañando visibilidade e dinamizando a economía rural.

- Impulso dos mercados e comercios no camiño: A significación histórica e cultural do Camiño de Santiago, a súa crecente vitalidade, a súa importancia como icona de Galicia e o seu papel decisivo como elemento dinamizador da vida social e económica patentiza a necesidade de investir nas localidades polas que discorren os itinerarios xacobeos.

  Así, a celebración do Xacobeo 2021-2022 constitúe unha oportunidade para potenciar o sector comercial galego e crear novas oportunidades empresariais, dinamizando as vendas e animando ás persoas consumidoras a consumir produto local e de proximidade.

  Así mesmo, dende a Dirección Xeral de Comercio e Consumo axudarase aos concellos emprendedores para impulsar o comercio local e potenciar a súa sustentabilidade, competitividade e rendibilidade.

- Desenvolvemento da marca "Galicia Calidade": Galicia Calidade é unha marca económica da Xunta de Galicia, polo que o seu desenvolvemento é unha decisión estratéxica da administración galega que afecta a todos os seus departamentos.

  O seu obxectivo é conseguir que se identifique Galicia con calidade dende o punto de vista da promoción económica, contribuíndo a impulsar a competitividade das empresas galegas, dar visibilidade á marca Galicia dende un punto de vista económico, fortalecer e engadir valor ó selo de calidade e reconverter o selo de Galicia Calidade nun catalizador das empresas galegas dentro da estratexia Galicia Industrial e Sostible.

- Promoción e fomento da artesanía galega: a importancia das actividades artesanais en Galicia non só reside nun plano social ou cultural, senón que constitúen actividades con capacidade de xeración de emprego e riqueza desde o punto de vista económico. Abranguen, ademais, unha lista longa de oficios que se traducen nunha oferta produtiva moi diversificada que pode responder de xeito eficaz ás esixentes demandas do mercado actual.

A Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación, consciente da importancia social, cultural, patrimonial e económica da artesanía galega, aposta por un sector artesán forte e capaz de adaptarse ás novas tendencias do mercado. Por isto, dende a Dirección Xeral de Comercio e Consumo preténdese desenvolver estratexias de promoción, impulso e mellora da competitividade do sector artesán, que levan implícitas accións de incremento da comercialización e de potenciación do talento e das habilidades empresariais das persoas artesás sen descoidar a innovación o deseño e a cooperación entre diferentes sectores.

II.2. DOS ORGANISMOS AUTÓNOMOS

INSTITUTO GALEGO DO CONSUMO E DA COMPETENCIA - IGCC

As principais liñas de acción do Instituto Galego do Consumo e da Competencia para o ano 2022 serán:

- Desenvolvemento da estratexia dixital de protección das persoas consumidoras a través de catro eixos de actuación.
- Dixitalización da Escola Galega de Consumo. Impulso da Aula Virtual de consumo.
- Consolidación do plan de inspección do comercio electrónico na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Asesoramento as persoas consumidoras galegas a través de contidos informativos na web, do telefono de balde co que conta o IGCC así como de maneira presencial para aqueles casos nos que se requira.
- Impulso a mediación entre as persoas consumidoras e os empresarios e profesionais e implementación dun sistema arbitral de consumo "on line".
- Modernización do equipamento do Laboratorio de Consumo de Galicia.
- Actuación en materia de control, vixilancia do mercado e seguridade dos produtos industriais.
- Impulso á normativa en materia de consumo, a través do desenvolvemento da Lei 2/2012, do 28 de marzo, galega de protección xeral das persoas consumidoras e usuarias.
- Promoción da competencia como medio para lograr unha maior eficiencia económica e estimular a competitividade das empresas.
- Control e asesoramento ás administracións públicas nas actividades que poidan ter incidencia na libre competencia no mercado, tanto desde a perspectiva dos operadores económicos como das persoas consumidoras e usuarias.

II.3. DAS AXENCIAS PÚBLICAS AUTONÓMICAS

INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA - IGAPE

O Instituto Galego de Promoción Económica (IGAPE), incardína o conxunto de medidas do Goberno da Comunidade Autónoma dirixidas a promover a economía galega, favorecendo o emprendemento e o crecemento empresarial a través da internacionalización e a mellora da competitividade no conxunto do territorio .

Máis concretamente, estas medidas están enfocadas:

- Ao impulso e consolidación da actividade económica das empresas apoiadas especialmente na transformación dixital e na sustentabilidade.
- A dar resposta ás esixencias do escenario económico actual, caracterizado polas restricións e dificultades impostas pola pandemia COVID-19, para favorecer a continuidade e o crecemento da nosa economía e do noso tecido empresarial.
- Á consolidación e fortalecemento do programa de apoio á internacionalización das pemes galegas, cunha forte compoñente de internacionalización dixital e comercio electrónico global.
- Ao fomento da competitividade e da produtividade e ao impulso da participación e cooperación entre os axentes económicos galegos.
- Ao desenvolvemento da política industrial de Galicia, en colaboración cos clúster galegos e de acordo coa Axenda de competitividade Galicia: Industria 4.0. e a súa evolución no Impulso da transformación dixital da industria conectada.
- Ao apoio integral ao emprendemento, a incubación, aceleración e consolidación de proxectos emprendedores a través de aceleradoras específicas transversais, temáticas (coworkings) e verticais (Business factories) de acordo coa de Lei do Emprendemento e da Competitividade Económica de Galicia.
- Á atracción de novos investimentos empresariais internacionais que contribúan á creación de emprego e ao fortalecemento do tecido produtivo e de servizos en Galicia.
- A favorecer o equilibrio territorial.

Os orzamentos de 2022 estrutúranse en torno á estratexia do IGAPE no marco 2014-2020 con vistas ao novo marco 2021-2027 e á posta en marcha dos diferentes programas e plans de actuación, que integrarán medidas configuradas de xeito conxunto, nas bases reguladoras dos apoios xestionados polo Instituto, xunto con instrumentos financeiros, servizos e novas actuacións, que terán en conta as directrices e orientacións prioritarias en Europa, como a recuperación empresarial e a resiliencia a través da economía verde e a dixitalización.

Os plans de actuación do IGAPE materializan o compromiso coa resiliencia e reactivación da economía da nosa Comunidade e a mellora da competitividade das empresas galegas.

Programas e plans de actuación do IGAPE no ano 2022:

1º.- Programa Competitividade Empresarial.- A mellora da competitividade das pemes, eixe central da actuación do IGAPE, verase reforzada pola posta en marcha de novas medidas e actuacións da revisión da Axenda de Competitividade Galicia Industria 4.0, co Plan de impulso á transformación dixital 2019-2022.

Este programa execútase na súa maior parte a través do IGAPE, e contempla accións en catro eixos concordantes cos eixos do estado no desenvolvemento da Industria Conectada 4.0: Estratexia, Asesoramento, Talento e Financiamento.

Deste xeito, no despregamento de medidas correspondentes aos eixes anteriores cara á mellora da competitividade do tecido empresarial, no ano 2022, o IGAPE contempla accións específicas, como son:

- Diferentes programas de subvencións para incentivar melloras na transformación dixital, especialmente no eido da implantación de sistemas e solucións de dixitalización así como na sensibilización e capacitación de directivos e mandos intermedios fronte ao reto 4.0 da economía.
- Promoción e financiamento de INFRAESTRUTURAS COLABORATIVAS INDUSTRIAIS (programa Centros de Fabricación Avanzada e Infraestructuras Estratéxicas Abertas), que contribúan a reforzar o contorno industrial e dotar de acceso a infraestruturas equipadas a emprendedores, traballadores en activos, spin-outs empresariais, etc. para desenvolver proxectos e iniciativas industriais en espazos dotados e con condicións de acceso coñecidas e reguladas.
- DESENVOLVEMENTO DE PROVEDURÍA avanzada en Galicia de equipos, sistemas e maquinaria (Programa Maquinaria 4.0). Tralo primeiro proxecto demanda oferta de 5 solucións concretas a especificacións expostas por 5 industrias galegas, cumpre xerar un programa que permita multiplicar as solucións en base a maquinaria e bens de equipos recorrentes na compra industrial e non producidos en Galicia ata a data
- Prestación de servizos avanzados, a través do programa "Re-Acciona" renovado e reforzado co obxectivo de contribuír á mellora competitiva da empresa, me-estratéxico das empresas, de dixitalización industria 4.0 e novos servizos de apoio á innovación desenvolvidos en colaboración coa GAIN
- Posta en marcha de liñas e servizos específicos no eido da LOXÍSTICA (en resposta aos postulados da Estratexia Integral de Optimización Loxística de Galicia) e no fomento ECONOMÍA CIRCULAR na acción empresarial galega, especialmente na industria, en resposta á Estratexia Galega de Economía Circular.
- Lanzamento definitivo dun sistema de información sobre a industria 4.0 en Galicia: Observatorio Galicia Industria 4.0, que amose o panorama real de capacidades, logros e recursos existentes para seguir avanzando coa máxima celeridade posible na transformación dixital da nosa industria e os servizos de apoio e complementarios á industria (Enxeñería, loxística, I+D, ...).

A importancia dos clúster para a política industrial de Galicia vén manifestada de dúas formas principais: en primeiro lugar, no papel dos mesmos como panca fundamental na Axenda da Competitividade de Galicia Industria 4.0, en segundo lugar, cunha política específica que durante o ano 2022 se concreta en:

- Continuar a promover a excelencia nos clúster, cunha nova liña de axudas á gobernanza das Agrupacións Empresariais Innovadoras, neste caso esixindo aos agrupamentos a proposta de plans de actuación principalmente nos eidos da dixitalización, a sustentabilidade e a internacionalización.

- Facer seguimento de iniciativas de clusters emerxentes aprobadas no ano 2021 con incentivos específicos a clusters emerxentes en tecnoloxías ambientais, industria do deporte e Biomasa
- Promover a través dos propios clusters e outros organismos intermedios de carácter empresarial a execución de obradoiros de dixitalización e proxectos de hibridación intersectorial para a xeración de novos produtos ou servizos conxugando as diferentes capacidades de eidos de actividade non conexos.
- Facer seguimento aos proxectos de implantación de tecnoloxías Industria 4.0 aprobados e en execución nas pemes agrupadas en proxectos colectivos demostradores das posibilidades das tecnoloxías dixitais nos sectores estratéxicos da industria galega e os servizos de apoio industrial (programa "Proxectos Industria 4.0").
- Manter ao empresariado galego atendido de xeito inmediato coa reformulación do programa IGAPE RESPONDE, que atenderá a empresas e autónomos nos distintos eidos de necesidade ou preocupación conxuntural das súas empresas, así como dispón dos servizos de atención aos emprendedores e acompañamento de proxectos estratéxicos de investimento en Galicia.

2º.- Plan Galicia Inviste.- O Igape no ano 2022 porá en marcha distintas liñas de actuación de financiamento dos investimentos das empresas galegas que contribuirán:

- A apoiar e incentivar o investimento e o crecemento empresarial.
- A estimular unha maior dimensión das empresas galegas.
- A favorecer un nivel equilibrado de fondos propios nos balances das pemes.
- A favorecer o acceso ao crédito bancario para a financiación do capital corrente das pemes.
- A mobilizar o financiamento privado nos ámbitos do emprendemento, a industria 4.0 e a innovación empresarial.
- A promover a diversificación, reorientación ou cambio de negocio a partir da hibridación e a correspondencia oferta/demanda sectorial.

As distintas actuacións contempladas neste plan son as seguintes:

- Subvencións a fondo perdido para incentivar o investimento e o crecemento empresarial.
- Liñas de acceso ao financiamento operativo avalando operacións de investimento, de capital corrente e outro tipo de garantías, mediante convenios subscritos coas sociedades de garantía recíproca e as entidades financeiras, como o do programa de "Reavais".
- Programas de avais para facilitar o acceso ao financiamento de investimentos e de capital circulante.

- Programa de préstamos directos para financiar grandes proxectos de investimento na Comunidade Autónoma de Galicia, así como liñas específicas de préstamos que financien actuacións sectoriais concretas.
- Préstamos destinados á novación de débedas derivadas doutros préstamos impagados e novacións modificativas de préstamos en vigor.

Para as diversas actuacións, o IGAPE contará coa colaboración de distintos organismos facilitadores de financiamento (entidades financeiras e sociedades de garantía recíproca, entre outros). A participación do IGAPE no marco destes convenios suporá a concesión de avais e reavais e compensacións ás sociedades de garantía recíproca, tanto como entidades colaboradoras, como para apoiar a súa solvencia.

Ademais dos propios apoios do Instituto, as medidas de impulso dos investimentos empresariais compleméntanse coa tramitación, coordinación e acompañamento ás empresas nos apoios ofrecidos polo Ministerio de Facenda, a través da liña de Incentivos económicos Rexionais, e a coordinación e acompañamento noutras liñas de financiamento como as que convocan os distintos Ministerios e outros organismos estatais e as de préstamos do Banco Europeo de Investimentos (BEI).

3º.- Estratexia de Internacionalización da Empresa Galega.- Contribuirá a fomentar a internacionalización, como base para a competitividade do tecido empresarial galego.

A través de actuacións, medidas, servizos e instrumentos, a actuación do IGAPE focalizarase no aumento e consolidación no exterior das empresas galegas. Así como á atracción de investimento produtivo, comercial e financeiro cara Galicia, contribuíndo á promoción económica e ao crecemento empresarial.

As liñas de actuación no ano 2022, promoverán:

- A cultura da internacionalización: mediante a formación de mozos profesionais e a especialización e a capacitación dos recursos humanos das empresas.
- Incrementar e consolidar a presenza das empresas galegas nos mercados internacionais: mediante a identificación de mercados e oportunidades nos que as capacidades das empresas galegas presentan vantaxes competitivas e desenvolvemento e programas/accións en función de ditas oportunidades e das necesidades das empresas galegas con potencialidade para as mesmas.
- Consolidar a imaxe de Galicia no exterior: para mellorar o posicionamento de Galicia e a percepción dos produtos e servizos. Imaxe de marca.
- Fomentar a cooperación empresarial e institucional en prol da imaxe de Galicia e das súas empresas no exterior.

- A atracción de investimento do exterior que contribúa a incrementar o tecido produtivo galego, a crear novos postos de traballo e a completar cadeas de valor sectoriais.

O IGAPE, como coordinador das políticas de Internacionalización da Xunta de Galicia, baseará a súa actuación no ano 2022 reforzando a colaboración e coordinación entre os distintos axentes públicos e privados.

Na procura de multiplicar a eficiencia dos recursos públicos, no ano 2022 o IGAPE prestará especial atención ás iniciativas de colaboración de entidades e principais organizacións empresariais que traballan no ámbito da internacionalización.

A cooperación empresarial será fundamental para poder seguir avanzando, con paso firme, cara á consolidación das empresas galegas nos mercados exteriores máis activos polo que incidiremos especialmente en programas orientados a fomentar e facilitar a cooperación empresarial de cara á internacionalización conxunta ou ao intercambio de boas prácticas en internacionalización.

Neste sentido, a área de Internacionalización seguirá apoiando e desenvolvendo os programas de apoio, Galicia Exporta Empresas, Galicia Exporta Organismos Intermedios e Galicia Exporta Dixital. Da mesma forma, continuará desenvolvendo e apoiando outras liñas tamén xa en funcionamento como son Xestores de Internacionalización, Foexga e Sinerxía en colaboración coas cámaras de Comercio Galegas, así como a consolidación das Antenas do IGAPE no exterior e a apertura de dúas novas antenas ao longo do 2022

Coa finalidade de favorecer a adaptación das empresas á nova situación (adaptación á internacionalización dixital + márketing dixital + actualización do comercio internacional no actual contexto + trámites aduaneiros e loxística internacional + máster de comercio marítimo e loxística) prevese un novo programa de Formación (Fórmate Export).

Co obxectivo de apoiar as empresas nos mercados internacionais de licitacións preténdese implantar un servizo de consultaría que permita ás empresas dispoñer tanto dunha plataforma que facilite a información das ofertas de contratación pública internacional como que lle permita facer unha análise da súa potencialidade neste tipo de mercado.

Entre as novas actividades a desenvolver pola Área de Internacionalización, cabe sinalar as seguintes:

Galicia Avanza: O obxectivo principal é acelerar a transferencia da innovación ao mercado para xerar valor económico, emprego e ofrecer solucións as demandas sociais e industriais. Galicia Avanza é un programa de aceleración especializa-do na comercialización exterior que persigue fortalecer a internacionalización das solucións innovadoras en produtos ou servizos das pemes galegas no menor tempo posible.

Plan Contract: O obxectivo do plan Contract é apoiar a internacionalización e obtención de novos clientes internacionais as numerosas empresas galegas do sector contract ampliando o seu abanico de clientes e sectores de actuación.

IGAPE Contigo: Programa que pretende dar a coñecer casos de éxito de empresas galegas que se haxan internacionalizado, e que sirvan de modelo para ou-tras empresas galegas.

Convenio CEG: Pretendese impulsar a colaboración do IGAPE e a CEG como principais Entes e Institucións que apoien as pemes galegas no seu proceso de internacionalización e acceso a novos mercados.

Convenio Navalia: Convenio de apoio en aspectos de internacionalización ao importante sector naval galego, mediante colaboracións na celebración da principal feira do sector.

Convenios particulares coas Asociacións de Empresarios Galegos no Exterior (AEGAS): Os Convenios coas diferentes AEGAS pretenden dinamizar as relacións entre os empresarios galegos do exterior e os empresarios galegos de Galicia buscando colaboracións e acordos tanto privados como públicos e institucionais que contribúan ao desenvolvemento das empresas galegas e ao acceso a novos mercados e clientes.

Como consecuencia destas accións, a Área de Internacionalización do IGAPE establece os seguintes obxectivos no horizonte temporal 2021-2025:

Crecemento do negocio Internacional: Superar os valores precrisis alcanzando un máximo histórico de exportación: 25.000M€.

Incremento da base exportadora: Chegar as 8.000 empresas exportadoras

Diversificación de mercados: Crecer nos nosos mercados obxectivo fóra da UE. especialmente en América do Norte, América do Sur, Asia e o Reino Unido.

Internacionalización Dixital: Alcanzar as 1.000 empresas internacionalizadas dixitalmente no 2025.

Talento Internacional: Conseguir e dar a coñecer ás empresas 500 profesionais galegos especializados en internacionalización.

4º.- Programa Galicia Emprende.- A Lei 9/2013 do Emprendemento e da Competitividade Económica de Galicia atribúe ao IGAPE a responsabilidade de desenvolver unha serie de medidas, que son o fío condutor neste eido dos orzamentos para os vindeiros anos.

O ano 2022 suporá continuar o desenvolvemento das actuacións previstas na Lei, e as medidas promoverán o impulso de tecido empresarial pola creación de novas empresas.

Entre os seus obxectivos:

- Favorecer a creación de empresas e a creación de emprego.
- Desenvolvemento da Oficina Galicia Emprende como instrumento para vertebrar e coordinar o ecosistema emprendedor galego e acadar indicadores máis altos de actividade emprendedora en Galicia a corto, medio e longo prazo.
- Profundizar na utilización e aplicación a novos proxectos de emprendemento do fondo 'Galicia Iniciativas Emprendedoras' (FGIE).
- Seguir impulsando a rede galega de investidores particulares e incrementar a aplicación de capital privado no apoio ás novas empresas.
- Crear un portal intelixente do ecosistema emprendedor galego.

A Oficina Galicia Emprende de información, asesoramento e avaliación, irase desenvolvendo mediante convenios con entidades públicas e privadas que actúen no ámbito do emprendemento galego e faciliten apoio aos emprendedores de xeito coordinado co IGAPE.

Inclúense tamén nos orzamentos a xestión dos instrumentos financeiros de diferentes tipoloxías que serán articulados para o financiamento do emprendemento: préstamos, créditos, garantías ou avais.

Manteranse igualmente os incentivos a fondo perdido, co cofinanciamento do FEDER, cunha alta intensidade de axuda para apoiar os investimentos e gastos iniciais necesarios para a posta en marcha de empresas constituídas por suxeitos aos que lles sexa de aplicación a antedita Lei (Programa GALICIA EMPRENDE).

Promoverase o emprendemento non agrícola, innovador e tecnolóxico en zonas rurais mediante programas que combinan a formación e a titorización dos proxectos coa colaboración de empresas que teñan un efecto tractor na contorna, procurando tamén a implicación dos centros educativos e as entidades locais.

En todas estas actividades fomentarase a dixitalización das empresas, tendo en conta a aceleración desta tendencia nos modelos de negocio provocada polo COVID

O IGAPE mantén nos orzamentos as asignacións aos FOCOS DE EMPRENDEMENTO SECTORIAIS, co que estima seguir cofinanciando e dirixindo a Business Factory Auto (BFA), que ven de ser complementada coa incubadora de alta tecnoloxía no sector da automoción High Tech Auto, a Aeronautics Business Factory (BFAero) no sector aeronáutico e, no sector da industria alimentaria, a Business Factory Food (BFFood), así como promover e cofinanciar novos focos en algún sector novo de especial interese como a loxística, a moda, a economía circular, o retail ou a Industria marítima.

A potenciación dos instrumentos de sensibilización e difusión, incluíndo outras accións de apoio para a extensión da cultura emprendedora, incluíndo o ámbito educativo (EDUEMPREN-

DE), forman parte deste eixe que se completa con servizos gratuítos de titorización, formación e acompañamento a potenciais emprendedores coa colaboración de mentores inscritos na rede de mentores do IGAPE.

5º.- Programa Galicia Capacita.- Como elemento e peza clave na mellora da competitividade das empresa galegas, o IGAPE manterá e reforzará o programa de formación e desenrolo directivo.

No Programa Galicia Capacita contémplanse accións en tres eixos: formación e difusión, profesionalización, estratexia e novos modelos de negocio e cooperación. Estes tres aspectos resultan totalmente determinantes da competitividade das persoas e as organizacións e, polo tanto, das competencias necesarias para a profesionalización das empresas e así incrementar a súa solidez, capacidade de resistencia ante circunstancias adversas e afirmar as bases dun crecemento sostido e sostible a medio e longo prazo.

Impulsar a participación e a cooperación entre os axentes económicos galegos é outra das medidas sinaladas para contribuír a capacitación, ao desenvolvemento e á modernización empresarial, que o Instituto vén facendo, especialmente nos últimos anos. Deste xeito contribuír a que tódolos axentes e organismos de Galicia colaboren de maneira coordinada para mellorar o tecido empresarial e situar a Galicia como unha rexión atractiva para investir e traballar é o principal obxectivo deste piar nos plans de actuación do Instituto, que ten como principais axentes aos clúster e organismos intermedios de carácter empresarial.

Deste xeito, cara á capacitación do tecido empresarial, os orzamentos contemplan accións específicas nestes eidos, como son:

- Acordos e convenios con axentes clave para a formación, a difusión de tendencias de xerencia e xestión e o desenvolvemento directivo dos administradores, directivos e mandos intermedios da peme galega.
- Un gran programa de difusión, formación e capacitación de mandos intermedios empresariais, directivos e Consellos de Administración, como chave de éxito das pemes cara ó futuro e que pretende exercer un impulso de cambio na acción dos cadros de mando das pemes galegas e, consecuentemente, o lanzamento de novas estratexias cara ó crecemento e a internacionalización de xeito decidido.
- Liñas de formación práctica 'ad-hoc' axeitadas as necesidades da peme galega e fomentar a intelixencia competitiva e a penetración acelerada da tecnoloxías da Industria 4.0.
- Prestación de servizos diferenciais, de alto valor, a través do programa "Re-Acciona" "Re-Acciona Innovación" e "ReAccion TIC". Servizos avanzados de profesionalización empresarial e de desenvolvemento estratéxico, xa consolidados durante os anos 2013 ao 2016, complementados a partir de 2017 con servizos de dixitalización industrial e Industria 4.0. aos que, no 2021, sumáronse os servizos de innovación nas pemes galegas.

- Este programa, complétase en resposta á COVID-19 co programa REACCIONA COVID-19 que, a través de entidades colaboradoras, ofrece os servizos de Re-estruturación financeira e adecuación de estados financeiros tras o impacto de COVID-19, Preparación para a transmisión ou adquisición de unidades produtivas.
- Elaboración, adaptación e implementación de plans estratéxicos de internacionalización da empresa ou sector ao novo escenario internacional, análise de mercados internacionais concretos en relación á nova situación motivada pola emerxencia sanitaria COVID-19 e as necesidades específicas do solicitante de cara á apertura ou permanencia en dito mercado e consultaría relacionada coa implementación de metodoloxías de traballo e procesos acordes aos principios da economía circular.

Moitas das liñas de actuación neste plan, acometeranse en colaboración con entidades e organismos dedicados a formación e capacitación de directivos e mandos intermedios, como as escolas de negocios, a Asociación para o Progreso da Dirección.

6º.- Proxectos en cooperación.- No ano 2022, o IGAPE continúa reforzando e impulsando proxectos en cooperación:

Rede Asociacións de empresarios galegos nos exterior –impulsada polo IGAPE - constitúe un activo con gran potencial dinamizador da internacionalización ao ofrecer ao empresario galego interesado no mercado exterior un apoio singular que pode serlle de grande utilidade. As asociacións de empresarios de orixe galega vincúlanse voluntariamente a Galicia e poñen a disposición do tecido empresarial galego a experiencia, o especial coñecemento do mercado e o seu saber facer empresarial nos países ou comunidades onde están localizadas.

A Rede no seu conxunto representa unha iniciativa que busca aproveitar as sinerxías asociativas en proveito da xeración mutua de negocio e unha vía para canalizar a captación de investimento para Galicia.

O IGAPE desenvolverá durante o ano 2022 catro proxectos europeos en colaboración con diversas entidades de Galicia e do Norte de Portugal, que redundarán nunha maior cohesión dos axentes económicos da eurorrexión e a aportación de novas oportunidades nos eidos da loxística, emprendemento e internacionalización empresarial.

Outros programas e proxectos que apoien a política industrial, o emprendemento, a internacionalización e a competitividade das pemes.

7º.- Outras accións

A través da Unidade de proxectos tractores informarase e proporcionarase asistencia e acompañamento aos promotores de proxectos interesados en concorrer ás convocatorias do plan do Plan de Recuperación e Resiliencia, elemento central do Instrumento Next Generation

EU. O Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia de España, dotado con 69.528 millóns de euros, inclúe investimentos e reformas orientadas a dar resposta á crise do COVID-19 e a saír reforzados mediante a transformación dos sectores produtivos.

En liña coa Estratexia Next Generation Galicia, a Unidade de proxectos tractores ten como obxectivo captar investimentos empresariais e apoiar proxectos con potencial para transformar a economía galega. Apoiándose nas transicións verde e dixital como motor de transformación de Galicia, os fondos Next Generation EU están orientados a incrementar a competitividade das empresas galegas, creando emprego de calidade e impulsando a innovación e a sustentabilidade ao longo das cadeas de valor.

8º.- Actividades soporte

Baixo este eixe inclúense as diferentes actividades de información e difusión dos servizos e apoios do IGAPE e os gastos xerais de funcionamento do Instituto.

No ano 2021 o Igape comezou o proceso para a súa transformación dixital de cara a obter novas capacidades internas que permita unha tramitación máis áxil, máis eficiente e cun menor custe para as organizacións empresariais e autónomos que presenten a súas solicitudes de apoio. No ano 2022 a implantación e desenvolvemento destas ferramentas significará una salto evolutivo na relación dixital entre empresas e a administración.

O Igape aposta pola intelixencia artificial e a hiperautomatición dos procesos con menor valor engadido que redundará nun mellor e máis rápido servizo, adaptando a xestión administrativa as novas necesidades de empresas e autónomos.

A creación dun observatorio de tecnoloxía interno permitirá introducir no Instituto de Promoción Económica as mellores prácticas e adaptar novos avances tecnolóxicos na xestión administrativa pública.

En canto á perspectiva de xénero nos orzamentos:

O IGAPE no ano 2022 velará pola promoción da igualdade entre homes e mulleres, así como a integración da perspectiva de xénero na preparación e na execución de programas.

Naqueles programas de axuda nos que se valore a creación ou mantemento de emprego, establecerase unha puntuación adicional cando estes empregos sexan femininos.

Por outra parte, para os distintos programas obteranse os indicadores que teñan que ver con persoas de xeito distinguido segundo a perspectiva de xénero, co fin de poder estudar a situación e a posición relativa das mulleres con relación aos homes e poder tomar as medidas correctoras no caso de que se detecte algún tipo de fenda de xénero.

AXENCIA GALEGA DE INNOVACIÓN - GAIN

- No contexto da nova Política de Cohesión Comunitaria para o período 2021-2027, as RIS3 refórzanse como elementos de transformación económica e elévanse as esixencias sobre elas respecto ao período anterior. No marco dun enfoque máis transversal da I+D+i no que se integran a dixitalización, a transición industrial e a cooperación internacional, a nova condición habilitante céntrase na boa gobernanza das Estratexias. O cumprimento deste requisito implica a necesidade de contar cunha axeitada coordinación de todas as actuacións de I+D+i desenvolvidas no marco RIS3 Galicia, dende a súa planificación ata a avaliación do seu resultado. A través deste enfoque integrado perséguese acadar un maior desenvolvemento económico e social.
- Neste contexto, a Axencia Galega de Innovación abordará a posta en marcha no ano 2022 da estratexia de especialización intelixente, dentro dun marco de cooperación interna / externa onde a través dun proceso de descubrimento emprendedor poidamos construír entre todos unha estratexia adaptada aos novos retos económicos e sociais que están a demandar unha adaptación das prioridades de especialización.
- O impulso do Polo Aeroespacial de Galicia a través de diversas actuacións que se desenvolven no marco da iniciativa estratéxica coa denominación de Civil UAVs Initiative que persegue impulsar o crecemento económico e a cohesión de Galicia, a través do apoio a un novo sector de alta teconoloxía.
- Rematado o primeiro período de execución da Civil UAVs Initiative no 2020, definiuse a nova Estratexia 2021-2025 a través de sete programas e ata trinta actuacións, dando resposta a novos retos e creando novos instrumentos de colaboración público-privada para impulsar o tecido industrial e de coñecemento galego no sector aeroespacial.

Neste novo período de programación prevese consolidar o investimento público-privado, contemplando todas as actuacións capaces de consolidar Galicia como un polo aeroespacial de referencia mundial no desenvolvemento e ensaio de aeronaves non tripuladas.

En concreto articularanse diferentes actuacións co obxectivo de:

- Reforzar as infraestruturas existentes en torno ao aeródromo de Rozas como o Centro de Investigación Aerotransporta (CIAR) e o Parque Industrial.
- Consolidar a industrialización de equipos e sistemas, fortalecendo así as capacidades tecnolóxicas do tecido empresarial galego.
- Apoiar a I+D+i especializada en vehículos non tripulados.
- Desenvolver solucións de interese tanto para o sector público como para o privado. No ámbito público perséguese mellorar na prestación de servizos da forma máis innovadora e eficiente posible.
- Impulsar procedementos de Compra Pública de Innnovación (CPI) para impulsar a I+D+i dende a demanda e favorecer a comercialización dos produtos e servizos desenvolvidos polas empresas do sector aeroespacial en Galicia.

- Continuar coas convocatorias de apoio de novas iniciativas empresariais, relacionadas co sector aeroespacial, tanto de incubación como de aceleración, no marco da Businness Factory Aero.
- Realizar actividades de fomento das vocacións científico-tecnolóxicas destinadas aos máis novos, para orientalos a elixir carreiras e estudos STEM, relacionados co sector aeroespacial.
- O fomento do investimento privado a través da xeración de alianzas estratéxicas con empresas tractoras que coinvistan coa Administración no desenvolvemento de grandes proxectos de I+D+i orientados á renovación do modelo produtivo de Galicia para consolidar un crecemento intelixente e sustentable da economía galega que permita acadar un novo modelo industrial sustentado na competitividade e no coñecemento e aumentar a intensidade tecnolóxica da estrutura industrial de Galicia. INDUSTRIA 4.0
- Desenvolvemento dun Programa de TALENTO orientado a xeración, captación, retención e retorno de talento investigador e innovador en Galicia que contempla as axudas para o fomento da contratación de persoal dedicado a actividades de I+D+i e a incorporación de talento investigador en empresas e organismos de investigación co fin de favorecer a súa carreira profesional. Talento Senior, predoutorais, posdoutorais e doutoramento industrial. E tamén a captación, retención e retorno do persoal investigador excelente (beneficiarios de axudas do ERC) mediante:
- A contratación por parte de GAIN do persoal investigador beneficiario dunha bolsa do "European Research Council". OPORTUNIUS.
- O fomento da excelencia: estimulando a participación nos programas do ERC de investigadores que amosen un alto potencial e unha carreira investigadora prometedora, co conseguinte efecto tractor de fondos europeos. OPORTUNIUS.
- O apoio á excelencia: impulsando a actividade e o desenvolvemento daquel persoal investigador cunha traxectoria consolidada que supere a fase primeira no proceso de avaliación das bolsas do programa ERC e que non recibira financiamento. Dotarase ao persoal investigador con recursos económicos e asesoramento co fin de impulsar a súa actividade investigadora e potenciar a consecución de resultados de impacto de cara a participación en convocatorias futuras do ERC.
- O apoio aos programas de aceleración de emprendemento innovador desde a fase inicial do nacemento empresarial, a través de servizos de formación, asesoramento e financiamento. (Aceleradoras).
- Fondos de capital risco dirixidos a proxectos empresariais de marcado carácter innovador e de apoio en xeral, financiando investimentos en diferentes sectores (Fondo Galicia INNOVATECH_FICC e Galicia iniciativas emprendedoras_FICC).
- Reforzo da transferencia de resultados de I+D+i ao mercado como factor de competitividade. Desenvolvemento dun programa de actuacións orientadas á mellorar as estruturas, os procesos e as competencias dos profesionais de transferencia e investigadores para a efectividade da transferencia de resultados ao mercado e a súa valorización comercial. O apoio aos proxectos de investigación que se atopan nun estado de madu-

rez tecnolóxica que xa superou a fase de investigación fundamental, pero requiren dun impulso que permita a validación da tecnoloxía e a posterior transferencia ó mercado dos resultados (Programa IGNICIA).

- As axudas para o financiamento dos custos de implementación dos plans de innovación das empresas destinadas ao financiamento das actividades integradas en plans de innovación que lles permitan sistematizar os procesos de innovación da empresa (INNOVAPEME).
- A dixitalización no marco das RIS3 é unha das grandes prioridades deste novo período. Neste contexto, a dinamización dos Hubs de innovación dixital (DIHs) para avanzar na noso modelo de especialización é un elemento clave. A través dos Hubs xéranse dinámicas de colaboración público-privada abertas que permiten aliñar máis eficientemente o coñecemento coas necesidades do tecido empresarial facilitando a integración das pemes nos procesos de I+D+i.
- Dentro deste contexto, unha boa ferramenta, para fomentar esas dinámicas de cooperación e avanzar na especialización e na consolidación dos Hubs de Innovación Dixital como elemento integrador do Sistema Galego de I+D+I, é o apoio a proxectos colaborativos no marco das áreas estratéxicas dos Hubs (Conecta Hubs e Conecta Covid).
- O fortalecemento de centros de xeración de coñecemento a través do financiamento dos seus gastos de estrutura tendo en conta en relación coa posta en valor das súas actividades de I+D, a súa capacidade de transferencia ao mercado, así como a captación de recursos de I+D+I competitivos en programas nacionais e internacionais. (Contratos programa de centros tecnolóxicos e OPIS).
- A mobilización e atracción de capital privado para os procesos de innovación galegos a través das unidades mixtas de investigación que teñen como propósito o desenvolvemento de iniciativas de colaboración focalizadas nun contexto limitado de áreas de singularidade estratéxica para o conxunto da rexión mediante a creación de consorcios estratéxicos rexionais entre as universidades, os centros de innovación tecnolóxica e as empresas (Unidades mixtas).
- Consolidar, estruturar e especializar as unidades de investigación máis competitivas do Sistema galego de I+D+i mediante o apoio aos grupos de referencia competitiva, aos grupos con potencial de crecemento e a redes de investigación (Grupos de investigación).
- A participación en proxectos europeos de diferentes iniciativas (Interreg Europe, POCTEP ou Horizonte2020) co obxectivo de fortalecer a investigación, o desenvolvemento tecnolóxico e a innovación e mellorar a excelencia científica no espazo de cooperación transfronteiriza de Galicia e Portugal e nas alíneas de investigación con potencial para seren máis competitiva internacionalmente.
- Xestión do Centro de Innovación e Servizos do Deseño e a Tecnoloxía e desenvolvemento das súas actividades de fomento da innovación nos eidos do Deseño, os materiais innovadores, a Industria Dixital baseadas na realidade virtual e na realidade aumen-

tada, a Transferencia de Tecnoloxía, Cooperación Internacional para a I+D+i a Vixilancia Tecnolóxica, o emprendemento e o fomento das vocacións científico-tecnolóxicas.

- Apoio ás pequenas empresas en formación en innovación, xestión de proxectos, asesoramento, vixilancia tecnolóxica e intelixencia competitiva.
- Desenvolvemento dun plan de accións de estudio, difusión, formación e implementación do deseño nas empresas, especialmente nas pemes, como instrumento de competitividade. Complementarase cun programa de axudas orientadas á contratación de servizos de deseño por parte de empresas, especialmente pemes, de todas as tipoloxías (gráfico, industrial, de produto, servicios, estratéxico, etc.) como ferramenta de competitividade. Programa de Deseño.
- Liña de rescate Neotec: o obxectivo é financiar a creación e posta en marcha de proxectos empresariais de pemes de recente creación, cuxa estratexia de negocio se basea no emprego e desenvolvemento de tecnoloxías ou coñecementos desenvolvidos a partir da actividade investigadora. En concreto, dáse cobertura aos primeiros anos do plan de negocio de proxectos que obtiveron unha puntuación elevada na convocatoria do ano 2020 do programa Neotec de CDTI, pero que non obtiveron financiamento do devandito organismo pola competitividade do programa e as limitacións orzamentarias do mesmo.
- Centros empresariais de investigación (MDI): instrumento de apoio á creación de centros empresariais de investigación científica para favorecer a investigación fundamental e industrial co fin de complementar as capacidades do ecosistema.

INSTITUTO ENERXÉTICO DE GALICIA - INEGA

As principais liñas de acción para o ano 2022 son as seguintes:

1. Plan de Eficiencia Enerxética nas familias:
   - Fomento do autoconsumo eléctrico.
   - Impulso da xeración de calor e auga quente sanitaria a partir de sistemas altamente eficientes.
   - Plan Renove de electrodomésticos.
   - Campañas de información e sensibilización á cidadanía.
2. Fomento de axudas de aforro e eficiencia enerxética:
   - Impulso á mellora da competitividade das empresas pola vía do aforro e a eficiencia enerxética, mediante axudas dirixidas ós sectores industrial, servizos e primario.
   - Bono enerxía Peme, axudas en condicións vantaxosas para a mellora enerxética das pemes e autónomos con actividades fortemente impactadas pola situación sanitaria para contribuír a súa reactivación.

- Xestión do Programa de axudas para actuacións de eficiencia enerxética no sector industrial dirixido a grandes proxectos.

3. Fomento do uso de fontes de enerxías renovables:
   - Axudas para intensificar a implantación de enerxías renovables na Comunidade Autónoma, focalizando a implantación das instalacións que permitan aos fogares e ás empresas o acceso ao autoconsumo eléctrico, á xeración distribuída a pequena escala e ó almacenamento enerxético.
   - Fomento para o desenvolvemento de Comunidades enerxéticas locais.
   - Apoio á instalación de equipamentos térmicos con biomasa e ás instalacións de xeración de calor a partir das tecnoloxías xeotérmica e aerotérmica.
   - Fomento para o incremento do coñecemento nas tecnoloxías de almacenamento enerxético e para a identificación de oportunidades de desenvolvemento de proxectos de interese para a Comunidade Autónoma.
4. Programa de axudas de impulso á mobilidade eficiente e sostible:
   - Fomento da introdución de tecnoloxías de mobilidade eficientes e sostibles, así como da implantación de instalacións de recarga para vehículos eléctricos, destacando a xestión do Programa Moves (II en III) e do Plan Galego de Transición a unha Mobilidade Eficiente.
5. III Feira da Enerxía de Galicia:
   - Coordinación e promoción para o desenvolvemento da Feira da Enerxía, co obxectivo de posicionar Galicia como punto de encontro de empresas e profesionais do sector enerxético.
6. Actuacións en planificación e infraestruturas enerxéticas:
   - Promoción das actuacións contempladas na Axenda galega de transición enerxética para o período 2021-2030, documento actualmente en fase de elaboración.
   - Seguimento da planificación da rede de transporte de electricidade do Estado 2021-2026.
   - Fomento da creación do Corredor Verde Norte que permita dispoñer das infraestruturas necesarias nas principais vías de conexión terrestre que unen Galicia con Asturias e Castela e León para garantir o adecuado subministro enerxético ás alternativas de propulsión para a mobilidade e o transporte libres de emisións.
   - Elaboración do Balance enerxético de Galicia do 2020.
   - Recompilación de información da enerxía eléctrica xerada polas distintas centrais de produción de enerxía eléctrica en réxime especial existentes en Galicia (Sicapde).
   - Actualización da información xeorreferenciada (gráfica e alfanumérica) das infraestruturas enerxéticas da Comunidade Autónoma (Atlas Enerxético).
7. Tecnoloxías relacionadas co hidróxeno de orixe renovable:
   - Fomento das actuacións contempladas na Estratexia do hidróxeno renovable de Galicia, actualmente en elaboración.

- Fomento da implantación de tecnoloxías relacionadas co hidróxeno renovable que permitan a decarbonización de procesos industriais.

8. Desenvolvemento da eólica mariña:
   - Continuar coa labor do INEGA na función de Secretaría técnica do Observatorio da Eólica Mariña de Galicia.
   - Promoción e, no seu caso, tramitación, da solicitude dunha nova zona experimental para o ensaio de tecnoloxías relacionadas coa eólica mariña flotante.
9. Certificación enerxética de edificios:
   - Tramitación e resolución das solicitudes de inscrición no Rexistro de certificados de eficiencia enerxética de edificios da Comunidade Autónoma de Galicia.
   - Control técnico dos certificados de eficiencia enerxética dos edificios.
   - Desenvolvemento e actualización de novas funcionalidades na plataforma RGEEE que xestiona o Rexistro de certificados de eficiencia enerxética de edificios.
   - Cualificación e certificación dos edificios públicos autonómicos da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación.
   - Participación como membro da Comisión Asesora e de Grupos de Traballo en materia
   - Información xeral e técnica á cidadanía e aos axentes implicados na certificación enerxética dos edificios.
10. Actuacións de aforro e eficiencia enerxética e enerxías renovables na administración pública autonómica:
    - Rede de enerxía da Xunta de Galicia (REDEXGA), constituída polas infraestruturas, medios e servizos necesarios para a xestión enerxética dos centros de consumo da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.
    - Promoción da mellora do comportamento enerxético dos elementos técnicos e arquitectónicos nos centros sociais, educativos, sanitarios e administrativos, na procura de acadar unha diminución na factura enerxética da Xunta de Galicia a través de actuacións directas nestes edificios.
11. Proxectos europeos:
    - Seguimento e participación na implantación e desenvolvemento do Plan de recuperación para Europa derivado da situación sanitaria ocasionada polo COVID-19. Tanto o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia como o Mecanismo de Transición Xusta Reforzado establecen o sector enerxético como un dos de maior potencial para contribuír a mitigar os efectos económicos.
    - Participación en novas propostas de proxectos de investigación relacionados co ámbito enerxético en a distintos programas europeos.
12. Outras actuacións:
    - Asesoramento técnico á Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais.

- Participación na comisión de seguimento da execución dos proxectos de natureza industrial asociados ós parques eólicos adxudicatarios dentro das Ordes da convocatoria que regula a Lei 8/2009, do 22 de decembro.
- Tramitación das competencias derivadas do Real Decreto 56/2016, do 12 de febreiro, relativo a auditorías enerxéticas, acreditación de provedores de servizos e auditores enerxéticos e promoción da eficiencia da subministración de enerxía. Este Real Decreto establece a obriga para as grandes empresas de realizar unha auditoría enerxética cada 4 anos e comunicarlla a Administración. No primeiro período de 4 anos recibíronse máis de 2.500 comunicacións de auditorías.
- Desenvolvemento de proxectos pilotos e demostrativos.
- Ensaio de prototipos na zona experimental de Punta Langosteira.

AXENCIA GALEGA DA INDUSTRIA FORESTAL - XERA

O obxectivo básico da Axencia Galega da Industria Forestal é o incremento da xeración de valor na cadea monte industria ao que irán dirixidas as súas actuacións, recollidas Axenda de impulso da industria forestal.

Promovendo a demanda de produtos de madeira local nos mercados de maio valor, como a construción ou embalaxe.

Caracterizando as madeiras locais para que se adapten as normas técnicas da edificación e poidan ser usadas polo prescritores con maior seguridade es.

Poñendo a disposición dos prescritores, ferramentas de cálculo de estruturas.

Promovendo renovación tecnolóxica na primeira e segunda transformación, como ferramenta de incremento da produtividade.

Fomentar a formación cualificada e altamente especializada nos diferentes eidos de maior valor, como a utilización de madeira como elemento estrutural na construción, formando a prescritores, a fabricantes e a montadores.

Participar en proxectos de innovación de programas europeos, en diferentes eidos, dende a construción en altura ata no desenvolvemento e implantación da bioeconomía circular.

Promovendo a innovación no desenvolvemento de novos bioprodutos de orixe forestal e valorizando subprodutos derivados da produción industrial, buscando produtos compósites de valor engadido ou que poidan ser utilizados por outros sectores como a automoción ou téxtil.

- Fomentar a dixitalización e trazabilidade nos diferentes subsectores da cadea monte industria.

- Promover procesos produtivos e loxísticos mais eficientes e respectuosos co medio ambiente , promovendo axudas á ecoinnovación.

Os suxeitos diana serán, por unha banda, as pemes, micropemes e autónomos que conforman a cadea monte industria, por outra os consumidores de madeira nos mercados de maior valor, incentivando a demanda e consumo de madeira local, tamén industrias de outros sectores produtivos para introducir a madeira nos seus procesos produtivos, dende a utilización de biomasa como fonte de calor, ata o reciclaxe de produtos plásticos mesturados con madeira, implantando circuítos produtivos de economía circular respectuoso co medio ambiente.

As liñas estratéxicas de actuación veñen recollidas na "Axenda de impulso da Industria Forestal", documento elaborado coa participación do sector e que contén os eixes de actuación prioritarios da axencia en función das necesidades do sector. Esta axenda será actualizada para o ano 2022, recollendo as propostas realizadas polo sector. As tomas de decisión económica sométese a un proceso participativo, no que cabe destacar, non so a axenda, senón tamén as enquisas que se elaboraron no 2020 e 2021, e os estudios de mercado de elaboración anual.

Outras actuacións prioritarias serán financiados con cargo a fondos REACT-UE, que a Comunidade Autónoma consigna a favor do sector a través da Axencia.

As liñas básicas de actuación para o ano 2022, serán:

- O fomento da construción con madeira local.
- A promoción da dixitalización na cadea monte industria, favorecendo a trazabilidade do produto.

A implantación de procesos ecoinnovativos nas industrias do secto e en industrias de outros sectores estratéxicos, promovendo procesos con menor impacto ambiental, reducindo o uso de materias plásticas e fomenrtando o uso de bioprodutos de orixe forestal, susbituindo produtoscunha importante pegada de carbono por produtos o procesos neutros ou con i portantes reducción na pegada de carbono

O desenrolo do CIS-Madeira, como centro piloto de novos materiais, que apoie ós diferentes sectores industrias no uso de bioprodutos de orixe forestal, incorporando melloras medioambientais nos procesos produtivos e no produto final.

A renovación tecnolóxica nas diferentes estratos da cadea, impulsando a incorporación de tecnoloxías que favorezan os procesos produtivos respectuosos co medioambiente.

En canto á perspectiva de xénero nos orzamentos, a Axencia Galega da Industria forestal no ano 2022 velará pola promoción da igualdade entre homes e mulleres, así como a integración da perspectiva de xénero na preparación e na execución de programas.

Neste senso ten especial relevancia as accións encadradas baixo a denominación #ElasXeranSector", na que se promoven iniciativas activas para visualizar e incrementar a presenza do talento feminino no sector, xerando grupos de traballo con compromisos certos na súa axenda de reunións e de actuacións a favor da igualdade efectiva, nunha industria na que tradicionalmente había unha subrepresentación de traballadoras. . Complementariamente a Axencia foi pioneira na adhesión ás iniciativas #HeForShe, promovida pola ONU, e #DóndeEstánEllas promovida polo Parlamento Europeo (sendo a segunda entidade galega en adherirse tras o COAG).

Para os distintos programas obteranse os indicadores que teñan que ver con persoas de xeito distinguido segundo a perspectiva de xénero, co fin de poder estudar a situación e a posición relativa das mulleres con relación aos homes e poder tomar as medidas correctoras no caso de que se detecte algún tipo de fenda de xénero.

II.4. DAS SOCIEDADES MERCANTÍS PÚBLICAS AUTONÓMICAS

SODIGA GALICIA, SOCIEDADE DE CAPITAL RISCO

XESGALICIA, S.G.E.I.C., S.A.U. ten encomendada a xestión dos activos de SODIGA GALICIA, S.C.R., S.A. As liñas de actuación da Sociedade materializaranse en investimentos, mediante a toma de participación no capital e/ou a concesión de préstamos, xeralmente participativos, en empresas con alto potencial de crecemento, xestionadas por empresarios de recoñecida solvencia profesional, que leven a cabo proxectos ou actuacións que contribúan á dinamización da economía na Comunidade Autónoma.

XESGALICIA, SOCIEDADE XESTIÓN ENTIDADES DE CAPITAL RISCO, S.A.U.

A Sociedade XESGALICIA xestiona entidades de capital risco e entidades de inversión de tipo cerrado destinadas ao financiamento do desenvolvemento empresarial galego, materializado en forma de tomas de participación no capital e/ou a concesión de préstamos, xeralmente participativos.

En función da tipoloxía das empresas obxecto de investimento e dos seus proxectos investidores, establécense distintas liñas de actuación, que se canalizan a través dos respectivos fondos xestionados:

- GALICIA COMPITE, FICC: Este fondo destínase ao apoio do tecido empresarial galego mediante a toma de participacións temporais no capital de empresas galegas, ou nas que os seus beneficios redunden directa ou indirectamente en Galicia, ou facilitando prés-

tamos participativos ou ordinarios. Ademais, o fondo poderá investir noutras entidades de capital - risco.

Dende 2021, as súas principais liñas de actuación son:

- A "Liña de transformación": unha nova liña de financiamento para acercar apoios financeiros e contribuír á reactivación das empresas no contexto económico actual marcado pola Covid-19.
- A posta en marcha dun Fondo de inversión público-privado.
- O financiamento de operacións ao abeiro dos novos fondos Next Generation procedentes de Unión Europea.
- GALICIA INNOVA TECH FICC: Este fondo destínase ao financiamento de investimentos en proxectos de marcado carácter innovador, con especial atención a proxectos que resulten da potencial valorización do coñecemento xerado polos diferentes axentes do sistema galego de I+D+i.
- GALICIA INICIATIVAS EMPRENDEDORAS, FICC: Este fondo orientase a proxectos empresariais de semente-arranque, ben sexan promovidos dentro de programas de financiación do emprendemento, por investidores privados a través da Rede Galega de Investidores Particulares, ou outros.
- ADIANTE 2000, F.C.R., en Liquidación: Este fondo orientábase ao financiamento de empresas necesitadas de apoio financeiro e de xestión, se ben actualmente encóntrase en fase de liquidación.

Na actual situación de crise e post-crise causada pola pandemia COVID-19 co-bran importancia as actuacións encamiñadas a mobilizar recursos para impulsar a recuperación da actividade económica e o emprego, así como o fomento dos principais sectores da economía galega, tendo en conta os obxectivos estratéxicos da Xunta de Galicia

SOCIEDADE GALICIA CALIDADE S.A.

Galicia Calidade SAU, no ano 2022 continúa no reto de ser a marca paraugas da economía galega.

Unha marca que debería ser un instrumento da Xunta de Galicia, particularmente de Economía, Medio Rural, e Pesca, para toda acción promocional económica en Galicia, España e no ámbito internacional a través de promoción institucional, feiras, misións comerciais, etc.

As accións previstas desenvolveranse nos seguintes ámbitos:

- Institucional: Accións no ámbito da Administración galega para converter a marca Galicia Calidade no proxecto estratéxico do Goberno para a promoción e protección dos produtos e servizos de Galicia
- Empresarial. Actuacións destinadas a promover as relacións coas empresas galegas (socios e non socios) para incrementar os produtos adscritos a Galicia Calidade. Estas accións abriranse tamén a asociacións empresariais e clústers sectoriais.
- Promocional: Desenvolvemento de accións de promoción, de comunicación e reputación corporativa para impulsar o coñecemento da marca e a difusión dos produtos amparados baixo a marca para acceder a novos mercados.
  - Galicia Calidade SAU, realiza accións de promoción de marketing e publicidade da marca de garantía Galicia Calidade. Accións publicitarias consistentes en campañas en medios convencionais, redes sociais, presenza en feiras e eventos sectoriais de ámbito estatal e internacional, así como diversas actuacións de comunicación noutros ámbitos. Ademais, a sociedade pública continuará coa promoción nos puntos de venda, como nas grandes cadeas de distribución.
  - Preténdese que Galicia Calidade se poida empregar sectorialmente como unha ferramenta para a mellora da calidade e de diferenciación nos mercados, que permita, a través da confianza no consumidor, mellorar a capacidade de comercialización de nosas empresas.
  - Paralelamente Galicia Calidade traballará para conseguir un número maior de empresas que queiran e poidan levar nos seus produtos a Marca de Garantía "Galicia Calidade" como unha maneira de conseguir unha maior promoción de Galicia e unha maior rendabilidade dos produtos.

PARQUE TECNOLÓXICO DE GALICIA S.A.

Os obxectivos estratéxicos da sociedade no ano 2022 son os seguintes:

1. Converter a Tecnópole en localización preferente para empresas tecnolóxicas con alta capacidade innovadora, xeradoras de emprego cualificado e con actividade de I+D+i. Para acadar este obxectivo desenvolveranse as seguintes liñas de acción:
   - Mellora e actualización da oferta de espazos para a situación dos diferentes perfís de empresas, facilitando os procesos de instalación.
   - Busca de opcións para lograr un incremento da oferta de niños. Busca de alternativas de espazos para empresas medianas que non poden dar o paso de ocupar un espazo propio.
   - Continuar co desenvolvemento dunha oferta de servizos atractiva e axeitada para empresas de perfil tecnolóxico e innovador que faciliten o seu lanzamento e consolidación.
   - Mellora da oferta de servizos baseado no concepto de centro de negocios que permita a evolución das empresas en estados temperáns.

- Complemento de servizos coa carteira das empresas residentes neste, fomentando a contratación entre residentes.
- Mellora nos servizos prestados tanto en servizos esenciais como enerxía limpa, residuos, viarios, beirarrúas e zonas axardinadas, así como nos servizos de telecomunicacións.
- Avanzar na senda de redución da pegada de CO2 achegado.
- Contribución aos ODS empresariais.
- Contar cunha aceleradora de empresas.
- Fortalecer a oferta do gabinete de técnicas do parque.
- Promoción e venda do solo dispoñible e urbanizado na ampliación do Parque.
- Busca activa de proxectos impulsados polos fondos NextGeneration.
- Promoción do centro de cirurxía experimental (proxecto Tecmeva) e procura de colaboracións externas para o seu maior aproveitamento.
- Promoción do laboratorio de biotecnoloxía.
- Promoción dos locais en aluguer dos edificios Centro de Empresas e Innovación, Tecnópole I e Tecnópole II e do espazo de coworking.
- Promoción da imaxe de Tecnópole para dala a coñecer en toda Galicia e fóra da nosa comunidade.
- Consolidación da imaxe de Tecnópole no novo modelo de cidade intelixente, incrementando as relacións do Parque coas infraestruturas que compoñen a contorna.

2. Fomentar a transferencia do coñecemento e da tecnoloxía, facendo de axente de enlace, colaborando cos socios de asociacións sectoriais e empresariais e outros foros, e fomentando a innovación aberta. Para este obxectivo no ano 2022 realizaranse distintas actividades e proxectos cos que se potenciará a Tecnópole como espazo de encontro entre o sistema público de I+D+i e o tecido privado:
   - Colaboración como axente do sistema galego de innovación na liña cos obxectivos marcados para Galicia na Estratexia de Especialización Intelixente.
   - No marco da RIS3, contribución á diversificación especializada a través do apoio aos descubrimentos emprendedores que repercutan na xeración de innovacións radicais.
   - Organización de eventos, xornadas, encontros empresariais, etc. que favorezan a interrelación empresarial e o contacto con outros axentes (universidade, administración, investidores).
   - Participación activa coa Asociación de Parques Científicos e Tecnolóxicos de España (APTE) e coa International Association of Science Parks and Areas of Innovation (IASP).
   - Participación activa no Clúster Tecnolóxico Empresarial das Ciencias da Vida (Bioga) e colaboración co grupo de traballo de Financiamento creado no Clúster.
   - Participación nos proxectos que xurdan das relacións cos diferentes foros e redes e que respondan aos obxectivos estratéxicos da Tecnópole.

- Promoción da plataforma posta en marcha pola APTE para a publicación de ofertas e demandas de colaboración científico-tecnolóxicas entre as empresas dos parques españois.

3. Favorecer a creación de empresas, o seu crecemento e consolidación, propiciar a creación de emprego, o desenvolvemento económico e crecemento empresarial na rexión. Para conseguir estes obxectivos formúlanse as seguintes actuacións no 2022:
   - Convocatoria para a asignación de espazos na preincubadora de proxectos empresariais para o ano 2022 en colaboración coa Universidade de Vigo.
   - Asesoramento especializado ás empresas e persoas emprendedoras usuarias das instalacións de Tecnópole e busca de novos servizos adaptados ás súas necesidades e que na medida do posible supoñan incremento de ingresos.
   - Outras actividades, proxectos ou programas piloto realizados baixo o amparo da Xunta de Galicia ou organismos dela dependentes, para desenvolver medidas contidas no Plan i2c.
   - Promoción de proxectos de colaboración empresarial dirixidos á mellora da competitividade empresarial a través de convocatorias públicas e participación activa da sociedade xestora nos mesmos se fora posible.
4. Promover as vocacións científicas e o espírito emprendedor entre os galegos máis novos. Entre as actuacións previstas para o ano 2022 destacan as seguintes coa posibilidade de facelas de xeito online se as condicións da pandemia da covid-19 non aconsellan a súa celebración presencial:
   - 17ª edición da Feira Galiciencia: tres días de exposición de proxectos científicos de estudantes de primaria, ESO e bacharelato, obradoiros e espectáculos.
   - Aula Newton Galicia e campamento de verán Newton: actividades dirixidas a estudantes de 3º e 4º de ESO nas que se ofrece formación en ciencia, tecnoloxía, enxeñería e matemáticas mediante dinámicas prácticas con acceso a equipos como simuladores de voo que lles permiten explorar, debater, reflexionar e colaborar nas materias STEM.
   - Aulas Tecnópole: desenvólvense de outubro a maio para estudantes de 2º ciclo da ESO e bacharelato tendo como resultado proxectos que nalgúns casos se presentarán a certames nacionais e internacionais.
   - Aulas Tecnópole STEAM KIDS: coa finalidade de atender a rapaces dun rango de idade inferior unha das quendas de Aulas Tecnópole dedícase a traballar en proxectos científicos e tecnolóxicos con nenos de entre 8 e 11 anos.
   - Proxecto Ciencia e Tecnoloxía en Feminino, realizado de forma conxunta con outros parques tecnolóxicos de toda España co obxectivo principal de aumentar a elección entre o público feminino de carreiras científicas e tecnolóxicas no futuro. Comezouse a desenvolver no 2018.
   - Recepción de visitas guiadas á Tecnópole, principalmente procedentes do ámbito educativo e na súa maioría universitario e de formación profesional. Esta actuación retomarase en canto a situación sanitaria o permita.

5. Desenvolver políticas medioambientais, fomentar o uso das enerxías renovables e o aforro enerxéticos, mediante as seguintes actividades:
   - Organización de actividades de sensibilización: xornadas informativas e concursos.
   - Promoción do Centro de Experimentación de Enerxías Renovables.
   - Actuacións de mellora da eficiencia enerxética nas instalacións xestionadas pola sociedade.
6. Desenvolvemento de medidas de apoio á internacionalización das empresas e da propia sociedade:
   - Colaboración coa GAIN para a posta en marcha dun programa de aceleración de empresas especializado na comercialización exterior da innovación, coa finalidade de conseguir o fortalecemento da internacionalización de solucións innovadoras en produtos ou servizos no menor tempo posible.
   - Desenvolvemento de xornadas, eventos e información periódica para o fomento dunha maior participación das empresas en convocatorias europeas.
   - Realización de informes sobre Horizonte Europa ás empresas que o soliciten: revisión dos proxectos e investimentos planificados pola empresa a curto e medio prazo, identificación de proxectos con potencial de conseguir financiamento europeo e información doutras vías de financiamento rexional e estatal.
   - Consultaría especializada en cuestións de internacionalización.
   - Acceso aos servizos como membros da asociación internacional de Parques, IASP, tales como acceso a expertos e informes, proxectos conxuntos, networking e visibilización a nivel internacional.
7. Promoción e mantemento das instalacións deportivas do Parque Tecnolóxico de Galicia, e fomento do deporte. As accións necesarias para este obxectivo:
   - Execución de melloras nas infraestruturas existentes.
   - Promover actividades deportivas ao longo do ano nas instalacións.

Integración da perspectiva de xénero:

Cada programa levará consigo medidas concretas para promover a igualdade entre homes e mulleres e prever a discriminación, estudando a situación inicial e avaliando as consecuencias e impacto das actuacións. Algúns exemplos do que se está a facer:

- A política de Responsabilidade Social Corporativa que practica a sociedade inclúe a flexibilización de horarios, nun cadro de persoal maioritariamente feminino.
- No recinto do Parque Tecnolóxico de Galicia hai unha escola infantil a disposición dos traballadores e traballadoras das empresas e centros instalados, cuestión que favorece a integración laboral das mulleres, tradicionalmente máis dedicadas ao coidado dos fillos.

- Dende 2018 desenvólvese o Proxecto Ciencia e Tecnoloxía en Feminino, co obxectivo principal de aumentar a elección entre o público feminino de carreiras científicas e tecnolóxicas.
- Os mozos e mozas que participan das actividades de divulgación científica reciben un obradoiro específico ao inicio no que se traballa o respecto e a relación de igualdade e se incentiva o coñecemento na investigación tecnolóxica das alumnas.
- As xornadas e actividades organizadas pola sociedade realízanse en horarios que permitan a conciliación familiar, evitando os horarios de tarde.
- En canto ao emprendemento partimos dunha situación discriminatoria xa que son moitas menos as iniciativas empresariais que xorden de mulleres segundo podemos constatar na propia Tecnópole, polo que todas as actuacións a levar a cabo neste ámbito de fomento do emprendemento incidirán en favorecer a igualdade. Un exemplo é dar máis protagonismo ás mulleres participando como relatoras en eventos.
- Exposición permanente sobre o papel das mulleres na ciencia ao longo da historia recente, situada no edificio principal de Tecnópole, coa finalidade de promover as vocacións científicas nas mozas.
- Nos procedementos de contratación incluiranse cláusulas sociais para fomentar as medidas de conciliación e corresponsabilidade nas empresas.

II.5. DAS FUNDACIÓNS DO SECTOR PÚBLICO AUTONÓMICO

FUNDACIÓN PÚBLICA ARTESANÍA DE GALICIA

A Vicepresidencia segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación, consciente da importancia social, cultural, patrimonial e económica da artesanía galega, segue apostando por un sector artesán forte e capaz de adaptarse ás novas tendencias do mercado, optando por unha visión a longo prazo, imprescindible para poder conseguir un sector artesanal sólido e sostible no tempo.

A situación de crise sanitaria ocasionada polo virus COVID-19 obrigou a adaptar os xeitos de relacionarse e á adopción dunha serie de medidas en canto á mobilidade de persoas e ao exercicio de actividades sociais e económicas para conter o avance da pandemia, protexer ás persoas do risco de contaxio e garantir actividades consideradas esenciais así como velar polas empresas e persoas traballadoras afectadas no aspecto económico e produtivo, de xeito que poidan recuperar a normalidade en canto sexan removidas as circunstancias excepcionais.

O plan de actuación previsto para o ano 2022 céntrase nos 4 eixes de actuación que responden ás demandas reais dun sector artesán que recolle un incremento cada vez máis acusado dunha nova xeración de artesáns.

1. ARTESANÍA = EMPRESA

Obxectivos xerais:

- Aposta pola comercialización no eido local, nacional e internacional e o seu posicionamento no mercado actual.
- Reformulación dos sistemas tradicionais de comercialización (presencia física e dixital) e estudo sobre as posibilidades que ofrecen novas formas como a asistencia a feiras especializadas on/offline, a introdución do produto artesán en accións de promoción de Galicia en colaboración con outras institucións, o pulo á realización de showrooms e pop up, a realización de feiras ou mostras de artesanía nas que se combine a promoción e a posta en valor dos oficios artesanais e a venda de produtos artesáns de alta calidade con outros elementos culturais (música, folclore, exposicións, talleres, gastronomía, etc.)

Accións previstas a desenvolver no 2022:

1.1. Corazón da Artesanía. IX Encontro da artesanía tradicional e popular de Galicia.

Dende a súa posta en marcha no 2012 é sen dúbida unha cita ineludible no calendario de eventos de interese artesanal de Galicia.

Obxectivos xerais do Encontro:

- Promocionar o sector artesanal e contribuír ao seu posicionamento no mercado actual. A artesanía é unha actividade cunha cota de mercado en crecemento e un sector de prestixio e de alto recoñecemento polo público.
- Recuperar un espazo de valor histórico como é o dos Pendellos de Agolada e dotalo novamente de contidos dinámicos liderado polo sector da artesanía.
- Consolidar este espazo de interrelación dos distintos eidos que conforman a nosa identidade e a posta en valor da nosa artesanía, a música e o baile tradicional ou a gastronomía, e proxectar unha imaxe integral e fiel da cultura tradicional e popular de Galicia no seu conxunto.
- Dinamizar e contribuír ao desenvolvemento económico, cultural, social e turístico desta área xeocéntrica de Galicia, ao tempo que se poñen en valor e se divulgan os seus atractivos turísticos e culturais.
- Fomentar a participación cidadá na cultura tradicional facendo fincapé entre os máis novos estimulando a conservación das nosas tradicións e contribuíndo a garantir a sostibilidade deste sector.

1.2. Accións de promoción, venda e divulgación da marca Artesanía de Galicia en diferentes escenarios dentro e fóra da nosa Comunidade (on / offline), así como colaboración, asesoramento, divulgación e participación en diferentes actividades artesanais.

Obxectivos xerais: (on / offline)

- A artesanía está a ser considerada como un ben diferencial e cun gran potencial ligado a unha nova realidade e novos valores (consumo de experiencia, patrimonio, consumo Km 0, sostibilidade e baixa pegada ecolóxica, etc.).
- Ofrecer unha imaxe transversal e de calidade de Galicia (artesanía, gastronomía, patrimonio, cultura e turismo).
- Fortalecer as redes comerciais e a venda directa dirixida ao público en xeral con accións concretas dirixidas a posibles potenciais prescriptores da Artesanía de Galicia.

Accións previstas:

- Programa de pequenas feiras itinerantes onde, xunto á comercialización, organizamos e coordinamos un programa de obradoiros abertos e demostracións co obxectivo de amosar á sociedade o valor engadido da artesanía e o valor do produto feito a man en canto á súa creatividade, patrimonio cultural e tradición.
  - Artesanía de Galicia no Courel
  - Artesanía de Galicia na escola.
  - Participación de Artesanía de Galicia en stands e proxectos institucionais de promoción nacionais e internacionais (material promocional, exposicións de pezas e demostracións de artesáns).
  - Colaboracións, asesoramento e difusión en diferentes accións doutras consellerías da Xunta de Galicia e organismos privados.
  - Días Europeos da Artesanía.
  - Encontros de palilleiras e tecedoras.
  - Programa Facemos Marca. Medrando cos artesáns, para favorecer o achegamento da artesanía a futuros profesionais do sector.
  - Promoción, difusión e protección da marca Artesanía de Galicia.
  - Colaboración e apoio ás tendas da marca Artesanía de Galicia e busca de novas formas de comercialización.
  - Aposta pola difusión de Artesanía de Galicia como agasallo promocional.

1.3. Organización e colaboración en eventos para a recuperación de oficios en extinción.

O impulso á conservación dos oficios artesanais tradicionais forma parte da estratexia da Xunta de Galicia. A recuperación, o mantemento e a divulgación de profesións ancestrais constitúe unha ferramenta de dinamización social e de divulgación da nosa cultura, ademais de establecer referentes para os novos profesionais que se achegan ao sector artesanal galego.

Accións previstas

- XIII Feira de Artesanía do Ferro de Riotorto
- VIII Encontro de Cacharreiros de Niñodaguia
- XXII Encontro Internacional de Torneiros da Madeira, Xermade

1.4 Apoio e aposta á internacionalización:

- Promoción da participación de artesáns e artesás galegos en feiras profesionais internacionais coa presenza do stand institucional de Artesanía de Galicia en eventos de interese para o sector.

Accións previstas

- Formex 2022, edición de xaneiro. Estocolmo (Suecia).
- Prospección do mercado internacional para estudar novas vías de comercialización e posibles accións a desenvolver no 2022.

2. Profesionalización, fortalecemento do tecido produtivo artesán e maior visibilidade do sector.

Obxectivos xerais:

- Formación especializada dirixida a artesáns e a captación de novos talentos no sector.
- Aposta por unha maior visibilidade do produto feito a man.

Accións a desenvolver no 2022:

2.1. Programa de formación especializada en técnicas artesanais que contribúan á mellora e profesionalización continua do sector.

2.2. Programa ACHEGA DIXITAL dirixida a artesáns e artesás para amosar á nova realidade dixital: marketing, xestión de redes sociais, xestión e estratexia empresarial, etc.

3. Divulgación.

Obxectivos xerais:

- Accións de promoción e publicidade da actualidade e realidade de Artesanía de Galicia.

Accións a desenvolver

3.1. Premios Artesanía de Galicia 2022

O obxectivo desta iniciativa é recoñecer a mellora continua no labor dos profesionais do sector artesán galego e contribuír ao seu desenvolvemento económico e promocional.

Distínguense 3 categorías:

- Premio Artesanía de Galicia 2022

  Dotado con 9.000 euros e trofeo acreditativo, premia a obra que representa as liñas desexadas para unha artesanía competitiva no mercado actual como son o deseño, a adaptación ou conservación das técnicas e valores tradicionais máis característicos da nosa artesanía, a incorporación ás tendencias actuais, a innovación, a boa presentación e a calidade da obra tanto nos seus materiais como no desenvolvemento desta.
- Premio Traxectoria 2022

  De carácter honorífico e dotado cun trofeo acreditativo, é o recoñecemento á traxectoria profesional consolidada dun/dunha artesán/á galego/a. O premio concédese tendo en conta as propostas dos obradoiros artesanais inscritos no Rexistro Xeral de Artesanía de Galicia, asociacións profesionais de artesáns ou outros entes públicos e privados que manteñan relación coa artesanía de Galicia, encargadas de facer a presentación das candidaturas. Valórase a traxectoria recoñecida do/a candidato/a, a súa contribución, posta en valor e promoción da artesanía galega, a calidade dos seus traballos realizados e o compromiso coa divulgación e transmisión pedagóxica dos principais valores positivos no eido da nosa artesanía, o labor de posta en valor do traballo artesanal ao longo da súa vida profesional premiando a súa experiencia.
- Bolsa Eloy Gesto 2022

  Dotada con 4.000 euros e diploma acreditativo. Premia a candidatura que presenta unha proposta para a súa formación nun centro de referencia no eido da artesanía e o deseño. Valórase o carácter innovador do proxecto, a transferencia de coñecemento que se pretende acadar con esa formación, a incorporación das novas tecnoLoxías, o curriculum da persoa candidata e a potencialidade de incorporación desta formación para a elaboración dun produto artesanal innovador.

3.2. Revista Obradoiro de Artesanía 2022

Coordinación da edición anual do número 20 da revista Obradoiro de Artesanía. Escaparate da ampla diversidade e riqueza do produto artesán galego, ao tempo que establece unha canle de comunicación do sector coas diferentes liñas de actuación do goberno galego en materia de artesanía, así como unha plataforma de encontro entre a artesanía e outros sectores de interese coma o turismo, a arte, a moda, a arquitectura ou a educación.

3.3. Publicacións especializadas e redes sociais

A Fundación elabora periodicamente dossieres, información puntual de obradoiros e dos seus produtos, realiza o seguimento de medios, envío de mailing con información actualizada e

utiliza as redes sociais (Facebook, Pinterest, Instagram e Twitter) para a promoción da artesanía e os obradoiros galegos en medios nacionais e internacionais.

A Fundación coordina, promove e difunde a través das redes sociais diferentes actuacións de interese para o sector.

- Identificación de puntos de información e consulta sobre instrumentos e axudas ás empresas.
- Programas de apoio ao crecemento: apoio financeiro, asesoramento en acceso a novos mercados e asesoramento empresarial.
- Difusión de titoriais online.
- Accións de comunicación específica dirixidas a fomentar a cultura exportadora.
- Sesións informativas sobre posibilidades de financiamento.
- Formación para a mellora do deseño web.
- Difusión, publicación e novidades de interese para o sector.
- Difusión de casos de éxito na colaboración.

4. Artesanía innovadora e colaborativa

Obxectivos xerais:

- Innovación, deseño e creatividade como aposta de modernización do sector.
- Pulo á cooperación intra e intersectorial favorecendo espazos de encontro con diferentes axentes.

Accións a desenvolver:

4.1. Accións de promoción da artesanía entre os sectores non artesáns de maior interese para a cooperación. Accións de difusión do valor engadido dos produtos artesáns e do "saber facer" dos seus profesionais.

Realización de accións de difusión do valor da incorporación da artesanía en relación con elementos como a calidade, a autenticidade e a exclusividade (valores cada vez máis demandados e valorados por un determinado perfil de clientes) como elemento diferencial que outros sectores poden incorporar facilmente en certas liñas da súa produción (liñas gourmet, liñas exclusivas, arquitectura, etc.).

4.2. Accións de colaboración con Escolas de Arte e Superiores de Deseño, Universidades e deseñadores/as profesionais.

A Fundación continuará traballando nestas accións co fin de crear vínculos entre o alumnado, deseñadores profesionais e obradoiros artesanais durante o exercicio 2022.

Perspectiva de xénero:

A Fundación Pública Artesanía de Galicia dirixe as súas actuacións ao desenvolvemento e promoción do sector artesán. Estas medidas benefician por igual a mulleres e homes, xa que están dirixidas ás artesás e aos artesáns inscritos no Rexistro Xeral de Artesanía da Xunta de Galicia.

En todas as actuacións da Fundación, as mulleres e os homes están no mesmo punto de partida para acceder ás actividades e aos proxectos que leva a cabo: cursos de formación, participación en feiras de carácter internacional e autonómico, colaboración en campañas de promoción da marca Artesanía de Galicia, difusión de oficios artesanais entre os escolares, etc.

As mulleres e os homes son beneficiarios en igualdade das iniciativas que pon en marcha a Fundación. Os criterios de selección son os vinculados á artesanía, como é o caso de posuír a carta de artesá/artesán, o que implica a súa inscrición no Rexistro Xeral de Artesanía; ou ter o dereito de uso da marca Artesanía de Galicia, propiedade da Xunta de Galicia.

FUNDACION CENTRO DE SUPERCOMPUTACION DE GALICIA - CESGA

No ano 2022 o CESGA desenvolverá as seguintes liñas de actuación:

- Consolidar a nova infraestrutura de Computación de Altas Prestacións:
- Supercomputador Finisterrae III. Incrementar a oferta de supercomputación do centro o que permitirá atraer novos proxectos de I+D+I e posicionar ó CESGA como un dos máis importantes centros de competencias en Computación de Altas Prestacións a nivel Europeo.
- Sistema Permanente de Datos. Incrementar a oferta de aloxamento de proxectos de datos científicos, consolidando o centro entre os primeiros nodos de datos dentro da Rede Española de Supercomputación.
- Rede de Ciencia e Tecnoloxía de Galicia (RECETGA). Incrementar a capacidade da rede ampliando a velocidade dos circuítos principais a 100 Xbps entre os nodos principais e estender a fibra óptica a Centros Tecnolóxicos.
- Potenciar a investigación e innovación en tecnoloxías cuánticas, fundamentalmente en computación e comunicacións cuánticas:
- Despregar unha infraestrutura de comunicacións cifradas con intercambio de claves cuánticas, sobre un circuíto de fibra óptica de media distancia.
- Instalar un simulador de circuítos cuánticos.
- Iniciar o despregamento dun computador cuántico.
- Incorporar persoal de alta cualificación para proxectos de I+D+I relacionados coa computación e as comunicacións cuánticas.

- Aliñamento co Programa Dixital Europeo:

  Apoiar a transformación dixital da economía e da industria impulsando o despregamento e implantación das tecnoloxías clave para reducir a fenda dixital nas cinco áreas prioritarias que marca a dita axenda.

  1. Computación de alto rendemento (HPC): Fomentar o emprego da supercomputación e computación cuántica.

  2. Intelixencia artificial (IA): Servizos cloud, espazos de datos para axudar a creación de instalacións para experimentación e probas.

  3. Ciberseguridade: Principiar o despregamento de redes de comunicacións confiables e seguras mediante o emprego de cifrado cuántico.

  4. Habilidades dixitais: Contribuír á formación de novos profesionais en tecnoloxías TIC avanzadas.

  5 Despregamento e uso de tecnoloxías: Apoiar ós centros de investigación e tecnolóxicos, ós Hubs de innovación dixital así como ás empresas e ós proxectos da Civil UAV Initiative para fomentar a chegada ó mercado de produtos e desenvolvementos tecnolóxicos avanzados.
- Fortalecemento das capacidades do centro:
- Manter un conxunto competitivo actualizado de servizos de alta calidade.
- Incrementar o nivel de participación en actividades de investigación, en colaboración con outras entidades.
- Incrementar a cantidade e calidade das actividades internacionais.
- Posta en marcha do novo Plan Estratéxico.
- Mellorar a seguridade do centro a través a norma ISO 27001.
- Acrecentar a sustentabilidade do centro e proseguir na mellora da eficiencia enerxética.
- Incrementar a transferencia de coñecemento e difusión das actividades do centro.
- Impulsar actividades asociadas á capacitación do persoal.
- Despregamento do III Plan de Igualdade do CESGA (2022-2025).
- Continuar coa implantación de ferramentas de xestión.

As liñas de actuación anteriores, están aliñadas cos seguintes obxectivos estratéxicos que o CESGA ten marcados como prioritarios:

a) Fortalecer a actividade como un centro de excelencia para a Ciencia Computacional Aplicada.
b) Fortalecer a presenza na industria.
c) O fomento da internacionalización.

Cada un destes tres obxectivos estratéxicos levan aliñados tres obxectivos operativos.

1. Obxectivo estratéxico: excelencia en Ciencia Computacional:
   - Obxectivos operativos:
     - Lograr a excelencia en servizos computacionais e de comunicación de alto rendemento.
     - Mellorar a sustentabilidade do centro e a súa autonomía económica e financeira.
     - Modernizar a operatividade do CESGA mediante a mellora da calidade e as certificacións oficiais.
2. Obxectivo estratéxico: forte presenza na industria, mediante cooperación.
   - Obxectivos operativos:
     - Aumentar o número de proxectos coas principais industrias de Galicia.
     - Desenvolver unha liña de proxectos e servizos para pemes.
     - Acadar unha forte especialización nas actividades de investigación en ciencias computacionais aplicadas.
3. Obxectivo estratéxico: internacionalización.
   - Obxectivos operativos:
     - Fortalecer a relación con entidades similares ao CESGA a nivel internacional.
     - Aumentar a calidade dos proxectos presentados e captados polo CESGA en convocatorias europeas e internacionais.
     - Fomentar a mobilidade internacional de investigadores e técnicos.

FUNDACION DE EXPOSICIÓNS E CONGRESOS DA ESTRADA

Para o ano 2022 a Fundación Exposicións e Congresos A Estrada prevé a realización das seguintes feiras e celebración de eventos co obxectivo de ocupar o maior número de días do calendario anual, así como comercialización de todos os nosos espazos:

- 34º Feira do Moble de Galicia.
- 10ª Feira de Oportunidades de Comercio.
- 6º Salón do Vehículo de Ocasión.
- 61º Feira de Antigüidades (Marzo), 62º Feira de Antigüidades (Xuño) e 63º Feira de Antigüidades (Decembro).
- 4ª Feira Multisectorial ExpoEstrada
- 8º Salón Motor Classic.
- Aluguer das Instalacións para a organización de distintos eventos.
- Realización de actividades culturais e deportivas nas instalacións.
- Convenio coa Consellería de Cultura, Educación e Universidade para a impartición do Ciclo de Formación Reglada da Madeira.

- Convenio coa Xunta de Galicia para a realización de actividades de promoción comercial.
- Convenio co Concello da Estrada para a realización de diversas actividades no recinto (tenis, karate, xudo, Festival de baile tradicional Teque-xetéldere)
- Organización de Talleres e Xornadas Técnicas para o sector empresarial e público en xeral.
- XXVII Edición do Premio Xornalístico Manuel Reimóndez Portela.
- Dinamización sociocomunitaria con diversos colectivos : amas de casa, mulleres rurais, terceira idade, persoas con discapacidade, etc.
- Aluguer das oficinas que albergan o Viveiro de Empresas.

Perspectiva de xénero:

Tendo en conta que mulleres e homes, estamos a compartir un mesmo contorno social, económico, político e cultural, a Fundación de Exposicións e Congresos da Estrada, contempla o deseño e execución de todos os seus programas de actuación, tendo en conta a promoción da igualdade de xénero e de oportunidades entre ambos colectivos, non existindo discriminación nin prevalencia dun sobre doutro.

A entidade considera prioritaria a corresponsabilidade entre os xéneros, sabedores de que, existe un ritmo diferente entre a incorporación do colectivo masculino ó espazo privado e do feminino ó espazo público.

A entidade, trata de limitar, na medida das súas posibilidades, os roles sexuais, tratando en cada evento de integrar as capacidades e intereses de todos e todas.

Os eventos (basicamente certames de promoción económica), están dirixidos a cubrir as necesidades e intereses detectados na cidadanía, promocionando e fomentando en cada un deles a promoción integral de ambos xéneros en igualdade de condicións.

A execución de certames da entidade, promoven a transversalidade de xénero tanto entre os nosos clientes como os nosos usuarios (visitantes fundamentalmente).

Recentemente, sendo coñecedores das desigualdades existentes, estanse a executar programas específicos de promoción do sector feminino (Feira de Labores e encontros de palilleiras), fomentando en todo caso a non discriminando por elo a do colectivo masculino.

Todos os programas financiados dende a Fundación, con cargo aos orzamentos públicos, inciden directa e indirectamente no colectivo de empresarios/as, emprendedores e visitantes. Igualmente e neste senso, os certames xeran un importante impacto socioeconómico no entorno inmediato.

Os certames deseñados, están destinados indistintamente aos diferentes colectivos, sen priorizar ningún deles fronte ós demais (homes, mulleres, discapacitados, etc...).

En ningún dos nosos certames de promoción económica, se contempla a existencia de estereotipos de xénero que limite a participación activa de ningún tipo de colectivo. En todo caso, a participación, é un fiel reflexo da sociedade.

Obxectivos en materia de igualdade de xénero:

- Fomentar a participación de mulleres e homes en igualdade de oportunidades.
- Limitar os roles sexuais así como, os estereotipos que impiden a transversalidade de xénero.
- Promocionar as actividades socioeconómicas en igualdade de oportunidades entre homes e mulleres.
- Incitar á participación activa das mulleres nos diferentes ámbitos sociais e como axentes activos e dinamizadores do desenvolvemento rural.

Conclusión: Os programas executados dende a entidade, son de dobre índole: Programas que financian actuacións que inciden directamente sobre as mulleres e programas que financian gastos xerais en bens e servizos accesibles a toda a poboación. Dentro dos primeiros atópase o Encontro de Palilleiras. Dentro do segundo apartado, todos os demais eventos: Feira do Moble de Galicia, Feira de oportunidades do Comercio, Feiras de antigüidades, Salón Motor Classic etc...

FUNDACIÓN FEIRAS E EXPOSICIÓNS DE LUGO

A pandemia COVID-19 acontecida no ano 2020 provocou unha crise caracterizada pola rapidez e alcance dos seus efectos en Galicia orixinando unha desaceleración no seu crecemento económico. Agora que a situación sanitaria está controlada e se volve paulatinamente á normalidade, o obxectivo da Fundación Feiras e Exposicións de Lugo para o vindeiro ano 2022 é seguir reforzando a recuperación do desenvolvemento dos diversos sectores estratéxicos produtivos galegos a través de realización de eventos comerciais profesionais ou empresariais para lograr unha dinamización económica que permita volver aos niveis de crecemento económico, de máis oferta de emprego e de mellor calidade e cunha base nunha modernización e aumento do tecido produtivo que xere unha maior competitividade e sustentabilidade.

Para acadar ditos obxectivos están previstos a realización de 13 eventos coas seguintes características:

- Exposición Nacional e Internacional Canina Este salón que albergará unha espazo dedicada ao concurso morfolóxico canino así como unha zona para a exposición de artigos e servizos relacionados co mundo canino.

- Feira de Multisectorial de Lugo, de carácter público xeral, con periodicidade anual e dirixidas comerciantes pertences a calquera sector empresarial.
- Arduino Day, Salón da Robótica de Lugo. Este evento baséase sobre todo a coñecer a comunidade tecnolóxica, educativa, industrial, artística,… que medra ó redor compartindo os coñecementos tecnolóxicos.
- XV edición do Salonauto Lugo, salón do automóbil e industria auxiliar
- XV edición de Motorocasión, salón do vehículo usado e de ocasión.
- XII edición de ExpoVerbena, evento no que ten lugar a presentación dunha gran variedade de orquestras que estarán presentes nos multitudinarios festexos de Galicia.
- Equigal , Salón Internacional do Cabalo de Galicia que consta da V edición de Concurso Nacional de Salto de Obtáculos e XV edición do Concurso Morfolóxico de Cabalos e Eguas de Pura Raza Española
- Super campamento verán Lugo. Campamento urbano para nenos de 4 a 12 anos.
- III edición Caudal Fest. É un festival que ten lugar na época estival no parque do Pazo de Feiras e Congresos de Lugo que ofrece unha gran variedade de artistas de distintos estilos musicais con recoñecemento nacional e internacional.
- XXIV edición de Expolugo A Rural, que alberga un mercado gandeiro, agroalimentario, de artesanía e de maquinaria agrícola.
- XI edición de Caroutlet, Esta mostra albergará unha exposición de máis de 400 vehículos: coches, motos, quads, revistas especializadas, financeiras, seguros, seguros, etc.
- I edición de DRONLUGO. Neste evento vanse expoñer os avances tecnolóxicos acadados ata o momento en cada uno dos sectores máis relevantes de vehículos non tripulados (a industria (instalacións industriais, líñas eléctricas, torres eólicas), transporte (vixilancia e inspeccións do ferrocarril, estradas, ríos), a construción e inspección de estruturas, a agricultura de precisión, seguridade e emerxencias e fotografía e video profesional.
- XXIV edición de Xuvenlugo, salón do Ocio, de carácter lúdico, deportivo e cultural.

Este programa de actividades publicarase na páxina web e levarase a cabo unha campaña de promoción feiral para o reforzo das mesmas.

A duración destes eventos é de tres ou catro días e nove días de montaxe e desmontaxe, con excepción de Xuvenlugo que dura aproximadamente sobre vinte días e o campamento de verán que ten unha duración de dous meses e dúas semanas.

Coa realización de feiras comerciais de carácter profesional ou empresarial, a Fundación ten o obxectivo de potenciar o desenvolvemento dos diversos sectores produtivos galegos para lograr unha dinamización económica cun maior crecemento e un aumento do emprego de calidade, acadar unha maior competitividade mediante un impulso da economía, e todo iso acompañado de unha maior cohesión social, benestar e calidade de vida.

As feiras é un dos instrumentos más efectivos de mercado que ten como finalidade incrementar as oportunidades de negocio e a cota de mercado e mellorar a competitividade dunha empresa, aproveitando ao máximo os contactos que esta adquire cos diferentes públicos, á vez que é unha actividade empresarial. É unha inversión na que se canalizan todas as accións de comunicación, relacións públicas, promoción e imaxe que a empresa realiza. Nun espazo curto de tempo, estas accións se intensifican a un maior ritmo e en presenza dun numeroso público, logrando chegar dunha soa vez tanto a clientes actuais como potenciais, competencia, prensa e incluso ao entorno político, cun aforro importante en custos. Estes encontros tamén se rentabilizan en aprendizaxe, innovación, produtividade, establecemento de alianzas, compartir coñecementos e ideas, creación de valor engadido e un mellor desenvolvemento do networking.

Por outra banda, realizarase o máximo esforzo para ir albergando unha número similar de eventos de diversa índole ao de anos anteriores ao 2020, enfocados a re-activar a nosa economía: cursos de formación de desempregados dirixidos a formación e especialización en sectores estratéxicos galegos, congresos e xornadas, encontros entre emprendedores, grupo de compras, etc, así como outros de carácter deportivo e cultural: concertos, galas, encontros deportivos, exposicións, representacións teatrais, etc.

Con motivo do COVID-19, a Fundación Feiras e Exposicións de Lugo levará a cabo estas actividades seguindo as recomendacións e a normativa establecida polas autoridades competentes durante dito exercicio e dispón dun Plan de Continxencia no que se recollen os protocolos de seguridade e saúde que se adoptan para minimizar os riscos de contaxio tanto para traballadores como para visitantes.

FUNDACION FEIRAS E EXPOSICIÓNS DE OURENSE

A Fundación de Feiras e Exposicións de Ourense, Expourense, ten como obxectivos a promoción de actividades comerciais, industriais, agroindustriais, sociais, educativas e todas aquelas que potencien o desenvolvemento destes sectores na Comunidade Galega e, en especial, da provincia de Ourense.

Aposta pola internacionalización:

En canto á internacionalización fíxase como obxectivo o apoio ás empresas nesta materia e na proxección da súa capacidade innovadora, así como no apoio ós autónomos e ás microempresas na búsqueda de novos clientes e mercados. Dado o contexto actual pandémico que dificulta a chegada de profesionais doutros países, abordaranse accións de carácter híbrido (mix de presencial e dixital) que permitan manter a presencia e contacto con potenciais clientes estranxeiros mediante medios telemáticos.

Labor Social:

En relación ó labor social que ven desenvolvendo a Fundación dende hai anos, estudaranse novos acordos de colaboración con asociacións ou organizadores que traballen a favor da sociedade dende diferentes ámbitos.

Liñas de Traballo:

Derivado da instalación da pista de atletismo, e do convenio coa Secretaría Xeral para o Deporte que regula o uso deportivo da mesma, hai unha restrición de catro meses na xestión do pavillón feiral por parte da Fundación . Polo tanto entre os obxectivos para 2021 encóntrase apostar pola comercialización das salas de actos, e incidir en actividades formativas, adaptándonos á infraestrutura dispoñible, así como redeseñar proxectos que poidan complementarse coa ampliación das instalacións levada a cabo durante o ano 2020 que supón un incremento de 400 m2 do espazo expositivo.

Un dos retos fundamentais para o ano 2022 será o reposicionamento do salón XANTAR, que durante máis de vinte anos se ten celebrado no primeiro trimestre do ano, pero co fin de facilitar a continuidade da temporada de atletismo indoor ata fin de marzo, procederemos a situar este proxecto no último trimestre do ano.

Expourense para o ano 2022 ten previsto a realización das feiras que se relatan a continuación. Todas elas son eixos que definen a vida socioeconómica da provincia, nichos de mercado singulares que teñen neste recinto feiral o seu oco e a súa posibilidade de promoción, algunhas a nivel internacional:

Feiras:

- 15ª Edición: Previsel "Salón da Prevención e Seguridade Laboral"
- 25ª Edición: Mostra da Oportunidade
- 1ª Edición: Salón do Automóbil- vehículo Ecolóxico de Galicia
- 4ª Edición: Salón do Automóbil- Car Outlet
- 11ª Edición: Funergal "Feira internacional de produtos e servizos funerarios"
- 21ª Edición: Termatalia "Feira Internacional del Turismo Termal"
- 14ª Edición: Salón do Automóbil-Vehículo novo
- 14ª Edición: Salón do Automóbil- Vehículo de ocasión
- 23ª Edición: Xantar "Salón Internacional de Turismo Gastronómico"
- 5ª Edición: Sportur Galicia " Feira do Deporte e Turismo Activo"
- 7ª Edición: Antiq Auria " Feira Internacional de Antigüidades"

Actividades paralelas:

- Xornada de divulgación das enerxías renovables.

- Rally de Ourense
- Cursos formativos AFD
- XV Encontro Internacional sobre Auga e Saúde enmarcado dentro da feira Termatalia, e que contará con expertos a nivel internacional.
- X Foro da Comunicación de Galicia, no que se darán cita empresarios e profesionais do sector.
- Xornada de Exaltación da Calidade, sumándonos a outras empresas e institucións para conmemorar o Día Internacional da Calidade.
- Congreso Internacional de Turismo deportivo.
- Concurso de Proxectos Empresarias.

Durante o 2022 traballarase nestes eixos:

- Incrementar a rendibilidade do recinto a través do aluguer das nosas instalacións.
- Potenciar o valor diferenciador dos nosos espazos para poder ser máis competitivos.
- Posicionar o recinto dentro das empresas organizadoras de eventos.
- Establecer convenios de colaboración con institucións tanto nacionais como internacionais que nos permitan seguir incrementando o labor de internacionalización.
- Fidelización de clientes.
- Traballar na mellora do noso posicionamento a través das redes sociais.
- Estudar a viabilidade de novos proxectos feirais que nos permitan substituír outros que xa non son tan rendibles.
- Revisión de taxas, tanto de aluguer de instalacións como de comercialización das feiras, redeseñándoas, co ánimo de animar á contratación de espazos.
- Consolidarnos como recinto feiral de referencia dentro da comunidade de Galicia.
- Internacionalización, Calidade, Innovación, Emprendemento e Formación, serán os eixos principais nos que se incidirá.

FUNDACIÓN DO INSTITUTO FEIRAL DE A CORUÑA

A aposta de EXPOCoruña segue sendo a celebración de eventos con marxe positiva.

Na actualidade EXPOCoruña acolle un hospital de continxencia, pola situación sanitaria provocada polo COVID-19. Todos os nosos espazos están ocupados pola instalación do hospital, impedindo o aluguer e o uso das instalacións.

3 Obxectivos:

EXPOCoruña quere ser recoñecida como unha organización:

Innovadora: que marca o camiño dunha forma de facer as cousas. Os eventos que albergue EXPOCoruña terán a innovación como piar e base da súa creación. Novas ideas, conceptos, produtos e servizos.

Profesionalizada: xestionada eficientemente baixo criterios de rendibilidade, excelencia e transparencia.

Centrada no seu entorno: coñecida polos cidadáns e clientes como unha referencia no sector expositivo galego e no ámbito dos servizos á empresas.

Na súa liña de traballo EXPOCoruña para o 2022 seguirá apostando polos valores que configuraron o seu selo de identidade: o deseño, a tecnoloxía, a cultura e a innovación empresarial. Ademais, focalizará os seus eventos cara a exposicións virtuais e híbridas, adaptándose a nova situación na que se atopa o turismo de negocios.

Deseño: unha das apostas máis firmes de EXPOCoruña. Os proxectos contarán con espazos atractivos e funcionais creados en exclusiva para ese momento. Tamén os expositores contarán co noso asesoramento en canto a deseño; unha ferramenta orientada a converter en protagonista cada stand e/ou área de actividade.

Tecnoloxía: EXPOCoruña incorpora ao seu proxecto os últimos avances tecnolóxicos, dende as técnicas audiovisuais máis pioneiras ata a xestión áxil e rápida das relacións cos clientes. Apostamos por os eventos virtuais e híbridos con maior proxección nesta nova situación económico-sanitaria.

Formación: fomentamos a realización de cursos de formación profesional e das prácticas correspondentes, contando con colaboradores temporais que dan apoio á nosa actividade diaria.

Música: EXPOCoruña terá a música como unha protagonista máis, creándose deste xeito un espazo apto para grupos de gran calidade e repercusión.

Cultura: exposicións, artes escénicas e dixitais terán o seu espazo en EXPOCoruña, sumándose á xa rica oferta da cidade como un axente dinamizador do panorama cultural. Coa realización de eventos de distintas temáticas apóstase igualmente por ampliar a oferta cultural presente na cidade.

Innovación: novas ideas, conceptos, produtos e servizos.

A labor como recinto feiral non se limitará ao feito de albergar só feiras; a disposición e características de EXPOCoruña posibilítanos ofrecer unha alternativa no sector expositivo galego, nacional e internacional, xa que podemos albergar tanto reunións de empresa ou presentacións de produtos, como a organización de eventos de distintas dimensións, festivais de música ou competicións deportivas.

3.1 Obxectivos estratéxicos

Os principais obxectivos estratéxicos son:

- Autofinanciación. Por unha banda xerando actividade e ingresos dabondo para equilibraren a conta de gastos de IFECO e, por outra, reducindo custos que poidan ser trasladados ao cliente para que reverta nunha maior actividade.
- Aumentar a notoriedade de EXPOCoruña, por medio dunha maior visibilidade e posicionamento.

3.2 Estratexias

- EST001 Fidelización de clientes, mantendo para anos sucesivos un programa de colaboración con promotores que levan varias edicións celebrando eventos.
- EST002 Redución de custos e posibilitando aluguer máis económico que reverta nunha maior actividade.
- EST003 Captar como clientes ou prescriptores a empresas eventos e comunicación a nivel local aproveitando a proximidade con EXPOCoruña.
- EST004 Provocar a publicación nos medios de comunicación de noticias positivas relacionadas con EXPOCoruña (Publicity).
- EST005 Realizar campañas dirixidas a empresas e prescriptores.
- EST006 Profundizar nas relacións interempresariais e colaboracións externas.
- EST007 Persuadir aos promotores de eventos locais das vantaxes e bondades de EXPOCoruña.
- EST008 Incentivar accións comerciais nos intermediarios.
- EST009 Establecer vínculos comerciais con prescriptores e con outros recintos feirais.
- EST0010. Potenciación da imaxe de marca EXPOCoruña baseada nos valores corporativos.

3.3 Plan de acción

EXTRATEXIAS E ACCIÓNS

- EST001
  - Envío de comunicación de agradecemento.
  - Newsletter específico para carteira de clientes.
- EST002
  - Negociaremos prezos á baixa, co ánimo de incentivar o aluguer dos nosos espazos, adaptándonos á tendencia actual do sector e esixencias da demanda.
- EST003
  - Contactos con empresas locais e nacionais que realizan eventos corporativos.

- Accións de marketing directo: mailing, newsletter, plan de visitas ao centro e de visitas a clientes.

- EST004
  - Procedementos de comunicación: atención a solicitudes de información, envío de notas de prensa, inserción de noticias y mantemento web.
  - Comunicación RRSS. Dar un novo impulso ás nosas redes sociais, publicando calquera novidade a tempo real, sobre todo durante a celebración de eventos, e facendo promoción da nosa marca.
  - O contido das Redes Sociais baséase en eventos presentes ou próximos en cada momento e a comunicación de marca EXPOCoruña.
  - Eventos propios que necesiten escaso financiamento e que aínda que supoñan unha menor rendibilidade, nos aporten visibilidade.
  - Convenios e colaboracións con Institucións Públicas e privadas.
- EST005
  - Participación en foros de debate e xornadas.
  - Asistencia a eventos empresariais organizados por institucións públicas ou iniciativas privadas. Nestes encontros aproveitamos para facer networking e dar a coñecer as nosas instalacións.
  - Potenciar a nosa web, que consideramos o noso escaparate, a ferramenta con maior proxección non so a nivel local senón tamén a nivel nacional e internacional. Grazas a unha web interactiva e atractiva poderemos conseguir unha maior captación de promotores e público obxectivo.
  - Edición de catálogo comercial.
  - Newsletter e emailing específicos.
  - Accións de comercialización mediante a invitación a responsables de empresas locais, nacionais e internacionais para visitar e coñecer in situ as nosas instalacións. Esta actividade axuda á filiación e ao nacemento de "embaixadores" de EXPOCoruña.
  - Eventos propios e/ou en colaboración. Apórtannos visibilidade e actividade, ademais de cumprir cos fins marcados nos nosos estatutos conseguindo un retorno económico. Estamos en proceso de análise de posibles feiras que resulten viables e buscando realizalas en colaboración. Pequenos eventos propios con mínima necesidade de financiamento. Adaptarémonos ás necesidades sociais actuais, con aluguer de salas de reunións a prezos moi axustados. Con estas iniciativas conseguiremos proxección, co mínimo custo.
- EST006
  - A través do Convention Bureau da Coruña canalizaranse unha parte da comercialización dos nosos eventos corporativos.
  - Presenza en Asociacións empresariais para mellorar a rede de contactos: BNI, AJE, Consulta y Crece, Asociación de Empresarias de A Coruña, etc.

- Protocolo de actuación comercial e comunicación específica para o segmento obxectivo.
- Plan de mellora de contactos a través de RRSS (fundamentalmente Linkedin).
- Asistencia a feiras e eventos do sector, tanto locais como nacionais e internacionais, facilitando a captación de posibles promotores e facendo networking en visitas a feiras do sector dos eventos: IBTM en Barcelona, MIS en Madrid, Iberian MICE en Madrid ou IMEX Frankfurt, entre outros.
- Asociación a entidades do sector feiral e turístico: AFE, AGAFE, Cluster de Turismo de Galicia, Consorcio de Turismo e Congresos da Coruña, Galicia MICE.
- Proceso de internacionalización, para o que temos contactado con persoal do Instituto de Comercio Exterior, Cámara de Comercio, Turismo de Galicia, IGAPE e Turespaña, quen nos facilita información sobre feiras internacionais de sectores clave da economía galega así como os contactos dos seus promotores. Dentro de este proceso de internacionalización atópanse os contactos con recintos feirais do norte de Portugal para o intercambio de proxectos dentro da eurorrexión Galicia-Deputación.
- Convenios e colaboracións con Institucións Públicas: Concellos, Xunta de Galicia e Deputación.

• EST007
  - Accións de marketing directo.
  - En función da dispoñibilidade de fondos, destinaremos unha pequena partida económica a inserción publicitaria en publicacións do sector, tanto en edición dixital como impresa.

• EST008
  - Relación comercial con promotores de festivais e de eventos deportivos.
  - Acordos de colaboración con empresas organizadoras de eventos e OPCs.

• EST009
  - Establecemento de contactos con potenciais prescritores: ronda de invitacións personalizadas para que visiten e coñezan o que oferta o edificio de primeira man.
  - Visitas a outros recintos feirais. Estudar posibles colaboracións e intercambio de proxectos. Intentando atraer eventos innovadores e atractivos, de organización propia ou con promotores externos, que se realicen en recintos doutras comunidades autónomas e Portugal.

• EST0010
  - Web. Potenciar a páxina Web, que consideramos o noso escaparate, a ferramenta con maior proxección non só a nivel local senón tamén a nivel nacional e internacional. Grazas a unha web interactiva e atractiva poderemos conseguir unha maior captación de promotores e público obxectivo.
  - Accións de marketing dixital (SEO e SEM) para mellorar o posicionamento en buscadores.

- Comunicación dixital. Mantemento e actualización da web e das RRSS para elevar o posicionamento da marca e dar visibilidade ás actividades que se desenvolven no Recinto Feiral.
- Eventos propios que necesiten escaso financiamento e que aínda que supoñan pouco beneficio económico, nos aporten visibilidade.

Perspectivas de valores:

Nunha sociedade cada vez máis esixente e heteroxénea a xestión da diversidade converteuse para nós nunha necesidade prioritaria. Dentro das distintas variables da diversidade, a igualdade de xénero é un dos obxectivos estratéxicos nas nosas políticas de actuación, tendo en conta a promoción da igualdade de xénero e de oportunidades entre todos os colectivos, non existindo discriminación nin prevalecía duns sobre outros.

EXPOCoruña sempre que actúa como promotor das súas actividades realiza accións transversais en todos os eventos de creación propia. Desde o ano 2012 a actividade baséase na cesión de espazos e na colaboración en proxectos desenvolvidos por promotores externos, dando prioridade a aqueles economicamente viables. Como recinto feiral establécense recomendacións aos clientes para o uso non discriminatorio na linguaxe e a comunicación corporativa.

Non obstante, EXPOCoruña ten sempre na súa perspectiva uns valores que mantén presentes na realización de proxectos propios ou en colaboración con entidades públicas e privadas. A execución de eventos de EXPOCoruña, promoven a transversalidade de xénero tanto entre os nosos clientes como nos nosos usuarios (visitantes).

III. ORZAMENTO DE GASTOS POR PROGRAMA

III.1. PROGRAMAS DE GASTO

III.1.1. PROGRAMA 561A - PLAN GALEGO DE INVESTIGACIÓN, DESENVOLVEMENTO E INNOVACIÓN TECNOLÓXICA:

A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

O programa ten como obxecto atender a un conxunto de prioridades que se agrupan en tres grandes retos para o 2022:

- Reto 1. Novo modelo de xestión dos recursos naturais e culturais baseado na innovación.
- Reto 2. Novo modelo industrial sustentado na competitividade e o coñecemento.
- Reto 3. Novo modelo de vida saudable cimentado no envellecemento activo da poboación.

Prioridades do reto 1:

- Valorización dos subprodutos e residuos xerados polas cadeas de produción vencelladas ao mar mediante a súa utilización como compoñentes de produtos cosméticos; aditivos alimentarios; aplicacións farmacolóxicas; para conseguir unha diminución significativa nos residuos xerados e acadar un posicionamento nos mercados de produtos innovadores con alto valor engadido.
- Desenvolvemento do sector acuícola galego para converter a rexión en referente internacional na xeración de novos produtos e servizos de base tecnolóxica aplicados á acuicultura.
- Diversificación do sector enerxético galego para acadar un melloramento significativo da eficiencia no aproveitamento de recursos naturais galegos priorizando a biomasa e a enerxía mariña.
- Modernización dos sectores primarios galegos (agricultura, pesca, gandería e forestal) cara á mellora sostible dos indicadores de eficiencia e rendibilidade das explotacións e á xeración de produtos e servizos innovadores.
- Modernización do sector turismo e das industrias culturais galegas a través do uso intensivo das TICs para acadar un sector turístico competitivo a nivel Europeo baseado no turismo cultural e nos recursos naturais.

Prioridades do reto 2:

- Diversificación en sectores tractores galegos e os seus sectores auxiliares a través dun uso intensivo das Tecnoloxías Facilitadoras [TFEs], orientado ao fornecemento de no-

vos procesos e produtos de alto valor engadido que permitan explorar novos mercados baseados na hibridación, no coñecemento e na tecnoloxía.

- Potenciar a competitividade do sector industrial galego a través da optimización de procesos produtivos baixo o concepto de "Fábrica do Futuro" e a través da Eco-innovación para a mellora da eficiencia e do comportamento medioambiental na industria.
- Impulso das TICs como sector tractor da economía do coñecemento en Galicia, ao igual que outras Tecnoloxías Facilitadoras Esenciais (TFEs).

Prioridades do reto 3:

- Galicia como rexión líder no sur de Europa na aplicación das novas tecnoloxías ao ámbito do envellecemento activo e a vida saudable e na promoción da autonomía persoal.
- Diversificación do sector alimentario galego para posicionalo como referente internacional ó redor da innovación en nutrición como elemento chave para unha vida saudable.

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

O Sistema Galego de Innovación está integrado por tres subsistemas:

a) Subsistema de xeración e difusión de coñecemento: Composto por Universidades, Organizacións Públicas de Investigación (OPIs e Grupos de Investigación ligados aos Centros Hospitalarios) e as Organizacións Intermedias de Tecnoloxía, como poden ser os Centros Tecnolóxicos, Parques Tecnolóxicos, Viveiros e Asociacións Empresariais, incluídos as Plataformas e os Clúster.
b) Subsistema de explotación do coñecemento ou estrutura de produción rexional: Composto maioritariamente de empresas, especialmente das que mostran características sistémicas.
c) Subsistema ou infraestrutura de apoio rexional, no que actuarían as organizacións gobernamentais e as axencias de desenvolvemento rexional.
d) A cidadanía como beneficiaría da innovación social.

DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

Nos últimos anos, foise afianzando unha traxectoria de políticas de innovación desenvoltas dende a Xunta de Galicia que propiciaron o fortalecemento e cohesión dun Sistema Galego de Innovación composto por un conxunto de axentes que conforman unha ampla oferta tecnolóxica e que reduciu significativamente a súa fenda tanto coas diferentes rexións españolas máis avanzadas así como coa media europea.

Dende a posta en marcha do primeiro Plan Galego de I+D+i, a economía galega está a medrar cara un modelo económico baseado na innovación e o coñecemento que faciliten o crecemento económico e a converxencia cos territorios europeos máis avanzados, mais aínda ten moito traballo por diante, retos dixitais e de transformación industrial sostible, aos que hai que sumar a crise económico social que se está a producir por mor da COVID19.

Factores limitantes:

a) reducido tamaño medio das empresas: máis do 95 % das empresas son micropemes, o que condiciona a súa capacidade de absorción de novo coñecemento e de trasladar ao mercado novas innovacións. En concreto:
   - un menor enfoque a innovación
   - unha maior dificultade de acceso ó financiamento para I+D+i
   - unha maior dificultade para captar persoal con formación adecuada
   - unha maior dificultade para coñecer e aproveitar os recursos e capacidades do sistema de innovación
b) Estrutura produtiva con significativa presenza de sectores tradicionais e de menor intensidade tecnolóxica, que presentan menores niveis de adopción de tecnoloxías e de innovación, e maiores barreiras e limitacións.
c) Limitada capacidade de atraer e reter talento e persoal cualificado
d) Sistema de innovación con niveis de colaboración e integración insuficientes, especialmente entre os axentes de coñecemento e o tecido empresarial
e) Esforzo insuficiente en investimento en I+D+i, sobre todo por parte das empresas
f) Limitado nivel de integración nas cadeas de valor e de coñecemento globais
g) Período de profundos e rápidos cambios globais:
   - xeopolíticos, reconfiguración das cadeas de valor a nivel mundial
   - demográficos, envellecemento
   - climáticos, sustentabilidade

Desafíos do Sistema Galego de Innovación:

a) Transición cara unha estrutura produtiva e de servizos baseada no coñecemento e caracterizada por unha especialización disruptiva e sostible, que permita unha alta de tracción por parte do sector privado no eido da innovación e o coñecemento.
b) Potenciar e aproveitar a excelencia dos centros de coñecemento, e a transferencia e difusión do coñecemento xerado, asegurando súa translación ao mercado.
c) Necesidade de crear dinámicas sistemáticas de cooperación entre universidades, centros tecnolóxicos, organismos de investigación e empresas.
d) Necesidade de estruturar unha oferta financeira e de apoios para a emprendeduría de base tecnolóxica e innovadora especializada e eficaz.

e) Necesidade de captación, formación e retención de talento.
f) Necesidade de transición industrial e transformación económica para afrontar os cambios globais.
g) Cambio de modelo máis aló de 2022 debido ao novo contexto de recuperación.

Alén dos desafíos que debe afrontar o Sistema Galego de Innovación, Galicia conta cun abano de singularidades espaciais e sociais no contexto internacional que por si mesmas ou combinadas coas demais, implican desafíos diferenciais para o mercado, e polo tanto que implican oportunidades de xerar novos produtos ou servizos baseados en coñecemento suficientemente competitivos no contexto internacional, en áreas transversais a múltiples sectores económicos como é o caso da Saúde e a Calidade de Vida, o Transporte, as Comunicacións, ou o Medio Ambiente.

Singularidades espaciais e sociais destacadas respecto do contexto nacional e europeo:

a) Fragmentación do territorio e dispersión poboacional.
b) Situación periférica con respecto ás rexións europeas.
c) Envellecemento máis acusado da poboación, cunha media de idade en constante aumento.
d) Abundancia de recursos forestais, mariños e enerxéticos asociada a sectores económicos de intensidade tecnolóxica media-baixa que presentan un forte enraizamento socioeconómico no territorio.

Das debilidades, ameazas, fortalezas e oportunidades identificadas, destílanse os principios reitores que rexerán a definición da estratexia e que son adoptados pola estrutura de gobernanza do Sistema Galego de Innovación, actuando de columna vertebral en tódolos elementos que conforman a devandita estratexia. En definitiva, os principios reitores da Estratexia RIS3 de Galicia son catro:

- Pemes innovadoras para ser competitivas.
- Investimento público para atraer investimento privado.
- Promoción da transferencia de investigación ao mercado.
- Oportunidades para a investigación e o talento innovador.

DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

A Constitución Española establece no artigo 149.1.15ª a competencia exclusiva do Estado en materia de "fomento e coordinación xeral da investigación científica e técnica" e no artigo 148.1.17ª establece que as Comunidades Autónomas poderán asumir atribucións para "o fomento da cultura e da investigación".

O Plan Galego de Investigación e Desenvolvemento Tecnolóxico créase ao abeiro da lei 12/1993, do 6 de agosto, de Fomento de Investigación e de Desenvolvemento Tecnolóxico de Galicia.

O Decreto 50/2012, do 12 de xaneiro, polo que se crea a Axencia Galega de Innovación establece no artigo 2 como finalidade desta, "fomentar e vertebrar as políticas de innovación nas administracións públicas galegas, e o apoio e impulso do crecemento e da competitividade das empresas galegas, a través da implementación de estratexias e programas de innovación eficientes".

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

A finalidade do programa é consolidar a economía galega para o ano 2022 nunha senda socialmente recoñecible cara a mellora do crecemento e a competitividade en base á transformación do modelo produtivo dende un modelo de intensidade tecnolóxica medio-baixa das actividades produtivas, a un modelo caracterizado por unha intensidade tecnolóxica medio-alta, mediante a absorción das Tecnoloxías Facilitadoras Esenciais (TFE)promovendo o seu carácter disruptivo, necesidade da súa transversalidade alcanzando a todos os sectores productivos e sinerxiando usos destas, e o posicionamento da rexión como referente no sur de Europa na oferta de servizos e produtos intensivos en coñecemento relacionados co envellecemento activo e a vida saudable.

Todo isto, sen prexuízo de impulsar os proxectos tractores que poidan axudar a Galicia a saír da crise provocada pola COVID19 , o que implicará ter unha rexión máis dixital, máis verde e máis resiliente.

O conxunto de prioridades establecidos anteriormente acadaranse mediante unha serie de instrumentos que se agrupan en catro programas:

- Programa Talento:
  1. Talento Senior.
  2. Oportunius.
  3. IGNICIA transferencia de coñecemento.
  4. Doutoramento industrial
  5. Apoio á etapa predoutoral
  6. Apoio á etapa posdoutoral

7. Grupos de investigación

- Programa Emprendemento Innovador:

1. Business Factory

- Financiamento:

1. Préstamos IFI INNOVA.

2. Fondos capital risco: Fondo Galicia Innovatech_FICC e Galicia Iniciativas Emprendedoras_FICC.

- Programa Innovación Empresarial:

1. Innova Peme.

2. Deseño para a innovación.

3. Conecta Hubs I.

4. Conecta Hubs liña Covid-19.

B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres	
Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres	X
Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa con actividades non dirixidas especificamente ás persoas, aínda que teñen impacto sobre elas como beneficiarias indirectas das accións (programas que actúan sobre o territorio, o medioambiente, a sociedade no seu conxunto, etc)	

Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión	

BREVE DESCRICIÓN DO PROGRAMA DENDE A PERSPECTIVA DE XÉNERO

O programa 561A destinado a investigación e a innovación, prevé, non obstante, unha serie de actuacións que poden contribuír a eliminar a desigualdade entre homes e mulleres no ámbito da ciencia. Para iso, a Axencia Galega de Innovación en todas as actuacións que desenvolva tratará de analizar as posibles fendas de xénero e as súas causas, tentando establecer medidas correctivas.

A maioría das actuacións están dirixidas a persoas xurídicas, o que podería ocultar a perspectiva de xénero, mais detrás deses órganos hai persoas físicas, polo que a análise da situación debe facer énfase nestas. Esta análise farase fundamentalmente a través dunha mellora dos sistemas de recollida de información e de indicadores de xénero.

As diferentes actuacións nas que se fará especial énfase na perspectiva de igualdade son as seguintes:

- Talento e capital humano.
- Emprendemento innovador.
- Difusión e divulgación da ciencia e do papel da muller nesta.

Resulta de especial importancia o traballo a prol da participación de mulleres no eido da investigación, un sector que tradicionalmente ten unha maioritaria participación masculina. Con esta finalidade nas distintas actuacións e liñas de axuda a desenvolver pola Axencia Galega de Innovación valorarase a incorporación de mulleres nos equipos de investigación como un aspecto importante dentro da repercusión socio-económica dos proxectos financiados por esta Axencia, incluíndo a perspectiva de xénero entre os indicadores de calidade na produción de coñecemento e de resultados de I+D+I. Así mesmo, con este mesmo obxectivo, tamén será relevante a inclusión de mulleres como investigadoras principais e/ou en tarefas de coordinación.

Trátase con estas medidas de favorecer un cambio nas actividades científicas, tecnolóxicas e de innovación realizadas polas empresas que inclúa as perspectivas, experiencias e necesidades das mulleres. Promovendo a implantación da igualdade de xénero nas empresas con actividade de I+D+I como unha estratexia empresarial que fomente a contratación de mulleres científicas e tecnólogas e que fomente no tecido produtivo galego a adopción de boas prácticas na igualdade de xénero.

Tamén, hai que destacar a participación con outros órganos no Plan de Ciencia e Muller, fundamentalmente a través de premios que visualicen o papel da muller na ciencia, así como a

participación noutras iniciativas como o "día internacional das rapazas nas TIC", unha celebración a nivel internacional, orientada a motivar as novas xeracións de mozas para que consideren o ámbito das TIC para o seu desenvolvemento académico, investigador e profesional.

IDENTIFICACIÓN DUN OU VARIOS OBXECTIVOS EN MATERIA DE IGUALDADE PRESENTES NA NORMATIVA E PLANS VIXENTES E QUE SON DE APLICACIÓN NO DESENVOLVEMENTO DAS ACCIÓN CONTEMPLADAS NESTE PROGRAMA

Incorporación da transversalidade de xénero na actuación xeral do departamento	X
Información, sensibilización e educación para a igualdade de mulleres e homes	X
Transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade	X
Igualdade no acceso ao emprego, na formación e na promoción profesionais e nas condicións de traballo	X
Fomento, directa ou indirectamente, da iniciativa empresarial das mulleres	X
Promoción da plena incorporación das mulleres á Sociedade da Información	
Incorporación do principio de igualdade nas políticas urbanas, de ordenación territorial e vivenda	
Promoción do reparto equitativo dos tempos entre mulleres e homes que facilite a conciliación e a corresponsabilidade	X
Promoción da igualdade e da participación activa das mulleres en todos os ámbitos da sociedade (cultura, educación, política, economía, deporte, saúde, etc.)	
Participación das mulleres no desenvolvemento rural	
Accións dirixidas á integración de mulleres en risco ou en situación de pobreza ou exclusión social	
Accións dirixidas á prevención e á loita contra a violencia de xénero	
Outros (especificar)	

PREVISIÓN E VALORACIÓN DOS POSIBLES EFECTOS DO PROGRAMA SOBRE UN E OUTRO SEXO E SOBRE A IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE MULLERES E HOMES.

Toda a sociedade.

C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Axencia Galega de Innovación - GAIN

III.1.2. PROGRAMA 613A - ORDENACIÓN, INFORMACIÓN E DEFENSA DO CONSUMIDOR E DA COMPETENCIA:

A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

O obxectivo estratéxico deste programa é a defensa, protección, promoción e información dos dereitos das persoas consumidoras e usuarias, e a garantía, promoción e preservación dunha competencia efectiva nos mercados no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, na perspectiva de conseguir a máxima eficiencia económica e a protección e o aumento do benestar dos consumidores e consumidoras.

Este programa ten os seguintes obxectivos operativos:

1. Financiamento operativo do persoal, instalacións e demais recursos necesarios para garantir os dereitos e intereses das persoas consumidoras e usuarias, de forma especial no relativo á súa información, asesoramento e resolución de conflitos, a través da mediación e a arbitraxe de consumo.
2. Reforzo das tarefas de asesoramento ás persoas consumidoras galegas de maneira presencial e a través da web e do teléfono gratuíto co que conta o IGCC
3. Asesoramento e cooperación coas organizacións de consumidores, entidades locais, operadores económicos e as administracións públicas a todos os niveis.
4. Execución do plan anual de formación e educación en materia de defensa do consumidor/a e da competencia a través da Escola Galega de Consumo.
5. Realización de campañas informativas e de sensibilización, dirixidas ás persoas consumidoras.
6. Promoción e potenciación do sistema arbitral de consumo "on line".

7. Impulso á normativa en materia de consumo, a través do desenvolvemento da Lei 2/2012, do 28 de marzo, galega de protección xeral das persoas consumido-ras e usuarias, e a través de normativa sectorial e a propia na materia de defensa do consumidor
8. Actuacións en materia de seguridade dos produtos industriais postos no mercado a disposición das persoas consumidoras e usuarias, de execución obrigatoria por parte da comunidade autónoma en base ao disposto no Real decreto 1801/2003, e mantemento da rede de alerta deste tipo de produtos, en colaboración co Laboratorio de Consumo de Galicia.
9. Potenciación do Laboratorio de Consumo de Galicia.
10. Realización do programa anual de control e vixilancia do mercado, incorporando a dimensión da defensa e promoción da competencia, co obxectivo primordial de defender os lexítimos intereses das persoas consumidoras e usuarias e mellorar a eficiencia dos mercados.
11. Promoción da competencia como medio para lograr unha maior eficiencia económica e estimular a competitividade das empresas.
12. Protección dos consumidores fronte a condutas anticompetitivas e posibles trabas ao funcionamento eficiente dos mercados.
13. Control e asesoramento ás administracións públicas nas actividades que poidan ter incidencia na libre competencia no mercado, tanto desde a perspectiva dos operadores económicos como dos consumidores e usuarios.
14. Impulso á terminación convencional dos expedientes sancionadores, en materia de competencia.
15. Elaboración de informes sobre sectores económicos, tanto de xeito individual como en colaboración con outras autoridades de competencia.
16. Asesoramento e control da actividade das Administracións públicas galegas relacionadas coa libre competencia, a través da emisión de informes sobre os proxectos normativos, que poidan ter algunha incidencia sobre a competencia efectiva nos mercados.
17. Potenciar a solicitude de informes sobre os proxectos de concesión de axudas a empresas con cargo a recursos públicos, en relación cos seus efectos sobre as condicións de competencia e a emisión de informes sobre o impacto das axudas públicas.
18. Desenvolver o plan de inspección do comercio electrónico na Comunidade Autónoma de Galicia, realizando a análise da información legal contida nas páxinas webs das tendas on line e comprobando a seguridade dos produtos comercializados online.

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

Este programa vai dirixido a toda a poboación da Comunidade Autónoma de Galicia.

DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

A situación de pandemia que está a sufrir o país supón unha oportunidade para reformular os medios habituais de relación entre a administración e os consumidores, dunha banda no que atinxe as peticións de asesoramento e de resolución de conflitos e doutra nas actuacións ante condutas anticompetitivas no mercado que igualmente afectan as persoas consumidoras.

Así mesmo no eido da formación en materia de protección ao consumidor, as novas tecnoloxías da información deben ser o soporte principal da actuación á hora de realizar este tipo de formación. A actividade presencial case desapareceu como consecuencia do Covid 19 e é máis necesario que nunca avanzar na dixitalización dos procedementos do Instituto Galego do Consumo e da Competencia.

A modificación dos hábitos de consumo en prol da adquisición de produtos en rede, o que comunmente se denomina comercio electrónico, demandan mecanismos de control deste sector para garantir o cumprimento da normativa en defensa dos consumidores así como para acadar unha maior transparencia do mercado.

Especial relevancia adquire neste eido, a comprobación da seguridade dos produtos comercializados online a través da realización de tomas de mostras, con especial atención aos produtos comercializados para previr a covid19.

DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

A Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, autoriza a creación do Instituto Galego do Consumo e da Competencia, como organismo autónomo adscrito á Consellería competente en materia de consumo, tendo como fins xerais e obxectivos básicos a defensa, protección, promoción e preservación dunha competencia efectiva nos mercados no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, na perspectiva de conseguir a máxima eficiencia económica e a protección e o aumento do benestar dos consumidores e consumidoras.

O plan de inspección de comercio electrónico na Comunidade Autónoma de Galicia, cuxo mandamento ven establecido no Regulamento (UE) 2017/2394 do parlamento Europeo e do Consello do 12 de decembro de 2017.

Neste contexto, a situación de crise sanitaria provocada pola pandemia do COVID 19 impulsou os servizos dixitais en todos os ámbitos como substitutivos de actuacións que antes se realizaban de forma presencial, o que por unha banda supón un gran avance no ámbito dixital, pero por outro pode supoñer perigos para as persoas consumidoras nas relacións de consumo que se realicen a través destas novas vías.

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

A finalidade deste programa é, potenciar a mediación e axilizar a arbitraxe de consumo co fin de resolver os conflitos con consumidores, executar campañas de control de mercado, acercar máis a Escola Galega de Consumo aos colectivos máis desprotexidos, e ás asociacións de consumidores, así como, trasladar á sociedade os valores da libre competencia e a necesidade de promovela e defendela.

O IGCC aposta pola prestación dun servizo de calidade ás persoas consumidoras, un consumo máis responsable a través da formación e a educación e un mercado máis seguro e transparente e levará a cabo un control oficial no mercado, potenciará a mediación e a arbitraxe de consumo e sancionará as conductas non acordes coa normativa sobre persoas consumidoras.

B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres	
Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres	X
Programa con actividades non dirixidas especificamente ás persoas, aínda que teñen impacto sobre elas como beneficiarias indirectas das accións (programas que actúan sobre o territorio, o medioambiente, a sociedade no seu conxunto, etc)	
Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión	

BREVE DESCRICIÓN DO PROGRAMA DENDE A PERSPECTIVA DE XÉNERO

Este programa, está dirixido a todas as persoas consumidoras galegas, facendo desde a Escola Galega de Consumo un especial seguimento da publicidade e da educación para o consumo non sexista, ensinando a comprar a través dos cursos que nela se imparten aos nenos e nenas galegas.

Os indicadores serían os seguintes tendo en conta os resultados de 2020 e a previsión de 2021, resultando que para 2022 se estiman equivalentes:

Actividades especificamente orientadas á temática de xénero:

- Curso IGCC "Consumo e xénero" en colaboración coa EGAP. Total: 50 alumnas/os (6 homes e 44 mulleres)
- Curso de formación de profesorado "Consumo e xénero" a través da plataforma de formación de profesorado da Xunta de Galicia (PLATEGA). Total: 50 alumnas/os (8 homes, 42 mulleres).

Actividades non especificamente orientadas á igualdade pero que a traballan de xeito transversal:

Outros indicadores que poden ser de interese:

- Persoas usuarias do Programa Cores por sexo: 45% homes, 55% mulleres.
- Curso IGCC "Consumo e publicidade" en colaboración coa EGAP. Total: 50 alumnas/os (40 homes e 10 mulleres)
- Curso de formación de profesorado "Traballando a publicidade na aula" a través da plataforma de formación de profesorado da Xunta de Galicia (PLATEGA). Total: 50 alumnas/os (10 homes e 40 mulleres).

A homoxeneidade nas cifras de persoas usuarias ven dada porque estes programas traballan con centros educativos principalmente, polo que a ratio de homes e mulleres é moi semellante, salvo nos cursos de formación que destacan as mulleres.

IDENTIFICACIÓN DUN OU VARIOS OBXECTIVOS EN MATERIA DE IGUALDADE PRESENTES NA NORMATIVA E PLANS VIXENTES E QUE SON DE APLICACIÓN NO DESENVOLVEMENTO DAS ACCIÓN CONTEMPLADAS NESTE PROGRAMA

Incorporación da transversalidade de xénero na actuación xeral do departamento	

Información, sensibilización e educación para a igualdade de mulleres e homes	X
Transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade	
Igualdade no acceso ao emprego, na formación e na promoción profesionais e nas condicións de traballo	
Fomento, directa ou indirectamente, da iniciativa empresarial das mulleres	
Promoción da plena incorporación das mulleres á Sociedade da Información	
Incorporación do principio de igualdade nas políticas urbanas, de ordenación territorial e vivenda	
Promoción do reparto equitativo dos tempos entre mulleres e homes que facilite a conciliación e a corresponsabilidade	
Promoción da igualdade e da participación activa das mulleres en todos os ámbitos da sociedade (cultura, educación, política, economía, deporte, saúde, etc.)	X
Participación das mulleres no desenvolvemento rural	
Accións dirixidas á integración de mulleres en risco ou en situación de pobreza ou exclusión social	
Accións dirixidas á prevención e á loita contra a violencia de xénero	
Outros (especificar)	

IDENTIFICACIÓN DAS ACTIVIDADES PREVISTAS DIRECTAMENTE RELACIONADAS COA PROMOCIÓN DA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES, INDICANDO PARA CADA UNHA, AS PERSOAS ÁS QUE ESTÁ DIRIXIDA. INDICAR, NO CASO DE DISPOR DESTES DATOS, AS PRINCIPAIS CARACTERÍSTICAS DAS ORGANIZACIÓNS (TIPO, ÁMBITO TERRITORIAL, ETC.) OU PERSOAS (IDADE, NIVEL EDUCATIVO, ETC.), DESTINATARIAS DAS ACCIÓNS.

Toda a sociedade.

PREVISIÓN E VALORACIÓN DOS POSIBLES EFECTOS DO PROGRAMA SOBRE UN E OUTRO SEXO E SOBRE A IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE MULLERES E HOMES.

Camiño dunha sociedade non sexista e con igualdade de oportunidade en todos os ámbitos.

C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Instituto Galego do Consumo e da Competencia - IGCC

III.1.3. PROGRAMA 731A - DIRECCION E SERVIZOS XERAIS DE INDUSTRIA:

A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

A finalidade deste programa é dar cobertura ao funcionamento das unidades administrativas vinculadas aos servizos centrais e periféricos dentro das competencias da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación. Deste xeito actúa de soporte básico para a coordinación e garantía duns recursos humanos, materiais e de organización que permitan acadar maiores cotas de efectividade e racionalidade administrativa.

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

As características do programa determinan o seu alcance universal entendendo como tal aquel que pretende, aínda que sexa de modo indirecto, garantir a toda a cidadanía unha adecuada xestión dos recursos públicos. Trátase de xerar as condicións para que os principios de eficiencia, racionalidade e obxectividade que presiden o funcionamento de calquera administración pública, sexan unha constante en todas as actuacións desenvolvidas desde as distintas áreas da Vicepresidencia segunda.

DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

O escenario económico marcado pola crise que está a provocar a pandemia COVID 19 obriga a unha contención do gasto corrente sen descoidar os servizos públicos esenciais no que

se dará prioridade ás políticas de gasto encamiñadas a potenciar os sectores fundamentais para a recuperación da actividade económica co fin de mellorar a senda de recuperación económica, todo isto encadrado nun compromiso de eficacia e economía que definen o deseño e funcionamento de calquera administración pública.

DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

O marco de actuación do programa pasa polo establecemento dun sistema de coordinación interna e interadministrativa estable de acordo aos principios inspiradores da Lei 16/2010 do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración Xeral e do sector público autonómico de Galicia e o Decreto 130/2020, do 17 de setembro, polo que se fixa a estrutura orgánica das Vicepresidencias e das Consellerías da Xunta de Galicia.

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

Con este programa preténdese atender á problemática concreta das distintas unidades administrativas e centros con competencias en materia de economía, empresa e innovación da Vicepresidencia Segunda. Para isto trátase de dar solución inmediata e áxil ás diferentes situacións e necesidades que poidan xurdir e que unha organización destas características esixe, no marco dunha estratexia de facilitarlle ao administrado como destinatario último das súas políticas, unha resposta adecuada ás súas demandas.

Neste sentido, as características do programa permiten definilo como un conxunto de actuacións e recursos dirixido a acadar as condicións para que os principios de eficiencia, racionalidade e obxectividade sexan unha constante en todas as actuacións desenvolvidas desde as distintas áreas da consellería, tratando de garantir a toda a cidadanía unha axeitada xestión dos recursos públicos. Trátase dun programa instrumental que facilita recursos para a consecución de escenarios de crecemento económico que permitan unha axeitada definición das liñas de actuación e intervención da consellería.

As actuacións máis significativas a desenvolver con este programa estarían relacionadas con:

- Facilitar a xestión das distintas unidades administrativas tanto a nivel central como periférico.
- A elaboración e difusión multimedia de compilacións normativas, estudos monográficos e calquera tipo de actuación de interese para a cidadanía que ilustren de xeito claro e preciso as liñas en materia de economía e industria da consellería.

- A definición de programas de información e comunicación en materia económica na liña de establecer un sistema de información dos servizos e prestacións e uns procedementos administrativos comprensibles e sinxelos.
- A potenciación na difusión e comunicación das liñas das políticas económicas da consellería.
- A racionalización e mellora na tramitación das disposicións normativas en materia de economía e industria da consellería.

B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres	
Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa con actividades non dirixidas especificamente ás persoas, aínda que teñen impacto sobre elas como beneficiarias indirectas das accións (programas que actúan sobre o territorio, o medioambiente, a sociedade no seu conxunto, etc)	
Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión	X

BREVE DESCRICIÓN DO PROGRAMA DENDE A PERSPECTIVA DE XÉNERO

As actuacións contempladas neste programa teñen como destinatarios directos os empregados públicos da Vicepresidencia segunda respectando a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes, sen ningún tipo de discriminación. Polo tanto, é este colectivo de empregados públicos os potenciais beneficiarios do gasto, entre os que se observa unha representación equilibrada de homes e mulleres.

O gasto destínase por igual entre homes e mulleres, sen discriminación, sendo a nómina de persoal unha fonte de datos moi importante no que se mostra o equilibrio salarial e a non discriminación por cuestións de xénero.

IDENTIFICACIÓN DUN OU VARIOS OBXECTIVOS EN MATERIA DE IGUALDADE PRESENTES NA NORMATIVA E PLANS VIXENTES E QUE SON DE APLICACIÓN NO DESENVOLVEMENTO DAS ACCIÓN CONTEMPLADAS NESTE PROGRAMA

Incorporación da transversalidade de xénero na actuación xeral do departamento	
Información, sensibilización e educación para a igualdade de mulleres e homes	X
Transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade	X
Igualdade no acceso ao emprego, na formación e na promoción profesionais e nas condicións de traballo	X
Fomento, directa ou indirectamente, da iniciativa empresarial das mulleres	
Promoción da plena incorporación das mulleres á Sociedade da Información	
Incorporación do principio de igualdade nas políticas urbanas, de ordenación territorial e vivenda	
Promoción do reparto equitativo dos tempos entre mulleres e homes que facilite a conciliación e a corresponsabilidade	
Promoción da igualdade e da participación activa das mulleres en todos os ámbitos da sociedade (cultura, educación, política, economía, deporte, saúde, etc.)	
Participación das mulleres no desenvolvemento rural	
Accións dirixidas á integración de mulleres en risco ou en situación de pobreza ou exclusión social	
Accións dirixidas á prevención e á loita contra a violencia de xénero	
Outros (especificar)	

IDENTIFICACIÓN DAS ACTIVIDADES PREVISTAS DIRECTAMENTE RELACIONADAS COA PROMOCIÓN DA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES, INDICANDO PARA CADA UNHA, AS PERSOAS ÁS QUE ESTÁ DIRIXIDA. INDICAR, NO CASO DE DISPOR DESTES DATOS, AS PRINCIPAIS CARACTERÍSTICAS DAS ORGANIZACIÓNS (TIPO, ÁMBITO TERRITORIAL, ETC.) OU PERSOAS (IDADE, NIVEL EDUCATIVO, ETC.), DESTINATARIAS DAS ACCIÓNS.

Todo o cadro de persoal da Vicepresidencia segunda.

C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Secretaría Xeral Técnica

III.1.4. PROGRAMA 732A - REGULACION E SOPORTE DA ACTIVIDADE INDUSTRIAL:

A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

O obxectivo deste programa é planificar, coordinar, xestionar e realizar actuacións técnicas e administrativas en materia de seguridade industrial, administración industrial e metroloxía, mellorando os sistemas de inspección e control.

O programa responde á necesidade de manter e mellorar a seguridade dos establecementos e instalacións industriais no referente á seguridade industrial e a garantir a exactitude das medidas e dos equipos de medición suxeitos a control metrolóxico.

Desenvolveranse as competencias da actividade da metroloxía legal e industrial, levando a cabo servizos de control metrolóxico e servizos de calibración, coa participación do Laboratorio Oficial de Metroloxía de Galicia.

Outro dos obxectivos do programa é a dinamización do tecido empresarial mellorando as infraestruturas dos parques empresariais e fomentando a creación de novas empresas e a reindustrialización.

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

Os beneficiarios do programa son os titulares dos establecementos e instalacións industriais e os compradores de produtos regulados pola metroloxía legal (alimentos, combustibles, contadores de gas, electricidade, etc.), e en xeral o tecido industrial galego na prestación de servizos metrolóxicos por parte do Laboratorio Oficial de Metroloxía de Galicia.

Por outra banda, serán beneficiarios directos os concellos de Galicia polo que respecta ás ordes de axudas para a mellora de infraestruturas en parques empresariais, para o reforzo e extensión das súas redes de distribución e para a creación neles de viveiros industriais de empresas.

DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

No relativo ás instalacións afectadas por regulamentos de seguridade industrial, e preciso facer unha labor divulgativa das obrigas que teñen os seus titulares para garantir a súa seguridade, facendo ademais un plan de inspección que nos permita verificar o seu estado actual.

No relativo aos instrumentos de medida que interveñen en transaccións comerciais, é preciso facer unha labor divulgativa das obrigas dos seus titulares no referente á metroloxía legal, fomentando as súas verificacións periódicas.

Incídese tamén na mellora da competitividade das empresas mellorando as infraestruturas básicas dos polígonos e parques empresariais onde as empresas desenvolven a súa actividade, así como o fomento da creación de viveiros industriais de empresas nos distintos concellos de Galicia.

Foméntase por último a reindustrialización dos concellos afectados polo peche das centrais térmicas mediante a creación de oficinas de reindustrialización.

DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

O marco legal nas actuacións en materia de seguridade industrial o constitúe fundamentalmente a Lei 21/1992, do 16 de xullo, de industria que establece as normas básicas reguladoras da ordenación das actividades e instalacións industriais así como o control administrativo para a vixilancia e control do cumprimento das normas e regulamentos de seguridade industrial e o Decreto lexislativo 1/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de política industrial.

No caso da metroloxía legal a lexislación básica estatal a constitúe a Lei 32/2014, do 22 de decembro, de metroloxía, e o Real decreto 244/2016, do 3 de xuño, polo que se desenvolve

a Lei 32/2014, do 22 de decembro, de metroloxía, completando a normativa de referencia o Decreto 78/2011, do 14 de abril, polo que se establece a ordenación das funcións do control metrolóxico do Estado que corresponden á Comunidade Autónoma de Galicia, e se aproba o regulamento de vixilancia e inspección de instrumentos sometidos a control metrolóxico.

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

No ámbito da seguridade industrial, búscase que os titulares de instalacións sometidas a regulamentos de seguridade industrial cumpran cos requirimentos que establecen ditos regulamentos, poñendo en marcha e mantendo instalacións o máis seguras posibles.

Para isto úsanse como vía principal o Plan anual de inspección en materia de seguridade industrial, que é a ferramenta fundamental para a comprobación de que as instalacións sometidas a regulamentos de seguridade industrial cumpren os regulamentos que lles afectan.

Polo que respecta á metroloxía legal, o principal obxectivo é garantir aos cidadáns que os instrumentos utilizados para medir e contar en aplicacións de medida por razóns de interese público, saúde e seguridade pública, orde público, protección do medio ambiente, protección dos consumidores e usuarios, recadación de impostos e taxas, cálculo de aranceis, canons e sancións administrativas, realización de peritaxes xudiciais e para o establecemento das garantías básicas para un comercio leal ofrecen a confianza, exactitude, seguridade, etc que legalmente se lle requiren.

Outro dos obxectivos en metroloxía é desenvolver as actividades da metroloxía legal e industrial coa participación activa do Laboratorio Oficial de Metroloxía de Galicia.

No relativo á dinamización do tecido empresarial acometeranse tres actuacións clave a través de tres ordes de axudas que se veñen desenvolvendo nos últimos anos: mellora das infraestruturas dos parques empresariais, reforzo e extensión das súas redes de distribución eléctrica e creación neles de viveiros industriais de empresas.

Apoiarase ademais a reindustrialización dos concellos afectados polo peche das centrais térmicas a través dun convenio de colaboración coa Deputación Provincial da Coruña para a creación de sendas oficinas de reindustrialización en As Pontes e Cerceda.

B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres	
Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres	X
Programa con actividades non dirixidas especificamente ás persoas, aínda que teñen impacto sobre elas como beneficiarias indirectas das accións (programas que actúan sobre o territorio, o medioambiente, a sociedade no seu conxunto, etc)	
Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión	

BREVE DESCRICIÓN DO PROGRAMA DENDE A PERSPECTIVA DE XÉNERO

Nas normas reguladoras das distintas actividades que se desenvolven neste programa de gasto, e como consecuencia da natureza das mesmas, non se identifican disposicións concretas que establezan unha relación directa con políticas de igualdade de oportunidades. Non obstante, esta Dirección Xeral promoverá o emprego dunha linguaxe non sexista e unhas imaxes non estereotipadas en todas as comunicacións e campañas que se realicen, tendo en conta ademais que moitas das accións destes programas desenvólvense en ámbitos e profesións nas que a muller está infrarrepresentada.

IDENTIFICACIÓN DUN OU VARIOS OBXECTIVOS EN MATERIA DE IGUALDADE PRESENTES NA NORMATIVA E PLANS VIXENTES E QUE SON DE

APLICACIÓN NO DESENVOLVEMENTO DAS ACCIÓN CONTEMPLADAS NESTE PROGRAMA

Incorporación da transversalidade de xénero na actuación xeral do departamento	
Información, sensibilización e educación para a igualdade de mulleres e homes	
Transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade	
Igualdade no acceso ao emprego, na formación e na promoción profesionais e nas condicións de traballo	X
Fomento, directa ou indirectamente, da iniciativa empresarial das mulleres	
Promoción da plena incorporación das mulleres á Sociedade da Información	
Incorporación do principio de igualdade nas políticas urbanas, de ordenación territorial e vivenda	
Promoción do reparto equitativo dos tempos entre mulleres e homes que facilite a conciliación e a corresponsabilidade	
Promoción da igualdade e da participación activa das mulleres en todos os ámbitos da sociedade (cultura, educación, política, economía, deporte, saúde, etc.)	
Participación das mulleres no desenvolvemento rural	
Accións dirixidas á integración de mulleres en risco ou en situación de pobreza ou exclusión social	
Accións dirixidas á prevención e á loita contra a violencia de xénero	
Outros (especificar)	

IDENTIFICACIÓN DAS ACTIVIDADES PREVISTAS DIRECTAMENTE RELACIONADAS COA PROMOCIÓN DA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES, INDICANDO PARA CADA UNHA, AS PERSOAS ÁS QUE ESTÁ DIRIXIDA. INDICAR, NO CASO DE DISPOR DESTES DATOS, AS PRINCIPAIS CARACTERÍSTICAS DAS ORGANIZACIÓNS (TIPO, ÁMBITO TERRITORIAL, ETC.) OU

PERSOAS (IDADE, NIVEL EDUCATIVO, ETC.), DESTINATARIAS DAS ACCIÓNS.

Toda a sociedade.

C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais

III.1.5. PROGRAMA 733A - EFICIENCIA ENERXÉTICA E ENERXÍAS RENOVABLES:

A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

O principal obxectivo que se pretende acadar con este programa é contribuír á transformación do sistema enerxético galego para que sexa máis sostible en termos económicos, sociais e ambientais, fundamentalmente a través de medidas que fomenten o aforro enerxético e as enerxías renovables. Para acadar estes obxectivos é fundamental impulsar a implantación das enerxías renovables xa que contribúen a diminuír a dependencia enerxética do exterior e a mellora da seguridade das subministracións. Unha maior achega das enerxías renovables permite reducir as importacións de enerxía e consecuentemente a dependencia dos combustibles fósiles. A importancia das enerxías renovables vese reforzada en relación con aspectos ambientais (diminución da emisión de substancias contaminantes á atmosfera), xeración de emprego, desenvolvemento rexional, incremento da actividade económica, etc.

Así tamén, no ámbito do aforro e eficiencia enerxética, preténdese diminuír as emisións do CO2 á atmosfera e contribuír coas boas prácticas a unha concienciación cidadá para evitar o desperdicio e diminuír o consumo enerxético.

Con carácter xeral, impulsaranse actuacións en liña cos principios recollidos na Axenda galega de transición enerxética para o período 2021-2030, documento actualmente en fase de elaboración e que é previsible que dea continuidade ás seguintes liñas destacadas das Directrices enerxéticas de Galicia 2018-2020, aprobadas por acordo do Consello da Xunta de Galicia o 8 de marzo de 2018, e que se resumen a continuación:

- Seguir co Plan galego de mellora enerxética nas familias, co obxectivo de que a cidadanía sexa o motor da transición enerxética, incluíndo todo tipo de actuacións vencelladas

coa utilización da enerxía no eido familiar (mobilidade eficiente, autoconsumo eléctrico e renovables térmicas, axudas a consumidores vulnerables,...).

- Desenvolver un sistema orientado á consecución dunha economía baixa en carbono.
- Diversificar as novas enerxías primarias na procura de conseguir unha presenza crecente das autóctonas.
- Potenciar ao máximo o aforro e a eficiencia enerxética.
- Conseguir unha mellora continua da calidade da subministración enerxética.
- Que as administracións públicas sexan un exemplo de sustentabilidade.
- Desenvolvemento da I+D+i no sector enerxético, impulsando o almacenamento enerxético nas súas diferentes formas, térmica, electroquímica, ...
- Potenciar a mobilidade sustentable con especial apoio aos vehículos eficientes (eléctrico, GNL e GNC como combustibles alternativos).
- De forma máis especifica, se detallan as principais actuacións no ámbito das enerxías renovables e no aforro enerxético:
- Fomentar o aforro e diminuír a intensidade enerxética, concienciando á cidadanía para a limitación da demanda enerxética, por medio de axudas.
- Fomentar as enerxías renovables por medio de axudas aos particulares e ás empresas galegas, especialmente á biomasa, á solar térmica, á xeotérmica, á aerotermia e o autoconsumo eléctrico.
- Impulsar o uso racional e eficiente dos recursos e das enerxías mediante a racionalización na súa utilización nos edificios existentes e nas construcións novas, permitindo á persoa usuaria coñecer o comportamento enerxético mediante o Rexistro Galego de Eficiencia enerxética de Edificios, creado mediante o decreto autonómico de desenvolvemento da certificación de eficiencia enerxética dos edificios, derivado da normativa estatal establecida no Real Decreto 235/2013, polo que se regula o procedemento básico da certificación de eficiencia enerxética de edificios, actualmente derrogado polo Real Decreto 390/2021, de 1 de xuño.
- Desenvolver proxectos demostrativos e exemplarizantes que contribúan a introducir tecnoloxías novidosas no eido enerxético.
- Promocionar o desenvolvemento de ecobarrios nos núcleos de poboación galegos, como exemplo de transformación urbana sostible, que permita reproducir a pequena escala como van ser as cidades do futuro.
- Elaborar informes e levar a cabo actuacións relativas á certificación enerxética de edificios.
- Potenciar o emprego e/ou a substitución de equipos que cumpran coas máximas esixencias no ámbito do aforro enerxético.
- Potenciar o desenvolvemento de fontes de enerxía renovables, diversificando o mix enerxético actual que permita diminuír a dependencia enerxética co exterior, pero á vez, garantindo a subministración enerxética a toda a poboación.

- Potenciar a I+D+i no campo enerxético, así como un mellor coñecemento daquelas fontes de enerxía renovables menos empregadas en Galicia, pero máis avanzadas noutras partes do mundo, por medio de plans demostrativos que desenvolvan proxectos piloto, que permitan coñecer o funcionamento destas na nosa comunidade. En concreto, no site de Punta Langosteira, potenciarase o desenvolvemento de experiencias piloto no eido das enerxías renovables mariñas, nas que Galicia posúe un dos maiores potenciais de recurso enerxético a nivel mundial.
- Elaborar estudos e traballos técnicos en materia de eficiencia e aforro da enerxía no ámbito das administracións públicas.
- Desenvolvemento da Estratexia de aforro e eficiencia enerxética no sector público autonómico.
- Xestión da Rede de Enerxía da Xunta de Galicia (REDEXGA) e impulso de actuacións de aforro e eficiencia enerxética e enerxías renovables nos centros e entidades adscritos á mesma.
- Impulso á contratación centralizada das subministracións das fontes de enerxía da REDEXGA.
- Ademais das axudas á biomasa, desenvolveranse outras medidas contempladas na Estratexia integral de impulso a biomasa forestal.
- Participación na comisión de seguimento da execución dos proxectos de natureza industrial asociados aos parques eólicos adxudicatarios dentro das Ordes da convocatoria que regula a Lei 8/2009, do 22 de decembro.

Detállanse a continuación as principais actuacións a desenvolver polo INEGA:

1. Plan de Eficiencia Enerxética nas familias:
   - Fomento do autoconsumo eléctrico.
   - Impulso da xeración de calor e auga quente sanitaria a partir de sistemas altamente eficientes.
   - Plan Renove de electrodomésticos.
   - Campañas de información e sensibilización á cidadanía.
2. Fomento de axudas de aforro e eficiencia enerxética:
   - Impulso á mellora da competitividade das empresas pola vía do aforro e a eficiencia enerxética, mediante axudas dirixidas ós sectores industrial, servizos e primario.
   - Bono enerxía Peme, axudas en condicións vantaxosas para a mellora enerxética das pemes e autónomos con actividades fortemente impactadas pola situación sanitaria para contribuír a súa reactivación.
   - Xestión do Programa de axudas para actuacións de eficiencia enerxética no sector industrial dirixido a grandes proxectos.
3. Fomento do uso de fontes de enerxías renovables:

- Axudas para intensificar a implantación de enerxías renovables na Comunidade Autónoma, focalizando a implantación das instalacións que permitan aos fogares e ás empresas o acceso ao autoconsumo eléctrico, á xeración distribuída a pequena escala e ó almacenamento enerxético.
- Fomento para o desenvolvemento de Comunidades enerxéticas locais.
- Apoio á instalación de equipamentos térmicos con biomasa e ás instalacións de xeración de calor a partir das tecnoloxías xeotérmica e aerotérmica.
- Fomento para o incremento do coñecemento nas tecnoloxías de almacenamento enerxético e para a identificación de oportunidades de desenvolvemento de proxectos de interese para a Comunidade Autónoma.

4. Programa de axudas de impulso á mobilidade eficiente e sostible:
   - Fomento da introdución de tecnoloxías de mobilidade eficientes e sostibles, así como da implantación de instalacións de recarga para vehículos eléctricos, destacando a xestión do Programa Moves (II en III) e do Plan Galego de Transición a unha Mobilidade Eficiente.
5. III Feira da Enerxía de Galicia:
   - Coordinación e promoción para o desenvolvemento da Feira da Enerxía, co obxectivo de posicionar Galicia como punto de encontro de empresas e profesionais do sector enerxético.
6. Actuacións en planificación e infraestruturas enerxéticas:
   - Promoción das actuacións contempladas na Axenda galega de transición enerxética para o período 2021-2030, documento actualmente en fase de elaboración.
   - Seguimento da planificación da rede de transporte de electricidade do Estado 2021-2026.
   - Fomento da creación do Corredor Verde Norte que permita dispoñer das infraestruturas necesarias nas principais vías de conexión terrestre que unen Galicia con Asturias e Castela e León para garantir o adecuado subministro enerxético ás alternativas de propulsión para a mobilidade e o transporte libres de emisións.
   - Elaboración do Balance enerxético de Galicia do 2020.
   - Recompilación de información da enerxía eléctrica xerada polas distintas centrais de produción de enerxía eléctrica en réxime especial existentes en Galicia (Sicapde).
   - Actualización da información xeorreferenciada (gráfica e alfanumérica) das infraestruturas enerxéticas da Comunidade Autónoma (Atlas Enerxético).
7. Tecnoloxías relacionadas co hidróxeno de orixe renovable:
   - Fomento das actuacións contempladas na Estratexia do hidróxeno renovable de Galicia, actualmente en elaboración.
   - Fomento da implantación de tecnoloxías relacionadas co hidróxeno renovable que permitan a decarbonización de procesos industriais.
8. Desenvolvemento da eólica mariña:

- Continuar coa labor do INEGA na función de Secretaría técnica do Observatorio da Eólica Mariña de Galicia.
- Promoción e, no seu caso, tramitación, da solicitude dunha nova zona experimental para o ensaio de tecnoloxías relacionadas coa eólica mariña flotante.

9. Certificación enerxética de edificios:
   - Tramitación e resolución das solicitudes de inscrición no Rexistro de certificados de eficiencia enerxética de edificios da Comunidade Autónoma de Galicia.
   - Control técnico dos certificados de eficiencia enerxética dos edificios.
   - Desenvolvemento e actualización de novas funcionalidades na plataforma RGEEE que xestiona o Rexistro de certificados de eficiencia enerxética de edificios.
   - Cualificación e certificación dos edificios públicos autonómicos da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación.
   - Participación como membro da Comisión Asesora e de Grupos de Traballo en materia
   - Información xeral e técnica á cidadanía e aos axentes implicados na certificación enerxética dos edificios.
10. Actuacións de aforro e eficiencia enerxética e enerxías renovables na administración pública autonómica:
    - Rede de enerxía da Xunta de Galicia (REDEXGA), constituída polas infraestruturas, medios e servizos necesarios para a xestión enerxética dos centros de consumo da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.
    - Promoción da mellora do comportamento enerxético dos elementos técnicos e arquitectónicos nos centros sociais, educativos, sanitarios e administrativos, na procura de acadar unha diminución na factura enerxética da Xunta de Galicia a través de actuacións directas nestes edificios.
11. Proxectos europeos:
    - Seguimento e participación na implantación e desenvolvemento do Plan de recuperación para Europa derivado da situación sanitaria ocasionada polo COVID-19. Tanto o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia como o Mecanismo de Transición Xusta Reforzado establecen o sector enerxético como un dos de maior potencial para contribuír a mitigar os efectos económicos.
    - Participación en novas propostas de proxectos de investigación relacionados co ámbito enerxético en a distintos programas europeos.
12. Outras actuacións:
    - Asesoramento técnico á Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais.
    - Participación na comisión de seguimento da execución dos proxectos de natureza industrial asociados ós parques eólicos adxudicatarios dentro das Ordes da convocatoria que regula a Lei 8/2009, do 22 de decembro.

- Tramitación das competencias derivadas do Real Decreto 56/2016, do 12 de febreiro, relativo a auditorías enerxéticas, acreditación de provedores de servizos e auditores enerxéticos e promoción da eficiencia da subministración de enerxía. Este Real Decreto establece a obriga para as grandes empresas de realizar unha auditoría enerxética cada 4 anos e comunicarlla a Administración. No primeiro período de 4 anos recibíronse máis de 2.500 comunicacións de auditorías.
- Desenvolvemento de proxectos pilotos e demostrativos.
- Ensaio de prototipos na zona experimental de Punta Langosteira.

A continuación detállanse outras necesidades que se atenden con este programa, desenvolvidas pola Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais:

- Loitar contra a pobreza enerxética, contribuíndo ao pagamento da factura eléctrica das familias con menos recursos, a través dunha orde de axudas para evitar cortes de subministración eléctrica aos consumidores vulnerables severos en risco de exclusión social.
- Levar a cabo un seguimento medioambiental de parques eólicos e liñas eléctricas.
- Impulsar á dixitalización da Administración enerxética mediante actuacións de revisión da xestión de procedementos administrativos e actuacións de preparación e dixitalización de arquivos e sistemas co obxectivo de acadar unha xestión telematizada e transparente.
- Atender as consultas relativas á facturación eléctrica a través do servicio de información telefónica do 012.
- Continuar co convenio co Laboratorio de Combustibles da Universidade da Coruña, co fin de acreditar a calidade dos hidrocarburos en Galicia.
- Xestión dos Fondos do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia (MRR) do Plan de Recuperación Transformación e Resiliencia (PRR) relativos á corrección de tendidos eléctricos para evitar danos na avifauna.

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

En xeral, as actuacións no eido da planificación enerxética, das enerxías renovables e da eficiencia e aforro enerxético van dirixidas á totalidade da poboación de Galicia, coas seguintes liñas e actuacións xenéricas:

1. Por medio de convenios de colaboración entre diferentes consellerías, organismos ou entes do sector público.
2. Por medio de estudos e información estatística: balance enerxético, información na páxina web do INEGA (http://www.inega.gal).
3. Por medio de axudas a familias e institucións sen ánimo de lucro e ás empresas, que permitan o acceso ás enerxías renovables.

4. Por medio de axudas a familias e institucións sen ánimo de lucro e ás empresas que permitan a substitución de determinados equipos ou instalacións cuxo resultado sexa unha maior eficiencia e un maior aforro enerxético.
5. Tamén por medio de plans demostrativos que levan aparellado o desenvolvemento de proxectos piloto para achegar á poboación galega as enerxías renovables e a eficiencia enerxética para coñecer o seu funcionamento e as vantaxes que proporciona a súa implantación.
6. As actuacións da dirección xeral orientaranse cara as familias vulnerables, no caso das axudas para evitar cortes de subministración eléctrica aos consumidores vulnerables severos en risco de exclusión social, e ás empresas distribuidoras de enerxía eléctrica, no caso das axudas para adecuación de tendidos eléctricos para evitar danos á avifauna.
7. En xeral, o resto das actuacións desta dirección xeral no ámbito da enerxía van dirixidas á totalidade da poboación de Galicia.

DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

A situación actual do sistema enerxético de Galicia ven marcada pola grande dependencia enerxética do exterior, xa que segundo os balances enerxéticos de Galicia máis do 70 % da enerxía primaria consumida na nosa Comunidade Autónoma procede do exterior, e tamén polo importante consumo de combustibles de orixe fósil (tamén próximo ao 80 %), destacando esta elevada dependencia no sector transporte. Cómpre salientar que as familias son responsables do 34 % do consumo enerxético final de Galicia (incluíndo o automóbil).

Por outra banda, entre as fortalezas destacan os importantes recursos renovables existentes en Galicia, que permiten aproveitar certas oportunidades como o desenvolvemento tecnolóxico destas enerxías, e o gran desenvolvemento das enerxías renovables para a xeración eléctrica nos últimos anos, fundamentalmente a eólica.

En Galicia, as políticas de fomento das enerxías renovables e do aforro enerxético véñense desenvolvendo dende hai anos, e axudaron a incrementar de forma significativa a contribución das enerxías renovables e a reducir o consumo enerxético. Nos últimos anos destaca o desenvolvemento da Estratexia integral de impulso á biomasa forestal 2014-2020 que, entre 2014 e 2018, deu lugar a distintas convocatorias de axuda con importes duns 50 M€, e que terá a súa continuidade nunha nova Estratexia 2025, actualmente en elaboración. Non obstante, a transformación do sistema enerxético é un proceso a largo prazo e as debilidades aínda existentes obrigan a desenvolver actuacións encamiñadas a diminuír a dependencia enerxética co exterior, garantindo a subministración enerxética de Galicia, polo que é importante potenciar o desenvolvemento de fontes de enerxía renovables autóctonas, diversificar o mix enerxético actual, fomentar o aforro e diminuír a intensidade enerxética. Neste sentido cómpre destacar a aprobación das Directrices Enerxéticas de Galicia 2018-2020 orientadas á consecución dunha economía baixa en carbono, que terá a súa continuidade coa Axenda Galega de transición enerxética 2021-2030, actualmente en fase de elaboración.

DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

As actuacións en materia de enerxías renovables, de eficiencia e de aforro enerxético, en xeral encádranse dentro das competencias e atribucións establecidas no Decreto 230/2020, do 23 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación.

A nivel de obxectivos enerxéticos da UE destaca o da consecución da neutralidade climática do continente non máis tarde do ano 2050, tal e como recolle a chamada Lei Europea do Clima no Regulamento 2021/1119 do Parlamento Europeo e do Consello de 30 de xuño de 2021. Sendo que, para acadar tal obxectivo, é necesario actuar sobre as principais fontes de emisión de GEI, que son as relacionadas con usos enerxéticos.

A Directiva UE 2018/2001 do Parlamento Europeo e do Consello do 11 de decembro de 2018 marca o obxectivo de que a cota de enerxías renovables dentro do consumo total de enerxía da UE en 2030 sexa como mínimo do 32%, a Lei de Cambio Climático e Transición Enerxética (LCCTE) pono no 42 % e o Plan Nacional de Enerxía e Clima 2021-2030 no 42%.

A Directiva UE 2018/2001 do Parlamento Europeo e do Consello do 11 de decembro de 2018 marca o Obxectivo que a eficiencia enerxética mellore polo menos nun 32,5% en 2030 con respecto ás previsións de consumo enerxético futuro sobre a base dos criterios actuais. A Lei de Cambio Climático e Transición Enerxética (LCCTE) pono no 39,5 % e o Plan Nacional de Enerxía e Clima 2021-2030 no 39,5%.

O obxectivo do PNIEC é que se alcance o 28% de renovables no transporte, porcentaxe obtida mediante a aplicación das consideracións da Directiva 2018/2001 relativa ao fomento do uso de enerxía procedente de fontes renovables (que marca un obxectivo do 14%). Nesta última aplícanse correccións no consumo final de aviación e multiplicadores en biocarburantes e biogás avanzados e electricidade renovable.

Os programas cofinanciados con fondos FEDER cumpren o establecido polo Programa operativo FEDER Galicia 2014-2020 e o Regulamento (UE) nº 1301/2013 do Parlamento Europeo e do Consello do 17 de decembro de 2013. Por outra banda os programas cofinaciados con fondos FEADER teñen en contan o Programa de desenvolvemento rural de Galicia FEADER e o Regulamento (UE) nº 1305/2013 do Parlamento Europeo e do Consello do 17 de decembro de 2013.

As actuacións relativas ao MOVES III están incluídas no Mecanismo de Recuperación e Resiliencia (MRR) dentro do Compoñente 1 do Plan de Recuperación Transformación e Resiliencia (PRR), financiando tamén dentro deste Plan actuacións relativas a autoconsumo, almacenamento e enerxías renovables térmicas, dentro dos Compoñentes 7 e 8 do dito Plan.

As actuacións relativas á corrección de tendidos eléctricos para evitar danos na avifauna están incluídas no Mecanismo de Recuperación e Resiliencia (MRR) dentro do Compoñente 4 do Plan de Recuperación Transformación e Resiliencia (PRR).

As actuacións en materia de pobreza enerxética encádranse no marco da nova regulación estatal establecida no RD 897/2017, do 6 de outubro, polo que se regula a figura do consumidor vulnerable, o bono social e outras medidas de protección para os consumidores domésticos de enerxía eléctrica. Ademais, veñen a desenvolver a Lei 7/2017, do 14 de decembro, de medidas da eficiencia enerxética e garantía de accesibilidade á enerxía eléctrica.

Por último, cabe citar o Real Decreto 56/2016, polo que se traspón a Directiva 2012/27/UE no referente a auditorías enerxéticas, acreditación de provedores de servizos e auditores enerxéticos.

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

A cidadanía ten que ser o motor da transición enerxética, co obxectivo de avanzar cara o descarbonización da economía, reducir a factura enerxética e incrementar a súa renda dispoñible. Fomentarase as enerxías renovables e o aforro enerxético como panca para impulsar a economía e xerar emprego.

No tocante ás enerxías renovables e o aforro e eficiencia enerxética os beneficios que se pretenden acadar a través de actuacións para o seu fomento, que impliquen un maior emprego e coñecemento delas, son fundamentais para conseguir:

1. Diminuír a dependencia enerxética do exterior e a mellora da seguridade das subministracións á poboación de Galicia.
2. Reducir as importacións de enerxía e consecuentemente a dependencia dos combustibles fósiles.
3. Reforzar aspectos ambientais como a diminución da emisión de substancias contaminantes a atmosfera.
4. Impulsar un sector tan estratéxico como é o das enerxías renovables que permitan a Galicia estar na vangarda do desenvolvemento destas fontes enerxéticas, o que sen dúbida proporcionará un incremento da actividade económica, que terá tamén unha positiva repercusión na xeración de emprego e no desenvolvemento rexional da nosa comunidade autónoma.

Así tamén, no ámbito do aforro e eficiencia enerxética, preténdese con todas estas actuacións diminuír as emisións de CO_2 á atmosfera e contribuír coas boas prácticas a unha concienciación cidadá, co papel exemplar da Administración.

Coa certificación enerxética os beneficios que se pretenden acadar son:

1. Maior información da cidadanía para mellorar a toma de decisión de alugueiros e compravenda de inmobles.
2. A optimización enerxética dos edificios públicos, así como a redución dos custos asociados.

As actuacións no eido da pobreza enerxética, van dirixidas ás familias máis vulnerables de Galicia, para contribuír ao pagamento da factura eléctrica e evitar os cortes de subministración.

As actuacións para adecuación de liñas eléctricas para evitar danos á avifauna articularanse a través dunha liña de axudas dirixida ás empresas distribuidoras, de acordo cos criterios establecidos na Conferencia Sectorial de Medio Ambiente, para a aplicación do Real Decreto 1432/2008, de 29 de agosto, para modificación de tendidos eléctricos causantes de electrocución a especies de avifauna ameazada.

B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres	
Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres	X
Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa con actividades non dirixidas especificamente ás persoas, aínda que teñen impacto sobre elas como beneficiarias indirectas das accións (programas que actúan sobre o territorio, o medioambiente, a sociedade no seu conxunto, etc)	X
Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión	

BREVE DESCRICIÓN DO PROGRAMA DENDE A PERSPECTIVA DE XÉNERO

As axudas xestionadas dende o INEGA teñen catro tipos de beneficiarios principais:

1. Persoas físicas: Os beneficiarios das axudas para evitar cortes de subministración eléctrica son todas as persoas es risco de exclusión social. Non se dispón de información do número de mulleres e homes que cumpre este requisito, non obstante, na maioría dos casos a axuda beneficia ó conxunto da unidade familiar, xa que se trata de sufragar a factura eléctrica.
2. Empresas: empresas distribuidoras de enerxía eléctrica para adecuación dos tendidos eléctricos e protección da avifauna. Considérase que de xeito indirecto benefician a toda a poboación de Galicia, xa que supón unha mellora medioambiental.
3. Administración autonómica e local: Axudas dirixidas a entidades da administración local ou autonómica de Galicia. Considérase que de xeito indirecto benefician a toda a poboación de Galicia, xa que todas as axudas teñen por obxecto incentivar melloras no consumo enerxético ou implantar sistemas de enerxías renovables, o que supón unha redución nos seus gastos enerxéticos e un maior coidado do medio natural.
4. Agrupacións, asociacións e institucións sen ánimo de lucro: Axudas dirixidas a diversas entidades con centro de traballo ou actividade no territorio de Galicia. Considérase que de xeito indirecto benefician a toda a poboación de Galicia xa que todas as axudas son para incentivar melloras no consumo enerxético ou para implantar sistemas de enerxías renovables, o que supón unha redución nos seus gastos enerxéticos e un maior coidado do medio natural.

IDENTIFICACIÓN DUN OU VARIOS OBXECTIVOS EN MATERIA DE IGUALDADE PRESENTES NA NORMATIVA E PLANS VIXENTES E QUE SON DE APLICACIÓN NO DESENVOLVEMENTO DAS ACCIÓN CONTEMPLADAS NESTE PROGRAMA

Incorporación da transversalidade de xénero na actuación xeral do departamento	
Información, sensibilización e educación para a igualdade de mulleres e homes	
Transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade	X
Igualdade no acceso ao emprego, na formación e na promoción profesionais e nas condicións de traballo	
Fomento, directa ou indirectamente, da iniciativa empresarial das mulleres	

Promoción da plena incorporación das mulleres á Sociedade da Información	
Incorporación do principio de igualdade nas políticas urbanas, de ordenación territorial e vivenda	X
Promoción do reparto equitativo dos tempos entre mulleres e homes que facilite a conciliación e a corresponsabilidade	
Promoción da igualdade e da participación activa das mulleres en todos os ámbitos da sociedade (cultura, educación, política, economía, deporte, saúde, etc.)	
Participación das mulleres no desenvolvemento rural	
Accións dirixidas á integración de mulleres en risco ou en situación de pobreza ou exclusión social	
Accións dirixidas á prevención e á loita contra a violencia de xénero	
Outros (especificar)	

IDENTIFICACIÓN DAS ACTIVIDADES PREVISTAS DIRECTAMENTE RELACIONADAS COA PROMOCIÓN DA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES, INDICANDO PARA CADA UNHA, AS PERSOAS ÁS QUE ESTÁ DIRIXIDA. INDICAR, NO CASO DE DISPOR DESTES DATOS, AS PRINCIPAIS CARACTERÍSTICAS DAS ORGANIZACIÓNS (TIPO, ÁMBITO TERRITORIAL, ETC.) OU PERSOAS (IDADE, NIVEL EDUCATIVO, ETC.), DESTINATARIAS DAS ACCIÓNS.

Toda a sociedade.

C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais

Instituto Enerxético de Galicia - INEGA

III.1.6. PROGRAMA 734A - FOMENTO DA MINARIA:

A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

A Comunidade Autónoma de Galicia, sendo consciente do carácter estratéxico do sector mineiro, defende unha minería baseada nos valores de sustentabilidade, seguridade e responsabilidade social, concibindo intimamente unidos os obxectivos de crear emprego e riqueza e a garantía da preservación ambiental, a protección das persoas traballadoras e o desenvolvemento de actitudes empresariais éticas e responsables, entendendo a sustentabilidade tanto en termos ambientais como sociais e territoriais.

En coherencia co anterior, cabe sinalar as actuacións previstas nos orzamentos para 2022 en varios apartados: a protección da seguridade e saúde das persoas traballadoras (a través dunha orde de axudas destinadas ao apoio de proxectos empresariais para a loita contra as enfermidades profesionais); a promoción e apoio á minería sustentable (a través dun programa que coadxuve ao deseño e á implantación de políticas públicas desde a perspectiva da incorporación efectiva do principio de sustentabilidade, enmarcado na Estratexia Galega de Minería Sostible; a proteción e prevención ambiental (a través de diversas actuacións tales como o reforzamento e o apoio técnico do seguimento ambiental das explotacións mineiras, ou a execución pola Administración de actuacións en materia de rehabilitación medioambiental ou de posta en seguridade de explotacións mineiras, a través, no seu caso, de procedementos de execución subsidiaria);

No eido da Transición Xusta e dos Fondos Next Generation(Mecanismo de Recuperación e Resiliencia(MRR), no relativo ao ámbito mineiro, cabe sinalar a xestión destes Fondos.

No eido da dixitalización, cabe remarcar a necesidade do Impulso á dixitalización e modernización da Administración mineira mediante actuacións de auditoría e revisión de procedementos administrativos e actuacións de preparación e dixitalización de arquivos e sistemas co obxectivo de acadar unha xestión telematizada e transparente, así como a simplificación administrativa e a tramitación electrónica dos procedementosde minas.

Así mesmo, continuarase co apoio ao funcionamento da Cámara Oficial Mineira de Galicia, en canto entidade de dereito público de carácter consultivo e de colaboración coa Administración Pública e como institución representativa do sector que ten encomendado en xeral o seu fomento.

Tamén se continuará coa valorización dos recursos mineiros nos concellos de Galicia como forma de poñer en valor o patrimonio mineiro galego.

Así mesmo se seguirá coa colaboración a través de convenios co Cluster da Pizarra de Galicia e coa Fundación Centro Tecnolóxico do Granito, entidades que representan a sectores mineiros de carácter estratéxico para a Comunidade de Galicia.

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

As actuacións van dirixidas ao sector mineiro no seu conxunto, abranguendo a industria mineira propiamente con especial atención aos seus traballadores e traballadoras, entidades e institucións sen ánimo de lucro con actividade relevante no sector, os concellos e a poboación dos territorios máis directamente afectados polos impactos ambientais e socioeconómicos da actividade extractiva e, en último termo, a sociedade e xeral.

DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

O sector da minería, é un dos sectores económicos estratéxicos da Comunidade Autónoma, para a modernización das principais cadeas de valor industriais, asegurando que o proceso de transición ecolóxica e dixital se abasteza de maneira sostible coas imprescindibles materias primas. Neste sentido, trátase dun momento especialmente adecuado para incentivar dende a Administración a reactivación económica en xeral e, en particular respecto do sector mineiro, a consecución dos obxectivos indicados nos parágrafos anteriores e, singularmente, a incorporación efectiva do principio de sustentabilidade nas actividades mineiras.

DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

O marco legal das actuacións en materia de minería ven constituído fundamentalmente pola Lei 3/2008, 23 de maio, de ordenación da minería de Galicia, a Lei 22/1973, do 21 de xullo, de minas, o Real Decreto 2857/1978, do 25 de abril, polo que se aproba o Regulamento xeral para o réxime da minería, e o Real decreto 975/2009, do 12 de xuño, sobre xestión dos residuos das industrias extractivas e de protección e rehabilitación do espazo afectado por actividades mineiras.

A Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o Decreto 11/2009, do 8 xaneiro, polo que se aproba o regulamento da dita Lei, son así mesmo de aplicación no que atinxe ás partidas orzamentarias que comprenden axudas regulamentadas por tales normas.

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

A finalidade deste programa é promover accións que contribúan ao desenvolvemento dun sector mineiro seguro e sustentable a través da innovación, a mellora da competitividade, a modernización das súas técnicas e tecnoloxías, a identificación das mellores prácticas aplicables, a divulgación do seu coñecemento, a procura da excelencia ambiental e o control do cumprimento da legalidade vixente.

B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres	
Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa con actividades non dirixidas especificamente ás persoas, aínda que teñen impacto sobre elas como beneficiarias indirectas das accións (programas que actúan sobre o territorio, o medioambiente, a sociedade no seu conxunto, etc)	X
Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión	

BREVE DESCRICIÓN DO PROGRAMA DENDE A PERSPECTIVA DE XÉNERO

A finalidade deste programa é, como xa queda dito anteriormente, promover accións que contribúan ao desenvolvemento dun sector mineiro seguro e sustentable a través da innovación, a mellora da competitividade, a modernización das súas técnicas e tecnoloxías, a identificación das mellores prácticas aplicables, a divulgación do seu coñecemento, a procura da excelencia ambiental e o control do cumprimento da legalidade vixente.

Con carácter transversal, nas actuacións reseñadas e nas políticas públicas que se implementen e, no seu caso, nos criterios de valoración das liñas de axudas e subvencións, terase en conta a necesidade da incorporación da variable de xénero no ámbito mineiro, atendendo ás problemáticas específicas en materia de igualdade que se presentan neste ámbito, incidindo na visibilización da presenza da muller no sector.

IDENTIFICACIÓN DUN OU VARIOS OBXECTIVOS EN MATERIA DE IGUALDADE PRESENTES NA NORMATIVA E PLANS VIXENTES E QUE SON DE APLICACIÓN NO DESENVOLVEMENTO DAS ACCIÓN CONTEMPLADAS NESTE PROGRAMA

Incorporación da transversalidade de xénero na actuación xeral do departamento	
Información, sensibilización e educación para a igualdade de mulleres e homes	
Transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade	X
Igualdade no acceso ao emprego, na formación e na promoción profesionais e nas condicións de traballo	X
Fomento, directa ou indirectamente, da iniciativa empresarial das mulleres	
Promoción da plena incorporación das mulleres á Sociedade da Información	
Incorporación do principio de igualdade nas políticas urbanas, de ordenación territorial e vivenda	
Promoción do reparto equitativo dos tempos entre mulleres e homes que facilite a conciliación e a corresponsabilidade	
Promoción da igualdade e da participación activa das mulleres en todos os ámbitos da sociedade (cultura, educación, política, economía, deporte, saúde, etc.)	
Participación das mulleres no desenvolvemento rural	
Accións dirixidas á integración de mulleres en risco ou en situación de pobreza ou exclusión social	
Accións dirixidas á prevención e á loita contra a violencia de xénero	
Outros (especificar)	

IDENTIFICACIÓN DAS ACTIVIDADES PREVISTAS DIRECTAMENTE RELACIONADAS COA PROMOCIÓN DA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES, INDICANDO PARA CADA UNHA, AS PERSOAS ÁS QUE ESTÁ DIRIXIDA. INDICAR, NO CASO DE DISPOR DESTES DATOS, AS PRINCIPAIS CARACTE-

RÍSTICAS DAS ORGANIZACIÓNS (TIPO, ÁMBITO TERRITORIAL, ETC.) OU PERSOAS (IDADE, NIVEL EDUCATIVO, ETC.), DESTINATARIAS DAS ACCIÓNS.

Introdución da variable de xénero como criterio de valoración respecto das iniciativas e proxectos que se presenten no marco das liñas de axudas que impliquen procesos de valoración.

PREVISIÓN E VALORACIÓN DOS POSIBLES EFECTOS DO PROGRAMA SOBRE UN E OUTRO SEXO E SOBRE A IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE MULLERES E HOMES.

Contribuír á visibilización da muller no sector. Fomentar actuacións que atendan ás especificidades da presenza da muller neste sector relativas á seguridade e saúde das traballadoras e á aplicación de políticas de igualdade.

SINALAR OS PRINCIPAIS RESULTADOS DO PROGRAMA, DENDE O PUNTO DE VISTA DO XÉNERO.

No ano 2019 introduciuse por primeira como criterio de valoración para a concesión de subvencións no ámbito da minería a variable de xénero, puntuando o desempeño por mulleres de postos de responsabilidade, dispor dun plan de igualdade no suposto de non ser obrigatorio ou dispor do distintivo Marca Galega de Excelencia en Igualdade ou similar (Vid. Convocatorias de subvencións DOG 2-7-2019 e 6-6-2019).

INDICAR SE SE TEÑEN IMPLANTADO NOVAS ESTRATEXIAS PARA UNHA MELLOR INCORPORACIÓN DA PERSPECTIVA DE XÉNERO NA XESTIÓN, DESENVOLVEMENTO E AVALIACIÓN DAS ACCIÓNS QUE FINANCIA O PROGRAMA DE GASTO. EN CASO AFIRMATIVO, FACER UNHA BREVE DESCRICIÓN.EN CASO NEGATIVO INDICAR AS DIFICULTADES ATOPADAS PARA LEVALO A CABO.

Introdución da perspectiva de xénero e dos obxectivos de igualdade na definición do programa e nos obxectivos das liñas de actuación que financia.

C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais

III.1.7. PROGRAMA 741A - APOIO Á MODERNIZACION, INTERNACIONALIZACIÓN E MELLORA DA COMPETITIVIDADE, INNOVACIÓN E PRODUTIVIDADE EMPRESARIAL:

A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

O obxectivo deste programa é a mellora da competitividade do tecido empresarial da Comunidade Autónoma de Galicia tanto no ámbito do Instituto Galego de Promoción Económica (IGAPE) como no ámbito da Axencia Galega de Industria Forestal (XERA).

No ámbito das actividades do IGAPE, este programa contén apoios ao investimento empresarial, internacionalización, mellora da competitividade, o emprendemento e outras.

No ámbito das actividade da XERA o impulso da actividade económica asociada ó sector forestal, coa mellora da competitividade e da innovación das empresas do sector e coa coordinación dos centros de investigación en materia forestal.

Instituto Galego de Promoción Económica - IGAPE:

Utilizaranse instrumentos coma liñas de axuda, novos instrumentos financeiros e servizos adaptados ao novo marco comunitario 2021-2027.

O programa 741A complementa ao 561A no que se refire ao desenvolvemento do Plan Galego de Investigación, Desenvolvemento e Innovación Tecnolóxica. Tendo en conta isto, o obxectivo fundamental de desenvolver un sistema de innovación eficiente para situar á economía galega en posición de competir nunha economía global é común a ambos programas. Dentro dos retos que contempla o Plan Galego de Investigación, Desenvolvemento e Innovación Tecnolóxica, o programa 741A céntrase nos seguintes:

- Converter a innovación no principal mecanismo de competitividade das empresas galegas.
- Crecemento empresarial. Crecemento corporativo a través da innovación que contribúa a xeración de emprego e a internacionalización das empresas.

- Cambio no modelo para ter un sistema competitivo máis aló de 2022. Desenvolver un sistema de I+D+i eficiente que de prioridade aos resultados de impacto como a creación de empresas, activación do emprego, investigación de calidade e valorización desta.

Axencia Galega da Industria Forestal - XERA:

Faise necesario impulsar a produción e demanda de bioprodutos de orixe forestal, que substitúa a produtos cunha forte pegada de carbono, favorecendo un desenvolvemento económico que impulse unha mellora do clima, en concordancia coa estratexia europea de loita contra o cambio climático e o impulso dunha nova economía verde.

Neste ámbito, a Axencia dótase dunha ferramenta de prioridade de actuacións, consensuada co sector, denomina Axenda de Impulso da Industria forestal, que pretende impulsar a bioeconomía circular utilizando a industria forestal como panca deste cambio noutros sectores estratéxicos da economía galega, impulsando novos produtos e novos usos na construción, no automóbil, nos mobles e/ou no téxtil.

- Innovación Forestal-Madeira mediante o impulso e establecemento de mecanismos de colaboración público-privada, impulsando o CIS-Madeira como un centro piloto que dea soporte á industria no desenvolvemento destes novos bioprodutos.
- Promoción e Calidade Forestal-Madeira mediante o fomento das accións de mellora na xestión e promoción da calidade nas empresas do sector forestal, promovendo marcas diferenciadoras da madeira de orixe galego e acordos para impulsar a promoción da madeira en diferentes ámbitos.
- A Axencia, desenvolve, ademais de actuacións de fomento mediante resolucións de axudas, a organización de accións formativas non regradas e de divulgación que pulen o coñecemento e destaquen a importancia estratéxica da industria forestalmadeira, como sector central no impulso da bioeconomía circular como un camiño dirixido a un novo modelo económico baseado en produción sostible e en procesos industriais circulares.

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

Instituto Galego de Promoción Económica - IGAPE:

Os destinatarios das actuacións específicas contidas no programa 741A son moi diversos: empresas privadas, especialmente as Pemes, institucións sen fin de lucro (asociacións e confederacións empresariais, clúster, cámaras de comercio, etc.), entidades financeiras, sociedades de garantía recíproca e outras.

Axencia Galega da Industria Forestal - XERA:

Os destinatarios das actuacións específicas contidas no programa 741A son moi diversos: empresas privadas, especialmente as Pemes, institucións sen fin de lucro (asociacións, fundacións, colexios profesionais, etc.), e particulares como demandantes de produtos de madeira ou bioprodutos de orixe forestal.

DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

Instituto Galego de Promoción Económica - IGAPE:

A situación de partida ven determinada pola conxuntura económica e financeira actual, que limita severamente o acceso ao financiamento das empresas.

O Plan Galego de Investigación, Desenvolvemento e Innovación Tecnolóxica estase a desenvolver nunha conxuntura de grave crise económica. Os recursos públicos están diminuíndo e o Sistema Galego de I+D+i ten unha forte dependencia destes polo que as actuais restricións orzamentarias poden por en perigo a sustentabilidade económica a medio prazo dalgúns axentes do sistema. A isto súmase que a crise financeira supón un incremento das dificultadas das empresas para obter financiamento.

Non obstante, esta crise tamén puxo de manifesto a necesidade de promover o progreso económico e social a través dunha economía baseada na investigación e a innovación.

Por tanto, neste marco, as administracións públicas deben xestionar os recursos dispoñibles coa máxima eficiencia posible, atendendo aos resultados acadados, e as empresas e demais axentes do sistema de I+D+i deben fomentar a internacionalización e especialmente a cooperación para facer fronte a súa reducida dimensión e capacidade de financiamento.

En resumo, nun contexto como o actual, a innovación como elemento clave para a competitividade e o crecemento económico adquire, se cabe, unha relevancia aínda maior da que xa tiña en épocas de maior bonanza económica.

Axencia Galega da Industria Forestal - XERA:

A situación de partida ven determinada pola conxuntura económica e financeira actual, que limita severamente o acceso ao financiamento das empresas.

No ámbito da industria forestal, sendo Galicia o maior produtor nacional de madeira, faise necesario impulsar a xeración de valor na cadea monte industria, impulsando a produción e demanda de bioprodutos que conteñan valor engadido na súa produción e que permitan substituír a outros produtos cunha forte pegada de carbono.

O potencial da nova estratexia europea de impulsar un novo sistema económico neutro en carbono e respectuoso co medio ambiente, fai necesario estratexias de fomento da industria baseada en produtos certificados, que garantan a sostibilidade da xestión forestal e permitan a biodiversidade de especies nos montes galegos.

Por todo isto, faise necesario que a Axencia Galega da Industria Forestal actúe como un instrumento de xestión eficiente que impulse a actividade económica asociada ao sector, a mellora da competitividade e da innovación das empresas, que promova a valorización na cadea monte-industria impulsando un novo papel do CIS-Madeira

DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

Instituto Galego de Promoción Económica - IGAPE:

O programa 741A desenvólvese dentro do marco delimitado polas Directrices sobre as axudas estatais de finalidade rexional para o período 2014-2020 e no Regulamento (UE) nº 651/2014 da Comisión, do 17 de xuño de 2014, polo que se declaran determinadas categorías de axuda compatibles co mercado interior en aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado CE.

O marco referido complementouse, nos pasados exercicios económicos, coa Lei do Emprendemento e da Competitividade Económica de Galicia, que ten como obxecto a definición dun marco normativo específico na Comunidade Autónoma de Galicia que incentive a creación e implantación de empresas e o seu posterior desenvolvemento, e coa Axenda da Competitividade de Galicia Industria 4.0, instrumento para aumentar o peso da actividade industrial no conxunto da economía galega, rexenerar tecido industrial para aumentar o peso do sector industrial e crear emprego de calidade.

A Constitución Española establece no artigo 149.1.15ª a competencia exclusiva do Estado en materia de "fomento e coordinación xeral da investigación científica e técnica" e no artigo 148.1.17ª establece que as Comunidades Autónomas poderán asumir atribucións para "o fomento da cultura e da investigación".

O Plan Galego de Investigación e Desenvolvemento Tecnolóxico crease ao abeiro da lei 12/1993, do 6 de agosto, de Fomento de Investigación e de Desenvolvemento Tecnolóxico de Galicia. O Consello da Xunta de Galicia do 23 de decembro de 2010 aprobou o Plan Galego de Investigación, Innovación e Crecemento 2011-2015.

O Decreto 50/2012, do 12 de xaneiro, polo que se crea a Axencia Galega de Innovación establece no artigo 2 como finalidade desta, "fomentar e vertebrar as políticas de innovación nas administracións públicas galegas, e o apoio e impulso do crecemento e da competitividade das empresas galegas, a través da implementación de estratexias e programas de innovación eficientes".

Pola súa banda, o Instituto Galego de Promoción Económica, como a axencia, adscrita á Vicepresidencia segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación, para o desenvolvemento económico de Galicia, ten como misións apoiar todas as actividades que contribúan a mellorar o sistema produtivo galego, facilitando os procesos de creación, consolidación e crecemento empresarial.

Axencia Galega da Industria Forestal - XERA:

O Decreto 50/2012, do 12 de xaneiro, polo que se crea a Axencia Galega de Innovación establece no artigo 2 como finalidade desta, "fomentar e vertebrar as políticas de innovación nas administracións públicas galegas, e o apoio e impulso do crecemento e da competitividade das empresas galegas, a través da implementación de estratexias e programas de innovación eficientes".

O Decreto 81/2017, do 3 de agosto (DOG núm. 163 do 19 de agosto de 2017), creou a Axencia Galega da Industria Forestal en virtude da autorizaión prevista na disposición adicional sexta da Lei da Lei 2/2017, do 8 de febreiro, de medidas fiscais, administrativas e de ordenación.

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

Instituto Galego de Promoción Económica - IGAPE:

O programa desenvolve medidas de fomento específicas para acadar a mellora do tecido empresarial da nosa Comunidade Autónoma, contando cunha importante contribución do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, do Fondo Europeo Agrícola de Desarrollo Rural e Fondo Social Europeo, así como de outros proxectos e iniciativas da Unión Europea.

Neste sentido, o Instituto Galego de Promoción Económica desenvolve a súa actividade no marco dos obxectivos fundamentais do programa 741A:

- Impulsar a creación de novas empresas e fomentar decididamente o espírito emprendedor.
- Incrementar a competitividade das empresas galegas a través da innovación e o desenvolvemento tecnolóxico.
- Atraer investimentos empresariais a Galicia.
- Facilitar a internacionalización.
- Apoiar a cooperación e os proxectos colectivos de empresas.

A finalidade do programa, compartida ca do 561A, é fomentar e vertebrar as políticas de innovación nas administracións públicas galegas, e o apoio e impulso do crecemento e da com-

petitividade das empresas galegas, centros tecnolóxicos e organismos de investigación, a través da estratexias e programas de innovación eficientes. Dentro das estratexias nas que se concretan no Plan Galego de Investigación, Desenvolvemento e Innovación 2011-2015 o programa 741A centrase nas seguintes:

- A innovación como motor de crecemento: A innovación é fundamental para a mellora a competitividade das empresas e o crecemento empresarial. O crecemento empresarial deriva dunha innovación sistemática, estratéxica e eventualmente disruptiva. Para iso é necesario a estimulación da cultura empresarial innovadora, apoiar as organizacións que están na súa fase inicial e apostan pola innovación, a Pemes que teñen un alto potencial de crecemento a través da innovación e os modelos colaborativos de innovación (innovación aberta).
- Internacionalización dos procesos de coñecemento e innovación: Desenvolvemento de proxectos de investigación e innovación con perspectiva global. Os obxectivos son a internacionalización da empresa galega, fomentar a cooperación a nivel internacional, facilitar o acceso aos fondos europeos, desenvolver proxectos competitivos de maneira colaborativa e optimizar os investimentos e os procesos de investigación.

Axencia Galega da Industria Forestal - XERA:

A Axencia Galega da Industria Forestal ten como finalidade actuar como un instrumento de xestión eficiente no exercicio de funcións relacionadas co impulso da actividade económica asociada ao sector forestal, coa mellora da competitividade e da innovación das empresas do sector e coa coordinación dos centros de investigación en materia forestal.

A importancia estratéxica do bosque na economía galega xustifica as actuacións levadas a cabo pola Axencia , recollidas na Axenda de Impulso da Industria Forestal que contén unha estratexia de impulso da bioeconomia utilizando a industria forestal como panca para súa implantación noutros sectores, como a construción, o automóbil e/ou téxtil, impulsando a demanda de produtos de madeira en substitución doutros produtos con importante pegada de carbono, situándose estas actuacións en en liña coa estratexia europea de impulso dunha economía libre de carbono, xustificándose o esforzo orzamentario da Comunidade Autónoma,

Desde a Axencia Galega da Industria Forestal preténdese impulsar ás industrias que obteñen bioprodutos de orixe forestal, elaborando propostas de inclusión desta nova denominación nos documentos de instrumentos financeiros, ao considerar que este concepto, de carácter integrador e favorecedor dos procesos de integración vertical da cadea, reflexa de mellor modo unha actividade clave no ámbito da bioeconomía circular e que engloba, tanto actividades tradicionais como novas, que permiten a utilización integral dun recurso biolóxico como é o forestal e a valorización dos residuos para a obtención de biomateriais.

Desde a Axencia Galega da Industria Forestal preténdese revalorizar a competitividade e a innovación das empresas forestais, impulsando a produción e demanda de bioprodutos de orixe forestal, que permitan impulsar un novo xeito de organización económica respectuoso co medio ambiente. participando, como interlocutor cualificado, na elaboración dos instrumentos de planificación, e de ordenación e mellora da xestión e aproveitamento dos recursos forestais que regula a Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia.

As actuacións da Axencia Galega da Industria Forestal, quedan recollidas na "Axenda de Impulso da Industria Forestal", documento elaborado en cooperación coas empresas e as asociacións mais representativas do sector, e que recollen as actuacións prioritarias a desenvolver nos próximos exercicios para xerar valor na cadea monte-industria.

A axenda recolle catro rutas de actuación e responde á filosofía de fomentar a bioeconomía dende a perspectiva de que a madeira é un ben de orixe biolóxico, que se pode garantir a súa xestión sostible, reutilizable e que o fomento do seu consumo permitirá acadar o equilibrio medioambiental perseguido pola UE no horizonte 2050.

Para isto recolle catro rutas de actuación:

- Mellora do capital humano do sector (Formación).
- Ecosistema de innovación ao servizo do sector
- Cooperación e valorización.
- Competitividade, desenvolvemento e diversificación.

É de salientar nos orzamentos do ano 2022 que as liñas de actuación REACT-EU quedaron integradas no Programa Operativo FEDER Galicia, respondendo ao seguinte detalle:

- Promoción da construción con madeira en entorno urbanos, rurais e industriais.
- Fomento da innovación e dixitalización do sector forestal e impulso do eco-deseño, a economía circular e a ecoinnovación.
- Planta piloto de novos materiais derivados da madeira.

B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres	

Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres	X
Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa con actividades non dirixidas especificamente ás persoas, aínda que teñen impacto sobre elas como beneficiarias indirectas das accións (programas que actúan sobre o territorio, o medioambiente, a sociedade no seu conxunto, etc)	
Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión	

BREVE DESCRICIÓN DO PROGRAMA DENDE A PERSPECTIVA DE XÉNERO

Instituto Galego de Promoción Económica - IGAPE:

A maioría das actuacións están dirixidas a persoas xurídicas, o que podería ocultar a perspectiva de xénero, mais detrás deses órganos hai persoas físicas, polo que o análise da situación debe facer énfase nestas. Esta análise farase fundamentalmente a través dunha mellora dos sistemas de recollida de información e de indicadores de xénero.

Axencia Galega da Industria Forestal - XERA:

A maioría das actuacións de carácter orzamentario están dirixidas a persoas xurídicas, o que podería ocultar a perspectiva de xénero, mais detrás deses órganos hai persoas físicas, polo que o análise da situación debe facer énfase nestas. Esta análise farase fundamentalmente a través dunha mellora dos sistemas de recollida de información e de indicadores de xénero.

Baixo a denominación #ElasXeranSector, promóvense iniciativas activas para visualizar e incrementar a presenza do talento feminino no sector, xerando grupos de traballo con compromisos certos na súa axenda de reunións e de actuacións a favor da igualdade efectiva, nunha industria na que tradicionalmente había unha subrepresentación de traballadoras. Complementariamente a Axencia foi pionera na adhesión ás iniciativas #HeForShe, promovida pola ONU, e #DóndeEstánEllas promovida polo Parlamento Europeo (sendo a segunda entidade galega en adherirse tras o COAG).

IDENTIFICACIÓN DUN OU VARIOS OBXECTIVOS EN MATERIA DE IGUALDADE PRESENTES NA NORMATIVA E PLANS VIXENTES E QUE SON DE APLICACIÓN NO DESENVOLVEMENTO DAS ACCIÓN CONTEMPLADAS NESTE PROGRAMA

Incorporación da transversalidade de xénero na actuación xeral do departamento	
Información, sensibilización e educación para a igualdade de mulleres e homes	X
Transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade	X
Igualdade no acceso ao emprego, na formación e na promoción profesionais e nas condicións de traballo	X
Fomento, directa ou indirectamente, da iniciativa empresarial das mulleres	
Promoción da plena incorporación das mulleres á Sociedade da Información	
Incorporación do principio de igualdade nas políticas urbanas, de ordenación territorial e vivenda	
Promoción do reparto equitativo dos tempos entre mulleres e homes que facilite a conciliación e a corresponsabilidade	
Promoción da igualdade e da participación activa das mulleres en todos os ámbitos da sociedade (cultura, educación, política, economía, deporte, saúde, etc.)	X
Participación das mulleres no desenvolvemento rural	
Accións dirixidas á integración de mulleres en risco ou en situación de pobreza ou exclusión social	
Accións dirixidas á prevención e á loita contra a violencia de xénero	
Outros (especificar)	

IDENTIFICACIÓN DAS ACTIVIDADES PREVISTAS DIRECTAMENTE RELACIONADAS COA PROMOCIÓN DA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES, INDICANDO PARA CADA UNHA, AS PERSOAS ÁS QUE ESTÁ DIRIXIDA. INDICAR, NO CASO DE DISPOR DESTES DATOS, AS PRINCIPAIS CARACTE-

RÍSTICAS DAS ORGANIZACIÓNS (TIPO, ÁMBITO TERRITORIAL, ETC.) OU PERSOAS (IDADE, NIVEL EDUCATIVO, ETC.), DESTINATARIAS DAS ACCIÓNS.

Instituto Galego de Promoción Económica - IGAPE:

O IGAPE no ano 2022 velará pola promoción da igualdade entre homes e mulleres, así como a integración da perspectiva de xénero na preparación e na execución de programas.

Naqueles programas de axuda nos que se valore a creación ou mantemento de emprego, establecerase unha puntuación adicional cando estes empregos sexan femininos.

Por outra parte, para os distintos programas de axuda obteranse os indicadores que teñan que ver con persoas de xeito distinguido segundo a perspectiva de xénero, co fin de poder estudar a situación e a posición relativa das mulleres con relación aos homes e poder tomar as medidas correctoras no caso de que se detecte algún tipo de fenda de xénero.

Axencia Galega da Industria Forestal - XERA:

No ano 2022, a Axencia Galega da Industria Forestal, nas liñas de axuda nas que se valore a creación e mantemento de emprego, establecerá unha puntuación adicional cando estes empregos sexan femininos.

Asi mesmo consolidarase as actuacións dos grupos de traballo amparados baixo a denominación #ElasXeranSector que permiten, non so visualizar o talento feminino existente no sector, senón realizar tarefas de información e divulgación que permitan a implantacións de políticas de igualdade efectiva nas diferentes empresas da cadea monte industria.

PREVISIÓN E VALORACIÓN DOS POSIBLES EFECTOS DO PROGRAMA SOBRE UN E OUTRO SEXO E SOBRE A IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE MULLERES E HOMES.

Instituto Galego de Promoción Económica - IGAPE:

Soamente nalgúns proxectos de gasto é posible a avaliación dos efectos deste programa sobre un e outro sexo e sobre a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes.

Así, nos proxectos dirixidos especificamente á vinculación de persoas (p. ex. xestores de internacionalización), establécense criterios de mellora da intensidade de axuda no caso de contratación de mulleres.

Axencia Galega da Industria Forestal - XERA:

Soamente nalgúns proxectos de gasto é posible a avaliación dos efectos deste programa sobre un e outro sexo e sobre a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes.

No caso das axudas dirixidas a formación e divulgación, ademáis da análise estadística dos asistentes, estase a traballar no desenvolvemento dun novo sistema de indicadores que facilite a interpretación dos efectos do programa en cada sexo así como a igualdade de oportunidades.

SINALAR OS PRINCIPAIS RESULTADOS DO PROGRAMA, DENDE O PUNTO DE VISTA DO XÉNERO.

Instituto Galego de Promoción Económica - IGAPE:

Coa limitación indicada nos apartados anteriores, pode constatarse a maior presenza de mulleres en accións formativas ou de difusión.

Axencia Galega da Industria Forestal - XERA:

Coa limitación indicada nos apartados anteriores, pode constatarse a maior presenza de mulleres en accións formativas ou de difusión.

A participación de mulleres nos grupos de traballo do programa #ElasXeranSector pódese cuantificar, atendendo a unha participación xeral de mais de 135 mulleres e 10 homes. En promedio, asisten 80 profesionais ás xuntanzas trimestrais nas que se concretan propostas e se asumen compromisos aos que se lles dá seguimento na vindira reunión. Destacar que por mor do COVID-19 as actividades tiveron que ser trasladadas ao formato online sen que isto disminuise o interese dos participantes.

Outro fito a destacar é a colaboración interdepartamental. #ElasXeran-Sector iniciouse no 2019, e dende maio do 2021 nos encontros participan representantes da S.X. de Igualdade e da D.X. de Relacións Laborais.

INDICAR SE SE TEÑEN IMPLANTADO NOVAS ESTRATEXIAS PARA UNHA MELLOR INCORPORACIÓN DA PERSPECTIVA DE XÉNERO NA XESTIÓN, DESENVOLVEMENTO E AVALIACIÓN DAS ACCIÓNS QUE FINANCIA O PROGRAMA DE GASTO. EN CASO AFIRMATIVO, FACER UNHA BREVE DESCRI-

CIÓN.EN CASO NEGATIVO INDICAR AS DIFICULTADES ATOPADAS PARA LEVALO A CABO.

Instituto Galego de Promoción Económica - IGAPE:

Non se teñen implantado novas estratexias para unha mellor incorporación da perspectiva de xénero na xestión, desenvolvemento e avaliación das accións que financia o programa de gasto, polas razóns deducibles do explicitado nos apartados anteriores.

Axencia Galega da Industria Forestal - XERA:

Estase a deseñar un sistema de cómputo de impacto das diferentes actuacións de axudas de Xera, no que se terá en conta o impacto de xénero.

C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Instituto Galego de Promoción Económica - IGAPE

Axencia Galega da Industria Forestal - XERA

III.1.8. PROGRAMA 751A - ORDENACIÓN, REGULACIÓN E PROMOCIÓN DO COMERCIO INTERIOR DE GALICIA:

A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

Comercio:

- Modernizar e incrementar a competitividade do tecido comercial:
- Mellorar a competitividade e dinamización do comercio e da empresa comercial, prestando especial atención á dixitalización do sector e ao impulso da súa innovación tanto en novas fórmulas de comercialización como na posta en marcha de proxectos de sostibilidade e protección do medio ambiente no sector comercial
- Impulsar a transformación empresarial e a adaptación aos cambios do mercado no contexto marcado pola Covid-19.
- Impulsar o dinamismo económico do sector comercial mediante o fomento e a promoción do emprendemento así como a consolidación dun sector sostible.

- Incrementar e potenciar a innovación nas empresas comerciais impulsando a súa presenza en novos formatos, produtos e servizos, identificando ao comercio cun novo concepto, conectado co cliente e as tendencias do mercado.
- Impulsar a modernización das estruturas e espazos comerciais procurando a mellora da imaxe e dos servizos, impulsando tamén a sostibilidade ambiental e fomentando procesos de economía circular no ámbito do comercio.
- Incentivar a demanda comercial e potenciar a calidade e a excelencia no tecido comercial e o seu compromiso cos valores sociais e o medio ambiente. Apoiar ó asociacionismo comercial como ferramenta de colaboración e cooperación para incrementar a competitividade do comercio de proximidade e a mellora da imaxe das nosas vilas e cidades.
- Impulsar as sinerxias do Xacobeo 2021-2022 para incrementar a competitividade do sector comercial que se atopa vinculado co Camiño de Santiago mediante a Rede de Comercios e Mercados no Camiño.
- Impulsar a actividade feiral e a promoción dos produtos galegos, especialmente coa marca de garantía "Galicia Calidade" como marca económica da Xunta de Galicia.

Artesanía:

- Modernizar o sector artesanal nas súas estruturas produtivas e mellorar a comercialización dos produtos artesanais:
- Crear emprego de calidade no sector artesanal galego e fomentar o relevo xeracional de oficios.
- Mellorar as técnicas de xestión e deseño aplicadas á produción artesanal.
- Mellorar a competitividade das empresas de artesanía mediante un incremento da comercialización dos produtos.
- Fomentar e promocionar a identidade corporativa asociada á marca "Artesanía de Galicia".

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

Comercio: o sector comercial minorista, constituído por un total de 26.933 empresas que dan emprego a 105.000 traballadores, ocupando a maior porcentaxe aqueles grupos de especial sensibilidade como é o emprego xuvenil ou o feminino.

Artesanía: o sector artesanal galego composto por 3.208 persoas que teñen a carta de artesán e 668 obradoiros artesanais.

DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

Comercio: A situación provocada pola Covid-19 afectou especialmente ao sector do comercio retallista.

Nun contexto de recuperación e reactivación económica, o sector comercial ten que adaptarse, o que implica a súa transformación moi vinculada á modernización e á dixitalización do sector.

Esta situación ten que ser aproveitada para a readaptación do comercio co fin de acadar unha maior competitividade, tendo en conta as características territoriais e socioeconómicas de Galicia.

Artesanía: Actualmente, o sector caracterízase pola disgregación e a atomización, cunha baixa utilización das técnicas de xestión e certas carencias na comercialización.

DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

Comercio:

- Lei 13/2010, do 17 de decembro, do comercio Interior de Galicia e normativa de desenvolvemento.
- Lei 13/2006, do 27 de decembro, de horarios comerciais de Galicia.

Artesanía:

- Lei 1/1992, do 11 de marzo, de artesanía de Galicia.
- Decreto 218/2001, do 7 de setembro, polo que se refunde a normativa vixente en materia de artesanía de Galicia.

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

Comercio:

A Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación da Xunta de Galicia posúe, entre outras competencias, as referidas ao comercio nos termos recollidos no Decreto 230/2020, do 23 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación.

Co dobre obxectivo, por unha banda, de reforzar e transformar o comercio de proximidade, toda vez que exerce un papel cohesionador básico na actividade económica xeral ao

revelarse como unha das actividades con maior capacidade de incidencia no entorno urbano e social onde se desenvolve e, pola outra, manter e crear emprego no sector comercial mediante a transmisión de coñecemento impulsando un sector máis adaptado e competitivo.

Trátase de desenvolver unha estratexia global onde se acade a compatibilidade e o equilibrio entre o próximo e o global, entre a tenda física e a rede. En definitiva, unir a transformación dos espazos comerciais na procura dunha actividade comercial rendible e sustentable.

É o momento para reactivar a actividade comercial que permita adaptarse aos cambios que están a producirse no mercado. As actuacións previstas tentarán mitigar os efectos adversos que a pandemia causada pola Covid-19 está a provocar e axudarán a crear novas sinerxias e oportunidades empresariais.

As actuacións dirixen o foco do sector ao cliente con criterios medioambientais sostibles que o fagan máis atractivo e competitivo. Incentívase unha adaptación necesaria mediante a dixitalización e a reforma comercial en termos de sustentabilidade, modernidade e comercio de calidade ao tempo que dinamice a actividade comercial das nosas vilas e cidades e mellore a súa imaxe e seguridade.

A dixitalización percíbese no mercado como un eixe fundamental no sector e por iso é preciso seguir a traballar neste eido de cara á introdución de ferramentas de marketing inteligente para formar parte dun sector xa transformado que precisa dunha adaptación continua aos hábitos do consumidor nun contexto ademais de forte competencia.

Neste contexto o aproveitamento do valor estratéxico do comercio urbano e a dinamización da actividade comercial para buscar novas estratexias de incentivación da demanda que favorezan tanto o incremento das vendas como o número das persoas consumidoras é fundamental. O comercio no rural cobra especial relevancia e por iso debe ser obxecto de especial tratamento para trasladar alí as tendencias do sector.

O programa ten por finalidade proseguir coa modernización do tecido comercial galego e coa súa adaptación ás novas tendencias do mercado mediante as seguintes actuacións, entre outras:

- Contribuír a construción dun sector comercial máis competitivo e dinámico.
- Revitalizar e fortalecer as prazas de abastos, centros comerciais abertos e eixes comerciais.
- Racionalizar e optimizar os recursos dos recintos feirais.
- Mellorar a comercialización dos produtos galegos.

Artesanía:

O Decreto 230/2020, do 23 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación indica que lle corresponde á Dirección Xeral de Comercio e Consumo a planificación, coordinación e control das competencias da Consellería en materia de artesanía.

A importancia das actividades artesanais en Galicia reside non só nun plano social ou cultural, co que se adoitan identificar, senón que constitúen actividades con capacidade de xeración de emprego e riqueza desde o punto de vista económico. Abranguen, ademais, unha lista longa de oficios que se traduce nunha oferta produtiva moi diversificada que pode responder de xeito eficaz ás exixentes demandas do mercado actual.

A Dirección Xeral de Comercio e Consumo, consciente da importancia social, cultural, patrimonial e económica da artesanía galega, aposta por un sector artesán forte e capaz de adaptarse ás novas tendencias do mercado, e ten como obxectivo fundamental o desenvolvemento dunha estratexia de promoción, impulso e mellora da competitividade do sector coa modernización e crecemento das estruturas produtivas, a introdución das novas tecnoloxías e o fomento e divulgación dos produtos artesanais e a potenciación da marca Artesanía de Galicia, para a mellor comercialización da Artesanía Galega mediante as seguintes actuacións, entre outras:

- Contribuír á construción dun sector artesanal máis competitivo e dinámico.
- Acadar unha formación e inserción laboral adecuada.
- Mellorar a comercialización dos produtos artesanais.

B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres	
Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres	X
Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres	

Programa con actividades non dirixidas especificamente ás persoas, aínda que teñen impacto sobre elas como beneficiarias indirectas das accións (programas que actúan sobre o territorio, o medioambiente, a sociedade no seu conxunto, etc)	
Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión	

BREVE DESCRICIÓN DO PROGRAMA DENDE A PERSPECTIVA DE XÉNERO

A Dirección Xeral de Comercio e Consumo incorporará unha perspectiva de xénero e promoverá a igualdade entre homes e mulleres na licitación dos contratos que teña que levar a cabo co obxecto de promover un marco de relacións laborais que favoreza a racionalización horaria e a conciliación responsable, mediante o uso estratéxico da contratación pública a través da aplicación de cláusulas sociais e outros datos específicos relacionados co programa e coa poboación obxectivo das actividades, desagregados por sexo.

IDENTIFICACIÓN DUN OU VARIOS OBXECTIVOS EN MATERIA DE IGUALDADE PRESENTES NA NORMATIVA E PLANS VIXENTES E QUE SON DE APLICACIÓN NO DESENVOLVEMENTO DAS ACCIÓN CONTEMPLADAS NESTE PROGRAMA

Incorporación da transversalidade de xénero na actuación xeral do departamento	X
Información, sensibilización e educación para a igualdade de mulleres e homes	
Transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade	X
Igualdade no acceso ao emprego, na formación e na promoción profesionais e nas condicións de traballo	
Fomento, directa ou indirectamente, da iniciativa empresarial das mulleres	
Promoción da plena incorporación das mulleres á Sociedade da Información	
Incorporación do principio de igualdade nas políticas urbanas, de ordenación territorial e vivenda	

Promoción do reparto equitativo dos tempos entre mulleres e homes que facilite a conciliación e a corresponsabilidade	
Promoción da igualdade e da participación activa das mulleres en todos os ámbitos da sociedade (cultura, educación, política, economía, deporte, saúde, etc.)	
Participación das mulleres no desenvolvemento rural	
Accións dirixidas á integración de mulleres en risco ou en situación de pobreza ou exclusión social	
Accións dirixidas á prevención e á loita contra a violencia de xénero	
Outros (especificar)	

C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Dirección Xeral de Comercio e Consumo

IV. CADROS DE OBXECTIVOS POR PROGRAMA

OBXECTIVOS DE PROGRAMA

Programa: 561A PLAN GALEGO DE INVESTIGACIÓN, DESENVOLVEMENTO E INNOVACIÓN TECNOLÓXICA

Eixe: E1 - Empregabilidade e crecemento intelixente

Prioridade de Actuación: PA01 - Impulso da consolidación das políticas de gastos vencelladas á I+D+i. Integrar a Galicia no círculo virtuoso da innovación para o crecemento

Obxectivo Extratéxico /Obxectivo Instrumental: E01 - Potenciar a I+D+i mediante o fomento da absorción de coñecemento por parte dos profesionais e das empresas, a mobilización e atracción de capital privado para os procesos de innovación galegos, o fomento da transferencia de investigación dende os axentes de xeración, a difusión do coñecemento cara o mercado e o apoio ao descubrimento emprendedor en todos os eidos.

Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental

OI14 - Actuacións de soporte e apoio (gastos de funcionamento)

OO01 - Apoio ao fomento da absorción de coñecemento por parte das PEMES, contribuíndo así, á mellora das súas competencias e competitividade.

OO02 - Fomento da transferencia de investigación dende os Axentes de Xeración e Difusión do Coñecemento cara o mercado nun marco de innovación aberta.

OO03 - Apoio ao descubrimento emprendedor, centrado en potenciar a oferta de oportunidades ao talento investigador e innovador galego naquelas áreas, intensivas en coñecemento e/ou tecnoloxía, vencelladas aos nichos de especialización rexional.

OO04 - Mellora do coñecemento dos ecosistemas mariños.

OO13 - Mobilización e atracción de capital privado para procesos de innovación galegos

Indicador	Valor Previsto
DOC001 - Número de empresas que reciben axudas	727
DOC027 - Investimento privado en paralelo ao apoio público en proxectos de innovación ou I+D	81.621.740
DE021H - Investigadores/ano participando en proxectos cofinanciados.Homes	344
DE021M - Investigadores/ano participando en proxectos cofinanciados.Mulleres	345
PO076A - Entidades beneficiadas en proxectos de I+D+i	313

Programa: 613A ORDENACIÓN , INFORMACIÓN E DEFENSA DO CONSUMIDOR E DA COMPETENCIA

Eixe: E1 - Empregabilidade e crecemento intelixente

Prioridade de Actuación: PA02 - Fomento da actividade empresarial e comercial, impulso da competitividade e internacionalización das empresas e autónomos, apoio á artesanía, regulación sectorial e protección da competencia

Obxectivo Extratéxico /Obxectivo Instrumental: IO1 - Mellorar a competencia e funcionamento dos mercados, removendo obstáculos á entrada de novas empresas e garantindo a defensa dos dereitos e intereses das persoas consumidoras e usuarios/as.

Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental

OI04 - Actuacións de soporte e apoio (gastos de funcionamento)

OI05 - GASTOS DE PERSOAL

OO01 - Detección e sanción de condutas anticompetitivas. A promoción da competencia trata de mellorar o entorno competitivo por medio de mecanismos non coactivos, como a elaboración de informes, recomendacións e todos aqueles medios que permitan difundir na sociedade os valores da competencia.

OO02 - Reforzo da protección e defensa dos consumidores.

Indicador	Valor Previsto
PO1004 - Número de efectivos	138

Programa: 731A DIRECCIÓN E SERVIZOS XERAIS DE INDUSTRIA

Eixe: E1 - Empregabilidade e crecemento intelixente

Prioridade de Actuación: PA02 - Fomento da actividade empresarial e comercial, impulso da competitividade e internacionalización das empresas e autónomos, apoio á artesanía, regulación sectorial e protección da competencia

Obxectivo Extratéxico /Obxectivo Instrumental: IO2 - Contribuír ao fomento da actividade empresarial e comercial, impulso da competitividade e internacionalización das empresas e autónomos/as, apoio á artesanía, regulación sectorial e protección da competencia.

Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental

OI02 - Actuacións de soporte e apoio (gastos de funcionamento)

OO01 - Contribuír ao fomento da actividade empresarial e comercial, impulso da competividade e internacionalización das empresas e autónomos, apoio á artesanía, regulación sectorial e protección da competencia

Programa: 732A REGULACIÓN E SOPORTE DA ACTIVIDADE INDUSTRIAL

Eixe: E1 - Empregabilidade e crecemento intelixente

Prioridade de Actuación: PA02 - Fomento da actividade empresarial e comercial, impulso da competitividade e internacionalización das empresas e autónomos, apoio á artesanía, regulación sectorial e protección da competencia

OBXECTIVOS DE PROGRAMA

Obxectivo Extratéxico /Obxectivo Instrumental: EO2 - Garantir o cumprimento das condicións de seguridade das instalacións no que atinxe á seguridade industrial e de equipamentos industriais

Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental

OI03 - Actuacións de soporte e apoio (gastos de funcionamento)

OO02 - Axudas para a renovación de instalacións sometidas a regulamentos de seguridade industrial e para mellora de equipamentos industriais.

OO04 - Fomento e creación de viveiros de empresas

Indicador	Valor Previsto
PO0177 - Instalacións industriais renovadas	7
PO1000 - Parques empresariais con equipamentos mellorados	105

Programa: 733A EFICIENCIA ENERXÉTICA E ENERXÍAS RENOVABLES

Eixe: E3 - Crecemento sustentable, territorio, mar, agricultura, gandeiría e montes

Prioridade de Actuación: PA02 - Enerxía renovable eficiente, intelixente e non agresiva co medio ambiente e a paisaxe. Fomento dunha economía baixa en carbono

Obxectivo Extratéxico /Obxectivo Instrumental: EO2 - Aumentar o peso das enerxías renovables no mix enerxético e favorecer o paso a unha economía de baixo nivel de emisión de carbono.

Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental

OI04 - Actuacións de soporte e apoio (gastos de funcionamento)

OI06 - GASTOS DE PERSOAL

OO02 - Instalación de caldeiras de biomasa e proxectos que aproveiten as enerxías renovables como recurso autóctono dentro das administracións e empresas.

OO03 - Uso das tecnoloxías de aproveitamento das renovables para particulares.

Indicador	Valor Previsto
DOC030 - Capacidade adicional para producir enerxía renovable	112
PO045F - Axudas concedidas ao fomento das enerxías renovables	2.807

Obxectivo Extratéxico /Obxectivo Instrumental: EO3 - Mellorar a eficiencia enerxética. Avanzar na avaliación e implementación de actuacións de mellora da eficiencia enerxética. Medidas para garantir a subministración a precios competitivos e para diversificar a orixe da enerxía.

Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental

OI04 - Actuacións de soporte e apoio (gastos de funcionamento)

OO01 - Proxectos de aforro e eficiencia enerxética nas empresas. Implementación de equipos de medida e monitorización de consumos enerxéticos que contribúan a unha mellora da xestión da enerxía na empresa.

OO02 - Realización de estudos de implantación e impulso e apoio á execución de proxectos de aforro e eficiencia enerxética, que inclúe a implantación de medidas de aforro e eficiencia enerxética en edificacións xudiciais, administrativas, sociais, educativas, deportivas e sanitarias de Galicia.

OO03 - Axudas para o tiquet eléctrico social de Galicia e para evitar cortes de subministración eléctrica

OO06 - Actuacións que contribúan á diversificación enerxética e redución do consumo de derivados do petróleo

OO07 - Proxectos de aforro e eficiencia enerxética para particulares e implementación de equipos que contribúan á medida e control da xestión enerxética.

Indicador	Valor Previsto
DOE001 - Redución do consumo de enerxía final en infraestruturas públicas ou empresas	5
PO045G - Axudas concedidas en eficiencia enerxética	15.585

Prioridade de Actuación: PA04 - Conservación da natureza, ordenación do territorio e da paisaxe e cohesión territorial

Obxectivo Extratéxico /Obxectivo Instrumental: EO2 - Garantir un estado de conservación favorable do patrimonio natural, impulsando unha xestión e protección eficiente e sustentable.

Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental

OO01 - Desenvolvemento de proxectos para o mantemento das condicións ambientais necesarias para a conservación ou recuperación de especies relacionadas o medio agrario e os seus hábitats en zonas da Rede Natura 2000 e outras áreas de alto valor natural.

Programa: 734A FOMENTO DA MINARÍA

Eixe: E1 - Empregabilidade e crecemento intelixente

Prioridade de Actuación: PA02 - Fomento da actividade empresarial e comercial, impulso da competitividade e internacionalización das empresas e autónomos, apoio á artesanía, regulación sectorial e protección da competencia

Obxectivo Extratéxico /Obxectivo Instrumental: EO3 - Impulsar o crecemento e a competitividade dun sector mineiro sustentable na comunidade autónoma de Galicia.

Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental

OBXECTIVOS DE PROGRAMA

OI04 - Actuacións de soporte e apoio (gastos de funcionamento)

O001 - Fomento do uso dos recursos mineiros na mellora da eficiencia enerxética dos edificios e medidas de apoio para a utilización de produtos mineiros.

O002 - Recuperación dos espazos afectados por labores mineiras abandonadas, actuacións de recuperación e posta en seguridade de labores mineiras.

Indicador	Valor Previsto
P0045 - Axudas concedidas.	100
P0045B - Accións de apoio ao sector mineiro	101

Programa: 741A APOIO Á MODERNIZACIÓN, INTERNACIONALIZACIÓN E MELLORA DA COMPETITIVADE, INNOVACIÓN E PRODUTIVIDADE EMPRESARIAL

Eixe: E1 - Empregabilidade e crecemento intelixente

Prioridade de Actuación: PA02 - Fomento da actividade empresarial e comercial, impulso da competitividade e internacionalización das empresas e autónomos, apoio á artesanía, regulación sectorial e protección da competencia

Obxectivo Extratéxico /Obxectivo Instrumental: E04 - Mellorar a competitividade das empresas e dos sectores tradicionais galegos nun entorno globalizado, a través do crecemento, profesionalización, modernización e internacionalización

Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental

OI07 - Actuacións de soporte e apoio (gastos de funcionamento)

O001 - Profesionalización do tecido empresarial.

O002 - Impulso á iniciativa emprendedora.

O003 - Consolidación e crecemento das empresas.

O004 - Apoio á presenza nos mercados externos.

O005 - Captación de Inversións.

O006 - Subvencións a fondo perdido para fomentar os investimentos das empresas.

O019 - Actuacións derivadas de COVID-19

Indicador	Valor Previsto
DOC001 - Número de empresas que reciben axudas	8.471
P00103 - Investimento privado que acompaña á axuda pública	13.189.998
P227.H - Participantes en accións de formación. Homes	1.130
P227.M - Participantes en accións de formación. Mulleres	1.075

Programa: 751A ORDENACIÓN, REGULACIÓN E PROMOCIÓN DO COMERCIO INTERIOR DE GALICIA

Eixe: E1 - Empregabilidade e crecemento intelixente

Prioridade de Actuación: PA02 - Fomento da actividade empresarial e comercial, impulso da competitividade e internacionalización das empresas e autónomos, apoio á artesanía, regulación sectorial e protección da competencia

Obxectivo Extratéxico /Obxectivo Instrumental: E05 - Modernizar e mellorar a competitividade do tecido comercial

Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental

OI04 - Actuacións de soporte e apoio (gastos de funcionamento)

O001 - Impulso á creación de novas empresas comerciais e apoios ás empresas existentes.

O003 - Aproveitamento das sinerxías intra e intersectoriais para a mellora do sector.

Indicador	Valor Previsto
P00103 - Investimento privado que acompaña á axuda pública	4.270.000
P0045C - Axudas concedidas ao sector do comercio	753

V. CADROS NUMÉRICOS

Orzamento consolidado. Distribución dos créditos por programas e servizos

Programas	Servizos				
	01	02	03	80	A1
613A-Ordenación, información e defensa do consumidor e da competencia				6.803	
731A-Dirección e servizos xerais de industria	8.734				
732A-Regulación e soporte da actividade industrial	7.085	9.161			
733A-Eficiencia enerxética e enerxías renovables		6.080			
734A-Fomento da minaría		4.313			
741A-Apoio a modernización, internacionalización e mellora da competitividade, innovación e produtividade empresarial					201.986
751A-Ordenación, regulación e promoción do comercio interior de Galicia			18.376		
Total	**15.819**	**19.554**	**18.376**	**6.803**	**201.986**

(Miles de Euros)

Orzamento consolidado. Distribución dos créditos por programas e servizos (continuación)

Programas	Servizos			
	A2	A3	A4	Total
561A-Plan galego de investigación, desenvolvemento e innovación tecnolóxica	151.766			151.766
613A-Ordenación, información e defensa do consumidor e da competencia				6.803
731A-Dirección e servizos xerais de industria				8.734
732A-Regulación e soporte da actividade industrial				16.245
733A-Eficiencia enerxética e enerxías renovables		53.720		59.800
734A-Fomento da minaría				4.313
741A-Apoio a modernización, internacionalización e mellora da competitividade, innovación e produtividade empresarial			16.877	218.864
751A-Ordenación, regulación e promoción do comercio interior de Galicia				18.376
Total	**151.766**	**53.720**	**16.877**	**484.901**

(Miles de Euros)

Orzamento consolidado. Distribución dos créditos por programas e capítulos

Programas	Capítulos								
	I	II	III	IV	VI	VII	VIII	IX	Total
561A-Plan galego de investigación, desenvolvemento e innovación tecnolóxica	5.904	466	117	6.033	24.453	107.947	2.350	4.496	151.766
613A-Ordenación, información e defensa do consumidor e da competencia	5.277	677		165	660	24			6.803
731A-Dirección e servizos xerais de industria	4.225	1.197		24	3.288				8.734
732A-Regulación e soporte da actividade industrial	10.160				85	6.000			16.245
733A-Eficiencia enerxética e enerxías renovables	5.158	353		2.044	1.895	50.350			59.800
734A-Fomento da minaría				160	443	3.710			4.313
741A-Apoio a modernización, internacionalización e mellora da competitividade, innovación e produtividade empresarial	7.756	2.462		4.420	13.789	92.610	94.666	3.160	218.864
751A-Ordenación, regulación e promoción do comercio interior de Galicia	1.269			1.081	1.501	14.525			18.376
Total	**39.749**	**5.155**	**117**	**13.927**	**46.114**	**275.167**	**97.016**	**7.656**	**484.901**

(Miles de Euros)

DISTRIBUCIÓN ORGÁNICA

01 SECRETARÍA XERAL TECNICA	2021	2021 Consolidable	2022	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	10.706	10.706	11.310	5,6
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	1.121	1.111	1.197	7,8
Cap. IV - Transferencias correntes	24	24	24	0,0
Cap. VI - Investimentos reais	3.246	3.226	3.288	1,9
Total	**15.097**	**15.067**	**15.819**	**5,0**

(Miles de Euros)

02 DIRECCIÓN XERAL PLANIFICACIÓN ENERXÉTICA E RECURSOS NATURAIS	2021	2021 Consolidable	2022	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	3.881	3.881	5.960	53,6
Cap. IV - Transferencias correntes	1.540	1.540	2.140	39,0
Cap. VI - Investimentos reais	1.601	1.601	1.244	-22,3
Cap. VII - Transferencias de capital	8.400	8.400	10.210	21,5
Total	**15.422**	**15.422**	**19.554**	**26,8**

(Miles de Euros)

03 DIRECCIÓN XERAL DE COMERCIO E CONSUMO	2021	2021 Consolidable	2022	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	1.244	1.244	1.269	2,0
Cap. IV - Transferencias correntes	1.081	1.081	1.081	0,0
Cap. VI - Investimentos reais	8.688	8.688	1.501	-82,7
Cap. VII - Transferencias de capital	12.732	12.732	14.525	14,1
Total	**23.745**	**23.745**	**18.376**	**-22,6**

(Miles de Euros)

80 INSTITUTO GALEGO DO CONSUMO E DA COMPETENCIA	2021	2021 Consolidable	2022	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	5.173	5.173	5.277	2,0
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	754	748	677	-9,4
Cap. IV - Transferencias correntes	165	165	165	0,0
Cap. VI - Investimentos reais	664	664	660	-0,6
Cap. VII - Transferencias de capital	24	24	24	0,0
Total	**6.779**	**6.773**	**6.803**	**0,4**

(Miles de Euros)

A1 INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA	2021	2021 Consolidable	2022	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	6.492	6.492	6.692	3,1
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	2.093	2.093	2.093	0,0
Cap. III - Gastos financeiros	40	40	0	-100,0
Cap. IV - Transferencias correntes	3.739	3.739	3.747	0,2
Cap. VI - Investimentos reais	15.085	15.085	13.170	-12,7
Cap. VII - Transferencias de capital	102.610	92.610	78.459	-15,3
Cap. VIII - Activos financeiros	129.050	129.050	94.666	-26,6
Cap. IX - Pasivos financeiros	3.160	3.160	3.160	0,0
Total	**262.268**	**252.268**	**201.986**	**-19,9**

(Miles de Euros)

A2 AXENCIA GALEGA DE INNOVACION	2021	2021 Consolidable	2022	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	5.120	5.120	5.904	15,3
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	466	466	466	0,0
Cap. III - Gastos financeiros	120	120	117	-2,3
Cap. IV - Transferencias correntes	5.867	5.867	6.033	2,8
Cap. VI - Investimentos reais	21.538	21.538	24.453	13,5
Cap. VII - Transferencias de capital	87.120	87.020	107.947	24,0
Cap. VIII - Activos financeiros	1.950	1.950	2.350	20,5
Cap. IX - Pasivos financeiros	4.493	4.493	4.496	0,1
Total	**126.673**	**126.573**	**151.766**	**19,9**

(Miles de Euros)

A3 INSTITUTO ENERXÉTICO DE GALICIA	2021	2021 Consolidable	2022	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	1.650	1.650	2.274	37,8
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	346	343	353	2,9
Cap. IV - Transferencias correntes	64	64	64	0,0
Cap. VI - Investimentos reais	916	910	1.179	29,6
Cap. VII - Transferencias de capital	35.698	25.698	49.850	94,0
Total	**38.675**	**28.666**	**53.720**	**87,4**

(Miles de Euros)

A4 AXENCIA GALEGA DA INDUSTRIA FORESTAL	2021	2021 Consolidable	2022	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	1.043	1.043	1.064	2,0
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	374	373	370	-0,8
Cap. IV - Transferencias correntes	673	673	673	0,0
Cap. VI - Investimentos reais	1.986	1.976	619	-68,7
Cap. VII - Transferencias de capital	19.434	19.434	14.151	-27,2
Total	**23.510**	**23.499**	**16.877**	**-28,2**

(Miles de Euros)

SERVIZOS	2021	2021 Consolidable	2022	% Var.
01 SECRETARÍA XERAL TECNICA	15.097	15.067	15.819	5,0
02 DIRECCIÓN XERAL PLANIFICACIÓN ENERXÉTICA E RECURSOS NATURAIS	15.422	15.422	19.554	26,8
03 DIRECCIÓN XERAL DE COMERCIO E CONSUMO	23.745	23.745	18.376	-22,6
80 INSTITUTO GALEGO DO CONSUMO E DA COMPETENCIA	6.779	6.773	6.803	0,4
A1 INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA	262.268	252.268	201.986	-19,9
A2 AXENCIA GALEGA DE INNOVACION	126.673	126.573	151.766	19,9
A3 INSTITUTO ENERXÉTICO DE GALICIA	38.675	28.666	53.720	87,4
A4 AXENCIA GALEGA DA INDUSTRIA FORESTAL	23.510	23.499	16.877	-28,2
Total	**512.168**	**492.012**	**484.901**	**-1,4**

(Miles de Euros)

Consellería, Organismos Autónomos, Entidades públicas instrumentais de consulta ou asesoramento e Axencias Públicas Autonómicas

	Consellería		OO.AA , EE.CC.AA. e Axencias		Trans. Internas		Consolidado	
	2021 Consolidable	2022	2021 Consolidable	2022	2021 Consolidable	2022	2021 Consolidable	2022
Cap. I - Gastos de persoal	15.832	18.538	19.478	21.211	0	0	35.309	39.749
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	1.111	1.197	4.022	3.958	0	0	5.132	5.155
Cap. III - Gastos financeiros	0	0	160	117	0	0	160	117
Cap. IV - Transferencias correntes	31.638	33.325	10.508	10.698	28.994	30.096	13.153	13.927
OPERACIÓNS CORRENTES	**48.581**	**53.060**	**34.167**	**35.984**	**28.994**	**30.096**	**53.754**	**58.948**
Cap. VI - Investimentos reais	13.514	6.033	40.172	40.081	0	0	53.686	46.114
Cap. VII - Transferencias de capital	402.471	326.902	224.821	250.432	381.373	302.167	245.918	275.167
Cap. VIII - Activos financeiros	0	0	131.000	97.016	0	0	131.000	97.016
Cap. IX - Pasivos financeiros	0	0	7.653	7.656	0	0	7.653	7.656
OPERACIÓNS DE CAPITAL	**415.985**	**332.935**	**403.646**	**395.185**	**381.373**	**302.167**	**438.257**	**425.953**
Total	**464.565**	**385.996**	**437.813**	**431.169**	**410.367**	**332.263**	**492.012**	**484.901**

(Miles de Euros)

Medios Persoais

Vicepresidencia 2ª e Consellería de Economía, Empresa e Innovación	2022
Altos Cargos	**4**
Persoal Funcionario	**287**
Subgrupo A1	**105**
Subgrupo A2	**59**
Subgrupo C1	**58**
Subgrupo C2	**58**
Agrupacións profesionais	**7**
Persoal Laboral	**53**
Grupo I	**19**
Grupo II	**9**
Grupo III	**20**
Grupo IV	**4**
Grupo V	**1**
TOTAL	**344**

Medios Persoais

Instituto Galego do Consumo e da Competencia	2022
Altos Cargos	1
Persoal Funcionario	122
Subgrupo A1	25
Subgrupo A2	18
Subgrupo C1	57
Subgrupo C2	20
Agrupacións profesionais	2
Persoal Laboral	15
Grupo I	6
Grupo III	4
Grupo IV	4
Grupo V	1
TOTAL	138

Medios Persoais

Instituto Galego de Promoción Económica	2022
Altos Cargos	1
Persoal Laboral	107
Grupo I	75
Grupo IV	2
Grupo V	30
TOTAL	108

Medios Persoais

Axencia Galega de Innovación	2022
Altos Cargos	1
Persoal Funcionario	36
Subgrupo A1	18
Subgrupo A2	3
Subgrupo C1	5
Subgrupo C2	9
Agrupacións profesionais	1
Persoal Laboral	75
Grupo I	51
Grupo II	12
Grupo III	5
Grupo IV	7
TOTAL	112

Medios Persoais

Instituto Enerxético de Galicia	2022
Altos Cargos	**1**
Persoal Laboral	**29**
Grupo I	**14**
Grupo II	**1**
Grupo III	**13**
Grupo IV	**1**
TOTAL	**30**

Medios Persoais

Axencia Galega da Industria Forestal	2022
Altos Cargos	**1**
Persoal Funcionario	**10**
Subgrupo A1	**6**
Subgrupo C1	**4**
Persoal Laboral	**9**
Grupo I	**3**
Grupo II	**4**
Grupo III	**1**
Grupo IV	**1**
TOTAL	**20**

Entidades Públicas Empresariais, Consorcios, Sociedades Mercantís e Fundacións do Sector Público Autonómico

Fundacións do sector público autonómico	**Explotación**	**Capital**
Fundación Centro Galego de Artesanía e Deseño	763	5
Fundación Centro Tecnolóxico Supercomputación de Galicia	2.978	6.286
Fundación Exposicións e Congresos A Estrada	215	
Fundación Feiras e Exposicións de Lugo	523	29
Fundación feiras e Exposicións de Ourense	1.429	64
Instituto Feiral de A Coruña	418	
Sociedades mercantís públicas autonómicas	**Explotación**	**Capital**
Sodiga Galicia, Sociedade de Capital Risco, S.A.	788	
Xesgalicia, sociedade xestora de entidades capital risco, s.a.	2.338	20
Galicia calidade,S.A.	798	7
Parque Tecnolóxico de Galicia, S.A.	2.467	182
Total	**12.717**	**6.594**

(Miles de Euros)

CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

SECCIÓN 07

I. ESTRUTURA ORGÁNICA E COMPETENCIAS

I.1. ESTRUTURA ORGÁNICA

O Decreto 130/2020, do 17 de setembro, polo que se fixa a estrutura orgánica das vicepresidencias e das consellerías da Xunta de Galicia aproba a estrutura orgánica superior da Consellería de Facenda e Administración Pública cos seguintes órganos de dirección:

- Secretaría Xeral Técnica e do Patrimonio.
- Intervención Xeral da Comunidade Autónoma.
- Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos.
- Dirección Xeral de Política Financeira, Tesouro e Fondos Europeos.
- Dirección Xeral da Función Pública.
- Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa.

Adscríbense á consellería:

- O Instituto Galego de Estatística (IGE), organismo autónomo que se axustará, en canto aos seus fins, estrutura e funcionamento, ao previsto na Lei 9/1988, do 19 de xullo, de estatística de Galicia e ás normas que a desenvolven.
- A Escola Galega de Administración Pública, organismo autónomo creado pola Lei 4/1987, do 27 de maio, que ten como finalidade principal formar e especializar ao persoal ao servizo da Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia.
- A Axencia Tributaria de Galicia (Atriga), creada polo Decreto 202/2012, do 18 de outubro, ao abeiro do disposto no artigo 10 da Lei 15/2010, do 28 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, como instrumento para realizar as funcións administrativas de aplicación dos tributos e demais funcións e competencias que lle atribúe a citada lei.
- O Consello Económico e Social de Galicia, ente institucional de dereito público, órgano consultivo da Administración autonómica en materia socioeconómica, creado pola Lei 6/1995, do 28 de xuño.

Así mesmo, segundo o Decreto 11/2021, do 21 de xaneiro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Facenda e Administración Pública, quedan adscritos á consellería os órganos colexiados seguintes:

- A Xunta Superior de Facenda, creada coa denominación de Tribunal Económico Administrativo da Comunidade autónoma de Galicia pola Lei 13/1991, do 9 de decembro, e regulada polo Decreto 34/1997, do 20 de febreiro, que modifica a súa denominación en virtude do exposto na disposición adicional primeira da Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia.

- O Consello Galego de Estatística, creado pola Lei 9/1988, do 19 de xullo, de estatística de Galicia.
- A Comisión Orzamentaria da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, creada polo Decreto 206/1996, do 24 de maio.
- A Comisión de Coordinación dos Fondos Comunitarios, regulada polo Decreto 139/2012, do 29 de xuño.
- A Comisión de Nóminas, regulada polo Decreto 93/2016, do 21 de xullo.
- A Comisión de Seguimento e Control do Gasto Corrente, creada polo acordo do Consello da Xunta de Galicia do 19 de maio de 2000.
- A Comisión de Persoal da Xunta de Galicia creada pola Lei 4/1988, do 26 de maio, da función pública de Galicia, e regulada no artigo 18 da Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia e no Decreto 156/1988, do 9 de xuño.
- O Consello Asesor para a Integración da Discapacidade na Función Pública Galega, creado polo Decreto 143/2008, do 3 de xullo.
- O Tribunal Administrativo de Contratación Pública de Galicia, creado pola disposición derradeira segunda da Lei 1/2015, do 1 de abril, de garantía da calidade dos servizos públicos e da boa administración.
- A Comisión Interdepartamental de Información e Avaliación da Calidade dos Servizos Públicos da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, prevista na Lei 1/2015, do 1 de abril, e creada polo Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 9 de xullo de 2015.

I.2. COMPETENCIAS

I.2.1. DA CONSELLERÍA

A Consellería de Facenda e Administración Pública é o órgano da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia ao que lle corresponden as competencias e funcións que en materia de facenda se establecen no Estatuto de Autonomía, así como a coordinación en materia de contratación pública e de función pública, e as competencias en materia de avaliación e reforma administrativa, de conformidade coa lexislación vixente.

O Texto refundido da lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia (TRLRFOG), aprobado polo Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, establece no artigo 7 as seguintes competencias da Consellería de Facenda e Administración Pública:

- A administración, xestión e recadación dos dereitos da facenda da Comunidade Autónoma.
- A ordenación dos pagamentos nos termos establecidos na presente lei.

- A elaboración do anteproxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma.
- O control de eficacia e eficiencia respecto dos obxectivos previstos nos orzamentos xerais da comunidade.
- O exercicio directo das demais funcións de control interno reguladas nesta lei e a dirección e execución da contabilidade pública.
- A execución ou dirección da política económica e financeira aprobada pola Xunta, na forma que esta determine.
- O desenvolvemento das actividades inherentes ao exercicio da tutela financeira sobre os entes locais, que ten atribuída a comunidade no artigo 49 do Estatuto de autonomía.
- As funcións executivas en materia de ordenamento e control das institucións de crédito corporativo público e territorial e das caixas de aforro que operen no seu territorio, nos termos previstos no artigo 30 do Estatuto de autonomía.
- As demais funcións e competencias que lle asigne a normativa legal vixente.

SECRETARÍA XERAL TÉCNICA E DO PATRIMONIO

Á Secretaría Xeral Técnica e do Patrimonio correspóndenlle as competencias seguintes:

- As establecidas no Decreto 119/1982, do 5 de outubro, polo que se regulan as funcións das secretarías xerais técnicas nas consellerías da Xunta de Galicia así como o exercicio daquelas que lle sexan delegadas pola persoa titular da consellería.
- As competencias que as normas reguladoras do patrimonio da Comunidade Autónoma e sobre sucesión intestada lle asignen, e todas aquelas que as mesmas normas atribúen á Consellería de Facenda e Administración Pública.

INTERVENCIÓN XERAL DA COMUNIDADE AUTÓNOMA

1. Correspóndenlle á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma as seguintes competencias:
   - Efectuar o control interno da actividade económico-financeira da Comunidade Autónoma de Galicia, mediante o exercicio da función interventora e do control financeiro na forma e co contido previstos no capítulo I do título V do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia.
   - A dirección e xestión da contabilidade pública na forma e co contido previstos nos capítulos II e III do título V do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia e na súa normativa de desenvolvemento.
   - A dirección da contabilidade das entidades que forman parte do sector público da Comunidade Autónoma de Galicia, nos termos dispostos no texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia e na súa normativa de desenvolvemento.

- As actuacións de control financeiro de subvencións de acordo co disposto na Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, e demais normativa de desenvolvemento.
- As actuacións de auditoría de fondos comunitarios que lle correspondan, de conformidade co establecido nos regulamentos comunitarios e a restante normativa de aplicación.
- A xestión dá información económico-financeira e formulación de informes e propostas de actuación derivadas do exercicio da súas funcións contables e de control.
- O exercicio das demais funcións que ao devandito órgano lle asigna a lei e demais normativa de aplicación.

2. Son competencia propia da Intervención Xeral, sen prexuízo da súa delegación:
   a) A fiscalización previa dos seguintes gastos:
      - Os de contía indeterminada.
      - Os que deben ser aprobados polo Consello da Xunta de Galicia ou afecten a máis dunha consellería.
      - Aqueles que deban ser sometidos a informe da Asesoría Xurídica Xeral da Xunta de Galicia ou doutro alto órgano consultivo.
   b) A emisión de informes de expedientes de gasto que deban ser sometidos á autorización do Consello da Xunta de Galicia.
   c) A facultade de avocar a fiscalización previa de calquera acto ou expediente.
   d) O nomeamento de representantes da Intervención Xeral así como a designación de funcionarias/os asesoras/es e para a comprobación material das cantidades destinadas a obras, subministracións, adquisicións e servizos, de conformidade coa normativa aplicable en cada caso.

DIRECCIÓN XERAL DE PLANIFICACIÓN E ORZAMENTOS

Correspóndenlle as seguintes competencias:

a) Realización de estudos e actuacións relativas á determinación dos recursos económicos que deben ser transferidos á Comunidade Autónoma desde os orzamentos doutras administracións públicas, agás os que este decreto lles asigne a outros centros directivos.
b) A formulación e seguimento dos obxectivos da política orzamentaria, a realización dos estudos relacionados coas devanditas actuacións e a elaboración dos criterios para a súa aplicación. A definición das directrices que deban seguirse na elaboración dos escenarios orzamentarios e na evolución das políticas orzamentarias de gasto público que neles se integran. A formulación da normativa e das instrucións precisas para a elaboración anual dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma.

c) Elaboración dos marcos financeiros plurianuais en que haberá de enmarcar a elaboración dos orzamentos anuais, a través dos cales se garantirá unha programación orzamentaria coherente cos obxectivos de estabilidade orzamentaria e débeda pública.

d) Coordinación permanente do desenvolvemento do proceso orzamentario, tanto no momento da elaboración dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma como nos períodos anteriores e posteriores, velando pola efectividade da execución das distintas fases do antedito proceso e por que estas se desenvolvan dentro dos prazos previstos. Desenvolvemento das competencias atribuídas pola lexislación vixente á Consellería de Facenda e Administración Pública en materia orzamentaria.

e) A preparación dos estudos que informan as decisións dos escenarios de ingresos. Partindo destas decisións, a proposta do límite de gasto non financeiro e a elaboración do proxecto de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma con base nas dotacións propostas polos centros xestores, axustadas ao límite de gasto aprobado e ás directrices formuladas nas comisións funcionais do gasto.

f) Análise económico-financeira da evolución orzamentaria na súa vertente de ingresos e gastos; se é o caso, poderá propor aquelas medidas que se consideren convenientes para o necesario equilibrio orzamentario.

g) O exercicio das competencias atribuídas pola lexislación vixente á Consellería de Facenda e Administración Pública en materia de retribucións do persoal, aprobación e modificación de anexos de persoal, autorización de masa salarial en convenios e acordos colectivos e, en xeral, en todas aquelas materias relacionadas con decisións sobre o persoal que teñan repercusión económica.

h) A xestión do Fondo de Cooperación Local.

i) Polo que se refire aos xestores das políticas de gasto sanitario, sen prexuízo das competencias xerais incluídas nos puntos precedentes, correspóndelle a este centro directivo:

- Establecer os criterios que se deben seguir en materia de xestión de recursos propios.
- Coñecer aqueles actos de control, inspección e avaliación da xestión, tanto en centros ou servizos sanitarios propios coma concertados, efectuados pola sección e servizos competentes en materia sanitaria ou por órganos de control interno e externo, que teñan contido económico e que sexan de interese para este centro directivo.
- Emitir informe sobre os proxectos de novos investimentos e novos servizos en canto á súa incidencia nos gastos recorrentes.
- Así mesmo, requirirán informe previo da dirección xeral o establecemento de concertos de vinculación, revisión de tarifas ou outras modificacións nas condicións económicas dos servizos concertados que impliquen a adquisición de novos compromisos financeiros ou que condicionen a asignación dos recursos económicos para futuros exercicios.

j) As competencias que o Estatuto de autonomía lle atribúe á Comunidade Autónoma en materia de planificación e programación económica. En particular, a avaliación estratéxica e financeira dos plans elaborados no seo do sector público autonómico.

k) A solicitude aos centros xestores de gastos e demais entidades do sector público autonómico de canta información resulte necesaria para o adecuado exercicio das competencias recollidas nos puntos anteriores.

l) A definición e coordinación da formación específica do seu persoal nas materias relacionadas coa política económica e orzamentaria; co contido e estrutura das políticas de gasto público; coas técnicas de previsión económica, orzamentarias e de avaliación de obxectivos e proxectos, e coas demais materias de coñecemento imprescindible para un adecuado exercicio das súas competencias.

DIRECCIÓN XERAL DE POLÍTICA FINANCEIRA, TESOURO E FONDOS EUROPEOS

Exercerá as competencias seguintes:

a) O desenvolvemento e execución das funcións que lle corresponden á Comunidade Autónoma en materia financeira, en especial as relativas a:
   - Endebedamento da Administración xeral da Comunidade Autónoma e doutros entes públicos da comunidade.
   - Operacións de garantía que corresponda outorgar ao Consello da Xunta de Galicia, así como os procedementos de reintegro que se inicien polos avais executados con cargo á tesouraría da Comunidade Autónoma.
   - Tutela financeira sobre corporacións locais galegas.
   - Centros de contratación de valores.
   - Mutualidades de previsión social non integradas na Seguridade Social e outras entidades aseguradoras.
   - Mediación de seguros e reaseguros privados.
   - Caixas de aforro e demais entidades financeiras.
   - Ordenación do crédito, banca e seguros.

b) A xestión da Tesouraría da Comunidade Autónoma e, en canto estea atribuída á comunidade, a doutros entes públicos, en especial:
   - A realización dos ingresos.
   - A ordenación xeral de pagamentos en canto lle fose delegada polo/a conselleiro/a de Facenda.
   - A ordenación xeral de pagamentos do Servizo Galego de Saúde, así como a periodización de pagamentos e provisión de fondos dos seus centros de xestión.

- A xestión dos depósitos e fianzas que deban constituírse na Caixa Xeral de Depósitos da Comunidade Autónoma.
- Autorización da apertura de contas nas entidades de crédito e aforro, e o seu réxime de disposición, de acordo co establecido na Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia.
- A xestión e rendibilización de todos os recursos financeiros da Tesouraría Xeral e a súa distribución para o pagamento das obrigacións.

c) En relación cos programas operativos dos fondos procedentes da Unión Europa en que a Dirección Xeral de Política Financeira, Tesouro e Fondos Europeos actúe como autoridade de xestión, organismo intermedio, organismo coordinador ou organismo equivalente:

- O exercicio, no ámbito da Comunidade Autónoma, das funcións que os regulamentos comunitarios lles atribúen ás autoridades de xestión, organismos intermedios, organismos coordinadores ou organismos equivalentes.
- A colaboración coa Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos nas actuacións que, de acordo cos regulamentos comunitarios, se deben realizar con carácter previo á aprobación dos programas operativos.
- A colaboración coa Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos na avaliación, seguimento e modificación dos programas operativos, nos termos previstos nos documentos descritivos das funcións e procedementos dos distintos fondos.
- A coordinación das misións de control comunitarias, así como da resposta ás solicitudes de información realizadas por institucións comunitarias, sobre os programas operativos.
- A interlocución da Comunidade Autónoma coa Administración xeral do Estado e coas institucións comunitarias, así como, de ser o caso, con outras comunidades autónomas ou Estados membros, no ámbito dos programas operativos.
- A coordinación da actuación dos organismos xestores da Comunidade Autónoma participantes nos citados programas operativos.

d) En relación cos programas operativos en que así se determine, exercer, no ámbito da Comunidade Autónoma, as funcións que os regulamentos comunitarios lles atribúen aos organismos intermedios das autoridades de certificación.

e) O seguimento dos programas comunitarios desenvolvidos no ámbito da Administración da Comunidade Autónoma non comprendidos nas letras c) e d), así como dos proxectos europeos en que organismos xestores da Administración da Comunidade Autónoma teñan a condición de beneficiarios.

f) A programación e a xestión do Fondo de Compensación Interterritorial.

DIRECCIÓN XERAL DA FUNCIÓN PÚBLICA

A Dirección Xeral da Función Pública exercerá as seguintes competencias:

- A realización dos estudos e traballos que en materia de persoal lle sexan encomendados ou coide conveniente efectuar.
- A elaboración dos anteproxectos de disposicións en materia de función pública.
- A fixación dos criterios aos que se deberán someter todas as convocatorias públicas de libre designación e de persoal directivo.
- A elaboración das ofertas de emprego público.
- A coordinación coas distintas consellerías e coa Seguridade Social dos expedientes de xubilación parcial do persoal laboral.
- A coordinación das eleccións sindicais do persoal funcionario e laboral.
- A coordinación na elaboración das estatísticas do número de efectivos na Comunidade Autónoma de Galicia.
- A elaboración dos informes en materia de persoal conxuntos coa dirección xeral competente en materia de orzamentos.
- A proposta á conselleira ou conselleiro da convocatoria de probas selectivas para o ingreso nos corpos, escalas e categorías da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, xestionados pola Dirección Xeral da Función Pública.
- A proposta de resolución dos expedientes de incompatibilidades do persoal ao servizo da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.
- A tramitación dos expedientes de incompatibilidades dos membros da Xunta de Galicia e altos cargos da Administración autonómica sometidos ao título II da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, así como a custodia e a xestión dos rexistros de actividades e de bens patrimoniais de altos cargos.
- A coordinación das relacións laborais e sindicais con respecto ao persoal ao servizo da Administración da Comunidade Autónoma.
- As convocatorias para a elaboración de listas para a cobertura temporal de postos de persoal funcionario e laboral en aplicación da norma que as regule.
- A proposta, se é o caso, ao órgano competente da incoación de expedientes disciplinarios cando se detecten indicios racionais de responsabilidade administrativa na actuación do persoal, e elevar ao Consello da Xunta as propostas de imposición da sanción de separación do servizo ou despedimento do persoal xestionado pola Dirección Xeral da Función Pública.
- A emisión dos informes preceptivos e previos que sobre os proxectos de disposicións que afecten a materia de réxime de persoal ou estrutura orgánica estableza a normativa vixente.

- A elaboración dos estudos e propostas sobre as relacións de postos de traballo, así como a elevación ao Consello da Xunta das propostas ou modificacións das relacións de postos de traballo para a súa aprobación.
- A coordinación coa Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa para levar a cabo, de ser o caso, a reasignación de efectivos, unha vez se realicen os estudos organizativos necesarios pola Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa, para valorar as cargas de traballo das distintas unidades administrativas da Xunta de Galicia.
- A xestión do Rexistro de Persoal da Xunta de Galicia.
- A xestión do Rexistro de persoal directivo e dos contratos de alta dirección.
- A coordinación e/ou xestión do Rexistro de órganos de representación do persoal ao servizo da Administración Xeral da Xunta de Galicia e dos seus organismos, axencias e entidades dependentes.
- A proposta á persoa titular da consellería da convocatoria e resolución dos concursos ordinarios de traslados para a provisión de postos de traballo dos distintos corpos, escalas e categorías da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e das entidades públicas instrumentais do sector público autonómico de Galicia xestionados pola Dirección Xeral da Función Pública.
- A fixación dos criterios para a elaboración das convocatorias dos concursos específicos por parte das persoas titulares das consellerías.
- A ordenación e xestión dos procedementos de recoñecemento profesional e elaboración das propostas de resolución do recoñecemento da carreira profesional.
- A coordinación e o impulso do teletraballo, xunto coa Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa.

DIRECCIÓN XERAL DE AVALIACIÓN E REFORMA ADMINISTRATIVA

Son competencias da Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa:

A. En materia de funcionamento dos servizos públicos:

a) A realización de auditorías de control do funcionamento dos centros, servizos e unidades, dentro do seu ámbito de actuación, para a detección de posibles deficiencias, emitindo o correspondente informe e propoñéndolle ao órgano competente a adopción das medidas necesarias para a súa corrección.

b) Exercer a labor de control establecido na Lei 14/2013, do 26 de decembro, en relación cos procesos de creación de novas entidades instrumentais ou de integración no sector público autonómico doutras existentes, a través da análise e informe sobre a súa procedencia, tendo en conta razóns de eficacia, autonomía de xestión e non duplicidade.

c) A vixilancia do cumprimento da normativa vixente en materia de xornada, horario, permisos e licenzas do persoal ao servizo da Administración autonómica galega así como a coordinación e o impulso do teletraballo.

d) En xeral, aquelas funcións de información, inspección, auditoría e control que, con carácter extraordinario, lle sexan encomendadas polo/a conselleiro/a de Facenda e Administración Pública.

B. En materia de avaliación do rendemento e xestión da calidade:

a) O desenvolvemento e a xestión de medidas para a implantación de sistemas de mellora da calidade tendentes a promover a mellora continua dos servizos da Administración autonómica, tanto dos que se lle prestan directamente ao/á cidadán/á como dos servizos internos.

b) A colaboración cos órganos competentes doutras administracións públicas no deseño e na aplicación de programas de avaliación do rendemento e da calidade tendentes a mellorar a prestación dos servizos públicos mediante o asinamento de convenios que faciliten o intercambio de información, métodos e experiencias.

C. En materia de racionalización e simplificación de procedementos administrativos:

a) A promoción, planificación e coordinación dos procesos de racionalización, simplificación e modernización dos procedementos administrativos, suprimindo trámites e documentos innecesarios, reducindo cargas administrativas e promovendo a implantación da Administración electrónica coa finalidade de mellorar a resposta á cidadanía.

b) A emisión de informe, con carácter preceptivo e previo á súa aprobación e posterior publicación no Diario Oficial de Galicia, sobre os proxectos de disposicións de carácter xeral que regulen procedementos administrativos por instancia de parte, as bases reguladoras e as convocatorias de subvencións así como o establecemento de servizos á cidadanía e ao persoal empregado público da Administración xeral da comunidade autónoma e demais entidades integrantes do sector público autonómico.

c) A emisión de informe para a incorporación ao inventario de información administrativa e á sede electrónica dos procedementos administrativos iniciados de oficio na administración da Comunidade Autónoma de Galicia.

d) A xestión e coordinación funcional dos sistemas de xestión de procedementos administrativos que sirvan de base do sistema de información da Xunta de Galicia.

e) A xestión e coordinación funcional do Sistema integrado de atención á cidadanía (SIACI).

f) A coordinación da aplicación da normativa europea e estatal sobre simplificación e mellora da xestión administrativa.

D. En materia de transparencia, información administrativa e atención á cidadanía:

a) Velar e supervisar o cumprimento das obrigas de publicidade activa do sector público autonómico e do dereito de acceso da cidadanía á información pública, de conformidade coa normativa reguladora en materia de transparencia.

b) Desenvolver as accións que permitan incrementar o nivel de calidade e transparencia da información pública que difunde o sector público autonómico a través do Portal de transparencia e goberno aberto.

c) Actuar funcionalmente como oficina de defensa das persoas usuarias dos servizos públicos do sector público autonómico, de acordo co indicado no artigo 25 da Lei 1/2015, do 1 de abril, de garantía da calidade dos servizos públicos e da boa administración.

d) Garantir, en coordinación coas secretarías xerais técnicas das respectivas consellerías, a axeitada tramitación das suxestións e queixas presentadas pola cidadanía ante a Oficina de defensa das persoas usuarias dos servizos públicos do sector público autonómico, co obxecto de mellorar a calidade na prestación dos servizos públicos.

e) Establecer unha política de integridade institucional da Administración autonómica, en colaboración co Consello de Contas de Galicia.

E. En materia de estruturas orgánicas e relacións de postos de traballo:

a) A realización de análises da carga de traballo soportada polas distintas unidades administrativas e que respondan a criterios de racionalidade, simplificación e austeridade, para acadar unha Administración pública eficaz e eficiente. Neste sentido, as secretarías xerais das consellerías deberán solicitar informe á Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa antes de ser solicitado o informe á Dirección Xeral da Función Pública e á Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos sobre as estruturas orgánicas e as relacións de postos de traballo. De non ser emitido no prazo máximo de oito días naturais, o informe da Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa entenderase favorable.

b) A realización de estudos sobre a dimensión dos cadros de persoal, propoñendo as medidas necesarias sobre a reasignación de efectivos en función das cargas de traballo soportadas polas distintas unidades administrativas para conseguir un mellor funcionamento dos servizos.

F. En materia de contratación:

a) A Presidencia da Xunta Consultiva de Contratación Administrativa da Comunidade Autónoma, de acordo co establecido no Decreto 237/2007, do 5 de decembro, polo que se crea a Xunta Consultiva de Contratación Administrativa da Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a súa composición e funcións.

b) A organización, mantemento e custodia do Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia, de acordo co Decreto 262/2001, do 20 de setembro, polo que se refunde a normativa reguladora do Rexistro Xeral de Contratistas.

c) A organización, mantemento e custodia do Rexistro de Contratos do Sector Público Autonómico de Galicia, regulado no Decreto 103/2016, do 28 de xullo.

d) A mellora dos sistemas de contratación da Administración xeral da Comunidade Autónoma e das súas entidades instrumentais co fin de homoxeneizar e informatizar a totalidade dos sistemas de contratación e de garantir a máxima transparencia nos procesos.

I.2.2. DOS ORGANISMOS AUTÓNOMOS

INSTITUTO GALEGO DE ESTATÍSTICA (IGE)

O Instituto Galego de Estatística é un organismo autónomo creado pola Lei 9/1988, do 19 de xullo, de estatística de Galicia e cuxo Estatuto foi aprobado por Decreto 60/2016, do 26 de maio. Entre as súas funcións están as seguintes:

- Dirixir e coordinar a actividade estatística no ámbito das competencias da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Coordinar a actividade estatística levada a cabo polas distintas administracións públicas de Galicia.
- Levar a cabo as estatísticas ou as fases delas que lle encomenden o Plan galego de estatística e os seus correspondentes programas estatísticos, así como calquera outra que lle podan encomendar ou que se estableza en virtude de convenios con outros organismos estatísticos.
- Colaborar en estatísticas de interese estatal ou supraestatal promovidas polos organismos competentes.
- Asegurar a difusión adecuada das estatísticas publicadas en Galicia, a través dos medios máis pertinentes, e expedir certificacións dos resultados estatísticos da súa competencia.
- Velar polo cumprimento das normas técnicas aprobadas e a aplicación das garantías necesarias para que sexan respectados o segredo estatístico e as outras condicións xurídicas a que se debe suxeitar a actividade estatística.

ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA (EGAP)

A EGAP é un organismo autónomo, creado pola Lei 4/1987, do 27 de maio, encargado das tarefas de formación do persoal ao servizo da Administración pública galega, así como do estudo e a difusión das ciencias da administración.

Son fines da EGAP os seguintes:

- Colaborar na realización das probas selectivas para o acceso á condición de persoal empregado público ao servizo da Administración xeral da comunidade autónoma convocadas de conformidade co disposto na normativa de emprego público aplicable, e doutras administracións públicas que previo convenio llo encomenden, con excepción do persoal docente e sanitario.
- Organizar e impartir cursos selectivos de formación e cursos complementarios de formación, de carácter non selectivo, correspondentes ás probas selectivas, con excepción do persoal docente e sanitario.
- Organizar e impartir cursos, seminarios e outras actividades de formación e perfeccionamento do persoal ao que se alude no apartado a) do artigo 3 da lei.
- Realizar as probas e impartir os cursos que se establezan para a promoción interna dos funcionarios.
- Realizar as probas e impartir os cursos selectivos descentralizados para o acceso á condición de funcionarios locais con "habilitación de carácter nacional", nos termos previstos no artigo 98.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril.
- Realizar as probas selectivas e os cursos selectivos ou complementarios de selección dos funcionarios dos entes locais de Galicia "sen habilitación nacional", de acordo cos convenios que se subscriban coas distintas entidades locais.
- A investigación, a documentación, o estudo e a realización de traballos de divulgación no eido da Administración pública, promovendo a súa máxima difusión.
- O establecemento de convenios e a celebración de intercambios con organismos semellantes das administracións públicas, a nivel estatal e internacional.
- A difusión e normalización do idioma galego na Administración pública, a capacitación lingüística do persoal e a participación na fixación da linguaxe técnica, administrativa e xurídica galega.
- Calquera outros que se lle asigne por lei.

I.2.3. DAS ENTIDADES PÚBLICAS INSTRUMENTAIS DE CONSULTA OU ASESORAMENTO

CONSELLO ECONÓMICO E SOCIAL DE GALICIA (CES)

Creado pola Lei 6/1995, do 28 de xuño, é un órgano consultivo da Administración autonómica en materia económica e social, en aplicación do previsto no artigo 9.2 da Constitución Española e nos artigos 4.2 e 55.4 do Estatuto de Autonomía de Galicia, co obxecto de facer efectiva a participación dos axentes económicos e sociais na política socioeconómica de Galicia.

I.2.4. DAS AXENCIAS PÚBLICAS AUTONÓMICAS

AXENCIA TRIBUTARIA DE GALICIA (ATRIGA)

Foi creada polo Decreto 202/2012, do 18 de outubro, ao abeiro do disposto no artigo 10 da Lei 15/2010, do 28 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, como instrumento para a realización das funcións administrativas de aplicación dos tributos e demais funcións e competencias que lle atribúe a citada lei. Ten por obxecto a aplicación de todos os tributos propios, así como, por delegación do Estado, dos tributos estatais cedidos, como instrumento ao servizo dos intereses da Comunidade Autónoma de Galicia para a aplicación efectiva dos recursos ao seu cargo.

Entre as funcións da Axencia Tributaria de Galicia están as seguintes:

a) Aplicar e exercer a potestade sancionadora nos tributos propios da Comunidade Autónoma de Galicia, así como nos tributos estatais cedidos á comunidade autónoma e nas recargas que se establezan sobre estes, de acordo co disposto na normativa aplicable.
b) Aplicar e exercer a potestade sancionadora noutros tributos estatais ou locais recadados en Galicia que puidese asumir por delegación ou encomenda.
c) Recadar os ingresos de dereito público de natureza non tributaria que a normativa atribúa á consellería competente en materia de facenda.
d) Revisar en vía administrativa os actos realizados no exercicio das funcións anteriores. Exceptúanse as reclamacións económico administrativas, revisar os actos nulos de pleno dereito e aqueles outros cuxa revisión se atribúa por lei específica a outros órganos.
e) Coordinarse e colaborar coas demais administracións tributarias, e en particular participar nos órganos de goberno da Axencia Estatal de Administración Tributaria ou, de ser o caso, nos das entidades que se creen en relación coa aplicación dos tributos en Galicia.
f) Calquera outra función que lle sexa atribuída por lei ou por convenio administrativo.

II. PRINCIPAIS LIÑAS DE ACCIÓN

II.1. DA CONSELLERÍA

A Consellería de Facenda e Administración Pública é a responsable da xestión orzamentaria dos programas propios da consellería e dos créditos consignados na sección de "Gastos de diversas consellerías" destinados ao pago de servizos de carácter horizontal como aluguer, seguros e o imposto de bens inmobles dos que integran o patrimonio da comunidade autónoma.

Os recursos asignados á Consellería de Facenda e Administración Pública no proxecto de orzamentos para o exercicio 2022 veñen de novo marcados pola situación económica creada pola pandemia sanitaria orixinada pola COVID-19 e, polo tanto, deben perseguir o incremento do grao de eficacia e eficiencia do gasto público da consellería co fin de crear unha administración moderna baseada na planificación e na xestión por resultados.

Os principais obxectivos que se pretenden conseguir son os seguintes:

- No eido do control interno, potenciar a eficacia e eficiencia nos procedementos de xestión internos coa finalidade de modernizar a Administración, a través de sistemas de seguimento, avaliación e control.
- No ámbito da planificación económica e orzamentaria, a elaboración do Plan Estratéxico de Galicia 2021-2030 e a programación do novo período 2021-2027 dos fondos estruturais europeos.
- En materia de fondos europeos, no 2022 intensificarase a execución do eixe REACT EU, iniciado en 2021, para impulsar a recuperación e crecemento económico e reforzar as capacidades do sistema sanitario no contexto da crisis asociada á pandemia.
- En relación co emprego público, a execución do Plan de estabilización do persoal temporal e o avance no desenvolvemento da lei de emprego público de Galicia.
- Por último, no marco do Plan Xeral de Mellora da Calidade dos Servizos do Sector Público Autonómico de Galicia, aprobado no 2021, impulsarase a transparencia e a axilización dos procedementos administrativos, a través de melloras tecnolóxicas nos eidos da participación cidadá na elaboración de normas e plans, de atención á cidadanía e no marco da contratación pública.

Estas actuacións desenvolveranse dende os diferentes centros directivos, organismos, axencias e entes públicos tal e como se detalla a continuación.

SECRETARÍA XERAL TÉCNICA E DO PATRIMONIO

A Secretaría Xeral Técnica exerce as competencias e funcións establecidas polo ordenamento xurídico vixente, correspóndelle en particular a asistencia técnica e administrativa á persoa

titular da Consellería de Facenda e Administración Pública; as funcións de réxime interior, os asuntos xerais e as competencias en materia de patrimonio da comunidade autónoma.

Os obxectivos e liñas fundamentais, dentro do ámbito das competencias da consellería, céntranse no apoio e na coordinación das actividades do resto das direccións xerais e entes que a integran nos seguintes eidos:

- A organización, simplificación e racionalización da actividade administrativa.
- O seguimento dos convenios e protocolos de colaboración.
- A coordinación e xestión da contratación pública da consellería e do orzamento da mesma.
- A coordinación e normalización do tráfico xurídico dos ben patrimoniais da Comunidade autónoma.
- O apoio administrativo e técnico-xurídico nas diferentes materias de competencia da consellería.

Entre as medidas que se puxeron en marcha nestes últimos anos destinadas a acadar una administración máis eficiente destacamos o proceso de redistribución de espazos para conseguir o seu aproveitamento óptimo e rebaixando no posible o gasto en alugueiros e xestionando o alleamento daqueles inmobles que resulten innecesarios para a prestación do servizo público. En 2022 continuarase avanzando na aplicación desta medida.

Ademais, neste mesmo ámbito do patrimonio, ao longo do 2022 continuarase a desenvolver a normativa patrimonial, logo de que sexa efectiva a nova lexislación en materia de patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia.

Por último, a Secretaría Xeral Técnica está a realizar todas as tarefas de colaboración e coordinación co Instituto Galego de Estatística nos cometidos recollidos na lei do plan galego de estatística de Galicia.

INTERVENCIÓN XERAL DA COMUNIDADE AUTÓNOMA

A Intervención Xeral da Comunidade Autónoma para o exercicio 2022 formula como obxectivos primordiais os seguintes:

- Potenciar a eficacia e eficiencia nos procedementos de xestión internos coa finalidade de modernizar a Administración, dedicando unha especial atención no emprego dos fondos europeos. Este obxectivo concrétase en:
    - Incrementar a eficacia no gasto público introducindo sistemas de seguimento, avaliación e control, así como de auditoría dos expedientes de gasto.

- Auditar e controlar os distintos programas de gasto e especialmente as actuacións con fondos comunitarios e as axudas con fondos non comunitarios, para gañar en eficiencia.

- Levar a cabo o control financeiro permanente e a auditoría das entidades do sector público dentro dunha programación plurianual.

DIRECCIÓN XERAL DE PLANIFICACIÓN E ORZAMENTOS

Os obxectivos da Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos para o ano 2022 encádranse dentro das funcións propias e específicas de elaboración e seguimento do orzamento da comunidade autónoma, que en concreto son os seguintes:

- A Lei 2/2011 de disciplina orzamentaria e sustentabilidade financeira consolida un cambio na xestión financeira da comunidade autónoma, obrigando a deseñar un escenario orzamentario plurianual que constituirá a programación do sector público autonómico con orzamento limitativo; para isto desenvolverase o soporte informático que permita elaborar os devanditos escenarios, así como a súa actualización nun tempo razoable.
- Os escenarios plurianuais serán a base dos orzamentos de cada exercicio, definirán a senda financeira da comunidade autónoma en base á previsible evolución dos ingresos, así como os recursos que se van asignar ás diferentes políticas de gasto, en función dos diferentes obxectivos estratéxicos e os compromisos plurianuais asumidos.
- Elaborar un límite de gasto non financeiro do orzamento consolidado que enmarque o proceso de elaboración orzamentaria.
- O cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e da senda de consolidación fiscal acordada no consello de política fiscal e financeira para a Comunidade Autónoma de Galicia esixe a adopción dunha disciplina financeira que parta xa do proceso de planificación das actuacións das seccións orzamentarias. Para iso avaliaranse as repercusións orzamentarias de cada plan, proxecto plurianual ou norma que se propoñan.
- Proseguir co proceso de mellora continua na elaboración e calidade dos orzamentos da comunidade autónoma.
- A Lei 16/2010 de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia establece a obriga de deseñar os contratos plurianuais de xestión das axencias públicas autonómicas, para o que se colaborará no seu deseño e se informará respecto do encaixe dos gastos dimanantes da súa aplicación co escenario financeiro da comunidade autónoma.
- Obter as contas parciais ao longo do ano e dun estado do orzamento vixente de ingresos é unha prioridade para a Xunta de Galicia; precísase unha orde que sistematice todo o rexistro de ingresos e ordene aos distintos axentes que interveñen na súa contabilización, así mesmo en colaboración coa IXCA mellorarase a aplicación informática soporte do sistema contable a nivel consolidado.

- Xestionar eficazmente os expedientes que modifican gasto promovidos polas diferentes consellerías.
- Impulsar a análise das repercusións económico-orzamentarias das diferentes políticas de gasto para os efectos de posibilitar a súa execución dentro do marco da política de estabilidade orzamentaria.
- Levar a cabo todas aquelas actuacións que permitan mellorar o seguimento e mantemento dos diferentes programas orzamentarios e os obxectivos neles definidos mediante o establecemento de sistemas específicos para os gastos da dependencia, da sanidade pública, dos investimentos en infraestruturas e dos gastos de persoal na Administración institucional.
- Desenvolver o seguimento dos obxectivos do Plan Estratéxico de Galicia correspondentes ao exercicio 2022, este seguimento realízase en base á eficacia e eficiencia dos indicadores financeiros, de produtividade e de resultado. Elaboración do Plan Estratéxico de Galicia 2021-2027. Reprogramacións dos PO FEDER e FSE 2014-2020 de Galicia coas súas avaliacións por reprogramación correspondentes. Programación do novo período 2021-2027 dos fondos estruturais FEDER e FSE. Realizar as análises dos plans sectoriais, transversais ou territoriais deseñados polos distintos axentes públicos autonómicos, así como o seu encaixe dentro da planificación estratéxica xeral.

DIRECCIÓN XERAL DE POLÍTICA FINANCEIRA, TESOURO E FONDOS EUROPEOS

O obxectivo da Dirección Xeral de Política Financeira, Tesouro e Fondos Europeos, no que atinxe á xestión dos Fondos Europeos, consiste en avanzar na implementación da política de cohesión económica, social e territorial da Unión Europea en liña coa Estratexia Europa 2020 e en acadar unha xestión correcta, eficiente e eficaz dos recursos procedentes dos fondos estruturais que contribúen a financiar a política rexional.

Ao longo do ano 2022, este centro directivo, na súa condición de unidade de coordinación do Organismo Intermedio Xunta de Galicia para os programas operativos FEDER e FSE 2014-2020, seguirá avanzando nas tarefas de implementación dos sistemas de xestión e control esixidos no artigo 122 do Regulamento (UE) nº 1303/2013, que é imprescindible para poder levar a cabo todas as funcións previstas no artigo 125 do citado regulamento, entre as que destaca, ademais das tarefas de xestión e verificacións, a importancia dos procedementos de selección de operacións e o protagonismo do enfoque a resultados. Tendo en conta os avances xa acadados na selección de operación e na execución das distintas liñas de actuación previstas no programa, contando xa cun volume significativo de gasto declarado á Comisión Europea, debe prestarse especial atención ao cumprimento dos fitos financeiros e físicos programados e á necesidade de propoñer eventuais reprogramacións para acadar os resultados agardados, así como minimizar as eventuais irregularidades que poidan detectarse polos organismos de control.

Para garantir a legalidade e regularidade do gasto a declarar á Comisión Europea, ao longo do ano 2022 intensificaranse as tarefas de verificacións administrativas de operacións e gastos co apoio externo dunha empresa auditora. Outros aspectos nos que se continuará a traballar, por tratarse dun procedemento que debe ser periodicamente revisado e actualizado, serán o marco de xestión de riscos e a adopción de medidas antifraude eficaces e proporcionadas. No específico ámbito do FSE, valoraranse as posibilidades de utilización de novas metodoloxías de custos simplificados, na liña do disposto na recente modificación da normativa xeral reguladora dos fondos EIE.

No exercicio 2022 intensificarase a execución do novo eixe REACT EU que xa se iniciou en 2021 para impulsar a recuperación e crecemento económico e reforzar as capacidades do sistema sanitario no contexto da crise asociada á pandemia COVID-19.

Asemade, a Dirección Xeral de Política Financeira, Tesouro e Fondos Europeos no marco do obxectivo da Cooperación Territorial Europea recollido no Regulamento (UE) nº 1299/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, realizará as funcións de Coordinador Rexional para os programas operativos de Cooperación Transnacional e Interrexional, en particular, a coordinación coas Autoridades dos Programas Operativos; Interreg Espacio Atlántico, Interreg SUDOE (Sudoeste Europeo) e Interreg Europe, así como a representación nos Comités dos referidos programas.

Neste contexto, as principais liñas de acción da Dirección Xeral de Política Financeira, Tesouro e Fondos Europeos para o ano 2022 son as seguintes:

- Avanzar nas tarefas de desenvolvemento e mellora dos distintos procedementos descritos nos sistemas de xestión e control, para garantir unha xestión eficaz, eficiente e correcta dos fondos europeos asignados para o período 2014-2020 no marco dos Programas Operativos FEDER e FSE 2014-2020 e do Programa Operativo de Emprego Xuvenil 2014-2020.
- Revisar e/ou actualizar os procedementos de xestión de riscos, que inclúe a autoavaliación dos riscos de fraude e a adopción de medidas eficaces e proporcionadas contra o fraude, no marco dunha estreita e continua colaboración cos organismos xestores de FEDER e FSE, aos que se proporcionará asistencia técnica e asesoramento continuo.
- Avanzar na tramitación electrónica dos procedementos administrativos e no marco da e-cohesión, e culminar a implementación de todas as funcionalidades necesarias nos distintos módulos da ferramenta informática de xestión e control Fondos 1420, para garantir o intercambio electrónico de información e o axeitado rexistro e almacenamento, entre outros, dos datos relativos ás operacións, listas de comprobación, gastos, indicadores, verificacións e auditorías, co obxecto de posibilitar un axeitado seguimento, control, auditoría e avaliación de resultados.
- Intensificar as tarefas de verificacións administrativas de operacións e gastos co apoio dunha empresa auditora.

- Implementar os plans de acción e/ou medidas preventivas ou correctivas que poidan derivarse das verificacións e/ou dos controis e auditorías efectuados polas distintas instancias comunitarias, estatais ou autonómicas de control.
- Manter actualizada a formación e mellorar a capacitación do persoal que participa nas tarefas de xestión e control no seo do OI Xuntade Galicia, mediante a participación e/ou organización de cursos, seminarios ou xornadas divulgativas sobre os distintos aspectos que atinxen aos programas operativos.
- Avanzar na implementación da estratexia de comunicación e dos plans de información e comunicación dos programas operativos, e levar a cabo as medidas de comunicación necesarias para lograr unha maior difusión da contribución dos fondos europeos, xunto ao seguimento das actuacións nesta materia desenvolvidas polos xestores.
- Planificar o endebedamento da comunidade autónoma.
- Negociar e formalizar operacións crediticias coa banca pública europea.
- Lanzamento de débeda pública da comunidade autónoma a longo prazo.
- Obter as mellores condicións financeiras posibles para o endebedamento do exercicio, respectando en todo caso o principio de prudencia financeira.
- Afondar no asesoramento, control e seguimento do endebedamento do sector público da comunidade autónoma.
- Reforzar o asesoramento e a colaboración coas entidades locais da comunidade autónoma.
- Coordinar e xestionar os procedementos para constituír e devolver avais por medios electrónicos.
- Mellorar os procedementos de pago.

DIRECCIÓN XERAL DA FUNCIÓN PÚBLICA

A actividade da Dirección Xeral da Función Pública no 2022 virá determinada polos seguintes elementos singulares que se superporán ao seu funcionamento ordinario:

- Desenvolvemento da aplicación informática de recursos humanos.
- Desenvolvemento das aplicacións informáticas da Oficina de Incompatibilidades e Boas Prácticas.
- Preparación e elaboración dos regulamentos de desenvolvemento da nova lei de emprego público de Galicia, coa fixación dos posibles criterios a ter en conta para o seu articulado.
- Desenvolvemento do Decreto de provisión de postos de traballo de persoal funcionario da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e das entidades instrumentais integrantes do sector público autonómico.

- Posta en marcha e o desenvolvemento dunha nova aplicación informática nas listas para o nomeamento de persoal funcionario interino e de persoal laboral temporal.
- Tramitación dos concursos de traslados de persoal funcionario e laboral, e en concreto o desenvolvemento dos concursos específicos de persoal funcionario, unha vez aprobado o Decreto de provisión de postos.
- Desenvolvemento das actuacións do Consello Asesor para a Integración da discapacidade na función pública de Galicia.
- Elaboración da Oferta de Emprego Público anual.
- Desenvolvemento dos procesos selectivos derivados das ofertas públicas de emprego de anos anteriores.
- Execución do Plan de estabilización do persoal temporal.
- Cumprimento das obrigas de publicidade derivadas da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.
- Continuación cos procesos de integración dos entes.
- Desenvolvemento dos procesos de funcionarización.
- Refundición das categorías do persoal laboral.

DIRECCIÓN XERAL DE AVALIACIÓN E REFORMA ADMINISTRATIVA

Unha administración que busque altos estándares de calidade debe impulsar as actuacións orientadas ao logro da eficacia no seu funcionamento e da eficiencia na asignación dos recursos, ao impulso da transparencia e da axilización dos procedementos administrativos; a potenciar o acceso electrónico aos servizos públicos, a garantir o coñecemento dos dereitos das persoas usuarias e, en definitiva, a establecer os mecanismos necesarios que contribúan á mellora continua dos servizos públicos para incrementar así o grao de satisfacción da cidadanía.

A Lei 1/2015, do 1 de abril, de garantía da calidade dos servizos públicos e da boa administración, supuxo un cambio de tendencia no ámbito da modernización na Administración autonómica de Galicia por varios motivos. En primeiro lugar, porque estableceu cambios na organización e no xeito de desenvolver a actividade administrativa sobre as novas bases que deben presidir as relacións entre a Administración e a sociedade en xeral. E, en segundo lugar, porque se enfocou na prestación de servizos á cidadanía e nas formas de ofrecelos a partir da aplicación dos principios de boa administración, mellora continua, proximidade e fomento da participación cidadá nos asuntos públicos, e simplificación administrativa.

Co inicio da nova lexislatura o Consello da Xunta aprobou o 4 de marzo de 2021 o Plan Xeral de Mellora da Calidade dos Servizos do Sector Público Autonómico de Galicia. Un documento de estratexia ata o último ano de lexislatura.

O plan inclúe 61 accións enmarcadas en 26 medidas que se agrupan en 10 eixos. En concreto, os eixos de actuación do Plan son os seguintes:

- Eixo 1: Funcionamento dos servizos públicos
- Eixo 2: Xestión da calidade e instrumentos de mellora da calidade
- Eixo 3: Racionalización e simplificación de procedementos administrativos
- Eixo 4: Contratación administrativa
- Eixo 5: Xestión do persoal
- Eixo 6: Transparencia
- Eixo 7: Información e atención á cidadanía
- Eixo 8: Participación cidadá
- Eixo 9: Integridade institucional
- Eixo 10: Difusión e comunicación

A parte final do plan inclúe as medidas calendarizadas nos tres anos de desenvolvemento polo que unha boa parte das 61 accións terán desenvolvemento completo ou parcial ao longo do ano 2022.

Neste marco, ademais de dar continuidade ás actuacións e aos proxectos xa iniciados nos exercicios anteriores, os obxectivos e as liñas de acción da Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa para o exercicio 2022 presentan unha dobre vertente, cidadá e administrativa, que se expón a continuación.

a) Perspectiva da cidadanía

Supervisaranse e proporanse os criterios e as actuacións para aumentar as obrigas de publicidade activa e do exercicio do dereito de acceso da cidadanía á información pública, de conformidade coa normativa básica de transparencia e Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de Transparencia e Bo Goberno, en particular traballarase en aumentar a visualización territorial das políticas públicas a través de ferramentas GIS.

Poranse en marcha melloras tecnolóxicas no portal que permitan aumentar os niveis de participación na elaboración de normas e plans. En particular aumentarase o nivel de accesibilidade de contidos, a utilización de vídeos, a reorganización das canles de participación existentes a fomentar a participación infantil e adolescente.

Continuarase coa mellora da ferramenta do Sistema Electrónico de Atención á cidadanía, (SIACI) incorporando ademais os estudios e auditorías, xa iniciados no ano 2021, respecto daqueles procedementos onde se produza un numero destacable de queixas ou suxestións. E incorporar melloras na ferramenta que permitan o apoio as distintas unidades tramitadoras dos procesos de información pública.

No obxectivo de simplificación de procedementos continuar cunha parte de dixitalización de procedementos que aínda non estaban incorporados á sede así como a eliminación de aqueles que na actualidade teñen un baixo o escaso uso. Simultaneamente traballarase nunha harmonización de políticas subvencionadoras mediante a revisión de ordes de axuda.

No marco da contratación ademais de continuar o proceso de normalización da documentación de uso común nos procesos de contratación velarase pola extensión a todos os centros directivos da Xunta e das súas entidades instrumentais no marco plataforma de xestión de contratos PLATION.

En materia de xestión de persoal traballarase nun piloto de medición do rexistro de tarefas dos empregados públicos en cumprimento do acordo sindical sobre a modalidade de teletraballo que permita diagnosticar o futuro modelo de cargas de traballo das unidades. Impulsarase a formación en materia de xestión da calidade e do propio Plan de Mellora.

b) Perspectiva administrativa

Fomentarase a rendición de contas dos centros directivos a través da elaboración de modelos de memorias-balance dos distintos centros directivos é na aprobación de memorias de cumprimento por parte das entidades instrumentais.

Dando cumprimento ao programa de melloras das entidades instrumentais do sector público autonómico, continuarase co impulso da aprobación dos contratos programas, unha vez finalizadas as axencias en 2021, o apoio e seguimento no vindeiro 2022 centrarase nas fundacións públicas.

No relativo aos órganos colexiados traballarase na mellora do rexistro dos existentes e das persoas que o compoñen mediante a creación dunha base de datos de grupos de traballo.

No que se refire á avaliación de calidade as accións centraranse na elaboración de requisitos normalizados e modelos de instrumentos de planificación de políticas publicas para todos os departamentos e entidades.

Continuarase coa difusión do Manual de acollida para o persoal de novo ingreso do sector publico autonómico co fin de favorecer a súa incorporación e facilitarlle a adaptación ao posto de traballo.

Continuarase informando, con carácter previo á súa aprobación, as estruturas orgánicas, as relacións de postos de traballo, as normas reguladoras dos procedementos administrativos, e as bases e as convocatorias das axudas e subvencións do sector publico autonómico, con especial atención aos criterios de racionalización e simplificación dos trámites, de eliminación da documentación accesoria e de normalización dos anexos que ha de utilizar a cidadanía.

O 26 de maio de 2021 o Consello da Xunta aprobou o Programa Marco de Integridade Institucional e Prevención de Riscos de Xestión, que é a estratexia derivada do Diagnóstico dos sistemas de control interno e prevención de riscos elaborado polo Consello de contas de Galicia.

A estratexia da Xunta de Galicia para o afianzamento da súa política institucional de integridade, materializarase a través da aprobación deste Programa marco de integridade institucional e prevención de riscos de xestión que contemplará a posta en marcha, de xeito gradual, de distintas medidas orientadas ao fortalecemento dos sistemas de control interno e infraestrutura ética para o control das actividades máis vulnerables ou sensibles aos riscos de xestión para unha xestión pública eficaz, nun marco de legalidade, transparencia e rendición de contas.

Trátase de adoptar medidas que contribúan á mellora dos estándares éticos na Administración autonómica fomentando unha cultura cívica a favor da transparencia, a rendición de contas e o comportamento ético.

O programa, xa calendarizado no período 2021-2024, establece un total de 24 medidas agrupadas en 6 eixos, e incorpora as metas para o ano 2022.

Este programa, de carácter eminentemente preventivo, que non reactivo, suporá, non soamente o reforzo e a consolidación das medidas e as actuacións xa en marcha senón que, seguindo o esquema e recomendacións formuladas polo Consello de Contas, incorporará todos os elementos que como mínimo, permitan consolidar no sector público autonómico un sistema sólido e avanzado de integridade, obxectividade, eficiencia e transparencia no funcionamento da Administración pública galega e no desempeño da función pública.

II.2. DOS ORGANISMOS AUTÓNOMOS

INSTITUTO GALEGO DE ESTATÍSTICA (IGE)

A actividade do Instituto Galego de Estatística ven determinada polos plans de actuación e programas estatísticos anuais. No 2022 abordaranse os seguintes elementos singulares que se superporán ao seu funcionamento ordinario:

- Elaborar as estatísticas do Programa Estatístico Anual (PEA 2022) que lle correspondan e as que se establezan por convenio con outros organismos públicos. Recollerase nova información sobre habilidades profesionais e sobre uso e extensión das novas tecnoloxías na poboación galega. O impacto provocado polas medidas restritivas derivadas da COVID-19 no traballo e nas relacións familiares e sociais dos fogares galegos, será outra temática a tratar.
- Seguir intensificando o uso estatístico dos rexistros e integralos para construír bases de datos que permitan reducir a carga dos informantes, abaratar custos e dispor de indicadores máis rápidos para a gobernanza.

- Aumentar o valor da información estatística dispoñible e profundar nas análises demografía, social, económica e territorial. En particular, abordarase un estudo sobre o sector pesqueiro.
- Realizar as actividades que se lle encomenden no Plan Anual de Actuación (PAA 2022), complementarias das que lle correspondan do Programa Estatístico Anual (PEA 2022). Proxeccións macroeconómicas 2030, posición cíclica da economía e aplicación do modelo QUEST-R&D á economía galega, serán algunhas.
- Seguir colaborando coa Administración xeral do Estado e as comunidades autónomas para construír un sistema harmonizado de indicadores da Axenda 2030 de desenvolvemento sostible para Galicia.

ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA (EGAP)

A Escola Galega de Administración Pública orienta a súa actuación a garantir o cumprimento, coa máxima eficiencia, dos obxectivos marcados na súa lei de creación.

Neste marco, as principais liñas de actuación en 2022 serán:

- O deseño dunha formación continua específica para todos e cada un dos colectivos de empregados públicos da comunidade autónoma, a través dun plan formativo único.
- A aposta polas diferentes contornas de aprendizaxe, metodoloxías e novas técnicas docentes, co obxectivo de facilitar a formación continua do persoal empregado público e favorecer a conciliación da vida laboral e familiar.
- A adecuación da oferta formativa ás necesidades e aos novos obxectivos das administracións públicas no momento presente, desde un compromiso de transparencia e ética pública.
- O fomento dunha nova Administración máis participativa e colaborativa no contexto post covid, co fin de contribuír á identificación de novas oportunidades, á innovación e ao cambio nas administracións públicas.
- A especial atención á formación específica en materia de teletraballo e emprego público, co fin de contribuír a que garanta a mesma calidade no servizo e a mellor consecución dos obxectivos da Administración.
- O reforzo da formación no eido da Administración electrónica e da capacitación dixital do persoal empregado público a través dunha programación específica tanto técnica como normativa. Neste punto cómpre destacar que, no marco do Universo Egap Innova, a EGAP desenvolverá sesións exclusivamente prácticas en diversas materias deste ámbito.
- A continuación da programación do Instituto de Economía Pública de Galicia coa impartición de materias relevantes e de actualidade no eido da economía pública con

especial atención ás de carácter transversal, de xeito que se poda testar o interese dos destinatarios da formación na actividade do instituto.

- A oferta de formación específica en materia de igualdade e prevención e loita contra a violencia de xénero dirixida especificamente a concienciar da necesidade de asumir os principios de igualdade e non discriminación.
- A consolidación da Escola como un foro de debate e interlocución entre a Administración e a cidadanía que implicará, entre outras cousas, a impartición de formación práctica e teórica na materia de administración electrónica, tanto para empregados públicos como para a cidadanía en xeral.
- A docencia nas materias obxecto da lexislación administrativa básica en todas as modalidades docentes e para todos os colectivos de empregados públicos.
- A formación en lingua galega e en redacción de documentos técnico-xurídicos nesta lingua para todos os niveis de coñecemento, co obxecto de facer reais e efectivos os dereitos da cidadanía en materia lingüística.
- A aposta pola formación en linguas estranxeiras co fin de dotar ao persoal empregado público da posibilidade de empregar outros idiomas que constitúan unha necesaria ferramenta no desempeño do seu traballo.
- A organización e a impartición dos cursos selectivos para o acceso aos corpos e escalas da Administración autonómica que se determinen, así como o acceso aos corpos de funcionarios locais con habilitación de carácter nacional.
- A continuidade da implicación da EGAP no apoio ao persoal empregado público que decida participar nos procesos selectivos de promoción interna de acordo coas pautas que vaia establecendo a Dirección Xeral da Función Pública.
- A formalización de convenios e a realización de intercambios formativos con organismos semellantes das administracións públicas, a nivel nacional e internacional.
- O fomento da investigación, da documentación e do debate nas materias relacionadas coas administracións públicas, mediante a edición de dúas publicacións científicas periódicas- a Revista Galega de Administración Pública (REGAP) e a revista Administración&Cidadanía- e a publicación de monografías.
- A ampliación, mantemento e difusión do fondo bibliográfico e documental da EGAP, especialmente en soporte electrónico, así como a utilización das novas tecnoloxías para a creación de espazos que favorezan a difusión do coñecemento xerado a partir das actividades organizadas pola escola.
- A convocatoria de bolsas, axudas e premios destinados a fomentar o estudo e a investigación en materias relacionadas coas actividades da Escola e a Administración Pública.
- O desenvolvemento de programas de capacitación e formación para o exercicio da función directiva e predirectiva en colaboración, de ser o caso, con outros centros ou órganos de formación especializados.
- A consolidación e mellora do Sistema Integral de Avaliación da Calidade da Formación da Escola.

II.3. DAS ENTIDADES PUBLICAS INSTRUMENTAIS DE CONSULTA OU ASESORAMENTO

CONSELLO ECONÓMICO E SOCIAL DE GALICIA (CES)

As liñas de acción para o exercicio económico 2022 son atender plenamente as súas actividades, tales como:

1. Ditames de solicitude preceptiva: son aqueles que versen sobre:

   1.1. Anteproxectos de lei, proxectos de decretos lexislativos, plans xerais e sectoriais que regulen materias socio-económicas directamente vinculadas ao desenvolvemento económico e social de Galicia.

   1.2. Anteproxectos de lei ou proxectos de disposicións administrativas que afecten á organización, ás competencias ou funcionamento do consello.

   1.3. Anteproxectos ou proxectos relativos a materias que por precepto expreso dunha lei teñan que serlle consultadas ao consello.
2. Ditames facultativos: son aqueles solicitados polo Consello da Xunta ou polas consellerías.
3. Informes ou estudos por solicitude da Xunta de Galicia:

   3.1. Sobre as reformas de normativa vixente sempre que afecten ao desenvolvemento económico e social.

   3.2. Sobre a elaboración de plans e programas, en relación ás mesmas materias.
4. Informes ou estudos por propia iniciativa:

   4.1. Sobre as reformas da normativa vixente coa intención de mellorar o desenvolvemento económico e social da comunidade.

   4.2. Sobre a elaboración dos plans e programas, co mesmo obxectivo.

   4.3. Sobre as repercusións e adaptacións necesarias que a introdución das novas tecnoloxías impoñan no sistema económico e social galego.

   4.4. Sobre a execución de plans ou programas de especial transcendencia para o desenvolvemento económico e social de Galicia.
5. Memoria anual:

   5.1. Sobre a situación económica e social de Galicia.

   5.2. Sobre as recomendacións ou orientacións, se é o caso, acerca da política orzamentaria.
6. Organización de Xornadas de Estudo sobre materias propias do ámbito de funcións que incumben ao CES.
7. Realización de publicacións sobre materias de interese relativas á área socioeconómica.
8. Presenza institucional en foros de discusión ou de colaboración que podan resultar de interese para o organismo.

II.4. DAS AXENCIAS PÚBLICAS AUTONÓMICAS

AXENCIA TRIBUTARIA DE GALICIA (ATRIGA)

A actividade da Axencia Tributaria de Galicia para o 2022 ven determinada polo desenvolvemento das funcións previstas no seu Estatuto, de acordo co previsto no Decreto 202/2012, e concretamente:

- Dar cumprimento ás previsións orzamentarias do estado de ingresos nos tributos de competencia da Comunidade Autónoma de Galicia: tributos propios e tributos cedidos polo Estado.
- Levar a iniciativa nas modificacións lexislativas en materia tributaria.
- Incrementar a eficacia e eficiencia na aplicación dos tributos e a loita contra a fraude fiscal a través da mellora do tratamento da información e dos procesos de control, a racionalización e modernizacións dos procedementos internos e a detección de áreas de risco (Plan de Control Tributario).
- Mellorar a información e asistencia ao contribuínte orientando a actuación administrativa ao servizo dos cidadáns e á transparencia.
- Consolidar os mecanismos de colaboración coa AEAT, as Administracións Tributarias das restantes comunidades autónomas e a Administración local.
- Promover a alta cualificación do persoal.
- Fomentar e estender a colaboración social e impulsar as novas tecnoloxías, á busca da redución de trámites administrativos e dos custos fiscais indirectos.
- Garantir o funcionamento da sede electrónica da Axencia Tributaria de Galicia con novas funcionalidades e novos servizos.

III. ORZAMENTO DE GASTOS POR PROGRAMA

III.1. PROGRAMAS DE GASTO

III.1.1. PROGRAMA 122A - AVALIACIÓN E CALIDADE DA ADMINISTRACIÓN PÚBLICA:

A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

A Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa configúrase como o órgano central, con ámbito de actuación sobre todas as consellerías e entidades integrantes do sector público autonómico definido pola Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, coa exclusión dos sistemas sanitario, educativo e xudicial, para impulsar actuacións de modernización e reforma administrativa co obxectivo de acadar unha Administración pública eficaz, eficiente e orientada á prestación de servizos de calidade á cidadanía. Corresponderalle tamén a proposta das políticas de mellora da contratación pública da Administración xeral de Comunidade Autónoma e das súas entidades instrumentais.

Impútanse a este programa as actividades tendentes a:

- Avaliar as unidades administrativas da Comunidade Autónoma de Galicia e as entidades do sector público autonómico.
- Impulsar a mellora continua da calidade na prestación dos servizos.
- Racionalizar, simplificar e modernizar os procedementos administrativos, mediante a redución dos trámites accesorios, a redución de cargas administrativas e a promoción da Administración electrónica.
- Coordinar o cumprimento das obrigas de publicidade activa e impulsar as accións que melloren a calidade da información e a accesibilidade en materia de transparencia.
- Xestionar as queixas e as suxestións da cidadanía.

En particular para o ano 2022 os obxectivos estratéxicos da dirección xeral que fundamentarán a actuación están definidos no polo Plan Xeral de Mellora da Calidade dos Servizos do Sector Público Autonómico de Galicia, aprobado polo Consello da Xunta o 4 de marzo de 2021 e o Programa Marco de Integridade Institucional e Prevención de Riscos de Xestión aprobado no Consello da Xunta do 26 de maio de 2021.

NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

1. Busca permanente dos mecanismos eficaces que contribúan a mellorar a calidade dos servizos públicos e, con ela, o grao de satisfacción da cidadanía á que van dirixidos.

Neste eido, cómpre poñer á disposición da cidadanía uns servizos homoxéneos fáciles de utilizar, cuns procedementos administrativos áxiles e uns modelos normalizados que reduzan as cargas administrativas e os tempos de tramitación; e garantir, tanto o acceso electrónico aos servizos públicos, como o coñecemento das persoas usuarias dos seus dereitos e o seu exercicio, en particular, o exercicio do dereito de acceso á información pública, mediante o cumprimento das obrigas de publicidade activa e a reutilización da información pública.

Para coñecer o grao de satisfacción e actuar en consecuencia, cómpre ofrecer un servizo de Oficina de defensa das persoas usuarias que centralice a recepción das súas queixas e suxestións, e propoña as accións correctivas ou de mellora do seu funcionamento dos servizos públicos.

Entre as necesidades de xestión, destacan os traballos de agrupación dos procedementos existentes e de incorporación dos non electrónicos, para intentar acadar unha tramitación electrónica integral no novo contexto da Administración dixital; así como os procesos de avaliación periódica da calidade do sistema de información administrativa.

2. Busca continua da mellora da eficiencia interna do sector público implantando un sistema de rendición de contas dos centros directivos a través de memorias balance da súa actividade e do cumprimento por parte das entidades instrumentais de elaborar e publicar os seus contratos de xestión ou contratos programa.

   Nesta liña resultan cada vez máis necesarias novas formas de traballo administrativo que sistematicen os obxectivos e as tarefas asignadas, cunha especial incidencia respecto do persoal que presta os seus servizos na modalidade do teletraballo derivado do acordo coas organizacións sindicais e publicado o 7 de xaneiro de 2021. Nesta liña configurase como un obxectivo a comezar implantando o rexistro de actividade dos traballadores que actualmente prestan o servizo nesta modalidade..

   Esta busca continua esixe velar pola racionalidade e a simplificación das estruturas orgánicas dos departamentos e das entidades instrumentais, as relacións de postos de traballo, as normas reguladoras dos procedementos administrativos, e as bases e as convocatorias das axudas e subvencións do sector publico autonómico.

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

As actuacións diríxense a todos os centros directivos que conforma a estrutura do goberno galego e a todas as entidades do sector público autonómico galego con independencia da súa localización xeográfica, así como a todos os procedementos e servizos públicos que presta a Administración da Xunta de Galicia. A totalidade da cidadanía galega será a beneficiaria destas accións na medida en que o obxectivo é acadar unha maior eficacia e eficiencia na xestión pública.

DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

A Xunta de Galicia mantén aberta unha axenda de reformas iniciada no ano 2009 e que proseguirá no presente exercicio orzamentario. Tratase dunha axenda de mellora continua -centrada na modernización da Administración autonómica- e vertebrada nos ámbitos esenciais, como o da transparencia, a eficiencia na xestión publica, a redución dos trámites, a eliminación de duplicidades, o aproveitamento do potencial tecnolóxico, a simplificación das estruturas e das cargas administrativas ou a mellora do marco de regulación, entre outras.

O compromiso da Administración autonómica cunha política de integridade tivo un avance relevante no ano 2015 coa aprobación do Programa de impulso democrático.

Este programa, aprobado polo Consello da Xunta na súa reunión do 27 de xaneiro de 2015, constitúe o punto de partida na adopción de medidas cualificadas de rexeneración democrática e exemplaridade coa proposta de aprobación de cinco leis e 50 medidas no eido da participación cidadá e dos partidos políticos, con medidas de control externo e medidas no ámbito interno do propio goberno e da propia Administración.

A Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico supuxo un importante impulso na área de simplificación e racionalización, tanto do sector público, como dos procedementos administrativos.

A Lei 1/2015, do 1 de abril, de garantía da calidade dos servizos públicos e da boa administración, supuxo un cambio de tendencia no ámbito da modernización na Administración autonómica de Galicia; estableceu cambios na organización e no xeito de desenvolver a actividade administrativa sobre as novas bases que deben presidir as relacións entre a Administración e a sociedade en xeral, e porque se enfocou na prestación de servizos á cidadanía e nas formas de ofrecelos a partir da aplicación dos principios de boa administración, mellora continua, proximidade e fomento da participación cidadá nos asuntos públicos, e simplificación administrativa.

Especial relevancia ten a aprobación da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, que ademais de incrementar as obrigas de publicidade activa e regular o dereito de acceso á información pública por parte de calquera cidadá, aumentou as obrigas de transparencia dos altos cargos.

Múltiples iniciativas que converxen nun único propósito final: mellorar a xestión e incrementar a calidade dos servizos e prestacións que reciben os cidadáns de Galicia.

Nesta lexislatura recen comezada, tanto o Plan Xeral de Mellora da Calidade dos Servizos do Sector Público Autonómico de Galicia como o Programa Marco de Integridade Institucional e Prevención de Riscos de Xestión realizan un diagnostico da situación de partida e todas as medidas e accións están dirixidas a paliar as debilidades.

No que se refire a publicidade activa e transparencia o portal de transparencia recibiu no ano 2021 un total 711.787 visitas con mais de 239.100 visitantes diferentes.

En materia de simplificación informáronse 497 procedementos incluídos en 380 normas cun promedio de 9,21 días de tramitación para procedemento.

O Sistema Integrado de Atención a Cidadanía resolveu 1.532 queixas e suxestións.

DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

- Plan Xeral de Mellora da Calidade dos Servizos do Sector Público Autonómico de Galicia, aprobado polo Consello da Xunta o 4 de marzo de 2021.
- Programa Marco de Integridade Institucional e Prevención de Riscos de Xestión aprobado no Consello da Xunta do 26 de maio de 2021.
- Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno (DOG nº 30, do 15 de febreiro de 2016).
- Lei 1/2015, do 1 de abril, de garantía da calidade dos servizos públicos e da boa administración (DOG nº 81, do 30 de abril de 2015).
- Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico (DOG nº 17, do 27 de xaneiro de 2014).
- Decreto 11/2021, do 21 de xaneiro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Facenda e Administración Pública.
- Decreto 97/2020, do 25 de xuño, polo que se regulan determinados instrumentos para a xestión, a avaliación, a supervisión e a mellora da calidade no sector público autonómico de Galicia.
- Decreto 129/2016, do 15 de setembro, polo que se regula a atención á cidadanía no sector público autonómico de Galicia.
- Decreto 48/2014, do 30 de abril, polo que se autoriza o vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza para adaptar e incorporar á sede electrónica os procedementos administrativos da Xunta de Galicia (DOG nº 83, do 2 de maio).
- Orde do 7 de decembro de 2012 pola que se regula a tarxeta de acreditación especial de empregados públicos do sector público autonómico.
- Orde do 25 de maio de 2011 pola que se regula a tarxeta do persoal ao servizo do sector público autonómico
- Resolución do 8 de setembro de 2014, conxunta da Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa e da Dirección Xeral da Función Pública, pola que se dá publicidade ao Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 24 de xullo de 2014 polo que

se aproba o Código ético institucional da Xunta de Galicia (DOG nº 179, do 19 de setembro de 2014).

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

Racionalización, reordenación e reestruturación do sector público autonómico de Galicia. Simplificación, redución de cargas administrativas, incremento da transparencia e mellora da calidade e eficiencia na prestación dos servizos públicos, nun marco de integridade institucional.

B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres	
Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa con actividades non dirixidas especificamente ás persoas, aínda que teñen impacto sobre elas como beneficiarias indirectas das accións (programas que actúan sobre o territorio, o medioambiente, a sociedade no seu conxunto, etc)	
Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión	X

IDENTIFICACIÓN DUN OU VARIOS OBXECTIVOS EN MATERIA DE IGUALDADE PRESENTES NA NORMATIVA E PLANS VIXENTES E QUE SON DE APLICACIÓN NO DESENVOLVEMENTO DAS ACCIÓN CONTEMPLADAS NESTE PROGRAMA

Incorporación da transversalidade de xénero na actuación xeral do departamento	X
Información, sensibilización e educación para a igualdade de mulleres e homes	

Transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade	
Igualdade no acceso ao emprego, na formación e na promoción profesionais e nas condicións de traballo	
Fomento, directa ou indirectamente, da iniciativa empresarial das mulleres	
Promoción da plena incorporación das mulleres á Sociedade da Información	
Incorporación do principio de igualdade nas políticas urbanas, de ordenación territorial e vivenda	
Promoción do reparto equitativo dos tempos entre mulleres e homes que facilite a conciliación e a corresponsabilidade	
Promoción da igualdade e da participación activa das mulleres en todos os ámbitos da sociedade (cultura, educación, política, economía, deporte, saúde, etc.)	
Participación das mulleres no desenvolvemento rural	
Accións dirixidas á integración de mulleres en risco ou en situación de pobreza ou exclusión social	
Accións dirixidas á prevención e á loita contra a violencia de xénero	
Outros (especificar)	

C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa.

III.1.2. PROGRAMA 122B - FORMACIÓN E PERFECCIONAMENTO DO PERSOAL DA ADMINISTRACIÓN DA COMUNIDADE AUTÓNOMA:

A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

A Escola Galega de Administración Pública orientará a súa actuación a garantir o cumprimento, coa máxima eficiencia, dos obxectivos marcados na súa lei de creación. Así, procurará consolidar a súa oferta formativa, mesmo ampliándoa, optimizando os recursos dispoñibles.

Baixo esta premisa, algunhas das necesidades que atenderá o programa son as seguintes:

A necesidade de deseñar unha formación específica, o que se acadará a través dun plan formativo único para todos e cada un dos colectivos de empregados públicos da comunidade autónoma.

A necesidade de modernizar e mellorar a eficiencia no traballo do persoal das distintas administracións, para o cal se ofertará unha formación común, pero tamén uns contidos diferenciados e específicos adecuados ás necesidades de cada colectivo que atenda ás especificidades e aos desafíos concretos que se lle presentan ao persoal de cada Administración. En tal sentido ofertarase a formación en lexislación administrativa básica e en toda a normativa incidente na Administración pública e no seu funcionamento e en particular, polas necesidades derivadas do actual contexto no que nos atopamos, prestarase especial atención á materia de teletraballo e emprego público.

A necesidade de conciliar a vida laboral e familiar dos empregados públicos, para o cal a EGAP aposta, a partir de criterios de innovación pedagóxica, polas diferentes contornas de aprendizaxe, novas técnicas docentes e metodoloxías de carácter flexible, entre as que están a autoformación e a teleformación, ou o uso de sistemas de videoconferencia e telepresenza, configurándose a pluralidade de formatos, modalidades e metodoloxías de ensino como unha das liñas distintivas da acción formativa da EGAP.

A necesidade de capacitación e actualización constante dos coñecementos do persoal empregado público e, en relación con ela, a de que se presten uns servizos de calidade á sociedade, para o cal a EGAP adecuará a súa oferta formativa ás necesidades e aos novos obxectivos das administracións públicas, desde un compromiso de transparencia e ética pública.

A necesidade de fomentar unha nova Administración máis participativa e colaborativa no contexto post covid, co fin de contribuír á identificación de novas oportunidades, á innovación e ao cambio nas administracións públicas, o que se logrará mediante a realización de obradoiros prácticos denominados comunidades de práctica nos que os empregados e empregadas públicos poderán intercambiar experiencias de innovación e poñer en común novas destrezas adquiridas no exercicio das súas competencias.

A necesidade de consolidar e facer efectivos os fins da administración electrónica en Galicia, para o que se convocarán cursos superiores na materia e desenvolveranse, no marco do Universo Egap Innova, sesións exclusivamente prácticas en materias coma certificado dixital, sede electrónica, sinatura electrónica, facturación electrónica ou contratación electrónica e Silex. O anterior complementarase con pílulas formativas en forma de vídeo titoriais e comunidades de práctica.

A necesidade de continuar coa programación do Instituto de Economía Pública de Galicia coa impartición de materias relevantes e de actualidade no eido da economía pública con especial atención ás de carácter transversal, de xeito que se poda testar o interese dos destinatarios da formación na actividade do instituto.

A necesidade de concienciar ao persoal empregado público do respecto aos principios de igualdade e non discriminación como principios básicos da nosa sociedade para o cal contarase cun plan de formación específico deseñado ao abeiro do programa deseñado en virtude do

disposto polo Decreto 70/2017, do 13 de xullo, polo que se regula a formación en igualdade e prevención e loita contra a violencia de xénero do persoal ao servizo da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.

A necesidade de que o persoal empregado público e a sociedade en xeral conte cun foro de debate e interlocución, o que se conseguirá a través da realización de actividades divulgativas, tales como xornadas, cursos monográficos, congresos, seminarios e conferencias en materias de interese para as administracións públicas e a sociedade no seu conxunto, con especial atención ás novidades normativas, e aos retos que se lles presentan actualmente ás administracións públicas.

A necesidade de formación na lingua galega, reforzando a misión da escola de difundir e normalizar o idioma galego na Administración pública e de contribuír á capacitación lingüística do seu persoal, co obxecto de facer reais e efectivos os dereitos da cidadanía en materia lingüística, mediante a realización de actividades destinadas ao persoal das distintas administracións e o incremento do uso dos medios telemáticos na formación en lingua galega.

A necesidade de formación en linguas estranxeiras co fin de dotar ao persoal empregado público da posibilidade de empregar outros idiomas dos países da nosa contorna que constitúan unha ferramenta necesaria no desempeño do seu posto de traballo.

A necesidade de continuar apoiando ao persoal empregado público que decida participar nos procesos selectivos de promoción interna. En tal sentido, a EGAP profundará na organización de actividades que resulten de utilidade para que o dito persoal conte con material de apoio e ferramentas suficientes, así como coa titorización de persoas expertas de cara a preparar adecuadamente as probas selectivas que se prevexan para a promoción interna na Xunta de Galicia.

A necesidade de internacionalizar a actividade formativa de cara a ampliar a dita actividade e aforrar custos, para o que se asinarán convenios e acordos para a realización de intercambios formativos con organismos semellantes das Administracións públicas, a nivel nacional e internacional.

A necesidade de lograr o maior grao de difusión, ampliación, mantemento e difusión do coñecemento xerado a partir das actividades organizadas pola Escola, para o que se aposta especialmente pola utilización das tecnoloxías da comunicación e a información de cara a crear espazos que favorezan a posta á disposición dos interesados do fondo bibliográfico e documental da EGAP.

A necesidade de incorporar a opinión dos distintos axentes participantes no proceso formativo e de tomar en consideración as peculiaridades de cada modalidade de impartición para adecuar a formación ás necesidades reais e ás expectativas das persoas usuarias, o que se logra mediante un Sistema Integral de Avaliación da Calidade da Formación da Escola.

A necesidade de contar con programas de capacitación e formación para o exercicio da función directiva de actividades dirixidas á formación dos cadros de persoal directivo das adminis-

tracións públicas e predirectiva –actividades formativas para xefes/as de sección e negociado- na Administración, así como de organizar e impartir cursos selectivos para o acceso aos corpos e escalas da Administración autonómica que se determine, así como o acceso aos corpos de funcionarios locais con habilitación de carácter estatal.

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

A Escola ofrece formación aos seguintes colectivos: empregados públicos ao servizo da Administración autonómica da Comunidade Autónoma de Galicia (18.809 persoas), empregados públicos da Administración local (26.230 persoas), empregados de xustiza transferidos á comunidade autónoma (2.930 persoas), persoal da administración e servizos do Sistema Universitario de Galicia (PAS) (2.714 persoas). En total, a EGAP atende ás demandas de formación de 50.683 empregados públicos. Por outra banda a EGAP tamén é un organismo aberto á sociedade, especialmente por tratar daqueles temas de actualidade e de especial interese social, desenvolvéndoos a través de xornadas, seminarios e a súa páxina web, instrumentos aos que pode acceder calquera persoa allea á Administración.

DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

A EGAP elabora para cada un dos colectivos mencionados anteriormente (Administración autonómica, local, xustiza e PAS) -e en estreita colaboración co persoal que os representa a estes efectos- un programa de formación específico que se integra, no caso dos tres primeiros colectivos, no plan de formación da EGAP. O devandito plan de formación, así como o programa que se aproba para o PAS mediante convenio coas tres universidades do Sistema Universitario de Galicia, materialízanse en convocatorias de cursos que se publican no DOG. A través das actividades convocadas, a escola forma persoal empregado público tanto con materias de carácter transversal (procedemento administrativo, ofimática, lingua galega, idiomas estranxeiros, xénero etc.), que incrementan a súa capacitación profesional -promovendo o seu desenvolvemento persoal e facilitando a súa mobilidade e promoción profesional- como con outras materias específicas máis estreitamente relacionadas cos diversos ámbitos de traballo da Administración.

Este programa de gasto reflicte o esforzo realizado de cara a consolidar a impartición da formación de acordo con criterios de racionalización e eficiencia no gasto público, criterios que permiten manter, en todo caso, tanto os niveis de calidade na prestación do servizo coma as diferentes liñas de acción do organismo e tanto no ámbito da formación coma no ámbito da investigación e divulgación.

DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

- Lei 4/1987, do 27 de maio, de creación da Escola Galega de Administración Pública (DOG nº. 143, do 2 de xuño), modificada pola Lei 10/1989, do 10 de xullo (DOG nº 141, do 24 de xullo de 1989).
- Decreto 306/1990, do 24 de maio, polo que se aproba o regulamento de organización e funcionamento da EGAP (DOG nº 141, do 12 de xuño).
- Decreto 52/2013, do 14 de marzo, polo que se establece a estrutura orgánica da Escola Galega de Administración Pública (DOG nº 62, do 1 de abril).
- Decreto 294/1992, do 10 de setembro, que regula o diploma de directivo (DOG nº 208, do 26 de outubro), modificado polo Decreto 1/1995, do 12 de xaneiro (DOG nº 9, do 13 de xaneiro de1995) e polo Decreto 319/1996, do 26 de xullo (DOG nº 153, do 6 de agosto de 1996) e polo Decreto 172/2011, do 4 de agosto (DOG nº 159, do 22 de agosto de 2011).
- Resolución do 4 de xaneiro de 2008, pola que se actualizan os criterios de participación nas actividades formativas da Escola Galega de Administración Pública (DOG nº 7, do 10 de xaneiro de 2008).
- Acordo de Formación para o Emprego das Administracións Públicas do 9 de marzo de 2018 (BOE nº 74, do 26 de marzo).
- Decreto 13/2014, do 30 de xaneiro, polo que se crea a Comisión Paritaria de Formación Local da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG nº 29, do 12 de febreiro de 2014).
- Decreto 70/2017, do 13 de xullo, polo que se regula a formación en igualdade e prevención e loita contra a violencia de xénero do persoal ao servizo da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Resolución do 8 de maio de 2020 pola que se aproban as bases reguladoras e se convocan subvencións, en réxime de concorrencia competitiva e en réxime de concorrencia non competitiva, destinadas ao financiamento de plans de formación das entidades locais de Galicia para o ano 2020, no marco do Acordo de formación para o emprego das administracións públicas (DOG nº 96, do 19 de maio).

As actuacións desenvólvense, así mesmo, no marco dos seguintes plans estratéxicos da Administración autonómica:

- Estratexia Galega de Cambio Climático e Enerxía 2050.
- VIII Plan Estratéxico de Galicia para a igualdade entre mulleres e homes 2021- 2027.
- Plan Galego contra a trata de seres humanos con fins de explotación sexual 2021-2024.

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

Mediante as diferentes actividades formativas, a EGAP procura a capacitación profesional do persoal empregado público coa finalidade non só de mellorar o seu rendemento laboral e de facilitar a súa mobilidade dentro da Administración, senón tamén de ofrecer un mellor servizo á sociedade.

Ademais, a EGAP, a través das diferentes actividades de divulgación (xornadas, seminarios, edición de publicacións) pretende achegar á sociedade en xeral aqueles temas relacionados coa Administración que poidan ser do seu interese, e facilitar a comprensión das diferentes novidades normativas.

Finalmente, a escola traballa con diferentes iniciativas relacionadas coa detección de necesidades formativas, a calidade e a satisfacción dos usuarios e das usuarias, que contribúen a mellorar non só a formación, senón que tamén axudan a racionalizar os procesos de xestión.

B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres	
Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres	X
Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa con actividades non dirixidas especificamente ás persoas, aínda que teñen impacto sobre elas como beneficiarias indirectas das accións (programas que actúan sobre o territorio, o medioambiente, a sociedade no seu conxunto, etc)	
Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión	

BREVE DESCRICIÓN DO PROGRAMA DENDE A PERSPECTIVA DE XÉNERO

A Escola Galega de Administración Pública vén desenvolvendo actividades de formación sobre igualdade e violencia de xénero dirixidas a todos os colectivos do persoal da administración, que se imparten a través das distintas metodoloxías de ensino, co propósito de achegar a forma-

ción nesta materia ao maior número posible de destinatarios. Hai que destacar o incremento da oferta formativa nesta materia que se vén producindo nos últimos anos e tamén a diversificación dos contidos.

As actuacións da EGAP neste eido víñanse enmarcando no Plan Galego para a igualdade entre mulleres e homes, e desenvólvense tamén ao abeiro da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, achegando periodicamente datos acerca da actividade formativa da EGAP cos que avaliar a súa contribución neste eido. Pero esta formación ten dende o ano 2019 un novo alicerce que ven constituído polo Decreto 70/2017, do 13 de xullo, polo que se regula a formación en igualdade e prevención e loita contra a violencia de xénero do persoal ao servizo da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia. Neste decreto establecese a obriga de que os centros encargados da formación do persoal empregado público deseñen e executen plans de formación en igualdade entre mulleres e homes e prevención e loita contra a violencia de xénero. Estes plans deberán ter en conta a estrutura desta formación en tres niveis (básico, medio e superior), polo que a formación impartida pola EGAP nesta materia adecuarase a este esquema e adaptará o volume da súa acción formativa aos prazos de referencia recollidos na referida norma.

Ademais da formación especificamente centrada en materia de igualdade, incorpóranse este tipo de contidos nos programas doutras actividades formativas, co propósito de que o alumnado poida formarse en contidos xenéricos respecto do xénero e a igualdade. Trátase, en definitiva, de achegar os conceptos básicos en materia de igualdade de oportunidades e as ferramentas necesarias para integrar a perspectiva de xénero no traballo cotián do persoal empregado público.

Así, nas actividades que organiza a escola abórdase a igualdade desde unha perspectiva xurídica, para coñecer o marco legal das políticas de igualdade e aténdese especificamente á igualdade nas administracións públicas, mediante o estudo da avaliación do impacto de xénero e os instrumentos de intervención nesta materia.

Porén, a formación neste eido non se circunscribe á igualdade no contexto da Administración pública, senón que tamén se forma ao persoal desde a perspectiva de xénero noutros ámbitos, para fomentar a igualdade en todos os contextos.

Así mesmo, seguirá a desenvolverse un módulo sobre políticas de igualdade nas actividades formativas de maior impacto e que procuran unha capacitación xeral e multidisciplinar do persoal empregado público, co propósito de incorporar a cuestión de xénero como unha materia transversal á formación daquel. Por outra banda, e para promover a igualdade no acceso á formación de todo o persoal ao servizo da Administración, a EGAP asígnaselle unha puntuación adicional no baremo de selección ás persoas que gozasen dun permiso de maternidade ou doutro proxenitor distinto da nai biolóxica, así como dunha redución de xornada ou dunha excedencia para o coidado de familiares, favorecendo así a súa preferencia no acceso ás actividades de formación.

Polo que se refire ás actividades formativas organizadas pola EGAP durante o ano 2020 poden extraerse os seguintes datos:

- % de mulleres que participaron nas actividades formativas: 72%.

Así pois, do total do alumnado que participou nas actividades formativas da EGAP en 2020, un 72% foron mulleres, o que vén dar conta do elevado grao de participación das empregadas públicas no conxunto da formación desenvolta pola escola.

Se atendemos de xeito diferenciado aos distintos colectivos de empregados públicos aos que se dirixe a formación da EGAP, atopamos que, nos cursos dirixidos ao persoal ao servizo da Administración da Comunidade Autónoma e á Administración institucional e dos entes instrumentais do sector público de Galicia, o 70,36% son mulleres. No caso das actividades para o persoal ao servizo da Administración local, un 67,61% dos participantes foron mulleres.

Hai que destacar tamén a elevada presenza feminina nas actividades dirixidas ao persoal da Administración de xustiza, cun 75,21% de mulleres. Finalmente, no caso das actividades que desenvolve a EGAP dirixidas ao persoal de Administración e Servizos (PAS) das universidades galegas, atopamos que un 71,97% das persoas que participaron nas ditas actividades foron mulleres.

- Nº de cursos impartidos en 2020 en materias especificamente relacionadas coa igualdade ou a prevención da violencia de xénero: 45 edicións de 11 cursos.

NOME DO CURSO	EDICIÓNS	HORAS POR EDICIÓN	PERSOAS PARTICIPANTES (DESAGREGADO POR SEXO SE É POSIBLE)
Linguaxe administrativa non sexista e imaxe igualitaria na práctica da xestión pública	5	30 horas	Total=291 Mulleres=214
Formación básica para a sensibilización e prevención da violencia de xénero	10	20 horas	Total= 481 Mulleres= 368
Formación básica en igualdade de xénero nas administracións públicas	4	20 horas	Total= 270 Mulleres=195
Básico en igualdade e prevención e loita contra a violencia de xénero	10	20 horas	Total=490 Mulleres=360
Sexting, sextorsión, violencia de xénero dixital	6	20 horas	Total=298 Mulleres=240
Igualdade de xénero: perspectiva xurídica	1	21 horas	Total=13 Mulleres=13
Violencia de xénero	1	21 horas	Total= 20 Mulleres= 15
O enfoque de xénero no deseño, execución e avaliación de plans, programas e proxectos	4	25 horas	Total= 162 Mulleres= 128
Ser a líder: o liderado e autoliderado feminino	1	12 horas	Total= 26 Mulleres= 26
Módulo II. Violencia de xénero e familiar. Tramitación	1	30 horas	Total= 50 Mulleres= 42
Curso monográfico Coeducación emocional como ferramenta para promover a igualdade	1	15 horas	Total= 49 Mulleres= 47

- Nº cursos impartidos en 2020 nos que existe un módulo de igualdade: 6 cursos (6 edicións)

NOME DO CURSO	EDICIÓNS	HORAS POR EDICIÓN	PERSOAS PARTICIPANTES (DESAGREGADO POR SEXO SE É POSIBLE)
Manual de estilo do Diario Oficial de Galicia e outras publicacións institucionais	1	2(*)	Total=49 Mulleres=29
Conciliación da vida persoal, familiar e laboral	1	30	Total= 45 Mulleres= 32
Contratación estratéxica	1	35	Total= 76 Mulleres= 57
Operacións cofinanciadas polos POs FSE Galicia e POEX 2014-2020	1	15	Total= 20 Mulleres= 15
Os dereitos fundamentais na atención ás persoas en situación de vulnerabilidade social: evitar a discriminación, a aporofobia e o edadismo	1	16	Total= 20 Mulleres= 20
Asistencia xurídica gratuíta	1	20	Total= 50 Mulleres= 32

(*) As horas reflectidas na táboa refírense ao módulo de igualdade. A duración total foi de 20 horas para o curso de Manual de estilo do Diario Oficial de Galicia e outras publicacións institucionais.

Por outra parte, entre o conxunto do persoal docente da EGAP, isto é, os titores/as das actividades en liña e os docentes da formación presencial, rexistramos así mesmo unha notable presenza feminina, sendo un total de 150 as mulleres que participaron como colaboradoras docentes da EGAP ao longo do 2020.

IDENTIFICACIÓN DUN OU VARIOS OBXECTIVOS EN MATERIA DE IGUALDADE PRESENTES NA NORMATIVA E PLANS VIXENTES E QUE SON DE APLICACIÓN NO DESENVOLVEMENTO DAS ACCIÓN CONTEMPLADAS NESTE PROGRAMA

Incorporación da transversalidade de xénero na actuación xeral do departamento	X
Información, sensibilización e educación para a igualdade de mulleres e homes	X
Transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade	X
Igualdade no acceso ao emprego, na formación e na promoción profesionais e nas condicións de traballo	X
Fomento, directa ou indirectamente, da iniciativa empresarial das mulleres	
Promoción da plena incorporación das mulleres á Sociedade da Información	
Incorporación do principio de igualdade nas políticas urbanas, de ordenación territorial e vivenda	
Promoción do reparto equitativo dos tempos entre mulleres e homes que facilite a conciliación e a corresponsabilidade	X

Promoción da igualdade e da participación activa das mulleres en todos os ámbitos da sociedade (cultura, educación, política, economía, deporte, saúde, etc.)	
Participación das mulleres no desenvolvemento rural	
Accións dirixidas á integración de mulleres en risco ou en situación de pobreza ou exclusión social	
Accións dirixidas á prevención e á loita contra a violencia de xénero	
Outros (especificar)	

IDENTIFICACIÓN DAS ACTIVIDADES PREVISTAS DIRECTAMENTE RELACIONADAS COA PROMOCIÓN DA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES, INDICANDO PARA CADA UNHA, AS PERSOAS ÁS QUE ESTÁ DIRIXIDA. INDICAR, NO CASO DE DISPOR DESTES DATOS, AS PRINCIPAIS CARACTERÍSTICAS DAS ORGANIZACIÓNS (TIPO, ÁMBITO TERRITORIAL, ETC.) OU PERSOAS (IDADE, NIVEL EDUCATIVO, ETC.), DESTINATARIAS DAS ACCIÓNS.

Formación do persoal ao servizo da Administración pública para a aplicación do principio de igualdade e a prevención da violencia de xénero, convocando un programa formativo completo e actualizado de actividades formativas relacionadas especificamente coa igualdade e a prevención e loita contra a violencia de xénero. Este programa formativo vén reforzar a actividade da Escola neste eido a través dunha importante oferta do número de accións específicas e de prazas de formación, co propósito de que o maior número de empregados/as públicos, das distintas administracións publicas da comunidade autónoma poida acceder a unha formación específica sobre estes contidos; e contribuír así, a través da capacitación do persoal, a integrar a igualdade de oportunidades de forma transversal nas actuacións das administracións públicas de Galicia.

Mellora da conciliación dos empregados/as públicos, a través da potenciación da formación baseada no uso dos medios telemáticos, isto é a teleformación, telepresenza, mixta, autoformación… O desenvolvemento dun maior número de actividades formativas baseadas no uso das TIC, ao reducir os desprazamentos e posibilitar unha mellor organización do tempo, contribúe a mellorar a conciliación, e promover, deste xeito, que todos os empregados/as públicos poidan acceder á formación nas mellores condicións, aproveitando todas as potencialidades que brindan as novas tecnoloxías.

Proxección do principio de igualdade nos distintos ámbitos de actuación da Administración pública.

Recollida da perspectiva de xénero nas estatísticas, memorias, informes e noutro tipo de material divulgativo que edite a EGAP; e incorporación así mesmo, de indicadores específicos en materia de igualdade que posibiliten comprobar os avances nesta materia no conxunto da actividade formativa da EGAP (tales como o número de actividades formativas realizadas na materia,

o número de persoas formadas nestes contidos, achegando os datos de xeito desagregado por sexo...).

PREVISIÓN E VALORACIÓN DOS POSIBLES EFECTOS DO PROGRAMA SOBRE UN E OUTRO SEXO E SOBRE A IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE MULLERES E HOMES.

Con este programa conséguese de maneira efectiva a igualdade de trato e oportunidades no acceso á formación de todo o persoal ao servizo da Administración autonómica e local. Así mesmo, téñense en conta as diferenzas que seguen existindo entre mulleres e homes respecto á asunción das responsabilidades familiares, polo que ao ofertar un porcentaxe considerable da actividade formativa na modalidade de teleformación ou telepresenza, estase a favorecer a conciliación e a corresponsabilidade.

Ademais, ao incluír módulos específicos sobre igualdade en cursos de temática xenérica promóvese a conciencia de que se debe aplicar a perspectiva de xénero de xeito transversal nas diferentes áreas competenciais da Xunta de Galicia.

SINALAR OS PRINCIPAIS RESULTADOS DO PROGRAMA, DENDE O PUNTO DE VISTA DO XÉNERO, NO EXERCICIO 2020

Número de edicións convocadas: 44

Horas de formación impartidas: 949

Persoas formadas: 2150

Mulleres formadas: 1648 (76,65% do total)

INDICAR SE SE TEÑEN IMPLANTADO NOVAS ESTRATEXIAS PARA UNHA MELLOR INCORPORACIÓN DA PERSPECTIVA DE XÉNERO NA XESTIÓN, DESENVOLVEMENTO E AVALIACIÓN DAS ACCIÓNS QUE FINANCIA O PROGRAMA DE GASTO. EN CASO AFIRMATIVO, FACER UNHA BREVE DESCRICIÓN.EN CASO NEGATIVO INDICAR AS DIFICULTADES ATOPADAS PARA LEVALO A CABO.

Implantáronse as seguintes estratexias:

1. Realización dunha convocatoria de actividades de formación en materia de igualdade e violencia de xénero independente da convocatoria xeral. Esta forma de xestionar as convocatorias permite a este organismo facer énfase nestas actividades que non só perseguen formar senón tamén sensibilizar e concienciar ao persoal empregado público sobre a importancia de ter unha cultura de traballo baseada na igualdade. Así mesmo, permitirá obter unha información máis directa e específica sobre o interese e a satisfacción que estas actividades en concreto espertan sobre o persoal empregado público e facer un seguimento do grao de cumprimento do Decreto 70/2017, do 13 de xullo, polo que se regula a formación en igualdade e prevención e loita contra a violencia de xénero do persoal ao servizo da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.
2. Recollida sistemática de datos desagregados por sexo acerca dos empregados/as públicos que cursaron actividades formativas na EGAP. A Escola conta actualmente cunha base de datos que permite desagregar por sexo a información relativa aos empregados/as públicos que cursaron actividades formativas na correspondente anualidade, atendendo aos distintos colectivos de persoal e ás diversas modalidades de formación. Se ben anteriormente só se dispuña de información desagregada por sexo relativa ás persoas que cursaron formación especificamente en materia de igualdade e prevención da violencia de xénero, desde 2021 esta información diferenciada por razón de sexo fíxose extensiva ao conxunto da actividade formativa da EGAP; posibilitando así dispoñer de información diferenciada acerca do número de mulleres e homes que se forman nos distintos contidos e modalidades de formación.

C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Escola Galega de Administración Pública.

III.1.3. PROGRAMA 124A - DIRECCIÓN, MODERNIZACIÓN E XESTIÓN DA FUNCIÓN PÚBLICA:

A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

A finalidade deste programa é levar a cabo as funcións propias deste centro directivo, que se concretan nas seguintes:

- Tramitación de procesos selectivos en todas as súas fases.
- Tramitación de procesos de contratación temporal.
- Procesos de provisión: concursos de traslados de persoal laboral e funcionario.
- Subvencións aos comités de empresa.

- Resolución das situacións administrativas e demais do persoal funcionario, laboral da Administración da comunidade autónoma previstas na Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia e no Convenio colectivo único da Xunta de Galicia.
- Emitir os informes previos en relación coas retribucións e, en xeral, con calquera autorización de melloras retributivas, individuais e colectivas, que afecten ao persoal ao servizo da comunidade autónoma.
- Coordinación, información e participación nos órganos correspondentes relativos ás relacións laborais do persoal ao servizo da Xunta de Galicia.
- A inscrición no rexistro central de persoal de todos os actos que afecten á vida administrativa do persoal da súa competencia.
- A clasificación de órganos de selección de persoal e fixación do límite máximo de asistencias que percibirán os membros de tales órganos.
- A xestión dos rexistros de altos cargos.
- A tramitación dos expedientes de incompatibilidades dos membros da Xunta de Galicia e altos cargos da Administración autonómica sometidos á Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.
- Mantemento e xestión do rexistro de persoal eventual da Xunta de Galicia.
- A emisión dos informes preceptivos e previos que sobre os proxectos de disposicións que afecten en materia de réxime de persoal.
- Rexistro do persoal directivo.

NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

Racionalización e control do persoal ao servizo da Administración autonómica.

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

Persoal do sector público autonómico.

DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

Pártese dunha situación na que o persoal se ve afectado pola reorganización do sector público autonómico derivado fundamentalmente da Lei 16/2010.

DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

- Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia e Convenio colectivo único para o persoal laboral da Xunta de Galicia.
- Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.
- Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións públicas.
- Lexislación sobre igualdade de xénero.

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

Racionalización e optimización dos efectivos.

B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres	
Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres	X
Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa con actividades non dirixidas especificamente ás persoas, aínda que teñen impacto sobre elas como beneficiarias indirectas das accións (programas que actúan sobre o territorio, o medioambiente, a sociedade no seu conxunto, etc)	
Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión	

BREVE DESCRICIÓN DO PROGRAMA DENDE A PERSPECTIVA DE XÉNERO

O principal obxectivo deste programa orzamentario dende o punto de vista da perspectiva de xénero é o de manter e avanzar na consecución dunha administración autonómica máis igualitaria.

Os principais indicadores que se poden utilizar para facer unha análise da situación actual aplicando a perspectiva de xénero son: porcentaxe de mulleres e homes que son persoal ao servizo da Administración pública autonómica, porcentaxe de mulleres e homes que desempeñan postos directivos na administración, porcentaxe de mulleres e homes que desempeñan altos cargos na administración autonómica, porcentaxe de mulleres e homes que participan nos procesos selectivos e porcentaxe diferenciado de mulleres e homes que superan ditos procesos e polo tanto acceden a un emprego público.

No caso do acceso á función pública, a desagregación deses datos por sectores de actividade, corpos, escalas ou categorías de acceso, permitiría detectar aqueles sectores onde o grao de paridade no acceso sexa menor.

Para obter esta información que permita facer este análise dende o punto de vista do xénero, a propia administración dispón do Rexistro de Persoal, dos Rexistros de altos cargos, do futuro Rexistro do persoal directivo así como da información de xestión dos procesos selectivos.

Para obter unha visión xeral aínda que sen ter en conta a distribución en canto a niveis de responsabilidade, segundo os datos do IGE, en xaneiro de 2019 o persoal da administración autonómica que prestaba os seus servizos no ámbito das consellerías e os seus organismos autónomos, a docencia non universitaria, institucións sanitarias e administración de xustiza ascendía a 87.420 persoas, das que 62.748 eran mulleres, o que supón o 71,78% do total.

IDENTIFICACIÓN DUN OU VARIOS OBXECTIVOS EN MATERIA DE IGUALDADE PRESENTES NA NORMATIVA E PLANS VIXENTES E QUE SON DE APLICACIÓN NO DESENVOLVEMENTO DAS ACCIÓN CONTEMPLADAS NESTE PROGRAMA

Incorporación da transversalidade de xénero na actuación xeral do departamento	X
Información, sensibilización e educación para a igualdade de mulleres e homes	X
Transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade	
Igualdade no acceso ao emprego, na formación e na promoción profesionais e nas condicións de traballo	X
Fomento, directa ou indirectamente, da iniciativa empresarial das mulleres	
Promoción da plena incorporación das mulleres á Sociedade da Información	
Incorporación do principio de igualdade nas políticas urbanas, de ordenación territorial e vivenda	
Promoción do reparto equitativo dos tempos entre mulleres e homes que facilite a conciliación e a corresponsabilidade	

Promoción da igualdade e da participación activa das mulleres en todos os ámbitos da sociedade (cultura, educación, política, economía, deporte, saúde, etc.)	
Participación das mulleres no desenvolvemento rural	
Accións dirixidas á integración de mulleres en risco ou en situación de pobreza ou exclusión social	
Accións dirixidas á prevención e á loita contra a violencia de xénero	
Outros (especificar)	

IDENTIFICACIÓN DAS ACTIVIDADES PREVISTAS DIRECTAMENTE RELACIONADAS COA PROMOCIÓN DA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES, INDICANDO PARA CADA UNHA, AS PERSOAS ÁS QUE ESTÁ DIRIXIDA. INDICAR, NO CASO DE DISPOR DESTES DATOS, AS PRINCIPAIS CARACTERÍSTICAS DAS ORGANIZACIÓNS (TIPO, ÁMBITO TERRITORIAL, ETC.) OU PERSOAS (IDADE, NIVEL EDUCATIVO, ETC.), DESTINATARIAS DAS ACCIÓNS.

A administración debe desenvolver un tratamento exemplar en canto á introdución do principio de igualdade entre mulleres e homes na súa xestión de recursos humanos, máxime nunha administración pública estatisticamente feminizada en termos xerais, malia que non a todos os niveis.

Por iso vanse desenvolver medidas que favorezan a mellora da acción pública en materia de igualdade de xénero entre o persoal ao servizo da Administración autonómica e con efecto exemplar na sociedade e así fomentarase a flexibilidade horaria no desenvolvemento da xornada de traballo e o teletraballo co obxectivo de favorecer a conciliación da vida familiar, persoal e laboral e a corresponsabilidade.

No terreo do acceso e promoción profesional, manterase a esixencia de coñecemento da normativa en materia de igualdade nos programas dos procesos selectivos e valoraranse os cursos sobre igualdade de xénero nos concursos de emprego público.

Ademais, difundiranse os datos sobre a presenza de mulleres e de homes en cada corpo, escala ou categoría de emprego público.

Todas as actuacións que desenvolve a Dirección Xeral da Función Pública teñen como destinatarios potenciais o conxunto de persoas empregadas públicas na administración autonómica. Ademais, no exercicio das súas competencias relacionadas cos procesos selectivos, as persoas destinatarias son as que participan en ditos procesos para obter un posto de traballo. Debido á inclusión de mecanismos que garanten a aplicación dos principios de igualdade, mérito e capacidade, non existen nestes procesos distincións de xénero e está garantida a composición paritaria dos tribunais.

PREVISIÓN E VALORACIÓN DOS POSIBLES EFECTOS DO PROGRAMA SOBRE UN E OUTRO SEXO E SOBRE A IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE MULLERES E HOMES.

Cumprimento dos obxectivos e das medidas propostas en materia de incorporación da perspectiva de xénero.

C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Dirección Xeral da Función Pública.

III.1.4. PROGRAMA 581A - ELABORACIÓN E DIFUSIÓN ESTATÍSTICA

A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

Este programa inclúe as actividades do Instituto Galego de Estatística (IGE) e das consellerías, a través dos seus órganos estatísticos sectoriais (OES), encadradas nos programas estatísticos anuais (PEA), que desenvolven o Plan Galego de Estatística (PGE 2022-2026).

O obxectivo do plan é desenvolver e consolidar o sistema estatístico e conseguir un conxunto coherente, rigoroso e actualizado de datos, que contribúa ao coñecemento e á análise da realidade, ao tempo que responda ás demandas de información das institucións públicas, dos axentes económicos e sociais e dos cidadáns, axeitándose aos criterios de economía e uso das fontes existentes, minimizando as molestias aos cidadáns e garantindo o segredo estatístico.

Este obxectivo central concrétase nos informativos, instrumentais e de calidade, que se satisfán coas actuacións relacionadas e descritas nos programas anuais.

NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

Crear, organizar e difundir coñecemento estatístico acorde coas necesidades das institucións públicas, dos axentes económicos e sociais e dos cidadáns.

Contribuír a estruturar e desenvolver a organización estatística, potenciando a coordinación e a colaboración institucional coas entidades públicas territoriais e non territoriais galegas, estatais, europeas e internacionais, relacionadas coa estatística.

Asegurar a calidade e a conexión do sistema estatístico cos usuarios e informantes.

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

Fornecedores de datos (fogares e empresas, fundamentalmente) e calquera que utilice a información estatística (cidadanía, persoal investigador, administracións públicas e universidades; Xunta de Galicia, Parlamento de Galicia e demais órganos estatutarios).

DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

O PEA 2022, vencellado con este programa orzamentario, será o primeiro do PGE 2022-2026, aprobado por Lei 15/2016, do 28 de xullo.

Para avaliar este plan, o sexto da Comunidade Autónoma (1998/2001, 2002/2006, 2007/2011, 2012/2016 e 2017/2021), cómpre medir os resultados de cada un dos seus cinco programas. Os indicadores elixidos reflicten a execución das actividades programadas e o cumprimento do calendario de difusión. Pendente de executar o PEA 2021, o cadro seguinte recolle os resultados dos cinco anteriores e os obxectivos para 2021.

IGE e DEPARTAMENTOS DA XUNTA	PEA 2016	PEA 2017	PEA 2018	PEA 2019	PEA 2020	Obxectivos PEA 2021
Execución operacións e actividades	86%	89%	98%	98%	98%	95%
Execución operacións novas	79%	90%	100%	100%	100%	100%
Cumprimento calendario difusión	65%	63%	70%	73%	76%	73%

DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

O marco legal que ampara o programa 581A queda establecido na seguinte lexislación:

- Lei 9/1988, do 19 de xullo, de estatística de Galicia, modificada polas leis 7/1993, do 24 de maio, 10/2001, do 17 de setembro, 16/2006, do 27 de decembro e 8/2011, do 9 de novembro.
- Lei 15/2016, do 28 de xullo, do Plan Galego de Estatística 2017-2021.

- Decreto 24/2008, do 21 de febreiro, polo que se regulan os órganos estatísticos sectoriais e se establece o procedemento de designación.
- Decreto 60/2016, do 26 de maio, polo que se aproba o estatuto do organismo autónomo Instituto Galego de Estatística.

O IGE e os OES executan os programas estatísticos anuais aprobados por decreto, logo do informe do Consello Galego de Estatística.

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

O PEA 2022, vencellado co programa orzamentario 581A, recollerá e describirá as actividades que darán cumprimento aos obxectivos do PGE 2022-2026, en particular, aos informativos plasmados nas súas metas. No PEA 2022 tamén figurarán as relacionadas coas liñas de actuación salientables do plan.

En relación cos obxectivos instrumentais tentarase implantar unha política de formación profesional continua para o persoal estatístico e intensificarase o uso estatístico das fontes administrativas. Entre os obxectivos de calidade, reforzaranse a transparencia e a accesibilidade das estatísticas. A consideración das perspectivas de xénero e idade tamén será unha obriga da organización estatística.

B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres	
Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres	X
Programa con actividades non dirixidas especificamente ás persoas, aínda que teñen impacto sobre elas como beneficiarias indirectas das accións (programas que actúan sobre o territorio, o medioambiente, a sociedade no seu conxunto, etc)	
Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión	

BREVE DESCRICIÓN DO PROGRAMA DENDE A PERSPECTIVA DE XÉNERO

Segundo a Lei 15/2016, do 28 de xullo, do PGE 2017-2021, as estatísticas programadas deberán ter en conta a perspectiva de xénero. As incluídas no PEA 2022 que prevexan datos sobre persoas físicas deberanse recoller e difundir por sexo.

IDENTIFICACIÓN DUN OU VARIOS OBXECTIVOS EN MATERIA DE IGUALDADE PRESENTES NA NORMATIVA E PLANS VIXENTES E QUE SON DE APLICACIÓN NO DESENVOLVEMENTO DAS ACCIÓNS CONTEMPLADAS NESTE PROGRAMA

Incorporación da transversalidade de xénero na actuación xeral do departamento	
Información, sensibilización e educación para a igualdade de mulleres e homes	
Transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade	
Igualdade no acceso ao emprego, na formación e na promoción profesionais e nas condicións de traballo	
Fomento, directa ou indirectamente, da iniciativa empresarial das mulleres	
Promoción da plena incorporación das mulleres á Sociedade da Información	
Incorporación do principio de igualdade nas políticas urbanas, de ordenación territorial e vivenda	
Promoción do reparto equitativo dos tempos entre mulleres e homes que facilite a conciliación e a corresponsabilidade	
Promoción da igualdade e da participación activa das mulleres en todos os ámbitos da sociedade (cultura, educación, política, economía, deporte, saúde, etc.)	
Participación das mulleres no desenvolvemento rural	
Accións dirixidas á integración de mulleres en risco ou en situación de pobreza ou exclusión social	
Accións dirixidas á prevención e á loita contra a violencia de xénero	
Outros (especificar)	X

Programa que ten por finalidade xerar información estatística sobre a desigualdade entre mulleres e homes

IDENTIFICACIÓN DAS ACTIVIDADES PREVISTAS DIRECTAMENTE RELACIONADAS COA PROMOCIÓN DA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HO-

MES, INDICANDO PARA CADA UNHA, AS PERSOAS ÁS QUE ESTÁ DIRIXIDA. INDICAR, NO CASO DE DISPOR DESTES DATOS, AS PRINCIPAIS CARACTERÍSTICAS DAS ORGANIZACIÓNS (TIPO, ÁMBITO TERRITORIAL, ETC.) OU PERSOAS (IDADE, NIVEL EDUCATIVO, ETC.), DESTINATARIAS DAS ACCIÓNS.

1. Elaboración e difusión de "Indicadores de xénero".
   - Orzamento: 0€
   - Persoas ou entidades ás que está dirixida: cidadáns, en xeral
2. Elaboración e difusión de "A realidade da muller galega".
   - Orzamento: 0€
   - Persoas ou entidades ás que está dirixida: cidadáns, en xeral
3. Elaboración e difusión da "Estatística de violencia de xénero"
   - Orzamento: 0€
   - Persoas ou entidades ás que está dirixida: cidadáns, en xeral

PREVISIÓN E VALORACIÓN DOS POSIBLES EFECTOS DO PROGRAMA SOBRE UN E OUTRO SEXO E SOBRE A IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE MULLERES E HOMES.

O Informe de seguimento do PEA 2020 aprobado polo Consello Galego de Estatística e remitido ao Parlamento, contempla os resultados das actividades directamente relacionadas coa perspectiva de xénero do apartado anterior:

1. Elaboración e difusión de "Indicadores de xénero".
   - Execución: 100%
2. Elaboración e difusión de "A realidade da muller galega".
   - Execución: 100%
3. Elaboración e difusión da "Estatística de violencia de xénero"
   - Execución: 100%

Con respecto ao obxectivo xeral de considerarmos a perspectiva de xénero en todas as estatísticas que prevexan datos sobre persoas físicas, o Informe de avaliación do PGE 2012-2016 inclúe un anexo específico e indicadores de cobertura de cada actuación programada. A estimación media é que se cumpre no 81% das operacións e no 65% das variables difundidas e potencialmente desagregables por sexo.

C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Instituto Galego de Estatística

III.1.5. PROGRAMA 611A - DIRECCIÓN E SERVIZOS XERAIS DE FACENDA:

A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

Este programa de gasto atende as tarefas de dirección, coordinación e soporte básico dos servizos comúns e daqueles departamentos que, por non ter orzamento singularizado para o desenvolvemento da totalidade das súas funcións, precisan do apoio técnico, administrativo e orzamentario da Secretaría Xeral Técnica e do Patrimonio.

NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

As actividades céntranse na dirección, coordinación e xestión nas áreas de actividade competencia da consellería, e mais en concreto:

- Na preparación, licitación e adxudicación dos expedientes de contratación pública competencia da consellería.
- Na xestión e administración dos recursos económicos da Secretaría Xeral Técnica e do Patrimonio.
- Na xestión de gastos de persoal e de funcionamento dos servizos centrais.
- No control dos convenios e protocolos nos que sexa parte a consellería.
- Na emisión de informes sobre os anteproxectos de lei e proxectos de regulamentos da consellería.

O marco de vida económica e social galega é a referencia na que o CES desenvolve a súa actividade. Entre as súas funcións asignadas pola Lei 6/1995, do 28 de xuño, pola que se crea o CES, o artigo 5 destaca a elaboración de ditames, informes ou estudios.

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

Todas as prestacións e servizos desenvoltos por este organismo teñen un ámbito de actuación que afectan a toda a Comunidade Autónoma de Galicia.

DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

A situación actual encádrase dentro do fomento da e-administración, incrementando a informatización dos procesos administrativos, sobre todo naqueles que incidan dunha forma máis directa nas relacións coa cidadanía. Así mesmo, estanse a incorporar novas funcionalidades nos sistemas horizontais da Consellería de Facenda e Administración Pública que permitan incrementar as medidas de control económico-financeiro como medio necesario para acadar os obxectivos de austeridade e disciplina orzamentaria.

O Consello Económico e Social de Galicia créase como ente consultivo da Xunta de Galicia en materia socio-económica en aplicación do previsto no artigo 9.2º da Constitución española e nos artigos 4.2º e 55.4º do Estatuto de autonomía de Galicia, co obxecto de facilitar a participación de todas/os galegas/os na vida política, económica, social e cultural.

Por outra parte, o Consello Económico e Social responde tamén á aspiración dos axentes económicos e sociais de que se atendan as súas opinións e propostas, no proceso de adopción de decisións pola Xunta de Galicia, e á pretensión desta de centralizar a participación social para tales efectos.

DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

O programa encádrase no marco do Decreto 11/2021, do 21 de xaneiro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Facenda e Administración Pública, así como no resto da normativa aplicable ás diferentes actividades incluídas no programa.

O marco regulamentario que ampara as actuacións deste programa, no relativo ao CES é o seguinte:

- Lei 6/1995, do 28 de xuño, pola que se crea o Consello Económico e Social de Galicia.
- Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.
- Texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro.

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

A finalidade deste programa é a de atender e xestionar os gastos dos servizos centrais da Consellería de Facenda e Administración Pública coordinando os diferentes servizos tanto no que respecta a medios humanos como materiais e de organización, actuando de soporte básico

para a execución do resto dos programas da consellería, coa finalidade de acadar maiores cotas de efectividade e racionalidade administrativa.

Con respecto ao CES, a finalidade é facer efectiva a participación dos distintos axentes na política social e económica de Galicia. Responde así o seu espírito á lexítima aspiración da sociedade civil organizada, de que as súas opinións sexan escoitadas e os seus traballos tidos en conta á hora de adoptar decisións que afecten aos seus intereses por parte do Goberno galego.

B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres	
Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa con actividades non dirixidas especificamente ás persoas, aínda que teñen impacto sobre elas como beneficiarias indirectas das accións (programas que actúan sobre o territorio, o medioambiente, a sociedade no seu conxunto, etc)	
Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión	X

C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Consello Económico e Social de Galicia

Secretaría Xeral Técnica e do Patrimonio

III.1.6. PROGRAMA 612A - PLANIFICACIÓN, ELABORACIÓN DE ORZAMENTOS E COORDINACIÓN ECONÓMICA:

A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

Elaboración e seguimento da execución dos orzamentos da comunidade autónoma:

1. Elaboración do proxecto anual de orzamentos xerais da comunidade autónoma e xestionar as modificacións precisas para garantir o cumprimento dos obxectivos establecidos no Plan Estratéxico e na normativa de estabilidade orzamentaria.
2. Análise e seguimento da execución do orzamento de ingresos, con especial atención ao sistema de financiamento autonómico e ao financiamento finalista doutras administracións.
3. Seguimento da execución dos programas de gasto orzamentados e do equilibrio orzamentario, no eido dun sistema de orzamentación encamiñado a resultados.
4. Información sobre calquera iniciativa lexislativa ou norma de rango regulamentario, plans ou programas de actuación, co fin de valorar as súas repercusións e efectos, e supeditarse de xeito estrito ao cumprimento das esixencias do principio de estabilidade orzamentaria, tendo en conta os escenarios financeiros da comunidade autónoma.
5. Seguimento e soporte da execución financeira do Sergas.
6. Mantemento e seguimento dos obxectivos estratéxicos e operativos de cada programa de gastos.
7. Orzamentación, seguimento e proposta de racionalización dos gastos de persoal, tanto na Administración xeral coma na instrumental co obxectivo de optimización dos recursos existentes, garantindo unha consolidación do gasto de persoal axustada á capacidade financeira da comunidade autónoma e en consonancia co acordo marco sobre sustentabilidade das finanzas públicas.
8. Programación, seguimento, inspección, avaliación, estudos e comunicación dos fondos estruturais FEDER e FSE Galicia 2014-2020. Programación do novo período de fondos comunitarios 2021-2027.
9. Análise dos obxectivos e actuacións das entidades que integren o sector público autonómico, da súa coherencia coas políticas de gasto e avaliación da súa incidencia financeira.
10. Seguimento e avaliación dos obxectivos do Plan Estratéxico de Galicia 2015-2020 e preparación e elaboración do Plan Estratéxico de Galicia 2021-2027.

NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

Incrementar a eficacia e a eficiencia nos procedementos de coordinación de axudas públicas e da programación, xestión e seguimento dos programas europeos da política rexional comunitaria.

Deseñar un marco orzamentario que de soporte financeiro ás políticas estratéxicas de gasto da comunidade autónoma e garanta a sustentabilidade das finanzas públicas.

Realizar un seguimento da execución dos orzamentos da comunidade autónoma consonte a lei aprobada polo Parlamento e os obxectivos de estabilidade orzamentaria previamente determinados.

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

O programa actúa sobre a elaboración, execución e liquidación dos orzamentos de todo o sector público autonómico.

DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

A senda de crecemento estable na que se atopaba Galicia a comezos de ano viuse interrompida de xeito abrupto pola expansión da pandemia COVID-19 e as medidas de confinamento e restrición da mobilidade que houbo que tomar para enfrontala. A crise causada pola pandemia está a caracterizarse pola rapidez e alcance dos seus efectos, o que obrigou ao goberno galego a adaptarse axiña e de xeito flexible á realidade en cada intre.

En efecto, a declaración da situación de emerxencia sanitaria o pasado 13 de marzo de 2020 e as medidas de confinamento tomadas durante o estado de alarma, implicaron que, xa co orzamento en execución, houbera que tomar medidas de amplo alcance, primeiro para garantir o financiamento da emerxencia socio sanitaria e logo a económica, en total estas supuxeron modificacións orzamentarias por importe superior aos 2.000.000€.

Segundo o IGE o impacto da pandemia suporá unha baixa do PIB en torno ao 10%, do que boa parte se recuperará cunha volta gradual á normalidade no 2021, polo que se experimentaría un forte rebote no 2021, na contorna do 9%.

A aceleración da prevista saída en V aberta que prognostica agora o IGE e os principais centros de prospectiva económica, marcan as prioridades de actuación dos orzamentos nesa senda de recuperación coa intención de que sexa o máis curta no tempo posible e de mitigar os seus efectos nas familias e empresas.

Por outra banda o reforzo da recuperación da capacidade produtiva e do emprego da nosa economía débese realizar nun contexto de reformas estruturais que acaden ganancias de competitividade en base a unha modernización do noso tecido produtivo a partires da transición ecolóxica e dixital previstas. Ademais, o desenvolvemento dunha economía máis verde e circular, a innovación e o deseño, deben colaborar a establecer unha mellor imaxe de marca das empre-

sas galegas que se posicionarán mellor no mercado mundial, aumentando o seu tamaño e a súa capacidade para enfrontar con solvencia vindeiras crises.

Por tanto, as contas de 2022 terán como obxectivo en primeiro lugar, seguir a garantir a seguridade socio sanitaria e paliar os efectos da pandemia, en especial sobre os que máis o precisan, os galegos en risco de exclusión social e os que perderon o seu traballo ou negocio polo shock económico que están a supor os meses de baixa actividade dimanantes da situación de confinamento e progresiva volta á normalidade, e, en segundo lugar, volver aos niveis de emprego e actividade pre pandemia o máis axiña posible, realizando as reformas estruturais precisas para contar cun tecido económico máis moderno, produtivo e sostible.

DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

- Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira (BOE núm. 103, de 30 de abril) que establece os principios reitores que vinculan a todos os poderes públicos, aos que deberá adecuarse a política orzamentaria do sector público, orientada cara a estabilidade e a sustentabilidade como garante dun crecemento económico sostible, e da creación de emprego.
- Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia (TRLRFOG).
- Lei 2/2011, do 16 de xuño, de disciplina orzamentaria e sustentabilidade financeira de Galicia.
- Normativa de aplicación aos fondos estruturais e PEG 2015-2020.

B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres	
Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres	X

Programa con actividades non dirixidas especificamente ás persoas, aínda que teñen impacto sobre elas como beneficiarias indirectas das accións (programas que actúan sobre o territorio, o medioambiente, a sociedade no seu conxunto, etc)	
Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión	

IDENTIFICACIÓN DUN OU VARIOS OBXECTIVOS EN MATERIA DE IGUALDADE PRESENTES NA NORMATIVA E PLANS VIXENTES E QUE SON DE APLICACIÓN NO DESENVOLVEMENTO DAS ACCIÓN CONTEMPLADAS NESTE PROGRAMA

Incorporación da transversalidade de xénero na actuación xeral do departamento	
Información, sensibilización e educación para a igualdade de mulleres e homes	
Transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade	
Igualdade no acceso ao emprego, na formación e na promoción profesionais e nas condicións de traballo	
Fomento, directa ou indirectamente, da iniciativa empresarial das mulleres	
Promoción da plena incorporación das mulleres á Sociedade da Información	
Incorporación do principio de igualdade nas políticas urbanas, de ordenación territorial e vivenda	
Promoción do reparto equitativo dos tempos entre mulleres e homes que facilite a conciliación e a corresponsabilidade	
Promoción da igualdade e da participación activa das mulleres en todos os ámbitos da sociedade (cultura, educación, política, economía, deporte, saúde, etc.)	
Participación das mulleres no desenvolvemento rural	
Accións dirixidas á integración de mulleres en risco ou en situación de pobreza ou exclusión social	
Accións dirixidas á prevención e á loita contra a violencia de xénero	
Outros (especificar)	X

IDENTIFICACIÓN DAS ACTIVIDADES PREVISTAS DIRECTAMENTE RELACIONADAS COA PROMOCIÓN DA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES, INDICANDO PARA CADA UNHA, AS PERSOAS ÁS QUE ESTÁ DIRIXIDA. INDICAR, NO CASO DE DISPOR DESTES DATOS, AS PRINCIPAIS CARACTERÍSTICAS DAS ORGANIZACIÓNS (TIPO, ÁMBITO TERRITORIAL, ETC.) OU

PERSOAS (IDADE, NIVEL EDUCATIVO, ETC.), DESTINATARIAS DAS ACCIÓNS.

En relación á promoción da igualdade de oportunidades entre homes e mulleres, a Dirección xeral de Política Financeira, Tesouro e Fondos Europeos presenta unha tipoloxía de actividades de carácter "indirecto", é dicir, que non inflúen directamente en ningún colectivo de mulleres ou homes, nin asociacións ou outras entidades. As actuacións deste órgano en relación da promoción da igualdade, presentan resultados xerais no ámbito da xestión de fondos estruturais.

Así, a Dirección xeral de Política Financeira, Tesouro e Fondos Europeos leva a cabo a tarefa de coordinación e impulso da promoción da igualdade en todas as fases de xestión do programa operativo FEDER e FSE de Galicia 2014-2020, en calidade de Organismo Intermedio en delegación da Autoridade de xestión do citado programa.

Por outra banda, a Dirección xeral de Política Financeira, Tesouro e Fondos Europeos ven de aplicar determinadas medidas de "discriminación positiva" para empresas cun maior desenvolvemento en materia de igualdade, para os casos de empate. Concretamente:

- Nas cláusulas administrativas e na folla de especificacións de prescricións técnicas dos procedementos de contratación especifícase que, no caso de persistir empate de proposicións , logo de aplicar o reconto de persoal con discapacidade, resolverase para aquela empresa que acredite a implantación dun plan de igualdade segundo o artigo 11 do Decreto 33/2009, do 21 de xaneiro, polo que se regula a promoción da igualdade nas empresas e a integración do principio de igualdade nas políticas de emprego.
- Ademais, de continuar o empate, outorgarase o contrato ao licitador que acredite a obtención da Marca Galega de Excelencia en Igualdade conforme ao artigo 22 do Decreto 33/2009.
- No ámbito do Plan Estratéxico de Galicia realízase o seguimento e avaliación do principio horizontal de igualdade de oportunidades entre homes e mulleres o do obxectivo estratéxico correspondente.

C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos

Dirección xeral de Política Financeira, Tesouro e Fondos Europeos

III.1.7. PROGRAMA 621A - ADMINISTRACIÓN FINANCEIRA, TRIBUTARIA, PATRIMONIAL E DO CONTROL:

A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

Inclúense neste programa as actuacións en materia financeira, tributaria, patrimonial e de control.

NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

A planificación, control e xestión do programa de endebedamento da Comunidade Autónoma, a correcta xestión dos tributos propios e cedidos, a xestión do patrimonio da comunidade autónoma e o control da actividade económico-financeira.

O programa atopa o seu fundamento na aplicación efectiva dos tributos xestionados pola Axencia Tributaria de Galicia a través de procedementos que redunden na eficacia e na eficiencia na recadación dos ingresos públicos.

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

As actuacións previstas dentro deste programa teñen carácter universal no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

A situación dos mercados financeiros que nos últimos anos dificultaron o acceso ao financiamento para as comunidade autónomas, tanto nos mercados de capitais como nos mercados de crédito.

Nun marco recesivo a diminución de ingresos, en especial en autoliquidacións, fai necesario poñer o énfase na optimización dos medios materiais e humanos para manter a recadación, en especial a través de actuacións de investigación e comprobación.

DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

- Decreto 30/2017, do 30 de marzo, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Facenda.

- En materia de endebedamento e tutela financeiras das entidades locais: a Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, así como os acordos adoptados no seo do Consello de Política Fiscal e Financeira das CCAA, que determinan a súa capacidade de endebedamento. No ámbito da normativa galega, o Texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia establece no seu Título II o réxime básico ao que haberán de axustarse as operacións de endebedamento que efectúe a comunidade autónoma.
- O programa desenvólvese dentro do ámbito marcado pola normativa en materia de política financeira: o Real decreto-lei 3/2020, no ámbito dos seguros privados, a Lei 20/2015 de ordenación, supervisión e solvencia das entidades aseguradoras e reaseguradoras, o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, así como os acordos adoptados no seo do Consello de Política Fiscal e Financeira das comunidades autónomas en materia de endebedamento.
- Axencia Tributaria Galega (Atriga) creada ao abeiro do disposto no artigo 10 da Lei 15/2010, do 28 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, como instrumento para realizar as funcións administrativas de aplicación dos tributos e demais funcións e competencias que lle atribúe a citada lei.
- O Decreto 202/2012, do 18 de outubro, polo que se crea a Axencia Tributaria de Galicia e se aproba o seu estatuto.
- A Orde do 19 de decembro de 2012 de inicio das actividades da Axencia Tributaria de Galicia.
- A Orde do 20 de decembro de 2012 pola que se establece a organización e se atribúen determinadas funcións no ámbito de competencias das áreas de Xestión e de Colaboración Social, Información e Asistencia da Axencia Tributaria de Galicia.
- A Orde do 20 de decembro de 2012 pola que se organiza e se atribúen funcións á Inspección de Tributos no ámbito de competencias da Área de Inspección Tributaria da Axencia Tributaria de Galicia.

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

Dende o punto de vista das competencias en materia financeira, a finalidade do programa é a seguinte:

- A planificación do endebedamento da comunidade autónoma.
- O desenvolvemento normativo e execución en materia de mediación de seguros.
- A tutela financeira sobre corporacións locais galegas.
- A ordenación de pagamentos e xestión de cobros.

Dende o punto de vista das competencias tributarias, o control da aplicación dos tributos e ingresos xestionados pola Atriga coas seguintes accións:

- A análise e deseño da política global de ingresos públicos, e elaboración da súa normativa no relativo aos tributos cedidos polo Estado á comunidade autónoma e aos tributos propios e prezos que esta estableza.
- As accións de mellora da eficacia e eficiencia na aplicación dos tributos e a loita contra a fraude fiscal.
- As accións de mellora na información e asistencia ao contribuínte.
- O impulso da administración electrónica.
- O impulso e a coordinación das relacións de colaboración en materia tributaria con outras administracións públicas.
- O apoio ás actuacións da Xunta Superior de Facenda.

Atendendo ás competencias en materia patrimonial e de control, as finalidades do programa e as actuacións para a súa consecución son as seguintes:

- Coordinar e xestionar a contabilidade orzamentaria, financeira e patrimonial da comunidade autónoma.
- Levar a cabo o control interno da actividade económico-financeira.
- Incrementar a eficacia no gasto público introducindo sistemas de seguimento, avaliación e control, e auditoría dos expedientes de gasto.
- Auditar e controlar os distintos programas de gasto e especialmente as actuacións con fondos comunitarios e as axudas públicas financiadas con fondos non comunitarios, para gañar en eficiencia.
- Levar a cabo o control financeiro permanente e as auditorías das entidades do sector público dentro dunha programación plurianual.
- Buscar unha maior eficiencia na utilización do patrimonio inmobiliario e no gasto en aluguer (xestión patrimonial).

B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres	
Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres	

Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa con actividades non dirixidas especificamente ás persoas, aínda que teñen impacto sobre elas como beneficiarias indirectas das accións (programas que actúan sobre o territorio, o medioambiente, a sociedade no seu conxunto, etc)	
Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión	X

C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Intervención Xeral da Comunidade Autónoma

Dirección Xeral de Política Financeira, Tesouro e Fondos Europeos

Secretaría Xeral Técnica e do Patrimonio

Axencia Tributaria de Galicia

IV. CADROS DE OBXECTIVOS POR PROGRAMA

OBXECTIVOS DE PROGRAMA

Programa: 122A AVALIACIÓN E CALIDADE DA ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

Eixe: E5 - EIXE INSTRUMENTAL. Administración moderna, eficiente e de calidade

Prioridade de Actuación: PA02 - Administración transparente, eficiente e orientada a resultados

Obxectivo Extratéxico /Obxectivo Instrumental: IO4 - Desenvolver un proceso de mellora continua da calidade e da transparencia no sector público que complete os procesos de reestruturación e simplificación administrativas xa en marcha.

Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental

OIO7 - Actuacións de soporte e apoio (gastos de funcionamento)

OO05 - Culminación da reordenación das entidades instrumentais do sector público autonómico de Galicia.

Programa: 122B FORMACIÓN E PERFECCIONAMENTO DO PERSOAL DA ADMINISTRACIÓN DA C.A.

Eixe: E5 - EIXE INSTRUMENTAL. Administración moderna, eficiente e de calidade

Prioridade de Actuación: PA01 - Función pública profesional, motivada e orientada ao servizo público

Obxectivo Extratéxico /Obxectivo Instrumental: IO1 - Acadar unha maior competencia dos empregados e empregadas públicos da comunidade autónoma, promovendo unha formación continuada ao longo da súa vida profesional, que redunde na mellora da prestación dos servizos públicos á cidadanía; a través dunha formación adaptada ás necesidades do alumnado, de calidade, práctica e flexible, que promova a conciliación da vida persoal e profesional, e aproveite todo o potencial das novas tecnoloxías.

Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental

OIO4 - Actuacións de soporte e apoio (gastos de funcionamento)

OO01 - Accións formativas para os empregados e empregadas públicas.

Programa: 124A DIRECCIÓN, MODERNIZACIÓN E XESTIÓN DA FUNCIÓN PUBLICA

Eixe: E5 - EIXE INSTRUMENTAL. Administración moderna, eficiente e de calidade

Prioridade de Actuación: PA01 - Función pública profesional, motivada e orientada ao servizo público

Obxectivo Extratéxico /Obxectivo Instrumental: IO2 - Contribuír a unha función pública profesional, motivada e orientada ao servizo público

Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental

OO01 - Desenvolver e aplicar estratexias e políticas de recursos humanos axeitadas ás necesidades reais para a prestación dos servizos públicos, nomeadamente a través do desenvolvemento da lei do empregado público

Programa: 581A ELABORACIÓN E DIFUSIÓN ESTATÍSTICA

Eixe: E5 - EIXE INSTRUMENTAL. Administración moderna, eficiente e de calidade

Prioridade de Actuación: PA02 - Administración transparente, eficiente e orientada a resultados

Obxectivo Extratéxico /Obxectivo Instrumental: IO2 - Desenvolver o sistema de información estatística oficial como un dos piares nos que se debe asentar as políticas de transparencia.

Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental

OIO6 - Actuacións de soporte e apoio (Gastos de funcionamento)

OO01 - Impulso da estatística oficial a través das operacións estatísticas.

Programa: 611A DIRECCIÓN E SERVIZOS XERAIS DE FACENDA

Eixe: E5 - EIXE INSTRUMENTAL. Administración moderna, eficiente e de calidade

Prioridade de Actuación: PA02 - Administración transparente, eficiente e orientada a resultados

Obxectivo Extratéxico /Obxectivo Instrumental: IO3 - Implantar unha xestión financeira orientada a resultados e que avance na eficiencia, transparencia, control e rendición de contas.

Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental

OIO6 - Actuacións de soporte e apoio (gastos de funcionamento)

OO04 - Investir na capacidade institucional e a eficiencia das administracións e os servizos públicos co fin de introducir reformas e melloras na regulamentación e na xestión. Reforzar os sistemas de control da administración tanto cara aos propios xestores como cara os contribuíntes e perceptores de subvencións

Programa: 612A PLANIFICACIÓN, ELABORACIÓN DE ORZAMENTOS E COORDINACIÓN ECONÓMICA

Eixe: E5 - EIXE INSTRUMENTAL. Administración moderna, eficiente e de calidade

Prioridade de Actuación: PA02 - Administración transparente, eficiente e orientada a resultados

Obxectivo Extratéxico /Obxectivo Instrumental: IO3 - Implantar unha xestión financeira orientada a resultados e que avance na eficiencia, transparencia, control e rendición de contas.

Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental

OBXECTIVOS DE PROGRAMA

OO2 - Garantir a transparencia, integridade e responsabilidade na administración pública e no gasto de fondos públicos, facendo fincapé, non en implementar novas normas e requisitos, senón en aplicar con contundencia as xa existentes..

OO3 - Reforzar as tarefas de planificación da Xunta e de xestión dos Programas Operativos dos fondos estruturais.

OO4 - Investir na capacidade institucional e a eficiencia das administracións e os servizos públicos co fin de introducir reformas e melloras na regulamentación e na xestión. Reforzar os sistemas de control da administración tanto cara aos propios xestores como cara os contribuíntes e perceptores de subvencións

Programa: 621A ADMINISTRACIÓN FINANCEIRA, TRIBUTARIA, PATRIMONIAL E DE CONTROL.

Eixe: E5 - EIXE INSTRUMENTAL. Administración moderna, eficiente e de calidade

Prioridade de Actuación: PA02 - Administración transparente, eficiente e orientada a resultados

Obxectivo Extratéxico /Obxectivo Instrumental: IO3 - Implantar unha xestión financeira orientada a resultados e que avance na eficiencia, transparencia, control e rendición de contas.

Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental

OIO6 - Actuacións de soporte e apoio (gastos de funcionamento)

OO2 - Garantir a transparencia, integridade e responsabilidade na administración pública e no gasto de fondos públicos, facendo fincapé, non en implementar novas normas e requisitos, senón en aplicar con contundencia as xa existentes..

OO4 - Investir na capacidade institucional e a eficiencia das administracións e os servizos públicos co fin de introducir reformas e melloras na regulamentación e na xestión. Reforzar os sistemas de control da administración tanto cara aos propios xestores como cara os contribuíntes e perceptores de subvencións

V. CADROS NUMÉRICOS

Orzamento consolidado. Distribución dos créditos por programas e servizos

Programas	Servizos					
	01	02	03	04	05	06
122A-Avaliación e calidade da Administración pública	90					1.551
124A-Dirección, modernización e xestión da función pública					2.950	
611A-Dirección e servizos xerais de facenda	4.612					
612A-Planificación, elaboración de orzamentos e coordinación económica	1.088		2.008	3.880		
621A-Administración financeira, tributaria, patrimonial e de control	687	8.175		1.464		
Total	**6.477**	**8.175**	**2.008**	**5.344**	**2.950**	**1.551**

(Miles de Euros)

Orzamento consolidado. Distribución dos créditos por programas e servizos (continuación)

Programas	Servizos				
	80	81	A2	B1	Total
122A-Avaliación e calidade da Administración pública					1.641
122B-Formación e perfeccionamento do persoal da Administración da C.A.		4.183			4.183
124A-Dirección, modernización e xestión da función pública					2.950
581A-Elaboración e difusión estatística	4.677				4.677
611A-Dirección e servizos xerais de facenda				1.038	5.651
612A-Planificación, elaboración de orzamentos e coordinación económica					6.976
621A-Administración financeira, tributaria, patrimonial e de control			15.871		26.196
Total	**4.677**	**4.183**	**15.871**	**1.038**	**52.274**

(Miles de Euros)

Orzamento consolidado. Distribución dos créditos por programas e capítulos

Programas	Capítulos						
	I	II	III	IV	VI	VII	Total
122A-Avaliación e calidade da Administración pública	1.551				90		1.641
122B-Formación e perfeccionamento do persoal da Administración da C.A.	1.325	1.641		582	635		4.183
124A-Dirección, modernización e xestión da función pública	2.950						2.950
581A-Elaboración e difusión estatística	3.143	334			1.200		4.677
611A-Dirección e servizos xerais de facenda	4.405	908		156	182		5.651
612A-Planificación, elaboración de orzamentos e coordinación económica	5.888			30	1.045	13	6.976
621A-Administración financeira, tributaria, patrimonial e de control	23.176	2.225	3		792		26.196
Total	**42.438**	**5.108**	**3**	**768**	**3.944**	**13**	**52.274**

(Miles de Euros)

DISTRIBUCIÓN ORGÁNICA

01 SECRETARÍA XERAL TECNICA E DO PATRIMONIO	2021	2021 Consolidable	2022	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	3.910	3.910	3.731	-4,6
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	699	699	699	0,0
Cap. IV - Transferencias correntes	0	0	30	0,0
Cap. VI - Investimentos reais	182	182	2.004	1002,1
Cap. VII - Transferencias de capital	0	0	13	0,0
Total	**4.792**	**4.792**	**6.477**	**35,2**

(Miles de Euros)

02 INTERVENCIÓN XERAL DA COMUNIDADE AUTÓNOMA	2021	2021 Consolidable	2022	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	8.091	8.091	8.175	1,0
Cap. VI - Investimentos reais	582	582	0	-100,0
Total	**8.673**	**8.673**	**8.175**	**-5,7**

(Miles de Euros)

03 DIRECCIÓN XERAL DE PLANIFICACIÓN E ORZAMENTOS	2021	2021 Consolidable	2022	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	1.969	1.969	2.008	2,0
Cap. IV - Transferencias correntes	39	39	0	-100,0
Cap. VI - Investimentos reais	175	175	0	-100,0
Cap. VII - Transferencias de capital	13	13	0	-100,0
Total	**2.195**	**2.195**	**2.008**	**-8,5**

(Miles de Euros)

04 D.X POLÍTICA FINANCEIRA, TESOURO E FONDOS EUROPEOS	2021	2021 Consolidable	2022	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	4.984	4.984	5.341	7,2
Cap. III - Gastos financeiros	3	3	3	0,0
Cap. VI - Investimentos reais	1.043	1.043	0	-100,0
Cap. VIII - Activos financeiros	1.122	1.122	0	-100,0
Total	**7.153**	**7.153**	**5.344**	**-25,3**

(Miles de Euros)

05 DIRECCIÓN XERAL DE FUNCIÓN PÚBLICA	2021	2021 Consolidable	2022	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	2.893	2.893	2.950	2,0
Total	**2.893**	**2.893**	**2.950**	**2,0**

(Miles de Euros)

06 D. X. DE AVALIACIÓN E REFORMA ADMINISTRATIVA	2021	2021 Consolidable	2022	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	1.163	1.163	1.551	33,4
Cap. VI - Investimentos reais	90	90	0	-100,0
Total	**1.253**	**1.253**	**1.551**	**23,8**

(Miles de Euros)

80 INSTITUTO GALEGO DE ESTATÍSTICA	2021	2021 Consolidable	2022	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	3.081	3.081	3.143	2,0
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	329	329	334	1,5
Cap. VI - Investimentos reais	1.171	1.171	1.200	2,5
Total	**4.581**	**4.581**	**4.677**	**2,1**

(Miles de Euros)

81 ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA	2021	2021 Consolidable	2022	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	1.226	1.226	1.325	8,1
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	1.592	1.592	1.641	3,1
Cap. IV - Transferencias correntes	595	595	582	-2,3
Cap. VI - Investimentos reais	635	635	635	0,0
Total	**4.048**	**4.048**	**4.183**	**3,4**

(Miles de Euros)

A2 AXENCIA TRIBUTARIA DE GALICIA	2021	2021 Consolidable	2022	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	13.271	13.271	13.540	2,0
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	2.248	2.248	2.225	-1,0
Cap. VI - Investimentos reais	210	210	105	-50,0
Total	**15.728**	**15.728**	**15.871**	**0,9**

(Miles de Euros)

B1 CONSELLO ECONÓMICO E SOCIAL	2021	2021 Consolidable	2022	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	660	660	674	2,0
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	185	185	208	12,4
Cap. IV - Transferencias correntes	153	153	156	2,0
Cap. VI - Investimentos reais	1	1	0	-100,0
Total	**1.000**	**1.000**	**1.038**	**3,8**

(Miles de Euros)

SERVIZOS	2021	2021 Consolidable	2022	% Var.
01 SECRETARÍA XERAL TECNICA E DO PATRIMONIO	4.792	4.792	6.477	35,2
02 INTERVENCIÓN XERAL DA COMUNIDADE AUTÓNOMA	8.673	8.673	8.175	-5,7
03 DIRECCIÓN XERAL DE PLANIFICACIÓN E ORZAMENTOS	2.195	2.195	2.008	-8,5
04 D.X POLÍTICA FINANCEIRA, TESOURO E FONDOS EUROPEOS	7.153	7.153	5.344	-25,3
05 DIRECCIÓN XERAL DE FUNCIÓN PÚBLICA	2.893	2.893	2.950	2,0
06 D. X. DE AVALIACIÓN E REFORMA ADMINISTRATIVA	1.253	1.253	1.551	23,8
80 INSTITUTO GALEGO DE ESTATÍSTICA	4.581	4.581	4.677	2,1
81 ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA	4.048	4.048	4.183	3,4
A2 AXENCIA TRIBUTARIA DE GALICIA	15.728	15.728	15.871	0,9
B1 CONSELLO ECONÓMICO E SOCIAL	1.000	1.000	1.038	3,8
Total	**52.315**	**52.315**	**52.274**	**-0,1**

(Miles de Euros)

Consellería, Organismos Autónomos, Entidades públicas instrumentais de consulta ou asesoramento e Axencias Públicas Autonómicas

	Consellería		OO.AA , EE.CC.AA. e Axencias		Trans. Internas		Consolidado	
	2021 Consolidable	2022	2021 Consolidable	2022	2021 Consolidable	2022	2021 Consolidable	2022
Cap. I - Gastos de persoal	23.010	23.756	18.238	18.682	0	0	41.248	42.438
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	699	699	4.354	4.409	0	0	5.053	5.108
Cap. III - Gastos financeiros	3	3	0	0	0	0	3	3
Cap. IV - Transferencias correntes	22.492	22.845	749	738	22.453	22.815	788	768
OPERACIÓNS CORRENTES	**46.205**	**47.303**	**23.340**	**23.829**	**22.453**	**22.815**	**47.092**	**48.318**
Cap. VI - Investimentos reais	2.072	2.004	2.017	1.940	0	0	4.089	3.944
Cap. VII - Transferencias de capital	2.029	1.953	0	0	2.017	1.940	13	13
Cap. VIII - Activos financeiros	1.122	0	0	0	0	0	1.122	0
OPERACIÓNS DE CAPITAL	**5.223**	**3.956**	**2.017**	**1.940**	**2.017**	**1.940**	**5.223**	**3.956**
Total	**51.428**	**51.260**	**25.357**	**25.769**	**24.470**	**24.755**	**52.315**	**52.274**

(Miles de Euros)

Medios Persoais

Consellería de Facenda e Administración Pública	2022
Altos Cargos	**8**
Persoal Funcionario	**466**
Subgrupo A1	**173**
Subgrupo A2	**109**
Subgrupo C1	**128**
Subgrupo C2	**51**
Agrupacións profesionais	**5**
Persoal Laboral	**8**
Grupo III	**1**
Grupo IV	**7**
TOTAL	**482**

Medios Persoais

Instituto Galego de Estatística	2022
Altos Cargos	1
Persoal Funcionario	54
Subgrupo A1	38
Subgrupo A2	8
Subgrupo C1	5
Subgrupo C2	2
Agrupacións profesionais	1
Persoal Laboral	10
Grupo I	1
Grupo III	8
Grupo IV	1
TOTAL	65

Medios Persoais

Escola Galega de Administración Pública	2022
Altos Cargos	1
Persoal Funcionario	23
Subgrupo A1	6
Subgrupo A2	3
Subgrupo C1	3
Subgrupo C2	10
Agrupacións profesionais	1
Persoal Laboral	11
Grupo I	1
Grupo III	3
Grupo IV	5
Grupo V	2
TOTAL	35

Medios Persoais

Axencia Tributaria de Galicia	2022
Altos Cargos	1
Persoal Funcionario	372
Subgrupo A1	87
Subgrupo A2	82
Subgrupo C1	128
Subgrupo C2	67
Agrupacións profesionais	8
Persoal Laboral	12
Grupo III	4
Grupo IV	5
Grupo V	3
TOTAL	385

Medios Persoais

Consello Económico e Social de Galicia	2022
Altos Cargos	**2**
Persoal Laboral	**10**
Grupo I	**7**
Grupo III	**3**
TOTAL	**12**